


Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática

A REPRESIÓN FRANQUISTA EN GALICIA

Actas do Congreso da Memoria
Narón, decembro de 2003

A represión franquista en Galicia

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

COMITÉ CIENTÍFICO
Enrique Barrera Beitia
Eliseo Fernández Fernández
Xosé Manuel Suárez
Manuela Santalla López

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

COMITÉ DE HONRA

Xoán Gato Díaz
Alcalde de Narón

Antonio Ares Abelleira
Presidente Honorario da A.C. Memoria Histórica Democrática

COMITÉ ORGANIZADOR

Beatriz Rascado
Eliseo Fernández Fernández
Enrique Barrera Beitia
José Fernández Pérez
José Pita Pereira
Manuel A. Fernández Pita
Manuela Santalla López
Xoán Porto
Xosé Manuel Suárez

COMITÉ CIENTÍFICO

A mecánica represiva
Enrique Barrera Beitia

Os represaliados e represaliadas
Eliseo Fernández Fernández

As zonas
Xosé Manuel Suárez

O estado da investigación
Manuela Santalla López

SAÚDA DO ALCALDE DE NARÓN

O Concello de Narón congratúlase coa publicación das ponencias do primeiro "Congreso da Memoria: A Represión Franquista en Galicia". O patrocinio da entidade local que presido foi consecuencia natural da nosa sensibilidade por que non permaneza oculta unha parte da nosa historia. Asimesmo entendemos que a democracia ten unha débeda pendente coas persoas represaliadas na dictadura.

Neste ano en que se cumpre o 60º Aniversario da liberación de Austwich, no que se lembra ás víctimas do holocausto, cómpre lembrar tamén a tódalas persoas que no noso país deron a súa vida defendendo os seus ideais. Veciños e veciñas que sufriron cárcere e represalias por terse posicionado frente ó alzamento militar de xullo de 1936. As xeracións vindeiras teñen que coñecer esa parte da nosa historia que estivo bañada polo silencio, pola información sesgada e partidaria.

Por todas estas razóns, esperamos que este Congreso teña sido un pulo para a recuperación de datos, para abrir novas investigacións e unha sentida homenaxe para tódalas víctimas esquecidas polos que ata agora escribiron a historia.

Xoán Gato

SAÚDA DO DEPUTADO DE CULTURA

Foi unha honra, rematando o ano 2003, asistir en nome da Deputación Provincial de A Coruña ó acto de inauguración, no Auditorio do Concello de Narón, do 1º Congreso da Memoria, primeiro destas características realizado en Galicia.

É unha honra e un orgullo que sendo o primeiro acto como Deputado de Cultura (eu, que son bisneto, neto, sobriño e fillo de represariados, fusilados, procesados e encarcelados polo réxime franquista) fose copresidir a primeira contribución de Galicia á recuperación deste esquecido, a veces de xeito consciente, período da nosa historia, esquecemento que inclúe a de centos de milleiros de galegos que sufriron a represión directamente e voltan a sufrila cada vez que pasamos páxina e tentamos de enterrar e non dar a coñecer o sucedido ás novas xeracións poniendo en risco as ensinanzas que deste terrible período debemos de extraer, polo ben da nosa democracia.

Quero finalmente recoñecer ó Concello de Na´ron, e o seu alcalde, a sensibilidade e valentía de acoller estas primeiras xornadas que lle debemos á testarudez, o tesón e ó empreño da Asociación da Memoria Histórica Democrática de Ferrol baixo unha programación e organización perfectas.

Fago finalmente votos para que un novo concello galego do que estou seguro, recolla a chama da verdade e a liberdade encendida en Narón, e continúe a reconstrucción da nosa historia polo ben da democracia, a liberdade e a humanidade, que dende esta Deputación Provincial contribuiremos na medida que poidamos mantela encendida.

Celestino Poza Domínguez

SAÚDA DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA

Compracémonos en presentar ao público en xeral, e moi especialmente ás persoas represaliadas na dictadura franquista e aos seus familiares, esta publicación das Actas do I Congreso da Memoria, celebrado en Narón nos días 4, 5 e 6 de decembro de 2003.

Dende o comezo da súa andaina, a finais do ano 2001, a Asociación Cultural Memoria Histórica e Democrática artellou a súa actividade en dúas vertentes ben definidas: por unha banda o fomento da investigación sobre a historia recente da nosa terra, e pola outra, a reivindicación das persoas que padeceron a represión nos anos da dictadura militar. Pola conformación humana da asociación, integrada por investigadores e por familiares de persoas represaliadas, nunca quixemos separar estas dúas facianas da chamada "memoria histórica".

E foi así como nos plantexamos, a comezos do ano 2003, a celebración do Congreso da Memoria. O apoio incondicional do concello de Narón á nosa iniciativa permitiu levar adiante o proxecto e, despois de contactar con asociacións dedicadas á recuperación da memoria, investigadores de multitude de organizacións sindicais, políticas e culturais, convocamos a toda a cidadanía ás sesións do Congreso da Memoria, os días 4 a 6 de decembro de 2003.

Finalmente, naqueles primeiros días do mes de decembro, se reuniron en Narón investigadores, representantes da cultura, membros de asociacións, sindicatos e partidos políticos, e público en xeral, para lembrar e homenaxear ás persoas represaliadas na dictadura franquista. Nun ambente participativo e enormemente emotivo, tentamos facer unha reconstrucción colectiva de moitas partes da nosa historia que a miudo nos foran negadas.

Agora presentamos nesta obra máis de trinta traballos sobre a historia da represión en Galicia que foron leídos nas sesións do Congreso. Estas investigacións conforman un conxunto de contribucións inéditas sobre a historia da represión franquista en Galicia que serve para incrementar o coñecemento da historia recente do noso país.

Os traballos reflicten tanto a visión dos profesionais da investigación histórica como os achegamentos de persoas interesadas na recuperación da memoria e familiares dalgúns dos represaliados. Dende esas diferentes perspectivas, os investigadores que asistiron ao Congreso da Memoria, foron cubrindo baleiros existentes na nosa memoria común. Algúns dos temas que se abordaron no Congreso foron os relativos ao funcionamento do sistema represivo, o achegamento aos grupos ideolóxicos e sociais que padeceron a represión, o estudo da diferente repercusión da represión nas diferentes zonas xeográficas e a situación na que se atopa actualmente a investigación sobre o tema. Aínda así, tamén houbo tempo no Congreso e hai espazo nestas páxinas para outro tipo de reivindicación, máis poética ou literaria.

O único que lamentamos no Congreso foi que este recoñecemento, que consideramos colectivo, chegase demasiado tarde para moitos homes e mulleres que nunca puideron ver dignificada a aquela xeración de persoas que entregaron partes importantes das súas vidas en defensa do réxime democrático da II República.

Coa publicación das Actas do primeiro Congreso da Memoria, péchase o ciclo desta experiencia colectiva de recuperación da nosa memoria histórica. A partir de agora, queda aberta a porta para dar novos pasos neste camiño: un deles será a celebración do segundo Congreso da Memoria en Culleredo, nos primeiros días de Decembro de 2005.

Manuel A. Fernández Pita

PRIMEIRA SECCIÓN

A mecánica represiva

Enrique Barrera Beitia (coordenador)

O sistema penitenciário franquista na Galiza e a sua funcionalidade na mecânica repressiva (1939-1945)

Carlos F. Velasco Souto
Universidade d'A Corunha

É propósito deste relatório apontar alguns elementos para umha reflexom acerca de um aspecto até o de agora pouco sistematizado quando se aborda a espinhenta questom da mecânica repressiva no nosso país: a realidade dos cárceres, campos de trabalhos forçados e campos de concentraçom; instituiçons constitutivas, todas elas, do que alguns historiadores espanhóis venhem denominando universo penitenciário do franquismo.

Certamente, nom hai dúvida de que dentro da estratégia de extermínio e terror generalizado que os insurgentes fascistas aplicárom para com os republicanos vencidos, as prisons –entendidas em sentido amplo e incluindo também o sistema concentracionário– desempenhárom um rol de primeríssima magnitude. De facto, os encarceramentos massivos fôrom a primeira manifestaçom da repressom naquelas terras que, como Galiza, se erigírom mui logo em retaguarda do Exército franquista. Como o seria também naqueloutras que o bando autoalcumado nacional foi ganhando progressivamente ao leal no decurso da guerra. Tam grande chegou a ser a populaçom penal em território espanhol que um capelám nada suspeito de desafecçom ao regime, Martín Torrent, a qualificaria em 1942 como "a mais numerosa do mundo". E, certamente, o número de presos alcançaria em 1940 –na sua cota mais alta– a arrepiante cifra de 280.000, segundo fontes oficiais, dos quais 17.800 eram mulheres. Por riba, este dado refere-se aos presos num momento determinado (o devandito ano 40), mas na altura havia muitos que já saíram das cadeias, entanto outros ingressariam nelas despois: uns 100.000 mais, aproximadamente. No dia 8 de Maio de 1940, o número de reclusos já condenados ascendía a 103.0001.

A vida nos cárceres franquistas: fame, tortura, amoreamento, enfermidade e morte

Os encarceramentos apresentavam, antes de mais, un carácter preventivo: de neutralizaçom do inimigo e evitaçom da formaçom

de núcleos de resistência ou actividades quintacolunistas. Mas nom era essa a sua única funçom. Desde o primeiro momento ficou perfeitamente clara, também, a sua funcionalidade repressiva. A prisom ia-se converter, daí em diante, no autêntico eixo da repressom fascista; numha espécie de microcosmos dessa repressom que se havia tornar referente quotidiano nom só para os presos senom também para os seus familiares, vizinhos e conhecidos, isto é, para toda umha sociedade "conscientemente aterrorizada e politicamente inerme". A degradaçom e aniquilaçom –tanto física como psicológica– do preso eram as sua finalidade última. O que, por outro lado, nom é de estranhar se temos em conta que os novos amos da situaçom negavam aos republicanos a condiçom de persoas.

Com efeito, o Estado franquista procurou expressa e deliberadamente a humilhaçom dos vencidos. Em consequência, o amontoamento, a sujidade, a tortura, a fame, a enfermidade e o destendimento médico sistemático fôrom as realidades com que houvérom de conviver forçosamente os internados e internadas nos recintos penitenciários, já fossem cárceres propriamente ditos ou campos de concentraçom. As cadeias, velhas e escanastradas, fôrom sobreutilizadas até dez, vinte ou mesmo cinquenta vezes a sua capacidade originária, de jeito que os reclusos tinham que dormir amoreados em celas e corredores sem ventilaçom, estrados polo cham e na companha de ratos e mais alimárias típicas dessas contornas. A mais, ante a enxurrada de novos presos que entravam cada dia, foi preciso habilitar umha cheia de recintos carcerários adicionais: castelos, mosteiros, antigos lazaretos, pavilhons desportivos, edifícios oficiais... até barcos; tudo servia para este sinistro fim. Sem contar os campos de concentraçom, de que mais adiante se falará, ou os locais destinados a trabalhos forçados, como minas, aeródromos, pedreiras, etc. As condiçons de habitabilidade eram, em todos os casos, de um teor semelhante ao que relata Gregorio Sanz: "Eramos doze homes [refere-se à prisom de Lugo] e a cela estava construída para um. A sua forma, quase de sector circular, com a porta na parte mais estreita que dava à galeria interior, e umha janela alta e com reixas na parte contrária. Num dos ângulos havia um burato, utilizado como WC, que os 'parroquianos' tinham semi-agachado colocando-lhe umha manta a jeito de cortina. Nas paredes, com cordas e tabuínhas, armaram algo parecido a estantes onde podiam colocar-se pequenos pacotes, e no cham, cabo das paredes, encartavam-se as mantas e algumha pequena colchoneta que durante o dia nos servia de assento, deixando no centro um minúsculo espaço livre para podermos dar alguns passos". E isto nom no pior dos casos, poisque "se a vida de doze homes confi-

nados numha cela 'individual' ou 'unipersoal' se fazia difícil, se a impossibilidade de assear-se originava a apariçom de nojentos parásitos corporais, facilmente pode deduzir-se o que aconteceria nas celas números um e treze, situadas no baixo, onde cinquenta ou mais reclusos tinham que usufrutuar o cham escasso e mais o ar enrarecido; onde além das múltiplas incomodidades comuns a todas elas se engadia um solo de cimento, constantemente húmido, acaída sementeira para o nascimento de constipados, pulmonias e reumatismos". Por outra parte, os restos de comida que inevitavelmente caíam ou quedavam introduzidos nas regandixas favoreciam "o desenvolvimento de umha fauna ratonil, transmissora de germes nocivos que nalgumha ocasiom alarmárom mesmo a inumana actuaçom dos carcereiros".

Tudo isto nom tinha nada de surpreendente partindo da base de que o recinto carcerário fora projectado para umha populaçom reclusa de cento vinte e cinco persoas e, na altura, albergava mais de oitocentas. Em Ávila, onde estivo preso Ramom de Valenzuela ao remate da guerra, havia mil douscentos internados no sítio previsto para vinte e sete!!, para [além do] mais numha cadeia que fora clausurada em tempos da República –sendo directora geral de prisons Victoria Kent– por insalubre e carente das mínimas condiçons de habitabilidade. Ali, polas noites, dormiam centos de homes no corredor, "unha morea de xente que semellaba unha desas pinturas das bodegas de barcos negreiros do século XVIII". Em Santiago, nos baixos de Raxoi, a situaçom nom era melhor: "Éramos moitos os presos, máis de trescentos, pra unha cadea tan pequena", conta Xerardo Díaz Fernández. E na Ilha de Sam Simom, de por parte, "había nese edificio só seiscentos e pico, seiscentos e pico homes [nalgum momento chegariam a ser mais de mil]. Durmían en tres filas, é dicir, a cabeza para a parede dun lado, outros doutro e outros no medio, ós pés duns. Cando había que saír ó servicio ás veces pisábanse pernas, ás veces cabezas...aí pisábase de todo (...) Tiñamos trinta e oito centímetros de anchura para durmir ¡Trinta e oito centímetros nada máis! Alí o que daba a volta no medio da brigada xa quedaba sen sitio". Neste último caso, ao menos, quedava aos reclusos a "compensaçom" de poderem-se mover um pouco pola ilha –de dimensons bem reduzidas, por outra banda–. Noutros nem isso. De maneira que, se nom queriam ficar tolheitos ou atrofiados, deviam fazer frequentes exercícios gimnásticos, quer nas próprias celas –realizando autênticos milagres, tendo em conta o espaço disponível–, quer nos pátios onde, por certo, em muitas ocasions eram mantidos à intempérie. O problema destes exercícios ou práticas de distensom era que consumiam as poucas energias de que dispunham aqueles homes e

mulheres encrenquenados polas privaçons, e isso aumentava-lhes a fame.

A fame: velaí o mais grande andaço dos presos na Espanha fascista. Pode afirmar-se sem temor a engano que o franquismo condenou a morrer de fame milheiros de prisioneiros. O que ocorre é que nos Registos Civis se ocultava a verdadeira causa dos falecimentos, fazendo constar caquéxia e outros eufemismos no canto de fame pura e simples. E tampouco nesta ocasiom foi algo casual, senom totalmente deliberado e calculado. À parte de umhas raçons alimentares totalmente insuficientes, de contido hipocalórico, a qualidade da dieta era desastrosa e carente de variedade: o rancho limitava-se a pouco mais que caldo de berças –frequentemente em mau estado– aduviado com umhas códias de fabas ou de nabos; decerto umha comida bem similar à que se oferecia como forrage aos animais. Em tais condiçons, nom tardárom em aparecer e estender-se qual mancha de azeite as doenças tipicamente carenciais, como o tifo e a tuberculose que, unidas às produzidas pola falta de higiene (sarna) e de condiçons dignas de habitabilidade e assistência sanitária (bronquite, pulmonia, pneumonia...), seriam companheiras inseparáveis dos reclusos em todo este tempo, dando lugar a taxas de mortalidade absolutamente arrepiantes. Os anos mais negros neste sentido fôrom os de 1941 e 1942, especialmente o inverno dacavalo entre ambos. Na prisom d'A Corunha morrérom por avitaminose setenta e dous presos, quase o 10% da sua populaçom penal. Muitos homes nom se tinham de pé e alguns suicidárom-se de pura desesperaçom. Havia mesmo quem se autolesionava para ir para a enfermaria, onde a raçom era dupla. Em Ávila, é de novo Ramom de Valenzuela a dar conta dos estragos ali produzidos: "(...) a fame era realmente espantosa. Tíñase chegado a tal grao de desnutrición que moitos domingos, na misa obrigatoria en formación, caía algún recluso por avitaminosis". Em Santiago seique a penúria era algo menor, ao menos nos anos imediatamente anteriores. Adjudicava-se aqui para mantença dos presos a quantidade de 1,5 pts. por cabeça. "Con esa peseta con cincoenta céntimos que nos daba [o Director da cadeia], tiñamo-nos que amañar para pagar as tres comidas e aínda aforrar para poder fumar. Desde logo que había que ser un bó economista para facer ese milagro, pro ese milagro facíase". Com tudo, as sequelas do inverno fatídico também se fariam notar, se bem daquela o autor deste relato, Xerardo Díaz Fernández, já ali nom se encontrava. No ex-lazareto de Sam Simom a fame "em menos de três meses causou mais de trescentas vítimas", em palavras de Diego San José. Contribuírom em grande medida a estendê-la as argalhadas do novo Director, que negociava "com contratistas e proveedores sem

escrúpulos as compras do Economato [consistentes em] cereais, hortaliças e peixes em más condiçons de salubridade cuja compra única –pois nom consentia adquisiçom nengumha encarregada fora da Ilha– impunha aos reclusos". A mortandade foi de tal calibre que, ao parecer, chegou a pôr em situaçom de alarma a cercana povoaçom de Redondela. "E providencial foi que neste tempo –durante os caliginosos meses de Junho, Julho e Agosto –nom se declarasse na Ilha umha epidémia pestilencial, polas más condiçons do depósito de cadáveres –um alpendre imundo na mesma beiramar– capaz como muito para quatro corpos e que chegou a ter até doze, por falta de cadaleitos, pois, em negando-se a facilitá-los as funerárias pola demora no pagamento –quando nom falta absoluta– eram fabricados polos mesmos presos". Em anos mais "bonançosos" –ou menos catastróficos, segundo se mire– a baixa qualidade do rancho nom produzia tragédias tam grossas, mas si andaços de um outro tipo, tal como conta outro dos alojados no complexo penitenciário insular, o galeguista Evaristo António Mosquera: "O rancho da Ilha em tempos de Lago Bua [um dos sucessivos Directores] era bastante mau. Aproveitando os muitos 'berberechos' que existiam perto daquele lugar, misturavam-nos com arroz ou com fidéus, produzindo uns amoados, a consequência dos quais era que nós padecéssemos numerosas diarreias, que se faziam crónicas".

Outras consideraçons à parte, o relato destes dous internados em Sam Simom pom de manifesto um feito que alcançaria grande repercussom em muitos presídios galegos e espanhóis daquele tempo e que, como se dixo, coadjuvou em nom pouca medida à catástrofe humanitária que neles se viveu entre finais dos anos 30 e princípios dos 40. Refiro-me à corrupçom das instâncias directivas do sistema de prisons, altamente tolerada polas autoridades franquistas agás naqueles casos extraordinariamente escandalosos que, por chegarem a ser de conhecimento público, podiam danar a image do regime. Nom era só que os recursos destinados à mantença dos presos fossem miseráveis. É que, ainda por riba, se viam emagrecidos pola especulaçom e o latrocínio a cara descoberta dos directores das prisons e mais os seus achegados (com excepçons honrosas, que também as houvo). Sustracçons cara a domicílios particulares de alimentos e petrechos destinados aos reclusos, duplas contabilidades, contrataçom fraudulenta de subministros a baixo preço e inferior qualidade, utilizaçom dos próprios penados para a procura de recursos alimentares de balde (como no caso dos berberechos antes citado)... e assi por diante; todas estas manobras projectavam-se de forma negativa e inexorável sobre uns reclusos desvalidos, cujas penalidades habituais se viam assi notoriamente acrescentadas. Voltaremos mais adiante sobre esta questom.

Polo de agora continuemos com a fame de 1941/42. Esta, naturalmente, atingiu também os cárceres de mulheres. Isabel Rios, recluída daquela em Saturrarán (Euskal Herría) logo da sua passage pola cadeia de Santiago recorda que “Por esta época houvo no cárcere, nos incontáveis cárceres de Espanha, inúmeros casos de avitaminose. Por causa da deficiente alimentaçom a gente morria em tal quantidade que a Direcçom Geral de Prisons se viu obrigada a tomar medidas para melhorar um pouco o rancho, mandando aos cárceres os meios económicos correspondentes”. A Saturrarán chegárom também esses meios e aqui nom se “esfumárom” fruito das corruptelas dos funcionários. Mas sucedeu algo, se nom igual, si equivalente nas suas consequências: a Directora do penal, umha monja mercedária, negou-se a admiti-los, disque para fazer méritos na procura de umha condecoraçom pola sua actuaçom como administradora da instituiçom. Por estranho que pareça nom foi esta umha atitude ailhada. Diversos Directores de prisom –bem deles corruptos– agírom de idêntica maneira, com a cínica excusa de os presos “já estarem bem atendidos”, a fim de lhe aforrarem ao Estado uns quartinhos e fazerem méritos “patrióticos” perante os seus superiores. A saúde dos prisioneiros era o último que importava. E tratando-se de prisioneiras menos ainda poisque as autoridades fascistas, no seu inveterado despreço pola condiçom feminina, decretárom que bastava com fornecer às mulheres o 80% da raçom alimentar correspondente aos varons, dado que nom eram “elementos produtivos”.

Neste mesmo centro penitenciário –onde, por certo, as únicas presas a nom passarem fame eram as bascas, por serem de famílias abastadas e acharem-se, a mais, perto das suas casas– já uns anos antes se padecera um andaço de tifo por causa da contaminaçom da traída de águas. “Morrérom umha cheia de companheiras. Um carro arrastado por um burrinho ia e vinha levando as nossas companheiras ao cemitério”. Claro que, no tocante a nutriçom e higiene, nom pareciam gozar de maior consideraçom os centos de meninhos recluídos com as suas nais pola Espanha adiante, muitos dos quais, por nom se lhes subministrar leite nem outros alimentos e cuidados adequados, faleciam irremediavelmente –foi este, se quadra, o lado mais dantesco e monstruoso da repressom franquista–. Tampouco os recém-nados acolhidos nos hospícios regentados por religiosas. À mesma Isabel Rios lhe foi comunicado por umha companheira de cativério, ama de cria numha destas inclusas, como as criaturas mais entangaranhidas ou enfermas eram deixadas morrer de inaniçom por orde das monjas.

Enfim, com mortandades massivas ou sem elas as carências alimentares profundas continuavam a ser umha realidade ainda a

meados da década dos 40. O comunista Manuel Pilhado Martínez, preso no castelo de Sam Filipe, na Ria de Ferrol, entre 1943 e 1945 lembrava ainda hai pouco ter passado fame arreio durante os seus três anos de penado: "No Castelo de Sam Filipe passei muita fame. Eu era o que menos recebia da casa porque à minha família também lhe iam mal as cousas". A verdade é que durante todo este tempo de guerra e imediata pós-guerra a obsessom pola comida se converteu na prioridade número um de qualquer preso de Franco, umha vez passada a angústia das condenas a morte. Desapareciam as inquedanças políticas, intelectuais e de qualquer outra caste e passavam a primeiro plano as necessidades primárias. Esta animalidade, este efecto da degradaçom no ser humano era, precisamente, um dos grandes objectivos da repressom. E os únicos paliativos, em tais circunstâncias, eram a solidariedade entre os presos e a ajuda das famílias, aspectos ambos dos que existem sólidos testemunhos. "O compañeirismo dentro da prisión –contam António Caeiro, Juan A. González e Clara Mª de Saa– proporcionáballes a forza suficiente para seguir adiante. O medo ós paseos nocturnos, a resolución dun xuízo ou as coléricas predicacións do padre Nieto só podían superarse coa unión existente entre os que habitaban San Simón. Repartíase a comida, prestábanselles as mantas e os colchóns ós que, polas dificultades económicas ou distancia da familia, non podían acceder a tan preciados luxos... só esta unión pode explicar a firmeza e integridade coa que puideron pasar os anos de cativerio". Neste cárcere, de regime bem mais "suavizado" do que a maioria, chegárom-se a artelhar equipas de futebol, umha coral, umha banda de música; contavam-se contos polas noites... Noutros penais o regulamento era muito mais duro e as possibilidades de sociabilidade organizada –mesmo de espaço– bem menores. Mas também aí a solidariedade funcionava, como pom de relevo, mais umha vez e entre outros, Ramom de Valenzuela no seu relato autobiográfico Era tempo de apandar (Vigo, Eds. A Nosa Terra, 1997).

Quanto aos familiares dos recluídos, tem-se salientado em diversas ocasions ao longo destas páginas o fulcral que resultou o seu labor de apoio e assistência aos mesmos, mormente protagonizado polas mulheres. Nom poucos salvárom a vida, em última instância, graças aos desvelos dos seus parentes na hora de lhes subministrarem alimento material e espiritual, em forma de comida e conforto, além de outros bens nom menos preçados, como avais de gente influente ou guarda permanente diante das prisons para evitar o seu "passeio". Valham como testemunho estas palavras de gratitude do Gregório Sanz, bom conhecedor em carne própria do valor destes auxílios extra-carcerários: "Nem

Lúculo, nem Heliogábalo, pudérom jamais saborear os exquisitos pratos que lhes serviam nos seus fastuosos banquetes como nós o faziamos com as viandas que os nossos familiares, a custa de quem sabe quantos sacrifícios, de quando em vez nos forneciam (...) Tenho plena convicçom de que estes jantares extraordinários unidos à plena camaradage com que eram desfruitados e ao optimismo que por todos os meios se tentava manter na Prisom, fôrom a causa de o número de defunçons resultar escasso, como também de alguns companheiros reclusos, para os que na rua o frasco de bicarbonato era companheiro inseparável, verem curada a sua úlcera de estômago de jeito definitivo".

Entretanto, a propaganda do Ministério de Justiça franquista, regentado polo tradicionalista Estéban Bilbao, afirmava, num alarde de cinismo sem limites, que os cárceres espanhóis eram "um modelo sem par na Europa", por mais que de portas para dentro –em circulares secretas e reservadas enviadas aos directores das prisons– se reconhecesse que a situaçom era mui grave. Tal era a "verdade" oficial do regime, conforme à qual os funcionários-carcereiros se permitiam fazer burla dos presos dizendo-lhes que em realidade nom eram reclusos senom "enfermos afortunados a fazerem de balde umha cura de repouso num sanatório[2]"

Junto à fame e a degradaçom, a tortura sistemática foi um dos suplícios que invariavelmente tivérom que afrontar os presos da Espanha fascista. A juízo de Francisco Moreno, nunca antes na história de Espanha se tinha posto em prática umha estratégia de tortura massiva como a que levou a cabo o regime de Franco, ao ponto de constituír –canda as execuçons e encarceramentos– um dos eixos fundamentais da repressom.

A primeira das modalidades de tortura era a que poderiamos denominar "vingativa". Habitualmente corria a cargo dos esquadrons da morte falangistas, da "Guardia Cívica" e similares, ou de simples familiares dos "caídos por Dios y por España". E consistia mais que nada em terroríficas malheiras propinadas aos presos e gentes de esquerdas em geral, tanto antes como despois da sua detençom e quase sempre prévias à abertura das diligências judiciais. Os sindicalistas marinheiros do Morraço e mais o Barbança, entre outros muitos desgraçados, padecérom estas primeiras iras dos vencedores: em Moanha "Estaba toda a patronal reunida na secretaría nosa do sindicato para xusjar a cada un sejún a causa que lle montasen. E a min leváronme ó cuarto de baño... E ó que lle tocaba por turno... cun verjallo daba unha palisa fenomenal"; "Quando se cansava um de zorregar, ia outro. Herniávam-nos, rebentavam-nos... Tudo horroroso."; em Cangas,"A Rial Hermelo do Piñeiro, que era da Sociedade de Mariñeiros, os fascistas (diri-

xidos polo 'Come-Galiñas') déronlle unha paliza tan grande que case o deixan morto (...) Outra noite sentimos berrar a unha persoa que reclamaba auxílio polos golpes que lle daban cos fusís e digo que eran fusís porque sentiamos o chasquido destes. Un dos asasinos dicía: Deixádemo a min, me cago en tal... A pobre víctima era Emilio Rodal [(a) Petiscado, velho dirigente marinheiro da CNT, logo assassinado à plena luz do dia]"; no Porto do Som, "os falangistas (...) detuveron aos veciños Juan Vidal 'Cachola', Salustiano Abeijón 'Mouján', José García 'Cascante' e Xosé Ramón Sieira, todos homes vellos, de máis de sesenta anos e un alindando nos satenta. Levaron-nos ao local da Falanxe e dimpois de aldraxalos e zorregalos, colgarerxaron-lles, a xeito de escapulario, uns letreiros que decían, por detrás, 'Arriba España', e por diante 'Muera Rusia". Noutras ocasions, com o galho de umha detençom ou um translado a prisom, submetia-se o preso a simulacros de fusilamentos ou passeios. Onde nom, a tormentos "menores" como fazer-lhe tocar um instrumento musical até lhe rebentarem os lábios, obrigá-lo a esborrar pintadas com as unhas ou submetê-los a escarnho público, qual foi o caso dos quatro velhos do Porto do Som devanditos que, logo de zoupados e com cadanseu cartaz infamante ao pescoço fôrom conduzidos, amarrados uns aos outros com umha corda, "en procesión polas ruas da vila. Detrás iba un conjunto que, con tambores, bombos, matracas e outros instrumentos bruiantes, marcaba o paso dos probes vellos, que camiñaban atariñados, cantando por obriga o 'Cara al Sol'; aos poucos facíanlles berrar forte '¡Arriba España! ¡Abajo Rusia! ¡Mueran los rojos!', ao mesmo tempo que tiñan que erguer o brazo direito ao estilo fascista [entre as burlas e apupos do gentio]".

A esta forma brutal, primitiva e até certo ponto irracional de tortura, expressom do mais puro "terror em quente" e de ódios –individuais e de classe– longamente alimentados, sobreimporia-se mui logo a tortura "judicial" e, algo mais tarde, a propriamente "policial", mais refinada que as anteriores e progressivamente hegemónica sobre delas, sinaladamente apartir de 1942 com o galho da posta em funcionamento da policia política da ditadura. Por tortura judicial entendemos aqui aquela que foi aplicada a instâncias dos juízes militares –mesmo, às vezes, na sua presença– em relaçom directa com os expedientes sumariais a respeito dos sucessos presuntamente "revolucionários" de Julho do 36. A malheira era também neste caso o método habitual e inexcusável. Qualquer trámite judicial era inconcebível sem a companha de trompadas e vergalhaços mais ou menos tingidos de selvagismo segundo demandassem as circunstâncias. Souberom-no mui bem os presos galegos submetidos a interrogatório: "Unha noite –conta

Ángel Fernández del Río, barbeiro de profissom e concelheiro de Cangas por Izquierda Republicana– chamaron para declarar a Lorenzo Corbacho [canteiro, militante socialista canguês] e António Fernández [alvanel, também socialista], e cando estes regresaron estaban tan flaxelados que tres cuartas partes das suas costas eran feridas sanguentas e non se podían tocar os seus corpos". Por algo parecido passariam centos, ou miles, entre eles o cenetista Juan Garcia Durám: "Non sei canto durou aquilo; só lembro que saín daquel inferno medio a rastro e coa axuda dun deles"; o deputado socialista madrilenho Luis Rufilanchas, preso no cárcere d'A Corunha e posteriormente fusilado: "Rufilanchas foi acusado d-haber pronunciado un discurso laico no Congreso... O diputado socialista que se negara a nomear defensor e que a súa vez defendía ós outros, pronunciou un informe impresionante encontra os seus verdugos. Ó rematar, Rufilanchas rachando a súa toga, súas roupas interiores, ficouse desnudo de meiocorpo e o públrico que en gran número asistía á vista prorrumpeu en berros de horror. O peito, a espalda e os brazos do loitador diputado eran unha enorme chaga..."; ou Manuel Pilhado: "Chegou a noite e a tortura seguia sem contemplaçons. Cada momento que passava estavam mais furiosos porque nom conseguiam sacar-me nada (...) Cando se cansárom de me darem pancadas, estava feito um farrapo". O comum denominador destes últimos relatos é que os seus protagonistas nom "cantárom" ante os verdugos. Esta atitude, mui estendida entre os militantes mais concienciados, excitava a carrage dos torturadores, prolongando as sessons de tormento até limites incríveis. Pero, como contrapartida, constituía um triunfo para os réus que, ao fazerem assi um serviço "à causa" –nom dar informaçom ao inimigo, ou nom delatar um companheiro era fundamental–, viam elevada a sua auto-estima e revalidadas as suas convicçons: "Mais tarde –continua a contar Garcia Durám– vin que arrastraban a Secundino que, saloucando e rinchando os dentes, dixo á miña beira: '¡Asasinos! Non dixen nada ¡Nada!'. Este nada, dito con rabia e dignidade de home que non se dobra, que non traizoa, produciume un alivio, unha íntima alegría, facéndome esquecer momentaneamente o meu propio sufrimento. Foi entón, e non antes, cando unhas bágoas comezaron a esvarar polas miñas meixelas. Eran bágoas de emoción, ante o triunfo da dignidade fronte á aldraxe, o sadismo, o crime, e non de dor".

Até onde sabemos, também na cadeia provincial de Lugo se empregavam látigos nos interrogatórios. Mas o repertório foi, decerto, bem mais amplo no conjunto dos recintos carcerários: "Aqueles indivíduos que eu tinha diante –relata Diego San José– polo simples feito de ter pensado como min, foram flagelados com

floretes; meteram-lhes achas entre os dedos e mistos acesos, deram-lhes tratos de corda nas partes mais sensíveis e dolorosas do seu corpo, até deixá-los impotentes; infligiram-lhes, enfim, inúmeras infâmias sem umha voz humanitária e compassiva se alçar na sua defensa (...) Correntes eléctricas nas partes mais íntimas, agulhas a trespassarem os peitos, irradiaçons luminosas de alta potência a punçarem os olhos de umha dor insuportável e levarem relampos de loucura ao cerebro". Desta forma é que se obtinham –quando se obtinham– as declaraçons auto-inculpatórias dos presos, alguns dos quais, nom pudendo aturar tanto suplício acavavam por assinar qualquer cousa que lhes pugessem por diante. À volta às suas celas, os companheiros viam de aliviá-los um pouco com os únicos remédios disponíveis: um pouco de sal e vinagre. Havia-os que quedavam tolheitos de por vida ou, como mal menor, por um tempo: "Dom Celestino Poça Covas [deputado pontevedrês por Uniom Republicana, preso em Sam Simom], o austero médico de admirável temperamento, recordo que tinha regressado de umha azarosa viage por vários cárceres da província, em que foi submetido a diversas torturas, em resultas delas, quedara-lhe a perda de movimento de umha mam, o que tentava recuperar com grande constância com ajuda de umha pequena bola de goma que esmagava arreio com os dedos para assi mover o devandito membro, o que ia conseguindo passeninho, até chegar a anular completamente o dito mal".

A miudo, a tortura judicial ia acompanhada, entre sessom e sessom, de tortura psicológica e mostras diversas de crueldade por parte dos carcereiros, como a daquele sádico que lembra San José a ler parsimoniosamente, com mil reviravoltas, o nome dos chamados à sala de torturas ou ao "passeio" nouturno, acrescentando até estremos inimagináveis a angústia e a tensom daqueles malpocados. Um outro método, este mais propriamente físico, consistia em meter na cama ou colchoneta dos presos políticos delinquentes comuns e vagamundos miserentos que as inçavam de chinches, piolhos e mais parásitos; problema este já de seu endémico entre a populaçom reclusa, sem necessidade de recorrer a tam más artes.

De resto, a tortura psicológica –como as expressons de brutalidade– nom se restringia aos prisioneiros. Atingia igualmente os familiares. Assi, por exemplo, quando se produzia o translado de um detido desde a comissaria ao cárcere, ou deste a um outro recinto penitenciário, nom sempre se especificava aos parentes o novo destino, com o que estes toleavam fazendo averiguaçons, anguriados e temerosos de um fatal desfecho. Nom era infrequente, mesmo, fazê-los passar por [es]cenas patéticas de saca dos seus seres queridos cara ao paredom de fusilamento, sem conceder-

lhes sequera a oportunidade de lhes darem o adeus derradeiro: "Isto (...) era a saída dos que iam morrer, a quem as suas famílias –que tinham passado a noite em vela às portas da cadeia– acudiam a despedi-los, e a fim de os que ficavamos à espera da nossa hora nom nos apercebermos da saída dos infelizes que iam ser exterminados, levantava-se aquele balbordo informal e discordante, sobre o que predominavam o agrávio e mais o insulto –que em tal ocasiom nom eram tais, senom o nome acaído e merecido dos mandatários e organizadores de tan terrível barafunda–: 'Assassinos! Verdugos! Criminais!' E o que mais deprimia o ânimo e fazia sumir-nos em estéreis comentários, fazendo contraponto ao batifondo da rua: 'Meu filho! Pai da minha (i)alma! Papai! Papai! Deixádeme ir com ele!' E, de súpeto, como um reflexo daquela maré humana, movida pola dor, a angúria e mais o ódio, o patear de umha multitude à desbandada, e o metálico ruge-ruge dos fusis prontos a disparar sobre centos de mulheres indefensas e meninhos atemorizados que iam dar o derradeiro adeus aos seus seres queridos que o fanatismo político e religioso lançava sem piedade à morte. E aproveitando aqueles momentos de pânico, o arrancar dos coches que partiam a fume de caroço, deixando um trágico ronsel de bágoas e de ais"[3].

Igualmente angustiosa resultava para os presos a espera tensa, durante as noites dos primeiros meses de cativério, da irrupçom nas celas das "esquadras do mencer" que, lanterna em ristre, perturvavam o sono inquieto dos penados na procura selectiva de "passeáveis". De novo é o Xerardo Díaz Fernández a retratar-nos a situaçom: "Findara a anguria pra sustituí-la por algo peor. O meu corazón xa non sei se latexa ou non, estou como si estuvera voando nunha fía nube e sentín que me xeaba o medo, sí, xeába-me o corpo e ialma; non podo movélos brazos porque os músculos xa non obedecen ao cerebro; estóu metido nunha catalesia de dor; mais algo que non podo describir, ríse dentro de min; non teño folgos nin para chorar, e menos pra berrar. Teño medo, un medo noxento que me fai tremar, que me fai sudar e que me seca a boca; trago cuspe e síntome cobarde porque estou cheo de medo. Por uns segundos non sinto máis que unha leve sensación de mornura doente, coma si meestivera achegando ao valeiro pra buscar refuxio o meu esmorecemento". Claro que nom menos terrorífica, tampouco, era a perspectiva de serem linchados pola multitude adoecida nos dias imediatamente posteriores ao triunfo do alzamiento. Tentativas deste tipo deveu haver bastantes, a julgar pola relativa abundância de testemunhos em tal sentido. Normalmente produziam-se com o galho da tomada polo Exército nacional de algumha cidade importante anteriormente em mans republicanas,

no meio da ferventia patriótico-histerizante provida polas autoridades fascistas em tais ocasions. E participavam nelas gentes do toda caste: unhas, as arma-danças do cotarro, por pura convicçom; outras, aguilhoadas polo frenessí da Victoria e o clima de ódio contra os roxos; outras ainda, vira-chaquetas declaradas, por intimidaçom, covardia, oportunismo ou "para nom desentoar", evitando assi tornarem-se suspeitosos perante os "manda-mais" de turno. A respeito destas últimas, por certo, som constantes os comentos decepcionados de diversos prisioneiros, a afirmarem que nunca teriam imaginado tamanhas mostras de vileza –ou outras similares– em muitos dos seus convizinhos. Também nom era inusual que, coincidindo com certas efemérides –patrióticas ou anti-patrióticas, segundo os casos– se organizassem sacas-extra de presos. Nom temos plena certeza de que isto acontecesse na Galiza, mas si, por exemplo, em Madrid, com motivo do translado a esta capital dos restos de José Antonio Primo de Rivera, em 1939, ou da "[contra]comemoraçom" do 14 de Abril de 1940. (Com anterioridade, a notícia do fusilamento do dirigente falangista, em 1937, fora seguida de um furioso bombardeamento da aviaçom fascista sobre Alacant, do que nom se livrárom objectivos tam puramente militares como os hospitais e mais o mercado).

Para cúmulo de males, estes actos vandálicos adoitavam produzir-se à par da chegada de notícias tétricas e desalentadoras relativas ao retrocesso em todas as frentes do Exército Popular Republicano, consolidaçom do regime fascista, assassinato de persoas próximas e conhecidas... que minava ainda mais a moral dos reclusos. Assi e tudo, seique a convicçom da maioria destes acerca do triunfo final da Espanha democrática se mantivo incólume –se quadra como efeito-reflexo defensivo– até pouco antes de acabar a guerra civil, cobrando novos brios com o estalido da II Guerra Mundial –considerada por todos como a continuaçom da conflagraçom espanhola– e trocando-se em desmoralizaçom definitiva quando, em 1946, os aliados renunciárom a derrocar o regime de Franco. "Nunca cheguei a pensar, naquel tempo, –comenta com amargura Ramom de Valenzuela, ex-oficial do SIEP do Exército Republicano– que os aliados, cando remataron a guerra, esqueceríanse de que aquela súa guerra era a mesma da que nós perderamos unha batalla. Se tal soupera non llo facería saber a eles ou, polo menos, penso que non. Sería criminoso amostrarlles que todo o seu heroísmo [o dos resistentes e prisioneiros espanhóis] levado ó cumio podería ser vendido ou cambeado como nun trato de feira". Apartir daí já nom coubo dúvida nengumha da derrota da causa democrática em Espanha, e nom por muitos dos seus partidários terem saído já das prisons o panorama resultava mais alentador.

Pero o tormento psicológico mais duro –acaso expressom suprema da tortura judicial– padecérom-no sem dúvida os condenados a morte. Uns dias antes da execuçom, estes eram segregados dos seus companheiros de prisom e recluídos numha cela especial (o famoso salgadoiro do cárcere de Santiago) em regime de incomunicaçom, onde só lhes cabia aguardar, impotentes, o seu trágico destino. E nem sequera assi os deixavam em paz com o seu desespero pois ainda por riba, como vímos, tinham que aturar o axexo de capeláns irrespeitosos que, como o tantas vezes referido padre Nieto, ou o tristemente célebre padre Bonifácio, de Compostela, se ensanhavam com eles nas últimas horas.

As mulheres constituíam um capítulo à parte neste repertório de infâmias judicialmente amparadas. E nom por receberem melhor trato, ou serem objecto de maior piedade, senom justamente polo contrário. Os verdugos cebárom-se nelas sem consideraçons de nengum tipo, estivessem emprenhadas ou nom, de jeito que nom fôrom estranhos nos presidios os casos de abortos em resultas de torturas, às vezes atendidos por médicos amigos igualmente reclusos. Para além disso, o acosso, as chantages sexuais e as violaçons estivérom à orde do dia[4]. Polo que parece, o trato de singular dureza aplicado às prisioneiras em estado de gravidez, ou com criaturas de curta idade a convivirem com elas no cárcere, tivo como fonte de inspiraçom principal as propostas de "eugenésia positiva da hispanidade" da autoria do psiquiatra e comandante do Exército franquista Antonio Vallejo Nágera. Este científico, com renome internacional desde os anos 20, era abertamente partidário de umha regeneraçom ambiental da raça hispana que ele considerava degenerada –psiquica, cultural e mesmo fisicamente– por causa de um entorno hostil ou, dito de outro jeito, de um adversário histórico persistente desde a época medieval, que na altura dos anos 30 aparecia encarnado pola democrácia republicana. O método que propunha para tal regeneraçom nom era outro que "multiplicar o selectos e deixar perecer os febles", entendendo por febles os inimigos políticos, quer dizer, os marxistas e roxos em geral. E como de todos os jeitos alguns destes últimos iam sobreviver, para eles se concibia a reclusom em centros assistenciais adequados (os pertencentes às redes falangista ou nacional-católica) em que se lhes inculcasse "umha exaltaçom das qualidades biopsíquicas raciais e eliminaçom dos factores ambientais que no decorrer das geraçons conduzem à degeneraçom do biotipo". Pois bem, esta proposta teórica tam em consonância, salvando certos detalhes, com os postulados mais delirantes da psiquiatria názi careceria de maior trascendência se nom fosse porque, devidamente apoiada num programa de investigaçom empírica que

tomou como objecto de estudo os próprios presos e presas, permitiu à ditadura fascista fundamentar "cientificamente a sua convicçom preestabelecida da naturaza psicosocial degenerativa e inferior do adversário político; e o que é pior, foi levada à prática em qualidade de doutrina oficial do Estado[5]. Este feito é o que permite compreender o porquê de umha directriz política tam atroz como a de fazer abortar os futuros roxos no ventre da nai ou deixá-los morrer de inaniçom, sendo ainda meninhos, nas prisons. Os obreiros conscientes, os comunistas, as classes populares, os demócratas... nom eram gente, nom eram nada... ; melhor dito, si eram algo: escória a exterminar, anti-Espanha, restrobalho. Como muito podia-se-lhes consentir –posto que a sua eliminaçom em massa nom semelhava viável– a vida em condiçons miseráveis, arrastando de por vida a sua desonra e legando aos seus filhos "um apelido infame"; e, por suposto, afastando drasticamente as novas geraçons do seu entorno familiar "dissolvente". Por macabra ironia do destino, o mesmo regime que assassinava os pais (ou nais, ou ambos os dous) fazia "caridade" com os filhos, internando-os em centros "benéficos"[6] .

A terceira e última modalidade de tortura praticada polo fascismo na nossa terra foi a "policial". O seu âmbito temporal de aplicaçom foi, mormente, posterior ao remate da guerra, coincidindo com a fundaçom, em 1942, da policia política do franquismo –a imitaçom da Gestapo alemá– e a promulgaçom, no ano anterior, da Lei de Segurança do Estado. As suas vítimas já nom fôrom neste caso os detidos por responsabilidades políticas presuntamente contraídas antes do 18 de Julho de 1936, senom os acusados e acusadas de actividades de oposiçom política clandestina ao regime de Franco (por mais que em muitas ocasions fossem as mesmas persoas). A diferença a respeito da tortura do período anterior nom estriba tanto nos métodos nem na sua brutalidade –que eram sustancialmente os mesmos–, senom na "ciência" com que se administrava: a dor precisa no momento preciso para a informaçom precisa. As malheiras a eito e sem freio de outrora já nom serviam agora –mália nom desaparecerem em absoluto– pois o único que conseguiam era o rápido desmaio de réu sem lhe dar tempo a "cantar". Na sua vez impunha-se a sábia dosificaçom dos golpes e mais "estímulos", igualmente sinistra pero mais eficaz. Seja como for, os resultados para o atormentado eram demolidores. O jovem José Rios Gômez, natural da Pontraga (Ordes), que actuava como enlace da IV Agrupaçom do Exército Guerrilheiro de Galiza ao mando de Manuel Ponte, tivo a desgraça de comprová-lo na segunda metade dos 40. Quando o seu companheiro José Candal Bouças se reuniu com ele na prisom de Ordes, "encontrou-

no desfeito pola tortura. Tinha hematomas por toda a cara e polo tórax. Os pés esmagados polos golpes com a culata dos mosquetons. As unhas arrincadas. Achava-se numha situaçom limite. Ao borde do colapso. Sangrava como um nazareno". Dias despois, o infortunado luitador suicidava-se chimpando-se a um poço sem que o seu companheiro pudesse fazer nada por evitá-lo. Parecido teor translocem os relatos enviados desde o cárcere polos dirigentes comunistas Segundo Vilaboi e José Gômez Gaioso, em 1947 e 1948 respectivamente, se bem neste caso os seus protagonistas lográrom suportar a tortura (o que nom lhes livrou, claro está, de serem finalmente assassinados)[7].

Todos os testemunhos coincidem em afirmar que, polo regular, os presos condenados a morte afrontavam o transe supremo com enorme inteireza e dignidade. "Em geral –comenta Gregório Sanz– a reacçom das vítimas foi em todos os casos que eu presenciei de umha calma arrepiante. Qual se de umha outra persoa se tratasse, a maioria amostrárom-se tranquilos, impávidos, serenos, ditando aos seus defensores os seus últimos pensamentos, as suas derradeiras instruçons para serem transmitidas aos seus familiares, e expressando os seus desejos de se aligeirarem os trámites finais para a execuçom, de esta nom se demorar por nengum conceito. Jamais poderei esquecer de que forma, com que sossego, com quanta frialdade, um deles tirou do peto um cigarro e apartando somentes tres deles deu-me o resto pregando-me o entregasse a um companheiro mais afortunado, ao tempo que dizia: 'Com estes tenho de avondo'. Escuitavam com indiferença o capelám e ofereciam submissos as suas mans aos guardas civis que os haviam levar algemados até ao lugar cercano da sua execuçom". "Assi adoitavam morrer os filhos da República", que diria Diego San José. Ora, também houvo algum "que ao ouvir a sentença manifestou energicamente que se cometia umha injustiça, que era vítima da mais ignominiosa das vinganças, que quem verdadeiramente mereciam a execuçom eram os seus acusadores; que o seu sangue inocente havia ser a semente que germolaria generosamente dando lugar num futuro mais ou menos próximo ao nascimento de novos ideais vingadores e aniquiladores da tirania de que ele era vítima. E fazia estas manifestaçons com a cabeça ergueita, com brilho nos olhos, com pasmosa seriedade, com o mais firme convencimento de que era a expressom exacta da verdade e de que a História e mais o porvir haveriam justificá-lo". Esta última maneira de proceder era característica dos homes e mulheres provistos de umha meirande consciência política e firmeza nos seus ideais que, sobrepondo-se ao próprio medo, deixavam testemunho expresso das suas convicçons, procurando

dar exemplo perante os mais e insuflando-lhes, de passage, esperança no futuro. As cartas derradeiras de personages como Vítor Casas, Alexandre Bóveda, ou o alcalde guardês Brasilino Álvarez transmitem, no meio do patetismo e a dor, este espírito positivo. Nom fôrom as únicas. As serenas palavras de despedida do dirigente cenetista José Villaverde quedariam ecoando nos muros da prisom provincial d'A Corunha como um chamamento à solidariedade e umha aposta pola liberdade das geraçons futuras: "Companheiros! Amigos todos! Os que fiquedes lembrade-vos dos filhos dos que nos imos..."

Naturalmente, nom todo o mundo era quem de manter até tal ponto a compostura. Havia quem, com os nervos quebrados, estalava em saloucos ou dava via livre à sua angústia de diversas maneiras, desde o mutismo autista, passando por estádios próximos à alucinaçom, até a mesma loucura. Contudo, as [es]cenas mais patéticas adoitavam dar-se por parte dos familiares dos condenados ao receberem a trágica notícia da sua futura execuçom: "alí vin un cadro que enxamais esquenceréi. Unha velliña sentada nunha cadeira acariñaba os cabelos do seu fillo que, de xoenllos, repousa a sua cabeza no regazo da sua nai; cos seus brazos rodea o corpo da vella e ambos choran con acidume. 'Non chores miña nai que eu non teño medo'. 'Non chores ti, queridiño; non tes por qué ter medo, a ti non che van facer nada. Meu pequeniño!'. 'Non, nai, non! Van-me matare, non sabes que me condenaron a morte?' . 'Non, meu filliño, a ti non che poden matar! Ti non fixeches mal a ninguén...'. 'Sí, nai, sí! Van-me fusilare! Tamén a Ramón e ao Enrique... aos tres'. 'Ai Deus! Por qué? Non pode ser, non! Non chores fillo... !'. Mais as bágoas saían abondosas dos ollos de ambos, queimantes... O mozo somentes tiña vinte anos. 'Non teñas mágoa, naiciña, que eu xa non teño medo. Ao millor indúltanme por ser moi xoven; e si non... algunha vez tiña que morrer... Non chores, nai, non chores!'. Pro choraban os dous. Aquel grupo humán cinguido naquela aperta mezclando as suas bágoas, estaba acusando á inxusticia e á tiranía, a toda a maldade que Deus deixóu ceibe polo mundo"[8].

Em qualquer caso, a tensom acumulada era muita e isto, unido ao amoreamento, produzia esporádicas tensons entre os presos –acompanhadas às vezes, quando era possível, de desafogos catárticos com apoio etílico– e mesmo suicídios por afundimento psíquico. Mencionou-se umhas linhas mais atrás o caso de José Rios na prisom de Ordes. Garcia Durám, no tocante à d'A Corunha, dá conta assimesmo de várias tentativas de tirar-se a vida por parte de compaheiros seus de cativério, já deixando-se "apagar" devagarinho –por terem perdido a ilusom de viver–, já chimpando-se ao

vazio desde os andares superiores para "acabar de umha vez" com a tortura da fame, a degradaçom e a falha de liberdade. Também na Ilha de Sam Simom se registárom suicídios, nomeadamente entre os presos mais anciáns e desvalidos procedentes de Andaluzia. Certamente, a induçom ao suicídio nom era senom umha consequência extrema, directa ou indirecta, da repressom e das torturas[9].

Conseguir resistir tudo isto dependia de diversos factores, nom sendo o menos importante a assistência dos familiares desde o exterior, a que tantas vezes temos feito referência. A ajuda material em forma de comida e roupa de abrigo e, sobretudo o apoio e agarimo brindado pola parentela resultavam fundamentais na hora de afrontar as penúrias físicas, as extorsons dos curas e mais agentes do regime –por exemplo, para animar os reclusos a alistarem-se no Tercio– ou o mesmo medo, mais ou menos permanente, ao maltrato e arbitrariedades dos carcereiros. Nada resultava mais indefenso ante os verdugos, nem mais penoso ante os próprios companheiros, que um preso só e abandonado dos seus: "Todos os fusilamentos –fala Xerardo Díaz– foron inxustos (...), pro ese [o de um moço noiês alcumado O Cantino] foi o máis odioso e arbitrario, o que máis xenreira me dou, porque ese probe rapaz non tivo à súa beira durante o Consello [de Guerra] nin en ningún outro intre, a ninguén que viñera a dar-lle un sopro de alento, un nisco de conforto. E dá tristura cavilar que o Cantino, ca súa xuventude, estaba cheo de arelos de vivir con intensidade, mais tódalas súas ilusións finaron con el". Também a leitura, o estudo e mais o trabalho na prisom –quando possíveis– ajudavam a sobrelevar a situaçom. No penal herculino, conta outra volta Garcia Durám, "É tal a cantidade de grupos estudando, que ocupam mais de tres cuartas partes do pátio. Os que non estudian vense reducidos a pasear nun espacio mui reducido". A disciplina preferida eram, ao parecer, as matemáticas; "logo seguen os idiomas, co francés á cabeza; gramática, xeografía, mecánica e outras materias". Nem que dizer tem que semelhante fogage pola instruçom era devida ao alto nível educacional de boa parte dos presos, incluídos os pertencentes às classes populares –bems deles autodidactas ou formados nas escolas e ateneus proletários–, aspecto que dificilmente voltaria a dar-se com posterioridade no universo carcerário franquista, umha vez que os presos políticos fossem deixando passo ao predomínio absoluto dos comuns. Estes soiam aplicar-se mais bem aos trabalhos manuais, que tampouco desprezavam, logicamente, muitos operários e artesáns incluídos na categoria de políticos –por serem militantes de partidos ou sindicatos–, sinaladamente com o fim de poder agasalhar os seus filhos pequenos, nos dias de visita, com algum xoguete feito a mam. Bastantes reclusos desempen-

három labores acordes com a sua qualificaçom profissional. Por exemplo os médicos, cujos serviços eram bem agradescidos tendo em conta as carências sanitárias dos presídios e a presença constante de enfermidades. É conhecido o caso dos doutores Poça Covas e Poça Pastrana (pai e filho respectivamente) na Ilha de Sam Simom, canda Sanguino e Jacobo Otero, procedente este último de Ogrobe. Na prisom de Tui exerceu Dario Álvarez Blázquez, e provavelmente Calvelo e Comesanha na de Santiago de Compostela. Outros, com formaçom burocrático-administrativa, travalhavam nas oficinas em qualidade de contáveis ou administradores, como figérom Evaristo António Mosquera e mais de umha trintena dos seus companheiros, de novo em Sam Simom, suplindo a incompetência manifesta da prática totalidade dos "funcionários" improvisados ao efeito e, de passage, reduzindo dias de condena. Pola sua parte, os mestres e intelectuais invertiam o seu tempo em funçons de alfabetizaçom, mormente de presos comuns. Emporisso havia tarefas bem menos gratas: diversos presos de Sam Simom fôrom obrigados a trabalhar nas obras de construçom de umha calçada na cercana freguesia de Santa Cristina de Cobres, enquanto outros eram literalmente alugados ou "cedidos" como mam de obra a baixo preço, ou de balde, a empresários da contorna[10].

Por outro lado, nem todos os presos compartilhavam idêntica condiçom nos cárceres. À parte do maior ou menor auxílio dos familiares, havia trato de favor declarado para aqueles internos pertencentes às classes abastadas, ou com instruçom superior e, em geral, ofícios nom manuais. Ao cabo a prisom, daquela como agora, nom era senom um microcosmos ou cópia a pequena escala da sociedade exterior, com todas as suas hierarquias, privilégios e discriminaçons de classe. Para os estratos inferiores, o vulgo, destinavam-se as condiçons mais ruins, mesmo piores que as do gando, entanto para os outros –com excepçons e dentro de umha orde– se habilitavam celas menos inumanas e lhes era dispensado um trato menos degradante –insisto: sempre dentro de umha orde–. "Esta cela (...) –é o Gregorio Sanz a falar– era conhecida como 'a cela dos intelectuais' porque entre os que a usufrutuavam havia vários advogados, três médicos, um Engenheiro de Caminhos, Canles e Portos, dous Mestres nacionais, un Delineante, vários Peritos, oficinistas, industriais, viajantes do comércio, o Capitám de Carabineiros de Ribadeu, e outros, até um total de trinta e quatro persoas, a quem se lhes guardavam algumhas consideraçons, quedando em vários aspectos excluídos da obriga de seguirem estritamente o regime interior da Prisom (...) Permitira-se que da sua casa lhes levaram algumha cama; a meirande parte deles recebiam comida de fora, nom estavam obrigados a erguerem-se ao toque de diana e

gozavam ce certas prerrogativas das que se achavam excluídos o resto dos presos".

Os pior parados em todo este assunto eram, induvitavelmente, os penados procedentes de fora da Galiza pois, ao nom terem perto as suas famílias nen ninguém a valer-lhes, encontravam-se em condiçons físicas e psico-afectivas deploráveis. Resulta estarrecedor o caso dos três ou quatrocentos labregos, na sua maioria andaluzes, que arribárom a Sam Simom trás o remate da guerra civil, sujos, farrapentos, derrotados em qualquer dos os sentidos do termo. Todos eram velhos, de mais de sessenta anos, mesmo algum de mais de oitenta, e tam pobres que nom levavam mais que o posto. Foram transportados em trem ao longo de centenares de kilómetros, em vagons de gando sem limpar, totalmente encerrados e sem permitir-se-lhes saír nas parages. Ao chegarem ao seu destino, ou mesmo na partida cara ao mesmo, estavam certos de que nom voltariam a ver a terra de orige. Tantos eram os piolhos que traíam que, ao botarem a ferver as roupas numha imensa pota, a água se tornou massa branca; e tanta a fame e a necessidade, que caçavam ratos para comerem e apanhavam do cham as pavas dos cigarros. Bem deles nom o resistírom e morrérom a esgalha (por um tempo, chegárom a falecer uns quinze por dia), quer de morte natural, quer por suicídio enforcando-se nas árvores da ilha. Algo mais afortunados fôrom, num princípio, os prisioneiros asturianos chegados após a queda da frente Norte, em Outubro de 1937. Ainda que em condiçons físicas igualmente lamentáveis, acrescentadas pola amargura da recente derrota, ao menos contárom com a ajuda solidária dos presos galegos e de muitas famílias destes. Assi e tudo, moreias deles seriam exterminados em campos de concentraçom de sinistra memória, como o de Camposancos. Finalmente, também houvo presos bascos na nossa terra ou, mais exactamente, nas nossas águas: uns quantos centos, a maioria gudaris, que permanecérom recluídos no barco-prisom Upo Mendi, ancorado frente à Ilha de Sam Simom antes do seu translado a esta.

Até onde sabemos, as tentativas de fuga dos cárceres galegos, quando as houvo, nom resultárom coroadas polo êxito. Nom semelha estranho que fosse assi pois, apesar do escanastrado e semi-ruinoso de muitos recintos, as deploráveis condiçons materiais em que se mantinha os presos, com a consequente sequela de debilidade física e enfermidade, tornavam mui difícil a evasom. Provavelmente houvo bastantes planos que nom fuitificárom, e por quedarem em simples projectos hoje nos som desconhecidos. Em qualquer caso, os testemunhos com que contamos som escassos. Os mais expressivos som os referidos à Ilha de Sam Simom, onde efectivamente se produzírom um par de intentos. De um deles,

protagonizado por um jovem asturiano aproveitando umha viage da motora dos subministros a Vigo, desconhecemos com certeza o final, pois se bem os seus companheiros nom voltárom a saber do fugado, as autoridades do penal figérom correr a espécie de que fora capturado (mas, desde logo, à ilha nom foi conduzido). Do outro, sabemos que deveu em tragédia: dos dous marinheiros evadidos, um, Manuel Saiar Orelhám, natural de Corrubedo, resultou afogado; o segundo, Rufino Miranda Cabral, de Cangas, foi apreixado e fusilado. Quanto a Santiago, o outro lugar de que temos informaçom, a cousa nom passou de planos e maquinaçons por parte de alguns dos reclusos, que mesmo tinham umha pistola agachada na cela. Seique os mais animosos na questom eram o comunista Manuel Maneiro, do Porto do Som, e mais o seu camarada Manuel Ponte Pedreira, de Frades, futuro dirigente guerrilheiro. Á marge desta "conjura", um outro preso tentou fugir a correr quando ia ser levado a Boisaca para ser fusilado. Foi morto a tiro por um dos guardiáns[11].

Com tentativas de fuga ou sem elas, o destino da imensa maioria dos presos republicanos daqueles dias era –se é que antes nom sucumbiam vítimas dos esquadrons da morte após a correspondente saca– serem julgados em conselho de guerra. Nom em balde até ao mês de Julho de 1948, em que se deu oficialmente por concluído o estado de guerra, se aplicou de jeito sistemático o Código de Justiça Militar no seu artigo 237, que num alarde de ironia macabra castigava a "rebeliom militar" contra o Governo da República. Da administraçom deste esperpento de justiça –acaidamente alcumada de "justiça ao revés"– encarregárom-se umha moreia de julgados militares orquestrados ao efeito que, nos primeiros meses a seguir do golpe de estado, se vírom totalmente saturados. Militares seriam, assimesmo, os tribunais especiais aos que se encomendou, apartir de 1939, a aplicaçom das sucessivas leis repressivas promulgadas polo regime: a Lei de Responsabilidades Políticas (1939), a de Prescriçom de Delitos (1940), a de Repressom da Maçonaria e o Comunismo (1940), a de Segurança do Estado (1941) e a de Repressom da Bandidage e o Terrorismo (1947), coincidindo esta última com un recrudescimento da repressom de tal magnitude que levaria algum autor a baptiçar o período 1947-1949 como "o triénio do terror".

As garantias jurídicas de tais julgados e tribunais eram nulas. Os acusados compareciam perante o conselho de guerra condenados de antemám e sem que os delitos que se lhes imputavam tivessem que ser provados. A este respeito, as denúncias e informes negativos consideravam-se concluintes. Para além disso, os fiscais e juízes instrutores adoitavam ser militares nidiamente comprome-

tidos na sublevaçom do 18 de Julho, quando nom parentes de conotados persoeiros da direita anti-republicana. Em tais condiçons nada podiam fazer uns advogados defensores concebidos como meras figuras decorativas. Normalmente encarregavam-se desta funçom –com o escasso zelo que o leitor se pode imaginar– oficiais de graduaçom inferior (alféreses, tenentes ou capitáns), mentres que o presidente do tribunal era quase sempre um alto cargo da hierarquia castrense (coronel, tenente-coronel, comandante, capitám de navio...), o mesmo que os vogais que o acompanhavam. Às vezes podia exercer como defensor um civil, jurista de reconhecido prestígio, mas o seu labor era sempre obstaculizado, quando nom submetido o letrado a chantages e ameaças para fazê-lo dessistir do seu empenho, como aconteceu a José Reino Caamanho em Santiago, ou a Manuel Casás e Iglésias Corral n'A Corunha.

Assi as cousas, o desenvolvimento das sessons destes julgamentos-farsa em que os autênticos delinquentes agiam como juízes e parte iam pouco mais alá da proclama patrioteira, os tópicos do nacional-catolicismo e mais a arenga de quartel. Polo regular fazia-se fincapé –para melhor demonstrar a perigosidade e malevolência dos réus– na trajectória republicana ou, mais grave ainda, obreirista dos acusados, salientando-se a sua militância em partidos ou sindicatos e o grau alcançado no Exército roxo durante a guerra. A cousa culminava no relatório final do fiscal, em tom agressivo, apocalíptico e indutor da histéria vingativa do público contra dos enjuizados, aduviado com todas as pérolas do discurso falangista. A condena do preso estava servida.

No meio deste ambiente de linchamento moral, afortunado era aquele que saía dali com umha simples pena de prisom, por mais que esta pudesse ser de muitos anos, e mesmo de cadeia perpétua. Já haveria tempo despois de reduzi-la, se é que se conseguia sobreviver às terríveis condiçons do presídio. A possibilidade de revisar as sentenças nom se abriria até tam tarde como Janeiro de 1940, pero chegar chegou. Fosse por necessidade de desatulhar os cárceres, por (duvidosa) pressom estrangeira ou por incapacidade financeira para sustentar umha tam densa populaçom reclusa, o caso é que muitos presos vírom aliviadas condenas absolutamente descomunais que, caso de terem de ser cumpridas integramente, com toda provabilidade teriam acabado com as suas vidas. Assi, o galeguista Evaristo António Mosquera, tantas vezes citado nestas páginas e condenado a trinta anos, viu a sua pena rebaixada a quatro anos e um dia, que fôrom os que finalmente purgou na Ilha de Sam Simom; Xerardo Díaz Fernández passou de cadeia perpétua (resultante de um indulto colectivo da pena de

morte originária) a quatro anos e um dia; Isabel Ríos, também de reclusom perpétua via indulto a sete anos; e Juan García Durám de pena de morte a doze anos e um dia, dos que cumpriu pouco mais da metade. Claro que nem sempre era doado obter tam salvífico benefício: o baixo nível cultural e penúria económica de muitas das famílias dos processados dificultava-lhes enormemente o labor, que a miúdo se esnafrava contra a insensibilidade da burocrácia militar. Neste aspecto levabam clara vantage os reclusos de maior solvência económica e os mais familiarizados (eles mesmos ou os seus parentes) com as interioridades da maranha judicial.

Pior era o caso,obviamente, dos sentenciados à pena capital. A sua única esperança descansava na obtençom de um indulto. E para isso era mester possuír contactos, influências e valedores entre os afectos ao regime, quanto mais cercanos às esferas de poder melhor. De novo encontramos aqui umha nídia assimetria: a mesma que observábamos no tocante ao trato nas prisons. Para os intelectuais, profissionais liberais, personalidades políticas de renome, republicanos de "boa família" e militares de carreira abriam-se possibilidades vedadas aos humildes, aos trabalhadores e gentes do povo em geral. E isso tanto em funçom do seu meirande reconhecimento social por parte dos verdugos (por mais que a uns e outros se lhes negasse a condiçon de persoas, ainda havia classes!) como da sua superior capacidade económica e, sobretudo, proximidade a círculos influentes. Por ilustrarmo-lo com algum exemplo concreto, nom todos, nem muito menos, contavam com os recursos que tivo ao seu dispor o escritor Diego Sam José, solidamente avalizado por conhecidos colegas de profissom, jornalistas, "piadosa" senhoras da boa sociedade e mesmo militares da talha de Milhám Astray, que lhe facilitárom a comutaçom da sua pena de morte pola de trinta anos, finalmente reduzida a cinco. Apoios importantes deveu ter também o ex-governador civil de León, o corunhês Salvador Etcheverría, para se lhe permitir abandonar o país logo de ter sido preso, máxime tendo em conta as suas altas responsabilidades no regime republicano e a sua condiçom de maçom. Em qualquer caso, para os familiares dos condenados ao paredom, qualquera que fosse a sua condiçom, iniciava-se umha carreira angustiosa e desesperada na procura dos imprescindíveis avais que permitissem a consecuçom do milagre. Numha infinidade de ocasions, os esforços fôrom infrutuosos. Nesta carreira contra o tempo e o destino cruel perdêrom, como sempre, os mais pobres.

A palavra derradeira no tocante às sentenças de morte recaía no mesmíssimo Francisco Franco, que as ratificava por meio de um "inteirado". Vários som os testemunhos coincidentes a apontarem a frialdade com que o Invicto Caudilho das Espanhas adoitava

despachar tam delicada questom na hora do café. Seique nom era alheia esta sua atitude à brutalidade e despreço pola vida característicos da sua formaçom como militar africanista. Em Outubro de 1934 tivera já cumprida ocasiom de demonstrá-lo.

Por outra parte, o praço de execuçom das condenas à pena capital nom fijo mais que alongar-se progressivamente, engadindo um pouso de tortura adicional aos réus e os seus parentes. Se nos primeiros julgamentos o tempo entre médias da sentença e o fusilamento era de um mês ou menos –o que por outro lado inviabilizava qualquer gestom "salvadora"–, a medida que a acumulaçom de processos ia atulhando os julgados o patético compasso de espera foi-se tornando mais e mais grande, até alcançar os doze meses ou mais. Assi e tudo, as comutaçons fôrom sendo mais numerosas apartir de 1939, ao tempo que, por razons óbvias, diminuía a percentage de penas de morte dentro do total[12].

Um aspecto parcialmente tocado em páginas anteriores e que afectou grandemente a quotidianeidade dos reclusos foi a corrupçom dos directores e funcionários de prisons, amplamente consentida polas autoridades do regime fascista. Nom é só que aqueles se apropriassem indevidamente de recursos destinados aos internos, ou que escatimassem tudo quanto podiam e mais na alimentaçom e acondicionamento higiénico-sanitário dos recintos, ou que figessem lucrativos negócios em combina com alguns subministradores, como no seu momento se apontou; senom que nalgumha ocasiom chegárom a especular com a vida dos próprios presos, nomeadamente os condenados a morte. Tal foi o caso de um dos directores do complexo penitenciário da Ilha de Sam Simom, Fernando Lago Búa.

Este indivíduo, em complicidade com o médico forense Francisco Bustelo e mais o tenente da Guardia Civil Francisco Rodríguez (a) O Rabioso adicava-se a insfundir, a câmbio de dinheiro, falsas esperanças de salvaçom a homes que sabia de antemám iam ser fusilados, argalhando mesmo um simulacro de libertaçom ou fuga consentida dos mesmos. Para que o negócio fosse mais floreciente procurava escolher as suas vítimas entre os condenados de certa solvência económica. "Era terrorífico aquilo –conta o comunista redondelám Manuel Barros–, porque sacaban de alí xente para matar, para 'Lei de Fugas'. O director da prisión de San Simón era ese tal Búa, a pesar de que tiña o título tamén de Director dos cárceres provinciais de toda a provincia de Pontevedra. Entonces estes homes dedicábanse a poñer en liberdade os presos anticipándolles que tiñan que dar unha cantidade determinada: dependía da economía... da situación de cada preso. A iso do anoitecer, pois, poñíanos na praia, onde a Garda Civil os collía e os traía para o

cárcere de Redondela. Do cárcere de Redondela, pois, levávanos para a cuneta".

Mais rico em detalhes sobre o mesmo assunto é o relato do autor anónimo de O que fixeron en Galicia: "Este personage –Lago Búa– fíxose íntimo amigo do médico do cárcere, Francisco Bustelo, e entre os dous emprenderon un lucrativo negocio aprovitándose dos presos que tiñan unha boa posición económica. Tratábase sinxelamente do tráfico cos detidos. Ao principio dedicáronse cautelosamente a explotar só aqueles presos que segundo as súas referencias ían ser liberados en breve. Aos que se achaban en tales circunstancias o Bustelo prometíalles xestionar a sú liberdade mediante algún diñeiro que, segundo dicía, sería preciso repartir entre varios funcionarios; o Lago Búa logo confirmaba a oferta do seu cómplice, que facía a función de 'gancho', e o detido axiña apuraba a súa familia para entregar as cantidades esixidas ou asinaba el propio os cheques necesarios. De seguida aqueles dous homes cobizosos ampliarom o seu negocio dedicándose a extraer importantes sumas aos presos endiñeirados, tivesen ou non probabilidades de seren liberados. Houbo un preso, home de dereitas por certo, o doutor José Ramón de Castro, a quen con promesas de liberación que nunca se cumprían, chegaron a quitar unha diñeirada. Segundo parece, o doutor Castro asinoulles cheques por valor de corenta mil pesos. A partir destas disponibilidades económicas, o Bustelo e o Lago Búa tentaron con éxito a posibilidade de subornar efectivamente xuíces, maxistrados e autoridades dedicándose ao negocio en grande escala. Lago Búa ficara a mais coa contrata da alimentación dos presos do lazareto de San simón e ao mesmo tempo coa da cantina desta prisión".

Como pode apreciar-se, de concedermos fidedignidade a este relato a rede dos extorsionadores estava bem montada, aproveitando a ampla marge de impunidade que fornecíam tanto o contexto de terror que se vivia como os próprios cargos, mesmo uniformados, que detentavam. Mas nom lhes valeu por muito tempo, neste caso. Poisque o tal doutor Castro conseguiu mover certas influências militares e o calote foi descoberto. Lago e Bustelo fôrom presos, processados e executados em Janeiro de 1937, arrastando trás de si na sua queda vários dos seus cúmplices das altas esferas, nomeadamente o capitám Gândara, xefe da Oficina de Orde Pública, e mais o tenente-coronel da Guardia Civil Macarrón Piudo, governador militar da província de Pontevedra, que fôrom destituídos. Salvou em troques a vida o tenente Rabioso –a quem estranhamente nom menciona esta versom anónima do episódio– ao parecer graças à mediaçom dos seus amigos da Falange, que o conseguírom tirar do cárcere e evitar o seu fusilamento.

Enfím, casos como este nom fam senom pôr de relevo a indefensom, mesmo extrema, em que os encarcerados se encontravam a respeito dos seus custódios. Porém, o desfecho aparentemente justiceiro da história nom deve chamar-nos a engano. É mais que provável que Lago Búa e mais Mosteiro fossem liquidados expeditivamente, a guisa de chivos expiatórios, para quitá-los do meio e evitar que a imundícia salferisse a persoeiros mais importantes que os que inevitavelmente resultárom cessados. Nom por acaso, a corrupçom e a podrémia abrangiam a totalidade das estruturas estatais emanadas do 18 de Julho e, como temos apontado noutro lugar, somentes fôrom atalhadas quando o escândalo era de tal calibre que podia comprometer a image exterior do regime, ou também, naturalmente, quando as ambiçons de determinadas personages corruptas eram consideradas desmedidas ou atentatórias contra a sua suprema autoridade por parte do Caudilho. Aqui, no episódio que nos ocupa e a julgar por algumha das versons que sobre ele circulárom, parece ser que as autoridades franquistas figérom o possível por botar terra no assunto, apesar do qual se vírom obrigadas a adoptar as medidas anteriormente sinaladas. Seja como for, ao Lago Búa nom lhe valeu para livrar do paredom o ter sido colaborador estreito do general Mola em Pamplona nos primeiros dias da sublevaçom[13].

Um outro feito que merece ser salientado e do que temos algumhas referências dispersas é a existência de cidadáns portugueses a colaborarem com as actividades repressivas das "esquadras do mencer" galegas e na vigilância de presos. Hai constância da sua presença ao menos em Cangas do Morraço e no penal da Ilha de Sam Simom. Provavelmente se tratase de indivíduos integrados na Legião Portuguesa ou outra instituiçom similar das inerentes ao fascismo luso. De resto, a sua participaçom nas citadas tarefas nom resulta surpreendente de termos em conta a estreita cooperaçom que a ditadira salazarista mantivo com a sua homóloga franquista neste e noutros terrenos. Lembremos que a passage de muitos fugidos galegos ao país vizinho na procura de acobilho se convertera para muitos deles (nom assi para outros, graças a enorme solidariedade do povo português) numha trampa mortal, pois que tanto a Guarda Nacional Republicana como a Guarda Fiscal, operantes na raia, tinham ordes estritas de entregarem os evadidos às autoridades espanholas ou às hostes da Falange com o destino que cabia imaginar. Com sobrada razom, portanto, se tem qualificado nalgumha ocasiom ao Estado Novo como "o grande aliado de Franco".

E nom foi só Portugal. Deixando à parte a Alemanha nazi e mais a Itália fascista cujo concurso foi determinante para a vitória

do Exército franquista na nossa guerra civil e cujos representantes políticos e militares tinham assento na base militar de Ferrol, em Vigo e noutras cidades galegas, outros países contribuírom também com o seu graocinho de areia à repressom do republicanismo galego e conseguinte consolidaçom do fascismo na nossa terra. Estou-me a referir a estados latinoamericanos como Argentina e outros, comandados por ditadores de diversa pelage, dos que se sabe que os seus consulados na Galiza colaborárom abertamente com os insurgentes, denegando acreditaçons aos seus concidadáns filhos de galegos que buscabam refúgio na sua condiçom de estrangeiros e nas correspondentes salvaguardas diplomáticas. Graças a estas manobras, vários centos de "súbditos"argentinos dêrom com os seus ossos na cadeia e muitos deles seriam recrutados à força no Exército nacional. Radicalmente diferente foi, em troques, a atitude das autoridades consulares do Uruguai, México e Cuba.

Para terminar este apartado adicado às prisons digamos que nestas se distribuía, como "compensaçom" à proibiçom de introduzir imprensa de fora –mália o total alinhamento desta como o regime– o jornal intitulado Redención. Impresso nas tipografias da Prensa Católica, o seu inspirador nom foi outro que o jesuíta Pérez del Pulgar, fundador e presidente do Patronato de Redención de Penas por el Trabajo, de triste memória. Dirigido tanto aos presos como às suas famílias, sustentava-se a base de subscriçons "voluntárias" de duas pesetas, hábilmente incentivadas mediante o benefício suplementar de duas comunicaçons e um cartom postal por semana a que davam direito. Participavam na sua redacçom, além de turiferários do regime, alguns reclusos à procura do favor oficial. Quanto aos seu contidos, reiteravam a consabida latricada dos vencedores com a mistura de tópicos e andrómenas nacional-católico- falangistas ao uso. Também servia ocasionalmente de boletim oficioso das autoridades penitenciárias à hora de fazerem públicos os "logros" do seu plano de "reeducaçom" dos penados[14].

Cumprida a condena mais ou menos longa, produzia-se a excarceraçom e o preso, ou presa, tornava à vida civil. Reencontravase daquela com os familiares e amigos sobreviventes, com o bairro, aldeia ou vila de nascença ou de adopçom, mas nom com a liberdade. De maneira nengumha com a liberdade. Porque estar libre, ou seja nom encarcerado, na Espanha de Franco era "apresentar-se à Guardia Civil regularmente, ou ires a casa, e um ano despois, ou mais, ou menos, seres chamado a filas para fazer a mili de Franco, passando primeiro pola Caixa de Recrutamento, logo a um Batalhom Disciplinário de Soldados Trabalhadores Penados, como mínimo o tempo normal da quinta"; como também ver-se despedido do trabalho, ou inabilitado para exercer a profissom e confi-

nado nas lindes de um determinado município durante anos e anos; atopar-se com os vizinhos de toda a vida aferrolhados pola fame, o terror e mais o silêncio; com o entorno que dera sentido ao próprio existir social e laboral desprovisto dos vínculos comunitário-afectivos de outrora, quebrados implacavelmente pola repressom; era, enfim, ser inscrito sem mais requilórios como CAR (católico apostólico romano) em diversas instâncias oficiais, nomeadamente as militares; precisar, para poder circular polo território nacional, de um salvoconduto policial canda a correspondente certificaçom parroquial de ter cumprido o preceito pascual... e assi por diante. Nom surpreende, já que logo, a decepçom e o desânimo que, mesmo umha personalidade tam reja como a da Isabel Rios, se vê abocada a experimentar no momento da sua excarceraçom: "Cando saio em liberdade o silêncio de Espanha impressiona-me fondamente. Ninguém di umha palavra sobre tanto crime e tanta dor. É como se realmente nom tivessem transcorrido quarenta anos de terror, ou como se tivéssemos estado mergulhados num sopor e perdido a memória". É a mesma impressom deprimente que encontra Garcia Durám na sua tomada de contacto com a realidade de extra-muros: "Ao dia seguinte viñeron os meus pais. ¡Que vellos estaban! Coca xa tiña máis cabelo branco que negro; e papá estaba moi delgado. Despois de abrazarnos sentamos, e Coca, enxugando as bágoas e sen deixar de mirarme, dicíame: ´¡Que cambiado estás! Ata a túa voz soa diferente. Falas... non sei como. ¿Pasaches moita fame? ¿Sufriches moito? Pobre filliño, e eu sen poder valerte' O meu pai gardaba silencio e mirábame. E os seus ollos, cun brillo esmorecido, impresionábanme, dábanme pena. Sei o que pensaba: todo estaba perdido. Eu non podía volver á casa. O taller, embargado. Sen medios e tendo que traballar moi duro para mal comer. A miña nai mirounos aos dous". Até umha persoa de posiçom social abastada e, portanto, em situaçom bem menos angustiosa –mália que nom isenta de perigo– como Ana Mª Alvajar, na altura apenas umha adolescente afastada dos seus pais exiliados, tem deixado testemunho nas suas memórias de aquele ambiente de terror, miséria material e moral e mediocridade intelectual, mistura de quartel e sancristia, em que se convertera a vida cotiá da mam dos artífices da Victoria. E é que, como tem assinalado Nicolás Sánchez Albornoz , "em matéria de liberdade, o cárcere e a rua diferenciavam-se só num grau. Espanha inteira –deve-se recordar– era daquela umha imensa prisom"[15].

Os campos de concentraçom e extermínio na Galiza

Para além dos cárceres houvo em território galego campos de trabalhos forçados e campos de concentraçom. Alguns destes

últimos eram em realidade armazéns de prisioneiros destinados a extermínio mediante fusilamento.

Os campos franquistas em tempo de guerra respondérom a um duplo carácter. Por um lado, preventivo, na medida em que neles nom se cumpriam penas senom que serviam para internar e classificar os membros do Exército Popular Republicano derrotado com vistas à depuraçom de responsabilidades políticas. E, por outro lado, provisional, já que a sua perdurabilidade nom estivo regulamentada de maneira uniforme; antes ao contrário, fôrom concebidos com mentes de caducidade determinada pola essência das suas funçons, estratégicas ou sociais, asegum os casos. De qualquer jeito, e em opiniom de Javier Rodrigo Sánchez, supugérom um primeiro grilhom na cadeia depuradora sobre os combatentes anti-fascistas capturados "no sentido militar, intendente e estratégico (o internamento, a classificaçom e mais o aproveitamento dos soldados reincorporados à frente), o funcional e económico (a formaçom de esquadras de trabalhadores forçosos) e o moral e ideológico (a propaganda, a demagógia do trabalho, a reevangelizaçom e a reeducaçom como veículos para a 'regeneraçom' do prisioneiro); a mais, no social (a imposiçom de condiçons de vida polo geral infraumanas, a repressom física directa e os assassinatos, a exigência de classificaçom como direito emanado da lei da vitória). Fôrom, portanto, lugares nom só de classificaçom do persoal militar, mas também de exclusom, de aplicaçom e imposiçom da lei da vitória. E existírom mormente para prisioneiros de guerra, nom para penados".

A orige dos campos remonta-se a Dezembro de 1936, pero nom seria até à primavera do ano seguinte que o sistema concentracionário alcançasse plena concretizaçom. O seu ponto culminante foi a criaçom, em Julho do 37, da Inspecçom de Campos de Concentraçom de Prisioneiros. Este organismo, com sede em Burgos e sob direcçom do coronel Martín Pinillos, tinha por missom a catalogaçom dos prisioneiros a fim de estabelecer o seu grau de afecçom ou desafecçom ao Glorioso Movimiento. Distinguiam-se ao efeito quatro graus, em virtude da Orde Geral de Classificaçom do 11 de Março de 1937: A (afectos), B (voluntários nas fileiras republicanas sem responsabilidades político-sociais), C (inimigos da Pátria e do Movimiento Nacional, possíveis responsáveis do delito de 'rebeliom militar' ou dissidência sócio-política; dirigentes, xefes e oficiais do Exército Republicano) e D (responsáveis provados de delitos comuns). Nem que dizer tem que quem interessava especialmente identificar, com visos de vingança e 'castigo exemplar' eram as persoas englobadas na categoria C, aquela "horda de assassinos e foragidos" alçados "contra o

Exército Nacional" que na sua degeneraçom arrastara "como menos culpáveis, uns velhacos enganados por umha propaganda infame". De entre eles, por certo, resultariam perseguidos com singular sanha os comissários políticos, quer dizer, o corpo de instrutores político-ideológicos dos combatentes do Exército Popular Republicano, a quem se atribuía, logicamente, a inoculaçom da tal "propaganda infame" e que contou com numerosos representantes galegos, simbolizados se acaso pola figura do mais conhecido deles, o comunista Santiago Álvarez.

Inicialmente, o regime fascista tentou abrir um macro-processo de investigaçom recadando informes sobre cada prisioneiro a fim de depurar as suas correspondentes responsabilidades, se as houvesse, ou, onde nom, proceder à sua libertaçom. Mas o procedimento demonstrou-se inviável e, em consequência, os réus fôrom obrigados a buscarem por si próprios os avais pertinentes que, ainda quando conseguidos, nom garantiam nem muito menos a excarceraçom do investigado e o sobresseimento da causa. O caso é que, em tempo de guerra, toda a geografia espanhola se viu salferida, aqui e acolá, de centros de reclusom, já fosse ao ar livre, com arames farpados, garitas de vigilância armada e cans encirrados, já baixo cuberto, em recintos escangalhados e anti-higiénicos. E ainda se havia incrementar o seu número de forma importante apartir de 1939. Segundo algumha estimaçom, chegariam a passar polos campos de concentraçom espanhóis ao longo de todo o período arredor de 700.000 persoas. De resto, o desmantelamento dos mesmos nom se ia realizar com a celeridade que as autoridades tinham previsto. Ainda em 1944, e por razons mais que nada relacionadas com a conjuntura internacional (a II Guerra Mundial), permaneciam abertos diversos recintos, baralhando-se mesmo a possibilidade de construír outros novos num seródio rexurdir do universo concentracionário franquista. Longa provisoriedade essa, a dos campos da Espanha da Victoria...

E que dizermos das condiçons de vida e regime disciplinário interno neles imperante? Pouco que o leitor ou leitora nom tenha imaginado já. Partindo do seu induvitável objectivo repressivo, os campos convertérom-se, como as cadeias, num grande instrumento de humilhaçom, sofrimento e, muitas vezes, também de morte para os ex-combatentesd do Exército Popular. A fame foi elemento quotidiano, como os maus tratos, as malheiras, o amoreamento e a imundícia, a engadir a um longo ronsel de penalidades: "as sacas dos campos, os fusilamentos a plena luz do dia com os prisioneiros a formar, as 'grelhas' –quadriláteros de arame de espinho, onde os prisioneiros indisciplinados eram submetidos a fame e sede– os disparos de noite sobre dos prisioneiros e cousas

mais mundanas como os piolhos, as enfermidades, as defecaçons impossíveis por falta de água, em suma as condiçons de vida de muitos campos onde a imprevisom dos mandos nacionales fijo da estadia dos prisioneiros um suplício". O repertório, porém, nom se esgota nas penúrias físicas, poisque a pretensom reeducativa, regeneradora e evangelizadora do sistema concentracionário –mais clara nos campos de trabalhos forçados pero mui difusa nos de índole meramente classificatória– comportava também elementos de humilhaçom psicológica igualmente inerentes à violência estrutural do regime: "içadas e arriadas de bandeira [monárquica, naturalmente], formaçons –duas vezes cada dia à parte das da distribuiçom da comida– e mais actos públicos como as conferências 'religioso-patrióticas'"; a censura da correspondência, a proibiçom das visitas de familiares, registos, revistas, pescudas, "cursos de refutaçom do marxismo", etc.; sem contar com os omnipresentes "serviços religiosos" a cargo do cura de turno. Buscava-se, em ressumidas contas, nom só castigar, mas dobregar e transformar o preso; destruír completamente a sua identidade[16].

Na Galiza está constatada a existência de campos de concentraçom nas localidades a seguir: Cedeira, Ferrol, Muros, Rianjo, Camposancos, Ribadeu, Santa Maria de Oia e Celanova (abertos todos oito em 1937); Padrom, Santiago de Compostela-Lavacolha, A Corunha [dous na mesma capital], Póvoa do Caraminhal e Monteferro (em 1938-39); mais Noia, Betanços, Mugardos, Vilarbacú e Figueirido (em data indeterminada). Infelizmente é mui escassa e desigual a informaçom que sobre eles possuímos. E nem sempre é doado esclarecer a sua fasquia, isto é, se se tratava de recintos estritamente classificatórios ou de campos de trabalhos forçados. Como em tantas outras ocasions, teremos que aguardar polo resultado de futuras investigaçons a nos despejarem o panorama de sombras e de dúvidas. O que si sabemos é que o persoal recluído nestas instalaçons foi na sua imensa maioria de procedência forânea, nomeadamente asturianos, bascos, cántabros e, em geral, combatentes republicanos capturados quando a queda da frente Norte, entre Junho e Outubro de 1937. Muitíssimos deles seriam fusilados despois do seu internamento e subsequente conselho de guerra. Daí que, ainda non sendo apropriado assimilar sem mais o sistema de campos de concentraçom franquista ao da Alemanha nazi– poisque tecnicamente fôrom diferentes –o facto de vários daqueles terem funcionado como depósito de homes destinados ao matadoiro converteu-nos na prática em campos de extermínio. O de Camposancos seria, entre os da nossa terra, o de mais sinistra memória.

Passemos revista agora ao estado dos nossos conhecimentos acerca de cada um deles.

O chamado Campo de Concentraçom de Presentados e Prisioneiros de Cedeira estivo ubicado nas instalaçons de umha velha fábrica de salga, sobre da mesma praia da vila. Estivérom recluídas nele persoas provenientes de Astúrias capturadas quer em terra, no mesmo Principado, quer no mar, ao tentarem fugir por barco cara a França ou mesmo arribar nas costas do Norte da Galiza. A primeira quenda de presos chegou a princípios de Novembro de 1937. Transportados por mar até Ribadeu, passariam despois a Ferrol, daqui À Corunha para serem identificados e, finalmente, embarcados rumo a Cedeira no vapor Llodio.

Neste campo funcionou umha Comissom Classificadora de Prisioneiros e Presentados que continuou os labores de identificaçom, filiaçom e classificaçom iniciadas n'A Corunha. Umha vez classificados, os prisioneiros eram transladados em grupos para serem submetidos a conselho de guerra polos tribunais militares permanentes actuantes em Astúrias. O translado fazia-se polo caminho de ferro até Leom, fazendo noite no campo de concentraçom de Sam Marcos e continuando outravolta por trem até Oviedo ou Gijón, em cujos cárceres ficavam internados. À marge disto, o campo recebeu desde o primeiro momento esporádicas visitas de falangistas a seleccionarem presos que mais tarde "passeavam".

Tocante às condiçons do recinto, um informe da Inspecçom de Campos datado em Junho de 1938 afirmava o seguinte:

"Antiga fábrica de salgazons abandonada em pésimas condiçons situada na praia da vila. Consta de dous pavilhons com más cubertas e janelas, o que fai que penetre a água, o ar e mais a areia. Arrodeados de outras fábricas de salgazons.

"Comunicaçons.- Estrada de segunda categoria a 17 Km. da geral com enlace em Mera.

"Capacidade.- Cento oitente e nove homes.

"Água de beber.- Nom tem produçom de águas e a de beber hai que trae-la em baldes em péssimas condiçons higiénicas.

"Água de asseio.- Utiliza-se a de um regato que passa perto do campo e está mui contaminada com detritus orgânicos.

"Retretes.- Nom existem e os excrementos recolhem-se durante o dia em fojas e pola noite em recipientes que se livram pola manhá.

"Enfermaria.- Nom existe e os enfermos evacuam-se ao Hospital Militar de Ferrol.

Ressumo.- Este campo pola sua escassíssima capacidade e polas péssimas condiçons higiénicas deve desaparecer e os prisio-

neiros que nele existem actualmente, que som trescentos quatro, sejam transladados a outros campos".

Bastantes destes prisioneiros, em número ainda nom determinado e pendente de investigaçom, seriam executados. E a pergunta a seguir é: eram traídos de volta a Cedeira logo do conselho de guerra em Astúrias? Diria-se que si, pois segundo alguns testemunhos orais os fusilamentos tinham lugar no cercano areial de Vilarrube (concelho de Valdovinho), onde posteriormente se enterravam os cadáveres. Ao parecer também se registárom mortes por doenças relacionadas com as más condiçons do campo e mesmo algum suicídio. No Registo Civil de Cedeira constam as defunçons de Silvino Méndez Blanco, acaecida entre as 19 e as 20 horas do dia 27 de Fevereiro de 1938 a consequência de asfíxia por imersom, e de Miguel Rodríguez García, às 7:10 horas do 21 de Setembro de 1938, produzida por hemotise de orige tuberculosa. Ambos os dous eram asturianos: o primeiro natural de Avilés, filho de Tomás e Adela, de 25 anos, solteiro; o segundo de Gijón, de 21 anos.

Em Julho de 1938 havia no campo de Cedeira, segundo fontes oficiais, 304 presos, o que supunha um 67% de sobreocupaçom sobre a sua capacidade real.

O campo de concentraçom de La Escollera (Ferrol) situava-se dentro do perímetro da base naval, na zona popularmente conhecida como "O Dique". Ali fôrom dar com os seus ossos as dotaçons de marinharia e inúmeros paisanos apreixados com o galho da sublevaçom militar na cidade departamental e unidades navais anexas. Adicionalmente, habilitárom-se como prisons flotantes o correio da Companhia Transmediterrânea Plus Ultra e mais o vapor Génova.

Também fôrom conduzidos a este campo as tripulaçons dos cargueiros e pesqueiros republicanos capturados pola Marinha fascista no Cantábrico, com vistas à sua classificaçom e, no seu caso, submetimento a conselho de guerra.

Durante a II Guerra Mundial diversos marinhos de guerra de nacionalidade alemá, cujos buques foram afundidos ou inutilizados, permanecérom alojados neste campo –supom-se que em condiçons bem mais benignas que os prisioneiros de guerra republicanos– até à sua repatriaçom. Para além disso, a presença de adestradores e conselheiros militares nazis na base ferrolá foi mui relevante durante os anos da guerra civil, como mais adiante comentaremos.

O campo de concentraçom de Muros de Sam Pedro abriu as suas portas em Novembro de 1937 com a chegada das primeiras remessas de presos asturianos. Procediam do porto d'A corunha e fôrom transportados até à ria muradá por autobús e a bordo do vapor Llodio.

Ubicado nuns galpons mesmo à beira do mar, este recinto nom aparece mencionado no informe da Inspecçom de Campos de Junho de 1938, o que fai suspeitar que daquela já tivesse sido clausurado. Segundo dados do Registo Civil da vila, produziu-se ali o falecimento de tam só um interno, por causa de hemorrágia cerebral. Chamava-se Pedro Boto Riesgo e era natural de Santa Marina (Oviedo), de 75 anos. Finou às 7:45 horas do 17 de Janeiro de 1938.

Desconhecemos polo momento se se registárom execuçons extra-legais, quer dizer, "passeios" de reclusos deste campo.

Igualmente instalado no prédio de umha antiga conserveira, e à beira da ria de Arousa, o campo de concentraçom de Rianjo chegou a acolher mais de mil prisioneiros procedentes da praça de touros de Gijón. Arribárom ali a bordo do vapor Alfonso Serra a finais de 1937. Em Junho de 1938, porém, já só quedavam 72 apesar de a capacidade do recinto estar estimada em 572 praças.

Os equipamentos do recinto consistiam numha enfermaria com quinze camas, seis retretes e subministro de água potável. Esta última achava-se racionada, ao ponto de os presos passarem sede. Para além disso, quatro dos excusados ficárom logo inutilizados, polo que houvérom de ser substituídos por fojas; e na enfermaria os doentes que nom tinham acesso a umha das quinze camas dormírom no cham de cimento até que os paisanos do lugar lhes levárom palha.

A vida no interior do campo iniciava-se às sete da manhá sob toque de diana. Despois içava-se a bandeira e cantava-se o Cara al Sol. À parte das duas horas de passeio de manhá e outras tantas de tarde, seique havia também umha hora de sessom gimnástica dirigida polo jogador do Sporting (e preso) Armando Quirós. A vigilância corria a cargo de soldados e, em aplicaçom da política de redençom de penas polo trabalho –da que mais tarde se falará– alguns reclusos "voluntários" participárom nos trabalhos de recheio do porto. Quanto aos envios de comida e outros petrechos procedentes dos familiares, a miúdo eram interceptados e o seu contido mirrado pola depredaçom dos guardas.

Segundo dados do Registo Civil da localidade falecérom neste campo doze persoas. Nom obstante devérom ter sido muitas mais, se engadimos aos mortos por enfermidade os "passeados" polos falangistas, dos que existe constância e cujo número e identificaçom persoal nom figuram nas estatísticas oficiais.

Prendida na memória de alguns superviventes fica a atitude solidária da populaçom da contorna, a mais do comportamento relativamente humanitário de algum suboficial de guarda.

Os catro campos citados som os únicos de entre os pertencentes à província d'A Corunha para os que contamos com algumha informaçom, como se bota de ver bem concisa. Diferente

é o caso do campo de concentraçom de Camposancos, situado no concelho pontevedrês d'A Guarda. À parte de algum testemunho oral, dispomos de dados relativos a diversos conselhos de guerra colectivos que nele se celebrárom, com destaque para a composiçom dos tribunais julgadores, os nomes dos encausados e as penas impostas.

Os devanditos conselhos, ou julgamentos-farsa, tivérom lugar durante os meses de Junho, Julho e Agosto de 1938 e fôrom presididos polo tribunal militar permanente (sic) nº 1, procedente de Gijón. Achava-se este composto polas seguintes personalidades: comandante de cavalaria Luís de Vicente Sasiaín (presidente); capitám de infantaria Manuel Toimil Pérez, tenente de infantaria Juan Martínez Pérez, alferes da Guarda Civil Elías Losada Fernández (vogais); capitám honorífico do corpo jurídico militar Julio García Rosado (relator); alferes honorífico do corpo jurídico militar Guillermo Rodríguez Quirós; capitám de infantaria Amable Cervinho (defensor) Por certo que, trás a sua participaçom em diversos os conselhos de guerra em terras asturianas, os devanditos militares transladárom-se a Camposancos sem ter sequera concluído a sua missom punitiva na regiom vizinha (de facto tivérom de ser substituídos ali por outro tribunal, o nº 3), o que pudera ser indicativo da importância atribuída aos processos que se estavam a ventilar no intre na Galiza. Nom seria de estranhar, com efeito, que entre os aqui encausados figurassem numerosos quadros e responsáveis político-militares do regime republicano recém abatido no Norte, como parece sugerir a alta percentage de penas de morte ditadas.

A maioria destes homes foram apreixados em alta mar polas unidades da Marinha fascista ao tentarem ganhar as costas francesas a bordo de barcos pesqueiros e de carga. A quase totalidade deles eram naturais ou vizinhos de Astúrias e do Norte das províncias de Paléncia e Leom, havendo assi e tudo uns poucos galegos, cántabros e bascos. De entre os galegos, alguns foram desertores do Exército de Franco passados às fileiras republicanas; outros provavelmente tivessem combatido pola República nos batalhóns de obreiros galaicos organizados em Astúrias e em Euskadi nos primeiros meses da guerra. Seja como for, a todos lhes tocou comparecer nalgum dos trinta e um conselhos de guerra celebrados em Camposancos dos que se tem constância certa (segundo alguns indícios puderom ter sido mais, prolongando-se as sessons durante os meses a seguir de Agosto do 38, pois que certos testemunhos orais falam de até seis conselhos de guerra diários, três pola manhá e três pola tarde, com quendas de a vinte presos em cada um). A estatística destes trinta conselhos é a seguinte:

- Total de prisioneiros encausados: 527.
- Condenados a pena de morte: 225 (42,69%).
- Fusilados: 171 (32, 44%).
- Comutada a pena de morte: 54 (por cadeia perpétua).
- Condenados a cadeia perpétua: 84 (26, 18%).
- Condenados a vinte anos: 118 (22, 39%).
- Condenados a quinze anos: 51 (9,67%).
- Condenados a doze anos: 9 (1,70%).
- Condenados a menos de dez anos: 3 (0,56%).
- Absolvidos: 37 (7,02%).
- Falecidos na prisom: 8 (de tuberculose pulmonar, meningite tuberculosa e outras doenças, cifra provisória e pendente de confirmaçom).

A execuçom dos condenados a morte tivo lugar em diversos pontos da geografia galega: Pontevedra (no Km 1 da Avenida do Uruguai), Vigo (habitualmente na fortaleza do Castro), Tui, a Ilha de Sam Simom, Ourense (no quartel de Sam Francisco), Celanova (provavelmente na prisom e campo de concentraçom)...; se quadra também noutros lugares. Despois de cada conselho de guerra, os réus eram transladados ao ponto de destino, fusilados em pequenos grupos e enterrados nos cimetérios das respectivas localidades. Tal parece que as autoridades franquistas, polas razons que fosse, nom tivérom interesse num macro-fusilamento massivo semelhante ao dos marinheiros do encouraçado Espanha em 1936 (bem que neste último caso os condenados compartilharam um mesmo e único conselho de guerra). Em troques, e como contrapartida, resulta rechamante o nutrido de algum dos piquetes encarregados das execuçons, nomeadamente aquel que exerceu a sua sinistra funçom no dia 21 de Março, no ourensano quartel de Sam Francisco, contra treze prisioneiros: "Para a execuçom –estabelecia a autoridade militar competente– dispom-se que tenha lugar no dia 21, às sete horas, na explanada do quartel de Sam Francisco, en cujo quartel (sic) estará instalada a capela, onde ingressarám os réus às quatro horas. Os sacerdotes que lhes ham prestar os auxílios espirituaus serám os que designar o encarregado de assuntos eclesiásticos militares desta província, capelám 1º dom Agustín Mosquera Gil. O piquete encarregado de cumprir a sentença estará composto de 52 indivíduos ao mando de um suboficial, cuja força será designada polo Excmo. Sr. Governador Civil de entre os componentes do instituto da Guardia Civil e corpo de Segurança".

Como nom podia ser menos, o amargo recordo de Camposancos calhou fondo na memória popular. Um supervivente de aqueles trágicos dias, o comunista redondelám Manuel Barros, preso na

altura em Sam Simom, evocava nom hai muito umha de tantas operaçons de extermínio de homes novos na plenitude da sua vida de que ele mesmo foi testemunha: "Entonces chegaron uns condenados a morte de aí, do norte. Chegaron unha serie de asturianos, vascos e santanderinos condenados a morte. Colleron un barco cando marchaba para Francia, e entonces trouxéronos para Camposancos. E de Camposancos, pois, trasladaron a todos os condenados a morte para distintos cárceres, entre eles o lazareto. Había alí trinta, de onde mataron a seis".

Para terminar estes apontamentos respeito a Camposancos, acrescentemos que os 527 prisioneiros processados nom constituíam a totalidade da populaçom reclusa do campo. Esta ascendia em Julho de 1938, isto é, em plena fogage dos conselhos de guerra, a 1076 internos, que sobardavam num 22,55% a capacidade oficial das instalaçons, cifrada em 878 praças.

Dos restantes campos de concentraçom em território galego, e deixando de momento à parte os campos de trabalho em sentido estrito, só temos informaçom do de Celanova, abordado pola monografia de Rodríguez Teijeiro Longa Noite de Pedra no Convento de San Salvador. Também ali os asturianos fôrom maioria: 870 frente a tam só 42 do país em 1938, mália num princípio ter acolhido a cadeia numerosos presos galegos de todo a comarca limiá. As condiçons de amoreamento, insalubridade e fame eram as habituais. Conhece-se a existência de ao menos um álbum de prisom, confeccionado polo prisioneiro astur Luis Alonso Sánchez com textos e desenhos da sua autoria e da de outros reclusos. Até onde sabemos, celebrárom-se certames literários entre a populaçom reclusa, polo menos durante o ano 1940[17].

O franquismo nom se contentou com encarcerar e fusilar massivamente os seus opositores. Também se aproveitou avondosamente do trabalho forçado dos presos políticos sob umha diversidade de fórmulas que oscilam entre a escravatura pura e simples e as corveas ou searas própias da servidume medieval.

Um gigantesco entramado de exploraçom de mam de obra de balde botou-se a andar apartir da concesom aos prisioneiros de guerra e presos políticos do "direito a trabalhar" (Decreto de 28 de Maio de 1937), entendido, era-che boa, como "direito-obriga". A verdade é que, por muito que as autoridades do regime se empenhassem em salientar as presuntas vantages derivadas do facto de os reclusos se manterem polos seus próprios meios auxiliando, de passage, materialmente as sua famílias desvalidas, o objectivo fundamental a perseguir era livrar o Estado da enorme carga económica que supunha a populaçom carcerária. E, paralelamente, utilizar "a sua força de trabalho como método de castigo, de

expiaçom de pena e, mais que nada, como forma de gerar um benefício material para o Estado, crucial nestes momentos em que era necessário fazer frente ao esforço de guerra". Assi as cousas, o projecto tomou corpo com a criaçom, em Outubro de 1938 do chamado sistema de Redençom de Penas polo Trabalho, em opiniom de Francisco Moreno "umha espécie de bençom dos trabalhos forçados na que iam da mam a maquinária repressiva do regime com os princípios 'reeducadores' do nacional-catolicismo". A ideia era clara: dado que os vencidos foram os causantes da guerra e toda a sua sequela de desgraças, que reconstruíssem eles o destruído e fossem, por umha vez nas suas vidas, úteis a Espanha.

O tal sistema, e com ele o Patronato que lhe deu acobilho, foi ideado polo jesuíta Pérez del Pulgar no meio da contenda bélica. Nele fundiam-se o objectivo declaradamente económico (a exploraçom de força de trabalho a preço de riso, ou mesmo gratuíta) com o religioso ou ideológico-propagandístico: o labor de apostolado em favor da melhora espiritual e política dos presos ou, o que vem sendo o mesmo, a erradicaçom das ideias "marxistas" e a sua substituiçom polas católicas, numha indissimulada operaçom de repressom ideológica sem contemplaçons. Claro que nom tudo ia ser jauja: os maçons e os comunistas ficavam expressamente excluídos de tam salvífico benefício (o mesmo que... os estraperlistas!!); e os que tentaram fugar-se [surpreendidos em flagrante] ou cometeram un novo delito com posterioridade à condena passavam directamente a desempenhar os trabalhos mais duros sem direito a jornal nengum. E para que ninguém se despistasse, desde Novembro de 1940 foi requisito imprescindível para reduzir dias de condena ter alcançado um certo nível de instruçom cultural e religiosa, o que, falando em prata, significava ter que aprender obrigatoriamente a doutrina católica impartida polos capeláns. Em 1944 o Código Penal acabaria sancionando a ampliaçom dos benefícios do sistema aos presos comuns, o que indirectamente vinha redundar na pretensom do regime de que nom existiam na Espanha nacional presos políticos.

Tocante ao salário que previa o Patronato (rebaptizado Patronato Nuestra Señora de la Merced em 1942), era de duas pesetas diárias, das que 1,50 eram requisitadas em conceito de mantença. Os 50 céntimos restantes entregavam-se ao preso no fim da semana. Se este era casado (pola Igreja, claro está), o jornal ascendia a 4 pesetas, mais umha peseta adicional por cada filho menor de quinze anos. Em qualquer caso, longe das 10 pesetas de salário médio oficialmente vigentes em 1936.

O sistema de Redençom de Penas polo Trabalho começou a aplicar-se no primeiro de Janeiro de 1939. Segundo algumhas estimaçons, o número de prisioneiros atingidos a finais desse ano era

tam só de 12.781: um 4,56% do total; por 18.739, ou seja, um 6,69% em 1940. Mas para o Outono de 1943 o Boletim Oficial da Direcçom Geral de Prisons apontava já 44. 925 presos, sendo 2.170 deles mulheres e 540 militares profissionais. Nessa altura havia 5.850 reclusos enquadrados nas Colónias Penitenciárias Militarizadas.

O regime de trabalhos forçados sujeito aos auspícios do Patronato apresentava, em linhas gerais, cinco ou seis modalidades. A primeira era a dos Batalhons Disciplinários de Trabalhadores ou, abreviadamente, Batalhons de Trabalho. Predominava neles o aquel de castigo por riba da "redençom" e eram ponto de destino quase obrigado dos classificados como desafectos na sua passage prévia polos campos de concentraçom, assi como dos moços de recrutamento igualmente catalogados como desafectos polas Juntas Locais de Classificaçom, que fôrom condenados a recuncar no serviço militar durante três anos mais, agora no Exército de Franco. A sua força de trabalho era cedida ou alugada a empresas privadas a preço de saldo, com o conseguinte negócio tanto para elas como para o Estado subministrador. As condiçons laborais adoitavam ser duríssimas e a mortalidade, por fame, frio, doenças, esgotamento ou torturas, alta.

A segunda modalidade achava-se representada polos Trabalhos em Regions Devastadas, consonte o Decreto do Ministério do Interior de 25 de Março de 1938. Em 1940 seique se encontravam empregados nestes trabalhos 2.034 presos, que se elevárom a 4.075 em 1943.

A terceira modalidade era a das Colónias Penitenciárias Militarizadas, argalhadas `para "benefício moral" dos penados e, sobretudo, para benefício do Estado e de determinadas empresas. Respondiam ao critério de utilizar o trabalho dos prisioneiros sob pretexto de compensar as "crescentes quantidades" que o governo destinava aos cárceres; e a militarizaçom do serviço justificava-se polo facto de os penados estarem a purgar a sua culpa em lugares situados longe das cadeias. Muitos destes trabalhadores fôrom empregados em obras hidráulicas em regime de prática servidume, do que tirárom especial proveito umhas oligarquias agrárias tradicionalmente reticentes a contribuírem à financiaçom de uns trabalhos de que eram as primeiras beneficiárias.

Mais frequente era, contudo, a exploraçom de mam de obra procedente dos Destacamentos Penais. Compunham estes destacamentos grupos mais ou menos numerosos de prisioneiros que eram contratados por entidades públicas, eclesiásticas ou, mais frequentemente, privadas. Os empresários a tirarem mais lucros destes operários à força fôrom os do ramo da construçom (por exemplo San Román e Banús, principais adjudicatários das obras

do Valle de los Caídos e com prometedor futuro, ao menos o segundo, no sector hostaleiro a desenvolver em fases posteriores da Ditadura). Também se beneficiarom as empresas mineiras, como as adicadas à extracçom de wolfrámio no nosso país.

Os Obradoiros Penitenciários constituíam umha fórmula de trabalho forçado no interior mesmo das cadeias. Criados em Abril de 1939, adicavam-se a labores de artes gráficas e carpintaria, entre outras. Construíam móveis para o Auxílio Social, bancos para igrejas, crucifixos para escolas...

Finalmente, existiam dentro dos presídios o que se conhecia como Destinos, quer dizer, trabalhos de mantimento nos seus diversos tipos: enfermaria, cozinha, economato, padaria, barbearia, escola, limpeza, fontanaria, electricidade, alvanelaria, carpintaria, escritórios, monaguilho, etc.

Na nossa terra estivérom representadas várias destas modalidades, nomeadamente os Batalhons Disciplinários, os Destacamentos Penais e mais os Destinos; e pode que algumha mais da que arestora nom temos notícia certa. À primeira categoria responde o Batalhom 28 (4ª companhia) com sede em Compostela empregado na construçom do campo de aviaçom de Lavacolha. Também, com toda provabilidade, o popularmente conhecido como campo de trabalho de Monteferro.

Do primeiro temos um testemunho oral emprestado por um dos seus integrantes, Pedro Gômez González: "Ali cometérom-se as canalhadas mais grandes; aquilo mandava-o um comandante de Engenheiros, o home mais desalmado que conhecim. Trabalhávamos oito horas cada Batalhom, um pola mahá e outro pola tarde. Para isso, o Batalhom da manhá tinha de estar formado às cinco. Davam-nos um caçolo de café e levavam-nos formados de cinco em cinco e colhidos das mans... Tínhamos que percorrer três kilómetros antes de chegarmos ao choio. O outro Batalhom entrava às treze horas, até às nove da noite. Quando nos davam a ceia, couves cocidas, eram já as onze da noite. O trabalho era abafante: tínhamos que cavar e carregar oito ou dez vagonetas de metro e meio de terra, e havia que levá-las por umha via, para irmos achançando uns outeiros. Roupa davam-nos mui pouca, e dinheiro nengum, a pesar de que aquelas obras as levava um contratista. Quando fugia algum companheiro, castigavam-nos a fazer instruçom logo do trabalho. Dous paisanos meus fugírom, e despois lêrom-nos no 'parte' que os pilhara a Guardia Civil na Estaçom de Leom, pero fixo que os matárom, porque ninguém soubo mais deles. A um outro paisano de meu, de Villaraltо, Alfonso Luna, zoscárom-lhe com um pau que tinha umha pontinha e cravárom-lha no braço. Quando o levárom ao hospital de Santiago, morreu ao dia seguinte,

vítima de umha gangrena. Passava-se muita fame. O coitado a quem a família nom lhe mandasse algo, estava condenado a morte. Acobilhavam-nos numha antiga fábrica de curtir peles, através de cujo teito, pola noite, víamos as estrelas, aterecidos com o frio. O comandante ria ao ver-nos e chamava-nos 'filhos da Pasionária'. Muitos companheiros já nom podiam trabalhar, porque nom tinham forças para andar e esvaíam-se".

Verbo do campo de Monteferro (Nigrám), sabe-se que foi criado em 1938 com o objectivo de fazer a estrada até ao cume e instalar um campo de tiro e de baterias de canhons. A vigilância dos presos e instalaçons corria a cargo da Falange e mais o Exército e o número de trabalhadores flutuava segundo as épocas. Em Maio de 1938 eram vinte, todos eles com ofício reconhecido mália que com distinta qualificaçom: 4 marinheiros, 4 jornaleiros, 2 lavradores, 2 alvanéis, 5 peons, 1 fontaneiro, 1 sapateiro e 1 cabo da Armada. Algo mais da metade (11) eram galegos, com predomínio absoluto da Galiza litoral; o resto eram bascos (4), castelhano-leoneses (2), de Madrid capital (1), asturianos (1) e estremenhos (1). Seique ao remate da guerra fôrom enviados também a trabalhar ao campo diversos soldados que estiveram luitando na frente no bando nacional Com toda provabilidade trataria-se de recrutas considerados desafectos ou pouco fiáveis, o que corroboraria o carácter de batalhom disciplinário a que parece responder o enquadramento dos penados.

Quanto ao regime laboral, ajustava-se ao seguinte horário: diana às seis da manhá, limpeza de seis a sete, almorço às sete, trabalho de oito a doze e de umha a cinco da tarde (com jantar à umha), toque de silêncio às dez da noite. Os domingos eram considerados dias "francos", polo que a diana se retrassava até às oito da manhá. Isso si, havia que assistir obrigatoriamente à missa das dez e meia.

Acham-se recolhidos ao menos um par de testemunhos orais referentes ao campo de Monteferro de outros tantos vizinhos do concelho de Nigrám: José Areal, ex-preso político, e Joam Manuel Alonso (a) O Reino, ex-soldado e combatente à força no Exército de Franco. Lembra o primeiro que "antes para subir 'o monte había que ir por un carreiriño pequeno, despois da guerra viñeron presos de fóra a facer a estrada e tamén a montar as baterías de canóns, non había ninguén de aquí, eran de Bilbao, de Castela, algún de Moaña, lémbrome ben dun de Vigo que morreu abrindo caminhos". Como pode notar-se, a sua apreciaçom sobre a procedência dos penados após 1939 nom é de tudo coincidente com que vímos mais arriba, relativa ao ano 38. Mas deve ter-se em conta que a composiçom geográfica dos integrantes do batalhom bem pudo

ter variado com o tempo. Também pode querer indicar o declarante com a expressom "non había ninguén de aquí" que nengum dos penados era propriamente de Nigrám ou da comarca do Val Minhor. Seja como for, das suas palavras desprende-se a dureza do regime de trabalho, ao ponto de ter ocasionado a morte de um dos operários.

O segundo testemunho é o de um home que conheceu de perto o campo e o regime de trabalhos forçados despois da sua passage polo Exército franquista, onde nom se deveu amostrar mui entusiasta da Causa Nacional: "Había que ir traballar a Peinador para monta-lo aeroporto, a Monteferro, a face-las baterías ou estradas, ¡a traballar gratis!, ¡a pico e pala!. Eu fun un día de prestación despois da guerra a facer as baterías de Panxón e tamén era para abrir a estrada que leva ó cumio, o que máis había traballando eran presos de fóra, que os tiñan alí a pico e pala".

Notável presença tivérom também na Galiza os Destacamentos Penais, o contributo laboral dos quais podia ser requerido polas empresas sempre que se tratasse de reclusos condenados a penas inferiores a doze anos e um dia. Como tem apontado Vítor Santidriám, "O labor realizava-se fóra das prisións, cando os presos eran traballadores especializados que ían a localidades onde había garantías de vigilancia e seguridade. Por outra banda, era obrigatorio que os reclusos pasasen a noite na prisión, ainda que podían comer no traballo, quedando prohibido todo contacto con outro tipo de obreiros (...) En Galicia concentrábanse en tres centros: cen traballadores para a empresa A. Mallorquín en Tuiriz (Lugo); quince estaban destinados no destacamento do Seminario de Ervedelo (Ourense), a cargo do Bispado e, finalmente, havía douscentos cinquenta no destacamento de Silleda, en Fontao-Carbia, a cargo da empresa D. L. Pastora. Nas minas de wolfrámio de Casaio tamén houbo traballadores penados".

Particular relevância revestiu, no tempo da II Guerra Mundial, a aplicaçom desta modalidade de trabalho forçado nas famosas minas do Fontao (actualmente concelho de Vila de Cruzes). O wolfrámio que delas se extraía constituía um importante rubro de exportaçom com destino um tanto escuro, pois hai indícios de que era subministrado a um tempo, por via legal ou ilegal, a ambos os bandos contendentes (lembre-se que o emprego deste mineral era vital para a fabricaçom de armamento). Para além disso, e um tanto ironicamente, seria no mesmo destacamento penal das minas que se iniciasse a reorganizaçom dos socialistas e comunistas galegos –por cadansua parte– na imediata posguerra, apartir da confor-

maçom de células clandestinas entre os penados durante os primeiros anos quarenta. O jornalista e ex-combatente republicano Raimundo García Domínguez (a) Borobó foi testemunha excepcional do processo. Como também o foi Ramom de Valenzuela –trabalhador ele mesmo por um tempo nas minas– e se quadra o cenetista Luís Costa (a) Juan García Durám, que igualmente por ali passou. Tanto este como outros aspectos relativos às actividades da empresa mineira (estraperlo, trapicheos vários...) e às condiçons de vida dos trabalhadores (regime de trabalho, sobressoldos que percebiam asegum a sua conduta laboral, possibilidade para alguns de viverem com as suas famílias em barracons à parte; pernocta dos penados nas instalaçons do complexo mineiro em contravençom da normativa vigente, etc.), tenhem recebido tratamento literário em obras de ficçom, nomeadamente Era tempo de Apandar, do devandito Valenzuela, e La balada del wolfram, de J. Farinha Jamardo.

Finalmente, outras obras e trabalhos fôrom realizados por presidiários galegos em regime nom de tudo esclarecido. Assi, por exemplo, alguns dos reclusos da Ilha de Sam Simom laborárom na fábrica textil propriedade de José Regojo (outro dos beneficiários do negócio da exploraçom de mam de obra forçada a baixo custo, a mais de fornecedor do Exército franquista) em Redondela; mentres outros colaboravam na construçom da estrada Vilaboa-Sam Adriam de Cobres, e outros ainda –estes si em actividade plenamente tipificada– nas oficinas e labores de mantimento do penal: isto é, em destinos. Também se erigiu com participaçom de força de trabalho penal a ponte da Ilha da Toja, o mesmo que as instalaçons do aeroporto de Peinador. E traçarom-se diversas calçadas e estradas, entre as quais a popularmente chamada "estrada dos presos" nas cercanias do cimetério de Sam Amaro em Pontevedra[18].

Como é sabido, a longa sombra dos trabalhos forçados e campos de concentraçom perseguiu os republicanos galegos até mais alá dos Pirineus. Como tantos outros anti-franquistas espanhóis, muitos dos nossos paisanos a passarem a fronteira trás a queda de Catalunha, em Fevereiro de 1939, fôrom internados em campos de concentraçom franceses e norte-africanos, quando nom integrados à força nas Companhias de Trabalhadores Estrangeiros (empregados nas indústrias de guerra e estratégicas em vésperas da invasom alemá) ou na Legiom Estrangeira. Um feixe deles acabaria, mesmo, nos campos de extermínio nazis (nomeadamente Mauthausen). Porém essa é outra história que cai fora do campo de análise do universo concentracionário franquista.

Notas

[1]Francisco Moreno: "La represión en la posguerra", em Santos Juliá (coord.): Víctimas de la Guerra Civil. Madrid, Temas de Hoy, 1999, pp. 288 e ss. A fonte oficial aludida é o Breve resumen de la obra del Ministerio de Justicia por la pacificación espiritual de España, publicado em 1946.

[2]Para os diversos aspectos tratados até aqui neste apartado, vid. Gregorio Sanz: Uno de tantos. Cinco años a la sombra. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1986, pp. 63, 67 e 111 (a esta última corresponde a alusom à cura de repouso no sanatório); Xerardo Díaz Fernández: Os que non morreron. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1985 (2ª ed.), pp. 21 e 24; Antonio Caeiro e outros: Aillados: a memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón. Vigo, Ed. Ir Indo, 1995, pp. 20 e 256; Juan García Durán: Pola libertade. A loita antifranquista de Luís Costa. Vigo, Eds. A Nosa Terra, pp. 87 e 88; Ramón de Valenzuela: Era tempo de apandar. Madrid, Akal, 1980, pp. 40 e 59 (hai umha ediçom mais recente:Vigo, Eds. A Nosa Terra, 1997); Diego San José: De cárcel en cárcel. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1988, pp. 209, 210; Evaristo Antonio Mosquera: Cuatro años a bordo de una isla. Una extraña manera de vivir nuestra guerra civil. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1984, p. 61; Isabel Ríos: Testimonio de la guerra civil. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1986, pp. 137, 165 e 174; Manuel Pillado: Desde el mar que perdiste. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 2002, p. 275. As traduçons, quando precisas, som minhas, como ao longo de todo este livro. Algumhas destas obras, nomeadamente as de Caeiro, San José, Mosquera, Díaz e Valenzuela levam ilustraçons, polo geral de grande valor expressivo como apoiatura aos seus textos e a tudo o exposto nestas linhas. As informaçons relativas ao contexto espanhol procedem, como de costume, de F. Moreno: Op. Cit., pp. 288 e ss.

[3]Os relatos referidos a Moanha e Cangas procedem de testemunhos orais recolhidos em X. M. González Fernández-M.Villaverde Román: Moaña nos anos vermellos. Conflictividade social e política nun concello agrario e mariñeiro (1930-1937). A Corunha-Sada, Eds.do Castro, 1999, p. 219; Xerardo das Airas Balsa: Memorias da II República en Cangas. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 2002, pp. 214-215; e A. Caeiro e outros: Aillados..., cit., p. 115. O do Porto do Som, em X. Díaz Fernández: Op. Cit., p. 63. Os da prisom d'A Corunha, em J. García Durán: Op. Cit., pp. 25-26. Na p. 34 deste último, o episódio do Rufilanchas, tomado do original em Nueva Galicia (4 de Julho de 1937). Para o caso do M. Pillado, veja-se a sua autobiografia: Desde el mar..., cit., pp. 260-261. O dos látigos na prisom de Lugo, em G. Sanz: Op. Cit., p. 108. O repertório de torturas e mais o relato da saída do cárcere dos condenados a morte, em D. San José: Op. Cit., pp. 87 e 140-141 respectivamente. A evocaçom do doutor Poça Covas, em E. A. Mosquera: Op. Cit., p. 56; e o assunto dos piolhos, em Carlos Pereira Martínez (ed.): O que fixeron en Galicia. 1936. Vigo, Eds. A Nosa Terra,1998, p. 59.

[4]A arrepiante descriçom da angústia carcerária procede de X. Díaz Fernández: Op. Cit., p. 68. Também em G. Sanz: Op. Cit., pp. 43-44 encontramos elementos similares. Para as tentativas de linchamento de presos (produzidas quendo estes se encontravam recluídos em "depósitos" provisórios doadamente assaltáveis, nom em prisons regulamentares), veja-se X. Díaz Fernández: Op. Cit., p. 137; E. A. Mosquera: Op. Cit., p. 58; A. Caeiro e outros: Op. Cit., p.115; G. Sanz: Op. Cit., p. 45. Sobre os vira-chaquetas, D. San José: Op. Cit., pp. 16 e 64; I. Ríos: Op. Cit., p. 111; G. Sanz:Op. Cit., p. 79. As sacas-extra nas cadeias de Madrid, igualmente em D. San

José: Op. Cit., pp. 102 e 131. A notícia do bombardeamento de Alacant, em Francisco Brotóns Beneyto: Memoria Antifascista. Lizarra, Kalegorria Liburuak, 2002, p. 35. A citaçom literal de Ramom de Valenzuela, no seu relato autobiográfico Era tempo..., cit., p. 60. Por certo que este home, condenado a morte em 1941 por actividade política clandestina, também se contou entre os que padecérom incomunicaçom (cinquenta e nove dias, exactamente), ainda que afinal logrou salvar a vida. Acerca do padre Bonifácio, mais um especime de clérigo assilvestrado de quem se conta que pressionava às autoridades para nom concederem determinados indultos e executarem as penas de morte, vid. I. Ríos: Op. Cit., pp. 119-124. Finalmente, testemunhos sobre violaçons de presas nos penais, em D. San José: Op. Cit., pp. 171-72 e 246.

[5]Vallejo Nágera foi durante a guerra civil Xefe dos Serviços Psiquiátricos do Exército nacional e, desde 1941, estivo vencelhado de maneira estável aos cursos de formaçom do Corpo de Prisons. Em 1938 recebeu autorizaçom do Generalísimo para levar a cabo o seu projecto de investigaçom intitulado Psiquismo del fanatismo marxista, com o que buscava verificar empiricamente os seus postulados teóricos e, de passo, fazer um serviço ao Glorioso Movimiento Nacional. O seu material de trabalho fôrom 297 brigadistas internacionais presos e 50 reclusas do centro penitenciário de Málaga, e os resultados, salvo nalgumha que outra surpresa, confirmárom, como nom podia ser menos, as hipóteses iniciais, para alvoroço da "plana maior" do Estado franquista. Para esta questom veja-se o interessantíssimo artigo de Ricard Vinyes Ribas: "Construyendo a Caín. Diagnosis y terapia del disidente: las investigaciones psiquiátricas militares de Antonio Vallejo Nágera con presas y presos políticos", em Ayer, nº 44 (2001), pp. 227-250 (as citaçons textuais nas pp. 237-238).

[6]Segundo dados do Ministério de Justiça, em 1941 havia 3.735 nenos internados em "centros benéficos" espanhóis. Em 1942 eram já 9.050. Muitos deles, nascidos dentro das prisons, foram literalmente sequestrados contra a vontade das suas nais. A consideraçom sobre os "apelidos infames", em R. Vinyes: Op. Cit., p. 239, quem o toma de um escrito do próprio Vallejo.

[7]O episódio do Rios Gômez, em Manuel Astray Rivas: Síndrome del 36. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1992, p. 200. As cartas de Vilaboi e Gaioso podem consultar-se em Santiago Álvarez: Memoria da guerrilla. Vigo, Eds. Xerais, 1991, pp. 162-68 e 233-35; também em Bernardo Máiz: Galicia na II República e baixo o franquismo. Vigo, Eds. Xerais, 1989, pp. 215-17 (só a de Vilaboi) e em VV:AA.: Os Anos Despois (1936-1953). Publicaçom especial do semanário A Nosa Terra, série "A Nosa História", nº 2 (1987), pp. 59-60 (só a de Gaioso).

[8]Os testemunhos da inteireza dos condenados fôrom extraídos de G. Sanz: Op. Cit., p. 125; e D. San José: Op. Cit., p. 166. Idênticas consideraçons oferece R. Valenzuela: Op. Cit., p. 55. As cartas do Vítor Casas e o Brasilino Álvarez podem ver-se em VV.AA.: Os Anos Despois., cit., p. 57; a do Alexandre Bóveda, em VV.AA.: Castelao e Bóveda Irmáns. Publicación especial do semanário A Nosa Terra, série "A Nosa Cultura", 1986, p. 112. As palavras de Villaverde, em Luis Lamela García: Estampas de injusticia. La guerra del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1998, p. 316, quem pola sua vez as toma do testemunho do dirigente do Partido Sindicalista Manuel Fernández. Sobre presos adoecidos ou que toleárom em prisom, vid. X. Díaz Fernández: Op. Cit., pp. 97 e 121; e A. Caeiro e outros: Op. Cit., p. 167. A escena da velhinha e mais o filho, igualmente em X. Díaz Fernández: Op. Cit., p. 81 (umha outra escena similar na p. 59).

[9]Sobre tensons e tira-puxas entre os presos, vid. X. Díaz Fernández: Op. Cit., pp. 37 e ss.. A informaçom dos suicídios na cadeia d'A Corunha, em J. García Durán: Op. Cit., pp. 87-88; e a dos de Sam Simom, em E. A. Mosquera: Op. Cit., p. 103.

[10]O comentário sobre O Cantino é da autoria do Xerardo Díaz Fernández:Op. Cit., p. 152. O medo a determinados guardas é testemunhado por A. Caeiro e outros: "[Alguns guardiáns] caracterizábanse pola crueldade coa que trataban os internos. Juan Álvarez Expósito recorda a Santiaguito (...) como un home moi duro que pegaba e maltrataba frecuentemente. Miguel Carro fala de Padín (...) con auténtico terror (...): 'Cando aquel home aparecia sabiamos que nada bo ía pasar. Recordo umha ocasiom em que lhe deu um couce a um pobre basco que o tirou polas escadas [abaixo]'"(Op. Cit., p. 245; por certo que aqui, na Ilha de Sam Simom, exerceu também como guardiám, por um tempo, o escritor Álvaro Cunqueiro). Para os diversos labores profissionais desempenhados nos cárceres, vid. A. Caeiro e outros: Op. Cit., pp. 31 e 52; D. San José: Op. Cit., pp. 155 e 249; E. A. Mosquera: Op. Cit., pp. 72 e 88; G. Sanz: Op. Cit., p. 131. O do bule-bule da leitura e estudo, em J. García Durán: Op. Cit., p. 43; e X. Díaz Fernández: Op. Cit., p. 93.

[11]Testemunhos acerca da desiguldade de trato nas prisons, em G. Sanz: Op. Cit., pp. 48 (citaçom literal) e 105; D.San José: Op. Cit., p. 39; A. Caeiro e outros: Op. Cit, p. 245; R. de Valenzuela: Op. Cit., p. 40. (Por certo que nom era este um assunto exclussivo do sistema carcerário franquista, pois que no republicano acontecia outrotanto, segundo descriçom de Elíxio Rodríguez no seu relato autobiográfico Matádeo mañá, Vigo, Eds. Xerais, 1994). Sobre dos velhos andaluzes de Sam Simom, E. A. Mosquera: Op. Cit., pp. 103-104; A. Caeiro e outros: Op. Cit., pp. 50-51 e 54; D. San José: Op. Cit., p. 159. Este último autor comenta oportunamente que "a Direcçom Geral de Prisons e mais o tartufo Patronato da Mercé, dispugeram ailhar o mais possível as suas vítimas do sítio habitual das suas residências, e para isso, invertérom o mapa, de maneira que os andaluzes fossem a Galiza e Astúrias, os galegos, vascos e asturianos a Andaluzia, os castelhanos e estremenhos a Catalunha e Valéncia; os cataláns e valencianos, a Burgos, Astorga, Leom, Valhadolid e Santander" (p. 159, sublinhado meu), naturalmente "facturando-os" no trem correspondente nas infernais condiçons a que já temos aludido. O caso dos prisioneiros asturianos, em X. Díaz Fernández:Op. Cit., p. 157; e o dos bascos, em Caeiro e outros: Op. Cit., p. 34, e E. A. Mosquera: Op. Cit., p. 86. Para as tentativas de fuga de Sam Simom, vid. A. Caeiro e outros: Op. Cit., pp. 46-47; E. A. Mosquera: Op. Cit.: pp. 89-90. Para as de Santiago, X. Díaz Fernández: Op. Cit., pp. 90, 129 e 162; J. A. Tojo Ramallo: Testimonio de una represión. Santiago de Compostela, Julio 1936-Marzo 1937. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1990.

[12]A expressom "triénio do terror" é de Francisco Moreno: Op. Cit., p. 369 e passim. Os episódios protagonizados polos avogados Iglésias Corral e Manuel Casás, em M. Lamela García: Estampas..., cit., p. 321; e A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, p. 98. O de Reino Caamanho, em X. Díaz Fernández: Op. Cit., p. 89. Um relato das peripécias típicas de um julgamento-farsa pode ver-se nas pp. 107-112 desta última obra citada. Sobre a revisom de condenas, E. A. Mosquera: Op. Cit., p. 81; X. Díaz Fernández: Op. Cit., 129; I. Ríos: Op. Cit., p.178; J. García Durán: Op. Cit., p. 90; D. San José: Op. Cit., pp. 146-47 e 157. A misteriosa expulsom de Salvador Etcheverría, no seu livro autobiográfico Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República Española (1936-19...?). A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1989, p. 24. Para os testemunhos acerca da frialdade e ratificaçom rotineira das penas de morte por parte de Franco (entre os quais o do "cunhadíssimo" Serrano Súñer), vid. Francisco Moreno: Op. Cit., pp. 323-24.

[13]O testemunho do Manuel Barros e mais a informaçom sobre o destino final dos implicados na trama delictiva, em A. Caeiro e outros: Aillados..., cit., pp. 22 e ss. A versom mais detalhada, incluindo apreciaçons sobre o envolvimento de "altas instâncias" neste sinistro episódio, em Carlos Pereira Martínez (ed.): O que fixeron..., cit., pp. 62-65. Umha miga divergente é a versom de D. San José: Op. Cit., pp. 229-231. Segundo esta última, a actividade de Lago Búa e Mosteiro consistia em substituír, prévio pagamento, presos destinados ao pelotom de fusilamento por outros que nom o eram, falsificando as identidades.

[14]A presença de repressores portugueses é testemunhada por Ángel Fernández del Río, concelheiro canguês pola Frente Popular preso em Sam Simom, em A. Caeiro e outros: Op. Cit., p. 115. Sobre a colaboraçom das duas ditaduras ibéricas, vid. A. Pena Rodríguez: El gran aliado de Franco. Portugal y la guerra civil española: prensa, radio, cine y propaganda. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1998. Para a actuaçom do cónsul argentino em Vigo, Óscar Gómez, Carlos Pereira Martínez (ed.): O que fixeron..., pp. 62 e 78. Segundo o cronista anónimo deste relato (provavelmente Luís Seoane, consonte a hipótese mais estendida), havía em 1937 arredor de 1500 súbditos argentinos recrutados contra à sua vontade no exército de Franco, prévia destruiçom dos seus passaportes a cargo da Guardia Civil. Da mesma fonte procede a informaçom acerca da negativa dos diplomatas cubanos, mexicanos e uruguaios a agirem no mesmo sentido que o seu colega argentino. Tocante ao jornal Redención, podem ver-se algumhas referências em D. San José: Op. Cit., p. 90; assimesmo no artigo de Ángela Cenarro: "La institucionalización del universo penitenciario franquista", em C. Molinero, M. Sala, J. Sobrequés (eds.): Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo, Barcelona, Crítica, 2003, pp. 133-153.

[15]Os testemunhos de Isabel Ríos e Juan Garcia Durám podem consultar-se, como de costume, nos seus respectivos relatos autobiográficos, Testimonio de la Guerra Civil, cit., pp. 186-187 e Pola Liberdade..., cit., pp. 92-93. Igualmente o da Ana Mª Alvajar: Soltando lastre. Memorias. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 2002, passim. O comentário de Sánchez Albornoz filho, em "Cuelgamuros: presos políticos para un mausoleo", incluído no volume colectivo editado por C. Molinero, M. Sala, J. Sobrequés: Una inmensa prisión, cit. pp. 3-17 (a citaçom literal na p. 9). O apontamento sobre a apresentaçom no quartel da Guarda Civil, etc. procede do artigo de Javier Rodrigo Sánchez: "Campos en tiempos de guerra. Historia del mundo concentracionario franquista (1936-1939)", también incluído no livro anteriormente citado, pp. 20-36 (citaçom literal na nota nº 107, p. 280).

[16]Sobre as origes, caracterizaçom, regime interno e mais aspectos concernentes aos campos de concentraçom, vid. Javier Rodrigo Sánchez: Op. Cit., pp. 19-36 (as citaçons literais, com remarcados no original, nas pp. 20, 29 e 35-36); também Francisco Moreno: Op. Cit., pp. 279-282. Os (des)qualificativos do teor de "horda de assassinos e foragidos", "velhacos enganados" e "propaganda infame" procedem, ao parecer, do decreto fundador da Inspecçom de Campos de Concentraçom de Prisioneiros. Umha referência algo mais ampla ao texto do mesmo pode consultar-se na página web www.asturiasrepublicana.com/libertad7.html. O cálculo das 700.000 vítimas dos campos espanhóis deve-se a Joan Llarch: Campos de Concentración en la España de Franco. Barcelona, 1978. Javier rodrigo Sánchez, pola sua parte (Op. Cit., p. 35), aponta 367.000 até Março de 1939, aos que haveria que engadir, devidamente revisados, os 140.000 estimados por Reig Tapia (Ideología e historia. Sobre la represión franquista en la guerra civil. Madrid, Akal, 1984) para a "ofensiva da vitória". Finalmente, a expressom "dobregar e trans-

formar" é da autoria de Ricard Vinyes: "El universo penitenciario durante el franquismo", em C. Molinero y otros (eds.): Una inmensa prisión, cit., pp. 155-175.

[17]A informaçom acerca dos campos de concentraçom galegos está tirada mormente da página web www.asturiasrepublicana.com, cit., assi como de Javier Rodrigo Sánchez: "Campos...", cit. Umha breve referência ao campo de Cedeira pode ver-se em X. M. Suárez: O Alzamento de 1936 no norte da Coruña. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 1995 (2ª ed.), p.58. Outra, neste caso sobre Rianjo, em "Rianxo lembra os prisioneiros do campo de concentración", A Nosa Terra, nº 1100 (do 16 ao 22 de Outubro de 2003), p. 14. A testemunha do Manuel Barros a propósito de Camposancos, em A. Caeiro e outros: Aillados..., cit., p. 32. Sobre o campo de Celanova vid. D. Rodríguez Teijeiro: Longa Noite de Pedra no Convento de San Salvador. Represión e reclusión en Celanova (1936-1943). A Corunha-Oleiros, Via Láctea, 1999; do mesmo autor, "La prisión del monasterio de Celanova, 1936-1943. Un análisis de la población reclusa", en Minius, IV,(1995), pp. 103-115. Também tem interesse a ediçom de do álbum de prisom de Luis Alonso Sánchez a cargo de Xesús Alonso Montero: Prisión central. Celanova (1939-1940). Facsímile dun álbum dos presoss políticos. A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 2003. Um comentário bastante acaído para umha reflexom acerca da orige e fasquia dos campos de concentraçom franquistas oferece-se no artigo de Nicolás Sánchez Albornoz: "Cuelgamuros...", cit., p. 16. A juízo deste autor, a o orige destes campos tem carimbo militar e remonta-se à guerra de Cuba, nomeadamente ao sistema concentracionário estabelecido polo general Weyler para isolar a populaçom civil cubana do exército mambí (que por certo se saldou com dezenas de miles de mortos entre os "concentrados"). O seu modelo, já que logo, nom seriam os campos nazis senom este sinistro antecedente colonial.

[18]As generalidades sobre o sistema de Redençom de Penas polo Trabalho, as suas modalidades, etc., em Ángela Cenarro: "La institucionalización...", cit., passim (a citaçom literal na p. 136), e Francisco Moreno: Op. Cit.: pp. 336-342 (citaçom literal na p. 336). O testemunho de Pedro Gômez González a propósito do campo de Compostela-Lavacolha procede igualmente da obra de Moreno (p.339), o mesmo que as cifras sobre prisioneiros acolhidos ao régime de redençom que, pola sua vez tenhem a sua orige em J. M. Sabín: Prisión y muerte en la España de postguerra. Madrid, Anaya & Mario Muchnik, 1996 (2ª ed.). A informaçom relativa a Monteferro, em Juan A. González: Nigrán. Memoria dunha guerra, 1936-1939. Vigo, Eds. do Cumio, 1998, pp. 219-224 (os testemunhos orais correspondem à p. 223). Sobre o trabalho nas minas do Fontao e a rorganizaçom socialista e comunista, vid. Víctor Manuel Santidián Arias: Historia del PCE en Galicia (1920-1968). A Corunha-Sada, Eds. do Castro, 2002, p. 272 (os remarcados som meus); Borobó: "O Exemplo de Roque Casas", A Nosa Terra, nº 1.070 (do 20 ao 26 de Fevereiro de 2003), p. 35; Ramom de Valenzuela: Era tempo..., cit., pp. 77 e ss.; Juan García Durám: Pola Liberdade..., cit., pp. 107 e ss.

Estratexias de control dun conflicto civil: Galicia, 1936-1939

Emilio Grandío Seoane
Universidade de Santiago de Compostela

Falar da guerra civil casi setenta anos despois de acontecida segue sen ser tarea doada. Só hai que observar a intensidade das intervencións dos asistentes ás conferencias que se dan sobre este tema. Que o conflicto armado segue a ser un tema candente é unha proba mais de que non se atopa totalmente pechado. Todos coñecemos as circunstancias que motivaron que non se falara dese tema dende a chegada do sistema democrático: o consenso da chamada Transición cimentóuse sobre o silencio sobre o conflicto, ollando cara un futuro a realizar entre todos, primando o que unía sobre o que desunía. Pero non é iso só: como proban os estudos realizados –e tamén como a memoria da sociedade coñecía– as bases ideolóxicas do réxime franquista, sobre todo aqueles referentes á base do seu poder e lexitimidade do seu goberno, baseábase na consideración negativa da República e na necesidade do levantamento militar para garantir a orde social.

E esta tese calou na sociedade, o que provocou que durante varias xeracións o tema da República e da guerra –materias tomadas como un todo conxunto– fora un asunto ben prohibido ou ben voluntariamente obviado. Fóronse perdendo os referentes inmediatos do conflicto: tanto o "pacto de silencio" da Transición como a "demonización" franquista fixo que –por este orde– foranse abandoando, esquilmando e destruindo boa parte da documentación xenerada, e durante moitos anos da Transición, simplemente afastada da visión dos investigadores[1]. É preciso unha recuperación da historia da guerra civil, mais non dende a política ou dende os aspectos máis ideolóxicos, senón dende o ámbito da historia, dende o coñecemento histórico que permita analizar non só os feitos, dos que xa comenzamos a ter datos e que pouco a pouco imos recuperando na construcción da memoria colectiva –xenerada progresivamente a partir da estructuración de tópicos, sinxelos e cómodos de referencia colectiva–, senón, e sobre todo, o seu contexto, no que ten moito que ver a xeralización, por esquerda e dereita, dunha *cultura da violencia*, en maior ou menor medida aceptada por todas as partes. Insertarse nese maniqueismo ben-

mal non é moi favorable para o coñecemento da situación histórica, na que o fin primordial é aprender dos erros pasados, precisamente non tentando voltar a repetilos. Mais para non repetilos hai que coñecelos, e insertalos dentro dunha explicación xeral da historia contemporánea do Estado e de Galicia, non sacalos e conformalos como un compartimento estanco, como un icono ó que referirse.

Precisamente dentro disto habería que decir que ata a Transición non hai moitos momentos na historia contemporánea nos que a formulación política do Estado se ateña á periodos progresistas. Mais ben poderíamos reducilos a dous: o Sexenio Democrático e a II República, só once anos dentro dun contexto de cento setenta. Se ben é certo que dende 1890 ata 1923 funcionou un sistema electoral con sufraxio universal masculino, a lexitimidade dun sistema democrático non se atopa tanto na existencia ou non dun sufraxio universal, senón e sobre todo nas garantías de que este sexa efectivo, no seu cumplimento como expresión nas urnas dunha vontade popular[2].

É debido a esta situación previa que a chegada da II República provocou a propagación dunha serie de expectativas e proxectos en certos sectores do Estado. Profesións liberais, nova burguesía comercial, movemento obreiro, sectores nacionalistas, novas elites políticas… todos eles tiñan un proxecto de República, non necesariamente coincidente cos restantes, e todos tiñan tamén unha urxencia contida durante anos para poñelos en práctica.

O que sí é certo e que por todos os lugares de Galicia asistimos a un proceso de modernización politico-social. Por todas as parroquias e concellos creánse movementos sociais e culturais, implicados directamente na acción reformista do Estado republicano, creando organizacións e estructuras asociativas que tentaban poñer en práctica as súas utopías. De feito tentaban realizar aquelo tan actual de que *outro mundo era posible*[3].

Ante estes proxectos os sectores conservadores, en estado de shock pola natureza do cambio sofrido en abril do 31, reorganízanse. E durante dous años plantexánse ún único obxetivo: voltar ó poder. E o acadan nas eleccións de novembro de 1933, tras unha campaña sistemática de acoso e derribo dos seus medios de comunicación.

Mais hai un punto de non retorno: os feitos de outubro de 1934. Os sucesos acaecidos tanto en Asturias como en Cataluña puxeron de manifesto dúas circunstancias: unha, a alternativa da violencia asumida por certos sectores da esquerda, ante o que consideraban a inminente chegada do fascismo; e dúas, o refrendo que significaba para boa parte do conservadorismo valorar a ineficacia do sistema democrático como garante da orde e paz social.

Hai numerosas testemuñas de sectores conservadores de que para eles outubro representa a fractura definitiva cos sectores progresistas, a perda da escasa confianza na capacidade do sistema[4]. A partir dese momento o plantexamento sería semellante ós de boa parte da esquerda: ou dereita ou comunismo.

Sen esta perspectiva é dificil entender o conflicto posterior, e sobre todo a súa magnitude e as actitudes da represión franquista. O entendemento non se rompe coa sublevación de xullo, senón que xa se atopaba casi totalmente sen vías de comunicación cando menos desde outubro. A publicística e a difusión sobre estes feitos dos medios de comunicación conservadores, únicos en dar información tras a suspensión dos partidos de centro e esquerda, foi claramente orientada a crear alarma social. Non é casual que cando os militares sublevados se levanten consideren delito de "rebelión militar" toda aquela acción ou actitude política de esquerda ou liberal realizada non despois das eleccións da Frente Popular, senón precisamente de outubro de 1934, considerado o símbolo da ruptura da convivencia política.

1935 é como unha calma tensa onde se reafirman os intereses dos dous bloques e que se liberan nas eleccións finalmente gañadas pola Frente Popular. Mais as eleccións de febreiro de 1936 xa se plantexan nunha tesitura maximalista: ou *comunismo ou fascismo*, para cada unha das partes, mais as dúas competindo dentro dun sistema democrático.

Este triunfo permite poñer en práctica casi á letra o programa da FP, en todos os niveis administrativos, dende o Goberno do Estado ata as corporacións locais. Se as eleccións en Galicia se celebraron nun clima de violencia, a recepción da victoria da FP non mudou moito a situación, xa que por un lado se atopaba o cumplimento estricto dese programa, pero polo outro a oposición conservadora deixou de existir. Pensou que perdera a batalla democrática e que se tiñan que preparar para outro tipo de alternativas, xa que senón o comunismo se instalaría definitivamente no Estado. Entre estas dúas alternativas maximalistas, xa digo alimentadas por anos de información orientada á victoria electoral, e que daba unha visión distorsionada do contrario, existían sectores que a reclamar un consenso e a construcción dun Estado democrático participado e construido por todos, mais as suas voces fóronse apagando e deixando de escoitar ante os berros da radicalización política.

O programa da Frente Popular non era excesivamente de esquerdas, senón que o podríamos encadrar dentro dun ton reformista na cultura política europea do momento. Mais a principal diferencia co primeiro bienio reformista foron as formas, a súa aplicación: se nos primeiros anos existía certa precaución na execución

e xestión das reformas, agora se puxo en práctica deseguido o *contrato social* coa cidadanía, sen ter en conta a opinión da oposición. Indudablemente esta situación foi acadada en boa parte por que a dereita política que traballaba dentro da República desapareceu: non había reunións políticas, os representantes en Cortes plantexaban unha estratexia de xeneración de alarma social, coa denuncia sistemática das actitudes dos gobernantes da Frente Popular… Perderan a partida, como proban os intentos de Gil Robles e Franco ante tras coñecer os resultados das eleccións de 1936 de forzar a declaración do Estado de Guerra ante Portela Valladares.

O verán de 1936 foi cálido, mais non presaxiaba nada estival na temperatura política do momento. Os sectores militares conservadores procuran dende ese intre a preparación dunha sublevación. Non é estraña esta atribución ó papel que o Estado contemporáneo español lle reservaba ó exército, como garante de orde pública nos anos anteriores –e tamén nos cuarenta posteriores–. Ademáis estos sectores son precisamente os que mais sinten a derrota electoral, non só por cuestións ideolóxicas senón mesmo de prestixio dentro do exército: a conforman boa parte da estructura militar que é nomeada por Gil Robles durante a súa etapa como Ministro da Guerra. O traballo de desarticulación desta rede militar, contrariamente ó que se pode supoñer, foi bastante efectivo durante os meses de duración da Frente Popular, movilizando e afastando dos seus lugares de control na península a boa parte desta dirección militar, e descabezando boa parte das intrigas militares.

Precisamente unha destas ramificacións é desartellada en abril na sede da VIII División Militar na Coruña, finalizando co arresto dun Teniente Coronel e un Capitán, ademáis do traslado dalgúns mandos. Os plans eran precisos e coñecidos por boa parte da xerarquía militar, como indica o feito da realización con data do 8 de abril de 1936 na Coruña dun *Plan de Defensa de la Plaza de La Coruña en caso de alteración de Orden Público*. Os seus apartados cumpliranse de xeito case integro meses máis tarde, indicando mesmo que edificios tiñan que ser controlados en primeiro lugar para o dominio da cidade[5].

Ainda que a implicación civil no golpe e na represión posterior foi un feito ineludible e evidente, o certo é que o absolutamente determinante para tentar entender os obxetivos e o carácter da mesma vai ser o protagonismo do exército. A marxe de que a dirección dun conflicto recaera nos mandos militares, tamén é certo que a imprication do exército na dirección política do Estado non é algo anecdótico no Estado español contemporáneo. Mais ben é a norma.

Esa *columna vertebral da patria* reclamada por Calvo Sotelo no manifesto do Bloque Nacional e difundida posteriormente non é un chamamento novo, senón a reafirmación da decidida actitude intervencionista do exército na política diaria, conformándose en vixiante e garante do rumbo da "patria".

O núcleo do alzamento, tanto no seu senso de lexitimación ideolóxica como no seu rol activo de forza armada, é o sector militar de tendencia conservadora. Precisamente en virtude desta realidade a sublevación xurde como unha opción que tenta agrupar os maiores apoios posibles sen fisuras de carácter programático. A mesma verba que o define, o *Movimiento*, reafirma a súa unidade de actuación mais non explicita que proxectos de futuro ten mais alá da victoria contra o comunismo. Esta actitude de promoción dos rasgos que unifiquen reafirma o protagonismo no carácter do golpe do conservadurismo político español da II República, e mais concretamente da católica CEDA, plantexada como partido de unidade[6].

O que aconteceu en Galicia tras os últimos quince días de xullo, nos que se controlou –formalmente cando menos– o seu territorio, foi a colocacións duns *barrotes imaxinarios* sobre a sociedade galega. As vías de fuxida eran poucas e nada recomendables: vía terrestre só existía a posibilidade de fuxida cara Portugal, que se comportou dende o primeiro momento como un eficaz colaborador do novo réxime franquista; vía marítima as posibilidades eran ou ben Portugal, ou ben Francia, e quizás esta foi a saída de maior éxito, sobre todo nos primeiros días a través da escala en Asturias, onde se refuxiou un numeroso continxente anarquista.

As restantes posibilidades non existían. Unha das solucións máis socorrridas foi agardar a que chegaran as novas autoridades, pensando que a represión podía máis ou menos ser feble. Foi unha resposta máis agardada do que a priori podemos pensar. En boa parte esta resolución de non fuxir foi tomada en base a recordo da memoria recente. Neste senso as lembranzas respecto ó que significaba un golpe de estado militar eran os da Dictadura de Primo de Rivera, onde o carácter da súa represión foi totalmente sobrepasada pola exercida polos militares sublevados en xullo de 1936, ou a intentona de Sanjurjo en 1932, que non pasou na práctica dun movemento de tropas nalgúns cuarteis. A maior parte desta cidadanía que, non esquenzamos comenzaba a vivir un novo modelo –afortunado ou non– de desenvolvemento social, non agardaba a magnitude do que estaba por vir. Os contextos mudaran. Os modelos totalitarios nazi, fascista e soviético atopábanse a pleno rendemento, cunhas actividades represivas que cimentaban os seus réximes, e onde o obxetivo do Estado se atopaba por riba das

vontades humáns e individuais. Esta non era a década dos vinte, onde con excepción da “marcha sobre Roma”, a alternativa mais extendida en Europa a democracia parlamentaria en crise tras Versalles era unha dictadura militar conservadora. Era a década dos totalitarismos.

Creo que ainda non se deu suliñado suficiente a importancia dos primeiros días de control dos sublevados. Entre mediados de xullo e mediados de setembro realizóuse unha criba de todo elemento político republicano, estrictamente dentro dun contexto de trincheira, é decir, sen garantías nen dereitos xurídicos de ningún tipo. Se repasamos os arquivos locais e provinciais observaremos que prácticamente en toda Galicia non existe comunicacións oficial de casi ningunha institución nestes meses.

As súas causas: primeiro, uns sectores sociais que toman o poder, e que pensan nun golpe de estado ó xeito clásico do *pronunciamento*, mais non nunha clave dunha guerra civil prolongada no tempo, e polo tanto, á alturas de setembro e outubro, e mesmo ata o fracaso da toma de Madrid en novembro, non se asegura que o conflicto non vaia ser cousa de días. Pero tamén hai que decir que durante este tempo acometéuse a persecución, encadeamento e fusilamento dos elementos políticos máis recoñecidos da sociedade galega. E a maioría sen papeis, mediante os chamados *paseos*, realizados por sectores denominados *incontrolados*. Nos casos nos existía o formulismo legal, é decir, coa aplicación dos xuicios sumarísimos dos Tribunais Militares, a ineficacia das garantías xurídicas convertía o xuizo casi nunha parodia, dependendo da vontade do Tribunal e das influencias recollidas previamente.

Mais o que si podemos indicar con casi total seguridade é que a magnitude da represión sobre todo aquelo que cheirara a republica nestes anos foi debida en grande parte a extensión temporal do conflicto, prolongada de maneira intencionada sobre todo tras o verán de 1937. Para os planificadores da sublevación e do bando “nacional”, a guerra non había que gañala só nas trincheiras, senón asegurar a situación na retaguardia, e para eso se necesitaba tempo, non a rápidez inicial de tomar a capital do Estado que se agachaba tras o modelo clásico do pronunciamento, como xa indicamos previamente. O que se inicia como tal posteriormente deriva nunha campaña de planificación da victoria, de prolongación do poder, convencidos pola súa mesma propaganda de que se atopaban ante algo novo.

Pero se salientamos ó Exército como ún dos pivotes fundamentais dos sublevados, o outro é sen dúbida a Igrexa. Os representantes eclesiásticos, dende a xerarquía ata os párrocos, xogaron un dobre papel. Por unha banda, foron a base de xustificación ética

do golpe. A súa consideración de "cruzada" nos primeiros días foi determinante para que sumaran á sublevación amplios sectores da sociedade galega e española. Para a xerarquía eclesiástica a II República significara casi o fin do seu mundo, da súa cosmovisión da sociedade, dos plantexamentos con que se viñera rexendo a sociedade española de xeito tradicional. O proceso de laicización da sociedade galega e española acometido polos gobernos progresistas republicáns, non vencellado exclusivamente ó ámbito da educación, e mesmo o propio concepto de goberno nun sistema republicano, debido á identificación católica do Estado coa Monarquía, foron atrancos que non foron superados nestes anos pola maioría dos representantes católicos[7].

Mais tamén a Igrexa xogou un papel decisivo no proceso represivo. Precisamente esa sensación de que o mundo que coñecían, e tamén os seus xeitos de comportamento social, de que a base sobre a que apoiaba os seus pes desaparecía, provocou unha sensación de terror e mesmo de pánico na Igrexa durante a República, que levou mesmo a apoiar a financiación de partidos políticos e mesmo de participar directamente nas eleccións as candidaturas conservadoras máis reaccionarias, mesmo coa difusión de mensaxes tan rotundos como o de *Si queréis ir al cielo, votar a Calvo Sotelo*[8].

A chegada da Frente Popular non fixo mais que cumplir as expectativas máis negras da Igrexa. De ahí que cando se subleven as tropas de Marrocos foran saudadas como os salvadores da súa situación. Boa parte dos párrocos sitúaronse nun dos bandos en loita –si xa non o estaban–, e realizaron e facilitaron todo tipo de informes de calificación dos seus feligreses. De feito, estes informes agrupábanse xunto os da Guardia Civil –ou Comisaria de Policia, se era unha sociedade urbán– e dos cargos de Falange –ou da nova xestora, non caso de que non houbera–, mais sempre nunha posición de predominio respecto dos informes dos dous anteriores. Por eso, na maioría dos expedentes destes procesos represivos nos Tribunais Militares hai unha constante procura dos encausados por que se faciliten informes dos seus párrocos. Eran máis decisivos que os doutros organismos. As accións do "maquis" durante este anos e a súa intensidade de actuación sobre as casas parroquiais e os seus integrantes así o amosaron durante anos.

Mais a verdade é que non o tiñan moi doado. Excepto nalgúns casos puntuais os parrocos atenderon as consignas da súa xerarquía dende novembro de 1936, explicitas e concretas, o que non soe ser a regla do discurso eclesiástico:

Absténgase los párrocos y sacerdotes de dar certificados de buena conducta religiosa a los afiliados a sociedades marxistas por el tiempo que

estuvieron afiliados o en concomitancia con tales sociedades que son anticristianas... y entonces certificarán en conciencia, sin miramiento alguno y sin atender a consideraciones humanas de ninguna clase[9].

Precisamente nesa actitude de control do territorio nos primeiros días do golpe diferenciouse nítidamente entre zonas urbanas e rurais. De saída na propia memoria daqueles anos era indudable que había unha notable diferencia entre a socialización política dos dous entornos, debido a unha serie de circunstancias: para estes sectores o contexto urbán atopábase cheo do que se chamaban *ideas disolventes*, o grao de comunicación política era moitísimo máis alto nas cidades que no campo –precisamente por que o nivel de acceso á información era moito máis rápido– e ademáis as cidades e vilas concentraban no caso concreto do territorio galego os resortes de poder institucional e tamén o económico-social. As cidades e vilas convertíronse na prioridade da "pacificación" galega, tanto pola súa condición de poder institucional provincial y comarcal como pola extensión da socialización dos usos e xeitos democráticos.

O rural galego, ainda que no imaxinario inconscente dos sublevados conservaba en boa parte a esencia dos seus valores, o certo é que os cinco anos da República provocaron unha socialización dos valores democráticos moito maiores dos agardados. A represión no campo galego sorprendeu ós propios sublevados, como se pode comprobar tanto polas primeiras intencións do exército que plantexaba o seu control de xeito rápido casi como un "paseo militar", como pola intensificación da represión sobre o territorio durante os anos da guerra e ainda despóis. Mesmo o contexto xeográfico convertíuse nun atranco para o "Nuevo Estado", debido tanto a que boa parte desa "Antiespaña" denunciada tiña notables dificultades para fuxir como pola especial cobertura que ofrecía a paisaxe galega e que despois se organizaría na resistencia guerrilleira.

A chamada "pacificación", é decir, o control do territorio galego, foi realizada primeiro nos núcleos urbáns máis importantes: capitais de provincia e cidades relevantes. Logo, casi inmediatamente, co desprazamento de forzas militares realizáronse rutas de control das vilas, que desbarataban tímidos intentos de resistencia desa sociedade que quedara encaixoada, sen saída. Estes desprazamentos dos militares servían en ocasións para colocar no poder ós novos xestores do poder local de Concellos e aldeas de menor poboación, que foran reafirmados meses despóis. Mais o control destes lugares de entorno rural, dende as vilas cabeceira de comarca ata as parroquias non foi realizado polo Exército,

senón pola Guardia Civil, o que estabreceu unha nítida diferencia na convivencia interna das comunidades sociais galegas. A Garda Civil foi considerada dende aquela o elemento que executaba o mantemento do novo réxime, a partir –ou non– dos poderes locais, situación que a mesma colectividade parroquial, ainda sen poder opoñerse a elo, cuestionaba de xeito interno a súa lexitimidade para ocupar ese posto, reflexión que non esquenceu durante todo o franquismo.

En boa parte dos poderes locais aupados o poder polo golpe se atopaban aqueles máis afins a tendencias conservadoras, e sobre todo aqueles que simbolizaban e representaban no territorio unha imaxe de dereitas, sen moita definición, como a mesma verba Movimiento. Mais o réxime a partir do ano 1937, cando comenza a xestionar non un conflicto-pronunciamento senón unha guerra civil, troca a dirección dos poderes locais tentando presentar unha nova imaxe. Este cambio xa fora realizado en parte dos núcleos urbáns galegos, coa inclusión de grupos xóvenes educados políticamente durante o período republicán. Estes grupos mesturaban a utopia falanxista do momento coa súa procedencia das elites sociopolíticas locais. No caso do rural, o non existir estes cadros –sempre insuficientes, ainda nas cidades–, a imaxe do réxime a nivel local tiña que dar unha sensación de orde e de tranquilidade, nomeando a persoas recoñecidas no ámbito local mesmo pola súa condición *apolítica*, que non tiveran participación social durante a II República, e que se amosaron dóciles ante os poderes superiores da provincia e do Estado[10].

Por eso eiquí non estaban en primeira fila os dirixentes da dereita política da República. Mesmo eses estorbaban para o novo proxecto, auspiciado polo conservadurismo máis rancio: precisamente aquel o que menos lle interesaban as cuestións políticas, atendendo a criterios únicamente de xestión. Nunha situación de contexto bélico, e polo tanto, de inestabilidade permanente, o convencemento ideolóxico quedaba por detrás do valor da garantía da orde a través da violencia. Á boa parte dos sectores sociais que participaban nas eleccións a favor de posicións conservadoras, a nova situación plantexada posiblemente non fora a ideal, mais tampouco tiñan un grande interese en cambiala, sobre todo por que non se mesturaban na dirección da sublevación e deixaban á mesma á Igrexa e ó Exército.

Máis tamén estorbaban as "camisas vellas" de Falange que creían na *revolución nacional-sindicalista*. Como xa sabemos o peso numérico da Falange antes das eleccións de febreiro de 1936 en Galicia foi moi reducido, e eran máis coñecidos pola súa aparición reiterada nas páxinas de sucesos que nas adicadas á política. Tras a

derrota da dereita nas urnas, e sobre todo, tras a silenciosa asunción por unha boa parte da dereita sociolóxica da necesidade dunha solución violenta para retomar o poder, esta deriva cara á radicalización propiciou unha maior afiliación a Falange, antes e mesmo despóis de ser prohibida nos seguintes meses. Mais a súa propia condición reducida favoreceu que nestes días de clandestinidade a súa afiliación continuara medrando, sen chegar a ter tampouco un cambio sustancial no seu número en Galicia[11].

Cando si o seu proceso de afiliación deu un salto espectacular foi tras o golpe. O número de falanxistas despóis do verán de 1936 incrementóuse, especialmente tras o decreto de unificación. Xa dende estes primeiros intres distínguese unha maioría de recén chegados á organización, que procuran ubicarse en bon lugar na nova realidade ou fuxir precisamente da mesma –como acontece cos obreiros de esquerda reconvertidos en falanxistas–, e unha minoría de falanxistas que reciben a condición de "camisas vellas". Estes precisamente pola súa fidelidade a proba durante os anos máis duros, recollen os primeiros postos institucionais de trascendencia, en parte pola ausencia de cadros civís para cubrir as institucións administrativas. As propostas plantexadas son en ocasións moi utópicas, e os seus plantexamentos de cambio drástico orientado cara a consecución dunha *revolución nacional-sindicalista* os convertirán no principal enemigo interno do conservadurismo acomodaticio do "Nuevo Estado". Cada dous por tres chocarán as súas pretensións coas dos representantes máis rancios do poder local, como o caso de Souto Vilas en Santiago[12].

Mais se por un lado se sometía a unha política de imaxe do novo réxime, nunca moi acadada, o certo é que o plano de *extirpación cirúrxica, a resolución do mal* que representaba a República e o *liberalismo marxista*, atopábase en marcha dende o primeiro momento, como indica a Circular de Mola e as outras xa vistas e planificadas nos momentos previos ó golpe. Fíxose unha das aplicacións máis estrictas do ideal corporativista do conservadurismo do momento: a nación era unha corpo do que había que extirpar *o mal*, é decir, as *ideas contaminantes* do corpo xeral da nación, sen atender a demandas individuais en interés do desenvolmento dun determinado modelo de Estado. O ben común plantéxase superior ás persoas, e os seus intereses protexíanse no futuro deste dramático xeito.

Mais ainda que ista era a tendencia do conservadurismo máis radical no seu contexto histórico, o certo é que os resultados das execucións por motivos políticos en España foron moito maiores que os realizados noutros países que teóricamente lévanse a peor sona neste senso, como Alemania ou Italia[13]. O grao de represión

social foi maior, o que tamén explica o carácter traumático acadado na súa sociedade civil neste tema.

A copia do modelo era evidente, por exemplo insertando nas fichas de vixiancia cuestións como a de *xudio*[14], circunstancia que neste momento, na España do século XX, xa fixera moito tempo que deixara de constituir un problema representativo dun conflicto racial latente. O máis relevante non foron tanto as cuestións de matiz senón a orixe e desenvolvemento do mesmo sistema de seguridade e vixiancia: realizóuse dende 1937 un seguimento pormenorizado de toda a sociedade galega, toda ela colocada baixo sospeita sistemática, apelando a priori a presunción de culpabilidade, non a de inocencia, incluso daqueles *que non tiveran oportunidade de selo*[15]. Debaixo deste contexto se atopaba na sociedade que participaba nestes feitos e colaboraba co réxime una sensación de comodidade, acadada dende unha voluntaria intención de obviar e ausentarse da realidade cotidiana, de que outros pensaran por ti, na que únicamente se precisaba para cumprir na sociedade á obediencia ó escalafón xerárquico inmediatamente superior: e decir, a mesma percepción que manifestaban os alemáns no réxime nazi[16].

O terror foi un dos elementos decisivos na percepción pola sociedade da represión, e clave para a instauración e duración do "Nuevo Estado". Utilizado como un elemento mais dentro da estratexia militar, o medo á patada á porta a altas horas da madrugada durou moitos anos na sociedade galega. É indudable que durante todos os conflictos bélicos a utilización intencionada do medo é un elemento decisivo, pero o seu uso sistemático durante un período tan prolongado de tempo derivou na creación dunha sociedade distinta. E atendendo únicamente ós obxetivos dos dirixentes da sublevación hai que decir que foron efectivos: a combinación de medo e do pánico ante unha dramática realidade que sobreven de xeito inesperado provoca unha opacidade casi absoluta na expresión individualizada desa sociedade ante unha maquinaria do Estado que procuraba culpables de xeito sistemático.

Precisamente esa sistematización foi outro dos puntos que determinou a eficacia no cumprimento das pretensións dos sublevados. E coñecido o feito de que o grao de unidade do bando *nacional*, tanto na decisión das súas operacións militares como na ausencia de diferencias internas durante o conflicto, foi un elemento decisivo para o seu triunfo. A partir de eiquí a eficacia dos sistemas de vixiancia, adaptando modelos xa levados a práctica con éxito noutros Estados, foi outro dos puntos en que se basou a victoria. A partir de febreiro de 1937, e sobre todo tras febreiro do ano seguinte coa creación do SIPM ("Servicio de Información y

Policia Militar") comenzan a desenvolverse ficheiros de vixiancia e seguridade que escudriñan, con intercambio de información constante entre as zonas controladas polos sublevados –e tamén con información da zona leal ó réxime republicano–, ata ó último aspecto desa permanente *sociedade baixo sospeita*[17].

Esto o que provocaba na sociedade non colaboracionista ou indiferente era era un permanente temor ante calquer troco que se poidera observar na situación da familia. Se a situación nese momento era boa ou aceptable, o millor que podía pasar era que non mudara, mesmo sen millorar: a adopción do "mal menor". Porque a sensación que aparece manifestamente entre a documentación destes anos é a de "impotencia", a de total indefensión da comunidade e dos individuos ante actitudes arbitrarias, e que permaneceron durante moitas décadas na sociedade galega.

Houbo un retiro manifesto cara a vida privada e familiar, construíndose ó redor novas pautas de sociabilidade, que cuarenta anos despóis foi a orixe dese esquecemento histórico da realidade dos anos 1936-1975. De feito, ollando cara atrás pode semellar que foi un tempo que non existíu, un espacio temporal transitorio entre sistemas democráticos, auspiciada esa mesma ambiguedade e silencio polo sistema franquista.

É é que na realidade foi efectivo. Acadóuse aquelo que se pretendía: frear o proxecto reformista da esquerda progresista do país, nun contexto mundial de elevada tensión política. E conseguíuse por que os valores e os esquemas de conducta da sociedade tiveron que cambiar, facendo *normalizable* unha situación para nada *normal*, en pro dunha pretendida –e nunca conseguida ata a chegada da democracia– *paz social*. A xente agachábase, falaba baixiño cando chegaba alguén que podía comprometelos, mesmo boa parte da xuventude enganchábase ó entramado propagandístico ben facéndose da Sección Femenina no caso das mulleres ou subíndose voluntariamente ós camións de reclutamento durante a guerra os homes.

Mais salvando eses anos de radicalización o tempo foi o principal garante do franquismo. De xeito que se avanzaba no calendario a ausencia de novas sobre outra realidade que non fora a oficial provocaba que o contexto social se amoldara a esa realidade, mais coa presencia constante que aparecía de xeito inconsciente en calquer opinión do que se foi considerando como o grande trauma, en grande parte por ese silencio esmagador. Nesa actitude interna da sociedade galega xenerada por e para a súa propia supervivencia de esquencer os "pecados" acontecidos anos antes, agachábase unha protesta interna que moitos non puideron manifestar: durante o franquismo por garantir o seu propio proxecto de futuro,

logo, nos anos setenta ollando a utopía dun sistema democrático que non podía nacer do enfrontamento civil, senón do acordo e do diálogo.

Ese esquecemento non foi transitorio. Aquelo que se supoñía viña cun carácter transitorio e accidental, convertíuse nunha dictadura persoal de casi cuarenta anos que se cimentou precisamente pola súa capacidade de manter o silencio. Mais a memoria é algo que non se pode borrar da mente dos individuos, e que, como foi o caso, trasmitíuse como base non da perduración do réxime dictatorial, senón que agardou o momento en que a sociedade española fíxose o suficientemente madura para aprender dos seus erros pasados.

No caso concreto da sociedade galega o traballo de investigación histórica revélase como a súa millor terapia de hixiene mental comunitaria. Mais ainda temos que dar outro paso: o reconto das cifras non é suficiente. Non podemos estar a facer un constante exercicio de necrofilia profesional. Debemos abstraernos dos procesos concretos e xeralizalos, tentando sacar hipóteses e plantexamentos que permitan configurar na nosa colectividade referentes históricos sobre o que aconteceu nesa situación de conflicto bélico interno. Debemos superar os bandos para situarnos nunha nova realidade de futuro, esta vez sen traumas polo olvido e a desmemoria, mais tamén sen crispación e tentando aprender a cada paso, sen xustificar dende o acontecido e a posteriori determinadas accións.

Porque nunca se está o suficientemente lonxe de non repetir o pasado. Se ben é certo que a democracia se constrúe día a día, tamén o é que a perda dos valores de convivencia e diálogo que son a súa característica principal reprodúcese dunha maneira moito máis rápida caendo nunha espiral de replicas e contrarreplicas sen o establecemento de cauces para o entendemento. A finais dos anos oitenta as novas sobre os campos de concentración parecían un elemento do pasado moi lonxe de nós e casi irrepetible por reiterado. Máis poucos anos máis tarde voltaron a reproducirse, non nun país afastado do noso Primeiro Mundo, senón no mesmo territorio europeo coa desintegración da chamada Yugoeslavia.

Ante a manipulación da linguaxe e a instantaneidade da información o momento presente precisa dos historiadores. Necesitamos a reflexión, a delimitación de conceptos adxetivizados que perden o seu signficado orixinal, enchéndose de novos contidos cunha clara intencionalidade. Como ben sabemos os investigadores sobre a guerra civil, a realidade supera á ficción, mais o que non debe acontecer é que a expresión e interpretación desa realidade nos impida no presente ter un enfoque o máis obxetivo posible.

Notas

[1]*Las democracias soportan considerablemente mejor que las dictaduras la coexistencia de memorias heterogéneas, pero es importante que las lecciones de la historia obtengan el consenso de la mayoría de la sociedad. Por un lado, en la transición se llega a la conclusión de que los dos bandos que se enfrentaron en la guerra habían sido igualmente culpables de la barbarie que entonces se desató. De esta forma, ninguno fue más culpable que el otro, pues en ambas zonas se cometieron atrocidades injustificables. Por otro lado, la asunción de la brutalidad del pasado fue posible gracias a la generalización de la culpa que proporcionaba la interpretación de la contienda en clave de "locura colectiva". Finalmente, la principal lección que se obtiene en la transición es el "nunca más"...*
La transición se encuentra con una presencia muy viva del recuerdo dramático de algo que había ocurrido hacía unos cuarenta años. Más del setenta por ciento de la población española no había vivido la Guerra Civil, pero éste es el tipo de acontecimiento que se transmite de generación en generación, pasando a formar parte del acerbo de la memoria colectiva, como memoria trasmitida pero aún viva e influyente; Aguilar Fernández, P., *Memoria y olvido de la Guerra Civil española,* Alianza Editorial, Madrid, 1996, páx. 359.

[2]Mesmo podería haber moito de falar das garantías electorais do período da II República, mais en liñas xerais podemos decir que ainda que houbo fraude, este non se atopaba institucionalizado como durante a Restauración Borbónica.

[3]*PUEBLO: Absteniéndote de votar laboras por tu emancipación. Ayúdanos a construir un mundo nuevo*; proclama da Federación Local Obrera herculina ante as eleccións de novembro de 1933, primeira páxina do semanario *Solidaridad Obrera*, do 19 de novembro de 1933.

[4]Un diputado conservador galego escribe estas impresións no seu diario ó coñecer a resolución tomada polas esquerdas ante a entrada no gabinete gubernamental dos ministros da CEDA: *Notas de las izquierdas: El 4 de octubre dieron manifiestos (no publicados en Prensa) las izquierdas protestando duramente contra la solución dada a la crísis por el Presidente de la República y separándose de la República actual y disponiéndose a combatirla...*

[5]Quizás o máis curioso é que as indicacións respecto ó xeito en que tería que realizarse están asinadas polo mesmo Francisco Franco; "Plan de Defensa de la Plaza de La Coruña en caso de alteración de Orden Público", Tribunal Militar de la Región Noroeste, A Coruña, Legajo 5, Causa 413/36, páxs. 433-440.

[6]Quén escribía as liñas seguintes era Carlos Ruíz del Castillo, dirixente da URD (a CEDA galega) na ponencia que presentou na Asamblea Regional da URD en Santiago en febreiro de 1933, xuntanza preparatoria da Asamblea Constituínte da CEDA en Madrid do mes seguinte:
Todas las campañas de Unión Regional de Derechas y de los núcleos coordinados con ella en Galicia, se han desenvuelto alrededor de principios que son común patrimonio de toda la Derecha. Se ha evitado cuidadosamente proferir expresiones que, hiriendo alguna susceptibilidad, fueran factor de discordia o, por lo menos, de una discrepancia que, aún no exteriorizándose, produciría la debilitación de colaboraciones que son precisas; en Grandío Seoane, E., "Dereita e rexionalismo galego na II República: Carlos Ruíz del Castillo", Grial 134, páx. 214.

[7]Para a perspectiva da xerarquía eclesiástica galega dentro deste contexto consultar a obra de Carballo, F.- Magariños, F.; *La Iglesia en la Galicia contemporánea. Análisis histórico y teológico del período 1931-1936*, Akal, Madrid, 1978.

[8]Cartel colgado polo crego na porta principal da igrexa parroquial de Maside nos días previos ás eleccións de febreiro de 1936; citado en Grandío Seoane, E.; *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*, A Nosa Terra, Vigo, 1999, páx. 119.

[9]Citado por Giraldez Lomba, A.; 1939. *La Guerra ha terminado... hace sesenta años en Vigo*, Editorial Instituto de Estudios Vigueses, Vigo, 1999, páx. 344.

[10]Ver Grandío Seoane, E.; "El primer personal político del franquismo en la provincia de La Coruña (Cambio y continuidad de las elites políticas municipales durante la guerra civil en la retaguardia nacional, 1936-1939)", en J. Tusell, S. Sueiro, J.M. Marín y Marina Casanova (Eds.), *Actas del Congreso Internacional sobre el Régimen de Franco (1936-1975)*, (UNED, Madrid, 1993), Tomo I, páxs. 69-89.

[11]*Pero, no sólo fueron heroicas –silenciosamente heroicas–, las Falanges de Galicia. Supieron tener también la virtud de la disciplina. Esa virtud de la obediencia y de la disciplina, que tan bien se adapta al flemático temperamento de los gallegos. La disciplina y el sacrificio, figuran entre las mejores virtudes de los falangistas gallegos...*
El resumen de la actuación de la Falange de Galicia, lo mismo antes de la guerra que en la dureza de sus horas, puede hacerse, por consiguiente, con pocas palabras: Heroísmo, disciplina y una valentía inigualada siempre; Moure-Mariño, L., *Galicia en la guerra*, Ediciones Españolas, Madrid, 1939, páxs. 226-227.

[12]A intención utópica atópase ben visible nas expectativas de futuro que Moure Mariño tiña sobre a Falange galega:
Hay que rescatar de su miseria a los trabajadores gallegos de la tierra y el mar; hay que afrontar el problema del minifundio en nuestro agro; hay que mejorar y perfeccionar los medios de explotación de nuestra riqueza ganadera; hay que industrializar una región de situación tan privilegiada como Galicia. ¡Todo esto hay que hacerlo urgentemente!; Moure-Mariño, L., *Galicia en la guerra*, Ediciones Españolas, Madrid, 1939, páx. 228.

[13]*El número de ejecuciones políticas en el primer franquismo –entre 130.000 y 150.000–, multiplica por más de diez las de la represión nazi y por cinco mil las de la Italia fascista. La cifra de 43.812 presos en la España de 1945, seis años después del fin de la guerra, cuadruplica la existente en la Alemania nazi en 1937, es decir, sólo cuatro años después del acceso de Hitler al poder; Saz, I.,* "Entre la hostilidad y el consentimiento. Valencia en la posguerra", en Saz, I.- Gómez Roda, A. (eds.), *El franquismo en Valencia. Formas de vida y actitudes sociales en la posguerra*, Ediciones Episteme, Valencia, 1999, páx. 17.

[14]"Indice alfabético-onomástico de investigados-informados por Delegación de Orden Público", Arquivo do Reino de Galicia, mazos 4671-4687/1.

[15]*No existe nada sobresaliente por lo que se le pueda conceptuar como peligroso, pero ello es debido a que no se la ha presentado ocasión para cometer desmanes y por otra parte su incultura no le ha permitido destacar*; ficha persoal de Juan Aguiar Brandariz realizada pola Brigada de Investigación y Vigilancia de A Coruña en 1937; citado en Grandío Seoane, E.; *Vixiancia e investigación na Galicia da Guerra Civil. O Informe Brandariz (A Coruña, 1937)*, Ediciós do Castro, Sada, 2001, páx. 127, nota 183.

[16]*Al mirar hacia atrás... tengo la sensación de que personalmente yo no tenía nada que ver con los hechos cuando oía que los judíos, masones, socialdemócratas o Testitos de Jehová que me rodeaban eran condenados y perseguidos como fieras. Para mí bastaba el hecho de que yo no tomara parte personalmente en aquellos acontecimientos.*

El modesto camarada del partido era educado en el sentido de la gran política era demasiada complicada para que él pudiera juzgarla. Por consiguiente, uno se sentía continuamente por debajo de otras personas que respondían de él, no siéndole jamás pedido el sentido de su propia responsabilidad. Toda la estructura del sistema estaba dirigida a evitar por completo la aparición de conflictos de conciencia, lo cual llevaba consigo una absoluta esterilidad de todas las conversaciones y discusiones entre quienes pensaban igual. Era improcedente actuar de modo contrario a unas opiniones uniformes; Speer, A., Memorias, Círculo de Lectores, Barcelona, 1969, páxs. 41-42.

[17]*Los agentes del SIPM estaban designados con un número y una letra y, a su vez, se dividían en sectores. Este Servicio llegaría a agrupar a 30.000 hombres (lo que equivale a tres divisiones), tanto movilizados como personal civil, que incluía a mujeres; en Cervera, J., Madrid en guerra. La ciudad clandestina (1936-1939)*, Alianza, Madrid, 1998, páx. 217.

La represión en Ferrolterra y sus circunstancias

Enrique Barrera Beitia

Una represión consciente y estructurada

En Ferrolterra, la represión sobre los adversarios políticos estuvo debidamente encauzada y controlada por las autoridades, de tal manera que los casos acreditados de violencia no autorizada fueron excepcionales. En la cúspide de la pirámide represiva estaba el Delegado de Orden Público y por debajo, debidamente subordinados, los comités de depuración, la Guardia Civil y las milicias de Falange.

El delegado de orden público

En Ferrol, estos delegados fueron sucesivamente:

- Victoriano Suanzes, comandante de la Guardia Civil.
- Nieto, teniente de artillería.
- Miguel López Uriarte, comandante de Artillería.
- Ignacio López Pita, comandante de Infantería (enero 1937).
- Luis Rubido Diéguez, juez (julio de 1937).

Estos delegados trabajaron inicialmente con un listado de personalidades de la vida política, social y sindical que deberían ser eliminados y que fue redactado en los meses anteriores al golpe de estado por un grupo de políticos ferrolanos de derechas que se reunían clandestinamente en la Iglesia del Carmen, contando –como es lógico– con el apoyo del párroco de la misma, Benito Murado Farcón. A estas reuniones asistieron –por lo menos– las siguientes personas:

- Domingo Borrás Alonso, comerciante.
- Santiago Casares Bescanza, coronel Médico de la Armada.
- Javier Casares Bescanza, presidente Tranvías de Ferrol S.A.
- Chao Losada, médico.
- Rafael Fernández Conde, ingeniero de la SG de Electricidad.

- Miguel Martínez Falero, médico de la Armada
- Enrique Montenegro, catedrático de Instituto

Victoriano Suanzes aumentó el listado sirviéndose de los agentes policiales que habían sido enviados por los gobernadores provinciales de la República a los diversos actos políticos y sindicales. Es bueno recordar que, a diferencia de lo que ocurre en nuestros días, dichas actividades, contaban con la presencia de un agente gubernativo (policía o guardia civil) que elaboraba un informe sobre el desarrollo de estas reuniones y que estaba autorizado a suspenderlas si entendía que el desarrollo de las mismas no se ajustaba a lo explicitado en la solicitud. Era relativamente frecuente que interrumpieran a los oradores para advertirles de esta circunstancia. Victoriano Suances fue precisamente uno de ellos. Otro fue Bengoa, pero sin duda el más decisivo resultó ser Francisco Güemes, conocido como "El catalán", que cubría los actos de la izquierda en general y especialmente del PSOE y de la UGT.

Dichos agentes disponían de una información valiosísima y la pusieron a disposición de las autoridades franquistas. A sus datos se añadían los proporcionados por los diversos comités de zona –a los que luego nos referiremos– , de tal manera que el Delegado Gubernativo terminaba dividiendo la lista en tres grupos:

- Los denominados presos gubernativos, mantenidos en las cárceles a la espera de una decisión definitiva, que normalmente consiste en darles a elegir un destino en el frente o en un batallón disciplinario de trabajo.
- Los enviados a los Consejos de Guerra. La inmensa mayoría de ellos fueron condenados a muerte.
- Los que por no figurar en ninguna de las anteriores categorías, podían ser paseados.

La inclusión en un grupo u otro, dependerá de los avales que el preso pueda disponer y presentar.

Los comités depuradores por zonas

Estaban integrados por falangistas y funcionaban en cada parroquia rural. La ciudad de Ferrol tenía un comité conocido como "La Comisión de los Once". Aunque parezca duro decirlo, los sacerdotes se integraban en estas siniestras reuniones para dar el visto bueno a la lista o –en caso contrario– vetarla. Este es un detalle muy importante y al que luego nos referiremos.

La Guardia Civil

La Guardia Civil estaba encargada de proporcionar la instrucción militar y el debido encuadramiento a los grupos de milicianos así como de supervisar y participar en los paseos. En esta primera etapa, la Guardia Civil en Ferrol estaba dirigida por Victoriano Suanzes. Fue el primer Delegado de Orden Público de la Dictadura tras el golpe de estado. La mayor parte de los números destinados a estas actividades habían partido voluntariamente para sofocar la revuelta de los mineros asturianos en Octubre de 1934. Los guardias civiles que más se implicaron en los paseos y torturas a los detenidos y que peor fama ganaron fueron los siguientes:

- Gerardo Casanova Martín ("el de los 100"), guardia civil en Miño. Normalmente iba de paisano. Trabajaba coordinadamente con los falangistas. Se le apodaba de esa manera por que presumía de haber matado a "más de 100 rojos".
- Gago, compañero de Gerardo Casanova. Era cabo en Miño. Normalmente iba de paisano.
- Damián Sánchez, sargento del cuartel de Xuvia.
- Pintos, guardia civil de Xuvia (número).

En una segunda etapa, con el teniente de Artillería Nieto como nuevo Delegado Gubernativo, la Guardia Civil pasa a ser dirigida por el Capitán Aurelio Varela. Bajo su mandato y ya más relacionados con la represión de la guerrilla, figuraban como especialmente sanguinarios, los siguientes guardias civiles:

- Casal Reboredo, José. Participó por lo menos en un paseo masivo el 3 de Enero de 1949. Fue ajusticiado por la guerrilla el 8 de Febrero de 1949.
- Fraga, Ricardo. Tiene el triste privilegio de disputar a José Torres la condición de mayor criminal. No fue admitido en la Guardia Civil en la República e ingresó en plena guerra. Parece que tenía problemas mentales. Violó y asesinó a Josefa Pita Veiga el 18 de marzo de 1938. Hay testigos de por lo menos trece asesinatos.
- Hernández Santana, José "El canario". Compañero de Ricardo Fraga. Mató en un interrogatorio a Jesús Lago Díaz en presencia de sus hermanos.
- Torres Santiso, José. Sargento del puesto de Xuvia. Probablemente, con Ricardo Fraga, el más criminal de todos. Su relación de maldades necesitaría varias páginas. Fue ajusticiado por la guerrilla en Febrero de 1949.

Las milicias de Falange

La Falange recibió un aluvión de solicitudes de inscripción en las primeras semanas de la guerra civil. Un guardia civil, con la ayuda de otros, se encargaba de encuadrarles e instruirles en el manejo de las armas. En Ferrol era Gago, citado anteriormente.

La mayoría de los *camisas nuevas* eran muy jóvenes. Una parte fue enviada a combatir al frente, y otra recibió el encargo de "pacificar" la retaguardia. Eran los milicianos y dependían del Servicio de Prevención de Falange. Los jefes en Ferrol fueron José López Rey, Juan Antonio Pedreira, Ramón Rebollar y Juan Antonio Veiga. El Jefe Comarcal de las Milicias era un oficial de artillería llamado José María Pagola Birebén. Fue el oficial que dirigió la batería que se emplazó delante del Ayuntamiento de Ferrol abriendo fuego y forzando la rendición de los que estaban dentro. Un hermano suyo fue nombrado Alcalde de San Sebastián en los años 60.

La mayor parte de los milicianos se encargaban de espiar a los vecinos. Con estos informes se trabajaba en el Servicio de Información de Falange. Otros cubrían tareas auxiliares, como custodiar prisioneros de guerra o escoltar trenes. Finalmente había otro grupo encargado de sacar (de sus domicilios o de la cárcel) a los que iban a ser paseados.

Los camisas viejas en Ferrol

En marzo de 1933 aparece la JONS en Ferrol. "El Obrero" informa al respecto lo siguiente: "En Ferrol también comenzó la propaganda fascista. Los alumnos del Instituto hacen entre ellos el saludo hitleriano, alargando los brazos como para tirarse a nadar". Ese mismo curso intentaron quemar los libros de texto de autores extranjeros, o por lo menos, arrancar de los mismos, las páginas que hacían referencias a determinados personajes, especialmente judíos.

Durante el verano regresaron algunos ferrolanos que estudiaban en la Universidad de Santiago, sobre todo Derecho. Por influencia de estos nació la Falange en Ferrol. Su fundador fue Jesús Balás Loureiro, que murió en Agosto de 1936 en Madrid, a donde había ido –como Jefe de Milicias– para participar en el golpe de estado contra la república. Sin embargo, José Antonio Primo de Rivera decidió entregar la jefatura local al abogado Jesús Suevos tras una entrevista que mantuvieron en Madrid en Abril de 1934. Sus padres tenían una harinería y era el mayor financiador del partido. Abrieron un local en los alrededores de la sede del Almirantazgo. En Septiembre de 1933 había publicado en *El*

Correo Gallego una carta exaltando a Adolf Hitler y abogando abiertamente por encarcelar a socialistas, comunistas y judíos. Otro joven abogado afiliado a Falange era Víctor Otero.

En los últimos cursos del Instituto, había en el año escolar 1935/36 un grupo de bachilleres, cuyo numero se puede cuantificar entre 20 y 30, que se afiliaron al Sindicato de Estudiantes de la Falange. Con motivo de la fusión de ambos grupos (las JONS y la Falange) encargaron 26 camisas azules a la firma "Rafael y Vicente". Muchos de estos jóvenes falangistas acudían a clase con armas de fuego, aunque estuviera prohibido.

A finales de 1935, la Falange había organizado una cuadrilla de 5 a 8 muchachos muy jóvenes, que dirigidos por Fermín Dapena acostumbraban a recorrer de noche la Calle Real buscando provocar a las personas de izquierda. A comienzos de 1936, tenían dos "grupos de choque", uno de ellos actuando de noche. Los incidentes empezaron a ser diarios:

"Mi hermano José Díaz acompañó a primeros de 1936 a un grupo de jóvenes que querían vengar una agresión que los falangistas habían cometido. Él iba de mirón y pensando que sería una pelea a puñetazos. Los falangistas se preparaban en el Club de Tenis y al llegar –pese a que eran menores de edad– sacaron las pistolas y nos dispararon. José recibió dos tiros, aunque no murió".

Casi en vísperas del estallido de la Guerra civil, un joven falangista disparó con su revolver a un afiliado a las JJSS llamado Pancho (Francisco Rodríguez Olivar), cuyo padre trabajaba en Correos y lo mató. El asesino escapó y no fue detenido.

Con la Guerra Civil, Jesús Suevos ascendió hasta convertirse en el jerarca de la Falange en Galicia y ya sólo venía ocasionalmente a Ferrol. José Balás estaba en Madrid –como anteriormente dijimos– y a consecuencia de todo esto, lo lógico hubiera sido que Fermín Dapena se hiciera con el mando de la Falange en Ferrol, pero era muy impulsivo y se alistó voluntario para ir al frente, como casi todos los camisas viejas. Por ello la Jefatura Local recayó en Jesús Balás, hermano de José.

Los paseadores

Los milicianos falangistas que participaron en los paseos eran muchachos extremadamente jóvenes, carentes de ideas políticas y sin relevancia social antes del golpe de estado. El flamante uniforme y las armas de fuego les conferían un superior status y mayor atractivo ante las chicas. De ser gente anónima y mediocre pasaron a ser temidos. Eran dueños de la vida de muchas personas y carecían de la madurez necesaria para usar este poder con

templanza. Son los responsables de que la represión alcanzara una enorme intensidad y extensión, que iba acompañada por tal grado de violencia y fanfarronería, que terminó por atemorizar a las gentes de retaguardia y hacer odioso el partido.

En buena medida, el carácter sanguinario de la Falange ferrolana, radicaba en su inmadurez intelectual y en la exaltación de los comportamientos violentos ante los cuales, los falangistas advenedizos, eran muy vulnerables.

Solo los "camisas viejas" tenían un cierto grado de conocimiento de la doctrina elaborada por Ramiro Ledesma Ramos, y en menor medida por Onésimo Redondo y José Antonio Primo de Rivera, y podían por lo tanto barajar la idea de descabezar a la izquierda política y sindical para integrar posteriormente a sus bases. En Ferrol, sólo Santiago Montero hubiera sido capaz de hacer algo parecido, pero la guerra le sorprendió en Murcia. De joven había sido comunista, pero se dio de baja en protesta por el apoyo a la Autonomía de Galicia en 1936. Trabó amistad personal con Ramiro Ledesma que le proporcionó una beca de estudios en Alemania. En la post-guerra marchó voluntariamente al exilio.

La juventud e inmadurez del partido se agigantó con el inicio de la guerra. Había crecido con excesiva rapidez. No he podido acceder a los archivos de militantes, pero sí dispongo de un listado con más de 400 falangistas y 70 mujeres de la Sección Femenina a finales de 1937, cuando a comienzos de 1936 no alcanzaban las 50 personas. Si a estas cifras sumamos la de los falangistas embarcados voluntariamente en varios barcos de guerra, nos acercaremos al millar. No es de extrañar que entre tantos muchachos carentes de madurez fueran fácil reclutar asesinos

En los primeros meses de guerra civil, Ferrol vivió una vorágine de asesinatos, recordada con horror por los sobrevivientes:

O da Guerra Civil durante moito tempo foi unha cuestión inter-xeneracional; na medida en que foron sucesivas as xeneracións que tiveron en común a presencia da Guerra, ao que contribuiu notabelmente as diversas conmemoracións (18 de julio paga extra incluída), desfile de la victoria, morte de Jose Antonio, Alcazar de Toledo...), coas que o réxime reafirmaba o seu poder omnipresemte á sociedade española. Transmiten-se, de forma especial, as repercusións da Guerra, que se reflicten nunhas determinadas pautas de conducta, máis particularmente no referido ás repercusións que ten a disensión respecto do poder establecido.

Foi, pois, a Guerra un elemento aglutinante que xunguiu a diversas xeracións dado que o seu impacto alcanza aos que non a viviron, mais que sofren os traumas daqueles que viviron os anos de terror ao compartir os valores e sistemas de aprendizaxe impostos polo bando vencedor que, ademais, tenta impór unha memória determinada dos sucesos non só da Guerra, senón que incluso, tamén, dos sucesos prévios ao 18 de xullo de 1936 e dos posteriores ao 1 de abril de 1939. E a función da escola foi fundamental nesa *patriótica* misión de educar aos españois nos princípios da España eterna. Mais nalgún caso, cando as famílias ousaban trasgredir o siléncio, as histórias de vida dalgún famíliar actuaban como *correctoras* da verdade oficial prosusamente difundida polo aparato propagandístico instaurado dende o mesmo dia do golpe de estado polos sublevados e que, non temos outro remédio que recoñece-lo, demostrou a sua eficácia ao longo dos anos de vixéncia do réxime.

Cando a situación política permite falar libremente do acontecido, e supostamente o siléncio xa non é un mecanismo de defensa e supervivéncia, rachan-se os vínculos xeneracionais e a Guerra Civil deixa de pertencer ao mundo do siléncio para entrar nos domínios do esquecemento. Expliquemo-nos, aos máis da miña xeneración, por suposto aos máis vellos ca min, *aprenderon-nos* que a Guerra Civil, a GUERRA, foi unha medida necesária para rematar co desorden e o caos imperante ao longo da II República, especialmente desde o triunfo do FP (*del comunismo y de la masonería internacional* se preferimos a terminoloxia en vigor na altura). Co paso do tempo, e grácias ao labor historiográfico de homes en nada sospeitosos de desafección co réxime, como por exemplo Ricardo de la Cierva, aprendimos, ao tempo que semellaba que o réximen aceptaba-o, iso de que *todos fuimos culpables*, mais sen deixar de xustificar e tentar de lexitimizar o réxime ao que tanto debian. E cando na Transición Democrática parecia que, por fin!, se faria *xustiza histórica* e asumir publicamente que o *Glorioso Alzamiento* en realidade foi un golpe de estado propiciado polos sectores fascistas e reaccionarios da sociedade hispana, a Guerra Civil fica silenciada, –de novo o siléncio–, por temor a despertar vellos rencores. Se antes dixemos que os vencedores impoñen unha determinada memória dos acontecementos que van da pre-guerra á pos-guerra, agora non hai rubor en tentar impór, en aras da concórdia, un esquecemento da memória colectiva que fora alimentando-se na clandestinidade ao longo dos anos da Dictadura.

Debemos recoñecer que a Guerra, as suas consecuéncias, non foron superadas. Na Restauración Democrática, os vencidos non tiveron ocasión de perdoar publicamente as aldraxes (quer físicas, económicas, morais ou intelectuais) recibidas por parte dos

vencedores. Lonxe diso, os vencedores, en certo modo, esixiron o esquecemento. Ao que boa parte dos vencidos accederon, de novo se lles impón o siléncio, para evitar unha involución golpista que poidese traer o terror. Fixemo-nos, o siléncio actua de maneira sibilina na memória colectiva. Pese non se falar publicamente da represión exercida polo réxime do xeneral Franco, a memória colectiva funciona e busca unha saída defensiva para garantir a creación, pese ás suas eivas, dun sistema democrático. Incluso, aínda que de forma indirecta, cando a restauración da democrácia o que se fai con medidas como a amnistia ou certos dereitos concedidos aos perdedores, –caso do cobro de pensións por parte de militares republicanos ou das suas viuvas–, é perdoar aos vencidos. Non hai, agás raras excepcións, unha petición de perdón por parte dos vencedores. Aspecto este, creo eu, que fecha en falso a pretensión, non dubidamos que ben intencionada, de reconciliación.

Certo que cando se traballa sobre espacios de tempo tan próximos para xustificar o non querer abordar o problema desde unha perspectiva histórica, podemos recorrer a problemas de perspectiva, de limitacións e/ou atrancos para acceder a determinado tipo de documentación, de sentirmos, en certo modo, involucrados cos acontecementos en estudo. Mais tamén é certo que dispomos das avantaxes que supón o poder traballar coa liberdade de crear os nosos sistemas metodolóxicos que, na medida do posibel, permitan desde o presente achegar-mos á verdade, toda vez que o noso compromiso como historiadores é o de camiñar con decisión na procura desa verdade. Quizais por iso resulta certamente triste observar como se emprega esa liberdade para recorrer a unha determinada terminoloxia que ofrece ao lector unha visión distorsionada de determinadas actitudes, nalgún caso potenciando o carácter morboso que ten a represión e sen se parar a reflexionar no que supuxo como instrumento de acción política e, aínda menos, no que significou para as persoas e famílias que a padeceron. Ao falar de represión non nos limitamos aos asasinatos selectivos ou indiscriminados, ás estadías en campos de concentración, á redención de penas por traballo. Represión foi tamén a privación esporádica da liberdade, a negación da liberdade de movemento, a separación do posto de traballo até non ter superados os procesos de depuración (especialmente graves no funcionariado, e máis particularmente nos diferentes corpos docentes) medida que supuxo para os afectados, aínda no caso de superá-los exitosamente, graves perxuízos para as economias domésticas. Sen falar, xa, do agrávio moral que sofria ou sobmetido a depuración: Se ficaba absolto,

seria colaborador co réxime? De non superaba plenamente, e aínda que só fose amonestado, poderiamos tratá-lo coa mesma liberdade que antes ou estariamo-nos expoñendo ao perigo de ser investigados pola nosa relación cun *desafecto*? Unha represión que non se precisa exercer só derramando sangue ou privando de liberdade. Na escola, no púlpito, nas formas de evasión e lecer, na rádio ou no cinema, atopamos difentes modos de represión. Por non falar da miséria económica na que se viviu durante unha posguerra máis longa do desexábel e que, con certeza, supuxo un mecanismo máis de represión que minaba na ética e moralidade de moitos que para subsistir non tiveron outra solución que recorrer a prácticas, lindando no delictivo, que anos antes nin sequer serian quen de imaxinar. O recurso ao estraperlo é o exemplo máis *inocente* que podemos citar.

Volve-se falar de foraxidos e bandoleiros para se referir aos que fuxiron da represión franquista e, sobre todo, para os que tiveron o valor de facer frente aos seus horrores. Dá-se unha imaxe edulcorada das misérias dos anos de pos-guerra loubando a asisténcia social do franquismo esquecendo, quen sabe se intecionadamente?, que esa beneficéncia non seria necesária de terse acatado a legalidade vixente que, no caso da II República, estaba refrendada por unhas eleccións gañadas democraticamente polos partidos integrantes do FP. Xa custa traballo que en certos sectores da dereita se fale de golpe de estado para se referir ao que fixeron os militares sublevados o 18 de xullo de 1936. Fala-se de radicalización das forzas da esquerda republicana para xustificar o golpe militar do 36, esquecendo que a esquerda republicana foi exemplarizante na mesura coa que aplicou toda unha série de medidas que tiñan como finalidade modernizar as estructuras socio-económicas do estado español. E respostando os brotes de violéncia aos intentos da dereita, entre 1932 e 1934, de reconducir a República anulando gran parte dos avances sociais acadados pola cidadanía e recollidos nunha Consitución modélica no referente á modernidade dos seus postulados e que, por fin!, rescataba ao estado español dos resquícios feudalizantes que a Restauración Canovista non fora quen de eliminar.

Unha violéncia silenciada é o que foi o franquismo. Permitanme, a modo de colofón, unhas verbas de Manuel Azaña, Presidente lexítimo da II República, emitidas na rádio na noite do 23 de xullo de 1936: *En estos momentos de violencia, cuando se ha desencadenado contra el Poder legítimo de la República una agresión sin ejemplo, yo no diré una palabra más de violencia*[16].

Quen sabe?, pode que xa comezara o siléncio.

Notas

[1]A cursiva é nosa . Pimentel Luís. *Cunetas*. Lugo. Marzo de 1937. En Costa Clavell, Xavier *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*. Cambio-16. Madrid. 1977.

[2]Quen quera afondar nos povos promíscuos, e en xeral no significado da ráia seca luso-galaica, recomendamos a lectura das obras de Luís García Mañá e Máximo Salinas Valencia citadas na bibliografia.

[3]As testemuñas falan duns 1.000 efectivos armados entre Guardia Civil española, Guarda Nacional Republicana, Guarda Fiscal e forzas de infanteria con morteiros procedentes de Chaves.

[4]Quen estea interesado pode ler o seu testemuño no nº 17 de A Trabe de Ouro.

[5]Na obra de Bento da Cruz, *O lobo guerrilheiro*, hai referéncias a este suceso que o própio Bento da Cruz recoñece ter escoitado de novo na sua aldea de Padornelos, no veciño concello de Montalegre. Así o comentou nunha cena coloquio con Mendéz Ferrín no curso de verán *Estratégias de colaboração na ráia durante a guerra e pós-guerra espanhola: 1936-46*. Repitiu estes mesmos argumentos nunha mesa redonda sobre *Montalegre e a Guerra Civil Espanhola* celebrada na Câmara Municipal de Montalegre o 15 de febreiro de 1997. Posteriormente, en abril de 1998, volverá recordá-los nunha visita guiada polos espacios xeográficos nos que transcorre a novela cos alumnos de COU do IES-Universidade Laboral de Ourense.

[6]"O grupo de o Juan e a Importancia da rede social". En A Trabe de Ouro nº 16. Santiago de Compostela. 1993.

[7]Heine, Hartmut. A guerrilla antifranquista en Galicia. Serais. Vigo.1980.

[8]García Mañá, Luís. La frontera Hispano-Lusa en la provincia de Ourense. Anexo 11 del Boletín Auriense. Museo Arqueolóxico de Ourense. 1988. Para Luís García Mañá, Juan Salgado era un contrabandista de wolframio e o situa en Vinhais, onde operaban outros grupos guerrilleiros.

[9]Demétrio tiña contactos en Cambedo. Unha irmá sua estaba casada alí. Único guerrilleiro feito prisioneiro tras o asalto, será xuzgado e condenado a prisión en Tarrafal (Cabo Verde). En 1965 é liberado, exiliando-se en París. Os outros dous guerrilleiros, Juan Salgado e Bernardino Garcia, morren no asédio, e os seus cadáveres serán expostos no cemiterio de Chaves. Paula Godinho. Op. Cit.

[10]Como se Madrid, Rioja, Cantábria, Levante, non estean governadas polo PP.

[11]Primo Levi. *La tregua*. Muchnik editores. Barcelona. 2001.

[12]Curiosamente, desde o revisionismo operante nos últimos anos, coincide-se, en certo modo, cos critérios do que fora ministro franquista.

[13]Lembremos que numerosos Libros de Actas numerosos concellos teñen arrancadas (pensamos tras a Restauración Democrática) as follas correspondentes a decisióne adoptadas desde o 18 de xullo de 1936 a ben entrada a década dos 40 e incluso 50.

[14]Carreras Ares, Juan José. *Razón de Historia*. Marcial Pons. Zaragoza. 2000.

[15]Non podemos esquecer a inmemnsa cantidade de información que podemos recoller da prensa, aínda que, tal vez, en certos casos sexa preciso *ollar* para as novas que se recollen nun xornal desde unha perspectiva diferente da de só procurar unha reseña coa coplementar unha información documental que, por tradición historiográfica, consideramos máis relevante. Lendo o xornal podemos saber como se pensaba. E no caso que nos ocupa, a ausência nas páxinas do xornal de determinados sucesos que, por outras vias sabemos que si aconteceron, ou a redacción que se dá a outros sucesos, pon-nos en relación diercta coa aplicación do siléncio por parte do poder.

[16]En Reig Tapia, Alberto. *Ideología e historia: sobre la represión franquista y la Guerra Civil*. Akal. Madrid. 1986.

Bibliografía

AGUILAR FERNÁNDEZ, PALOMA. *Memória y olvido de la Guerra Civil española*. Alianza Editorial. Madrid, 1996.

ARÓSTEGUI, JULIO. "Tiempo contemporáneo y tiempo presente. Una reconsideración necesaria", en *Historia del Tiempo Presente: Teoría y Metodología. ICE.* Universidad de Extremadura, 1998.

"El análisis histórico social y la naturaleza de la Historia del Presente", en *Actas del II simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2000.

BAS, ENRIC. "Nuevos retos, viejos enfoques: Lanecesidad de repensar las Ciencias Sociales; aportes desde la sociología", en *Actas del III simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2002.

CARRERAS ARES, JUAN JOSÉ. *Razón de Historia.* Marcial Pons. Zaragoza, 2000.

BERMEJO BARRERA, JOSÉ CARLOS. *Genealogía de la Historia. Ensayos de Historia Teórica III*. Akal. Madrid, 1999.

CHACÓN GUTIÉRREZ, INMACULADA. "La memoria del presente", en *Actas del II simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2000.

COSTA CLAVELL, XAVIER. *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*. Cambio-16. Madrid, 1977.

CRUZ, BENTO DA. *O lobo guerrilheiro*. Ed. Notícias. Lisboa, 1992.

Cuesta Bustillo, Josefina. "Tiempo y recuerdo: Dimensiones temporales de la memoria política (España 1936-2000)", en *Actas del III simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2002.

DÍAZ, MARIO P. "Imagen y tiempo presente. Información versus memoria", en *Historia del Tiempo Presente: Teoría y Metodología*. ICE - Universidad de Extremadura, 1998.

FANDIÑO, ROBERTO G. "La barbarie legitimada. Historia de la propaganda e Historia del Tiempo Presente", en *Actas del III simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2002.

FERNANDES ALVES, JORGE. *O Barroso e a Guerra Civil de Espanha*. Câmara Municipal de Montalegre, 1981.

FERNANDES DO ESPÍRITO SANTO, DOMINGOS. "Testemunho. O Cambedo e a Guerra Civil" En *A Trabe de Ouro nº 17*. Santiago de Compostela, 1994.

FERNÁNEZ, CARLOS. *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la guerra civil*. Edicións do Castro. Sada. 1987 (4ª edición).

FERNÁNDEZ MAZAS, ARMANDO. P*olítica y Pedagogía (Memoria teórica de un maestro de la A.T.E.O.)* Andoriña. Ourense, 1990.

FERNÁNDEZ DE LA MORA, GONZALO. *El crepúsculo de las ideologias*. Madrid. Espasa-Calpe. 1965.

GARCÍA DE CORTAZAR, FERNANDO. "¿Se puede hablar de Tiempo Presente hoy? ", en *Historia del Tiempo Presente: Teoría y Metodología. ICE.* Universidad de Extremadura, 1998.

GARCÍA MAÑÁ, LUÍS. *La frontera Hispano-Lusa en la provincia de Ourense*. *Anexo 11 del Boletín Auriense*. Museo Arqueolóxico de Ourense, 1988.

COUTO MIXTO. *Unha República esquecida*. Universidade de Vigo, 2000.

GODINHO, PAULA. "O grupo de o Juan e a Importancia da rede social". En *A Trabe de Ouro nº 16*. Santiago de Compostela, 1993.

Memórias de Resistência Rural no Sul. Couço (1958-1962). Celta Editora. Lisboa, 2001.

HEINE, HARTMUT. *A guerrilla antifranquista en Galicia*. Xerais. Vigo, 1980.

PRIMO LEVI. *La tregua. Muchnik editores*. Barcelona, 2001.

MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA, LUÍS. *O ensino da Historia no bacharelato franquista (Periodo 1936-1951).* Edicións do Castro. Sada, 1994.

Prada Rodríguez, Julio. "Abaixo o fascismo e viva a revolución social" a revolución de outubro na provincia de Ourense", en *Boletín Auriense*, T XXX. Museo Arqueolóxico Provincial. Ourense, 2000.

RAMÓN CARRIÓN, MANUEL DE e PANIAGUA SANTAMARÍA, PEDRO. "Periodismo, ¿Historia para el futuro?", en *Actas del II simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2000.

REIG TAPIA, ALBERTO. *Ideología e historia: sobre la represión franquista y la Guerra Civil.* Akal. Madrid, 1986.

ROSAS, FERNANDO (director) *Portugal e a Guerra Civil de Espanha*. Lisboa. 1996.

SALINAS VALENCIA, MÁXIMO. *O Couto Mixto: o seu contorno arráiano e os Pobos Promiscuos. Descrición Socioeconómica.* Asociación de Amigos do Couto Mixto. 2002.

TUSELL, JAVIER. *La España de Franco*. Historia-16. Madrid. 1989.

VVAA. *La Guerra Civil Española 50 años después*. Labor. Barcelona, 1989 (3ª edición).

WOUTERS, MARC. *1936. Os primeiros días*. Xerais. Vigo, 1993.

"En camiño de rexeneración...": cárcere e traballo na provincia de Ourense

Domingo Rodríguez Teijeiro
Universidade de Vigo

A articulación do sistema Penitenciario en Ourense

Unha primeira cuestión a ter en consideración para achegarnos á articulación do sistema penitenciario franquista é a existencia, como ocorre na totalidade do proceso represivo, de dous períodos ben diferenciados. O primeiro deles, o que se coñece como "o terror quente", estenderíase o longo de toda a fase de golpe de estado que iría dende o 18 de xullo ata finais de 1936 cando, despois de fracasar a ofensiva sobre Madrid, comeza a impoñerse entre os sublevados a perspectiva dunha longa guerra. Evidentemente, esta primeira fase céntrase xeográficamente naquelas zonas do territorio onde os golpistas se fan co poder dende os primeiros momentos ou ben aquelas outras que son conquistadas rapidamente. Neste espacio asístese a un proceso de atomización e provincialización da administración e, no tocante ó proceso represivo, este adquire un carácter "local" ou, o que é o mesmo, van ser aquelas persoas afíns ós sublevados as que en cada cidade, vila ou pobo, procedan á identificación e represión dos desafectos, agora ben, sempre baixo o control e dirección da máxima autoridade militar provincial.

O longo desta primeira etapa non é posible falar da existencia dun sistema penitenciario centralizado; a Xunta de Defensa Nacional non vai elaborar ningunha disposición que directamente faga referencia a esta materia e, no ámbito normativo será o intre de maior aplicación daquela máxima de que seguían en vigor todas aquelas normas que non foran expresamente derrogadas. No marco desa represión "local", na que represores e reprimidos se coñecen persoalmente, aproveitaranse as infraestructuras existentes ou se procede a habilitar outras nos máis variados lugares para dar acollida o elevado número de detidos: os depósitos municipais, as prisións de partido ou a prisión provincial, con diferentes espacios anexos cada unha delas en forma de prisións provisionais ou habilitadas, que acollen ós detidos gobernativos que se atopan á espera de que as súas "responsabilidades" sexan clarexadas.

No penitenciario mantense, pois, o esquema existente con anterioridade no que a Prisión Provincial actúa como centro da organización a nivel provincial e, dado que aínda non se reconstruíu o sistema nos seus espacios centrais, quen vai asumir a súa dirección será o Comandante Militar da capital e con posterioridade o Gobernador Civil e, no seu caso, Delegado da Orde Pública. Este será o proceso que ten lugar na provincia ourensá. Se inicialmente o Gobernador Militar é a quen se dirixe o Director da Prisión Provincial para buscar solución ós graves problemas de espacio ocasionados pola inxente cantidade de detidos, con posterioridade será o Gobernador civil quen se fará cargo de dirixir e controlar todos aqueles asuntos directamente relacionados co ámbito penitenciario.

O rápido triunfo dos sublevados na provincia de Ourense e a inmediata organización polos militares dos concellos, Deputación e Goberno Civil dará paso a un proceso represivo que se leva a cabo de maneira constante, sistemática e metódica. Este proceso de depuración será controlado polos xefes do exército que se constitúen na máxima autoridade provincial e que, nos momentos iniciais, contarán con unha ampla autonomía na configuración dos aparellos represivos. Nese proceso de represión local que sinalabamos máis arriba, as autoridades locais designadas polos militares nas vilas, a Garda Civil, os párrocos e os elementos civís que por moi diversas razóns colaboran cos sublevados serán os responsables de levar á cadea a un elevado continxente de presos que debe ser absorbido polo entramado penitenciario provincial. Certamente, como sinala Grandío para o caso de A Coruña, tamén en Ourense é escasa a información institucional existente para as dúas últimas semanas do mes de xullo[1]. Nembargantes, os poucos datos dispoñibles permiten afirmar que, sen dúbida, as máximas autoridades militares na provincia dirixiron dende o primeiro momento o labor represivo e procuraron atopar solución ó problema máis acuciante que implicaba o elevado número de detidos: atoparlles aloxamento. Neste senso é significativo que sexa o Comandante Militar da Praza de Ourense quen, transcorridos unicamente cinco días dende o trunfo do golpe, autorice ó Director da Prisión Provincial a desprazarse a vila de Celanova coa finalidade de "reconocer e informar si el edificio del Convento de San Rosendo reúne condiciones para prisión provisional", o tempo que solicita das autoridades desa vila que lle presten toda a axuda necesaria en ben do servicio[2].

A de Celanova vai ser a primeira prisión habilitada ou provisional que se constitúa na provincia de Ourense, chegando os primeiros reclusos trasladados da Provincial o 26 de xullo, data en

que tamén comezan a ser trasladadas ás mulleres cara a Bande, converténdose os baixos da casa do Concello desta vila, a partir de entón e ata o remate da guerra, en prisión de mulleres.

Pero xa dende os primeiros días de agosto o gobernador civil se fai cargo do control absoluto sobre as excarceracións, ordenando que ningún detido sexa posto en liberdade sen a súa autorización por escrito; deixando meridianamente claro que calquera proposta neste senso deberá serlle presentada acompañada dos informes pertinentes que lle sirvan de xustificación e, incluso no caso de tratarse de simples conduccións de detidos solicitadas polas autoridades das que dependen, deberá quedar constancia escrita na Prisión sobre a forma en que esta se leva a cabo[3]. Pero non se vai limitar o labor do Gobernador a exercer ese control directo sobre os detidos que se atopan baixo a súa autoridade, senón que asume de inmediato a dirección e xestión de todos aqueles a aspectos que conforman a vida penitenciaría: dende o meramente administrativo como o nomeamento de gardas interinos ou dispoñer o cese do farmacéutico oficial para nomear outro no seu lugar, ata aspectos de carácter ideolóxico ou moral como ordenar que "todos los domingos y días festivos de precepto, por el capellán se diga Misa en ese establecimiento"[4].

Cando a partir do mes de novembro a Xunta Técnica do Estado comeza a dictar distintas disposicións legais que pretenden articular unha organización centralizada que asuma a tarefa de dirixir, con criterios unificados, os centros penitenciarios existentes –algo que se impulsa inicialmente coa creación da figura do Inspector Delegado de Prisións, quen se arrogaría a totalidade das atribucións nesta materia, e que comeza a tomar forma normativa a través da restauración en toda a súa integridade do Regulamento do Servicio de Prisións de 1930[5]–, os Gobernos Civís mostraranse moi remisos a ceder as competencias que asumiran neste terreo. A partir deste intre pódese sinalar que comeza a segunda fase do proceso represivo que indicábamos ó comezo. Enfrontados as necesidades que se derivan da maior actividade dos Tribunais Militares, xunto coa progresiva ocupación de maior espacio territorial, a provisionalidade e atomización imperante no sistema penitenciario ata o momento non resultan xa operativas, faise imperiosamente necesario articular un novo sistema capaz de dar resposta ó constante incremento no número de detidos, prisioneiros de guerra e penados.

No verán de 1937, cando a "xustiza ó revés" de que falara Serrano xa se ten imposto sobre o "terror quente", comezarán a aparecer novos centros de Reclusión na provincia de Ourense: o Mosteiro de Oseira en San Cristovo de Cea, xunto co "hospital

vello" na céntrica praza das Mercedes da capital; ó tempo tamén a totalidade das prisións de Partido, ata un total de dez, comezan a actuar como habilitadas para dar acollida tanto a presos preventivos, gobernativos, como a penados[6]. A estes centros haberá que sumar aqueles que se irán creando conforme se proceda a unha explotación racional da man de obra penal, sendo o primeiro deles o establecido para a construcción do cuartel militar de El Cumial, nos arredores da capital, que funcionará como prisión habilitada e campo de traballo entre novembro de 1937 e setembro de 1938.

Unicamente dende a creación do Ministerio de Xustiza en 1938 e no seu seo da Xefatura do Servicio Nacional de Prisións, pódese dicir que se comeza a lexislar con carácter xeral e definitivo para a organización e control do sistema penitenciario, entre outras cousas, porque xa a esas alturas do conflicto a poboación penal da España nacional constitúe un problema de primeira magnitude. So a partir dese intre se pode considerar definitivamente superado ese inicial carácter provisional e urxente. Precisamente poucos meses despois de constituírse a Xefatura do Servicio Nacional de Prisións, a prisión do Mosteiro de San Salvador en Celanova deixa de ter a consideración de habilitada para transformarse en Central actuando con total independencia da Provincial; xa non estará destinada a partir de entón a dar acollida ós reclusos producto da represión na provincia senón que forma parte das medidas adoptadas para paliar o inxente problema que se xera a partir da represión posterior á toma polas forzas de Franco da fronte norte e, especialmente de Asturias. Como Prisión Central a de Celanova está destinada a dar acollida unicamente a penados, é dicir a aqueles reos que sufriran o correspondente consello de guerra y que xa tiñan sentencia firme; o que tamén se pode entender como unha forma de comezar a adecuarse ás disposicións do Regulamento de Prisións no que se establecía que este tipo de centros estaban destinados unicamente ó cumprimento das penas, quedando as provinciais para os presos preventivos e condenados a menos de un ano.

Pero a Prisión Central de Celanova vai poñernos en relación tamén co amplo sistema concentracionario que se crea en Galicia para proceder á clasificación e subseguinte clarificación das "responsabilidades" adquiridas polos presos procedentes de Asturias, un sistema que estará en pleno funcionamento e ó máximo do seu rendemento na segunda metade do ano 1937 e a primeira de 1938. Ata un total de sete campos (Cedeira, Ferrol, Muros, Rianxo e Camposancos creados entre finais de xullo e principios de agosto de 1937; Ribadeo e Santa María de Oia postos en marcha despois da ocupación de Xixón), con diferentes funcións, serán constituídos para proceder á liquidación do problema[7] e, a

partir deles, vai deseñarse unha complexa estructura na que van participar os Tribunais Militares e as Prisións, e que presenta un acabado grao de organización, sendo o seu funcionamento calquera cousa menos improvisada.

Xa dende o mes de febreiro de 1938 comezan a chegar á aínda Prisión Habilitada de Celanova sucesivos continxentes de reclusos que proceden de Asturias, algúns deles en tránsito cara ó Campo de Concentración de Camposancos, pero a maior parte son penados que veñen a extinguir a súa condena neste centro de reclusión, esa será a razón pola que no mes de maio se tome a decisión de proceder ó seu cambio de categoría. Pero a partir de xuño en Celanova ingresarán tamén os condenados nos Consellos de Guerra que se celebran en Camposancos[8].

A magnitude que acada o problema penitenciario a partir da metade de 1937 determinará que de xeito progresivo se dean novos pasos cara configuración do sistema: se comeza por completar as diferentes escalas de funcionarios de prisións, disponse a realización de convenios con comunidades de relixiosas para atender aspectos da vida cotiá dos diferentes centros –sendo nas prisións de mulleres de xeito practicamente absoluto– e se establece unha xerarquía de autoridades –Directores, Inspectores Rexionais, Xefatura do Servicio Nacional– que configuran un organigrama administrativo autónomo, organizado e centralizado; a esto haberá que sumar disposicións que, como a creación dun ficheiro de reclusos e a do Padroado Central para a Redención das Penas polo Traballo, deixan –a finais de 1938– practicamente perfilado o que será o sistema penitenciario do primeiro franquismo. Nembargantes continúan a ser moi variadas, as autoridades que exercen influencia sobre a poboación reclusa; inclusive, en certa medida, pódese falar dunha soterrada loita entre Gobernadores Civís, Delegados da Orde Pública e, máis adiante, o propio Coronel Inspector Delegado de Campos de Concentración, a propósito de que autoridade é a pertinente para ter á súa disposición os presos gobernativos[9].

Traballar para se redimir

O incremento exponencial no número de prisioneiros de guerra e presos políticos a medida que se produce o avance das tropas franquistas e, en particular, a ofensiva na fronte do norte, enchen os cárceres de detidos e condenados. Este feito, está na base da decisión de regular lexislativamente o traballo dos presos e prisioneiros e así será recoñecido no Decreto nº 281 de 28 de maio de 1937, unha disposición de urxencia que trata de introducir algo

de orde en momentos nos que as "circunstancias actuales de la lucha y (...) la complejidad del problema, impiden (...) dar solución definitiva a la mencionada conveniencia [de regular o destino e tratamento dos presos]"[10].

No decreto citado se anticipaban algúns dos principios que despois configurarían o sistema para a redención das penas polo traballo. Nun claro exercicio de cinismo o Novo Estado en cernes facía extensivo ós prisioneiros "roxos" o dereito o traballo que recollía o punto quince do programa de FET y de las JONS, "en cuanto no se oponga, en su desarrollo, a las previsiones que, en orden a vigilancia merecen, quienes olvidaron los más elementales deberes de patriotismo"; pero tamén se deixaba entrever que o obxectivo real non era tanto o recoñecemento dun dereito cuxos fins, dicía, poderían verse total ou parcialmente incumpridos "ante la pasividad que adoptasen sus seglares", como diminuír a carga que para as arcas do novo réxime supoñía o seu mantemento e aliviar a situación de desamparo na que quedaban as súas familias, máis que por humanitarismo, en realidade por temor a un maior deterioro social na retagarda. Corresponde á Inspección Xeneral [Delegada] de Prisións e ós xenerais xefes de Corpo de Exército que teñen baixo a súa custodia ós prisioneiros, formar relación dos que tiñan recoñecido este dereito comprensiva da súa filiación, datos familiares e situación económica.

Como norma xeral, o texto lexislativo establecía que os presos traballarían como peóns, pero a discreción dos seus respectivos xefes e por conveniencias do servicio, poderían "ser utilizados en otra clase de empleos o labores en atención a su edad eficacia profesional o buen comportamiento". Tamén se establecía o xornal devengado, que sería, para os peóns, de dúas pesetas diarias, das que 1,50 se destinarían á súa manutención, entregándoselles os cincuenta céntimos restantes ó rematar á semana. No caso de que se tratase dun home casado con esposa en "zona nacional" e que carecese de bens propios ou medios de vida, se incrementaría o xornal ata as catro pesetas, sumándose unha máis por cada fillo menor de quince anos ou maior incapacitado para traballar; cantidades estas últimas que se entregarían directamente ás familias.

Nesta cuestión do traballo dos presos, como en tantas outras na fase de "Estado Campamental" do novo réxime, a norma virá sempre despois da realidade práctica coa finalidade de sancionar e regular esta. Debemos ter en conta que xa con bastante anterioridade á promulgación do decreto polo que se lles recoñecía o dereito ó traballo, os presos serían empregados en moi diversas ocupacións, aínda que en número relativamente pequeno; en Ourense, dende o verán de 1936 algúns reclusos da prisión provin-

cial realizarán obras ou traballos de carácter municipal, unha brigada de traballo será destinada ó acuartelamento da cidade e, incluso, contribuirán á reconstrucción do Mosteiro de Oseira e á súa posterior transformación para empregalo como prisión habilitada. Non é preciso sinalar que moitos dos traballos que realizan os reclusos ourensáns, sobre todo aqueles significados como esquerdistas, os mestres ou profesionais liberais non buscaban como finalidade obter unha utilidade práctica inmediata, máis ben pretendían a humillación pública destes presos, ó expoñelos ó escarnio e a burla dos seus concidadáns.

Pero a partir da disposición normativa comentada e cando no mes de xuño de 1937 se constitúa a Comisión para a creación de Campos de Concentración comezará de xeito sistemático o proceso de creación de batallóns de soldados traballadores nos diferentes campos de concentración. No sistema de clasificación que se establece nos campos existían catro categorías que determinaba o futuro destino do prisioneiro: A, afecto (Ad, afecto dubidoso); B, desafecto sen responsabilidades penais probadas; C e D, mandos do exército republicano, responsables políticos e sindicais, criminais. A partir desas catro posibles clasificacións e dende o punto de vista das "responsabilidades" poderían darse tres supostos: con responsabilidade, sen responsabilidade e sospeitosos. No caso de que se apreciasen responsabilidades no detido –os clasificados nos grupos C e D– e si este conseguía librarse do "paseo", quedaba de inmediato a disposición do Xulgado Militar correspondente para abrir dilixencias que remataban no Consello de Guerra e, se do mesmo resultaba unha condena de reclusión eran trasladados a prisión. Os que se consideraban sospeitosos –grupos Ad e B–, deberían ser trasladados a aqueles "lugares y campos" establecidos pola autoridade militar para proceder a ampliar a información sobre os mesmos; unha vez clarexada a súa situación quedaban incluídos nun dos outros grupos coas consecuencias que do mesmo se derivaban. No caso dos que non tiñan responsabilidade –grupo A– existían dúas posibilidades en función de si estaban ou non en idade militar, no primeiro caso quedaban a disposición das autoridades militares que decidían se pasaban a formar parte das diferentes unidades do exército ou ben eran destinados a Batallóns de Soldados Traballadores –xunto cos clasificados nos grupos Ad e B que se encontraban en idade militar–; no segundo caso, eran postos en liberdade, que podía ser plena ou sometida á obriga de se presentar ás autoridades do seu lugar de residencia[11].

A constitución Batallóns de Traballo con aqueles quintos que, despois de pasar a correspondente depuración de responsabilidades, non espertaban confianza ós mandos militares, xunto ós

prisioneiros de guerra era unha práctica que –cando menos oficialmente– xa se viña desenrolando dende a publicación do decreto concedendo o dereito o traballo ós presos. No preámbulo do mesmo sinalábase a existencia de prisioneiros e presos "en número considerable que, sin una imputación específica capaz de modificar su situación de simples prisioneros y presos les hace aptos para ser encauzados en un sistema de trabajo que represente una positiva ventaja", sinalando ademais que teñen a consideración de persoal militarizado atopándose suxeitos ó "Código de Justicia Militar y al *Convenio de Ginebra de 27 de junio de 1929* (sic)"[12].

No ámbito penitenciario a posta en marcha do sistema de traballo tardaría máis tempo en levarse a cabo e, de feito, ata 1942 non se pode considerar establecido na súa forma definitiva. O primeiro paso consistirá na creación do sistema de redención de penas polo traballo e do Padroado encargado da súa xestión en outubro de 1938[13] e, a partir de entón, este sistema vai converterse no eixe básico da solución ó problema xerado pola inxente cantidade de presos políticos. Incialmente se establecía que a cuantía da redención de condena sería de un día por cada día traballado "con rendimiento real no inferior al de un obrero libre" ó tempo que se mantén o sistema de retribucións recollido no decreto de 5 de maio de 1937. Como norma para seleccionar os reclusos traballadores establecerase á duración da condena, dándose preferencia ós que teñan penas máis leves, sempre por baixo dos doce anos e un día, algo que para o Padroado constitúe un auténtico "interés nacional" xa que o que se pretende é "incorporar rapidamente a las tareas de engrandecimiento patrio a aquellos reclusos que están en condición de redimir prontamente su pena, volviéndolos a su hogar y a su trabajo libre"[14]. Pero tamén se pretende que, ademáis da xestión administrativa do traballo dos reclusos, o Padroado Central e as Xuntas Locais que crea este procuren "el mejoramiento espiritual y político de las familias de los presos y de estos mismos"; porque a función do sistema vai máis aló da simple explotación laboral, posto que a través do traballo se busca reeducar, resocializar ós reclusos e ós seus familiares nos principios ideolóxicos básicos do novo Estado.[15]

O primeiro paso que se da para a explotación laboral da man de obra penal será a súa clasificación e inclusión no chamado "Fichero Fisiotécnico", a través da elaboración dunha ficha a cada penado na que constan o seu nome, idade, natureza, nome dos pais e profesión ou oficio detallando a especialidade. A función deste ficheiro é clara, proporcionar "al Estado, a las Corporaciones y a las Empresas, así oficiales como particulares, gran número de trabajadores que, de no ser así, por su condición de reclusos, habrían de

permanecer inactivos"[16], creando unha lista cun total de 21 industrias subdivididas en 602 grupos ou oficios. A partir deste ficheiro establécense as posibilidades para o emprego da man de obra: obras públicas e municipais que son realizadas preferentemente a través das Colonias Penitenciarias Militarizadas; traballos na industria, sexan traballos para ó Estado ou particulares fóra da cadea (fábricas, talleres ou minas, fundamentalmente), desenrolados polos Destacamentos Penais; traballos agrícolas e forestais e traballos de construcción de vivendas promovidos pola Dirección Xeral de Rexións Devastadas.

Dende outra perspectiva, a redención de penas vai converterse, en última instancia, nun importante instrumento de propaganda do novo réxime cara ó exterior: a reducción das condenas, a atención que se presta ás familias dos presos, a súa fundamentación última na teoloxía, etc.., serán difundidas a través dos diferentes consulados a multitude de países de modo que, como acertadamente expoñía Antonio Nadal, a más cruel represión transfórmase nunha das grandes obras sociais do réxime[17]. Tamén actúa o sistema de traballo como un importante mecanismo de control social que comeza xa cos requisitos esixidos na selección dos reclusos, pois non se pode dubidar de que a esperanza na progresiva diminución da pena ata a final redención serve para orientar a conducta dos reclusos –e as súas familias– na dirección desexada polo réxime, impedindo por esta vía as posibles manifestacións de disidencia sen necesidade de recorrer permanentemente á represión cos costos engadidos que esta supón.

Os campos de traballo na provincia de Ourense: Casaio

Na provincia de Ourense poderemos encontrar as diferentes formas de explotación da man de obra penal que sinalábamos no punto anterior. A primeira fase de traballo dos reclusos decidida polas autoridades militares e civís provinciais nos primeiros momentos da guerra, como queda dito, responde máis á vontade de humillar o vencido que á de obter un beneficio económico directo, o que determina que os presos da provincial sexan empregados en varrer as rúas da capital, reparar o pavimento e as conduccións de auga ou ben baldear os excrementos que os animais deixaban os días de feira.

Pero xunto a este tipo de "traballos", outro tipo de ocupacións como a reconstrucción do mosteiro de Oseira ou os traballos que dende 1937 un grupo de presos leva a cabo no Cuartel de San Francisco e no campo de tiro de O Cumial entrarán, con posterioridade, no ámbito de aplicación do decreto de 5 de maio de 1937 que

recoñecía o dereito o traballo dos presos e prisioneiros de guerra. Inicialmente baixo este réxime e, máis tarde, acollidos o sistema de redención de pena os reclusos ourensáns levarán a cabo obras públicas de carácter municipal ou participarán en traballos para ó bispado como as reparacións que se levan a cabo na da catedral e a edificación do seminario de Ervedelo. Ademais de continuar as obras de O Cumial ata que en marzo de 1938 foron substituídos polo Batallón de Soldados Traballadores nº 21.

Nembargantes, o gran centro de traballo na provincia non se constituiría ata ben entrada a posguerra e, a diferencia dos anteriores, encontraríase moi distante da capital provincial: o Destacamento Penal de Minas de Casayo.

No sistema de redención de pena polo traballo, os Destacamentos Penais realizaban aquelas obras estatais ou contratadas por empresas privadas que eran cualificadas como de "interese nacional". Dado que no traballo coincidían persoas en liberdade e reclusos establecíanse unha serie de requisitos para escoller a estes últimos: a superación dos exames de relixión, menor condena, non pertencer ó partido comunista ou á masonería, etc., e eran destinados ós mesmos a petición propia. En 1940 sinalaba o Padroado a existencia dun total de setenta destacamentos nos que estaban empregados 5.155 traballadores, nese ano eran destinados a tarefas de "reconstrucción nacional" (casos de Brúnete, Belchite, Teruel, Potes e Oviedo); construcción de liñas férreas (nos traballos do ferrocarril Madrid-Galicia existían dous destacamentos) e tamén a traballos de minería (en Asturias había tres destacamentos; dous en León; e un en Galicia, en Silleda dedicado á extracción de estano).[18]

A estructura definitiva da articulación dos destacamento penais non se conseguiría –do mesmo xeito que ocorre con todo o sistema de redención– ata o ano 1942, cando se procede a refundir a inxente cantidade de disposicións que foran promulgadas para organizar as múltiples actividades, institucións e empresas que requirían man de obra penal. Nese ano vai crearse no seo do Padroado unha Sección de Destacamentos Penais que asume a xestión de todos aqueles aspectos que, dun ou doutro xeito, se relacionaban con eles e que procederá a establecer unha nova clasificación dos mesmos atendendo ó tipo de entidade para a que realizan o seu labor: Estado, Provincia, Municipio ou empresas particulares; crearanse deste xeito seis seccións: Rexións Devastadas, Servicio Militar de Pontes e Camiños de Cataluña, Obras Públicas, Metalurxia, Obras de Construcción e Industrias varias.[19]

Aínda que na relación anterior non se fai referencia directa os traballos de minería, era esta unha ocupación na que os penados traballadores foran empregados dende os primeiros momentos da

posta en marcha do sistema de redención e que, ademais, será sempre unha ocupación moi positivamente valorada dende o Padroado dado o grande rendemento que se obtiña da mesma. O emprego dos destacamentos para poñer en explotación diferentes industrias mineiras e, polo tanto, a cualificación deste tipo de traballos como de "interese nacional" cabe entendelo nun dobre sentido: primeiro polo interese do Estado en incrementar a producción no marco da política económica autárquica, sexa coa intención de substituír importacións o ben xerar as tan escasas pero necesarias divisas[20]; en segundo lugar, polo enorme impacto que a represión tivo sobre os mineiros, algo que os propios responsables do Padroado poñen de manifesto cando sinalan na memoria do ano 1940 que o das minas era un tipo de traballo moio apropiado para os reclusos "pués así como en otros oficios hay un paro forzoso más o menos importante, en la minería hay escasez de obreros especializados libres, en tanto que en las cárceles existían muchos mineros inactivos".[21]

Os penados que redimían condena nos destacamentos recibirían, segundo estipulaba a normativa, un xornal que estaría en función do que se pagaba na localidade onde se ubicaba o mesmo ós traballadores libres que desenrolaban a mesma actividade. Ademais se lles recoñecía o plus de carestía de vida e de cargas familiares, así como os subsidos existentes, a participación nos beneficios da empresa, unha gratificación por especial comportamento, o plus de distancia e as horas extraordinarias. Cando os reclusos eran contratados por empresas privadas, os xornais e pluses eran abonados por estas ó Padroado, este entregaba ós reclusos e as súas familias as cantidades establecidas sendo a diferencia reintegrada á Facenda Pública en concepto de indemnización polos danos de guerra[22]. Así mesmo, as empresas contratantes estaban obrigadas a remitir mensualmente un informe sobre o rendemento de cada recluso e, en función do mesmo, cando se apreciaba "ineptitud profesional" nalgún deles era de inmediato enviado á súa prisión de orixe sendo sustituido por outro; pola contra, se do informe se derivaba a apreciación de "resistencia en el trabajo" este recluso era de inmediato trasladado a unha prisión de castigo.[23]

As anteriores eran, en síntese, as bases que rexían o desenrolo da actividade laboral dos reclusos destinados ó Destacamento Penal de Minas de Casayo. Este comeza a súa andadura o 9 de setembro de 1942 cando o enxeñeiro da empresa *Montes de Galicia S.A.* solicita do Padroado a concesión de sesenta e dous reclusos-traballadores: 29 mineiros perforadores, 29 mineiros axudantes e 4 para servicios axuliares, para que se incorporen á explotación de

volframio que esta empresa ten na ourensá Serra do Eixe. Aprobada a solicitude, se lle indican á empresa as condicións para a cesión da man de obra, entre as que destacan: ingresar mensualmente e por anticipado nas contas do Padroado o importe dos seguros sociais obrigatorios e a "cantidad global a que se calcule puedan ascender los gastos para atender puntualmente al pago de las asignaciones a los reclusos", establecendo que o xornal sería o mesmo que contemplan as bases de traballo para os obreiros libres nas mesmas especialidades e en todo caso nunca inferior a 8 ptas.; a vixilancia dos reclusos debería se organizada pola propia empresa –designando o Director da Prisión Provincial un funcionario para facerse cargo da parte administrativa–; establecíase nun mes o prazo para que os reclusos foran efectivamente empregados no traballo e, de non ser así, serían devoltos ás súas prisións de orixe dándose por cancelado o contrato e correndo a empresa con todos os gastos que se ocasionaran.[24]

A empresa concesionaria actuará con celeridade para satisfacer as anteriores esixencias, construíndo en breve prazo as instalacións do que será o destacamento. Serán tres edificios, o primeiro destinado a acoller os reclusos: unha construcción en pedra e madeira illada na que se integran dormitorio, comedor, cuarto de aseo, cociña e despensa; o segundo para aloxar a garda e o terceiro destinado á oficina e aloxamento do Xefe do Destacamento. Con posterioridade, e en función do progresivo incremento no número de reclusos-traballadores –xa que pronto a empresa comeza a solicitar mais, ata situarse no ano 1944 no quinto lugar entre os noventa e seis destacamentos existentes en España polo número de reclusos empregados, o que derivaría tamén nun incremento correlativo no número de funcionarios destacados– se construirán dous novos barracóns e se axeita un pequeno local para que cumpra a función de enfermería, destinándose outro a calabozo. E para vixiar tanto o recinto como os reclusos destinase un pequeno destacamento da Garda Civil, composto por un cabo e seis números.[25]

O destacamento, do mesmo xeito que o resto das prisións, rexerase polo disposto no Regulamento Orgánico do Servicio de Prisións de 1930 –coas modificacións realizadas dende o comezo da guerra. En xeral, da documentación conservada parece deducirse que no tempo en que permanece en funcionamento entre os reclusos se mantén un elevado grao de disciplina. Aínda que os penados non pernoctan en ningunha prisión, como ocorría noutros casos, as condicións do destacamento, situado nun lugar illado e afastado de calquera núcleo de poboación, considerase que "favorecen el orden total (...) y se consigue la mejor disciplina de los presos"[26]. Non cabe dúbida que as esixencias que se establecían

para acceder a redención de pena, como xa sinalábamos, inciden de maneira importante no mantemento da disciplina e a orde nesta e noutras explotacións.

Tan importante como o mantemento da disciplina era garantir un elevado rendemento da man de obra e esta era unha das funcións que tiña asignado o Xefe do Destacamento, a quen se autoriza a "reexpedir a esa [Prisión] Provincial a todo aquel recluso que por distintas causa y a juicio de dicha jefatura, no merezca redimir pena por el trabajo en este Establecimiento, teniendo en cuenta, ya su conducta, ya su capacidad de labor..."[27]. Serán poucas as ocasións en que se faga uso desta prerrogativa e a maioría das veces será como consecuencia de faltas de "conducta", ou o que é o mesmo, por criterios ideolóxicos, algo que pon de manifesto a intención das autoridades penitenciarias de que o traballo dos presos non rendese unicamente beneficios económicos[28]. Un deses traslados será consecuencia do costume dun preso de blasfemar e por facer propaganda entre os compañeiros contra o cumprimento do precepto pascual, considerado "incorrixible" aproveitase a ocasión para impoñer un "castigo ejemplar"[29]; feito que pon de manifesto a importancia concedida á implantación dos principios ideolóxicos do novo réxime: entre quenda e quenda de traballo tamén queda tempo para continuar co labor apoloxético e coa propaganda relixiosa, aínda que no destacamento de Casaio –quizais pola súa situación de illamento e as dificultades de acceso– non haberá sacerdote algún, facéndose cargo o Xefe do Destacamento desta labor así como da instrucción cultural que segue unha orientación semellante.

Como xa queda indicado, a cifra inicial de sesenta e nove reclusos-traballadores será superada con moito nos case dous anos que permanece en actividade o Destacamento, aínda que non é posible detallar con exactitude o número de reclusos que pasaron polo mesmo –debemos ter en conta que as sucesivas ordes de excarceración así como o costume das autoridades penitenciarias de realizar constantes traslados de presos determinan unha constante entrada e saída nos diferentes centros penitenciarios–, o que si sabemos é que a capacidade inicial dos barracóns era de 120 persoas, unha cifra que non se acada ata marzo de 1943, elevándose a 311 en decembro dese mesmo ano para acadar a cifra máxima en abril de 1944 cando son 356 os reclusos-traballadores existentes. Destaca o feito de que predominen os condenados a penas graves, algo que parece contradicir os principios do sistema, nembargantes, á altura do ano 1943 as mencionadas medidas de excarceración aplicadas nos anos anteriores teñen como consecuencia que unicamente permanezan nas cadeas españolas condenados a

penas grave; o que si constitúe un feito rechamante e que en Casaio, a diferencia de outros destacamentos, en ningún momento van redimir pena reclusos de dereito común.

No momento en que se atopa en pleno rendemento o destacamento, para explotar a mina o traballo se organiza en tres quendas, dúas no interior: entre as 9 da mañá e as 5 da tarde a primeira, e entre as 7 da tarde e as 3 da mañá a segunda; e unha no exterior, con horario partido: de 9 da mañá a 1 da tarde e de 2:30 da tarde ata as 6:30[30]. Nos dous casos, o traballo se realizaba en contacto con obreiros libres de ambos sexos empregados na mina e, en xeral, o traballo dos reclusos considerase de igual rendemento ó destes[31]. A empresa concesionaria vai acollerse escrupulosamente ó disposto en canto ó emprego dos reclusos, agora ben, no tocante os salarios en todo o tempo en que se atopa en actividade o destacamento será sempre o mínimo estipulado de 8 ptas./día.

O interese que ten para o Estado a explotación das minas de volframio leva a que, en liñas xerais, as condicións de vida no destacamento, salvo pola dureza do traballo e do clima, podan considerarse como boas. E rechamante que, mentres noutros centros penitenciarios da provincia os problemas sanitarios –en especial no tocante os medios materiais dispoñibles– sexan de primeira magnitude, en Casaio non teñan esa consideración. Por exemplo, os andazos de tifo ou tuberculose non existen e unicamente foi posible constatar un caso desta última enfermidade. De feito, o interese por manter elevado o nivel de rendemento dos reclusos fará que as peticións realizadas polo Xefe do Destacamento no senso de que se constitúa un Servicio Médico no mesmo sexan atendidas con relativa celeridade polas autoridades penitenciarias e a empresa concesionaria que, progresivamente, aportan o necesario para constituír un pequeno botiquín de urxencia, ademais de médico e practicante reclusos. Así pois as doenzas máis graves que padecen os traballadores de casaio cabe encadralas dentro da categoría de "enfermidades profesionais" ou "accidentes laborais": reumatismos, gripe, contusións, golpes, magulladuras que, no que se pode seguir da documentación conservada, tampouco revisten maior gravidade.

Nembargantes, malia o interese por manter a saúde dos reclusos, a alimentación destes non vai ser todo o axeitada que cabería agardar. O presuposto de que se dispón de 2 ptas por praza e día, complementado cunha partida da empresa destinada a sobrealimentación, servirá para a confección dun rancho que as autoridades penitenciarias cualifican invariablemente como bo, a comida sería "buena, abundante y variada el pan es abundante y se les dan comidas extraordinarias en determinados días festivos"[32].

Pero unha simple ollada ós partes de almacén conservados –e dando por suposto que estes non foran falsificados– serve para constatar que se ben o pan é certamente abundante, escasean a carne e as verduras, o que pon de manifesto unha importante insuficiencia calórica e proteínica en relación co traballo que realizan os presos.

A certa excepcionalidade que presenta o Destacamento Penal de Casaio no referente as condicións de vida dos presos está en relación directa con marco internacional no que se inserta neste intre da súa explotación: a Segunda Guerra Mundial e, máis en concreto o pago das débedas do Réxime de Franco á Alemaña nazi a través do envío de remesas deste importante mineral estratéxico; o que contribúe a explicar a súa consideración como de interese nacional e, en consecuencia, á aplicación da man de obra penal á súa explotación. A importancia do volframio deriva de que a súa elevada densidade (19,2), a súa resistencia á acción dos ácidos e o seu elevado punto de fusión (3.660 graos) que o converten nun material insustituible na fabricación de aleacións para ferramentas e, en especial, na blindaxe de máquinas e outros aparellos bélicos. Na Segunda Guerra Mundial as minas de Casaio serán explotadas directamente polos alemáns –baixo a dirección do enxeñeiro Dr. Georg Bürg– e do valor que para eles tiña este mineral nos da unha idea a importante inversión realizada na súa posta en producción. Para poder transportar o material dende o corazón da "Serra do Eixe" ata a estación de ferrocarril máis próxima tiveron que construír unha estrada –de aproximadamente uns 20 km– que non atravesaba ningunha poboación; construíron tamén un pequeno salto de auga para fornecerse de enerxía; levantaron todo un conxunto de edificacións: cociñas, comedores e vivendas para xefes e obreiros, os barracóns para os reclusos...; unha vez comezaron os traballos de extracción, o elevado consumo de enerxía obrigaría á construcción dunha central térmica na localidade de Sobradelo de Valdeorras que, nembargantes, non chegaría a entrar en funcionamento.[33]

Pero o volframio vai adquirir unha enorme importancia na comarca ourensá de Valdeorras e na súa veciña leonesa de El Bierzo cando, en 1943-44, se libra unha auténtica guerra comercial entre os Aliados e o Eixe polo control da producción deste mineral. Ingleses e alemáns estableceron nos pobos próximos ás explotacións mineiras unha densa rede de colaboradores coa finalidade de comprar tanto mineral como fora posible (nas localidades de Púente de Domingo Flórez, Sobradelo, San Xusto ou Quereño) e en torno a eles foi xurdindo un amplo grupo de axentes secundarios. O pouco volume e moito peso do volframio facilitaban o contrabando do mesmo e o seu elevado prezo no mercado ilegal era un incentivo para este lucrativo negocio, no que tamén participaban os

reclusos que traballaban na mina e que, malia o perigo evidente dada a súa situación, extraían importantes cantidades que logo vendían ó intermediario de turno. Os ingleses pretendían reducir ó mínimo a cantidade de mineral que chegaba ós alemáns –gran parte do conseguido era tirado ó mar–, mentres que estes intentaban recobrar o volframio que saíra na súa maior parte da mina que explotaban en Casaio, pagando dúas veces o seu prezo inicial.[34]

A explotación das minas de volframio do oriente ourensán encóntrase en íntima relación cos diferentes conflictos bélicos ocorridos na primeira metade do século XX: a Primeira Guerra Mundial (1914-1918), a Segunda Guerra Mundial (1939-1945) e a Guerra de Corea (1950-1953). No intre en que rematan os conflictos, a explotación das Minas de Casaio decae posto que, dada a súa ubicación, cabe supoñer un elevado custo de explotación en función das dificultades na extracción, transporte e transformación do mineral que as fan pouco rendibles.[35]

Notas

[1]Algo que na súa opinión é consecuencia dunha predisposición das novas autoridades porque quizás neses intres o descontrol foi máis ben a norma que a excepción. GRANDÍO SEOANE, E. *Vixiancia e represión na Galicia da Guerra Civil. O "Informe Brandariz"*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2001pg. 50.

[2]Arquivo Histórico Provincial de Ourense (A.H.P.OU) Fondo Prisión Provincial. *Correspondencia con organismos oficiales, 1923-42.* Caixa 12.999. Escrito da Comandancia Militar de Ourense con data 25/7/1936.

[3]A.H.P.OU. *Ibidem*. Escrito do Goberno Civil con data 9/8/1936.

[4]Decisión que se xustifica en atención á petición efectuada por varios reclusos establecéndose que ó Oficio relixioso poderían acudir todos aqueles "detenidos que voluntariamente quieran hacerlo". A.H.P.OU. *Ibídem*. Escrito con data 8/9/1936.

[5]O "Reglamento Orgánico de los Servicios de Prisiones" de 14 de novembro de 1930 era restablecido "en toda su integridad" polo Decreto nº 83 de 14/11/1936 que, ó tempo, declaraba sen vigor "todas las disposiciones" posteriores ó mesmo excepción feita das emanadas da Xunta de Defensa e a Xunta Técnica do Estado.

[6]Da existenia de penados nas prisións de partido en datas moi avanzadas da guerra informa un telegrama recibido o 15 de febreiro de 1939 polo que se ordena que "los penados existentes en El Barco y Bande reingresen en la provincial". Archivo del Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar, Ourense (A.C.P.P.OU) *Dirección General de Prisiones. Circulares y otros documentos*.

[7]Algúns destes campos, xunto con outros novos serían empregados en 1939 para solucionar os problemas da xestión dos prisioneiros de guerra e detidos como consecuencia da ocupación de Cataluña e, despóis, do remate da guerra. Sobre este

tema vid., por ej., RODIGO SÁNCHEZ, J. *Los campos de concentración franquistas, entre la historia y la memoria.* Madrid, Sietemares, 2003.

[8]Ó mesmo trasladase nese mes o Tribunal Militar Permanente nº 1 que ata entón exercía as súas funcións en Xixón. Función similar á de Celanova vai cumprir a prisión de Figueirido en Pontevedra, que tamén se converte en Central por estas datas sendo a inmensa maioría dos reclusos da mesma de procedencia asturiana. Así mesmo, aínda que en menor medida, a prisión da Illa de San Simón será empregada nesta tarefa e outras prisións, como a Habilitada de Santa Isabel en Santiago –lugar frecuente de pernocta nos traslados dos detidos– contribúen a darlle solución o problema da enorme cantidade de prisioneiros asturianos.

[9]A clarificación deste concepto será un dos temas recorrentes nas comunicacións entre o Goberno civil e a Dirección da Prisión Provincial de Ourense. Na documentación que se conserva pódese seguir o proceso a través do que, de xeito progresivo, todos os retidos na prisión pasan a depender directamente do Gobernador Civil, coa única excepción daqueles "sujetos a procedimiento judicial de la jurisdicción que sean o penado" A.H.P.OU. *Ibidem*. Escritos con datas 18/9, 2/11/36 e 21/1/1937.

[10]Decreto do Gobierno del Estado de 23/5/1937, B.O.E. de 1/6.

[11]Orde da Secretaría de Guerra de 23/7/1937. B.O.E. de 24/7.

[12]Decreto do Goberno do Estado de 28/5/1937, B.O.E. de 1/7.

[13]Orde do Ministerio de Xustiza de 7/10/1938. B.O.E. de 11/10.

[14]"La selección de los destinos y de los trabajadores", en *Redención*. *Organo del Patronato Central para la Redención de las Penas por el Trabajo*, 22/4/1939, pg. 1.

[15]É importante ter en conta, en relación coa significación ideolóxica do sistema de redención, que este foi creado para ser aplicado unicamente os presos políticos, os comúns só poderían acollerse ó mesmo de xeito excepcional pola súa boa conducta, ata que no Código Penal de 1944 se lles recoñece esta posibilidade. Ademais, despois de rematada a guerra, se establecerá como norma para poder acollerse ó sistema de redención de pena ter superados os cursos de relixión que se impartían nas prisións.

[16]*Redención*. Organo… 19/7/41, p.4.

[17]Antonio Nadal, prólogo á obra de BARRANQUERO, E.; EIROA, M. e NAVARRO, P.: *Mujer, cárcel y franquismo. La prisión provincial de málaga (1937-1945)*. Imagraf, Madrid, 1994.

[18]Patronato Central para la Redención de las Penas por el Trabajo. *La obra…* op. cit. pg. 65.

[19]*Redención. Organo…* op. cit. 13/2/1942, pg. 1

[20]Neste senso cabe entender o emprego de man de obra penal para poñer de novo en explotación a mina de mercurio de Almadén que, de inmediato, pasaría a converterse nunha das poucas fontes de divisas con que podía contar o Novo Estado na inmediata posguerra.

[21]Patronato Central para la Redención de las Penas por el Trabajo. *La obra...* op. cit. px. 65. Aínda que, para 1942 este problema xa desaparecera como consecuencia das diferentes medidas de excarceración, permanecendo escaso número de obreiros especializados na minería, obrigando ó Padroado a recorrer ó "examen directo por las empresas concesionarias del personal no especializado", segundo se sinalaba en *Redención* o 13/2/1943.

[22]*Ibídem*. px. 71. Aínda que con posterioridade estas cantidades se destinan, cando menos en apariencia, a outra finalidade: o "sostenimiento y educación de hijos desvalidos de reclusos".

[23]PATRONATO CENTRAL para la Redención de las Penas por el Trabajo. *La obra...* op. cit. px. 65.

[24]A.H.P.OU. Fondo Prisión Provincial. Destacamento Penal de Minas de Casayo. Caixa 13.040. Copia do escrito de concesión dos reclusos remitida á Prisión Provincial de Ourense con data 19/9/1942.

[25]*Ibídem*. Informe remitido polo Director da Prisión Provincial ó Padroado Central para á redención das penas polo traballo con data 30/9/42.

[26]*Ibíd*. Acta de Visita con data 18/02/43. No mesmo senso, ó longo dese ano e o seguinte, insisten todos os informes que se conservan.

[27]A.H.P.OU. Fondo Prisión Provincial. Destacamento Penal de Minas de Casayo. Caixa 13.040. Autorización que se outorga despois dunha visita do Director Rexional de Prisións o 18/2/43.

[28]Aínda que a constatación da existencia deste tipo de sancións pon en evidencia o alcance real do proceso de adoutrinamento, xa que, como queda sinalado, os traballadores-reclusos eran escollidos entre os menos perigosos, aqueles que amosaban unha actitude máis sumisa, e ademáis esixíase superar unha serie de probas de contido fundamentalmente ideolóxico.

[29]*Ibídem*. Escrito dirixido á Dirección Xeral de Prisións con data 26/4/43.

[30]A.H.P.OU. Fondo Prisión Provincial. Destacamento Penal de Minas de Casayo. Caixa 13.040. Acta de Visita de 2/3/44.

[31]*Ibídem*. Acta de visita de 18/2/43.

[32]*Ibíd*. Informe Médico con data 15/5/44.

[33]No intre en que remata a guerra mundial se estaba traballando no tendido da liña eléctrica, así como iniciando a construcción dunha vía de ferrocarril dende a mina á localidade de sobradelo. TERRON DE MENDAÑA, T.: "El estraperlo del volfram en las minas de Casayo", en *Cadernos do Instituto de Estudios Valdeorreses*, nº 7, I.E.V., O Barco de Varldeorras (Ourense), 1989, px. 147.

[34]CASTRO VOCES, A.: "Vilanova do Bolo y el Wolframio", *La Voz de Galicia*, 28/VIII/1999, pg. 44.

[35]TERRON DE MENDAÑA, T.: *op. cit.* px. 143.

Este centro queda clausurado por orden de la autoridad militar. A liquidación do tecido asociativo ourensán durante a Guerra Civil

Julio Prada Rodríguez
Universidade de Vigo

O asociacionismo obreiro e labrego ourensán en vésperas da sublevación militar

A proclamación da II República trouxo consigo, tamén en Ourense, unha mutación substancial nos alicerces sobre os que se edificara o societarismo obreiro e campesiño dúas décadas atrás. En termos xerais podemos falar da existencia de dúas realidades diferenciadas: a daquelas sociedades e sindicatos que se manteñen ancorados en parámetros puramente técnicos e, os máis, que ceden ó acoso de empresarios políticos e sociais de todo signo e procedencia interesados en se servir deles como plataformas para o control dunha importante masa de sufraxios que cómpre rendibilizar na nova estructura de oportunidades aberta polo cambio de réxime.

En vilas e cidades os socialistas son, en conxunto, os principais beneficiarios gracias á súa posición dominante na maioría dos sindicatos afectos ás Casas do Pobo; cenetistas e comunistas, a salvo das particularidades locais, non conseguen contestar esta hexemonía pero os seus plantexamentos se escoitan con diáfana claridade nalgún dos grandes debates abertos. No rural os matices son moito máis ricos. As forzas dereitistas tentan infructuosamente resucitar o outrora importante sindicalismo católico, mentres os republicanos burgueses de esquerda a penas contan con presencia nalgunhas sociedades moi dispersas pola xeografía provincial. Os nacionalistas do PG manterán ata a desfeita electoral de novembro de 1933 o vello discurso dun agrarismo non comprometido politicamente, se cadra agardando convertese nos seus principais guías. Pola contra, os fieis a Lerroux conseguen captar para as súas hostes a Basilio Álvarez, o vello azoute de caciques que agora comparte mesa con eses mesmos notables que lle proporcionan ó partido sufraxios a man chea nas Constituíntes e as primeiras Lexislativas.

Menos éxitos electorais e tamén máis reducida presencia societaria exteriorizan os socialistas da *Federación Nacional de Trabajadores de la Tierra* (FNTT), con un total de dezaoito sociedades adheridas

formalmente en vésperas do movemento revolucionario de outubro de 1934[1]. Os sindicatos anarquistas da *Confederación Regional Galaica* (CRG) só conseguiran captar a catro sociedades nos partidos xudiciais de Verín, Carballiño e Viana[2], e *Confederación General del Trabajo Unitario* (CGTU) podía exhibir por todo capital unha única sociedade adherida en terras de Allariz. Con todo, segundo demostramos noutro lugar[3], a presencia de afiliados socialistas, anarquistas e comunistas en diferentes sociedades era notablemente superior ó que este sucinto panorama insiste en testemuñar, en gran parte polas marcadas reticencias que obreiros e, sobre todo, campesiños seguían amosando a imbricarse en experiencias asociativas que transcendesen o seu reducido universo espacial.

Pero que os progresos, tamén neste eido, eran notables o demostra a implicación das diferentes sociedades e sindicatos nos acontecementos de Outubro. Daquela o proletariado da capital ourensá non se amosara demasiado disposto a ir máis aló dun paro de solidariedade cos seus compañeiros cataláns e asturianos por moito que a documentación interna do PCE se empeñase en atribuír á falta de decisión dos socialistas o fracaso do plano insurreccional segundo documentou V. Santidrián[4]. En determinadas zonas do rural con forte presencia de elementos marxistas nas agrarias intensificouse notablemente a propaganda revolucionaria en vésperas da insurrección; o xuíz militar encargado da instrucción dun dos sumarios incoados para depurar as responsabilidades de varios veciños do partido xudicial de Allariz expresábao graficamente cando sinalaba respecto desta participación que "se hace sospechoso el que sean individuos pertenecientes a distintas Sociedades Agrarias, las cuales parece han sido, en general, solicitadas por los elementos revolucionarios en esta provincia para que secunden el movimiento (...)", salientando como "se registró en los primeros días de la huelga una gran actividad por reclutar y exaltar a las masas de obreros y campesinos. Estas masas de campesinos parece eran manejadas por las sociedades agrarias, que aunque aparentan ser ajenas a filiaciones políticas parece eran simpatizantes con las ideas comunistas y socialistas"[5].

Non erraba o capitán de la Puente no seu xuízo. E así comprendérono as autoridades militares e gobernativas da provincia, que aproveitaron a represión desatada en todo o Estado para desfacer a meirande parte da estructura societaria consolidada no trienio precedente: detención de numerosos dirixentes, clausura de centros, destitución dalgúns concelleiros sospeitosos de conivencia ou pasividade cos revolucionarios, apoio ós intentos da patronal de reactivar o moribundo sindicalismo católico, cese de elementos desafectos empregados de diferentes corporacións públicas, etc.

Ademais, o modelo represivo ensaiado pon ó descuberto non poucos elementos que reaparecerán en xullo do 36: masivas detencións gobernativas para desarticular posibles actos de oposición, extensión desproporcionada da xurisdicción de guerra, emprego de informes procedentes de diferentes instancias –incluído o clero– como elemento modulador das responsabilidades a esixir, submisión de determinados feitos nun plano revolucionario de dimensión estatal a fin de impoñer condenas sen máis fundamento que o da *responsabilidade colectiva* dos afiliados a determinadas organizacións, intento de numerosos empresarios políticos e societarios de aproveitar a conxuntura para prescindir dun incómodo competidor e notable coincidencia nos actores dunha e doutra conxuntura histórica.[6]

Axiña, con non poucas dificultades, mudarían as tornas. A vixilancia das autoridades non puido evitar que, dende finais da primavera, as actividades, as máis das veces semiclandestinas, de diferentes líderes esquerdistas agromen outra volta. As que merecerán preferentemente a nosa atención son as que desenvolven no rural ourensán, xa que no ámbito urbano e vilego ofrecen menos novidades, vencelladas, como non podía ser doutro xeito, ás iniciativas xurdidas arredor das Casas do Pobo. O PSOE, por exemplo, tenta recuperar posicións nas sociedades fieis á FNTT presionando para deixar sen efecto a orde de peche gobernativo e, cando esto non é posible, acudindo ó consabido cambio de nome que permita burlar a acción das autoridades e proporcionar acubillo ós mesmos acólitos.

Así acontece, por exemplo, en Valdeorras, onde, aproveitando o mantemento do estado de guerra na provincia, as autoridades practicaron numerosas detencións e procederon á clausura das diferentes sociedades de carácter esquerdista que operaban en todo o partido. Velaí o caso da Sociedade *El Porvenir*, radicada en San Miguel do Outeiro (Vilamartín de Valdeorras), clausurada oficialmente o día 5 de decembro na casa do comerciante D. Manuel Cao[7]. Pero axiña as esquerdas retomarían a iniciativa: ocupación de terreos comunais usurpados por un dos notables locais, Juan Gómez Romasanta, e distribución dos mesmos entre os matrimonios mozos carentes de terra suficiente para garantir a súa reprodución familiar[8]; incremento dos mitins e manifestacións organizadas por socialistas e comunistas dende mediados de 1935[9]; intento de consolidar o marco asociativo anterior á represión de outubro que, nalgunhas zonas vai máis aló da simple reapertura das sociedades clausuradas dando paso á fundación doutras sobre bases diferentes. Por continuar co concello de Vilamartín, os fautores da antiga El Porvenir optan por eludiren a orde de clau-

sura coa inscrición dunha nova sociedade chamada a xogar un destacado papel no ano seguinte: a *Sociedad de Trabajadores de la Tierra* de Vilamartín, que non só absorbe á práctica totalidade dos antigos afiliados de San Miguel do Outeiro senón que estende as súas redes sobre as parroquias próximas funcionando coma unha especie de "nave nai" que marca a dirección dos diferentes "comités", superando así o minifundismo e a dispersión anterior.

Haberá que agardar, sen embargo, ata a victoria das esquerdas no mes de febreiro para completar o mapa do novo agromar do societarismo en toda a comarca coa fundación de numerosas sociedades e sindicatos en diferentes parroquias. En ocasións a iniciativa correspondeu a emigrantes retornados cun gran capital político acumulado en terras americanas. Velaí o caso de Alfonso González Arístegui, retornado de Cuba no verán de 1933 a terras barquenses, que "(...) desde el momento que llegó simpatizó e hizo propaganda de las ideas marxistas, teniéndole todos los marxistas de esta parroquia de Vega-molinos como el Rabí o Maestro venido del cielo para redimirlos (...) [fundando] una célula comunista (de la cual desapareció la documentación) y en ella daba con frecuencia mítines, y tal era su actuación que antes del movimiento era voz general en el pueblo que él había corrompido la juventud (...). En esta feligresía todos le respetaban y escuchaban; en alguna ocasión le vi con obreros leyéndoles y explicándoles libros y artículos marxistas y en los diversos pueblos de que ella consta, todos deseaban tener un apóstol semejante".[10]

Pero foron socialistas e comunistas os que se amosaron máis activos. Estes últimos, conscientes das dificultades para liderar en solitario a apertura de novas sociedades, preferiron infiltráranse nas controladas polos socialistas e aproveitaren esa estructura societaria preexistente para, mediante o traballo diario "de base", promocionaren ós afiliados comunistas á directiva dos diferentes sindicatos onde a súa meirande preparación ideolóxica e o seu espírito "militante" xogaban ó seu favor para impoñeren paulatinamente as súas teses.[11]

Pola contra, noutras comarcas onde a relativa ausencia de tradición societaria ou os efectos da represión de outubro configuraban un páramo ermo de aparente fácil conquista, os comunistas apostaron maioritariamente por desprazar ós seus máis destacados propagandistas coa misión de contactar cos elementos máis activos das diferentes parroquias e traelos a bordo proporcionándolles un interlocutor na capital. Así acontece, por exemplo, en terras da Baixa Limia, onde o principal obstáculo seguían a ser o multiforme caciquismo e as reticencias amosadas tradicionalmente polos labregos da zona para se imbricar en experiencias

deste tipo. Naturalmente o principal reclamo era o control do mercado de traballo que estes organismos podían exercer, tanto para as obras públicas, limitadas ós traballos de reparación ou construcción de camiños dado o afastado da liña férrea en construcción, como para o traballo a xornal en terras de "grandes" e "medianos" propietarios e os empregos municipais. Aínda que cativa, a esixencia práctica da afiliación obrigatoria para acceder a este mercado de factores tan competitivo proporcionou o instrumento necesario para contrarrestar os mecanismos tradicionais de influencia que aínda permanecían en mans dos notables locais.

Se se pretendía que ese control fose efectivo era preciso forzar un proceso asociativo masivo, para o cal en non poucas ocasións foi preciso acudir a todo tipo de coercións sobre os labregos e os propietarios que se resistían a darse de alta na sociedade ou sindicato; as diversas formas de boicot foron, xunto cos tradicionais mecanismos de presión comunal, elementos recorrentes nos meses que separan as eleccións de febreiro e o golpe militar. Con elas pretendíase, en primeiro lugar, anular a nada desdeñable capacidade coercitiva de que seguían dispoñendo os patróns para impoñer as súas regras no tocante ás condicións laborais (organización do traballo, salarios, xornada...). En segundo lugar, a capacidade de influencia sobre os traballadores trasladábase dos oferentes tradicionais de empregos, sempre máis inclinados ás formacións de dereitas, ós xestores do emprego, é dicir, ós sindicatos e agrupacións de campesiños e oficios varios. Finalmente, estas últimas daban un paso decisivo para conseguir a súa definitiva consolidación nunha provincia tradicionalmente pouco receptiva ás experiencias asociativas de clase de certa dimensión.

Esta explosión societaria que, non obstante, presenta evidentes discontinuidades segundo as zonas, vai acompañada en varias comarcas dun acceso ó poder local de numerosos directivos dos sindicatos obreiros e campesiños. Mesmo algunhas alcaldías pasan a estar controladas por afiliados ás esquerdas marxistas, aínda que a maioría serán entregadas a republicanos de esquerda. Axiña a unidade de acción frontepopulista ensaiada durante as eleccións vai a ser posta a proba en numerosos concellos como consecuencia das posicións maximalistas esgrimidas por algúns dirixentes e da desconfianza dos republicanos cara as diferentes manifestacións de forza que representan os paros en protesta polo asasinato de varios obreiros e os numerosos conflictos laborais da primavera. Este é o panorama con que se atopan os sublevados no mes de xullo de 1936.

A definitiva destrucción da organización societaria ourensá

Entre os días dezaoito e vinte de xullo centos de afiliados a sociedades e sindicatos obreiros e campesiños saen ás rúas amosando o seu compromiso coa legalidade republicana. Sen embargo, a fortaleza deste non sempre se corresponde co espírito militante dos máis entusiastas e, á vista das primeiras columnas de gardas civís, soldados e milicianos, a maioría dos integrantes dos grupos se disolven sen grandes incidentes agás en zonas moi concretas. Faltaron armas e dirección, os gobernadores civís perderon un tempo precioso paralizados polas dúbidas de Casares e a desesperada tentativa negociadora de Martínez Barrio, certos dirixentes non estiveron á altura das circunstancias e o pobo foi enganado polos que faltaron ó seu xuramento de fidelidade á República, pero tamén as masivas cifras de afiliación agachaban moito de compromiso apócrifo.

Ó se declarar o estado de guerra e fracasar os dispersos intentos de resistencia moitos dirixentes políticos e sociais acoden á sede de partidos e sindicatos para destruíren ou agacharen a documentación máis comprometedora. Outros, pensando que como moito terán que facer fronte a unha *rectificación* transitoria, amósanse confiados e non pensan que a represión lles poida alcanzar. Axiña terán ocasión de comprobar o errado deste plantexamento.

Tamén os sublevados buscan afanosamente incautarse de canta documentación obra no Goberno Civil e nos diferentes centros obreiros e campesiños. Comezando polo Libro-Rexistro de Asociacións do Goberno Civil, que aínda que só contiña unha parte das Sociedades constituídas –unha porcentaxe significativa non completara os trámites formais para a súa legalización pero funcionaban *de facto*– vai a ser repetidamente empregado nas semanas seguintes para proceder ó encadeamento de dirixentes e simples afiliados. Pero son os listados atopados pola Garda Civil nos diferentes rexistros practicados en toda a provincia a peza máis cotizada: conteñen detalladas relacións de afiliados, estado de contas e mesmo en moitos non falta a acta de constitución da sociedade con detallada expresión dos membros que integraban a súa directiva.

Entre os días 24 e 26 de xullo a Comandancia Militar de Ourense transmitiu detalladas instruccións telegráficas e telefónicas ordenando ós responsables das forzas de orde pública que procedesen á clausura de cantas sedes de sindicatos e sociedades afectos á política da Fronte Popular houbese en cada demarcación respectiva. Nada mellor que acudir ó estudio polo miúdo de casos para documentar o *modus operandi* daquelas[12]. Na derradeira destas

datas o alférez de Carabineiros de Entrimo en funcións de comandante militar deste concello fixo acto de presencia acompañado de varios números e paisanos pertencentes ás "Milicias Nacionales" a fin de "proceder al reconocimiento y clausura del local destinado a una sociedad denominada "de Oficios Varios", pero con carácter comunista establecida en esta localidad"[13]. A inspección culminou coa incautación de abundante documentación, entre a que se incluían trinta e nove novelas, vinteseis exemplares correspondentes á Biblioteca de Estudios Anarquistas, varios panfletos "de carácter comunista", trece cartas, trinta e tres carnés sen cubrir, varios recibos e, sobre todo, dous libros de actas, un libro de contaduría e un listado cos afiliados da mencionada sociedade.

O atestado foi remitido a Luis Soto Rodríguez, comandante militar de Ourense, que inmediatamente ordenou proceder ó exame detallado da documentación incautada a fin de determinar se nela se contiñan elementos de carácter delictuoso. O responsable da forza de Carabineiros estimou que varias cartas asinadas por diferentes socios do Sindicato "inducían a la revolución y al exterminio del capitalismo", sendo remitidas ó xuíz militar instructor de causas a fin de depurar as responsabilidades a que houbese lugar. O principal encartado foi o seu presidente, Eulogio Álvarez Hortas. Ó mesmo tempo eran detidas ducias de persoas domiciliadas en diferentes concellos do partido xudicial de Bande acusadas de "actividades perigosas", sendo posteriormente trasladadas ó mosteiro de San Rosendo, convertido en improvisada prisión. Todas elas foron "convenientemente interrogadas" con relación á súa militancia extremista e comunista e sobre a tan proxectada revolución, reaccionando a maioría cunha mestura de sorpresa e estupor pois, segundo dicían, nas súas aldeas nin sequera se escoitara a palabra "comunismo" e non tiñan a menor idea a que revolución se estaban a referir os que as interrogaban. O único que recoñecían era que figuraban como cotizantes ó Sindicato de Oficios Varios porque, segundo repetirán ata a saciedade afiliados de toda a provincia e mesmo aseveraraban conspicuos dereitistas, era o único xeito de atoparen traballo a xornal nos meses que precederon á sublevación; algúns confesarán ter asistido ó enterro dos obreiros comunistas asasinados en Ourense no mes de xuño en representación de aquel e terse sumado á folga de protesta convocada en toda a provincia, pero ó tempo negaban coa mesma contundencia que os outros afirmaban tan graves acusacións.

E, sen embargo, as probas contra eles eran contundentes: velaí estaban a fouce e o martelo destacando sobre varios dos panfletos incautados, as abundantes referencias á emancipación universal de campesiños e proletarios, e ata no feixe, o acio de uvas e os trebellos

de labranza que figuraban no selo estampado nos carnés era posible descubrir inequívocas connotacións revolucionarias. Foi o propio instructor quen acudiu na súa axuda incorporando ó sumario varios reveladores documentos dos que se desprendían inequivocamente as presións a que propietarios e campesiños foran sometidos durante a etapa da Fronte Popular; os primeiros para que só contratasen a traballadores afiliados, e os segundos para que se sindicasen segundo comentabamos no apartado anterior. Pero aínda máis clarificadora resultou unha carta remitida dende a sede da *Federación Provincial de Campesinos de Orense* na que se informaba ós dirixentes do Sindicato de Oficios Varios de Entrimo da súa constitución o pasado cinco de abril, do número de sociedades adheridas á altura do mes de maio e dos seus obxectivos, manifestando un nada disimulado interese para que o devandito Sindicato se incorporase á mesma, para o cal se adxuntaba un detallado regulamento-programa.

Era a proba inequívoca de que a estratexia deseñada polo PCE en materia de atracción do campesiñado comezara xa a dar os seus froitos, e só o golpe militar impediu que madurasen o suficiente. A dirección da *Federación* estaba, en efecto, controlada por comunistas –velaí a elección como presidente do seu líder provincial, Benigno Álvarez González–, aínda que a inclusión de elementos non afiliados ó partido amosaba claramente o interese desta formación por se atraer a amplos sectores do campesiñado reticentes a formar parte dunha experiencia liderada por unha forza que aínda espertaba os lóxicos receos no agro galego. Segundo S. Álvarez, con ela se trataba de plasmar a nova política agraria trazada polo Comité Central consistente en organizar ós campesiños pobres e medios en asociacións propias, independentes, aínda que federadas, dado o específico das súas reivindicacións que non atopaban resposta no seo da FNTT[14]; pero, ademais, existía un claro obxectivo político que pasaba por incrementar a presencia do partido no agro a costa de debilitar as bases de poder dos notables tradicionais e saír do seu relativo illamento con respecto ós socialistas.

Cando os líderes societarios locais, caso dos do Sindicato de Oficios Varios de Entrimo, decidiron integrarse na Federación Campesiña converteron ás sociedades en centros receptores de consignas e propaganda marxista canalizada dende a capital provincial. Os militares, cando menos dende outubro de 1934 xa claramente proclives a identificar "esquerdas" con "comunismo", non precisaron de demasiados estímulos para ver afiliados marxistas onde só había labregos ideoloxicamente moi afastados do PCE pero con todos os mecanismos en funcionamento para se converter en receptores privilexiados das súas doutrinas a través desa crecente imbrica-

ción. Ambos os dous elementos –tendencia, as máis das veces interesada, a esa asociación por parte dos militares e dun amplo sector da dereita e integración nunha superestructura federativa de forte presencia comunista– explican por que coa sublevación tantos foron conceptuados como comunistas sen sequera teren conciencia do que significaba realmente este cualificativo.

Xullo de 1936 representa, por tanto, a acta de defunción de todo este tecido societario traballosamente reconstruído dende mediados do ano anterior e que experimentara un pulo sen precedentes durante a etapa de goberno da Fronte Popular. A disolución, como se desprende de todos eses rexistros que se suceden só catro días despois de declarado o estado de guerra nos que se fala de centros "clausurados por orde da autoridade militar", precede en moito á *de iure*. Na zona controlada polos sublevados esta última ten lugar, con carácter xeral, o 13 de setembro dese mesmo ano a raíz da publicación do Decreto nº 108 da Xunta de Defensa Nacional. Ben merece a pena transcribir parte do seu preámbulo, onde atopamos a xustificación da ilegalización de todos os partidos e agrupacións políticas e sociais integrantes da Fronte Popular ou que fixeran oposición á sublevación, ó tempo que se decretaba a incautación de todos os seus bens, efectos e documentos: "Durante largo tiempo ha sido España víctima de actuaciones políticas desarrolladas por algunos partidos que, lejos de cooperar, a la prosperidad de la Patria, satisfacían ambiciones personales con detrimento del bien común, pero nunca, como en los momentos anteriores al presente, ha culminado el antipatriotismo en la formación de entidades que, bajo apariencia política, envenenaron al pueblo con el ofrecimiento de supuestas reivindicaciones sociales, espejuelo para que las masas obreras siguieran a sus dirigentes, quienes las aprovecharon para medrar a su costa, lanzarlas a la perpetración de toda clase de desmanes y cristalizar al fin en la formación del funesto llamado Frente Popular, de cuyos males, si responsables son las agrupaciones dichas, no lo son menos aquellas personas físicas que, con su actuación anterior o coetánea, directa o indirecta, han sido autores materiales, o por inducción de los daños y perjuicios sufridos por el Estado y por los particulares, con motivo de la absurda resistencia sostenida contra el movimiento nacional, por lo que procede adoptar contra unos y otros medidas encaminadas a garantizar la responsabilidad que en su día pueda alzanzarles para la indemnización procedente en la inteligencia de que medida elemental básica de saneamiento es declarar fuera de la Ley a las agrupaciones de actividades ilícitas que siempre estuvieron al margen de ella (...)".

Se prescindimos da retórica falseada tan propia destas situacións coincidiremos en que os sublevados eran moi conscientes de cales foran os instrumentos empregados polas esquerdas para minar as bases de apoio desa dereita derrotada nas furnas en febreiro e abril do 36: entidades políticas e, sobre todo, sociais que prestaron o seu apoio ó pacto que cristalizou na formación da Fronte Popular. Nada debe sorprender, xa que logo, que mesmo antes de que principiase con total intensidade a brutal represión desatada, non quedase en toda a provincia unha soa sede afecta a esta política sen clausurar. A maioría, ademais, xa foran víctimas da particular saña destructora e incendiaria da Falanxe que, non obstante, non dubidou en utilizar para si parte destes centros.

As magnitudes da represión

A totalidade dos estudiosos sobre o franquismo coincidiriamos, sen dúbida, en considerar á represión como un dos elementos definidores do primeiro franquismo. Limitar a súa análise a unha pura cuantificación de mortos significaría prescindir da existencia dun auténtico *microcosmos represivo* que se proxectaba sobre os aspectos máis insignificantes da vida dos homes e mulleres que foron víctimas daqueles anos de *medo e fame*; de obviar a súa meticulosidade, afán de perfección e prolongación no tempo. Por eso é necesario un enfoque sobre a represión franquista multicomprensivo que, sen renunciar a unha sistematización dos diferentes elementos desintegradores do tecido social empregados, a contemple como parte dun programa de acción global que se traduciu na recreación dun clima de sometemento que se proxectaba sobre amplas capas da poboación.

A utilización da forza foi moito máis aló dunha simple violencia enxendradora de relacións de poder; o seu obxectivo primario, unha vez paralizada a resistencia, foi a dominación e o sometemento dos individuos para facilitar a asunción, mesmo subconsciente, dos novos códigos e valores inspiradores do novo Estado. Xa que logo, o seu estudio debe partir dunha perspectiva multidireccional que tome como base a existencia de tres niveis interrelacionados que no seu conxunto constitúen unha auténtica tipoloxía da intolerancia na que participaron amplos sectores sociais a través da complicidade de numerosas instancias de poder e da imbricación de todos eles no clima de delación e denuncia polas máis diversas circunstancias e intereses: un *nivel inferior* constituído polas diferentes manifestacións da represión física; un *nivel intermedio*, claramente condicionado polos efectos do terror que provocan os asasinatos e fusilamentos característico do anterior, e do que formarían parte as

diversas modalidades represivas a analizar dende a perspectiva económica, administrativa e social e cultural; e un terceiro nivel ou *estrato superior* derivado dos dous anteriores e integrado polas estructuras mentais autorreprimidas.

A liquidación do tecido asociativo, obxecto desta aportación, participa desta triple dimensión: por unha banda, da represión física, en tanto que asasinatos, fusilamentos e cárcere foron os instrumentos empregados para eliminar ós principais dirixentes e afiliados máis comprometidos; por outra dese nivel intermedio no que ten de desmantelamento dunha estructura societaria –que era tamén, non o esquezamos, un espacio privilexiado de sociabilidade– e de acceso ó poder de novas elites, e eso sen entrar nesa faciana económica das incautacións á que tamén se refería o Decreto nº 108; finalmente dese derradeiro estrato, dominio da represión psicolóxica e a autocensura.

As magnitudes do primeiro destes niveis falan por si mesmas. Se nos centramos unicamente nos encartados pola xurisdicción de guerra dos que coñecemos a súa filiación societaria documentamos un total de 811 persoas, cifra que confirma o interese primordial dos sublevados en desarticular e liquidar de raíz todo o tecido asociativo ó que nos estivemos a referir. Nuns casos puidemos determinar con certeza a central sindical á que estaban adheridas as diferentes sociedades, pero na maioría dos supostos se trata de entidades de carácter parroquial nas que os socios posuían sensibilidades moi diferentes que convivían con máis ou menos dificultades, sendo tamén frecuente unha loita soterrada polo seu control entre activos propagandistas das centrais maioritarias que trataban de inclinar a balanza no seu favor. Só no caso de que coñezamos a filiación concreta do socio figurará como adherido a CNT ou UGT-FNTT, xa que aínda que a sociedade estivese nominalmente adscrita a unha ou outra central temos constatado que en moitas delas se permitía que uns socios figurasen como adheridos á entidade rival; polo anteriormente exposto, nunca aparece a filiación comunista dun socio deducida da súa pertenza a unha sociedade integrada na Federación auspiciada polo PCE, aínda que esta poda extraerse en non poucos casos da etiqueta de "Sindicatos e Sociedades de Agricultores", "Sociedades e Sindicatos de Campesiños e Obreiros" e "Sindicatos de Oficios Varios", que é a terminoloxía orixinal respectada cando non podemos ter constancia por outras vías da filiación concreta do socio. Por último, lembrar que a distinción práctica entre Sociedades de Agricultores e Sociedades de Campesiños e Obreiros non resulta doada pois nelas convivían campesiños, xornaleiros, obreiros do ferrocarril, algún propietario medio, etc.

O resultado aparece sintetizado no gráfico adxunto, no que se observa un claro predominio das sociedades etiquetadas como "de Agricultores", seguidas a moita distancia das Sociedades de Campesiños e Obreiros e dos Sindicatos de Oficios Varios; a particular pugna entre uxetistas e cenetistas resólvese en favor dos primeiros por case catro puntos porcentuais de diferencia sobre o total deses oitocentos once casos identificados.

A *relación entre filiación social e execucións* permite matizar aínda máis o apuntado respecto ós encartados pola xurisdicción de guerra: se cenetistas e uxetistas concentraban, respectivamente, o 6,91% e o 10,60% dos encartados pola xurisdicción de guerra, estas cifras pasan a ser do 22,22% e o 15,74% cando falamos de executados. Pola contra, as Sociedades de Agricultores, algunhas penetradas polo PCE, pero as máis aínda ó servicio da política caciquil de bandos ou completamente inocuas dende o punto de vista político, descenden do 56,23% a só o 11,11% do total de víctimas das que coñecemos a súa filiación social. Sindicatos de Oficios Varios e, sobre todo, de Campesiños e Obreiros, tamén incrementan notablemente a súa participación a costa do descenso observado nas anteriores. Engadamos a esto que máis da metade deses executados formaban ou foran parte da directiva das súas respectivas Sociedades –aínda que cómpre advertir que, proporcionalmente, foron máis os dirixentes que conseguiron fuxir ó se sentiren máis expostos á esixencia de responsabilidades dende o primeiro momento– mentres o resto de afiliados estaban conceptuados, agás contadas excepcións, como activos propagandistas nos informes da Garda Civil e/ou Falanxe. Consideremos, finamente, que foron precisamente dirixentes e afiliados das sociedades máis activas e radicais na etapa da Fronte Popular os que máis padeceron os efectos da represión física.

Nada, por tanto, que permita falar xenericamente dunha represión arbitraria ou indiscriminada: de arbitraria non tiña máis que a existencia dun certo grao de indeterminación no que cabía o asasinato de persoas carentes de significación política e social e, naturalmente, que era exercida polo poder sen suxeición a ningún tipo de responsabilidade; de indiscriminada que alcanzou a practicamente todos os estratos da poboación. Pero estes matices non poden facermos perder de vista o esencial. E o esencial é, en primeiro lugar, que a práctica totalidade dos dirixentes sindicais máis activos e radicais foron asasinados con ou sen formalidades legais; os que non o foron foi gracias a que conseguiron fuxir, agacharse ou posuían unha rede de relacións persoais e familiares que lles permitiu salvar a vida. E, en segundo lugar, que se ben alcanzou a todos os estratos sociais non o fixo nin coa mesma inten-

sidade nin coa mesma amplitude, polo que foi fundamentalmente selectiva. Velaí están para demostralo os corenta e catro presidentes de organizacións sindicais encartados pola xurisdicción de guerra, deles doce asasinados; os cinco vicepresidentes, un deles asasinado), os cincuenta e sete secretarios (nove asasinados); catro vicesecretarios (dous executados); vinteseis tesoureiros, contadores e depositarios de fondos (seis executados); e outros setenta e catro dirixentes e directivos de organizacións políticas e sindicais (vintedous asasinados) que constituían a elite social e política do Ourense de preguerra.

Xa que logo, resulta evidente que a represión franquista estivo orientada cara o exterminio das organizacións políticas e sindicais que defenderan un modelo político e económico avanzadamente reformista e comprometido na mellora das condicións de vida das clases traballadoras[15]. Pero, ó tempo, pensamos que é moito máis correcto en Galicia falar dunha *represión de status* que dunha represión de "clase", no senso de que foi prioritariamente dirixida contra aqueles sectores que ostentaban poder, recoñecemento e influencia social e se identificaran con posicións republicanas, esquerdistas ou anticlericais. Procedesen poder e influencia do exercicio dunha determinada profesión socialmente valorada (médico, avogado, xornalista...), da súa posición no seo da administración local (xuíces e secretarios municipais e xudiciais, alcaldes, concelleiros...), da súa riqueza persoal (medianos propietarios, comerciantes, pequenos industriais...), da súa influencia ideolóxica e cultural sobre as masas (mestres, intelectuais, dirixentes políticos provinciais, retornados indianos que posúen importantes activos inmateriais relacionados coa tradición organizativa e de loita) ou, como no caso que nos ocupa, da súa capacidade para intervir no mercado e nas relacións sociolaborais (dirixentes de sociedades agrarias e sindicatos). O cadro completaríase cunha nada desprezable masa de obreiros e traballadores a xornal que participaron nos principais conflictos sociais que vive a provincia durante a etapa da Fronte Popular e na resistencia á sublevación, ou foron víctimas de retesías e vinganzas persoais.

Esta *represión de status* é a que, dentro xa dese segundo nivel de análise, mellor se concilia cos obxectivos perseguidos polos sublevados e polos seus apoios locais na provincia, xa que se dirixe contra aqueles que, por esa capacidade de influencia sobre as xentes, supuñan un máis serio perigo para a consolidación do réxime no seu proceso de institucionalización e para esa mestura de novas e vellas elites que acceden ou preparan o camiño para o control do poder municipal e provincial. Basta lembrar as ducias de veces nas que fiscais e membros dos tribunais de guerra

acudían como fundamento das súas esixencias de responsabilidade ó "prestixio" que tal ou cal individuo tiña entre as masas, razón pola que a súa actuación estaba revestida dunha especial perversidade fronte, se dicía, ós que actuaban arrastrados pola súa "significación"; cantas veces aqueles que os acusaban eran os mesmos que viran o seu particular *status* ameazado pola irrupción na escena local deses novos apóstolos da mobilización. Ó cabo, se a nosa ollada esculca atentamente entre o bosque, descubrirá que a extracción social das novas e as vellas elites elevadas polo franquismo presenta algunhas similitudes cun amplo sector dos represaliados: ¿non figuran entre os seus máis significados apoios médicos, avogados, xornalistas, funcionarios da Administración central e local, medianos propietarios, pequenos industriais, comerciantes, mestres, algúns intelectuais...?; ¿non hai entre os elixidos, aínda que as máis das veces para postos subordinados, numerosos labregos pequeno propietarios e algún retornado americano ós que as circunstancias levaron a militar en bandos opostos ó veciño que se achegara á "política de esquerdas", agora inseridos con éxito nas milicias ou na burocracia local?

Nada que nos sorprenda excesivamente cando tantas veces comprobamos como a nivel local –cousa diferente, e non sempre, eran a capital provincial e as grandes vilas– os bandos políticos conformaran dous bloques, as *esquerdas* e as *dereitas*, que, malia que resulte difícil de entender cos parámetros actuais, non implicaban a existencia dunha fractura provocada por unha cosmovisión radicalmente diferente da orde social. Agás, naturalmente, para eses dous iluminados, sen demasiado pero con algún predicamento, que só proliferaban cada vintecinco aldeas pero que ousaban pasar por alto os principios que rexían as pautas de comportamento dos bandos tradicionais organizando manifestacións, convocando folgas, coaccionando a contratistas, patróns e propietarios, negando en nome da razón ou da hixiene a existencia de Deus, defendendo o amor libre ou, o que aínda era máis grave, tentando disputar con desigual éxito as clientelas dos señores ofertando a través do sindicato un traballo a xornal ou, simplemente, substituíndo a prédica en Xesucristo pola esa moderna fe que prometía a emancipación universal de proletarios e campesiños só con seguir ó pe da letra as ensinanzas de Marx, Lenin e Largo Caballero; de certo que eses foron os primeiros en caer, en non poucos casos porque eran a viva expresión do grao de apertura ás realidades provincial e estatal que ese mundo rural estaba a experimentar en medio dun mundo de cambios acelerados do que non era posible substraerse por máis que as relacións aínda fosen discontinuas e oscilantes como corresponde a dous universos tanxentes.

O terceiro nivel introdúcenos na, posiblemente, consecuencia de máis longa duración da represión social, nos seus aspectos máis indeterminados e difusos, xa que prolonga os seus efectos multiplicadores sobre o conxunto da sociedade nun intento de conseguir a anulación dos individuos e a destrucción dos elementos esenciais da sociedade civil preexistente non conformes cos intereses dos sublevados e a súa substitución por unha nova orde social imposta na que a poboación acepte o seu sometemento incondicional ó poder político. Segundo demostrou L. Fernández Prieto, máis do 70% das sociedades coruñesas foron disoltas pola súa relación ou a dos seus dirixentes con partidos da Fronte Popular; a maioría das que seguiron funcionando eran Sociedades Gandeiras de Seguros Mutuos de carácter predominantemente técnico fronte a esas sociedades agrarias comprometidas coa política local e estatal. Con todo, será a partir do ano 1940 cando a acción depuradora acade a súa máxima expresión coa extensión de todo tipo de controles dirixidos a asegurar o grao de compromiso co novo réxime dos seus dirixentes e o funcionamento interno das mesmas. Ademais dos que poderiamos considerar normais nun réxime de carácter sumamente intervencionista (un exemplar do regulamento, nomes dos membros da directiva, lista de asociados, inventario de bens, balance do exercicio económico...), as pretensións totalitarias do mesmo e o seu afán represivo póñense de manifesto no feito de que, malia de tratarse de sociedades de fins mutualistas e técnicos e exclusiva, estes expedientes anuais ían acompañados de informes da Garda Civil ou da Falanxe local sobre as actitudes políticas desenvolvidas no pasado polos dirixentes das organizacións. Privados da fonte empregada polo autor, o Rexistro de Asociacións do Goberno Civil, non podemos senón acudir a datos indiciarios indirectos que, en todo caso, parecen confirmar o apuntado por este; en particular no relativo á necesidade de garantir que os elementos que ingresasen no novo deseño corporativo agrario do réxime, as Hermandades, fosen de probada fidelidade ou, cando menos, apolíticos que non presentasen demasiados atrancos para manter o seu férreo control.

En todo caso, calquera que fosen as cifras exactas de sociedades disoltas, de centros clausurados e de víctimas da represión, a desarticulación do tecido social descrita vai máis aló dun mera estatística. Aquelas organizacións que tan decisivo papel tiveran como axentes mobilizadores nun mundo rural aínda preso da tradicional política de bando deron paso á negación, mesmo psicolóxica, de canto significase compromiso público con calquera causa; ó rexeitamento de toda forma de acción colectiva por medo á delación; á percepción de que só era posible atopar refuxio nun individualismo exacerbado agardando que mudasen os tempos.

Os comportamentos externos das xentes modificárose e a desconfianza pasou a presidir as relacións entre veciños e familiares. Con esto o concepto da política tamén se transformou, pasando de ser un instrumento de modernización da sociedade a considerarse algo negativo; unha especie de pecado conxénito de boa parte da poboación que era preciso pagar co padecemento para se redimir. E, por último, acentuáronse as tendencias inhibidoras e xeráronse tendencias antiasociativas que arraigaron fondamente nas xeracións posteriores á guerra en toda Galicia, o cal, sen dúbida, cómpre poñer en relación cos esa tupida rede entrelazada de morte, cadea, sancións económicas, requisas, inhabilitacións, desterros interiores, controles policiais e xudiciais e desconfianza permanente creada polo réxime de que falara G. Sánchez Recio.

Notas

[1]González Probados, Manuel, "A acción agraria socialista na II República", en D. Pereira (coord.). *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*, pp. 173-194, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1992, p. 184.

[2]Pereira, Dionisio, *A CNT na Galicia. 1922-1936*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 1994.

[3]Vid. PRADA RODRÍGUEZ, JULIO, "... y le dijimos que no podía trabajar sin asociarse. Societarismo y conflictividad campesina en el Ourense republicano", en S. Castillo y R. Fernández (coords.), *Campesinos, artesanos, trabajadores.* Lleida. Milenio, 2001, pp. 237-248.

[4]Santidrián Arias, Víctor Manuel. *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2002, pp. 76-77.

[5]Archivo General Militar de Ourense (AGMO), causa 242/1934, fols. 79v e 80a.

[6]Ata un tercio da suma dos encartados pola xurisdicción de guerra, os asasinados e os detidos non encausados do trinta e seis foron represaliados en outubro de 1936 segundo documentamos en Prada Rodríguez, Julio, "Abaixo o fascismo e viva a revolución social". A revolución de outubro na provincia de Ourense", en *Boletín Avriense*, XXX, 2000, pp. 169-200.

[7]AHPOU, Fondo TRRP, caixa 7203, exp. 19/1941, fols. 18 e 44.

[8]S. Álvarez non cita expresamente a data da ocupación, pero di que o asunto pasou ó xulgado de instrucción "más de un año después, cuando ya había triunfado el Frente Popular" (Álvarez, Santiago, *Memorias I. Recuerdos de infancia y de juventud (1920-1936)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1985, pp. 108-109).

[9]Vid. oficio da alcaldía de O Barco de Valdeorras en AGMO, causa 282/1939, fol. 54a.

[10]AGMO, causa 282/1939, fol. 17.

[11]Vid. Prada Rodríguez, Julio e Rodríguez Teijeiro, Domingo, "Societarismo campesiño e conflictividade social na comarca de Valdeorras (1934-1936", en *Actas da IX Semana de Historia de Valdeorras*, O Barco de Valdeorras, Instituto de Estudios Valdeorreses, 2001, pp. 151-157.

[12]Sobre a validez dos estudios de casos para a síntese histórica vid. Mir Cucó, Conxita, *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de posguerra*, Ed. Milenio, Lleida, 2000, pp. 251 y ss., p. 18.

[13]AGMO, causa 220/1936, fol. 5a.

[14]Álvarez, Santiago, *Memorias I...*, op. cit., p. 173.

[15]Cobo Romero, Francisco e Teresa María Ortega López, "Ser jornalero y pobre..., y morir en la posguerra. El carácter selectivo de la represión franquista a través de una visión de largo recorrido, Jaén 1900-1950", en C. Mir et al. (coords.), *Actas del Segon Congrés Recerques. Enfrontaments civils: postguerres i reconstruccions*, Lleida, Associació Recerques-Pagés editors, 2002, p. 735.

[16]Sobre as elites locais franquistas pode verse, entre outros, Salomón Chéliz, Mª. Pilar, "La defensa del orden social: fascismo y religión en Huesca", en J. Casanova et al., *El pasado oculto. Fascismo y violencia en Aragón (1936-1939)*, Zaragoza, Mira Editores S.A., 1999, p. 137 y ss; Cifuentes Chueca, Julita, "El ocaso de la República y los orígenes del nuevo orden en la provincia de Zaragoza", en J. Casanova et al., *El pasado oculto..., op. cit.*, pp. 115 y ss.; Cenarro Lagunas, Ángela, *El fin de la esperanza: Fascismo y Guerra Civil en la provincia de Teruel (1936-1939)*, Teruel, Instituto de Estudios Turolenses, 1996, pp. 106 e ss.; Suárez, Xosé Manuel, *Guerra civil e represión en Ferrol e comarca, s.l.*, Concello de Ferrol, 2002, p. 79; Barranquero Teixeira, Encarnación, "Las instituciones en la implantación del Nuevo Estado: el Ayuntamiento de Málaga en 1937", en *Revista Baetica*, nº 11, 1988, pp. 513-522; Eiroa San Francisco, Matielde, "La irradiación de la política en el Nuevo Estado. Instituciones y centros de poder", en *I Encuentro de investigadores del franquismo, Barcelona, 1992*, pp. 77-80; Grandío Seoane, Emilio, "El primer personal político del franquismo en la provincia de La Coruña. Cambio y continuidad de la élites políticas municipales durante la guerra civil en la retaguardia nacional (1936-1939)", en J. Tusell, S. Sueiro, J. M. Marín y M. Casanova (eds.), *El régimen de Franco (1936-1975). Política y relaciones exteriores*, Madrid, UNED, 1993, T. I, pp. 69-87.

[17]Vid. Fernández Prieto, L. "Represión franquista y desarticulación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina. 1936-1942", en *Historia Social,* nº 15, 1993, pp. 56-59.

[18]Grandío Seoane, Emilio, *Vixiancia e represión na Galicia da Guerra Civil. O "Informe Brandariz"* (A Coruña, 1937), Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2001, p. 64.

[19]Vid., por exemplo, Hervés Sayar, Enrique et al., "Resistencia y organización. La conflictividad rural en Galicia desde la crisis del Antiguo Régimen al franquismo", en *Noticiario de Historia Agraria*, nº 13, 1997, p. 186.

[20]Sánchez Recio, Glicerio, "Líneas de investigación y debate historiográfico", en G. Sánchez Recio (ed.), *El primer franquismo (1936-1959), Ayer*, nº 33, 199, p. 27.

Exilio galego

Xurxo Martínez Crespo
Lois Pérez Leira

Quero agradecer en nome da Confederación Intersindical Galega esta invitación para participar como ponente deste congreso xunto ao meu compañeiro Xurxo Martínez Crespo que redactou parte desta ponéncia.

Que estas palabras servan para homenaxear ás miles de vítimas do xenocidio cometido contra o noso povo e os seus traballadores. Aos asasinados, aos presos, aos exiliados, aos familiares que tiveron que padecer todo tipo de persecución política ou moral.

Como familiar directo de represaliados, quero aproveitar tamén estas palabras para renderlle a miña emotiva homenaxe aos meus avos maternos Agustín Leira Fernández, preso no cárcere de Pontevedra durante tres anos e a Flora De Dios presa durante catro anos no cárcere de Saturrán en Euscadi. O seu delicto, coma nos dixo nos seus poemas Marcos Ana foi tremendo "quisieron encher de estrelas o corazón do Home." Para todos eles as miñas palabras de recoñecimento e lembranza constante.

Afirma Eduardo Galeano: "Non hai história muda. Por moito que a queimen, por moito que a rompan, por moito que a mintan, a história humana négase a calar a boca. O tempo que foi sigue a latexar, vivo, dentro do tempo que é, inda que o tempo que é non o queira ou non o saiba. O dereito a recordar non figura entre os dereitos humanos consagrados polas Nacións Unidas, pero é máis importánte que nunca reivindicalo e poñelo en práctica: non para repetir o pasado, senón para evitar que se repita; non para que os vivos sexamos ventrilocuos dos mortos, senón para que sexamos capaces de falar con voces non condeadas ao eco perpétuo da estúpidez e a desgraza"[1].

Falemos de exilio

Na história de Galiza o exilio é unha categoria histórica. Non só no século XX, senón noutros anteriores. Os vaivéns políticos fixeron que moitos galegos e galegas sairan do país por un período máis ou menos longo, debido ás súas ideas.

Militares, intelectuais, relixiosos, políticos, sindicalistas, líderes obreiros, mestres, etc. Experimentaran o exilio xa antes da sublevación contra a democrácia en 1936.

Cando falamos de exilio, nesta ponéncia, falamos do exilio exterior, é dicir, a saída forzosa do país por razóns distintas, na súa meirande parte políticas. Mais non debemos esquecer, que tamén se produxo un exilio interior, moito máis difícil de cuantificar e cualificar, froito da autorepresión e da autocensura que moitos galegos e galegas demócratas tiveron que aturar na longa noite de pedra que representou a ditadura franquista.

Galiza, con loita e moito sangue foi das primeiras en caer ante a gadoupa feixista. As vagas do exilio republicano galego foron: os primeiros refuxiados do 1936 que fuxiron através da fronteira de Portugal ou do mar cara o lado republicano, e o exilio que na década do 40 foi fuxindo amodo através de Portugal ou da Franza cara América.

O exilio

Co alzamento militar do 18 de xullo de 1936 comeza para o povo galego, a represión salvaxe e inhumana, o terror organizado e o exilio forzado. Comeza daquela o que chamamos o exilio galego de 1936. Dias antes de aquela macabra data, Galiza presentaba ante o presidente do parlamento español e seu estatuto de Autonomia, que poucos meses antes fora aprobado pola imensa maioria da súa povoación, 99 % dos votos, en forma de plebiscito.

A prensa madrileña reseñaba aquel acontencemento tan importante para Galiza e que seria, seguramente, un dos tantos detonantes da guerra civil:

...Fue recibida en el día de ayer en audiencia por S.E. el señor Presidente de la República la comisión de Galicia que vino a Madrid a entregar el Estatuto Gallego al Presidente de las Cortes. La componían un grupo de Diputados del Frente Popular, los Presidente de las cuatro Diputaciones gallegas, el Comité Central de Autonomía de Galicia representado por su Presidente el señor Tafall; el secretario Señor Rajoy; el Señor Mariño y el Alcalde de Compostela, Don Ángel Casal y otros alcaldes de ciudades y villas de Galicia y de numerosos concejos rurales...

(*El Debate* de Madrid 18 de xullo de 1936).

Aquela viaxe da comitiva da Comisión do Estatuto de Autonomia, salvaríalle a vida a varios dos nosos máis destacados políticos galegos entre eles, aos deputados Alfonso Castelao, Ramón Suárez Picallo e ao secretário de actas do Estatuto o escritor Arturo Cuadrado.

Outros ao regresar aos seus povos serán detidos e fusilados. Ese é o caso do alcalde de Santiago Ángel Casal.

"Eran dias carregados de presáxios sombrios. No serán do 16, Castelao, vai despedir aos membros da comisión e baixou à estación do Norte. Non se limitou a desexarlles boa viaxe. Insistiu, e moito con Casal, para que agardaran en Madrid, a que a situación se despexara. Non conseguiu creto para as suas palabras, para as súas agoireiras, videnciais palabras. No mesmo comboio, os deputados Alonso Rios e Villaverde, volvian, tamén, á Terra.

Nos dous subseguintes dias –xa da máis punxente arelanza– outros comisionados e algúns parlamentarios galegos tomaron o mesmo camiño. O 18 serían López Bouza, presidente da deputación de A Coruña, e seis acompañantes da mesma Corporación. O 19 o deputado Xosé Miñones Bernárdez. E non foi con el, como tiña predisposto, Emilio González López, por ter desistido no derradeiro intre.

Os que deixaran Madrid e os que ficaban, vironse de súpeto mergullados en mundos enimigos. Da noite para a mañá. Como Larra predixera, meia España ditara a morte á outra meia. Dos que marcharonn de Madrid ningún salvou a vida. Aquel abraiante rosário de fusilamentos, co de Alexandre Bóveda por diante, logo chegaron ao coñecemento da zona leal." Valentín Paz Andrade.

En Madrid e noutros lugares da república estaban radicados temporalmente deputados, funcionarios, políticos, militares e intelectuais que por razóns laborais ou intereses persoais querian seguir de perto o que acontecia con aquela ilusionante experiéncia política.

Foi asi como quedaran fóra de Galiza os governadores civís nomeados por Casares Quiroga: Manuel María González (Toledo), César Alvajar (Soria) y German Vidal. Tamén temos que nomear a militares que cumprian misións fóra de Galiza, a funcionarios da administración, artistas, xornalistas ou simplesmentes emigrantes que residian na zona leal e se sumaron en apoio da República.

Ante a guerra civil abertamente declarada, os partidos galegos integrantes da Frente Popular tentan reagrupar as suas forzas partidarias e incluso formas unitarias de acción. É así coma o Partido Galeguista através de Castelao e Ramón Suárez Picallo (os únicos deputados galeguistas que quedaran na zona republicana) reorganizarán o partido e participarán das distintas Cortes convocadas durante a contenda civil. Coa viaxe de Castelao à URSS e posteriormente México, co fin de realizar campañas de solidariedade coa causa republicana, Ramón Suárez Picallo pasará a ser o secretário xeral do Partido Galeguista, Ramón Valenzuela secretário de Organización, Delgado Orriarán secretário de propaganda, Valín o administrativo e López Durá secretário político. Como

vocais estaban Amparo Albajar, responsabilizándose da secretária da muller, e Elixio Rodríguez.

El Partido Comunista cunha estrutura máis sólida e disciplinada terá unha política máis activa tanto cara a Galiza, coma para organizar aos galegos que residian en Madrid. Seguramente a fundación das Milicias Galegas fora a primeira experiéncia unitária do exilio galego. Inda que inspiradas por Castelao e Picallo, serian os comunistas, comandados por Lister e Santiago Álvarez, quenes darian verdadeira organización a estas heroicas milicias.

Luis Soto no se libro de lembranzas fai referéncia á fundación destas milicias:

É preciso recoñocer que na constitución deste batallón galego intervinieron positivamente Castelao e Suárez Picallo. Lister e Santiago Álvarez foron os principais contrutores deste batallon...

Tamén o Partido Socialista Obrero Español de Galiza reorganizará aos seus máis destacados dirixentes e intentará manter un labor partidario na zona republicana.

Os comunistas e os galeguistas durante toda a guerra e posteriormente serán os máis activos xeradores de iniciativas unitárias antifascistas. É importante sinalar a creación en Valencia do primeiro instrumento político unitário dos galegos exiliados, chamouse *Solidariedade Galega Antifascista*, a mesma estaba impulsada polo Partido Galeguista, Partido Comunista, Izquierda Republicana e Partido Socialista. Luis Soto escreberá sobre esta organización: " Solidariedade Galega Antifascista se trasladou co governo a Barcelona e seguiu traballando con coraxe en todas as frontes e na retagarda e mesmo na clandestinidade do país. Nas Américas adquiriu entón un relevo de valores democráticos e culturais grandes e de magnificienza esplendorosa, especialmente en Bos Aires e Nova Iorque..."

Prensa do exilio galego

Durante todo a guerra civil os grupos políticos galegos intentaron editar xornais co obxectivo de alentar ás forzas republicanas e asemade denunciar o xenocidio que se estaba cometendo en Galiza. Así nacen os seguientes xornáis:

- *El Miliciano Gallego*. Sae o primeiro número en agosto de 1936. Órgano do Cuarto Batallón da Primeira Brigada Mixta de Lister. O xornal estaba supervisado por Santiago Álvarez e nel escribiron. Enrique Lister, Rafael Dieste, Puente, Herrera Petere.

- *Nova Galiza*: Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas. Sae o primeiro número o 5 de abril de 1937. Este boletín nace baixoo a dirección política de Castelao e Suárez Picallo. Escriben no mesmo Rafael Dieste, Arturo Cuadrado e con debuxos de Arturo Souto.
- *Nueva Galicia*: Portavoz dos Antifascistas Galegos: sae o seu primeiro número o 17 de maio de 1937 até setembro de 1938. Estaba dirixido por Gómez Gayoso inda que era un xornal aberto a todos os antifeixistas estaba dirixido polo Partido Comunista. Entre os colaboradores máis destacados podemos nomear a Castelao, Souto, Briones.
- *Galicia Libre*: Órgano da Agrupación de Gallegos Libertarios. O primeiro exemplar saiu o 20 de setembro de 1937 en Madrid. Entre os colaboradores está Castelao. Posteriormente se editou en Valencia a partir do 20 de setembro de 1939.

Co fin da guerra civil outros xornais e revistas se converten en voceiros dos galegos exiliados:

- *Galicia*, Segunda época (1940) órgano da Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais. Escriben: Eduardo Blanco Amor, Arturo Cuadrado, Rey Baltar, Antonio Baltar etc.
- *Abrente*. Revista galega editada en Bos Aires en 1940 pola Casa de Galicia. Escriben: Castelao, Blanco Amor, Elpidio Villaverde, Buxán, Cornello, etc.
- *Boletín Galego de Información*. Editado en México por Luis Soto en Xullo de 1941. Boletín unitario de clara tendencia comunista.
- *Galicia*. Órgano da Alianza Nazonal Galega. Editado en México dende 1944 até 1947. Editor: Ramón Troncoso Fernández. Colaborarán: Luis Soto, Arturo Soto etc.
- *Galicia Emigrante*. (1954 - 1959) Editado en Bos Aires baixo a dirección de Luis Seoane. Colaboraron: Arturo Cuadrado, Alberto Vilanova, Núñez Búa, Valenzuela, Novoa, Laxeiro Fernández del Riego etc.
- *Galiza*: Editado en Montevideu polo Bloque Nacionalista Republicano Galego. Dirixido por Isidoro C. Rivo.
- *Loita*. Editado en México (1943 – 1947) Foi continuador do Boletín galego de Información.
- *Loita* voceiro do Movemento Galego de Liberdade Nacional. O primeiro numero sae en marzo de 1959
- *A Nosa Terra*: Editado en Bos Aires convertese en voceiro das Irmandades Galegas de Bos Aires. Entre os colaboradores contase con Moisés Da Presa, Rey Baltar, Castelao, Alonso

Rios, Picallo, Antonio Baltar, Gumersindo Sanchez Guisande etc.

- *El Republicano Gallego*. Editado en Bos Aires en 1948 por García Gerpe, integrante de Izquierda Republicana.
- *Saudade, Verba galega das Americas*. Editado en México en xullo de 1942. Voceiro das Irmandades Galeguistas baixo a dirección de Xosé Caridad Mateo. Colaboraban: Delgado Gurriarán, Marcial Fernández, Carlos Velo Cabanillas (fillo) etc.
- *Unidad Gallega*. Órgano de Casa de Galicia de Nova Iorque. Director Víctor Fernández. Colaboraban Castelao, Guerra da Cal, Martínez López etc
- *Vieiros.* Voceiro do Padroado da Cultura Galega de México. Editada en 1959 baixo a dirección de Luis Soto, Delgado Gurriarán e Carlos Velo.
- *Nova Galicia.* Revista de cultura y política. Editada en Franza a partir do 1 de outubro de 1966. Estaba dirixida por Santiago Álvarez. Orientación comunista.
- *Terra e tempo*. Editada en México en 1965. Foi impulsada por Luis Soto e Carlos velo.
- *Boletín do Consello de Galiza*.

Galeuzca no exilio

Unha das primeiras iniciativas políticas dos exiliados galegos foi a recreación conxunta de Galeuzca. Iniciativa semellante á que se forxara durante a segunda república entre os nacionalistas bascos, cataláns e galegos.

O 17 de outubro de 1944 publicouse en París un manifesto dando conta da reaparición de Galeuzca no exilio. O histórico documento ía asinado por José Agirre, presidente do Governo de Euzkadi. Carlos Pi Sunyer, Presidente do Consell Nacional de Catalunya. Alfonso Daniel Castelao, Presidente do Consello de Galiza. A declaración de constitución dicía entre outras cousas:

...Catalunya, Euzkadi e Galiza (Galeuzca), povos vencellados polo afecto e o interese comun, conviñeron un firme pacto de unión, segundo o seu espíritu respectivo, con solidariedade de propósitos e de fins comúns de democrácia e liberdade nacional. Estas finalidades serán cumpridas mediante a máis eficaz organización interior e exterior, dos medios que desenvolvan coordinadamente cantos medios dispoñan os seus governos, organizacións e povos.

Restaurada normalmente a República e aberto o periódo constituínte, os tres povos reclamarán...respeto á súa decisión democrática e libre, que

Galeuzca, recollendo a vontade maioritaria, desexa que se oriente cara á confederación republicana democrática española ou Ibérica no seu caso.

A pesares de que o documento de constitución deuse a coñecer en París, será Bos Aires o centro de actividades de Galeuzca. A partires do acordo de constitución comenzaráse a organizar delegacións en distintos pontos do exilio, incluso realizouse unha xuntanza clandestina en Cataluña o 25 de outubro de 1945.

O entusiasmo creado pola constitución de Galeuzca e a potencialidade que amosaba a unión de Cataláns, Bascos e Galegos, foi creando a necesidade de ir pensando en ter un órgano xornalístico desta organización unitaria. É así como nace a revista "Galeuzca: en agosto de 1945, editándose 12 números ata xullo de 1946.

Galeuzca na Venezuela

Galegos, cataláns e bascos tentaron na Venezuela de repetir o que se fixera unha vez na península e máis tarde na Argentina e neutros lugares de Améica a partir da experiencia arxentina. Cunha nutrida representación do exilio nacionalista basco e catalán aparecen os primeiros intentos de asentar definitivamente Galeusca coas sinaturas dos galegos Xosé Velo e Xosé Sesto.

A realidades foi que loitas intestinas entre os mesmos bascos deu término a este primeiro intento. O segundo partiu dos mesmos cataláns. A esta xuntanza para refundar Galeuzca en Venezuela foron os bascos a título persoal e non no nome do Partido Nacionalista Basco. Outro elemento distorsionador dentro da alianza foi a cegada dunha nova e recente corrente migratória galega, é decir, ausente de exiliados políticos, totalmente dspolitizada e sen ningún interés na participación que quedou reducida, no caso galego, a un grupo moi pequeño, e pouco representativo da colectividade.

Os galegos da man de Pepe Velo e mentres estivo na Venezuela no Lar Gallego mantiveron haches a chama de Galeusca co gallo das homenaxes que anualmente celebaraba o Lar dedicados á figura de Castelao.

A primeira homenaxe, 1951, tivo coma anfitrión a Xosé Velo que falara de Castelao e a tráxica morte do seu fillo. Nesta homenaxe participaran Pi i Sunyer, o irmán de Ortega y Gasset e polo colectivo basco José María Etxezarreta.

Repetiríanse estas homenaxes con Marc Aureli Vila (quen tratara con Castelao), Lucio Arretxabaleta, Campillo da republicana Casa de España, até chegar á década dos 60 coa invasión da corrente migratória da que falaramos antes de xente despoliti-

zada e apolítica, exiliados económicos. O descoñecemento da figura de Castelao trouxo homenaxes que ás veces, por non empregar a palabra sempre, eran un acto folclórico baleiro. O lugar dos cataláns, bascos, e republicanos foi ocupado por canarios e asturianos, colectividades estas ausentes e carentes do coñecemento histórico da figura de Castelao. Galeusca que nacera e medrara ao abeiro da figura de Castelao, esmoreceu engorde.

Exilio Galego en Chile

Galeuzca en Chile

A finais de 1944, Rodolfo Prada, colaborador directo, de Castelao, realizou unha xira por Latinoamérica, co obxectivo de organizar as Irmandades Galegas e os Grupos Galeuzca. A súa primeira escala foi Santiago de Chile, onde lle esperaba Ramón Suárez Picallo. Pola noite, Prada foi homenaxeado no Centro Catalán, onde compartiu mesa, con Pedro de Arretxabala delegado do governo Basco, Antón Blavia representante Catalán e Picallo. Durante a cea, acordaron constituir oficialmente Galeuzca en Chile, despois de terse fundado recentemente en Bos Aires. Picallo no transcurso do xantar fará uso da palabra, garantíndolle a Prada, que ao volver este de México, estaria constituida Galeuzca en Chile. E así foi que, o ímpetu de Picallo, puxera en movimento, tódas as forzas de bascos, cataláns e galegos, realizando un sen fin de actividades conxuntas.

Ao chegar Prada a Bos Aires, declara ao xornal "A Nosa Terra":

A coleitividade galega achábase desourentada políticamente e coa concenza patriotica esmorecida. E Suárez Picallo con artigos nos xornaes chilenos e coa verba elocuente, fixo o milagre de alcender o sentimento galeguista que se manifestou rexamente no banquete de mais de trescentos comensaes, co cal, a coleitividade galega de santiago celebrou o derradeiro Día de Galiza no aristocratico Hotel Crillón d-aquela Capital.

Naquel ano, a sección de Galeuzca en Chile, organizou unha homenaxe a Luis Companys, ao cumprirse o carto cabodano do seu fusilamento. Ramón, foi un dos oradores dese acto, de forte contido antifranquista. O correspondente de " A Nosa Terra" en Chile, o resumirá nos seguintes termos:

O deputado galeguista, Dr. Ramón Suárez Picallo, fixo o eloxio do grande Martir de Cataluña e puntualizou o siñificado de Galeuzca co seu

programa de dármonia e de unión hispánica baseada na realidade peninsular.

Fixo resaltar Suárez Picallo o valor histórico do intre que estamos vivendo, que é punto de partida de camiños novos para a vida dos povos. E como Galeuzca, ideal de superación e programa de realidade, chega xustamente, cando as nazóns hespañolas conquiren a sua autodeterminación, pra recoller as arelas comuns e integrar a todos-los povos da Peninsula nun Estado plurinazonal.

Pode decirse que, a grande figura catalana de Companys irradiaba dende aquela beira dos Andes unha luz crara chamada a facilitar a comprensión entros povos; e ao craror d-esa luz, resaltaba Galeuzca como encarnación do mais outo ideal hispánico fitando desinios de concordia e de superación tanto na área da Peninsula como nas suas proiecións universaes.

Ramón convertérase nunha das figuras mais destacadas do exilio en Chile. A sua condición de deputado republicano, a sua fogosa oratoria e a sua intelixente pluma periodística convertiriano nunha persoalidade, que trascendía os marcos da própria colectividade española.

A prensa da época faise eco da homenaxe que Galeuzca rendelle ó próprio Picallo. O 31 de novembro de 1944, o xornal "La Nación" de Santiago de Chile, sinalou nunha das suas novas que o deputado galego Ramón Suárez Picallo, foi homenaxeado en Santiago de Chile, co gallo de ter cumprido 50 anos. Durante a homenaxe fixeron uso da palabra Pedro de Aretxabala presidente honorario do movimento Galeuzca, facéndolle entrega da bandeira basca e resaltando o labor de Picallo en defensa dos dereitos das nacionalidades históricas. Posteriormente falou Xosé Salomó presidente do Centro Catalán dicindo que Picallo era un paladín de Galeuzca. Finalmente o noso biografiado agradeceu dicindo:

Galeuzca non é separatista, pois pretende que se organice unha confederación de povos, na cal todos sexan iguais e teñan os mesmos dereitos. Galeuzca non busca un alonxamento das nacionalidades históricas, sino todo o contrario...

Creación do Consello de Galiza

O 15 de novembro de 1944, fúndase en Montevideu, o Consello de Galiza, coa sinatura de Alfonso Rodríguez Castelao, Elpidio Villaverde, Antón Alonso Ríos e Ramón Suárez Picallo. Os catro asinantes eran os únicos deputados galegos refuxiados en América. Os cales acordaron:

Xuntarse nun so corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira vontade política de Galiza, mentres dure esta etapa de avasallamento na que o povo vese privado de toda expresión democrática. Ditos mandatarios afirman que a vontade política de Galiza arranca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936.

Os mencionados mandatarios defenderán, por conseguinte, o dereito de autodeterminación para o povo que representan; pero consideranse autorizados a restrinxir este dereito ó que sexa racionalmente xusto e posibel, descartando o separatismo e avogando por unha unión accionada de tódos os povos diferentes de España, ou mellor, da Península, dentro dun Estado plurinacional republicano, con garantías de liberdade para os homes e os povos. Tendo en conta que a vontade dos electores galegos representan unha ínfima minoría de votos no corpo político de toda España e que, polo tanto, a vontade do povo galego sería indefectibelmente vencida polo peso numérico dos votos non galegos, resulta natural que os representantes de Galiza busquen o equilibrio democrático de España a base dunha nova estructura do Estado Español, na que os povos sexan os verdadeiros suxeitos do dereito político. Para este fin, a unidade de dirección política de Galiza no exilio, emprenderá unha campaña, xunto co Governo de Euzkadi e o consello Nacional de Catalunya, para pesar, por convencimento, na conciencia liberal e democrática dos demais españois...

A creación do Consello de Galiza xerou un importante debate entre o galeguismo do exterior cos sectores galeguistas do interior, liderados por Ramón Piñeiro.

Coa caída de Galiza en mans das forzas franquistas e a posterior derrota das forzas republicanas, os galeguistas que aínda permanecían no país intentan unha reagrupación de forzas. Moitas son as dificultades para reorganizar o partido, a maioría dos cadros principais ou foron fusilados ou marcharon cara o exilio. En Galiza quedaban persoas illadas que polas súas posicións moderadas non foron perseguidas. Mentres que algúns militantes desde posicións de esquerda loitaron xunto ós comunistas na resistencia armada. Co pasar dos anos a reagrupación galeguista vaise a realizar a través dun grupo de intelectuais que admiten a imposibilidade de enfrontarse abertamente contra o réximen imperante. Comeza a xestarse entre eles unha concepción culturalista, desbotando os métodos e xeitos políticos do galeguismo político encabezado por Castelao e o Consello de Galiza.

O debate cos seguidores de Ramón Piñeiro levan a Ramón Suárez Picallo a redactar un borrador sobre a significación histórica da creación do Consello de Galiza:

Ó finar a guerra civil, en 1939, milleiros de galegos, que loitaran nela defendendo a República, na concencia de que República e autonomia pra

Galiza, eran cousas consustanciadas e inseparabeis, tiveron que saír mundo adiante polos camiños do desterro, especialmente rumbo ás Américas. Entre istes emigrantes galegos forzados, habia moitos que ostentaban en Galiza cargos politicos de representación popular, deputados a Cortes, deputados provinciales, alcaldes, concellales, ex ministros, ademáis de dirixentes politicos e sindicais, profesores e intelectuais de moita valía, que se sumaron e se confundiron coas vellas institucións representativas das poderosas coleitividades galegas residentes, a maioria das cales, especialmente as da Arxentina e do Uruguai eran dende sempre de siño autonomista, republicán e democrático.

E namentres que vascos e cataláns en situación igual por ter aprobados e promulgados os seus estatutos autonómicos dentro da continuidade institucional, constitucional e xurídica da República, sostiñan, e sosteñen na emigración, os seus orgaismos representativos disa continuidade, os galegos carecíamos dunha entidade similar por non terse promulgado o seu Estatuto respeitivo.

En efeito, o Estatuto Galego, plebiscitado o 28 de xunio de 1936, fora entregado con todas as formalidades xa cubertos os tramites marcados na Constitución da República, na Presidencia do Parlamento, pra ser sometido á súa aprobación, unhas horas antes de estalar a moura traición. Xa en plena guerra civil, o Estatuto tivo leitura oficial na sesion das Cortes, celebrada en Monserrat en febreiro de 1938; e en 1944, nas Cortes celebradas en Ciudad de México, tivo penultimo trámite parlamentario, ó ser nomeada ali a Comisión encargada de ditaminalo e propoñer a sua aprobación.

Galicia non tiña, pois, un "Estatus" perfeito con referencia a súa autonomía, pero tiña unha forte espeitativa de telo, á vista dos trámites constitucionais xa corridos polo seu Estatuto, que lle permitía crear un organismo representativo, ainda que somentes fose simbólico d-aquela espeitativa de direito. Ise orgaismo é o Consello de Galiza.

Oríxe: Castelao, cuia vida, obra esprito e corazón, foron íntegras pra Galiza, matinou constantemente na creación do devandito orgaismo. El atopouse na emigración especialmente en Bos Aires coa "outra" Galiza, coa Galiza Ultramariña: unha Galicia viva e palpitante de esprito de galeguidade, de fervor republicán e democrático de anceios de libertade pra Patria, que via no noso lider, non somentes ó grorioso artista, senón que tamén o guieiro ideal, o conductor dun povo.

Ista Galiza que se volcara integra en favor da proclamación da República Federal, que apoiara politica, espritual i-economicamente, as campañas a prol do Estatuto autonómico, e que, durante a guerra civil, foi a forza maior e mais vital da axuda os combatentes da legalidade republicana na que vían a posibilidade da autodeterminación politica da Galiza, non se resiñaba a acatar pasivamente os resultados inxustos da guerra civil. E pasados os primeiros intres de angustiado estupor quixo seguir

loitando dende a emigración polos vellos e ben amados propósitos e ideais de liberdade e democracia pra Patria galega. Mais, pra que a loita fose eficaz, necesitábase unha entidade que a orientase por riba da discrepancias de matiz politico, filosófico e ideolóxico –absolutamente naturais e lícitas en todo organísmo democrático– eisistentes no seo das nosas entidades coleitivas. Unha entidade que, en certo grado representase dalgún xeito, a vontade libremente eispresada do povo galego; unha entidade que fose aceitada, recoñecida e respetada por todos, como representación da Galiza democrática e autonomista que se manifestara nas eleicións de febreiro de 1936, e no Plebiscito de xunio do mesmo ano.

Castelao antes de darlle forma a ista entidade, consultou a varios xuristas galegos, entre eles a profesores de dereito da Universisade Compostelana. Celebrou reunións privadas de consultas, tamén cos principales dirixentes das coleitividades galegas da Arxentina e do Uruguai, e, por correspondencia, ós das outras coleitividades de toda América. Consultou eisimesmo, persoalmente e por correspondencia, ás autoridades dos governos vasco e catalán no eisilio os feitos do posíbel recoñecemento do orgaismo galego.

As respostas foron todas favorabeis e, a vista delas, Castelao deulle vida e forma ó Consello de Galiza en aito publico memorábel, na cibdade de Montevideu –circunstacias politicas de aquel intre fixeron imposibel que fose en Bos Aires– lendo ante varios milleiros de galegos, das duas ribeiras do Plata á sua aita de fundacional.

Composición: Xa fica dito que o orgaismo, aparte do seu caraiter simbólico e patriotico tiña que ter certa forza representativa da vontade do povo galego, libremente eispresada. E ista representatividade dase cabalmente nos deputados galegos elexidos nas memorables eleicións de febreiro de 1936, a derradeira ves que Galiza puido elexir libremente representantes seus.

Por eso o Consello está integrado por ises deputados, perteñecentes a distintos seitores politicos aituantes en Galiza. Castelao foi o seu primeiro e único presidente. cando el morreu o Consello deixou de cubrir o cargo pra que el seguise presidindo dende a inmortalidade donde mora.

A parte executiva da presidencia desempeña Antón Alonso Rios, deputado agrario por Pontevedra, no seu caracter de Segredario Xeral.

Polo demais ista composición do Consello a base dos deputados concorda co artículado da Constitución (arts. 11 a 16) referente ás autonomías, e coa parte "transitoria" do estatuto Galego plebiscitado, que lles confire ós diputados as Cortes a facultade de Constituirse en Governo provisional até a implantación do Estatuto e de todos os seus órganos de poder.

O Consello aitua asesorado por varias Comisións de Facenda, de Asuntos Politicos, de Asuntos Culturales etc. Os membros destas Comisións perteñecen ás principais institucións da colectividade galega de Bos Aires e do Uruguai, que o apoian e recoñecen.

Significación: O Consello de Galiza non é un governo en eisilio: É unha institución simbólica, gardadera da voluntade republicán, democrática e autonomista do povo galego. Non interveñen en polémicas de ningunha natureza no seo das coleitividades. Aitua en defensa do manteñemento d-aquela vontade, esclarecedora e mantendo o seu siñificado. estimula, axuda o apoia, na medida das súas forzas, toda laboura tendente a que Galiza, recupere o antes posibel, os seus dereitos democraticos de autodeterminación politica e nacional, tanto na emigración coma no interior. Con elo vai implicito que apoia canto se faga pra poñer fin ó reximen iñominioso que a ten sobmetida, opresa i-esplotada. Do mesmo xeito estimulada toda laboura cultural e artistica, de dentro e de fóra de Galizaa, que tenda a arrequentar os bens do esprito galego, e a xerarquizar a sua personalidade diferenciada, nacional e culturalmente.

A vida do Consello de Galiza está autolimitada polos seus propios fundadores. Deixara de eisistir no intre mesmo, (nin un minuto antes, nin un minuto despois en que Galiza recupere o dereito de elexir, libremente, representantes propios que aituen en todos os ordens.

Informe manuscrito de Ramón Suárez Picallo (Arquivo da Real Academia Galega).

Viaxe a México (Xuntanza das Cortes no exilio)

O 1 de outubro de 1945, parte a delegación do Consello de Galiza, dende Bos Aires, rumbo a México, para participar da convocatoria, da reunión das Cortes no exilio. Do aeroporto de Morón, parten Castelao e Villaverde, realizando distintas escalas técnicas e políticas, en Montevideu e Río de Janeiro. Mentres tanto Antón Alonso Ríos, sae para a provincia de Mendoza, pasando posteriormente a Santiago de Chile, onde se sumara Picallo á delegación. Xuntos, aos dous deputados galeguistas, viaxaran o deputado catalán Pelayo Sala e o deputado basco Lasarte.

O presidente do Governo Español no exilio, José Giral, dirá o 7 de novembro ante as Cortes: *Por último Galiza deixou expresada a súa vontade de autonomía no texto do Estatuto plebiscitado e aprobado polo povo galego, que no seu día tomou estado parlamentario e quedou pendente do exame e aprobación das Cortes*. Dous días despois a minoría galega integrada por tódolos parlamentarios, propuso a formación da Comisión do Estatuto Galego que quedou constituida despois dun longo debate. No transcurso das seccións Picallo terá unha intervención decisiva, logrando rebatir os argumentos centralistas dos seguidores de Prieto, que se negaban a constituir a comisión parlamentaria do Estatuto de Autonomía Galego.

Intervención de Picallo relatada por “A Nosa Terra”:

O deputado galego Ramón Suárez Picallo ocupa a tribuna dos oradores dicindo, que viña de Chile coa mesma ilusión que no ano 31 machou a Hespaña para loitar polas libertades de Galiza. Indica que o Estatuto Galego é unha arma psicolóxica para a reconquista da República e para os galegos que loitan en Hespaña. Ten un recordo para os que formaron parte da Comisión que fixo entrega do Estatuto, ao entonces presidente das Cortes señor Martinez Barrio, e que hoxe son mortos por que para Franco o ser autonomista é tamen un delicto. Con moi bo acerto, sinala que a soberanía non pode tomarse a vontade. Si se ademite a vixencia das instituciones republicanas, coa da Constitución hai que ademetir a dos Estatutos. “Se dubidamos da legalidade dos trámites cumplidos polo réxime republicano encol do noso Estatuto, pomos tamén en tea de xuizo a nosa legalidade.

Di máis adiante que os que non aportan armas para a conquista, non queren a conquista, e pide que non lle neguen as ferramentas para elo, como tal sería para os galegos a Comisión do Estatuto. (O deputado prietista Longueira interrompeu airadamete).

O señor Picallo contesta: *Eu non esquezo aos que me votaron e polo que se me votou, e non sei se vostede o ten esquecido*. Remata incitando á minoría prietista a cumprir co seu deber integrando a Comisión de Estatuto.

Despois do discurso de Picallo, distintas intervencións apoiaron a sua posición logrando a conformación da mencionada comisión. A cal quedou constituida entre outros coa participación do polémico Indalecio Prieto, Manuel Portela Valladares e en representación do grupo galeguista, Elpidio Villaverde.

Picallo e Castelao, aproveitaran a sua estada en México, para contactar cos galeguistas exiliados, e fundar a Irmandade Galega neste país. Contando para elo coa colaboración de Elixio Rodríguez, Roxelio Rodríguez de Bretaña e Marcial Fernández entre outros. A delegación galeguista durante uns días sepárase, xa que Castelao diríxese a Nova Iorque para conferenciar co presidente do Governo basco.

A presenza de Castelao en Bos Aires e a recente creación do Consello de Galiza xenera un importante entusiasmo entre os antifranquistas. Un sin fin de actos recordatorios, mítins, asembleas e banquetes realizanse co fin de nuclear á colectividade galega. O 28 de xuño de 1946, celébrase en Bos Aires, o 10 aniversário do Estatuto de Autonomía. Máis de mil persoas deronse cita, nun restaurante do barrio de Retiro. O acto comezou baixo a presidencia de Castelao e acompañado polos demais membros do

Consello de Galiza. Estaban presentes, institucións galegas e representantes de nacionalidades irmás. Ao comezar o acto, o Secretario Xeral da Federación de Sociedades Galegas, o Señor Alonso Pérez, achegándose a Castelao, agasallao cunha fermosa bandeira galega bordada en ouro, para que sexa izada en Galiza, o día que recupere a súa liberdade. Castelao emocionado, fará uso da palabra.

Fernández del Riego visita Bos Aires

A mediados dos anos cincoenta, comezan a profundizarse as relacións entre os intelectuais que residen en Galiza coa emigración galega. En 1954 chega Fernández del Riego invitado polo Centro Galego. Picallo quen se atopaba pasando unha tempada en Bos Aires reúnese con del Riego e o Consello de Galiza. Naquel primeiro encontro entre compañeiros, que a guerra civil dividira xeográficamente, estaban: Alonso Ríos, Manuel Puente, Rodolfo Prada, Perfecto López e Xosé Abraira. A reunión foi sumamente interesante, xa que esta, era a primeira oportunidade de debater, entre os dous sectores do galeguismo, os seus puntos de vista sobre o presente e futuro de Galiza. Del Riego nesta reunión reiterou na posición culturalista e posibilista do grupo "Galaxia".

Picallo dirá despois deste encontro:

Recoñecemos e respectamos as circunstáncias, duras e difíciles, que obrigan aos nosos irmáns da Terra a ser "realistas" e "posibilistas" na orde política. Pero non podemos aceptar que nós desenvolvéndonos con libertá para aituar dacordo os nosos afáns políticos a prol da libertade da Patria, exeitemos as nosas aituacións, coma si nós vivísemos nas mesmas circunstancias adversas en que eles viven alá.

Eles consideran que eiquí perdemos o diñeiro en celebrar efemérides inaituales, politicamente: Aniversario do Plebiscito, mártires e homenaxe a Castelao político. Comparten a ademiración universal por Castelao artista, home de ben e patriota vertical consustanciado historicamente coa sua terra, mais consideran a aituación política de Castelao como circunstancial, aneidótica da súa persoalide. E nós, ademáis das outras facetas da sua grandeira vida, queremol-o, ademirámol-o e honoramos a sua memoria, como lider e conductor político.

Nós non facemos dogma intranxibel, das doutriñas políticas de castelao, nin dos principios do Estatuto autonómico, nin do orden xurídico repúblicano do 36. Nin facemos dos nosos mártires ben amados un feito estático. Ises son para nós fito e referencia histórica, que polo seu valor espiritual fanse en nós dinámica viva para ollar cara adiante. Nós tampouco sabemos como será a saída política do drama liberticida que sofren os pobos ibéricos. Pero temos o deber de saber o que quer Galiza nise intre. E de

loitar políticamente para que Galiza non teña que axeitarse ás circunstancias senón que sexan as circunstancias as que axeiten ó sentir i-o pensar de Galiza.

1956. I Congreso da Emigración Galega

A constitución do Consello foi un paso moi importante para defender os dereitos nacionais de Galiza. Tamén tivo unha destacada repercusión nese senso a formación de Galeuzca e a constitución en varios países do mundo das Irmandades Galegas. Todos os xeitos organizativos eran necesários para xuntar forzas contra a ditadura. Por iso o Consello lanza a idea de facer un grande congreso que xunte aos máis amplos sectores antifranquistas. É así como se convoca en Bos Aires nos Salóns do Centro Asturiano o I Congreso da Emigración Galega, do 24 ao 31 de xullo 1956.

Entre os asistentes a este evento, atopábanse. Ramón Suárez Picallo, Emilio González, de Nova Iorque; Xerardo Álvarez Gallego, e Maximino Matalovos, de Cuba; Marcial Fernández; Rodríguez de Bretaña y Francisco Comesaña, de México; Xosé Velo, de Venezuela; Lois Tobío y Martínez Castro de Uruguai.

O Congreso tiña programas con distintas actividades paralelas, o día 28 de xullo, realizouse no Pazo Galiza, do Centro Lucense, un xantar en conmemoración do cen aniversário, do Banquete de Conxo. Enrique Pampillón e Carlos Abraira foron os estudantes encargados dos brindes, rematando o simbólico "Xantar" cos discursos de Xosé Velo, Marcial Fernández, Emilio González, Álvarez Gallego, Xoan Martínez Castro e Ramón Suárez Picallo.

Consello de Galiza

Coa morte de Castelao Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo tomará as rendas políticas do Consello de Galiza.

A distancia xeografica de Bos Aires en relación aos lugares onde se decidían os acontecementos do Estado español, facía moi difícil este labor. As políticas de negociacións pasaban por México ou París. Mentres, as forzas políticas do exilio de ámbito estatal creaban distintas alianzas ou frontes políticas antifranquistas.

Entre os exiliados galegos residentes en París estaba o republicano coruñés César Alvajar Diéguez, quen enviou en distintas oportunidades ao Consello de Galiza a proposta de nomear a un delegado do Consello en París, co obxectivo de incorporar a presencia galega nas institucións unitarias de resisténcia e difundir o pensamento deste organismo galego. As dificultades coas que se

atopaban eran o illamento do Consello, a incomprensión das forzas estatais españolas e a inexisténcia dun partido político galego, xa que as Irmandades Galegas creadas despois da decisión de Castelao de disolver o Partido Galeguista, non era un partido senón un mobimiento patriótico onde estaban as distintas forzas de carácter galego. Castelao dicía que en tempos nos que non había eleccións non era necesário un partido político. A pesares destes argumentos as outras forzas esixían un interlocutor político para a integración no "Pacto de París" de onde saiu a Unión de Forzas Democráticas, e o Consello Federal Español do Mobimento Europeu.

Nas deliberacións do I Congreso da Emigración Galega debatiuse a proposta de Alvajar, a cal pola sua trascendéncia foi remitida ao Consello de Galiza, autorizando a Picallo para que instrumentase os medios para concretala. En distintas cartas entre ambos coruñeses, Picallo argumentou, porque había que desestimar a posibilidade de que o delegado fora de América ou do interior de Galiza. Polo cal a proposta de todos os membros do Consello de Galiza foi que fose o próprio Alvajar o delegado en Europa. Neste debate epistolar diralle Picallo en relación á posibilidade de que fora un representante do interior de Galiza:

Agora, o problema é o da persoa que ostentaría a dita representación. Non coido que poida ir de Galiza por dúas razóns: 1º- Porque o noso grupo de Galiza está traballando marabillosamente na orde intelectual e cultural; pero, no que se refire a política están un pouco na lúa; non ademiten "nin esto nin aquelo", i-agardan a vel-as vir, n´unha aitatude cuase que de nihilismo político; é nos necesitamos xentes con aititudes afirmativas e positivas, políticamente falando.

O 28 de febreiro de 1958 coas asinaturas de Suárez Picallo, Alonso Ríos e Elpidio Villaverde asinase a acta do Consello de Galiza onde se crea a representación galega en París e nomease delegado a Cesar Alvajar. A sua misión era representar a Galiza ante o governo republicano e os governos no exilio de Euzcadi e Catalunya. A própria acta sinala que *O Consello prégalle á Irmandade Galega que, no seu caraiter de entidade específicamente política e patriótica, dos galegos, no eisilio, lle conceda ó devandito D. César Alvajar, tamén a sua representación, perante os paridos políticos, organizacións sindicales no mesmo senso desde París.*

As dificultades impostas polos socialistas en aceptar a representación de Galiza no Pacto de París fixo que Picallo e Alvajar cambiaran de táctica deixando temporalmente de presionar e centraron os esforzos en ingresar no Consello Federal Español do

Mobimento Europeu que a fins de 1958 presidía Salvador de Madariaga.

Coa renuncia de Félix Gordón Ordás, o presidente da República Martínez Barrios nomeou ao xeneral Emilio Herrera presidente do Governo. A política exterior de Picallo e o eficiente labor de Alvajar comezan a dar os resultados que imperiosamente Galiza necesita. Coa conformación da nova equipa de Governo é nomeado Jesús Canabal coma ministro plenipotenciario do Governo da República para toda a América do Sul. Jesús Canabal era un destacado empresario galeguista que residía no Uruguai, o seu vencello directo co Consello de Galiza e a súa pertenza á masonería a cal pertencían Martínez Barrios e o próprio Alvajar facilitaron este nomeamento.

A representación galega foi aceptada definitivamente no Consello Federal Español do Mobimento Europeu, nunha reunión presidida por Rodolfo Llopis, coa asistencia de Julían Gorkin, independente; Martínez Parera, do PSOE; Pascual Tomás, UGT; Irujo e Landáburo, PNV; Maldonado, ARDE; un galego e un catalán do interior e Javier Alvajar (fillo de César Alvajar en representación das Irmandades Galegas).

Posteriormente através dunha xestión realizada por José Maldonado presidente de Acción Republicana Democrática Española (ARDE), xestionouse a entrada con plenos dereitos na Unión de Forzas Democráticas Españolas.

O 1 de xaneiro de 1962 morre de súpeto en París o presidente da República española no exilio, D. Diego Martínez Barrio. Inmediatamente asume o seu primeiro vicepresidente, das Cortes republicanas, Luis Jiménez de Asúa. O novo presidente encarga a Claudio Sánchez Albornoz a tarefa de formar un novo Governo. Con estas designaciones nomease un Governo inconsulto, carente de vocación autonomista que levaría ao Governo republicano ao fracaso e a sua posterior desaparición.

O exilio republicano galego na Venezuela, México e os EE.UU.

Venezuela

Lonxe da ampla apertura mexicana aos exiliados republicanos, Venezuela limitou inicialmente o ensaio, por recelos ideolóxicos e relixiosos, aos nacionalistas bascos, por ser profundamente católicos. A causa da República española non pudo abrirse a toda Venezuela coma causa democrática. A nova Constitución Nacional venezuelana de xullo de 1936 dicia no seu artígo 32, 2º, inciso 6º:

...se consideran contrarias á independéncia, ao xeito político e á paz social da Nazón, as doutrinas comunista e anarquista; e os que as proclamen, propaguen ou practiquen serán considerados coma traidores á Pátria e castigados conforme ás leis.[2]

Aqueles que chegaban exiliados, ademáis de republicanos eran considerados tanto por mexicanos coma por venezuelanos simplesmentes: españois, sendo os bascos os únicos que entraban cunha identificación nazonal distinta.

Os galegos deixan de ser españois no exilio cando fundan, antes que os cataláns, o 9 de febreiro de 1945 o republicano *Lar Gallego*. Á inauguración aisitiu Rómulo Gallegos quen recordou os seus dias de exilio na Galiza e que depois, na súa toma de posesión coma presidente en 1948, terá un lugar reservado para os seus amigos republicanos. Así, as bandeiras galega, venezuelana e republicana serán as únicas que estarán presentes neste Lar, que a diferenza do Centro Gallego e a Casa Galicia terá un único sentimento repúblicano.

Parte importante e presidente deste Lar foi Xosé Velo Mosquera, se cadra a figura máis relevante do exilio galego republicano neste país. Velo Mosquera tiña no Lar a academia Castelao e fora un dos impulsores da fusión dos tres centros galegos. Hoxe, na Irmandade Galega o colexio Castelao, do cal foi diretor Celso Emilio Ferreirio, é herdeiro da académia de Velo.

Velo receberia na súa casa ao tamén exiliado serodio Xosé Sesto que vivirá en Caracas até a súa morte en 1998 e hoxe o seu fillo, Farruco Sesto Novás, é viceministro de cultura da Revolución Bolivariana. Fundará Velo o DRIL (Directorio Revolucionário Ibérico de Liberación) xunto aos galegos Soutomaior, Alberto Fernández Mezquita, e o xornalista Julio Formoso co portugués Galvão. O DRIL levará a cabo o primeiro secuestro de carácter político dunha nave en altamar, cando secuestran o "Santa Maria" coa intención de sublevar ás colónias africanas e chamar a atención do mundo verbo as sanguinárias ditaduras de Franco e Salazar.

Jânio Quadros, presidente do Brasil, asilaría aos secuestradores, morrendo Velo en São Paulo e Soutomaior volveria a Venezuela realizando un labor político intenso en Cambodia, Laos e na China.

En 1945 a Junta Patriótica Revolucionaria presidida por Rómulo Betancourt, recoñece á República española coma única lexítima para ter representación diplomática na Venezuela.

O lucense exiliado Jesús Vázquez Gayoso, doutor en Dereito pola universidade de Madrid e A Havana foi nomeado cónsul da República ante as autoridades venezolanas.

Entre os exiliados galegos temos:

- Fabián Barros Cela. Nado en 1913 en Vigo. Membro da CNT. Cinco anos na cadea despois da guerra. No castelo de Montjuïch foi testemuña do asasinato de Compayns.
- José Domínguez Benavides. Nado en Ponteareas. Cónsul da República española na Franza (Niza). Contratado en 1941 para dirixir un xornal na Venezuela. Casa coa poetisa Ida Gramcko e marcha sendo ela diplomática cara Moscova en 1949. Volve cando é derrocado Rómulo Gallegos e loita na clandestinidade.
- Fernando Cuenca. Vigo 1918. Capitán republicano. Presenciou as negociacións de rendición notificandoas ás forzas na estrada de Estremadura. Agachado en Madrid fuxe a México e en 1947 chega a Venezuela.
- Juan Cuenca Estevas. Ourense 1914. Milita nas Juventudes Socialistas. Realiza traballos de intelixencia. Condenado a morte. Fuxe e chega a Venezuela en 1952. Abre a libraria "Europa".
- Maria Teresa Cuenca de Tejero. Vigo 1913. Secretária de Indalecio Prieto e do ministro do Aire Hidalgo de Cisneros. Reclamada radialmente polo réxime de Franco fuxe a Franza en 1940 e posteriormente chega a Venezuela. A desaparición por parte da policia do seu fillo fixo dela unha figura pública. Traballaba no IVSS coma secretária e moraba na urbanización Los Caobos. O su fillo, Alejandro, nado en 1940, chega a Venezuela en 1957. Militante da Juventud Comunista, en 1967 é detido nunha rúa céntrica polo Servizo de Intelixéncia das Forzas Armadas. É desaparecido e presumibelmente morto por mor das torturas.
- Ángel Feijoo. Nado en Tamalexos, Ourense, 1914. Fuxe o 10 de agosto de 1936. Detido en Portugal volve fuxir e permenece agachado 13 meses. Con identidade falsa chega a Venezuela. Perteneció a Acción Republicana Democrática Española e foi presidente da Irmandade Galega.
- Mario Granell, nado en A Coruña. Fuxe nun barco de pesca cara Franza. Pintor. "Estampas amargas; vivencias de una guerra civil". Morrre en Vigo en 1991.
- Joaquín Insua. A Coruña, 1920. Combate até o final da guerra. Colabora coa resisténcia e fuxe en febreiro de 1942 cara México e en decembro do mesmo ano cara Venezuela.
- Leoncio Jaso-Roldán, Vigo, 1903. Chega en 1939, médico da sección de cardioloxia. Traballa con José Sánchez-Covisa.
- José Pardo Gayoso, A Coruña, 1902, médico pediatra. Contratado en 1939. Subdirector de Hixiene Materno-Infantil da Dirección de Sanidade da II República.

- Isolino López García, nado o 6 de xaneiro de 1886. Masón, chega a Venezuela dende Cuba, foi bibliotecário da Biblioteca da Irmandade Galega de Venezuela.
- Alberto de Paz y Mateos. Fuxe a Franza en 1939. Campo de concentración de Argelès sur Mer. Trata en Madrid a Alberti, Bergamín, Buñuel, Dalí... República Dominicana até 1945 cando chega a Venezuela. Pai do teatro venezuelano.
- Alberto Puente García. A Coruña 1918. Militante comunista. Tenente de metralladores na Fronte de Teruel. Internado nun campo de concentración. Detido en A Coruña e ferido de bala cando tentaba escapar en 1941. Condenado a morte, a sua pena é comutada por 30 anos. Sae baixo vixiláncia e fuxe cara Franza. Mmbro do Comité Central do Partido Comunista de España en París. Organiza aos obreiros españois en Bélxica, Países Baixos, Alemaña e Suiza. Marcha a Venezuela en 1968 coma apátrida casado coa psicóloga venezuelana Ilena Recagno.
- Alberto Fernández Mezquita. Sindicalista, militante do POUM. Tenta fuxir coa súa noiva, a pintora Maruja Mallo e son detidos na fronteira portuguesa. Detido e torturado este xornalista fuxe a Venezuela na década dos 40 grazas a súa amizade co político venezuelano Gonzalo Barrios. En 1948, no golpe de Estado a Rómulo Gallegos e o primeiro detido no pazo presidencial de Miraflores, onde traballaba, polos militares debido a súa condición de perigosidade por ser exiliado republicano. Marcha cara o exilio en Cuba, onde coñece ao que despois seria gran amigo seu Simón Alberto Consalvi, e volven a Venezuela en 1958. Desenvolvese na embaixada venezuelana en Belgrado entre os anos 1962-1965 co embaixador Simón Alberto Consalvi. Mezquita é curmán do xornalista Augusto Assía co que manterá relación epistolar.
- José Mosqueira Manso: capitán republicano da mariña mercante. Fuxe en 1937 cara Dominicana e chega a Venezuela en 1941. Aparece na novela de Cela "La Catira".
- Mario Granell, pintor. Erroneamente se di del nos manuais sobre o exilio que foi profesor de literatura en Nova Iorque. Nunca estivo nos Estados Unidos. Fuxido a Franza nun barco de pesca dende A Coruña, viviu os derradeiros anos da súa vida en Vigo.
- Manuel Gallego González "Manolo Gallego". Nado en Incio, Lugo, foi comisário da defénsa antiaérea no Ebro e Catalunya. Ascendido a comisário de Brigada por méritos de guerra. Internado nun campo de concentración francés foi o secretário xeral do Partido Comunista de España na Venezuela até a sua

morte. O seu sobriño, co mesmo nome, permaneceu dous anos exiliado no Uruguai debido a un atentado á Fosforera (fábrica de mistos(do que foi culpado (sen probas) Manolo Gallego, recaíndo toda a responsabilidad no seu sobriño que tivo que asilarse na República Oriental do Uruguai.

- Manuel Rodríguez Pérez, guerrillerio durante a posguerra. Nado en Cabanas chega a Venezuela dende Franza en 1946.
- Pepe Velo, nado o 21 de abril de 1916 en Celanova o seu pai fora o alcalde Lino Velo Castiñeiras. Fuxe a meiados da década dos 40 a Portugal, e de Lisboa viaxa a Nova Iorque e dista cidade vai a Venezuela. Presidente do Lar e representante dos galegos no I Congreso da Emigración Galega, Bos Aires 1956. Director e fundador do DRIL (Directorio Revolucionário Ibérico de Liberación) realiza con Sotomayor e os fillos de ambos, Victor e Federico, o primeiro secuestro dun barco con fins políticos: O secuestro do barco portugués *Santa Maria*. Morre en São Paulo.
- José Fernando Fernández Vázquez, Comandante Soutomayor, nado na Pobra do Caramiñal en 1904. Escritor, militar, loitou no maquis durante a invasión alemá a Franza. Agregado naval na embaixada republicana en París polo PCE. Chega a Venezuela en 1948. Secuestra o Santa Maria. Viaxa por Cambodia, China e Laos. Escritor prolífico sobre temas que van desde interpretacións do marxismo até vivécias persoais.

México

Chegou cargado de nenos o "Mexique", en xuño de 1937 a Veracruz. Estes "nenos de Morelia" foron pronto coñecidos por mor do coro que fundaran.

O SERE (Servizo de Evacuación de Republicanos Españois) comezou a elaborar coa embaixada mexicana listaxes en París de persoas a evacuar. Este servizo, por encargo de Negrín, estaba baixo a dirección do que despois se exiliaria en México o pontevedrés Bibiano Fernández Osorio-Tafall.

O 13 de xuño 1939 chegaba de Franza ao porto de Veracruz o *Sinaia*, ponto de inicio da chegada de exiliados republicanos a México. O Sinaia partiu do porto de Séte con 1.620 refuxiados dos campos de concentración franceses. Destes, 81 eran galegos, como Lorenzo Varela.

Entre estes 81 refuxiados galegos o méxicano Héctor García lembra aos irmáns Julio, Francisco e Cándido Souza fotografos e fundadores anos despois da axéncia gráfica máis importante de Latinoamérica: "Por fin: españois que non viñan a conquistar,

torturar e explotar, insultar, roubar, enganar; eran brancos, louros, de ollos azuis, falaban español con 'zeta' e chegaron a Veracruz por barco. Non se fixeron adourar e menos temer. Homes de carne e óso, españois, pero non gachupines".[3]

O presidente republicano Juan Negrín agardaba no peirao aos republicanos exiliados.

México, grazas ao seu presidente Lázaro Cárdenas, foi o primeiro lugar onde puderon chegar os refuxiados dende unha Franza que entraba en guerra e un mundo hostil que non quería saber ren de "roxos altamente perigosos".

Chega despois o *Ipanema* no que vai Rogelio Rodríguez de Bretaña, o xornalista radiofónico de máis sona en Mexico, combatente no Batallón Galego de Enrique Lister, Elixio Rodríguez, o aviador e autor do libro de memorias "Matádeo mañá", Serafín Ferro o poeta a quen Guerra da Cal e Luis Cernuda dedicaran poemas, Andrés Valín. Outra vez o Mexique, o Nyasa, o Santo Domingo e o vapor Cuba.

A pegada da emigración galega en México ten un valor cultural e político de carácter, ás veces, individual e outras de carácter coleitivo. Á chegada dos exiliados galegos a México xa existía o Orfeón Gallego fundado en 1911 e a Unión Cultural Galega. Estes fundan o *Centro Gallego de México*, proxectado en 1939 e constituído o 19 de novembro de 1948.

Vieiros revista de la Galicia infinita y universal (1959-1968)

Mención especial merece a revista Vieiros dos exiliados galegos en México. Editada polo *Patronato de Cultura Gallega de México*. O seu diretor foi Luis Soto Fernández, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán. Arturo Souto no asesoramento artístico e Juan López e Lis Soto coma tradutores dunha revista escrita na súa totalidade en idioma galego.

"Cancioneiro da loita galega", 1943, foi publicado polo Partido Galeguista en México, baixo o denominador comun do nacionalismo galego e a loita contra a dictadura franquista. Responsábel da edición foi Florencio Delgado.

Exiliados galegos en México

Foron miles os galegos exiliados. Santiago Genovés, Ourense 1923, antropólogo físico. Lorenzo García Méndez, A Coruña, 1901, técnico do Banco de España.

- O violinista ferrolán Jesús Dopico Barreiro, considerado coma un dos máis importantes músicos da história de Galiza. O pontevedrés, 1913, Julio Sanz Sáinz, fundou a editorial

Labor Mexicana, director xeral de edicións en español de Mac Graw Hill.

- Pedro Martul Rey, de Rodeiro, 1909, director do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón.
- Arturo Souto Alabarce, fillo do pintor Arturo Souto. Biologo e literato. Escritor prolífico. Nos anos 80 volveu a España. Estivo un mes, retornou a México e non volveu máis. O ferrolán, 1928, Victor Rico Galán, poeta, ensaísta e o su irmán, 1929, Fernando, filósofo, editor, traballou tamén coma xefe no Instituto Cubano del Libro de 1966 a 1972.
- Laureano Poza Juncal, pontevedrés, químico. Investigador brillante de la urotropina e o gluconato.
- O santiagués. 1908, José Seijo García, esposo da escritora e xornalista Concha Castroviejo. Benjamín Balboa, subsecretário de Marina. Enrique Varela Castro, o xenro de Xasares Quiroga.
- O coronel de enxeñeiros Ramón Valencia.
- Concepción Álvarez Pazo, mestra en Pontevedra. José Vieitez de Soto, mestre nacional.
- Manuel Venerando Portela, membro da redacción da revista "Saudade". Adolfo Vázquez Humasqué, diretor xeral do Instituto de Reforma Agraria da República española.
- O arquitecto coruñés José Caridad Mateo, construiu casas, fábricas, laboratórios e as bóvedas do Centro Galego de México.
- Hermenegildo Losada, médico. Antonio Fernández Carnicero, médico, membro de FOARE (Federación de Organismos de Axuda aos Republicanos Españois).
- Antonina Fernández Armesto, A Mezquita, 1908. Unha das primeiras mulleres farmaceuticas en Santiago.
- José Bernárdez Gómez, redondelán, 1924 Fundador do servizo cirúrxico da clínica Nº8 e despois xefe da mesma.
- O fillo do poeta Ramón Cabanillas. Ramiro Isla Couto, María Luisa Viqueira, filla de Xoán Vicente Viqueira. Traballou no prográma radiofónico "La hora de Galicia".
- Luis Soto, abandona a República con Castelao en 1938. Funda o Patronato de Cultura Galega de México, do que sería secretário xeral. Fundador da UPG. En 1976 sae da UPG e funda o Partido Gallego del Proletariado e máis tarde Galicia Ceibe.
- Rafael Dieste quen entre 1953 e 1954 traballará nas aulas no Instituto Tecnológico de Monterrey.
- Uxío Souto, escultor e pintor de Cuntis. Arturo Souto, pontevedra, 1902.
- A editorial Fondo de Cultura Económica, fundada por republicanos españois contou entre un dos seus mási grandes tradutores co galego Wenceslao Roces. Tradutor ao español

dende o alemán e o ruso de obras políticas e filosóficas do pensamento universal nunca antes verquidas á língua galega.

- Alejandro Finisterre, funda a revista Ecuador 0º, 0′,0″ que traslada a México en 1956.
- O cineasta vigués, 1935, Demetrio Bilbatúa Rodríguez.
- Bibiano Fernández Osorio-Tafall. Rematou a guerra coma comisario xeral do exército da República. Presidente do comité central do Estatuto de Autonomía de Galiza. No exilio foi funcionário da ONU através do mundo e profesor universitário en México.
- Carlos Velo, 1909, Cartelle, Ourense. Xunto a Buñuel foi o cineasta estranxeiro máis importante. Delegado do Consello de Galiza en México, funda o Patronato de Cultura Galega, na fundación da Unión do Povo Galego e realiza o seu primeiro número "Terra e tempo".

O exilio galego nos Estados Unidos

Antecedentes:

Foran dende os Estados Unidos a Brigada Abraham Lincoln a loitar pola liberdade e legalidade da II República española. Non só os Estados Unidos foran lugar de refuxio para milleiros de exiliados republicanos, senón que foi a pedra angular dunha posíbel política de illamento do réxime ditatorial de Franco á caida dos réximes feixista e nacionalsocialista na Itália e na Alemaña respectivamente.

Acabada a guerra civil, os EE.UU recebiron, entre moitos outros, á delegación basca encabezada por Galíndez. A relación do Governo basco no exilio co nortamericano para aqueles datas reflicte a especial situación dos exiliados republicanos e as circunstáncias históricas de ambos lados.

Para o ano 1939, o ditador español Francisco Franco Bahamonde era un inimigo en potencia. Franco coa sua política de alianzas cos réximes totalitários enfrontábase abertamente ás democrácias occidentaís, Franza, Grande Bretaña… Estados Unidos.

O desenvolvemento da guerra, e a alianza entre os EE.UU. e a Unión Soviética para rematar coa agresión alemá e italiana, osixenaba a esperanza dunha derrota do feixismo, e polo tanto do franquismo através das potencias aliadas occidentais democráticas.

Esta derrota futura restabeleceria o réxime democrático e a República no Estado español. O Governo basco no exilio francés recebiu cartos do norteamericano e mantiña as esperanzas abertas dos bascos e galegos no exilio cara as súas circunstáncias e o termino do exilio.

O desenlace da caida dos réximes totalitários foi a guerra fría e a búsqueda do Governo norteamericano de "amigos fiábeis" contra o comunismo internacional. A aperta entre Franco e Eisenhower en 1956 asasinou o soño de esperanza dos demócratas republicanos españois ao longo do mundo e rachou as relacións de amozade entre o Governo norteamericano e as diversas representacións republicanas ao longo do mundo.

Un comunista aparecía entre calquera sospeitoso de non loitar abertamente a prol das ideas de extrema dereita desa longa "caza de bruxas" no que se converteu os EE.UU do macartismo.

O exilio neoiorquino

Existia en Nova Iorque unha das colonias galegas antifeisxista e antifranquista máis militánte. En 1936 constitúe a Fronte Popular Antifeixista Galega, concentrada na axuda á República e aos persoeiros galegos que loitaban a prol da legalidade do Estatuto de Autonomia de Galiza. Esta Fronte, agrupou no seu seo a todas as sociedades españolas de Nova Iorque.

En 1938 a Fronte Popular Antifeixista Galega unvita aos deputados galegos Castelao, Picallo e Osorio-Tafall para que fixesen propaganda dentro dos Estados Unidos a prol da II República española en varios estados da Unión. Os galegos dos Estados Unidos axudaron con personal médico e sanitário. Diñeiro e fletaron varios buques para levar refugiados españois a Santo Domingo, México e Chile.

No ano de 1940 a sede da Fronte Popular Antifeixista Galega é vítima dun incéndio, e mudase a 119-125 East 11th Street co nome de Casa Galicia de Nova Iorque. Encontrábanse na cidade residindo Castelao, que agasallara á colonia co seu óleo dunha muller cunha fouce e unha estrela, o historiador Emilio González López e Basilio Álvarez que remataria os seus dias en Tampa, Florida.

Marcha Castelao cara á Arxentina despois duns meses de exilio nos EE.UU. A sua tradutora, moito despois será delatada coma unha espía do FBI. Castelao realiza os seus sonados debuxos de negros de Harlem e Brooklin. As suas chinesas neoyorquinas son da mesma época.

- O poeta ferrolán Guerra da Cal, membro das Milicias Gallegas, colaborador de Nova Galiza e combatente na fronte de Toledo. Doutor pola universidade de Columbia e profesor da de Nova Iorque. A primeira tese nos EE.UU. verbo literatura portuguesa foi feita por el. O profesor Ramón Martínez López, o amigo de Borges que segundo el sufría dun so defecto "ser tan nacionalista".

- José Rubia Barcia Emilio Gónzalez López, Otero Espasadín Xerardo Álvarez Gallego foron algúns dos persoeiros máis importantes exiliados nos EE.UU.
- O músico, pintor e literato Eugenio Fernández Granell, membro do POUM. O pintor pontevedrés Jorge Castillo, 1933, Traballou para o Centro de Gravado Contemporáneo de Xenévra, realizando perto de 300 augafortes e litografías. Expón en 1970 na National Galerie de Berlín. A súa obra está en museos tan importantes coma o Guggenheim de Nova Iorque.

O exilio galego no Rio da Prata (A Arxentina e o Uruguai)

Galiza non pudo celebrar en 1937 o I Centenário do nacemento de Rosalía, foi Arxentina en 1939 quen o faría. Este dado, pequeño, relevante e irrelevante asemade, indica quen levou o facho da galeguidade dende neste século XX que pasou.

Galiza, tal como a coñecemos hoxe, seria impensábel sen a Arxentina e sen Cuba. Galiza debe moito a estes dous países latinoamericanos. Sen Cuba e sen a Arxentina, Galiza non tería moitos dos signos próprios coma nazón, coma país que que pervivira como unidade diferenciada.

En Estado de desenvolvemento perviviu a cultura galega na outra beira do océano. Cando no ano de 1950 aparece a primeira editorial de libros en galego en Galiza, Galaxia, a Arxentina ía anos luz no cultivo e desenvolvemento da cultura galega através de editoriais, de programas de rádio, de teatro, pintura, arte.

Abertamente, a emigración galega na Arxentina participara no desenvolvemento político da República española coa participación dos deputados elexidos pola emigración coma Antón Alonso Ríos e Suárez Picallo.

A obra cultural do exilio galego na Argentina

- Editorial As Burgas (1944). Fundada polo Centro Ourensán de Bos Aires a intención da editorial, a razón do seu nacemento, foi levar ao prelo a primeira edición do *Sempre en Galiza* de Castelao, edición, ademáis, que estivo ao seu cuidado.
- Editorial Alborada (1939). Fundada pola Federación de Sociedades Gallegas, asociación galeguista fundada en 1921. Nesta editorial publicara Plácido Castro, Luís Tobío e Florencio Delgado Gurriarán "Poesía inglesa e francesa vertida ao galego".
- A Central Galega de Axuda ao Frente Popular Español (adscrita á Federación de Sociedades Gallegas) fixera a primeira publicación en 1939 co gallo do primeiro centenário do nacemento da poeta co libro "Cantares Gallegos".

‣ Editorial Atlántida (1942). Dirixia a colección Oro da editorial Rafael Dieste e a sua dona Carmen Múñoz. Nesta colección escribirán exiliados de todo o Estado español, e máis tarde inteletuais arxentinos reprimidos polo Governo de Perón.

‣ Editorial Botella al Mar (1947). Luis Seoane e Arturo Cuadrado foron os responsábeis desta editorial. Especializada no mellor da literatura universal, o seu derradeiro libro, *La noche espera al alba*, apareceu en 1971.

‣ Editorial Citania (1957). Baixo a dirección de Luis Seoane naceu esta editorial. O obxectivo primordial foi "engrandecer o nome de Galiza nas repúblicas americanas"". Dividida en cinco seccións, Mestre Mateo, Martín Sarmiento, Herba de namorar, Idacio e Dolmen de Dombate, Citania publicou libros a Isaac Díaz Pardo, *Midas*, o ángulo de pedra; Blanco Amor, *A esmorga*; Emilio González López, *La insumisión gallega: mártires y rebeldes; Ánxel Fole, Pauto do demo*; e a redición de Rafael Dieste de *A fiestra valdeira*. Esta mesma editorial, na colección Idacio, publicara dúas obras ao exiliado galego José Mosqueira Manso, *La cuna gallega de Cristóbal Colón* e *Las tortugas del Orinoco*.

‣ Editorial Emecé (1939). A obra cultural do exilio republicano galego na Arxentina non estivo nin reducida nin cinguida aos centro galegos que existían dende 1879, coma o Centro Gallego de Bos Aires ou o de Montevideo.En 1939 o exiliado Medina, crea xunto ao galego Álvaro de las Casa a Editorial Emecé. O nome da editorial ten a sua orixe nas iniciais dos apelidos dos dous fundadores. Luis Seoane e Arturo Cuadrado apoiaron inicialmente á editorial, até 1943 cando Seoane retirase debido á publicación dun libro do embaixador franquista na Arxentina pola editorial.

‣ Editorial Follas Novas (1957). Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas foron os fundadores desta editorial-libraria que mantiveron baixo a sua dirección até 1961 cando marchan cara Cuba. Entre os libros publicados, que nun principio pasou con moi pouca glória, está *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas, que co paso do tempo chegaria a ser o libro máis vendido da história da literatura galega.

‣ Ediciones Galicia, do Centro Galego de Bos Aires (1950). Se cadra a editorial con máis títulos publicados. Publicou a segunda edición do *Sempre en Galiza*, en formato pequeno debido á proibición para a sua distribución na Galiza.

‣ Editorial Nós (1949). Esta editorial, obra do filántropo galego Manuel Ponte protector do exilio humano procedente da guerra civil, fundouse coa única finalidade de editar o libro *As cruces de pedra na Galiza*. Castelao foi axudado, en todas as súas

necesidades por este home igual de xigante moralmente que Castelao, que ían dende a compra da sua residéncia na rua "general Belgrano" até os máis mínimos requerementos. Igual trato, depois da morte de Castelao, recebiu a sua viúva Virxinia Pereira.

- Editorial Nova (1942). Luis Seoane e Arturo Cuadrado, o primeiro coma fundador e o segundo coma colaborador, traballaron nesta editorial despois de romper relacións coa editorial Emecé. A súa andaina foi de seis anos.
- As revistas *Correo Literario* (1943-1945), *Galeuzca* (1945-1946), *Galicia emigrante* (1954-1958).

O labor cultural da colectividade galega na Arxentina é impresionante e aína descoñecida na súa verdadeira envergadura.

O exilio

Ao remate da guerra civil española, centos de milleiros de refuxiados ocupaban os campos de concentración de Franza. O Governo francés pedirá á sociedade internacional, e máis especialmente á Latinoamerica, a acollida do meirande número de persoas nos países da América do Sul e "inspirándose nas tradicións de hospitalidade intimamente unidas á doutrina internacional do Novo Mundo".

A capacidade de absorción deste continxente de refuxiados políticos republicanos, víase limitada polas normas limitativas da entrada de inmigrantes á meirande parte dos países da América Latina, e pola falla dunha política migratoria que coñecese das necesidades técnicas no ámbito laboral, ou incluso do necesário equilibrio racial tanto nos Estados Unidos coma na América Latina.

O exilio galego republicano, é unha história, aínda por contar. A sua pegada de presencia nos paísese de acollida e a sua pegada de ausencia en Galiza e palpábel.

O dereito á memoria, como diciamos no limiar desta ponéncia, debe ser un dos dereitos fundamentais do ser humano, non para repetir o pasado, senón para evitar que se repita; non para que os vivos sexamos ventrilocuos dos mortos, senón para que sexamos capaces de falar con voces non condeadas ao eco perpétuo da estúpidez e a desgraza.

Notas

[1]Galeano, Patas Arriba. La escuela del mundo al revés. Madrid, Siglo XXI, p.216.

[2]Constitución da República de Venezuela, 1936.

Fontes e Bibliografia

Fontes orais :
Manuel Ponte Regueira "Duende".
Alberto Puente García
Simón Alberto Consalvi
Rafael Uzcátegui
Federico Fernández Ackermann
Lois Pérez Leira
Xulio Formoso
Eliseo Montes
Benxamín Dapena
Manuel Álvarez Quiroga
Eduardo Meilán
Xesús López
Gonzalo Gómez Caridad
Ileana Recagno
Maripaz Matxain
Familiares de José Mosqueira Manso (Corme)
Oliva Fernández, filla de Mario Granell
Farruco Sesto Novás
Xosé Sesto López
Manuel Sesto López
Vasco Szinetar
Xosé Estevez
Óscar Noya
Dulce María de Gallego, viúva de Manuel Gallego.
Jovita Velo (viúva de Pepe Velo)
Lino Velo
Karmele Leizaola
Fontes Documentais:
Arquivo da Irmandade Galega de Venezuela
Arquivo da Casa de España
Arquivo do Caracas Eusko Etxea
Arquivo do Centre Català de Caracas
Arquivo de Manuel Álvarez Quiroga
Arquivo de Simón Alberto Consalvi
Arquivo do ministério venezuelano de Relacións Exteriores
Arquivo de Últimas Noticias
Arquivo de El Nacional
Arquivo de El Universal
Biblioteca Nacional de Venezuela
Biblioteca de la Univerdidad Central de Venezuela

Fontes hemerográficas

Xornais:
El Nacional
El Universal
Últimas Noticias
Crítica
Magazine Español

Revistas:
Momento
Élite
Bohemia

Bibliografía

Constitución de los Estados Unidos de Venezuela, 1936.

FERNÁNDEZ SANTANDER, CARLOS. *El exilio gallego de la guerra civil*, Biblioteca del exilio. Edicios do Castro, 2002.

GALEANO EDUARDO. *Patas Arriba. La escuela del mundo al revés*. Madrid, Siglo XXI, p.216

MARQUÉS SUREDA, SALOMÓ e MARTÍN FRECHILLA, JUAN JOSÉ. *La labor educativa de los exiliados españoles en Venezuela*. Universidad Central de Venezuela, 2002.

SANZ, VÍCTOR. *El exilio español en Venezuela*, Vol I e II. Ediciones de la Casa de España y José Agustín Catalá. Caracas, 1995.

SEGUNDA SECCIÓN

Os represaliados e represaliadas

Eliseo Fernández Fernández (coordenador)

A Depuración do Maxisterio e a educación pública en Galicia: 1936-1961

Andrés Santalla López

Introducción

Para entender a depuración franquista temos que estudiar a situación do ensino nos anos da República e mesmo ir a 1812-1813, coa constitución de Cádiz e o Informe Quíntana**.** Desde o postulado ilustrado da "modernización dos pobos a través da educación" chegamos ao Sexenio revolucionario de 1868-1974 con 100 anos de retraso. A IIª República sería a que reivindicou con maior rotundidade que os mestres e mestras en cada recuncho do estado cambiarían a cidadanía para afrontar o futuro e as ideas de progreso que pretendía. A Falanxe que tiña o control da política cultura,ideoloxía na España de Franco, denunciaba aos mestres como principais culpables do triunfo dos ideais republicanos. Pola outra banda, a Igrexa mantén o control absoluto da educación e entendeu que se tiña que voltar ao ensino da España Imperial, desprezando os séculos XVIII e XIX, por liberais. O estado franquista definíase como nacional español, católico e confesional; así o nacional-catolicismo era o que lle interesaba para diferenciarse dos fascismos europeos. Así o Franquismo primeiro entendeu que a Depuración do Maxisterio era ante todo preventiva, máis que punitiva e así o expresaban en público nos seus discursos os primeiros ministros de educación e directores xerais de educación. Porque se trataba de escarmentar esa idea secular do mestre como peza do progreso. O mestre tería que ser un peón máis dos ideais imperiais e tradicionalistas dun estado confesional. Para que o mestre cumpla esa función, terá que demostar, pasando un calvario de constantes certificacións, con papeis e con feitos, de esa cultura tradicionalista que marcou a súa diferencia co resto de estados europeos.

Outro aspecto a analizar é a loita secular entre os defensores do estado confesional e a dos que postulaban que o Estado tiña que responsabilizarse da Educación en todos os niveis. A República supón o intento máis contundente e rápido de acabar con ese secular control da Igrexa sobre o ensino. O artigo 26 da Constitución de 1931 indica a maior estatalización do ensino. Mesmo este artigo

desorganizaba as escolas de indiamos, moitas delas aínda nos seus comezos. Aínda así o Estado non podía facerlles gran competencia debido aos seus mellores edificios, amplia preparación profesional do profesorado e diversos recursos didácticos e materiais. En 1933 coa Lei de Confesións e Congregacións relixiosas inténtase separar á Igrexa definitivamente do control do ensino. Pero a sociedade e os ensinantes aínda non estaban preparados para cambios tan radicais, posto que durante séculos o ensino non interesara ás clases dirixentes. A situación da infancia coa chegada do franquismo retorna a séculos de oscurantismo, paralízanse as construccións e a inversión en educación. As rapazas e rapaces en Galicia non tiña tempo de ir á escola, porque tiña que axudar aos pais, nun país con economía de subsistencia.

Este é o credo da Ley de Enseñanza Primaria (1945):

Esta tradición permanece en nuestra legislación escolar hasta que, desvinculada de su trayectoria histórica, se quiebra en la anarquía que nos depara el siglo XIX. La Etapa republicana de 1931 llevó a la Escuela una radical subversión de valores. La legislación de este período puso su maior empeño en arrancar de cuajo el sentido cristiano de la educación, y la Escuela sufrió una etapa de influencias materialistas y desnacionalizantes que la convirtieron en campo de experimentación para la más torpe política, negadora del ser íntimo de nuestra conciencia histórica.... ... La nueva Ley invoca entre sus principios inspiradores, como el primero y fundamental, el religioso. La Escuela española, en armonía con la tradición de sus mejores tiempos, ha de ser ante todo católica. Además, la Escuela en nuestra Patria ha de ser esencialmente española. Y en este aspecto, la Ley se inspira en el punto programático del Movimiento...

Non houbo programas escolares ata 1921, o que di moito da pouca preocupación polo ensino no estado. O prólogo deste programa é unha peza mestra do reaccionarismo (citando a Pío XII; padre Manjón, S.José de Calasanz, fray Pedro Ponce de León, S. Ignacio de Loyola, Luís Vives, Balmes,... e a figura do s. XX Rufino Blanco) e así ordea:

... en la educación de la niñez deben resplandecer, como focos de calor y luz que clareen las voluntades e iluminen las inteligencias, los dos grandes amores que, bajo el mando supremo de nuestro insigne Caudillo, han de forjar la España Una, Grande y Libre que anhelamos: el amor de Díos y el amor a la Patria.

Constátase o pensamento reaccionario (*Navarro Sandalinas, 1990*):

...el rechazo de las ideologías "extranjeras" (liberalismo, democracia, socialismo), el odio visceralísimo a otros modelos de organización del Estado que no sean el centralismo puro (el fantasma del "separatismo") y la exaltación de lo "nacional", que se identifica con lo "tradicional", esto es, una forma de gobierno católica y autoritaria.

Os novos contidos se estructuraban en catro apartados e por estricta orde: "*educación religiosa, educación patriótica, educación cívica y educación física*". Sainz Rodríguez, que foi o primeiro ministro de educación de Franco e Ibáñez Martín (como director xeral e como ministro despois) marcaron desde o primeiro momento unha pedagoxía reaccionaria oposta á que difundía Luzuriaga na Revista de Pedagogía. Os contidos mudaron radicalmente, non estaban redactados por pedagogos nas correntes europeas que experimentaban e debatían métodos e técnicas didácticas. Eran contidos de corte tradicional, memorístico, mecánico (como por exemplo, os famosos dictados que sufrimos todos mesmo no grao superior). Xa non había lugar para experimentar con sistemas de autoxestión, con métodos Freinet, Cousinet, Dècroly..., na liña da "*escola nova*" ou "*escola activa*", porque esa foi unha das argumentacións para que, o profesorado que os seguisen, fosen destituídos.

Os sectores profesionais conservadores e católicos apoiaban as reformas para o ensino, porque as aspiracións do profesorado levaban máis dun século sen ser asumidas. Así no Congreso de la *Asociación Nacional del Magisterio Primario* de abril de 1936 se felicitaban das promesas republicanas, da creación de máis escolas, da incorporación á Dirección General de Primera Enseñanza a un dos seus, ao primeiro mestre (Coll i Más) e das súas reivindicacións:

El Magisterio, por su parte, cree el momento actual único para ser aprovechado convenientemente en beneficio de la Escuela y del maestro. Y siente la confianza de que sus problemas tendrán solución con los dos ilustres maestros que rigen los destinos de la enseñanza primaria. En el Magisterio ha renacido la ilusión...

Era diáfano para toda a profesión que cambiaría a situación do profesorado e das escolas do estado. Consideran que asistirán ao Congreso de la Federación Internacional de Asociaciones de Maestros que se celebraría en Belgrado nese ano 1936. Pretendían publicar unha "Revista pedagógica" *(El Magisterio nacional, Madrid, 21 de abril de 1936, Año XIII - segunda época, nº 1.666).*

En todo este proceso, Franco non é máis que un capítulo repetido da eterna historia entre "malos" que pretenden cambiar a España e os "bos" que sabiamente conseguen facela voltar ó que lle

é propio, ou sexa, ao tradicional. Os golpistas están a falar sempre de "restablecer" o que era normal e habitual en España (*Navarro Sandalinas, 1990, pp. 62-63*).

Estructura represiva da depuración no Maxisterio

O franquismo supón o retorno á España do século XVII, ignorando e desprezando todo o conseguido nos séculos XVIII e XIX e no primeiro tercio do XX. Así foi declarado e instaurado polos golpistas e despois polos tecnócratas que lles sucederon. A Igrexa acaparou todo o control do ensino.

A educación tiña moitas eivas ata a chegada da IIª República onde se lle intentou dar solución: non había escolas suficientes, non había mestres para ocupalas, porque non tiña un soldo digno polo que os substituían persoas que case non sabían ler e escribir. Todas as apartacións pedagóxicas, todos os intercambios con Europa, todas as loitas desde a universidade por parte de intelectuais ou republicanos, todas foron perseguidas. O novo estado precisaba aniquilar a peza clave de esa "contaminación" ideolóxica nos adultos e nas futuras xeracións.

Os procesos de depuración do profesorado en Galicia enmarcaranse na Lei de Responsabilidades Políticas de 1939; creáronse múltiples institucións para perseguir, sancionar e executar as purgas, as depuracións. Os contidos e os métodos retornaron á época dos grandes persoeiros e pedagogos da España imperial, dos relixiosos, opostos aos que eles consideraban ateos, materialistas e republicanos.

No 1959, veintitrés anos despois do golpe de estado, xa unha orde indultaba certas condenas (Morente Valero, 1997, p. 216). En 1966 (o 10 de novembro) un decreto indicaba a "extinción definitiva e responsabilidades políticas" e se indultaban as penas aínda non cumplidas. Por exemplo o Rector de Compostela, en Galicia, indica que el xa tiña feito un listado detallado dos "subversivos" antes do golpe (Claret, J.).

O BOJDNE (Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional) do 21 de agosto de 1936 impoñían as bases ideolóxicas do estado novo, fundamentado na represión e a depuración. Simultaneamente derogaba as leis republicanas. Primeiro son os rectores (circular do Rectorado de 29 de setembro de 1936) os que informan sobre a conducta profesional e privada do profesorado, é dicir políticas. A orde de 16 de setembro de 1936 suprime a coeducación educativa e depura aos bibliotecarios e a da semana anterior, o 4 de setembro de 1936 suprimirá os libros de texto e os contidos, para impoñer os novos contidos coa orde de 20 de setembro de 1938. A

circular de 7 de decembro de 1936 crea a penalización xeralizada porque propón a separación definitiva dos que pretenceran aos partidos republicanos. Pero tamén valía o simple rumor das súas afiliacións ás organizacións da Frente Popular.

O decreto clave da depuración do Maxisterio é o decreto nº 66 de 8 de novmebro de 1936. Será o instrumento depurador contra o que terán que argumentar e aportar provas, porque "todo o mundo é culpable mentres non demostre o contrario, aínda que demostre o contrario, e... en dez días". Os seus instigadores son Pemán, Pemartín, Romualdo de Toledo, Ibáñez Martín, entre outros.

O Decreto 8 de novembro de 1936 instaura as Comisións Provinciais coa circular que o desenvolve publicada no BOE do 11 de febreiro de 1937. No seu articulado destacan aos "malos pedagogos", cando a realidade era que perseguían actividades públicas, políticas. As conductas privadas podían servir para inculpar a alguén que lles interese. Eran tempos en que se fixo famosa a frase de *¿Quién es masón? Quien me precede en el escalafón.* En moitas ocasións só eran loitas por conseguir unha praza de mestre nun pobo, nunha cidade; ou eran por disputas de outra índole, como podía ser a perda da función educativa do cura párroco naquela sociedade agraria e rural.

As comisións provinciais aplican o Decreto 66 e todo se resume en "separación definitiva". De aí que mesmo desde o estado franquista se lle chame a atención ás comisións de Coruña e Pontevedra. No caso de Lugo é desde o centralismo que se incrementan as sancións.

A Comisión Provincial da Coruña a compoñen cinco persoas e teñen grandes problemas económicos para manter as reunións, porque constantemente se fai constar en acta a non asistencia de dous dos seus componentes de Ferrol por falta de recursos de locomoción. Entre setembro e novembro de de 1938 toman a decisión de non trasladarse á Coruña os dous integrantes de Ferrol, Montenegro e Chaos.

Tamén é unha comisión na que existen certas diferencias entre os seus componentes, indicándoo constantemente cos votos particulares (no 20% aproximadamente). Pero a comisión atense á lexislación do BOJDNE e é estricta na súa aplicación, por tanto, as propostas da Comisión provincial sempre son de maior dureza que as impostas pola JTE (Junta Técnica de Enseñanza). Porque ademais temos que engadir que calquera dos trámites entre cada unha destas instancias é dun ano. En consecuencia, un mestre sancionado polo Rector ou o gobernador militar cunha sanción mínima pode estar esperando como mínimo un ano e estar desprazado da escola que lle pertencía. É de destacar a lentitude do proceso para

calquera das comisións provinciais que se podía alongar mesmo ata 6 anos ou 15, ou mesmo 20 anos.

A Comisión provincial de Lugo amosouse como a máis inqueritiva, a máis intromisora na vida persoal, a que fiscalizou cada un dos aspectos de cada un dos mestres/as. Por tanto estase a establecer un sistema de "chivatazo" e de inxusticias aínda maiores. Quizais porque é unha provincia con maior número de escolas rurais e por tanto o coñecemento exhaustivo de cada un dos docentes é maior. En calquera caso, a comisión articulou un exhaustivo e fiscalizador cuestionario que era detalladamente cumprimentado.

Nesta comisión todo era acordado por unanimidade e a súa dureza tamén era presidida polos cargos imputados polo gobernador militar da provincia; mestres que na Coruña incidía o informe de cargos do Rector.

Nesa minuciosidade destaca que se indique se está casado e se os fillos están bautizados e se perteneceu a algunha loxia masónica. En calquera destas preguntas indícasenos que a orientación da Igrexa está presente no cuestionario.

A Comisión provincial de Ourense non redacta un cuestionario tan detallado como o de Lugo pero si dictaminan coa dureza esixida na lexislación superior. Temos que indicar que detectamos varios casos nos que non se indica se está desaparecido ou se está escapado ou exiliado.

A Comisión provincial de Pontevedra elabora un cuestionario parecido ó da Coruña, máis apropiado para estas provincias con núcleos de poboación máis numerosos e onde o anonimato é maior. Os informes da Falanxe xa sempre distinguiran a esta provincia pola súa rebeldía e que continuarán indicando ata chegados anos setenta. Mesmo foi advertida da súa severidade e desproporción nos dictámenes, por un erróneo criterio de axuste á legalidade creada. Así se indica con claridade no expediente de *Sergio Arroyo Josue*, *na escola de Riomayor de Sta. Cristina, Vilaboa-Pontevedra*: *La Comisión de Pontevedra, se viene acreditando en todo momento, por un criterio de rigurosidad y celo extremado.* Nesta provincia persoeiros como Filgueira Valverde teñen unha actuación moi controvertida, como en Ferrol os catedráticos Montenegro e Torrente Ballester.

As actuacións golpistas e a lexislación posterior impuxeron unha lei retroactiva, pero o máis grave foi que só tiñan dez días para contestar a acusacións anónimas de persoas estreitamente ligadas ao novo estado, ligadas aos poderes fácticos de cada pobo. Todo o profesorado foi expedientado. Moitos dos que foron confirmados no seu cargo certificáronllo moi tarde, no 1938 ou no 1939. Calquera pequena acusación servía para ter un expediente rodan-

do polos despachos ata 1939, 1940 ou 1941, ou mesmo 1948, 1958, 1962, 1966 ou máis tarde. A lexislación mesmo era aplicada para que a simple publicación nos xornais servise de terror social, de prevención, de depuración. A mestra Teresa Seoane Voado, en Moeche, é a unha das que lle escribiron este comentario na súa resolución de expediente, cando non fixera nada de subversivo, senón que era tradicional e de dereitas. Pero a maior inxustiza foi a prolongación no tempo de expedientes sen pechar ou sen aceptar a súa revisión.

Todas as dictaduras se fundamentan no terror, no medo inxustificado e irracional, a través de asasenitos nun primeiro momento. A Depuración do Maxisterio foi inxusta por ser ilegal (golpista), retroactiva (contra funcionarios que aplicaron leis democráticas), punitiva e preventiva. A inxustiza ampliábase co letargo dos expedientes sen resolver, sen darlles unha resolución. Partíase duns acusadores que eran o Alcalde, o cura e un veciño (pai de familia). En moitos casos o informe que cubría o pai era tamén o do cura, coa mesma letra. En moitos casos tamén os párrocos eran capaces de informar negativamente no primeiro escrito e, por variadas razóns, emitían un segundo en sentido totalmente oposto. Esta conducta habitual foi censurada duramente desde os superiores, calificando a Galicia de lugar de caciquismo extremo que empañaba a imaxe do novo estado.

A maior inxustiza era que a maioría dos mestres nunca tiveran faltas no seu expediente, nin tiveran sancións por razóns profesionais en décadas anteriores con réximes máis liberais, máis conservadores ou máis "avanzados", "modernos" ou "izquierdistas". Pero co franquismo todo o profesorado terían un manchón no expediente. Todo o profesorado tiña que padecer un "vía crucis" para asegurar unha ideoloxía e práctica reaccionaria.

Coa nova lexislación da depuración, viña dada pola dislocación dos párrocos nas súas funcións sociais. Os curas ocupaban a función de mestre en moitas aldeas e co envío polo Estado do mestre se establecían certos récelos.

Pensaban que o maxisterio da época da República era rebelde, conseguira politizarse e ser máis activo, especialmente desde as eleccións de febreiro de 1936. Por iso Ibáñez Martín dixo no 1941:

Yo tengo el deber y el dolor de afirmar desde aquí que un crecidísimo tanto por ciento del Profesorado español era afín –en temperamento, en formación intelectual, en vocación política y en espíritu– a aquel mismo sistema de gobierno que sumio a nuestra Patria en una ruína jamás imaginable. (Revista Nacional de Educación, nº1, enero de 1941).

No 1942 tamén recalcou:

... extraordinaria labor de captación la que en los Maestros hizo la República... Cuerpo el más perversamente elegido por los enemigos de España para que preparara las nuevas generaciones, que la llevarían a la desolación y a la ruína. (Escuela Española, 1942, nº 8*).*

A depuración do Maxisterio en Galicia é máis tráxica se cabe, porque antes do 18 de xullo de 1936 o Rector tiña elaborado listados e comentarios sobre cada un dos profesionais do ensino. As comisións provinciais perviviron desde novembro de 1936 ata 1944, pero dezaseis anos despois os procesos de revisión e de resolución para moitos expedientados se extenderon ata os anos 50 e 60 e, os menos, ata os 70. A depuración tórnase algo benévola coa Orde Ministerial de 24 de decembro de 1952 coa supresión de "*sancións de carácter* accesorio e leven cinco anos de servicio activo e sen nota desfavorable" e "*serán canceladas de oficio por las distintas Direcciones Generales las notas correspondientes que figuren en los expedientes de dichos funcionarios*." No segundo punto indicaba que podían participar no concurso de traslados os que levaran dous anos de servicio activo desde a readmisión e estiveran fóra da provincia. Ata 1961 permanece o Juzgado Superior de Revisiónes que sustiuíra á Oficina Técnico-Administrativa de Depuración (creada para homoxeneixar a depuración coa orde de 11 de marzo de 1938), desaparecida no 9 de febreiro de 1944, e sustitúe tamén á súa vez, á Comisión Superior Dictaminadora (orde de 19 de marzo de 1939) e que se suprimira no xaneiro de 1942. A Orde de 18 de marzo de 1939 impoñía a depuración de todos mesmo os colaboradores franquistas. No 1944 se suprimen todas as comisións depuradoras. Coa orde de 17 de febreiro de 1937 se favorecían as supresións temporais e as xubilacións forzosas co mínimo a percibir. Os concellos podían reclamar a paralización do traslado dos mestres recurrindo á Orde de 18 de xaneiro de 1938 (BOE do 21 xaneiro de 1938).

A composición de cada unha das comisións era de cinco persoas e habitualmente o director do centro de Bachelerato ou Instituto da provincia era o presidente; o lugar de reunión tamén era o propio instituto. As catro comisións que depuraban en Galicia tiñan rasgos peculiares. Así a de Pontevedra e Coruña exerceron un traballo moi duro contra os mestres e por iso foron advertidos reiteradamente da dureza, do caciquismo e da inconsistencia das acusacións (debido ás poucas provas que se adxuntaban).

Porque aos mestres se lles aplicaba un correctivo preventivo e retroactivo, cando a maioría seguiran fidelmente todas as legali-

dades propias de cada unha das épocas políticas das primeiras décadas do século XX. De aí os desterros a pequenas aldeas dentro ou fóra da provincia, mesmo fóra de Galicia, durante máis de 15 anos, ata que con Ruiz Jiménez, nos anos 50, se reduciron levemente as condeas. A "Oficina" de depuracións non se disolve ata 1944. Explícao ben Navarro (1990, páx. 91).

Todo esta depuración do maxisterio hai que entendelo como a filosofía do novo estado golpista. O imperialismo do franquismo é o propio dos reaccionarios: a identificación de nación con tradición. Podemos comparar os cuestionarios escolares de 1921 e de 1938 para entendelo no apartado de Historia de España.

As primeiras disposicións de depuración son de Pemán (BOE do 10 de decembro de 1936), como presidente da Comisión de Cultura y Enseñanza de la Junta Técnica del Estado:

... El carácter de la depuración que hoy se persigue no es solo punitivo, sino también preventivo. Es necesario garantizar a los españoles que con las armas en la mano y sin regateos de sacrificios... salvan la causa de la civilización... que no se volverá a tolerar... a los envenenadores del alma popular... (es su función) proponer la separación inexorable de sus funciones magistrales de cuantos, directa o indirectamente, han contribuído a sostener y propagar a los partidos, de ideario e instituciones del llamado "Frente Popular". Los individuos que integran esas hordas revolucionarias... son sencillamente los hijos espirituales de catedráticos y profesores que a través de Instituciones como la llamada "Institución Libre de Enseñanza" forjaron generaciones incrédulas y anárquicas. Si se quiere hacer fructífera la sangre de nuestros mártires es preciso combatir resueltamente el sistema seguido desde hace más de un siglo de honrar y enaltecer a los inspiradores del del mal, mientras se reservaban los castigos para las masas víctimas de sus engaños.

Como indicaban as instancias superiores: *...caciques marrulleros y sagaces politiquillos de que tan pródiga fué siempre esta simpática Galicia" (expediente de Julio Abad Pradilla, na mixta de Irixoa)* expedientado por ser *"partidario del Estatuto Gallego y proyectaba al virrey de Galicia en ciernes, Casares Quiroga."*. Este mestre reciclarase como alférez provisional.

No 1944, no expediente de *Luis Álvarez Martínez, en Chaus de Limia, Lobera, Ourense* a superioridade indica: *Se trata de un típico expediente de las provincias gallegas plagado de contradicciones radicais y abasolutamene desconcertante. Contiene informes de numerosos párrocs de la comarca según algunos de los cuales el Sr. Álvarez era ateo, enseñaba el comunismo en la escuela y otras inmoralidades, al paso que otros párrocos afirman que cumplía sus deberes... En sentido político las contradic-*

ciones son igualmente marcadas. No 1942, *Fernando Álvarez Rodríguez, en Espadañedo-Ourense*, sufre tamén a inxustiza dos informantes e así os depuradores indican: *...no cabe otra conclusión que la de juzgar, una vez mas, con la maior dureza, la ligereza de algunos informantes, indignos por su falta de recto criterio de la misión de alta confianza que el Estado ha puesto en sus manos... esta Comisión Superior que no puede ni debe dejarse arrastrar por la ligereza de criterio de los citados informantes.*

Porque as acusacións eran rumores, non había que probalas, non había careos. Así o indica en 1938 a Comisión Provincial de Ourense, para o mestre de *Regueiro-Boborás, Longinos Rdz. De la Iglesia*: *...Considerando que, aunque no se estimen suficientemente probados los cargos de conducta moral avanzadísima y abandono de los deberes religiosos, se halla por los anteriores incurso en el caso 31 de la Circular de 1936.* Non tiña delictos de sangue nin parecidos.

A débil resposta: recursos e revisións

O aparato depurador foi lexislado: ata o 1961 permanece o Juzgado Superior de Revisiones que sustituíra á Oficina Técnico-Administrativa de Depuración (creada para homoxeneixar a depuración coa orde de 11 de marzo de 1938), desaparecida no 9 de febreiro de 1944; esta sustitúe tamén á súa vez, á Comisión Superior Dictaminadora (orde de 19 de marzo de 1939) e que se suprimira no xaneiro de 1942.

Os depuradores tiñan que discriminar entre feitos e intencións, actuacións e simpatías, entre actividades realizadas ou simplemente rumores referidos a mestras e mestres. Os acusadores eran personalidades do réxime que se distinguían pola súa adhesión fanática ao réxime, pero tamén podían aceptar informes de persoas de "solvencia" ou falanxistas. En consecuencia, as defensas tiñan que rebatir o Artigo 66, con certificados da categoría destas autoridades. Aínda así o profesorado, os mestres e mestras adxuntaban adhesión e sinaturas de centos de pais de alunos e alunas, de comerciantes, certificados doutras personalidades diferentes ás que inquiría a Comisión provincial. O pobo non tiña poder, só certas persoas.

A maior parte parte do profesorado se queixaba amargamente de non coñecer aos seus acusadores, de agocharse no anonimato, de non poder manter un careo. No expediente de *Antonio Sánchez González, de Trasalva - Amoeiro - Ourense,* indica que non pode repetir a documentación por falta de recursos.

As sancións contra as mestras eran máis benignas que contra os homes, pero cos casos graves eran aínda máis contundentes e exemplificadores. A *mestra de Miño-2-nenas, María Vázquez Suárez*,

foi fusilada no 1938, por propagar o amor libre, polo enterro laico da súa nai, etc. O caso de *María Losada Estevez en Seadur-Laroco* que foi separada definitivamente e baixa do escalafón, por axudar a fuxidos, ser de UGT e ter bandeiras socialistas. Poucas son as mestras paseadas ou fusiladas pero temos dous casos espeluznantes: a mestra de Coruña Mercedes Romero Abella de tan só 23 anos paseada na Ponte da Castellana-Aranga (Coruña), que era de Cee; e a mestra de Esteiro-Muros, *Carmen Libertad Alonso Puente* ("*se aumento el nombre con Libertad*"); e moitas máis castigadas rigurosamente: *Casal Meijide, en Muxía-nenas*, por proclamar o Amor Libre; *María Membiela Rdz., en Baño-Muros*, por ensinar a Internacional. Ou como lle aconteceu a *Teresa Seoane Boado, en Moeche Considerando que algunos casos han sido resueltos por la Superioridad con la simple sanción moral consistente en la publicidad del nombre del interesado como sancionado*:.., que foi confirmada no cargo o 14 de xaneiro do 1940 (por tanto case que catro anos). Porque a depuración era preventiva e punitiva.

As sancións no rural tiñan máis influencia dos párrocos, nas cidades as inculpacións diluíanse ou basabanse en cargos políticos ou en feitos máis fundamentados. No rural calquera simpatía, calquera comentario privado servía para relacionar a unha persoa con activiades revolucionarias e ideoloxías "ilegais". O caso de *Carlos Fuentes Pérez, mestre en Mesía-Coruña no inculcar... debido respeto... a las instituciones básicas de la civilización* que é castigado no 41 con dous anos fóra da provincia. Calquera rumor valía, case todas eran acusacións infundadas, como no caso de Arsenio Díaz Gómer, Ourol-Viveiro, que se queixa de non ter careos cos acusadores, que se queixa do seu anonimato e impunidade *Parece ser, se dice y se cree...* (que é confirmado na súa escola no 1940). Aínda que todos o profesorado protesta e desde Madrid se lamentan e ameazan, pero a explicitación do caciquismo vémolo no expediente de *Fernando Arca Fdz., en Herbón-Padrón "es una represalia organizada desde abajo por quienes desconocen el estilo nuevo de nuestra Patria"*, unha carta escrita por un soldado que fora en primeira liña do frente, queixándose ao ministro, no 1942. Unha orde de 1940 indicaba que os informes das grandes cidades eran imprecisos e advertía da problemática.

A superioridade daba instuccións claras contra os abusos, pero ao amigo de Castelao e de Florencio Figueira, *Martín Gómez Rdz., de Rianxo*, non lle serviu ese apoio moral: *el criterio punitivo no debe ampliarse nunca sino más bien restringirse a favor del acusado.*

A maioría do profesorado tiveron que esperar moitos anos para conseguir a resolución definitiva aos seus expedientes que seguían nos depachos sen ser atendidos. Un dos casos máis chama-

tivos é o de *Marcelino Lago Palmeiro, en Piñeiros*, tiña só 3 cargos pero a resolución non lle chegou ata 1962! *Juan Romero Muñoz, exp. 18.009*, na provincia de Ourense conseguiu que se lle revisara o seu expediente no 1966. Outros casos como o de *Juan Bascoy de Mera de Arriba, en Ortigueira*, a quen lle deixan voltar a impartir clases no 1958 pero castigado dous anos en Oviedo. *Mª Benita Gallego Varela en Moneixas, Lalín*, foi confirmada no cargo pero en xuño de 1948, once anos de espera, cando non tiña acusacións fundadas e un cento e sinaturas de pais. O mesmo caso para outra muller, *A. Higinia Fraiz Villanueva, en Bandeira*, tamén con moitísimas sinturas de pais que a apoiaban, pero xa sabemos que o pobo non tiña nin voz nin voto. Como homes do mesmo concello de Lalín, *Celso Justo Rivas, en Guillar-nº 2, Rodeiro*, no 1944 e *Sindo Cuñarro Rdz., en Villatuje,* confirmado tarde, no 1942. *Manuel Ameijeiras Picallo, na escola de Souto-2ª, na Estrada* obtén a resolución, da separación definitiva, no decembro de 1942. Xustamente a confusión dos apelidos levou a erro durante moitos anos máis á superioridade depurativa que condenaba a *Ameijeiras Cerviño* de Cerdedo en Pontevedra.

Pero lembremos que o máis grave sucedeu cos mestres paseados ou fusilados, como no caso de *Víctor Trabazo Serapio, da escola de Xil en Meaño* que na portada da resolución de 24 de abril de 1940 decía "Sepración definitiva del Servicio e inhabilitación para cargos directivos y de confianza", cando era claro que nunha nota escrita a man do expediente indicaba que *"fue hallado muerto"*. É evidente que quería maquillar os asasinatos, os paseos. Pero os cargos non eran de sangue, só que *"envenenó la Isla de Arosa dando lugar a los sucesos ocurridos en octubre de 1934"* e *"Infundía a los niños sentimientos soviéticos y disolventes"*, tamén era secretario do Centro socialista, apoderado e de FETE. Outros moitos non poden nin defenderse desde o frente, en primeira liña, ou desde os campos de concentración como o Lazareto de S. Simón, como no caso do *mestre de Cerdedo, Pontevedra, Francisco Varela Buela*, que ten que utilizar para os descargos á súa muller Dolores Caballero. Desde o mesmo Lazareto escribía desesperado *Estanislao Víctor Torres y Pérez, no pósito de Vilalonga en Sanxenxo*, porque decía que pertenecía a FETE e Izquierda Republicana porque eran legais, que non lle podían aplicar leis retroactivas. Noutros casos como os fusilamentos tras ser xulgados en Consello de Guerra si que o explicitaban, como no caso de *Apolinar Torres López, de Vigo centro*. Mestras como *Ana Leiro Alonso, mestra en Corcubión-nenas*, a pesar de ser de dereita e cotizar a Falange, ser de Acción Católica, etc., sufre a depuración ata que o 31 de decembro de 1941 é confirmada no cargo e así lle indican *No obstante esto fue sancionada... ..., debido, sin duda, a una explicable severidad en el primero período de la Guerra de liberación, que no sería hoy*

justificable. Lembremos que o primeiro paso da depuración foi a de dar morte a moitos mestres, pero a outros querían enterralos vivos na cadea, como no caso do mestre de S. Roman de Villestrofe-Cervo, que o condearon con reclusión por 20 anos.

Un caso próximo e oportuno para este Congreso, ubicado en Narón, é o da *mestra do Ponto, Emilia Cubeiro Castro*, solteira e de 24 anos. Comeza os seus descargos dicindo: *He leido con verdadera pena el escrito, que la Comisión Depuradora del Magisterio me ha dirigido,en el que se me imputan graves acusaciones... Y esto es para mí tanto más doloroso, cuanto que por vez primera me encuentro sometida a un expediente,a los dos años de haber visto aprobada por el Inspector de la Zona mi labor escolar,...*

Continúa *Sobre todo me atemoriza pensar, cuanto más medito en los cargos que se me hacen, en qué clase de medios he de apoyarme para defender mi honradez profesional y mi conducta de mujer cristiana,..."* porque como sinala nos medios rurais especialmente *"...en donde la incomprensión, por una parte, y por otra, las incidencias propias de nuestra profesión hacen víctima al Maestro de intrigas y rencores,por nimiedades, muchas veces increíbles.* A continuación ten que indicar como desenvolve o seu traballo docente, que é espectacular montan reportaxes con fotos e estampas, sobre diferentes temas, como por exemplo sobre as catro provincias galegas. Respecto da súa vida persoal e relixiosa, na escola e na súa vida indica que a lexislación lle obrigaba a non impartir relixión no horario, pero que consultou co mestre de Xubia e lle deu unha estratexia *...para neutralizar los efectos del laicismo en la Escuela,era, tener una actitud de benevolencia con los sentimientos religiosos,y esto se conseguía excitando hábilmente a los niños que sean católicos...*

O mestre de Narón, do *Alto do Castaño, Antonio Álvaro Juan Francisco Vázquez Yáñez*, traballara no colexio Masdías entre o 1924-27 e en Marinería do 1927-34, pertencía á Asociación de Mestres Privados con Masdías e Rapariz, adxuntou certificados dos dous... pero a condea foi durísima, por pertencer a FETE.

Pero o caso de defensa mellor articulada e presentada foi o de *Antonio Moure Baños, de Bouzas-Vigo*, que titula os descargos como *Album de documentos y pruebas indestructibles de la absoluta falsedad de todos los cargos formulados a este Maestro.* Entre as múltiples actividades didácticas e sociais, mesmo deportivas, que promoveu estaba a do Proxecto de edificio para Bouzas da Escola de Pesca (1935) e Observatorio, Acuarium, etc. O seu berro desesperado no final dos descargos dicía *¡Responsabilidad para los falsos informadores en nombre de la nueva España!*

Diego González, na Coruña, defendeuse con argumentos "chulescos ou pedantes". *Jesús Gustavo Díaz Sánchez en Feáns, Coruña*,

director da "Vanguardia Pedagógica", aplica un método máis virtuoso: non é irrelixioso porque na Cartilla militar di que é de Religión Católica. Ou *Primitivo Arán Trillo, na escola de Grandal, Vilamaior* (despois en Ordes), acusado de *afiliado a sociedade agraria* e *de permitir que los niños levantaran las faldas a las niñas*, que di: *Admitamos que yo fuese un degenerado, que lo fuesen mis niños. Los padres no lo denunciaron*. Mesmo tivo que indicar que a súa sogra e esposa confeccionaban secretamente camisas para Falange. Era un mestre normal que promovía a construcción de xardíns polo propios nenos e charqueiras para estudialas, pero que sufrió hasta 1942, en que lle rebaixaron a pena máxima, a separación definitiva. *Ramón Niebla Pego, en Recemel-As Somozas* apela a: *Si me trasladan de escuela crearán un divorcio y eso va en contra de las Bases del Nuevo Estado*, porque a familia lle quedaría lonxe.

Coas mestras que non tivesen unha conducta moral provocativa socialmente desde a óptica nacional-católica, simplemente eran castigadas cun mes de sanción económica ou coa simple publicación do seu nome nos xornais e no BOE. Pero cos homes a conducta política, a conducta ideolóxica e profesional-pedagóxica era castigada duramente.

Unha acusación bastante común contra as mulleres era que cantasen a Internacional coas nenas. No *expediente de Ana Leiro Alonso, Corcubión-nenas*, a pesar de cotizar para Falange e pertencer a Acción Católica de Corcubión, aínda no 24 de novembro de 1941, está esperando a revisión do seu expediente; un mes máis tarde, o 31de decembro de 1941 é confirmada no cargo ao non ter en conta un único informe desfavorable, o da garda civil, en contradicción co resto. Nestes casos ás veces indicaban que fora un erro administrativo, pero só nalgún caso. Outras mestras eran acusadas de *declararse abertamente a favor do "amor libre"* ou que vivisen en *concubinato*, ou *sen bautizar aos fillos*, ou *que vivisen sen casar pola Igrexa* (*exp. Mercedes Piñeiro Abad, Seavia-Coristanco-Coruña*, vive con un home e logo casa con el polo civil). Outra mestra acusada de fomentar e vivir no amor libre foi a *mestra de Campo Lameiro, Jesusa Castro Barreiro*.

Unha constante obsesión contra as mulleres e que non perdoaban era que *bordasen* bandeiras comunistas ou republicanas. No *exepediente 3.822, María Encarnación Álvarez Besteiro, en S. Salvador de Bublal, Carballedo- Lugo: 1ºcargo: que su profesión cumple mal. 2º cargo: que no iba a misa. 3º: que bordó una bandera comunista, Lugo 24 de xuño de 1937*. A orde de acusacións tiña o seu sentido. As cuestións políticas e relixiosas eran determinantes para o grao de condea.

Os Boletíns Oficiais da Provincia aínda no 1941 están cheos de resolucións con separacións definitivas como no BOP de

Pontevedra, nº 66, venres 21 de marzo de 1941, para *Luís Pascual Villegas, de Vigo-Arenal* e *Jesús Bernárdez García, en Bugarín-Prado-Ponteareas*.

O pliego de cargos había que contestalo en dez días. Moitos tiveron que defenderse ante o Rector, ante o gobernador militar, ante a inspección, ante a comisión provincial e ante o Juez Superior de Revisiones. Nese proceso o profesorado ía aportando documentos que ano tras ano indicaban a "reciclaxe" á nova ideoloxía. Uns pagaron coa vida indo ó frente a primeira liña, quer como voluntarios, quer porque lles tocaba pola súa quinta. Outros tiveron que incorporarse á estructura falanxista para facer méritos máis rápido. Outros mesmo tiveron que ir ás lexións internacionais. Os menos recurriron a notarios e a avogados. Moitos se defendían só con sinaturas dos pais, nais e veciños.

A maioría do profesorado foi moi intelixente en coller os cargos que se lle imputaban e chamar á atención das comisións da inxustiza que supoñía ter acusadores anónimos e sen probas documentais. O mestre *Diego González na Coruña* é un exemplo paradigmático de "defensa chulesca", de coñecer ben os obxectivos da depuración, unha depuración política e ideolóxica e non doutro tipo, que xa explicitei ao comezo. Mesmo lles daban a razón en moitas ocasións os organismos superiores contra as comisións provinciais, pero demasiado tarde claro está.

O tema da reposición do crucifixo na escola foi o obxecto clave para enteder de que ideoloxía era o mestre. Por tanto os que querían demostrar que eran acérrimos do réxime escribían e certificaban feitos como os citados por *Antonia Mondelo Castro, en Cambre,* acusada de ser rusa, etc.: *Que ha sido la tercera de las Maestras de la provincia que han entronizado el Crucifijo en la Escuela y con la máxima solemnidad...y también fue de las primeras en izar la bandera durante las horas de clase.* Tamén a *mestra Carmen Iglesias Vázquez en Trasanquelos-Cesures* ten que certificar que participou activamente na reposición do crucifixo, porque era unha das ordes.

Outra liña argumental era utilizar as mesmas palabras da acusación para desmontala con explicacións que supoñía unha afecta adhesión ao novo réxime. Así dase o caso de moitas mestras e mestres que dicían que impartían clases nunha escola laica de indianos porque o párroco e eles mesmo entendían que podían entorpecer ou anular as posicións izquierdistas destas escolas, como no caso dunha mestra na *escola laica "La Aurora del Porvenir" de Tomiño, Pilar Llorens Formoso* ou do mestre *Felipe Carnicer López (en Silva de Abajo, Coruña, antes no pósito de Cangas, Mañón, Viveiro) nos pósitos e na escola laica de Mañón*). Felipe Carnicer mesmo ten que explicar como el foi o creador dos pósitos marítimos coa filosofía de

loitar contra o marxismo e o anarquismo que se estaba a promocionar nas vilas mariñeiras e obreiras. Así de directo o ten que explicar aos seus depuradores

He de hacer constar que, –sin duda por omisión involuntaria de esa Comisión Depuradora– ... que soy Maestro de Orientación Marítima y Pesquera ... Los Pósitos Marítimos,entidades estatales,creadas por la Dictadura para contrarrestar el avance social-marxista del proletariado por una parte,y la explotación del capitalismo por otra,han tenido siempre como enemigos a éstos,por considerar a dichas instituciones eminentemente comunistas, y, contrariamente a aquellos,porque veían en esta santa obra un refugio de "esquiroles" y de contrarrevolucionarios (doctº 66). En 1934 se les llamaba ya fascistas, según puede verse en el documento 66 citado. ...El Sr. Saralegui, en vista de mis ejercicios en dichos cursillos de intenso trabajo,me aconsejó solicitase Cangas,por cuanto precisaba de un hombre como yo para poder redimir al puerto mas pescadores de España de la explotación e ignorancia en que estaba sumido. Del mismo modo que... Mussolini comprendió claramente que el éxito delFascismo estriba en redimir a aquellas masas y volverlas al cauce religioso y patriótico..." mi ideal era ese; acompañando de palabras y obras, procuarando imitar y secundar a tan gran "conductor", orientado y guiando a las gentes de Cangas por la senda de la razón, de la justicia social, que hoy, lo mismo que entonces nos está encomendada (No en vano era mi amigo en Cagas el Cónsul italiano en Vigo,con cuyas propagandas fascistas coincidía mi labor de Maestro de Orientación Marítima y Asesor General del Pósito.

O mesmo ocorría coa participación de moitos mestres nas sociedades agrarias que se sementaron desde principios de século e que non eran das promovidas polos centros católicos. Así eran secretarios das asociacións porque os demais eran analfabetos e llo pediran ou porque podían aproveitar para inflirtarse e delatar. Noutros expedientes os depurados se defenden con chulería ante as comisións, aceptando os cargos pero ao mesmo tempo indicando que se foron das organizacións cando estas se radicalizaron, ou sexa, a partir de febreiro do 36, que definitivamente mobilizou á dereita golpista e reaccionaria.

Como diciamos antes, o profesorado depurado recurría ás sinaturas dos pais, aos informes de inspección (moitos destes inspectores agora integraban as comisións provinciais de depuración), ás libretas dos seus alunados, ós diarios de aula, ás programacións, ós contidos curriculares, ós reglamentos das asociacións. Pero todo iso non lles servía de moito porque os informantes "legais" tiñan unha verdade incontestable. Só se fixaban se había grandes contradiccións entre informes.

As denuncias mesmo eran por ler un tipo de xornais determinados, por asistir a mitines, por mercar unha serie de libros, por non impartir relixión no horario escolar ou no currículo. As leis republicanas habían que combatilas e incumplilas. A depuración franquista é retroactiva, aínda que sexas funcionario.

Os depurados esixían xustiza como funcionarios porque non se lles podía acusar retroactivamente, posto que por lei estaban obrigados a cumprir a normativa republicana, ou antes coa anterior. Así os cantos, os símbolos obrigados republicanos se convertían en cargo. A asistencia a reunións pedagóxicas, a congresos, escribir en periódicos... Todo era considerado como "maestro avanzado en ideas". Sempre estaba latente que a tradición era incompatible coa renovación, con ir cos novos tempos.

Nas comisións como a de Lugo ou Ourense fixábanse en detalles moi precisos, porque na vida rural era moi "indecente" non bautizar ós fillos ou casar polo civil. Na legalidade republicana mercar libros ou pedir libros ás Misións Pedagóxicas era fundamental para posuír unha biblioteca. Agora iso convertíase nunha acusación por ser libros subversivos.

Pero a acusación que máis envenenava ás comisións era a pertenencia a algún sindicato republicano como a FETE na provincia da Coruña ou de Pontevedra ou á ATEO en Ourense. Na provincia da Coruña, e nos mestres homes, supoñía que a comisión provincial propuxese a "separación definitiva". Pero as instancias superiores ao longo dos anos seguintes indicaban que era unha dureza extrema a que impartían as comisións, como a de Coruña ou Pontevedra, pois na maioría dos casos non se comprovaba que número de afiliación tiña ou se estaba en activo no último ano, 1936, o máis conflictivo despois do 1934. Outra acusación que nun principio se considerou como moi grave foi a afiliación a partidos políticos incluso aos moderados, mesmo aos monárquicos e católicos.

Evidentemente, segundos os criterios dos golpistas, non se sal vaban da cadea, do paseo ou do fusilamento aqueles que fosen alcaldes, concelleiros, interventores ou apoderados de partidos políticos especialmente do partido socialista, comunista ou anarquistas. Os galeguistas tamén eran inculpados con moita facilidade, pero ao mesmo tempo tamén moitos dos próximos á Igrexa conseguiron ser respetados e mesmo colaboraron activamente co novo réxime.

As sancións pretendían exemplificar, introducían o medo e o terror fundamentándose na irracionalidade. O proceso mesmamente era kafkiano. Moitas familias perderon o seu patrimonio e a súa dignidade social, moitos quedaron a deber favores a poderosos personaxes falanxistas. A maioría dos sancionados gravemente foron deportados fóra de Galicia ou lonxe dentro da mesma

provincia. As súas familias solicitaban que para consolidar o sacramento do matrimonio deberían estar xuntos, a parte de provocar a ruína económica da familia.

O galeguismo dalgúns dos depurados foi un dos temas máis utilizados como acusación, pois un mestre se falaba ou escribía en galego, se explicaba moitas leccións sobre contidos de Galicia, era un dos argumentos para incriminalo; se saían ao entorno, se non estaban moitas horas cos libros na escola tamén era considerado unha pérdida de tempo, porque o importante eran as actividades de operacións básicas e escritura, repetitivas e memorísticas.

Común a todas as comisións provinciais é a mentira e a ocultación nos dictámenes de docentes paseados ou desaparecidos. Aplícaselles o artigo 171 (*Abandono do seu posto*). O decreto 66 tiña unha Orde que a desenvolve que indicaba que se debía seguir o expediente *"como si se hubiese escuchado al interesado"*. Esa terminoloxía falseadora e cínica tamén é utilizada polas Comisións superiores en rango. O caso de *Ángel L. Romero Vázquez, en Guitiriz, Trasparga-Lugo*, onde din o 28-10-37 *Se ignora su paradero y se dice que se ha suicidado*. O mesmo lle ocorre a varios mestres de Cangas: Víctor Sánchez Martil no pósito de Coiro, Cangas, Sobreseido por fallecimiento. De *Vicente Sáez Ruiz* di: *Non contesta,... ..., detido en Gabaldón como complicado en el Movimiento,...* En consecuencia poderíamos indicar que tiñan circulares internas nas que sempre se indicarían aspectos a redactar para casos que xudicialmente pudiesen esixir responsabilidades nun futuro.

A inxustiza para a maior parte do profesorado foi o cese nas súas escolas ou centros de ensino e a apertura dun expediente de depuración que se prolongou moitos anos no tempo, a maior parte non se resolveron ata 1942 e moitos outros ata 1949 ou mesmo ata aos anos 50 ou 60. O caso de *Elvira Engrobas Somoza, de Santiago Vega-Sarria*, que estivo dous anos na cadea e que no 1950 está na indixencia,... todo por asistir a un banquete. A dureza extrema contra as mulleres, só nos casos de política e de sexualidade.

Como indicou o Ministro de Educación no 1941 na primeira disposición de depuración, de Pemán (BOE do 10 de decembro de 1936), como presidente da Comisión de Cultura y Enseñanza de la Junta Técnica del Estado: *... El carácter de la depuración que hoy se persigue no es solo punitivo, sino también preventivo*. Así moitos mestres de dereitas non tiveron a confirmación na súa escola ata 1939, porque o interés de esta depuración estaba en gratificar aos máis exaltados franquistas cunha escola da súa preferencia e, por suposto, satisfacer todo tipo de pillaje e de caciquismo coas prazas do profesorado. *Joaquín Romero Míguez, en Rivero*, que fora alcalde con Primo de Rivera, no 1940 é enviado castigado fóra da provincia.

Gran parte do profesorado republicano tivo que pasar moitos anos nos campos de concentración como lle aconteceu a *Gumersindo Gustiasoro Ruiz de Azúa, na escola de Darbo*, que escribe os descargos desde o lazareto de S. Simón.

Co tempo parece que a penas que se impoñen son máis benévolas, por exemplo comparando o ano 1941 con respecto ao seguinte, pero son falsas teorías, porque a *Ramón Canosa Rdz.*, que estaba na *escola do Hospicio en Ferrol* é sancionado no 1941; *Emérito Álvarez Benito, en Gonzar-O Pino,*, é castigo no 1942 con traslado dous anos por asistir ao banquete na taberna Puentepunide no 1934.

O caso de "perversión didáctica" do profesor de *Melide, en Agrón, Manuel Rei Ferreiro (O Pino),* que é acusado de inspirarse nas "*doctrina pedagógicas de Voltaire y Rouseau*" é paradigmático para enteder como o franquismo está ancorado no século XVII e ignora o XVIII e o XIX. Deféndese correctamente e con intelixencia *"Para estos trabajos, –que tan solo me valían de métodos más o menos prácticos– no me hacía falta inspirarme en ningún gran Pedagogo y menos en Voltaire y Rouseau".* É inculpado pola colaboración co inspector Cuenca.

O mestre que estivera *en Sillobre-Fene* (e en *Muros e Ribeira)*, *Juan Emilio Álvarez*, era un mestre moi activo na didáctica e presentárase ó 2º Certame del Trabajo de Galicia, en Ferrol, cando estivera en Fene; mesmo solicitara un pósito marítimo o 30-4-39. Este foi acusado de múltiples cargos, pero non se valorou o seu labor docente e que nunca tivera unha sanción penal nin administrativa.

O expediente de *Bernardino Barreiro Rodríguez*, en *Sarreaus-Bande-Ourense (Leg. 561-9 Exp.4.909)* onde a mesma comisión se persona para informar, por exemplo para dicir que lía o "ABC" e o "Galicia", que non foi posible que *"hubiera proporcionado audiciones incovenientes de radio durante las vacaciones".* Estivo na cadea e o informante pensa que ao mestre lle falta carácter máis que ser izquierdista. Todo un erro do informante, a garda civil. Pero curiosamente son os párrocos os que máis informes negativos emiten.

Evidentemente os cargos políticos (apoderado, secretario de partidos como o socialista) e outros didácticos son os que levan a pasear a mestres *(Se dice que ha sido hallado muerto*) como o caso de *Víctor Trabazo Serapio*, na *escola de Gil en Meaño-Pontevedra.* Evidentemente os paseados e mortos se lles considera como vivos e o expediente segue en curso ao longo dos anos (artigo 171, Decreto 66), ata que chega a resolución definitiva *(separación definitiva y baja del escalafón*).

En certos casos só se acepta un informe negativo, entendendo que se non chegan os demais é silencio puede interpretarse así

como confirmación a lo dicho por el médico D. Fernando Varela. Este é o caso da *mestra de Narón, en Dormirón* (ao pé do concello actual), *Josefa Losada Vázquez*. Este mesmo informante indica que a escola e parroquia da Mourela en Neda está infectada de comunismo e non é o lugar apropiado para desprazar a esta mestra de Narón.

As acusación por pertenencia a sindicatos agrarios é común mesmo para mulleres. Neste caso hai moitos mestres (curiosamente tamén acusados de galeguistas) que recoñecen a súa participación activa na vida social das aldeas. Este é o caso do *mestre de Teis, Celso Núñez-Leg. 543-Exp 3414*, que participa na creación do Sindicato de Agricultores de Teis, de onde foron expulsados partidarios da ORGA e antes os socialistas, pero que el se mantivo dentro por esixencia dun cura para que o sindicato puidera *derivar hacia la izquierda, cayendo en manos de los extremistas.*

Esta razón de infiltrarse o permanecer en sociedades republicanas ou lugares extremistas é moi socorrida como argumentación, porque así poderían convertilos ao catolicismo ou espialos ou controrrestalos desde dentro. Por exemplo para outra mestra, *Pilar Llorens Formoso* domiciliada en Vigo *na escola laica de indianos de Aurora del Porvenir de Tomiño* en Pontevedra (dirixida por Antonio Alonso Ríos, que foi fusilado).

Os expedientes máis kafkianos e tráxico-cómicos son os aplicados a *Cándido López, mestre en Bayón*, e a *Mª del Carmen Fernández Reigada, en Puentearnelas-Vilanova de Arousa*, despois en Ouviña, Cambados. Esta acepta *hacer el viaje a Villagarcía en una motocicleta sin sidecar.* Ela defendes dicindo que hai consentimento entre as familias respectivas e que non ten medios de locomoción, e que é mellor ir cun compañeiro *que no primeiro vehículo que acertase a pasar, ya fuese un carro ya fuese un camión*. Pero aparte a moto non ten sidecar pero... "más nunca en la forma que parece insinuarse ya que la moto tenia asiento lateral adosado convenientemente. Só lle queda catalogar aos seus acusadores anónimos: "más que producto de personas insidiosas,...". Esta muller ten apoios de todos os falanxistas coñecidos.

Outra muller atacada, agora pola súa beleza e acicalamento é a mestra de *Peiteiros en Gondomar, Srta. Gloria Barbazán Fdz*. Mesmo o mestre decano de Gondomar, Enrique Márquez, con 42 anos de ensino indica *que un tanto del influjo de las modas, en detalle en que incurren actualmente la casi totalidad de las jóvenes de todas las clases sociais, hasta en los rincones más apartados de la ciudades populosas.* Tamén é apoiada por todos os falanxistas coñecidos da comarca, pero terá que defenderse a agardar uns anos.

Os mestres que pertencían á FETE eran duramente castigados como *Víctor Torres y Pérez (Leg. 333- Exp. 5.742)* que era de Izquierda

Republicana e penaba no campo de concentración do Lazareto de San Simón, en febreiro 28 de 1937. Indica que os partidos como o del eran legais e el sempre foi cidadán respetuoso e de orden. Esa mesma xustificación daba *Julián Sánchez Bueno, desde S. Adrián*, *como funcionario acepte la ley cambiante*. Pero as leis eran retroactivas.

Outros mestres foron acusados de masóns e foilles aplicada a lei da Masonería e o Comunismo: *José María Cendán*, que era de Valdoviño e vivía *en Mugardos*; outros caso significativo é o de *Pedro Minchón Minchón da escola de Ribeira* e o de *Heriberto Rdz. Ozores, mestre en Maside-Ourense*. Se lles rebaixa, aos primeiros, a pena moito no 1946 e 1947 respectivamente, e tamén aos outros, seguramente porque non eran tan subversivos como pensaban.

Os acusadores imputan sen asegurar que tendencia política teñen os mestres aos que acusan: do *mestre de Oleiros José Pérez Brey* din que é anarquista (por publicar a novela "Luz y Basilio", 1930) e comunista por constituír unha entidade *bajo pretesto de agrarismo.* Tampouco distinguían entre cantos, obrigatorios en todas as escolas por consideralos patrióticos, como o himno de Riego e a bandeira tricolor. Así ao *profesor de Culleredo, en Almeiras, Leopoldo Castro Quintáns*, o acusaron de cantar a internacional pero era o himno de Riego, a Alborada Galega de P.Veiga e envía a relación de cantos patrióticos e outros habituais na súa escola.

Así pode ocorrer que acusen e despois confirmen na mesma escola sen cargos, como no caso de *Amadeo Varela Rdz., en Sejalvo-Ourense*, porque é acusado de galeguista e comunista por escribir no "Espartaco", pero no 1941 é reposto.

As acusacións políticas son didácticas e as defensas igualmente. O mestre de *Oleiros-nº2, Miguel Alonso* descarga que el non separaba aos alumnos por ser de dereitas e esquerdas senón que el *me inspire en todo momento en la más destacada nota de actividad e intuición que caracteriza a las escuelas del nunca bien alabado P. Manjón.* Acúsanno de comunista (pero non din que número de carnet ten nin outro dato) e el solicita que o sr. Eiján da comisión provincial de depuración e Jefe Inspector de Primera enseñanza informe da súa conducta persoal, profesional e política, como da pedagóxica. Este mestre solicita a Antonio Eiján como informador, posto que é un mestre que mesmo deixaba a cámara de cine e a máquina de escribir personais. Enfádase co anónimo acusador. Indica que as conferencias dos domingos son os resumos dos nenos de cada unha das leccións da semana. Solicita tamén a Pita Romero, porque pensa que sendo de dereitas, avogado e católico lle valerá como testigo da defensa.

Xa indicamos que os maiores problemas viñan dados pola dislocación social dos párrocos. É o caso do *mestre Jacinto Caldera*

Manzano, mestre de Millerada- Pontevedra que critica a un mestre-cura en Meaño, despois de febreiro de 1936 que lle costa o expediente.

Outro caso de acusación dun párroco ou mesmo de emisión de informes contradictorios é *Carmen Moyer Guardiola, mestra de Villaudrid-Devesa-Ribadeo-Lugo*. Nos descargos laméntase dos oscuros delatores: "... a irresponsabilidade de acusar facilmente, ten que dar ideas de como investigar, fala da defensa segundo a ra´zon, a lóxica da xustiza. Aporta libretas de moitas alunas, pero para os censores serían delito porque está escrito o Hino Galego, etc.

José Rodríguez Trabazos, en Castrelo de Miño tivo que sufrir depuración cando un mesmo cura envía dous informes contradictorios, un negativo e outro positivo á mesma comisión.

Os veciños apoiaban ao profesorado, de aí que mesmo lles pedían que se quedaran como privados e que lle pagaban entre os pais-nais, como *Leopoldo Castro Quintáns en Almeiras-Culleredo*.

Moito profesorado envía sinaturas de pais e veciños, pero tamén as libretas dos seus alunos, para demostrar que non son subversivos senón profesionais do ensino. *Mª del Pilar Seijo Martínez, en Carcacía*-Padrón despois en *Gonzar-O Pino* é un dos paradigmas. Casos de centos de sinaturas apoiando ao seu mestre/a serían os de *Emilio Cremades Sirvent*, en S. Xulián de Montoxo-Cedeira, que estaba casado polo civil. O *mestre de Culleredo, en Castelo, A. Luís Hernández Ventureira* é readmitido sen carácter punitivo pero o 22 de decembro de 1941, despois de anos de defensa mesmo sendo de dereitas, que presenta máis de cen sinaturas.

Os mestres sufren cadea desde o primeiro día e teñen mesmo que mobilizar aos pais dos alunos para que asinen documentos e intercedan polo mestre. É o caso do *mestre de Valorio en Lobios, José López Lois (concello de Maside)* que para atestiguar que non ten material didáctico subversivo teñen que asinar os veciños (material fijo e material docente).

Os mestres das zonas fronterizas intentan loitar, defenderse, esconderse, escapar. O mestre *Julio Glz. Álvarez, en Gontán-Verea (perto de Celanova)*, foi fusilado pero escapara a Portugal e alí tamén era buscado dado o colaboracionismo entre os franquistas e Portugal. Escapara a Portugal cun amigo, Emilio "o Racha". Estaba denunciado polos párrocos.

As mestras adicábanse a traballar duro, cos seus propios cartos, con moitas horas e mesmo con didácticas renovadas. *Luisa Vila Barros, en Viana do Bolo* editaba un periódico escolar preciso, El Escolar de Viana do Bolo, onde escribían sobre Galicia, etc.

Os Concellos solicitan a reposición do profesorado porque necesitan os mestres e non poden esperar por unha depuración

lenta, aparte de querer ós profesionais como persoas entregadas en vocación. Este é o caso do concello (Comisión Gestora) de Taboada que recurre á Orde de 18-I-1938 (BOE do 21-I-38) para que non sexan trasladados os mestres *Modesto Otero Porto* da mixta de *San Mamede* e *Eulogia Quíntana Sierra*, da mixta de *Ouriz*.

A reclamación de non manchar e non ter mancha no expediente o reivindica especialmente *Manuel Uveira Domínguez, da escola de Mátama-Vigo*, asistente ó Congreso pedagóxico de Vigo, pero que non era exclusivo dos afiliados da FETE, senón tamén da Asociación nacional (á que pertence el). *La finalidad que pretendía con tal asistencia era solamente la del perfeccionamiento pedagogico y profesional*. É acusado por saír nunha fotos onde varios asistentes levantan o puño, como el, pero no levanta "el puño por sus ideas de orde y anti-marxistas".

Só dos mestres teñen ós pais en contra, o resto inclúen interminables listados de pais de alunado que tiveron para acreditar a súa función social e docente. Como no caso das múltiples sinaturas de de apoio a *Dolores Cea Montenegro, mestra no Seixo-Marín*, de veciños de Marín, Pontevedra, Moaña, Poio, Ponteareas, Salvaterra de Miño e Cotobade.

As resolucións chegan moi tarde, aínda que en casos como o de *José Rodríguez Álvarez, no Barco de Valdeorras-Ourense* podería entenderse porque é dos que máis cargos se lle acusaba, once. Fuxido, acusado de realizar enterros civiles, de ser masón, etc., chégalle a resolución na fin de 1948, doce anos despois.

Lembrémonos de que a infancia, os rapaces e rapazas deste século pasado tiveron que traballar duramente desde a nenez. *Balbina Gómez Martínez, mestra en Ladrido-Ortigueira* indica que ten 36 alumnas matriculadas pero que faltan máis porque están en faenas de la pesca. Os veciños estaban moi contentos co seu labor. Informa o pai Aniceto Villasuso Fdz. e o cura é Serafín Pumar.

Calquera actitude que se desviara da relixión católica era penalizada, porque o mestre de Cabanán en Ortigueira, *Pedro Balas López*, practicaba *espiritismo en Sismundi e Feas*. Defendese con certificados do exército en Marrocos, pero en xuño de 1940 é separado definitivamente e baixa no escalafón. Outro cargo determinante foi posuír o nº 136 da FETE.

Pero aí está outra clave da depuración: algúns mestres delatan para salvarse. É o que temos que pensar do mestre, o bo mestre como profesional, *Dionisio Leo Donaire de Freires-Senra-Ortigueira*. Seguramente tivo que delatar a todos os seus compañeiors, Juan Bascoy, Pedro Balas, Manuel Santeiro Boo, etc. e ao seu amigo inseparable de 60 anos, Narciso Polo Paz, xastre que publicara unha novela costumbrista e humanista pero con moitos datos concretos da historia de Ortigueira, da vida cotidiana dos labregos.

Xa comentamos que as mestras foron castigadas pero con penas menores. Aínda así a súas ideas e imaxe pública tiña que axustarse ao tradicional católico. De aí que trasladen da escola a *Clarisa Álvarez Gantés, mestra en Landeira-Ortigueira*, por *aprovar sen reservas o matrimonio civil*.

Houbo mestres que mesmo foron defendidos con votos particulares desde as comisións provinciais. O mestre *Fructuoso González Coello, no Baleo-Ortigueira* non entraba na igrexa e apoiara, coma todos, ós mestres de Asturias no 34. De tal xeito que un integrante da comisión, Vázquez Gundín, propón a confirmación no cargo, porque considera que os cargos non son suficientes para ser "merecedor de sanción algunha".

En Pontevedra temos ao aluno e profesor *Pepe Caramés* que naceu no ano 1919 en *Espiño-Geve-Pontevedra* e coñeceu a *Ameijeiras Cerviño* profesor en *Geve* e que a pesar de ser de dereitas e con amigos fascistas tivo o seu expediente en proceso aberto ata mediados os anos 40 porque se confundiran cos apelidos de Ameijeras Picallo. Ameijeiras morreu con 103 anos no 1995.

Outro mestre importante en *Dorrón-Sanxenxo é José Cancela*, que participa en sociedades agrícolas, como "El Adelantado" (1933).

No caso das mulleres o apoio ós mestres de Asturias na revolución do 34, era considerada pola comisión como falta grave porque a FETE era considerada marxista e a o Decreto 66 e a circular seguinte así o indicaban. Pero despois se propoñía tres meses para homes ou un mes para as mulleres. Sempre había un voto particular, na comisión da Coruña, que rebaixaba a pena. Lembremos que o que interesaba era que saíra na prensa, que tivese resonancia social, que fose preventiva a depuración.

O mestre *Norberto Rivero, de Alais-Castro Caldelas-Lugo*, era moi activo na pedagoxía e na sociedade; era vocal da FETE, no salón de sesións do concello celebrouse unha semana pedagóxica a finais de xuño de 1933. Nas escolas da zona conseguiran moitas bibliotecas das Misiones Pedagógicas.

Tamén ocorre que teñan que enviar mesmo os diarios de clase, os cadernos da alunas, as leccións e sesións e o plan de traballo. É o caso de *Florinda Romai Calancha, en Cobas-Serantes (hoxe Ferrol)*, mesmo acredita que levaba desde o ano 1925 levando o coro da igrexa de S. Xoán de Filgueira.

Notas sobre a depuración. Mestres e escolas da comarca de Ferrolterra-Ortegal-Eume

O listado sería interminable, por iso só resalto algúns deles. Paseados: *Rafael Fdz. Casas (nas escolas de indianos de S. Adrián e*

Devesos en Ortigueira; no 36 en Sada, Coruña), *Manuel Santeiro Boo* (director da graduada de Ortigueira). Fusilados: *en Narón, Pedro Almazán Ramos, da escola do Val*; a Comisión Provincial non indica que fora fusilado, cando o pai de familia que a informa xa llo comunicara. Outros de Narón: *Gervasio Pulido Bueno, no Feal*; *Darío Frena, en Barreiro (*era galeguista); e *Eugenio Meizoso Núñez, na de Sedes,* aínda que tampouco o queren recoñecer. En Ortigueira: *José Novas Soto (mestre en S.Claudio-Ortigueira).* En Valdoviño: *en Atios, Manuel López González* é acusado de Galeguista e Marxista e asesor do alcalde republicano Frutos, nº 130 da FETE, vocal. O mestre de Pantín, *Frutos Burgos*, alcalde desde marzo do 36. Todos os cargos, sen peso penal. En Vilarrube, Porto do Cabo, *José Ambrós Gordillo*; *Francisco Ruiz Ruiz, en Vilarrube mixta*, que fora concellal. En *Cerdido, en Devesos (sic), o mestre Rufino Redondo Senra* fou fusilado despois de consejo de guerra, pero os cargos non aparecen; fora concellal en Cedeira. En Ferrol: *Juan García Niebla*. En Pontedeume: *Leonardo Mtz. Novo e José Ramón Fdz. Barral.*

Depurados: En Narón: *Josefa Losada Vázquez, da escola de Dormirón*, foi castigada duramente fóra de Galicia por galeguista, por non ter fervor a España e non respetar as institucións. Para ser muller cebáronse nela. No anos 1942, a resolución envíaa fóra de Galicia por 5 anos. *Emilia Cubeiro Castro, mestra no Ponto*, foi perseguida por ser filla do secretario do concello republicano. O seu descargo é conmovedor para unha rapaza de 24 anos. En *Sedes-Prados, Luís Tenreiro Rodríguez* é perseguido e ten que irse fóra da provincia por casar polo civil. Recolle máis de 100 sinaturas de pais e veciños. *Antonio Vázquez Yáñez, no Alto do Castaño*, é castigado aínda no 1942, porque fora interventor na Faísca. Era de Ferrol e nacera no 1902. *Antonio García Cruzado, na escola de Baltar*, foi enviado fóra da provincia durante 5 anos e castigado duramente no 1940 por ser socialista e non ser relixioso. *Marcelino Lago Palmeiro, en Piñeiros*, tiña só 3 cargos pero a resolución non lle chegou ata 1962 !!!!

En Cedeira: *Margarita Gallego Cerón, da escola de nenas de Cedeira*, que estaba próxima ao retiro foi castigada con traslado fóra da provincia cinco anos entre outras penas por *"pisotear el retrato de D. Alfonso en la República..."*, por estar separada do marido (cando era viúva), por comunista. En Neda: *Manuel Blanco Cortizo, na escola da Mourela* (mestre do meu pai), un mestre católico e de dereitas é castigado severamente ata o 1941 e estivera proposto para separación definitiva mesmo no 1939. Curiosamente outro mestre que é confirmado, *Anacleto Casas Villanueva, nos Pazos de Neda*, é confirmado no 39, pero os informes do cura e do pai de familia son iguais. En Serantes (hoxe Ferrol): *Antonio Novo Quiza*, aínda no 1942 non lle revisan o expediente e foi *deportado a León, a Brimeda*, por pertencer a

FETE, non cumplir cos deberes relixiosos e ter compañías subversivas. *Josefa Modia Castro* é imputada con ¡¡¡11 cargos!!! por subversiva, vicepresidenta e tesoureira de FETE. En *Serantes, Jacinto Regueira Alonso*, depúrano por socialista e no 40 danlle a baja de escalafón e separación definitiva, curiosamente no expediente non hai nin descargos; só as inculpacións por ser secretario de actas de FETE. *Mª del Carmen Ruano Vázquez, na escola de Caranza* é inculpada por galeguista e no ano 1940 é deportada fóra de Galicia e castigada cinco anos fóra, mínimo. Educárase no Hospicio e entendíase que era unha protexida dos socialistas especialmente de Xaime Quintanilla. En Valdoviño: foi separado definitivamente o *mestre de Aviño, Reinaldo Sarria Delgado*, que era de Ourense e escribe os descargos desde Puente Domingo Flórez-León. Foi castigado aínda no 1942, coa separación definitiva por ser o nº 135 de FETE. En Monfero: na *escola de S. Jorge, Andrés A. Busto Sardina*, *foi apoderado e por ese cargo que el recoñece se deducen os demais....* Coma sempre non hai fundamento. En *San Saturnino*, o mestre de grao profesional, na *escola de Ferreira*, *Saturnino Hermida López*, pertencía a FETE, e é *socio dunha sociedad germinal de sentido marxista*. Recíclase no exército, pero é castigado por tres anos, mínimo. En Ortigueira: Elvira Losada González: *... todos los cargos giran alrededor de la cuestión religiosa y esto es muy significativo ante la notoria enemistad que existe entre mis familiares y los del Sr. Cura párroco de esta feligresía desde 1924, fecha en que mi difunto padre se vio precisado a sostener un pleito con el y su familia... que terminó... en 1927*. Pensemos que por Mera pasaron os mellores oradores políticos da República e é onde naceu o dúas veces ministro Leandro Pita Romero, conservador e católico, pero perseguido e exiliado. *Constantino Chao Castro en Cariño*, foi dos mestres mellor preparados e máis apoiados polos pais por onde impartíu clases. Pero foi dos máis perseguidos e castigados na comarca do Ortegal.

Por practicar o Espiritismo dous mestres foron castigados por ir contra a civilización cristiana, por ser espiritistas, ser apoderados ou interventores nas eleccións e por afiliarse a FETE, *Lázaro Blanco López, en Ferrol Vello;* e *Pedro Balas López en Cabanán-Sismundi-Feás-Ortigueira* (hoxe concello de Cariño). Un dos mestres de dereitas que foi destituído no 36 e que tardou un ano en coñecer a resolución do seu expediente foi *Dionisio González Martín, da escola da Graña en Ferrol*, que mesmo o Alcalde Quintanilla lle tivera que ir retirar o crucifixo persoalmente, pois a legalidade republicana así o esixía. En *Sillobre-Fene, o mestre Juan Emilio Álvarez Prado*, estaba integrado nun grupo de traballo que organizaban excursións, como así o indican os nenos nas súas libretas. Eran un exemplo de coordinación do profesorado e de ensino activo. De tal xeito que ese galeguismo e ese traballo por Galicia foi castigado con 5 anos

fóra da provincia (resolución na fin de 1942), para non contaminar máis a zona.

Por Masonería: O *mestre José María Pita Cendán, mestre en Mugardos* (era de Valdoviño e líder da FETE) foi considerado masón e fou xulgado polo Tribunal de Masonería e Comunismo, estivo na cadea e máis tarde, no 1949 a resolución foi de separación definitiva do servicio.

A mellor maneira de entender a vixencia da Depuración do Maxisterio hoxe é reflexionando sobre o feito de que a dereita no estado e en Galicia está sempre organizándose, especialmente cando non ten o poder político e como indica Emilio Grandío Seoane *(Los orígenes de la derecha en Galicia: la CEDA 1931-36, p.276): poucos estudios se realizaron que cubriran cronoloxicamente o período comprendido entre as eleccións de Febreiro de 1936 e o golpe de Estado do Exército de África de xullo). Isto vese incrementado no caso da historiagrafía dos partidos de dereitas ós que se reduce na maior parte dos casos a un papel de meras comparsas –e no mellor destes ó de enlace coa estructura golpista militar– ... A CEDA conseguíu nas catro provincias galegas un total de oito diputados, igualando os escaños obtidos por esta formación en novembro de 1933.*

O mestre *Rafael Fernández Casas* é o caso máis emblemático, porque aínda hoxe o seu corpo está tirado con outros catro que están sinalizados cunha barilla e unha botella de plástico de refresco. *Rafael Fdz. Casas* no 36 era *mestre nacional en Souto, Sada, Coruña*, vivía en Sada desde o primeiro de agosto de 1934. Foi o presidente do Ateneo de Cultura Política *("Ateneo de Cultura Social y Política de Sada")*. Aprobara os cursillos de ingreso da República E fora interino nas Pontes. Nos anos 20 fora mestre nas escolas laicas de Devesos e S. Adrián en Ortigueira, sendo amigo do Alcalde republicano Fojo e de Pita Romero. De tres irmáns, foron asasinados dous deles; o terceiro aínda vive con cen anos en Compostela. Rafael pertencía a FETE (UGT) e foi acusado de anarquista. Era amigo de Ánxel Casal e de Camilo Díaz Valiño. Era galeguista desde que escoitara os poemas do mestre de Morgdanes en Gondomar (antes en Ponte, Mera Ortigueira), Victoriano Taibo, que xustamente a el non pasearon. Rafael foi paseado na mesma mañanciña que Federico García Lorca, como di o seu fillo Orientado e dicía Melisendra, a súa dona. O seu corpo está entre outros catro tirado nun campo do atrio da igrexa de Trasanquelos en Cesures, despois de pasealos perto da tapia do cementerio. Estes cinco corpos están marcados con barillas de ferro e unha botella de plástico de refresco. Estes corpos de persoas paseadas merecen ser entregados ás súas familias despois de 25 anos de democracia. Levan 67 anos esperando xustiza e humanidade.

A súa muller, Melisendra, morreu case que con 100 anos e só viviron casados algo máis de seis anos. O seu fillo Orientado vive en Devesos - Ortigueira. Un irmán de Rafael, Manuel, acaba de cumplir 100 anos. Outro irmán de Rafael morreu no cárcere de Coruña, sendo acusado de comunista. Rafael era mestre e escritor, periodista e galeguista. Era un teórico do galeguismo e un filólogo de investigación. A novela "Loita" é unha novela costumbrista ubicada entre Mera, S. Adrián e Cariño e A Capelada. É unha novela de amor, de personaxes reais. En Trasanquelos-Cesures foi paseado Rafael e hoxe tirado con catro persoas máis sen saber quen deles é.

Outros mestres como *Juan Bascoy*, co seu fillo Dante aínda vivo hoxe na Coruña e a súa filla Elvirita en Mesía, son importantes para entender os castigos ata 1958, que se salvaron de ser paseados e fusilados, porque se esconderon os anos de guerra entre o monte e as casas. Bascoy pasou dous anos en Asturias deportado para voltar no 1960 á nosa comarca.

Moitos nenos daqueles anos da República e do golpe de estado contaron nas súas libretas a historia da represión, da Depuración do Maxisterio. Sería moi interesante poder contar coas memorias daqueles rapaces e rapazas hoxe maiores algúns deles vivos. Ese si sería un bo traballo. Un neno daqueles tempos foi meu pai, na escola da Mourela, que tivo tres mestres de diferentes ideas políticas, que cantou o hino galego todos os días con *D. Pedro* (fusilado), que saían de excursión á Fervenza e impartían a clase de xeografía no chan cun carabullo e resina dos pinos, que organizaron excursión cos pais para coñecer Galicia. Meu pai tivo outros dous mestres na República, *D. Eduardo Santos del Río* (activo cos golpistas e confirmado no seu cargo en Pontedeume) e *Manuel Blanco Cortizo*, tamén moi aplicados na didáctica e na atención aos rapaces. Moitos outros nenos e nenas deixaron os seus cadernos para salvar a mestras e mestres de toda Galicia: de Campo Lameiro en Pontevedra, Celsito Reboredo de Campo Lameiro ("El Método Montessori"), Marujita Constenla Caeiro ("La mujer y la Enseñanza agrícola"); Lola Fdz. Campos, Pacita Ferro Barros, Telma. En Sarandones, Abegondo, o neno César Montoto y Montoto. En Carcacía, Padrón, as alunas Elvirita Cordal, Nievita Ares, Encarnita Díos, Carmicha Buela, María Fraga, Delfina López, de Mª del Pilar Seijo Mtz., que é trasladada a Gonzar- opino. Tamén en O Pino, os alunos do mestre de Gonzar Emérito Álvarez Benito, Antonio Pardo Fraja (sic), Ángel Santamaría. En Coruña, na escola de Silva-Vioño, o neno Julio Tizón, Julio Rodríguez, Cándido Rodríguez,. En Boimorto, Vilamarín-Ourense, José Murias Cantón ten os seguintes alunos José Rdz. Domínguez, Manuel Adán Fdz., José García Cuíñas (estes dous nenos, grandes dibuxantes) e

Camilo Pereira. En Laroco- Ourense, os alunos de José López Rdz. A aluna Carmen González da escola de Barbantes- Pungin, do mestre Pedro Toimil Ferrer. O aluno da escola de Traba, Juan Eugenio Hartzenbusch. As alunas da mestra Carmen Moyer Guardiola en Villaframil-Ribadeo, Elena Ibolgado, María Martínez, Pepita Moreda, María García, María Mtz. Rego (de Devesa). Os traballos do alunado de Fene, José Rdz. R., Alfonso Salgado, Juan Alvariño. A lista sería interminable. Pero o significativo foi que estes cuadernos do alunado axudaron a defender a mestres e mestras de todo o país.

Outros rapaces tiñan que describir a salvaxe persecución de veciños e a escribir dictados dos partes de guerra, como no caso dos nenos de Coruña. Na Coruña, na *escola de Silva-Vioño (do mestre Ramón Núñez Montero)*, o neno Julio Tizón, Julio Rodríguez, Cándido Rodríguez.

A Rafael Fdz. Casas se lle fixo un primeiro recoñecemento na Enciclopedia Gallega adicándolle unhas notas sobre a súa importancia como escritor e mestre, mesmo aparece un retrato del. Pero despois de 67 anos a sociedade democrática e a familia teñen a obriga de saber onde está o seu corpo, para que descanse el, se retorne a honradez á familia e se cumpla un mandato dunha sociedade democrática. Que este primeiro Congreso da Memoria, poida axudar a recoñecer o seu traballo como mestre, a súa aportación a Galicia, a dor profunda da súa familia e da sociedade. Rafael Fdz. Casas como tantos paseados e fusilados terían que ter o seu nome en cada un dos recunchos de Galicia. Se aplicásemos a metodoloxía da microhistoria cos mestres Juan Bascoy e Rafael Fdz. Casas teríamos unha boa radiografía do ensino no século XX e da depuración do maxistrio. O profesorado en Galicia foi un exemplo da aplicación da tortura sistemática dunha dictadura sobre unha peza clave da sociedade democrática. Felicidades aos organizadores e patrocinadores. Hoxe, aínda que nos perseguen en Galicia por investigar estes feitos, non nos deixaremos amedrentar, porque estamos exercendo a democracia. Felicitar tamén polo trato recibido no arquivo en A.G.A., por parte de Evelia e demais funcionariado.

Bibliografía

MORENTE VALERO, FRANCISCO: *La Escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio nacional*. Barcelona. Universitat Autónoma de Barcelona. Servei de Publicacións, 1995.

SANTOS JULIÀ (coord..), JULIÁN CASANOVA, JOSEPH Mª SOLÈ I SABATÉ, JOAN VILLARROYA, FANCISCO MORENO: *Víctimas de la Guerra Civil*. Ediciones Temas de Hoy, Historia, Madrid, 1999.

Biblioteca Nacional: sección de Pedagoxía e Historia, especialmente.

Hemeroteca-Archivo "Conde Duque" de Madrid.

NAVARRO SANDALINAS: *La enseñanza primaria durante el franquismo (1936-1975).* PPU. BCN. 1990.

CID FERNÁNDEZ, XOSÉ MANUEL: *Apuntes da nosa historia escolar*, Concello de Ourense. NEG. 1989. Ourense

CID FERNÁNDEZ, XOSÉ MANUEL: *Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República. (Organización socioeducativa do Maxisterio Primario).* Univ. Sant. Compostela, 1989.

"*Lengua y escuela en Galicia*" de Narciso de Gabriel (Univ.Coruña) en "Leer y escribir en España. 200 años de alfabetización." baixo dirección de *Agustín Escolano*.

PEÑA SAAVEDRA, VICENTE: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La improta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Xunta de Galicia. A Coruña, 1991. (2 volumes).

COSTA RICO, ANTÓN: *Escolas e Mestres.A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*.Consellería de Presidencia e admón. Pública. Xunta de Galicia. Santiago, 1989.

MOLERO PINTADO, ANTONIO: *La Reforma educativa de la Segunda República Española. Primer bienio*. Aula XXI. Educación Abierta/Santillana.

GRANDÍO SEOANE, EMILIO: *Los orígenes de la derecha en Galicia: la CEDA 1931-36*.

CLARET MIRANDA, JAUME: La repressió franquista a la Universitat Catalana. Eumo Editorial. Institut Universitari d'Història Jaume Vicens i Vives. 2003.

IVONNE TURÍN e outros*: La Educación y la Escuela en España (1874-1902)*. Madrid, 1967.

HERRERA ORIA, ENRIQUE: *Hª de la Educación Española. Libro III-Educación en la Nueva España*. Edic. Veritas

PEMARTÍN, JOSÉ: *Qué es lo nuevo... Consideraciones sobre el momento español presente.* Espasa Calpe, Madrid, 1940 (1ª edición 1937).

"El Magisterio Nacional", abril 1936.

FERNÁNDEZ SORIA, JUAN MANUEL e AGULLÓ DÍAZ Mª DEL CARMEN: *Maestros valencianos bajo el franquismo*. Diputación de València, Valencia 1999.

A Nosa Terra, A represión franquista (1936-1939), A Nosa Historia 1, 1986

A Nosa Terra, Os anos despois (1936-1953), A Nosa Historia 2, 1987 (artigo de *Antón Costa Rico: "a Escola da Palabra e da Cidadanía á Escola do Silencio"*, no que só recolle datos de dúas provincias e 701 resolucións, quizais pola imposibilidade de consultar os arquivos).

A represión franquista na Fábrica de Tabacos da Coruña

Ana Romero Masiá

A Real Fábrica de Tabacos da Coruña foi o centro fabril que no século XIX acolleu ó maior número de traballadores de toda Galicia desempeñando, tamén no XX, un papel fundamental no desenvolvemento económico e social da cidade herculina. Por decisión de Altadis, a compañía tabaqueira da que dependía, A Palloza coruñesa non puido celebrar o seu segundo centenario, a falta de moi pouco tempo para que se cumpriran os douscentos anos de traballo practicamente ininterrompido na fábrica que inspirou a Emilia Pardo Bazán a súa magnífica novela *La Tribuna*[1]. O 31 de decembro de 2002 pechaba as súas portas a decana das fábricas da cidade e miles de coruñesas e coruñeses sentiron que con ela desaparecía tamén unha parte moi importante da súa propia vida, pois a maioría das familias teñen ou tiveron algunha relación coa fábrica a través dos milleiros de cigarreiras e tabaqueiros que nela traballaron.

Pero se é penoso lembrar este feitos tan recentes, non por iso deixan de seguir tendo toda a súa vixencia os sucesos que, durante a guerra civil, tiveron como víctimas ás traballadoras e traballadores da Fábrica de Tabacos. Este traballo non pretende máis que unha aproximación a un colectivo que sufriu, como tantos outros, a represión franquista pero que está pouco estudiado pola dificultade, cando non imposibilidade, de consulta-la documentación necesaria. A incorporación de fondos do arquivo da Fábrica ó Arquivo do Reino de Galicia, a raíz do peche da factoría, permítenos acceder a unha parte da documentación xerada tralo Dezaoito de Xullo de 1936. Estes datos poderanse ampliar unha vez que se poida consultar no Arquivo Xeral da Administración o arquivo alí depositado da Compañía Arrendataria de Tabacos (CAT), precedente de Tabacalera creada en 1945.

As cigarreiras e tabaqueiros da Palloza coruñesa tiñan un longo historial asociativo, no que foron pioneiras as mulleres, e que se remonta á creación da Sociedad de Socorros y Ahorro de las porteras, maestras y operarias de la Fábrica de Tabacos en maio de 1899, e á Caja de Auxilios de las operarias de la Fábrica de Tabacos

en 1901. Os operarios formaron, en 1916, La Constancia Sociedad de obreros de la Fábrica de Tabacos e, en decembro dese mesmo ano, quedaba constituída a que había de se-la maior de tódalas organizacións do mundo do tabaco en España: Unión Tabacalera, posteriormente transformada na Federación Tabaquera Española (FTE). Esta organización, nacida na Coruña e dirixida por quen foi o líder indicutible do mundo do sindicalismo tabaqueiro, Severino Chacón[2], conseguiu afiliar a miles de cigarreiras e tabaqueiros, pero tamén a outros sectores do mundo do tabaco como administrativos, sanitarios, cultivadores do tabaco e expendedores. A tendencia anarcosindicalista, maioritaria entre o proletariado coruñés, enfrontouse duramente á socialista da organización chaconera e naceron novos sindicatos na Palloza, destacando Nueva Aurora en1918, e o Sindicato de la Industria del Tabaco en novembro de 1931.

Xa que logo, na Fábrica de Tabacos coruñesa había centos de traballadores afiliados a sindicatos e partidos políticos[3] sobre os que se decretaron as duras medidas represoras do novo réxime franquista. Neste sentido, hai que ter en conta que a Dirección da Palloza e o Consello de Administración da CAT puxéronse, dende o primeiro momento, de parte das novas autoridades sublevadas. No caso da Coruña, é elocuente o telegrama que, nos momentos iniciais da contenda, enviaba o director, Valentín Solís, ó Consello de Administración e Delegación de Tabacos que se instalara en Burgos: *Recibida comunicación constituidos Consejo y Delegación Compañía Burgos agradecemos saludos enviándoles el nuestro afectuoso y ofrecimiento sincero adhesión y subordinación al grito Viva España*[4]. Sabido é que na Coruña os sublevados controlaron rapidamente a situación e que a vida reanudouse ós poucos días, situación da que daba conta o director mostrando o seu contento de que a fábrica non sufrira danos[5]. Para mostra-la súa adhesión ó novo réxime, ordenou colocar, ó longo de toda a súa fachada e con grandes letras: SALUDO A FRANCO ¡VIVA ESPAÑA! ¡¡ARRIBA ESPAÑA!!

Ante a nova situación, as reaccións foron diversas; en moitos casos, de espectativa e certa incredulidade ante os feitos; nalgúns de aberta oposición e, noutros, por variadas razóns entre as que non hai que esquece-lo medo, o apoio persoal e monetario ás novas autoridades. Este sería o caso da Sociedade de porteiras e mestras que, xa en agosto de 1936, facía unha subscrición de 5.000 pesetas a favor do Glorioso Ejército Español[6], ou o da propia fábrica, que debía colaborar con outras 5.000 pesetas segundo acordo adoptado pola Asociación Patronal[7]. En fábricas como esta da Coruña, nas que houbo unha forte organización sindical de esquerdas, sorprende o colaboracionismo dalgúns traballadores afiliados e

que mesmo desempeñaran cargos directivos, coas novas autoridades e os que, incluso, chegaron a recompensar con prevendas e ascensos os servicios prestados. Pero agora non nos imos ocupar daqueles casos de evidente cambio de posicionamento, renegando de canto se apoiaba e cría nos días anteriores ó inicio do conflicto, senón das numerosas víctimas que a represión ocasionou na Fábrica de Tabacos da Palloza.

A CAT, como empresa que xestionaba un monopolio estatal, quedaba afectada polos decretos depuradores de setembro e decembro de 1936[8] Decreto-ley de 5-12-1936 (B.O. 9-12-1936), pero o seu Consello de Administración non agardou á súa publicación, iniciando dende o primeiro momento un férreo control sobre todo o persoal das fábricas. Neste sentido, sinala Fernando Rey Reguillo:

Desde el primer momento, cualquier conato de resistencia obrera fue apagado con dureza. Incluso allí donde meses antes había organizada una poderosa fuerza sindical –fábricas como las de Cádiz, Sevilla o La Coruña– fue impuesta de inmediato y sin grandes problemas la más férrea disciplina sobre los trabajadores. Se destruyeron redes asociativas que contaban una larga tradición detrás; se depuró o encarceló a los cuadros dirigentes; se cerraron los locales de los sindicatos; se acallaron las voces de protesta y se establecieron unas condiciones de trabajo más duras, acordes con las necesidades de la guerra y factibles por la desarticulación de las sociedades obreras. La sumisión, la disciplina y el encuadramiento pretoriano del personal de las fábricas fue así la consecuencia instantánea de la temprana derrota del sindicalismo tabaquero, que se mostró incapaz, como el conjunto del obrerismo, de alentar una contraofensiva capaz de contener la rebelión antirrepublicana en estas provincias (da España "nacional")[9].

Nesta panorámica xeral que presentamos sobre o impacto da guerra e do novo Estado na Fábrica de Tabacos da Coruña, agruparémo-los datos de que dispoñemos en catro apartados: as primeiras medidas adoptadas pola Dirección da fábrica, os procesos de depuración, as incautacións de bens sindicais e as consecuencias da fin da guerra.

As primeiras medidas. Dende os primeiros momentos, a CAT e as fábricas de tabaco que dela dependían convertéronse nunha privilexiada plataforma das prácticas represivas a favor do novo Estado, situación que podemos comprobar perfectamente na Palloza coruñesa. Aínda que o persoal obreiro das fábricas non eran funcionarios, o Consello de Administración da Compañía aplicou a lexislación que afectaba e permitía depurar a este tipo de traballadores. Deste modo, nos primeiros días de agosto de 1936

foron detidos numerosas cigarreiras e tabaqueiros afiliados a sindicatos de esquerdas e simpatizantes da Fronte Popular; segundo os seus testemuños, foron interrogados e presionados para que delatasen a compañeiros, baixo a promesa de futuros beneficios. Nestes primeiros meses da guerra, algúns dos máis destacados dirixentes tabaqueiros decidiron non retornar á fábrica, ante a evidente posibilidade de ser eliminados. Analizando os listados de fusilados que se levan publicado ata o momento, chama a atención o reducido número de traballadores da Fábrica de Tabacos[10] pero, sen embargo, sí temos constancia de que moitos, especialmente homes, lograron fuxir da cidade escapando, así, das mans dos seus posibles verdugos. Este sería o caso, por exemplo, de destacados dirixentes de Unión Tabacalera como Adolfo Ferreiro Pardo, un dos máis estreitos colaboradores de Severino Chacón, que fuxiu á Arxentina[11], e o propio Chacón que, aínda que non era traballador da Arrendataria, dirixía a Federación Tabaquera Española[12].

Sen embargo, a maioría dos traballadores da Fábrica de Tabacos retornaron ós seus postos de traballo tralas masivas detencións dos primeiros días, pois os procesos depuradores habían de vir un pouco máis tarde. Cómpre ter en conta que o tabaco resultaba un producto de especial interese para as tropas e que as fábricas que quedaron na zona controlada polos sublevados debían asegura-lo subministro e garanti-la producción. Isto pode explicar, en gran medida, o retorno dos traballadores ós seus postos ante a imposibilidade de ser substituídos rápida e masivamente por outra man de obra; isto resultaba especialmente grave no caso dos mecánicos, indispensables para manter ou aumenta-lo ritmo de producción. Na mesma liña, cando se producía algún choque de intereses entre o traballo na fábrica e algunha das novas autoridades, caso das Milicias de FET-JONS, debía prima-lo traballo no tabaco sobre calquera outro.

Os procesos de depuración. A purga individual das cigarreiras e tabaqueiros púxose en marcha de modo rápido tralo inicio da guerra, pero os procesos masivos iniciáronse en xaneiro de 1937, en aplicación do decreto de 12 de decembro anterior. Aínda que non conservamos máis que a copia do escrito enviado pola Dirección da Palloza ó Consello de Administración da CAT, sabemos que o 16 de febreiro de 1937 foron enviados listados e os informes dos obreiros de ambos sexos que pertenceron á Federación Tabaquera Española e ó Sindicato de la Industria del Tabaco, ademais da relación de sancionados pola autoridade gobernativa e a daqueles traballadores que deixaron de formar parte da fábrica por abandono dos seus postos e de proferir palabras de desafecto al Régimen[16]. Desde a Dirección central da CAT recordábaselle ós directores das fábricas a

súa responsabilidade mediante o seguinte comunicado: *A propuesta del Señor Presidente del Consejo de Administración, éste acuerda que se dirija a los Señores Administradores Jefes de Fábricas y Representantes provinciales una circular en la que se les estimule a la depuración del personal que de ellos dependan, haciéndoles responsables de que en el mencionado personal no se hallen empleados ni obreros que puedan tacharse de no ser afectos al movimiento liberador*[17]. Con tódolos datos no seu poder, a Dirección da CAT resolveu, en sesión celebrada o 12 de xuño, un masivo expediente de ceses levado a cabo polo enxeñeiro Cilleruelo que supuxo o golpe máis duro que puideran experimentar os traballadores da decana das fábricas coruñesas.

A través dos libros e das fichas de rexistro de persoal podemos coñecer moitos nomes, pero de seguro non están todos[18]. Como se pode observar nos cadros que acompañan, ata 1938 son poucos os que figuran como cesantes por abandono de destino (exiliados na maioría dos casos), destacando os sancionados en xullo de 1937 como resultado dos expedientes incoados nos meses anteriores. Cómpre tamén destacar que os incluídos neste último caso reingresaron na fábrica moitos anos máis tarde e que, polo menos nalgúns casos, non souberon ata pasado o tempo dos cargos polos que se lles expedientara[19]. En tódolos casos, o seu retorno foi acompañado de perda de antigüidade, aínda que a moitos dos retornados se lles permitiu ascender de categoría.

NOME	CATEGORÍA	INGRESO	BAIXA	OBSERVACIÓNS
Amor Teijido, Marina	Operaria	15-1-1923	14-7-1937	Por cesantía. Pasa a maio de 1934. Xubilación 1-10-1960
Araquistain Zamarripa, Antonio	Axudante de albanel	9-2-1932	19-6-1937	Cesante por depuración. Pasa a 9-5-1951. Readmitido en 19-9-56. Falecido 13-6-1965.
Araujo, Rafael	Mozo	– -10-1925	14-7-1937	Despedido
Barros Sánchez, José	Mozo	– -12-1921	14-7-1937	Despedido
Candamio Rega, José	Axudante de cerralleiro	4-7-1922	1-5-1937	Cesante por disposición gobernativa
Casal Maceiras, Antonio[20]	Mozo	14-3-1922	14-9-1936	Cesante por abandono de destino
Casal Maceiras, Eduardo	Mozo	14-3-1922	14-7-1937	Cesante por orde da Dirección da CAT

Díaz Martínez, Lealtad	Operaria	15-2-1923	14-7-1937	Por cesantía. Pasa a xuño de 1934. Xubilación 1-10-1961
Fernández, Victorino	Mozo	15-7-1930	14-7-1937	Despedido
Fernández Rega, Guillermo	Mozo Encargado	1-2-1923	14-7-1937	Cesante por depuración. Pasa a 3-11-1934. Falece en 8-12-1963
Ferreiro Pardo, Adolfo	Torneiro	– -3-1926	1-11-1936	Cesante por abandono de servicio
Fuente López, Amalia de la	Operaria	14-7-1937	14-7-1937	Por cesantía. Pasa a agosto de 1935. Xubilación 9-3-1962. *Directiva de Unión Tabacalera
Fuentes López, Juan	Mozo	– -1-1923	14-7-1937	Despedido. * Directivo do Sindicato de la Industria del Tabaco
Gantes Ayala, Cándido	Mozo	– -9-1927	14-7-1937	Despedido
García Vázquez, José[21]	Mozo	1-11-1930	– -3-1937	Despedido
Gómez Vázquez, María	Operaria	1-8-1923	14-7-1937	Por cesantía. Pasa a novembro de 1934. Xubilación 27-1-1970
González Cabezas, José	Mozo	– -12-1913	14-7-1937	Despedido
González Varela, Isabel	Varredora	20-4-1932	14-7-1937	Por cesantía. Pasa a 7-8-1943. Reingreso en 1-11-1948. Xubilación 29-1-1979
Guillén Bozo, César	Mecánico	15-3-1926	14-7-1937	Cesante por depuración. Pasa a 2-7-1937. Xubilación 24-5-1966 * Directivo do Sindicato de la Industria del Tabaco
López Álvarez, Ángel	Mozo	1-4-1932	26-8-1937	Cesante por depuración. Pasa a 11-11-1947. Reingresa en 21-4-1953

López Gestal, Abelardo	Mecánico	1-1-1922	14-7-1937	Cesante por depuración. Reingresa 7-8-1937. Xubilación 28-9-1964. *Directivo do Sindicato de la Ind. del Tabaco
Naya Rey, Rafael	Embutidor	15-7-1922	14-7-1937	Cesante por depuración. Pasa a 17-12-1933. Xubilación 8-9-1962. *Directivo de UniónTabacalera
Orro Álvarez, Vicente	Mozo	15-5-1928	18-5-1937	Baixa por disposición gobernativa. * Directivo de Unión Tabacalera e do Sindicato de la Industria del Tabaco
Paz Linares, Mariano[22]	Mozo	– -10-1925	1-2-1937	Baixa por abandono de destino
Pazos Vázquez, Constantina	Operaria	11-5-1924	14-7-1937	Por cesantía. Pasa a agosto de 1935. Xubilación 1-6-1962
Pérez Piñeiro, África	Operaria	15-1-1923	14-7-1937	Por cesantía. Pasa a maio de 1934. Xubilación (sen data)
Prego González, Rogelio	Mozo	1-7-1923	14-7-1937	Despedido. * Directivo de Unión Tabacalera
Raso Naya, Emilio	Mozo. Oficial electricista	1-10-1925	14-7-1937	Cesante por depuración. Pasa a 18-1-1937. Xubilación 11-3-1970. *Directivo de Unión Tabacalera
Rodríguez Fernández, Marino	Mozo. Encargado humectador	15-7-1930	14-7-1937	Cesante por depuración. Pasa a 26-1-1943. Reingresa en 24-10-1949. Invalidez 6-5-1970. *Directivo de U. Tabac.
Temprano Mariñas, Jose	Mozo	1-8-1922	14-7-1937	Cesante por depuración. Pasa a 18-3-1934. Readmitido en 1-3-1949. Xubilación (sen data)
Velasco Soto, Teresa	Operaria	20-1-1923	1-9-1937	Por cesantía. Pasa a novembro de 1932. Xubilación 1-9-1962

ARG. Fondo Fábrica de Tabacos. Libros e fichas de rexistro de persoal

Son poucos os datos que conseguimos localizar sobre as argumentacións que serviron de base para dicta-las sentencias, pero uns poucos exemplos poden servir para deduci-los termos xerais de todos eles. Así, témo-los casos de Emilio Raso Naya, afiliado e vocal da directiva do sindicato Unión Tabacalera:

Se sabe que era individuo de ideales izquierdistas, gozando de preponderancia entre sus compañeros de trabajo. Durante el Movimiento acogió éste con frialdad, sabiéndose que en Julio de 1937 fue expulsado de la Fábrica de Tabacos en donde trabajaba por desafecto al Movimiento[23].

Expediente de José García Vázquez: Causa baja por haber atentado, con otros, contra los agentes de la Autoridad al pretender marcharse en un vapor para el campo rojo en 8 de marzo de 1937[24]. Expediente de Marino Rodríguez Fernández:

Perteneció a la Federación Tabaquera, de la que fue miembro muy entusiasta y en alguna ocasión directivo, fue sancionado, iniciado ya el Movimiento Salvador, con una multa por la Autoridad Gubernativa por desafecto al Régimen y separado de su cargo en esta dependencia por acuerdo del Consejo de esta Compañía en sesión de 12 de Junio de 1937, en virtud de expediente llevado a cabo por el Ingeniero Sr. Cilleruelo[25].

O caso da traballadora Isabel González Varela resulta tamén moi ilustrativo; con ela puidemos manter unha emocionante conversa hai uns anos e da que agora reproducimos unha parte:

P: ¿Cando entrou na Fábrica de Tabacos?

R: *En 1932 [5-1-1932]. Tenía 17 años [nacera o 29-1-1914]. Comencé como limpiadora [varredora eventual e fixa en 20-4-1932], para "ir haciendo cola" para cuando quedase libre algún puesto de cigarrera. Entré en la fábrica gracias a que en ella trabajaba ya mi padre y varios familiares. Era lo normal.*

P: ¿Que outros traballos realizou?

R: *Muchos. Estuve [tralo seu reingreso] en el taller de desvenado, en el de tabaco de pipa, en el de clavado de cajas, en el de empaquetado de Farias, en el de envasado... siempre según las necesidades del momento.*

P: Así que ¿cantos anos na Fábrica?

R: *El próximo día 18 de enero hará 18 años que me retiré, pero el trabajo estuvo interrumpido.*

P: ¿Que pasou?

R: *Pues que hubo una guerra. En los primeros días de agosto de 1936 fui detenida. Me interrogaron; pretendían que les facilitase información sobre gente conocida; nada les dije. Tuve suerte, porque no me trataron*

mal. Me retuvieron unos ocho días y durante ese tiempo me vinieron a ver muchísimas de las compañeras; aún me emociono al recordarlo. Cuando me soltaron, mi padre, con la alegría, levantó los brazos y lo acusaron de saludar con el puño en alto, motivo que les sirvió para expulsarlo de la Fábrica. Así eran aquellos momentos. Pero lo peor vino después. El 13 de julio de 1937 me expulsaron de la Fábrica. Junto con otras compañeras, porque alguien formuló denuncias contra nosotras. Nuestros puestos fueron cubiertos por otras mujeres, seguramente más dóciles y simpatizantes. No supe de qué se me había acusado hasta transcurridos muchos años. Fueron 11 años terribles, porque también habían expulsado a mi padre, con lo cual no entraba en casa ni un duro. Nos faltaba de todo, no teníamos nada. Pensé seriamente en el suicidio.

P: Pero, ¿de qué a acusaron?

R: *Parece de risa, sí, ahora casi me da risa, pero entonces no. Pues supe más tarde que se me había acusado, y por ello expulsado, de esconder bombas para tirar al Ejército.*

P: ¿E como volveu á Fábrica?

R: *Recuerdo muy bien que fue el 2 de noviembre de 1948 y ello gracias a numerosas gestiones de personas que lucharon –cada uno a su modo y desde muchos frentes– contra las injusticias. Gracias a un certificado de buena conducta se me abrieron de nuevo las puertas de la Fábrica. Posteriormente, incluso se me reconocieron los años de expulsión a efectos económicos [só dende 7-8-1943].*

P: Pero, á parte das imaxinarias bombas, ¿que razóns ocultas puideron estar detrás da expulsión?

R: L*a mayoría de las denuncias de aquellos años partieron de la enfermería de la Fábrica. Los practicantes fueron los peores, sobre todo uno de ello. Inventaban o exageraban las actividades de las denunciadas e informaban sobre nuestras actividades políticas y sindicales de la época republicana. Todos sabían que yo estaba afiliada a Unión Tabacalera y a las Juventudes Socialistas*[26].

O caso dos practicantes tivo especial relevancia entre os traballadores da Fábrica de Tabacos polos cambios de actitude que protagonizaron dous deles, Ramón Padín e José Mosquera, pero especialmente o primeiro. Padín fora un estreito colaborador de Chacón, delegado coruñés no VII Congreso da FTE celebrado en Madrid en outubro de 1933, orador en actos da Federación durante a República[27] e firme partidario das teses defendidas polo sindicato tabaqueiro. Sen embargo, estas actitudes cambiaron completamente tralo Dezaoito de Xullo de 1936 e na enfermería da fábrica proporcionáronse informes e chivatazos. Pero de pouco lles valeron estes servicios, pois tamén eles acabaron sendo víctimas do sistema represivo. Por resolución do Consello de Administración da CAT

de 28 de decembro de 1937, foron suspendidos de emprego e soldo ata o 1 de setembro de 1938, data na se tiña que decidir a que fábrica ían ser enviados, que nunca podería se-la da Coruña. Ante a proximidade da data de toma de novas decisións, o xefe da Palloza envía un informe ós seus superiores informando da conducta destes practicantes:

De las protestas de adhesión, de disciplina y de propósito de servir lealmente a la Compañía, puedo asegurar y comprobar que en todo el tiempo desde su separación hasta estos días, no han hecho más que alardear con su habitual cinismo de su influencia, de que opóngase quien se oponga y quiera o no la Compañía, ellos habían de ser repuestos en sus cargos en esta Fábrica y conseguir mi separación de la misma. A últimos del pasado Julio se han encargado de difundir entre el personal de la Fábrica, así como fuera de ella, que ya estaban admitidos en la Compañía, que irían a otra Fábrica como primer paso y de allí volverían a sus puestos en ésta cuando al Jefe se le dejara cesante. De estos propósitos expuestos por estos Sres., de la sinceridad de la explicación de su conducta, pueden hablar elocuentemente el proceder de ellos de siempre, su merecida fama de difamadores de que gozan, en la que el Sr. Padín es maestro, su conducta, en todos los terrenos, francamente rechazable. Esos Sres. que se dicen tan afectos al Nuevo Régimen y que tanto pregonan sus servicios prestados al mismo, han sido chaconeros destacados hasta la iniciación del Glorioso Movimiento, sobre todo el Sr. Padín, organizador del sector sanitario dentro de la Federación Tabaquera, delegado por el personal de la Federación de esta Fábrica en unos actos celebrados en Madrid, ha tenido concomitancias (lo dice la Guardia Civil) con sociedades marxistas ajenas a las del ramo del tabaco y en vísperas de declararse el Glorioso Alzamiento, en el último tren que arribó a esta de Madrid, llegó el Sr. Padín a Guitiriz, procedente de Madrid, en compañía de Chacón, del cual fue gran amigo. Pruebas son estas de la conducta turbia de esos Sres. Y que el Sr. Padín, como siempre, pretendía colocarse en forma que triunfara quien triunfara pudiera quedar en buena posición.

Recibida por ellos la comunicación del acuerdo del Consejo de 30 de Julio pasado, han cambiado de táctica y se valen ahora de personas de prestigio, a las cuales engañan con sus lamentaciones y haciéndose las víctimas, con objeto de que intercedan cerca de mí para que sea yo el que ponga obstáculo para su reingreso en esta Fábrica[28].

Aínda que con menor intensidade, os expedientes seguiron producíndose durante os anos da Guerra Civil, e mesmo xa rematada esta. A vixilancia policial continuaba atenta e seguía elaborando informes que podían traer funestas consecuencias para os investigados. Este era o caso das xuntas directivas das sociedades

que seguiron funcionando e que, no caso da Fábrica de Tabacos, foi unicamente a sociedade de socorro das porteiras, mestras e operarias fundada en 1899. O 15 de novembro de 1937 foi elixida unha nova xunta directiva[29]; seguindo o procedemento habitual, a Dirección da fábrica pide informes das súas integrantes ó gobernador e este á Garda Civil. Como consecuencia dos informes negativos, María Taboada, Consuelo Ríos, Manuela Collado e Obdulia Pita tiveron que deixa-la directiva e ser substituídas por outras máis afíns ó novo réxime: Rosa Gómez Veira, Matilde Canosa Verdía, Manuela Rey Criado e Carmen Gómez García.

> ‣ María Taboada. Secretaria. Esta señora fue directiva de la Unión General Tabacalera y estuvo detenida en cierta ocasión. Cuando tenían preponderancia los socialistas, le dieron el nombramiento de Maestra, dedicándose a perseguir a las operarias de ideología derechista. Está considerada como gran simpatizante del frente popular.
> ‣ Consuelo Ríos. Vocal. Simpatizante del frente popular y propagandista de dicha política en las últimas elecciones. Fue multada porque con una radio que poseía, sólo captaba las noticias de las emisoras rojas con el fin de propalarlas.
> ‣ Manuela Collado. Era, al igual que al anterior, gran propagandista del frente popular.
> ‣ Obdulia Pita. Concurren las mismas circunstancias que en la anterior.

La Coruña, 11 de Diciembre de 1937. II Año Triunfal. El Capitán Primer Jefe accidental.

> ‣ Rosa Gómez Veira, de 32 años, casada, Maestra de cigarreras, natural de Coruña, hija de José y Rosa, con domicilio en esta capital, calle de General Sanjurjo 2, 3º, goza de buena conducta, tanto pública como privada; es persona de orden y está bien considerada entre sus convecinos, como así mismo goza de la confianza de los jefes de la Fábrica, donde lleva 15 años trabajando. A los pocos meses de iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional, ofreció sus servicios como enfermera, prestándolos de noche en el Hospital de la Enseñanza. Nunca estuvo afiliada a ningún partido político, ni aun a la Unión tabacalera, donde estaban la mayoría de las que trabajan en dicha Fábrica; en la actualidad está afiliada a la CONS. Sus jefes afirman que ha tenido siempre ideas derechistas y coaccionaba a las demás para que no se afiliaran a ningún sindicato revolucionario.
>
> *En esta Comisaría carece de antecedentes.*

> ‣ Matilde Canosa Verdía, de 36 años, casada, operaria de la Fábrica de Tabacos, hija de Juan y Matilde, natural de Coruña y con domicilio en la calle de Pardo de Cela 12, 3º de esta ciudad, goza de buena conducta moral, pública y privada, estando bien considerada entre sus convecinos como así mismo entre sus jefes, los cuales manifiestan que siempre se ha mostrado como de ideología derechista. Estuvo afiliada a la Unión Tabacalera y también a la CEDA, y en la actualidad a la CONS, datos estos últimos por los cuales se considera afecta al Glorioso Movimiento Salvador de la Patria. En la Unión Tabacalera no se sabe haya desempeñado cargo alguno, y consultados los archivos de esta Comisaría, carece de antecedentes en los mismos.
>
> ‣ Manuela Rey Criado, de 31 años, casada, operaria de la Fábrica de Tabacos, hija de Rafael y Rogelia, domiciliada en esta ciudad, calle de Panaderas 53, 4º, goza de buena conducta moral, pública y privada; está bien considerada entre sus convecinos, como así mismo goza de toda la confianza de sus jefes donde trabaja desde hace 14 años. Su ideología es derechista y estuvo afiliada al partido de la CEDA, afirmando sus jefes que es una entusiasta del orden. Nunca estuvo afiliada a sindicato o partido afecto al Frente Popular, ni tampoco a la Unión Tabacalera, donde estaba la mayor parte de las cigarreras, por lo que se le considera afecta el Régimen de la Nueva España.
>
> *En esta Comisaría carece de antecedentes.*
>
> ‣ Carmen Gómez García, de 68 años, soltera, cigarrera, hija de Ricardo y Soledad, natural y vecina de esta capital, calle de Linares Rivas 44-45, 2º derecha, lleva trabajando en la Fábrica de tabacos 48 años, y goza de buena conducta entre sus jefes, así como también entre sus convecinos. Nunca ha tenido ideología política, simpatizando siempre con todos los Gobiernos de orden; no estuvo nunca afiliada a ningún partido ni sindicato, ni tampoco a la Unión Tabacalera. Carece de antecedentes en los archivos de esta Comisaría.
>
> Dios guarde a V.E. muchos años. La Coruña, 21 de Enero de 1938. El Comisario Jefe[30].

O proceso de depuración continuou aberto durante varios anos, incluso unha vez rematada a guerra civil. Así, temos constancia de varios incoados en 1940. En xullo dese ano un expediente colectivo que afectou ó grupo das mestras, pero del que unicamente coñecémo-lo resultado negativo para tres delas.

NOME	CATEGORÍA	INGRESO	BAIXA	OBSERVACIÓNS
Medín Suárez, Matilde	Mestra	– -11-1909	9-7-1940	Cesante por orde da Dirección
Souto Rey, Leonor	Mestra	– -1-1910	9-7-1940	Cesante por orde da Dirección
Taboada Rodríguez, María	Mestra	– -5-1924	9-7-1940	Cesante por orde da Dirección

En novembro de 1940 abriuse expediente a dous oficiais administrativos da Palloza –Manuel Martínez Martínez e Antonio Vázquez Galán– por frases ditas contra o Réxime nas oficinas de Intervención[31].

Tampouco hai que esquecer que, ademais dos expedientes de depuración, foron frecuentes as multas, impostas a persoas que, como se recoñecía pola propia Dirección da Fábrica, gozaban de fama de ser de dereitas.

El operario Pedro Blázquez ha sido sancionado por desafecto al Régimen con la multa de 500 pesetas. Este operario antes del Glorioso Movimiento no se había distinguido nunca por su actuación societaria y hasta por lo contrario, su fama era de ser de derechas.

He suspendido de empleo y sueldo a dicho operario en espera de superior resolución[32].

A desaparición radical do movemento sindical deu paso ó establecemento dun duro réxime de traballo na fábrica, propio dunha economía de guerra. A xornada laboral foi ampliada sen que houbera opción a apelar e, por imposición patronal, na Palloza traballouse gratuitamente unha hora entre o 15 de setembro de 1937 e o 18 de abril de 1938. O inicio desta ampliación estivo na necesidade de elabora-lo tabaco doado por Constantino González a mediados de 1937 para o Glorioso Ejército mediante unha hora extraordinaria que era presentada polo xefe da fábrica ós delegados do Consello de Administración da CAT como unha contribución desinteresada e unánime para que o exército non quedase desabastecido de tabaco elaborado.

Las operarias de cigarrillos de la Fábrica se ofrecen unánimes y voluntariamente y con gran entusiasmo a confeccionar sin retribución alguna esos cigarrillos, así como todo el personal que haya de intervenir en las operaciones de preparación las haría éstas gratuitamente, trabajando en ello una hora extraordinaria después de terminada la jornada laboral de la Fábrica[33].

En cuanto a la confección de cigarrillos para el Glorioso Ejército con los 200 tercios de la casa "Constantino González y Cía", aprobada mi

propuesta por el Consejo, tengo la satisfacción de manifestarles que estas operarias con gran entusiasmo están dedicándose a su elaboración desinteresadamente hasta hora y media de su trabajo al terminar la jornada laboral de la Fábrica[34].

Mais cando as cigarreiras e tabaqueiros remataron de elaborao tabaco do donativo, e de novo baixo a aparencia de contribución desinteresada, quedou establecida a ampliación da xornada a 9 horas cunha extraordinaria e gratuíta a partir do 15 de setembro de 1937. Supoñemos que despois dos expedientes de xullo dese ano, ningunha voz se alzaría en contra da medida. O celo dos directivos e, aparentemente, dos traballadores, levou incluso a pensar en establecer dobre quenda que, sen embargo, non foi posible organizar por falta de persoal.

Se trabaja una hora extraordinaria y en las máquinas productoras de cigarrillos las horas de su funcionamiento llegan a las diez (...). Se propuso (...) y fue aprobado por el Consejo de Administración que las máquinas funcionaran hasta 12 horas diarias, valiéndose de dos turnos de operarios y operarias, trabajando cada turno 6 horas seguidas en jornada intensiva. No ha podido ponerse en práctica esa propuesta por la imposibilidad de encontrar, a pesar de todas las gestiones hechas, mecánicos para el segundo turno en condiciones de conducir con pericia las máquinas productoras.

Se requiere para encargarse de un grupo de esa clase de máquinas, a mecánico de cierta competencia y con algún tiempo de práctica para su especialización en las mismas, y en estos momentos en esta población es difícil encontrar mecánicos que a más de esas condiciones de aptitud profesional reunieran las reglamentarias exigidas y aun otras que en las actuales circunstancias se requieren. Los obreros movilizados, los muchos colocados en las nuevas fábricas de armas de la población y el tope de treinta y cinco años reglamentarios han hecho que (...) no se hayan encontrado los mecánicos necesarios para el segundo turno[35].

No es solamente cuestión de desidia e ineficiencia. En la respuesta del Director del Centro Penitenciario de San Sebastián, el mismo que tardó casi doscientos días en firmar la carta que le mecanografió el secretario o secretaria, se me obligaba a aceptar unos plazos perentorios y unas condiciones para llevar a cabo la investigación que eran claramente anticonstitucionales y suponían la censura previa. Así, y por abreviar, en el punto quinto, de los seis a los que se me obligaba a prestar conformidad con mi firma, se establecía que "de los estudios realizados deberá facilitar copia a esta Dirección General para valoración conjunta, antes de realizar cualquier publicación o explotación pública de los datos o resultados obtenidos. Tampoco deberá facilitar datos a terceros sin autorización de este Centro Directivo".

Mucha censura previa y muchas exigencias, pero poco laborar y poco cumplir: Por supuesto, no se detallaba la documentación sobre Saturrarán allí depositada que, mucho me temo, se trate solamente de unos centenares de expedientes personales. ¿Qué significa esto? Pues que la documentación histórica no es catalogada, ni se conserva ni cuida, y se acaba por dejarla pudrirse, si no es que se ordena directamente su destrucción.

Como es natural ni firmé ni acepté semejantes "condiciones", sino que elevé el correspondiente recurso ante el Subsecretario del

Ministerio del Interior. Al mismo tiempo, me dirigí por escrito a varias diputadas en Cortes informando de lo acontecido y tratando de interesarles, no en el aspecto personal del asunto, que de ese ya me encargo yo, sino en el político. Es decir, que toda vez que no cabe duda que la documentación penitenciaria es de gran trascendencia para conocer nuestra historia reciente, se preguntase al Gobierno qué se había hecho hasta entonces para preservarla en buenas condiciones, qué instrucciones se habían dado en ese sentido a los directores de los centros penitenciarios y, más aún, por qué los fondos penitenciarios de más de cincuenta años de antigüedad no estaban depositados en un lugar en el que su custodia, su protección y conservación estuviera garantizada, y fuera libre el acceso y consulta para las personas interesadas.

Los señores y señoras diputadas tampoco parecen celosos observadores de la cortesía epistolar. Ha sido la diputada socialista asturiana Ludivina García Arias la que con fecha dos de Octubre ha presentado ante la Mesa del Congreso una batería de preguntas al gobierno esta cuestión. En concreto, esas preguntas se refieren al estado en que se encuentran los archivos dependientes de Instituciones Penitenciarias y del Ministerio de Defensa, los medios económicos y personales que se dedican a la conservación y catalogación de los mismos, etcétera. En lugar aparte, dado su interés y actualidad, se incluye copia literal de las citadas preguntas, a la espera de lo que se dignen contestar los ministros concernidos.

Vuelvo a Saturrarán, y lo primero es localizarlo geográficamente. A un kilómetro de Motrico y a cincuenta y seis de San Sebastián, justo donde lindan las provincias de Guipúzcoa, a la que pertenece, y Vizcaya, está la playa de Saturrarán. Esta playa, muy próxima a la localidad vizcaína de Ondárroa, tiene unos trescientos metros de longitud y está rodeada de acantilados y empinadas laderas, excepto en la brecha horadada por el riachuelo que en ella desemboca. Sería en ambas orillas de este riachuelo donde se levantarían en el siglo XIX los edificios que luego habrían de ser utilizados por los franquistas como cárcel de mujeres. Pero su destino inicial fue muy distinto: primero, el de balneario; más tarde, en manos ya de la Iglesia, se utilizaron como residencia de verano para los seminaristas del Seminario de Vitoria hasta el comienzo de la guerra. Durante la guerra, estuvo allí algún tiempo el cuartel general del PNV. Finalmente, y una vez derrotadas las últimas fuerzas republicanas del Norte, una orden ministerial de fecha 29 de Diciembre de 1937 autorizó la creación de una cárcel de mujeres en Saturrarán.

Según se desprende de las citadas memorias de Josefa García Segret y Leonor Ruipérez, a primeros de Febrero de 1938 debió de

comenzar el traslado de presas republicanas desde todas las cárceles de partido y prisiones provisionales de las provincias del norte de España en poder de los nacionalistas, incluidas las de Castilla, hacia Saturrarán. La capacidad de la cárcel se estableció oficialmente en setecientas personas, pero Josefa García dice que serían unas mil setecientas las que había por esa fecha y otras fuentes hablan de dos mil reclusas, en edades comprendidas entre los dieciséis y los ochenta años. Muchas de ellas llegaban acompañadas de sus hijos más pequeños; otras, embarazadas, darían a luz en la propia cárcel. A partir del final de la guerra, en Abril de 1939, y de acuerdo con las disposiciones oficiales de trasladar a los presos a la cárcel más alejada de su lugar de residencia, se produjo un trasiego enorme en Saturrarán. Muchas presas fueron trasladadas a Mallorca y su lugar lo ocuparon otras provenientes de las provincias andaluzas, manchegas y levantinas, así como de Madrid, es decir, de lo que fue la zona republicana hasta los últimos días de lucha. Aunque la de Saturrarán fue la mayor cárcel de mujeres de las ubicadas en el País Vasco, no puede dejar de citarse aquí otras tres que albergaron igualmente a una importante cantidad de presas republicanas, me estoy refiriendo a las de Amorebieta, en la localidad vizcaína del mismo nombre, al "chalet de Orúe", en Bilbao, y a la de Ondarreta, en San Sebastián.

La cárcel de Saturrarán estaba dirigida por un funcionario de prisiones, pero el régimen interior lo llevaban unas veintitantas monjas mercedarias. La vigilancia exterior la hacían soldados y guardias civiles. El trato que las monjas dispensaban a las presas era cruel y despiadado, y su superiora, sor María Aranzazu, era conocida por el sobrenombre de "la Pantera Blanca". Por los testimonios citados sabemos que según llegaban las primeras expediciones de presas, las monjas les quitaban todos los paquetes de comida y se quedaban con ellos. Durante los primeros meses de funcionamiento, los edificios estaban desnudos y no tenían ni bancos ni asientos ni camastros. Así que durante ese tiempo las presas tuvieron que comer y dormir sin mantas en el suelo. Y era el mes de Febrero. Misa diaria y conferencias a cargo de jesuitas. Disciplina severísima en que el más mínimo gesto o mirada era castigado con estancias en celdas de castigo en los sótanos de los edificios, celdas que se inundaban con las mareas o con el aumento del caudal del río y el agua llegaba a la rodilla o incluso más arriba. La correspondencia, además de censurada, era en muchos casos secuestrada como otra forma más de castigo. Las denuncias de abusos sexuales por parte de las monjas son corroboradas por distintas fuentes.

No paran ahí las acusaciones contra las monjas. La alimentación era pésima porque las monjas robaban del presupuesto o

"straperlaban" con la comida. Muchas presas tenían prohibido, como castigo, recibir los paquetes con alimentos que les enviaban sus familiares. En otros casos, estos paquetes eran directamente requisados por las monjas y su contenido vendido en el economato de la cárcel a precios muy altos, solamente al alcance de las presas más pudientes. Este economato tardó cinco meses en empezar a funcionar y estaba muy poco surtido. A los niños se les daba una leche totalmente adulterada y, en muchas ocasiones, se negaba este suministro con disculpas pueriles. Añádase a todo ello la pésima calidad del agua potable que se consumía, lo que estuvo en el origen de varias epidemias de tifus. Las consecuencias son fáciles de imaginar: elevada mortandad entre la población reclusa.

Las presas con hijos pequeños estaban separadas del resto y ocupaban uno de los edificios del complejo penitenciario de Saturrarán. Y hablando de niños, según el testimonio de una prisionera que realizaba funciones de enfermera en Saturrarán, se sabe de lo frecuentes que eran los casos de chicas jóvenes que, tras ser detenidas y torturadas, habían sido violadas y se las enviaba a Saturrarán a dar a luz. A más de un centenar de estos niños ayudó a traer al mundo. En la mayor parte de los casos, las monjas se hacían cargo de ellos, los sacaban de Saturrarán y no se sabía a dónde los enviaban. Y lo mismo podía ocurrir en caso de enfermedad grave de la madre o fallecimiento, o cuando los niños cumplían los tres años de edad: si no tenían familia que se hiciese cargo de ellos, eran enviados a un orfanato y lo más probable es que no volvieran a ver jamás a su madre. Algunos de estos niños, muy pocos, fueron entregados a familias de los pueblos vecinos de Ondárroa y Motrico, lo que permitía el contacto periódico con la madre presa.

Otro aspecto que hay que mencionar es el referido a la redención de penas por el trabajo. En la cárcel de Saturrarán funcionaron talleres en los que las reclusas fabricaban bolsas de papel, agendas y objetos de escritorio para empresa Berásetegui, de San Sebastián. Unas sesenta reclusas realizaban trabajos para los talleres Egaña, de Motrico. Igualmente, otras veinte reclusas que tenían el título de maestras daban clases de alfabetización y cultura general a las demás presas, en un número tan elevado que se llegaron a superar las setecientas alumnas.

Tras la consulta de los libros de defunciones del Registro Civil del Juzgado de Paz de Motrico, he podido documentar la muerte por enfermedad en la cárcel de Saturrarán de ciento dieciséis mujeres y de cincuenta y seis niños, hijos de presas. No puede ser considerada como una cifra definitiva porque muchas presas, antes de fallecer, debieron de ser trasladadas a otras prisiones, como la de

Amorebieta, o a diferentes hospitales, en su mayoría, muy probablemente, al de San Antonio Abad, de San Sebastián, por lo que habría que rastrear en los libros de defunciones de ese Registro Civil y de otros. También era un hecho corriente entonces, que hay que tener en cuenta, el caso frecuente de los presos, fueran hombres o mujeres, que al ser puestos en libertad se encontraban tan enfermos y debilitados que, prácticamente, era como si se les enviase a morir a sus casas.

En el programa "30 minuts", de la televisión catalana TV3, se emitió un reportaje titulado "Els nens perduts del franquisme", realizado por los periodistas Montse Armengou y Ricard Belis, y el historiador Ricard Vinyes. Este programa sobre los niños que fueron separados de sus padres, por no decir secuestrados, presos en las cárceles franquistas, recibió numerosos premios, entre ellos, el Premio Nacional de Cultura. Pues bien, en ese programa aparece una mujer llamada Carme Riera, que estuvo presa en Saturrarán. Cuenta Carme Riera que cuando murió su hijita en la cárcel de Saturrarán, las monjas exclamaban: "¡Ay, un angelito que adorará a Dios! ¡Esto es una gloria!". La gloria de las monjas debía de ser enorme, porque según Carme Riera, en diez días habían muerto treinta y dos criaturas. No se permitió a ninguna madre presa acudir al entierro en el cementerio de Motrico. La hija de Carme Riera aparece inscrita en el Libro de Defunciones del Registro Civil de Motrico como Aurora Gallegos Riera, de diez meses, natural de Barcelona, que falleció el día siete de Agosto de 1940 sin que se detalle la causa de la muerte, probablemente, una epidemia de difteria.

A falta de poder investigar la documentación que se conserve de esta cárcel de mujeres o campo de concentración de Saturrarán, las mujeres naturales o avecindadas en Galicia que allí cumplieron condena no debieron de ser pocas. Sabemos de Urania Mella, hija del importante teórico anarquista gallego Ricardo Mella Cea. Urania fue condenada junto con su marido, médico de profesión, a pena de muerte en consejo de guerra celebrado en Vigo. A Urania se le conmutó por la de reclusión perpetua, mientras que su marido fue ejecutado. Urania, que estuvo en su niñez más de siete años en Asturias durante la estancia de Ricardo Mella y su familia en Gijón, cumplió parte de esa condena en Saturrarán. Y en Saturrarán estuvo también la comunista gallega Isabel Ríos Lazcano, igualmente condenada a pena de muerte que le fue conmutada y, lo mismo que Urania Mella, con su marido fusilado por los franquistas.

En la lista de presas fallecidas en la cárcel de Saturrarán figuran al menos tres mujeres gallegas, las tres naturales de Lugo:

Herminia Rey Acebedo, de 26 años, soltera, falleció el veintiuno de Mayo de 1941 de tuberculosis pulmonar.

Pilar González Castro, de 34 años, que estaba casada, falleció el día catorce de Mayo de 1942 a consecuencia de insuficiencia cardiaca. Por último, Casilda Frutal Rubias, de 31 años, soltera, falleció el día veinte de Agosto de 1943, también de tuberculosis pulmonar.

De entre los cincuenta y seis niños que murieron en esta cárcel, al menos dos era gallegos: Carmiña Pico Rodríguez, hija de María Pico, de dos años, natural de Pino, en Lugo, murió de bronquitis el día veintitrés de junio de 1939. El otro era Ramón Miñán Fernández, hijo de Emilia y Daniel, de ocho meses, que, probablemente, había nacido en Pontevedra; falleció el día quince de Agosto de 1940 a consecuencia de atrepsia.

En la actualidad, existen proyectos obras públicas para regenerar la playa de Saturrarán. Es decir, se trata de devolver al lugar sus características naturales perdidas. Pero en el plano moral, la palabra "regeneración" es sinónimo de "dignificación". Decimos que una persona se ha "regenerado" cuando ha abandonado sus vicios y se ha vuelto a hacer acreedora de la estima general. No sé si en la playa de Saturrarán faltarán arena o infraestructuras, lo que si falta es un monumento que dignifique el lugar en recuerdo y homenaje perenne a tantas y tantas mujeres, a tantos y tantos niños que allí perecieron o sufrieron el oprobio de una punición tan injusta como cruel. Solamente así podremos afirmar que esta sociedad y este régimen empiezan a abandonar algunos de sus "vicios" y se están regenerando moralmente.

Repressom franquista, desarticulaçom do comunal e resistências quotidianas no rural galego da posguerra

Antom Santos Pérez

Introduçom

Tem-se assinalado repetidamente que na Galiza a história contemporánea dos montes vizinhais em mao comum é a história do choque entre o direito consuetudinário e o novo quadro jurídico emanado do Estado liberal, manifestaçom, por sua vez, do enfrentamento de duas lógicas produtivas e sociais[1]. O progressivo esfarelamento dos aproveitamentos comunais dos montes e da comunidade que lhe dava soporte nom se pode compreender sem levar em conta a convergência de vários factores na desarticulaçom dum modo de uso que contemplava o comunal como sostém fundamental do complexo agrário galego[2]. Pretendemos na presente comunicaçom aprofundar numha das múltiplas causas que explicam como se esboroa umha forma peculiar de relaçom com o território e de acesso, manejo e gestom dos recursos: a que tem a ver com a sua fasquia mais política e, designadamente, com a repressom.

Se há um consenso geralizado em salientar que todo ao longo do século XX se consuma a desapariçom da agricultura orgánica atlántica de pequena exploraçom, substituida polo modelo de especializaçom e produtivismo da *revoluçom* verde, cumpre agora detectarmos em que medida a via coercitiva contribui para a aceleraçom desse processo no que atinge particularmente à funçom do monte. Foi o franquismo, com a activaçom de toda umha bataria legislativa rumada para a conversom dos nossos montes em viveiros florestais que alimentassem a *indústria de libertaçom nacional*, o que impossibilita a sobrevivência da comunidade e os usos *tradicionais*[3]; mudança de raiz, esta, que só foi possível com a activaçom dum poderoso aparelho repressivo que desconsiderou qualquer consenso e iniciou um controlo milimétrico do território que puniu a mínima dissidência e desgastou até o esgotamento a comunidade.

Adoitamos considerar, no que ao franquismo diz respeito, que a repressom é umha ferramenta só dirigida à destruçom da sociedade civil e das estruturas políticas que questionam o poder dominante; sendo compreensível esta atençom privilegiada à fasquia

mais destacável do fenómeno, veremos a continuaçom como aqueles sectores sociais privados de qualquer um canal de intervençom sócio-política e, ainda, de qualquer ideossistema alternativo ou dissidente, fôrom alvo privilegiado da engrenagem coercitiva da ditadura, sem permanecer no discurso histórico que alimenta a memória colectiva umha referência acorde com a sua importáncia. Sem enquadramentos partidários ou sindicais, e sem ter necessariamente um vencelho activo com o passado republicano, milhares de vizinhos e vizinhas livram umha batalha bem dura e desigual contra o Novo Estado por sosterem –consciente ou inconscientemente– um modo de uso incompatível com as pretensons industrialistas e florestalistas do poder. Com o mesmo intuito de alcançar umha óptica mais ampla sobre o fenómeno repressivo, ponhemos em destaque que tamém as desobediências e resistências mantidas pola comunidade fogem dos enquadramentos mais convencionais: nem se canalizam através de estruturas organizadas e visíveis, nem adoitam a se manifestar de maneira explosiva com tumultos e motins. Muito pola contra, trata-se de milhares de pequenas resistências entretecidas trás o disfraz do anonimato, escudadas nos pretextos da parvice ou despiste, e que guardam todo o seu potencial na capacidade de erosionar o poder sem apresentar explicitamente um desafio aberto que os seus protagonistas nom poderiam manter[4]. Até o de hoje tínhamos notícia da convulsom social que o processo de desapossamento supujo no rural galego da posguerra, e podemos manejar estudos que testemunham a implicaçom popular na luita em defesa dos comunais e das raras expressons de rebeldia aberta e corajuda que se relacionavam com aquela[5]. Som, porém, casos mui pontuais todos eles caracterizados pola sua espectacularidade, mas em nengum caso permitem quantificar o volume da repressom, os seus ritmos, e a sua incidência nas distintas resistências. Tentaremos dimensionar correctamente este enfrentamento silencioso produzido nas duas primeiras décadas da ditadura, diferenciar as modalidades da repressom, e valorizar na sua justa medida umha forma de intervençom campesina que matiza grande parte dos tópicos ao uso, desmentindo a aparente paz social do agro galego na posguerra.

A comarca de Sárria. Contexto sócio-económico e repressom política

O facto de elegermos para o nosso estudo o marco comarcal deve levar-nos a medir prudentemente as afirmaçons respeitantes à repressom e à resistência, pois nom temos por agora dados que permitam fazer totalmente equiparável a dinámica que estudamos

a outras zonas do País. Ainda que o conflito dessatado por volta aos montes vizinhais em mao comum nesta altura alcance dimensom nacional (a ingente cantidade de documentaçom ainda sem consultar fala por si só da transcendência desse choque), é bem provável que as peculiares dinámicas de cada umha das comarcas variassem em funçom da estrutura sócio-económica, do avanço da via individualizadora, da dependência das populaçons do monte comunal ou do papel da instituiçom municipal, que em muitos casos se fizo valedora dos interesses vizinhais. O caso de Sárria bem nos pode servir de indicativo dessa diversidade interna. Composta por sete concelhos (Paradela, Páramo, Láncara, Triacastela, Samos, Oíncio e Sárria), assenta na parte sul da meseta de Lugo e constitui terreno de transiçom entre o vale do Minho e as primeiras estribaçons das serras orientais. O contraste entre a zona de vale e a zona montanhosa, dotada de um relevo mais acusado é umha das características principais da comarca, historicamente virada para o sector primário e com um peso escassíssimo das actividades industriais e de serviços, mui pouco povoada e castigada por umha persistente emigraçom [6]. Tam só questiona em algumha medida esta realidade monocor a própria cabeceira de comarca: centro de partido judicial, bem comunicada com Lugo, Monforte, Quiroga ou Fonsagrada, atravessada polo caminho de ferro, o seu peso comercial-administrativo contrastava enormemente com a absoluta hegemonia agro-gadeira dos concelhos limítrofes[7]. De resto, um povoado sector primário alicerçado na pequena exploraçom, com pouca disponibilidade de terras cultiváveis e altamente dependente dos terrenos baldios. Realidade esta sobre a que assentará o conflito que nasce com os inícios da década de 40, e que nos leva a considerar os traços caracterizadores desse segmento do agro galego que protagoniza o enfrentamento com a forestal –mais um tentáculo do aparelho de controlo e repressom franquista–: um agro empobrecido e sobrepovoado (que nom inerte ou imune ao cámbio[8]), composto por pequenos proprietários, adscrito a um particular modo de uso que integra a produçom e no mesmo agroecossistema, e aparentemente com umha vinculaçom mui relativa com o velho tecido societário do agrarismo republicano[9].

Temos a fortuna de contar, para o nosso estudo micro, com a informaçom sobre o conjunto da província de Lugo fornecida pola investigaçom monográfica de M.J. Souto[10] sobre a repressom contra o tecido societário republicano. Graças a ela, conhecemos a magnitude e características dumha repressom nom especialmente aguda (se a compararmos com outras áreas de mais intensa politizaçom) e no que a passividade e inibiçom ante os facciosos fôrom as condutas maioritárias. Podemos considerar esta atitude umha boa mostra da

assunçom hegemónica das pautas de replegamento ante o espaço público dumha sociedade escassamente politizada em termos liberal-burgueses, profundamente ruralizada e enquadrada e dirigida polas consignas do paternalismo caciquil e social-católico. O dia 24 de Julho é tomada polos sublevados (auxiliados polos grupos de choque fascistas, designadamente a Falange) a vila de Sárria, e seis dias mais tarde está sofocada a oposiçom em toda a comarca; se a repressom política é dura e exemplarizante naqueles municípios nos que a resposta ao alçamento é mais contundente, há certa transigência com aqueles quadros republicanos que nom dam o passo à oposiçom directa ao novo regime, até o ponto de alguns deles fazerem parte das instituiçons municipais depuradas a partir de 1936. O conjunto da comarca apresenta situaçons mui diversas na hora do alçamento e a resposta posterior a ele. Em termos gerais, nom acada os níveis de passividade e assentimento próprios da zona central e nortenha da província (motivada por umha conjunçom de motivos, entre os quais a forte implantaçom do agrarismo social-católico, o modelo de propriedade da terra e a ausência do contrato foral, e o desenvolvimento e *modernizaçom* gadeiras com orientaçom exportadora[11]). A pegada da repressom vai ser funda, existirám respostas contundentes ao alçamento, e o labor de aniquilamento do tecido político e societário será a continuaçom obrigada da repressom e perseguiçom iniciais. Apesar de todo isto, e dum grau relativamente alto de organizaçom e incidência das forças de esquerda e republicanas em geral, a magnitude do acontecido tampouco vai chegar ao de parte da Marinha ou da Terra de Lemos[12]. A cabeceira de comarca vivia já um tenso panorama político nos anos da República, com umha forte polarizaçom entre socialistas e católicos; o alçamento servirá à direita mais extrema, até o momento convenientemente resguardada, para saldar as contas com as propostas políticas inassumíveis no seu ideário, cambiando as regras de jogo vigorantes na anterior etapa. Há notícia da perseguiçom e morte do alcalde da vila, vencelhado com Izquierda Republicana, acusado de auspiciar requisas de armas nos primeiros dias do confronto e, com certa provabilidade, cercano ou transigente com as posiçons de esquerda socialista e galeguista. A partir da imprensa local podemos chegar a umha aproximaçom relativamente fidel à realidade sócio-política da primeira metade da década de 30. Mais concretamente, a análise do cabeçalho de maior projecçom da jeira republicana, com o ilustrativo nome de *Loita* dá-nos informaçom (com certeza que com todas as deformaçons próprias da propaganda) da extensom e vitalidade dos núcleos republicanos e estatutistas nos Concelhos limítrofes de Páramo, Paradela, Samos, Oincio e Láncara. Imprensa e sociedade civil, e esta e classe obreira, vam de

braços dados no rural galego influido polo contorno urbano ou vilego. As mesmas tendências políticas, organizadas por volta do republicanismo liberal e o autonomismo predominam em Oincio ou Samos, bem que neste caso através da mediaçom das sociedades agrárias e sem a pegada obreirista que PSOE e UGT deixavam naqueles núcleos mais diversificados no social e económico. Quiçá esta orientaçom político-ideológica (unida a múltiplas casuísticas pessoais que a história nom é quem de desvelar) explique a mornura das respostas dos quadros, militantes e associados no momento da rebeliom fascista, que em nengum caso chega à oposiçom violenta. A escasseza dos dados e a relativamente branda repressom do Páramo ou Triacastela som indícios suficientemente significativos do fraco tecido associativo destas áreas e da vigência de modelos clientelares e paternalistas de participaçom política. A chamativa excepçom da comarca vai constitui-la o concelho de Paradela, com um volume de resistência e repressom dificilmente compreensível de levarmos em conta a sua composiçom social e o seu peso demográfico. É curioso que um dos municípios mais subdesenvolvidos e infradotados da província tenha três sociedades agrárias de inspiraçom socialista, já reprimidas com motivo da insurrecçom de 34. Partindo desta realidade e da nítida orientaçom político-ideológica que as caracteriza, várias das parróquias lideram umha contundente e infrutuosa resistência naquela altura, com parte da populaçom armada e ataques a edifícios da Igreja. O facto de mais do 30% da populaçom do Concelho passar polas cadeas franquistas naquela altura é a demonstraçom palpável da extensom real das tendências resenhadas, autêntica nota discordante em toda a zona[13].

Entre estes dous extremos, o representado polo camaleonismo político de muitos republicanos e a repressom crua e nua sofrida pola esquerda obreira, suponhemos um amplíssimo abano de vizinhos afectados em diferentes graus por umha repressom desproporcionada com vontade preventiva e paralisante que ultrapassa com muito os limites das organizaçons obreiras e salpica membros relevantes da pequena burguesia urbana ou vilega com simpatias republicanas e democráticas[14]. Eis o senso de empregarmos, tamém para o caso de Sárria, o termo já utilizado de *mentalidade auto-reprimida*[15], e de enmarcarmos nesta conduta geral as resistências quotidianas, sempre desejosas de se evadir do âmbito político e de qualquer associaçom com formas organizativas estáveis. A censura da própria memória, a negativa a compartilhá-la e transmiti-la geracionalmente, o medo a todo o político e a identificaçom da associaçom como um perigo, som os elementos que modelam activamente as condutas da vizinhança desta comarca ao longo do franquismo.

Com todos os dados acima apontados podemos tirar umha primeira conclusom: a discordáncia entre a conflitividade sócio-política republicana e posterior e as resistências quotidianas protagonizadas em defesa do monte vizinhal em mao comum. Nom sabemos de denúncias no Concelho de Sárria, com umha politizaçom emanada em grande medida do ambiente vilego, pola defesa do comunal; som escassas em Paradela e mui numerosas em Samos, Láncara ou Páramo. Correspondem as nossas denúncias aos municípios mais rurais e, dentro destes, às áreas mais dependentes dos terrenos comunais pola sua pertença à agricultura de montanha, o que reforça a tese de estarmos ante um conflito de uso mais do que ante um conflito sócio-político; nom negamos de entrada as possíveis derivaçons que este enfrentamento soterrado com a administraçom do regime pudesse ter, nem tampouco a possibilidade de este se nutrir de tradiçons societárias anteriores. Mas estas seriam as mais afastadas da influência vilega e obreira, as menos influídas polo universo ideológico republicano-socialista e, enfim, as mais comunitaristas e volcadas cara um mutualismo sem dimensom reivindicativa e, muito menos, transformadora. O estudo de outros casos micro bem pudera avalar esta hipótese[16].

A desarticulaçom do societarismo agrário

A intensa pedagogia desenvolvida polo primeiro franquismo está centrada, por suposto, contra o velho regime, mas sabemos tamém que num sentido amplo constitui umha pedagogia anti-organizaçom ou anti-associaçom extensiva a umha ampla gama de condutas sociais e políticas. A dissoluçom das sociedades agrárias situa-se no seio desse processo mais amplo da repressom calada, administrativa, quotidiana e ordenada, que marca as atitudes e condutas dos mais num clima de tal pánico que nom se precisa tanto da coerçom armada como da activaçom das redes sociais e as ferramentas legais da repressom para conseguir os efeitos desejados[17]. A dissoluçom das sociedades agrárias produze-se através deste processo: num início com as de orientaçom mais claramente esquerdista (precisamente aquelas que se constituiam de maneira mais numerosa, e em diferentes zonas, desde 1931), a posteriori com o controlo das juntas directivas do resto, especialmente se a sua orientaçom era mais política do que mutualista e assistencial. O descabeçamento dos quadros dirigentes seguiu-se, entom, pola extensom dumha dinámica de controlo e coerçom a todo o entorno da sociedade agrária organizada na comarca, mais intenso quanto maior fosse a tradiçom republicana e esquerdista da área em questom.

As fontes parecem vincular a dinámica repressiva vivida na comarca com os modelos estipulados para zonas da Galiza. Dinámica repressiva que tem a ver com a politizaçom e construçom dumha sociedade civil rural nos anos prévios a 1936. Das quinze sociedades consultadas nas fontes, tam só duas têm a sua origem antes dos tempos republicanos: trata-se da *Sociedad de Agricultores de Castrón Can*, de Samos, constituída em 1925, e do *Sindicato Católico Agrícola de San Martín de Layosa*, do Íncio, nascida em 1917. De resto, as sociedades agrárias de filiaçom republicana, as estruturas juvenis católicas, as agrupaçons socialistas, galeguistas e azañistas fundam-se todas elas a partir de 1931. A efervescência associativa da jeira republicana (por vezes comprovada e por vezes intuída) tem lugar tamém em Sárria. No que nos interessa particularmente, o estudo de aquelas áreas da comarca com umha oposiçom mais intensa às repovoaçons, fica demonstrado que o tam reiterado autismo das comunidades mais isoladas nom foi tal. A área montanhosa de Samos nom é alheia ao processo de politizaçom e nela articulam-se diferentes iniciativas societárias: o *Comité Agrario Radical de Lózara* é um dos exemplos mais salientáveis[18].

A outra cara da moeda da desarticulaçom é o enquadramento totalitário nas estruturas do Regime, precisamente na etapa em que este tenta umha maior emulaçom dos modelos alemao e italiano. Como parte da estrutura corporativa que é a Organizaçom Sindical Espanhola (OSE), o ramo rural que o franquismo organiza para o agro e pom em andamento desde 1943 som as chamadas *Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos*, substituiçom do velho e plural associacionismo pola vontade de controlo da produçom e orientaçom política. Com certa inspiraçom social-católica, dada a sua vertente assistencial, o seu potenciamento do cooperativismo e o apoio técnico, as *Hermandades* tinham a missom de disciplinar o trabalho rural e, na Galiza (onde por motivos evidentes nom havia contrarrevoluçom rural que consumar), assegurar umha pretensa harmonia social assente nas virtudes nacionais dum pequeno proprietário essencialmente conservador e desejoso da mantença da orde e os velhos equilíbrios. É importante salientar que até quando a retórica fascista de inspiraçom alemá e italiana deixa passagem no Regime a discursos e fórmulas de maior utilidade para a adaptaçom camaleónica do franquismo às cambiantes circunstáncias internacionais, com o consabido deslocamento da Falange de qualquer posto de poder real, ao núcleo mais ortodoxo do retórico *nacional-sindicalismo* vai reservar-se como consolaçom o controlo de certas estruturas burocráticas e corporativas como as que vimos de comentar[19].

Da expropriaçom ao desapossamento. A intervençom da administraçom florestal

A férrea política florestal do franquismo, virada desde os inícios contra esse campesinado que dizia defender como portador das *essências nacionais*, tem a sua génese na própria conformaçom do Estado liberal espanhol, que acomete desde as suas origens a construçom dum modelo organizativo territorial valendo-se de diferentes ferramentas. Trata-se dum processo global e unitário de objectivos uniformizadores que se vai manifestar na simplificaçom normativa e conceitual e na subsunçom num único quadro legislativo das diferentes formas de propriedade que pervivem até entom. Este novo desenho assenta em certa elaboraçom ideológica, com o seu correlato legislativo; num modelo de fiscalidade; em ramos da administraçom especializados na execuçom do controlo directo de parcelas do mundo agrário; e, no que particularmente mais nos interessa, na tipificaçom de novos delitos no código civil e a activaçom dum aparelho informativo e coercitivo, a guarda civil e a guarderia florestal. As parróquias e lugares que geriam os montes enfrentarám, ao longo dum processo dilatado e discontínuo, toda essa engrenagem destinada a transformar o comunal na propriedade *plena e perfeita* que exigia o direito positivo.

A legislaçom sobre montes comunais atravessa fases diferenciadas, avançando para um maior ordenancismo: primeira elaboraçom legislativa decimonónica (na que se inclui a classificaçom de *montes de utilidade pública*), ampliaçom da superfície catalogada e desapariçom da figura do rendista a inícios do século XX, e orientaçom industrialista, repovoaçom indiscriminada e repressom a partir de 1941[20]. É a partir desta altura quando as fontes recolhem, de maneira mais ou menos explícita, um amplo e larvado movimento resistente que obriga a um parelho esforço repressivo da administraçom fascista.

Tam só o franquismo logra, por confluência de vários factores, a passagem do que era umha simples expropriaçom legislativa –que em nengum caso impediu o aproveitamento dos comunais– a um desapossamento de facto que muda de raiz a relaçom do campesinado com o monte e achaira o caminho ao definitivo esmorecimento da agricultura orgánica apoiada no monte. O poderio do novo estado, a ausência de ferramentas organizadas de autodefesa por parte das classes populares, e o empenho posto polo Novo Regime na materializaçom da via repovoadora (entendida como ponto de encontro entre industrializaçom autárquica de inspiraçom falangista e o agro) fam com que a partir da década de 40 se livre a verdadeira batalha por volta do comunal. A planificaçom produtiva

e política vam tamém aqui de braço dado: em Setembro de 1938 um decreto assegura o intervencionismo e limita as possibilidades de corta e aproveitamento de madeira por parte dos particulares; em Novembro do mesmo ano, o Ministério de Agricultura estabelece as normas de funcionamento para os Distritos Forestais, implantando-se um Serviço Obrigatório de Trabalho Florestal vinculado à FET e à Frente de Juventudes; em 1941, um Plano Geral definitivo, polo que se responsabiliza o mais oficialista do corpo de engenheiros, concretiza a febre repovoadora da Falange sem qualquer umha consideraçom pola diversidade de usos do solo. Em consonáncia com o controlo de todo o processo produtivo já mencionado (produçom, comercializaçom e venda), o regulamentismo dessa primeira posguerra chega a marcar, em 1948, os preços máximos para a madeira em rolo e asserrada, com o intuito de controlar o mercado paralelo que fai sombra ao oficial. A maior clarificaçom jurídica e legislativa vai produzir-se a partir do ano 1940, com a constituiçom dum organismo com plena potestade na actuaçom e semi-emancipado de aquelas instáncias que deviam exercer funçons reitoras. Em Março de 1941 reconstitue-se o Património Florestal do Estado, a quem se encomenda a direcçom do processo repovoador, com objectivos produtivistas plenamente explicitados:

Restaurar, conservar e incrementar la riqueza forestal perteneciente al Estado, de modo que cumpla plenamente plenamente sus fines nacionales, económicos y sociales (...)

Corresponde-lhe aliás

El máximo desarrollo de los trabajos de repoblación o restauración y aprovechamiento forestal (...) la ejecución de aquellos trabajos forestales que se consideren de interés, como defensa o realce del patrimonio nacional en su más alto sentido[21].

Para a consecuçom dos alvos marcados o franquismo precisaria de dous elementos: a conjugaçom da direcçom política e económica no mando do PFE[22], e umha grande autonomia de actuaçom deste organismo, se calhar mais surpreendente pola sua condiçom sectorial. Longe de se considerar como um mero apêndice da administraçom florestal dedicado a certas funçons especializadas, diz-se dele que

gozará de plena personalidad jurídica y autonomía económica. Estará capacitado para adquirir, poseer, gravar y enajenar bienes, derechos, acciones y créditos, contraer obligaciones, liquidar y transigir y realizar cuantos actos y contratos sean necesarios para el cumplimiento de sus fines. Ante los Tribunales se hará representar por los mismos funcionarios

a quienes compete la representación y defensa del Estado en juicio, conforme a las Leyes y Reglamentos, y con las mismas exenciones y privilegios que a este corresponden[23].

Eduardo Rico pom em destaque no seu estudo[24] o inteligente aproveitamento da autonomia financeira e o facto de nom investir nunca a fundo perdido, aumentando sempre os ganhos ou recuperando o dedicado à repovoaçom em forma de anticipo. Desde estes pressupostos o franquismo acomete o que o Estado liberal nunca se atrevera a consumar: pactuando com as deputaçons ou concelhos, ou com ambos à vez, as repovoaçons de cada área (cada umha das instituiçons participantes receberia parte dos benefícios obtidos de aquelas), e participando junto com o Instituto Nacional de Indústria em Celulosas de Ponte Vedra S.A., a administraçom franquista toma literalmente amplas zonas da província de Lugo que engloba baixo o termo de *comarcas de interesse florestal*. Se bem esta província galega nom atinge o índice de superfície repovoada de Ponte Vedra ou Ourense, si que soporta em algumha das fases umha vaga expropriadora que supera as marcas de zonas próximas. E pensemos que cada umha destas ofensivas contra a propriedade vizinhal, longe de serem simples execuçons administrativas de decisons técnicas, supunham umha autêntica comoçom com direcçom política contra todo um entramado sócio-económico e ambiental. Desde finais da década de 40 e até 1953, período que se insere no que nós estudamos, a febre repovoadora de Lugo supera todos os índices registados no conjunto do Estado espanhol[25].

A grande potestade administrativa e, ao cabo, tamém política, justifica-a esta entidade com essa retórica assistencial que se insere nos esquemas ideológicos de todos os fascismos: a indústria como base do engrandecimento nacional, a natureza e a paisagem desenhadas e construídas como emblemas do poderio racial, e as obras do Estado como mostras de consideraçom para com um pequeno campesino garante da estabilidade social contra o virus da luita de classes[26]. A repovoaçom, como projecto de interesse colectivo, implicaria activamente o proprietário particular e serviria de fonte de sustento para muitos lugares graças aos postos de trabalho que havia de proporcionar. A prática vai apresentar-se bem afastada dos objectivos assinalados. Avondará-nos com lembrar aqui que o industrialismo autárquico fascista foi assinalado há bem tempo como origem dum fenomenal retraso histórico da economia espanhola, sem que fosse o agro galego um beneficiário de privilégio de qualquer umha medida compensatória[27]; que o pequeno labrego galego, apesar de carecer dumha tradiçom associativa nitidamente esquerdista e de protagonizar movimentaçons sócio-políticas que

questionarem de raiz o Estado de cousas, erosiona a tam cantada paz social com fórmulas diversas[28]. A prova mais eloquente disto, e que nos serve para desenvolver o presente trabalho, é a reacçom das comunidades com a maior das contundências contra os planos que dirige este organismo. Umha reacçom, aliás, suscitada frente um Estado cego e surdo em tempos nos que a desproporçom das forças enfrentadas era gritante. De mao da fonte oral podemos chegar a alviscar as razons da sediçom nos montes de Sárria:

O pueblo vivia de levar ganado ao monte; incluso nos quitárom de sembrar centeno. Havia que roturar, naquel momento a exportaçom de Castilha era mínima, entonces necessitávamos sembrar centeno ou trigo (...) para poder comer e incluso para o sustento dos animales. Naquel momento proibirom-no. Veu a plantaciom e houvo que vender todo. O que tinha cinco ou seis vacas quedou-se em três. Os pastizales som em época ahora reciente (...) Antes nom havia de comer nas casas[29].

Repressom e resistências

Os dados extrazidos do vaziado de expedientes de denúncia arquivados no viveiro de Sam Breixo de Parga, que recolhem todas as vicissitudes relacionadas com a campanha repressiva levada avante contra os usos tradicionais do monte, podem dar-nos umha visom aproximada do volume, os ritmos e as estratégias da resistência silenciosa que a comunidade protagoniza; através das esquemáticas declaraçons das pessoas denunciadas e das reiteradas fórmulas de sançom administrativa da forestal, tentaremos tirar tanto a concepçom ideológica e cultural que nutria o descontentamento e a oposiçom às repovoaçons quanto as linhas de acçom que se perfilam no discurso dos engenheiros, ou até mesmo os razoamentos nos que assentava a colaboraçom municipal com as pessoas repressaliadas. Nem cumpre dizer que a desigual relaçom com o poder que caracterizava cada um destes grupos era, ao mesmo tempo, umha desigual relaçom com a palavra escrita. O esquematismo e brevidade das declaraçons das pessoas denunciadas permite apenas fazer-se umha ideia das argumentaçons nas que baseavam a sua atitude, num contraste marcado com o desenvolvimento legislativo que apresentavam os engenheiros do distrito florestal da província. A fonte oral, ainda com todas as suas imperfeiçons, tentou solventar este desequilíbrio e aproximar-se, cinco décadas depois, a como viviam os despossuidos a ofensiva da administraçom franquista.

A comarca de Sárria vai ver-se envolvida, a partir dos anos 40, numha dinámica parelha à que sofrem outras zonas do seu contorno

geográfico, bem que sem ser das mais afectadas da província de Lugo. O processo de expropriaçom, ainda consumando-se em toda parte onde as autoridades decidem levá-lo a cabo, apresenta notáveis irregularidades por concelhos: em alguns a acçom da *forestal* nom deixa de ser superficial, enquanto que noutros motiva um conflito sócio-económico e ambiental soterrado que condiciona a vida das zonas mais montanhosas, prolongando-se durante todo o primeiro franquismo e alcançando o seu culmem no primeiro trecho da década de 50[30].

As denúncias registadas desde os inícios de século até 1936 som praticamente insignificantes, o que dá ideia do pouco zelo da administraçom florestal à hora de controlar o território e punir as infracçons cometidas. Há que aguardar a que amainem os tempos de guerra para o Novo Estado redesenhar o organigrama da administraçom florestal cara um funcionamento mais estrito. Em 1941 o Distrito Florestal passa a ser de âmbito estritamente provincial, centralizando-se em Lugo e ganhando em cercania geográfica ao lugar onde se produzem as infracçons; acompanha-se esta reforma da constituiçom do já citado Serviço Obrigatório de Trabalho Florestal, com estreita ligaçom com a Falange, e que leva à instalaçom permanente dum serviço de guarderia nos montes a vigiar. A reestruturaçom administrativa acompanha-se dum crescimento sensível das denúncias, complementando o labor que o PFE materializa no mesmo terreno e na mesma fase. A apropriaçom colectiva de terrenos para a sementeira começa a ser objecto de sançom, como tamém o aproveitamento de distintos materiais de uso comunal, caso da lenha ou da lousa. Mas é sobretodo o pastoreio o alvo da perseguiçom da polícia rural. Pastoreio que, como veremos, nom exprime só a necessidade de utilizaçom dos terrenos vizinhais, senom umha vontade organizada de empecer o bo andamento das repovoaçons e, portanto, a consumaçom do que se considera um roubo legalizado e consagrado pola violência e a coerçom. Quem leva o gado ao monte e transgrede os limites territoriais tam rigidamente impostos polas autoridades do franquismo manifesta de maneira velada e inteligente o descontentamento e, à vez, enfreia e obstaculiza as labouras da *forestal*. Tentaremos expor sintenticamente as características do processo punitivo –e da resistência com a que se relaciona– que se inícia na altura:

Detecta-se umha grande irregularidade na distribuiçom territorial da conflitividade, escorada em termos gerais cara a parte Leste da comarca e pivotando quase em exclusiva num determinado número de parróquias do concelho de Samos, as pertencentes à zona montanhosa de Lôuçara. Tal irregularidade é expressom do nível de dependência das populaçons do monte e, noutro nível, do desigual

interesse e esforço da administraçom florestal no momento de se apropriar do território e passar a geri-lo. As apressadas vagas repovoadoras dos finais dos 40 contrastam com o relativo abandono de outras terras, ao longo dum processo já desvelado noutras obras[31].

Os usos perseguidos e sancionados pola administraçom nom som em exclusiva resposta à intervençom estatal, mas actividades quotidianas secularmente realizadas que se mantêm em forma de desafio ao aparelho coercitivo do franquismo. As denúncias pontuais das primeiras décadas do século ilustram a total normalidade das roturaçons no terreno comunal. Se o pastoreio nom figura é porque ainda nom se considera um delito nem constitui motivo nengum de preocupaçom.

A conflitividade abrolha, com mui poucas excepçons, no momento em que o Estado passa da expropriaçom de direito à expropriaçom de feito, quer dizer, justo nas datas em que se assinam os consórcios e se começam as plantaçons. Segundo a informaçom dos protagonistas de um e outro lado, as motivaçons variam; para os labregos trataria-se da continuaçom ininterrumpida dum costume e necessidade imemoriais, e para a administraçom a expressom dumha oposiçom desenhada e executada premeditadamente contra os planos de suposta optimizaçom e racionalidade económica do regime. No momento de debruçarmos nas vontades dos protagonistas veremos este particular com mais detalhe.

Apesar do protagonismo indiscutido do PFE, é o conjunto da engrenagem administrativa e coercitiva do Estado a que se pom em funcionamento, em consonáncia com a viragem global que o franquismo impom neste eido. Naqueles montes geridos por ambos os organismos, o Distrito Florestal e o PFE compartilham protagonismo, por vezes com um papel quase parelho.

A força com a que a comunidade mantém o pulso no primeiro momento das repovoaçons é seguida invariavelmente por umha certa retirada, como nos indica a descida do número de denúncias. Ainda, o replegamento nom é total, e a resistência premeditada volta de novo poucos anos mais tarde. O peso da bota do PFE, com a coerçom da guarderia, as sançons económicas e as detençons (mui pontuais, mas nom por isso pouco relevantes) deixa-se sentir com força. Tamém os próprios aspectos técnicos influem, já que umha repovoaçom de vários anos, com árvores de certa idade, é dificilmente atacável se nom é por métodos bem mais drásticos e arriscados[32]. Como continuidade à baixa podemos qualificar o ritmo das resistências desenvolvidas trás os momentos mais álgidos da repovoaçom. O gráfico seguinte dá ideia da distribuiçom das sançons e da estratégia de colectivizaçom das denúncias para fazê-las mais facilmente assumíveis.

Dentro do conjunto das infracçons, salientam duas modalidades, ubicadas aliás em cadanseu marco cronológico: as roturaçons de terrenos, que constituem a primeira prática perseguida pola administraçom quando esta se dota dumha ferramenta provincial, e o pastoreio, autêntico cavalo de batalha do PFE. A primeira conleva em todos os casos participaçom colectiva –de toda a casa ou da vizinhança[33]–, enquanto a segunda se leva a cabo normalmente em solitário, como tentativa evidente de apresentá-la diante da administraçom florestal como nom intencionada e fruto do despiste.

A descida do número de infracçons nom é tam só umha fugida ante os temidos efeitos da forestal, se nom um reajustamento da estratégia seguida: a menor cifra de denúncias, mais pessoas denunciadas. A presença no monte em grupos mais ou menos numerosos parecia dar às pessoas sancionadas umha segurança que nom ofereciam as incursons anteriores.

O papel das elites políticas locais: da colaboraçom à indiferença

Dentro do controlo milimétrico de toda a esfera política que o franquismo aborda de maneira sistemática, as alcaldias jogam um papel fundamental. A elas corresponde a destruçom desde abaixo do entramado institucional republicano e de aquelas parcelas de poder que o anterior Estado dispunha no nível municipal. No caso que nos ocupa, sabemos que os responsabilizados polo labor de destruçom da mais imediata realidade política republicana nom som recém chegados, mas representantes de velhas classes dominantes locais que o regime desloca, ou mesmo políticos sem adscriçom estrita sostidos indefinidamente no poder polo seu hábil manejo dos recursos do caciquismo e a rede clientelar[34]. O caso mais chamativo desta continuidade sui generis temo-lo na pessoa do alcalde de Sárria nos primeiros anos do Novo Regime: Fernando Taboada procedia do agrarismo de esquerdas e mantinha excelentes relaçons com a velha direita –ou direita cedista– do município. É este sector o que se vai ter que enfrentar na primeira posguerra com o conflito das repovoaçons, mantendo por vezes um apoio às pessoas repressaliadas que pudera parecer paradoxal. Na realidade, nom o é tanto, se considerarmos que umha das obsessons permanentes da administraçom florestal espanhola foi umha instituiçom municipal percebida como advogada defensora dos interesses labregos no que ao monte comunal diz respeito. Sendo o concelho o titular legítimo das propriedades comunais (caso da maioria de regions espanholas), ou bem sendo o titular ilegítimo duns terrenos da parróquia ou comunidade (caso da Galiza, com a sua original fórmula de propriedade vizinhal em mao comum), a instituiçom

local erigiu-se em mais umha peça dumha complexa aliança vertical em favor do matimento dos usos comunais ou, o que é o mesmo, da permanência da estabilidade e harmonia social assente nos tradicionais modos de uso. Este papel protector vai cambiar por confluência de vários processos diferenciados: um deles é a própria condiçom do Estado franquista como aparelho nascido da guerra e a coerçom e apoiado no vínculo governos civis-concelhos para executar a sua política de maneira autoritária e inflexível; outro, o papel adjudicado ao município desde o século XIX como instituiçom gestionadora do monte, trás a sua municipalizaçom, e obrigada a tramitar as denúncias que chegam da administraçom florestal. Se esta cercania com os labores de vigiláncia e repressom pudo noutros tempos facilitar a aplicaçom dumha linha branda e condescendente, no contexto do primeiro franquismo a execuçom das directrizes marcadas fai-se tarefa obrigada; nom podemos esquecer tampouco que a nova política florestal aproveita inteligentemente as dificuldades económicas municipais e tenta fazer do monte umha fonte de ingressos para diversas entidades institucionais, procurando a sua cumplicidade com o labor de desapossamento de terras. Os concelhos passam agora a fazer parte de cheio desse novo grupo de pressom nascido ao abeiro das repovoaçons massivas e indiscriminadas[35]. Mais difícil se fazia, portanto, refugar o seu importante papel no entramado repressivo contra o pequeno labrego:

Son Autoridades competentes para conocer de las denuncias, imposición y exacción de las multas y demás responsabilidades (…) los Gobernadores Civiles de las provincias y los Alcaldes (...) Las multas y responsabilidades pecuniarias de las demás clases de infracciones serán impuestas por los Alcaldes cuando su importe no exceda el límite para que les faculta la Ley Municipal (...) De todos los daños que se notaren en los montes públicos por la Guardia Civil, empleados del ramo y guardias locales, se formulará por escrito la correspondiente denuncia ante el Alcalde del término municipal.

O estudado na comarca de Sárria confirma a grandes traços o sugerido para outros casos. O concelho perfila-se, no momento em que o conflito se começa a fazer mais nítido, como um acérrimo inimigo da administraçom florestal, o que merece múltiplos comentários e tentativas de sançom por parte do corpo de engenheiros, demonstrando-nos assi que, tamém no nível micro, a homogeneidade ideológico-política e prática do Novo Regime nom era tal. Nos mesmos documentos-modelo para se tramitar as denúncias, o Distrito inclui invariavelmente já um trecho no que adverte a administraçom municipal de que se expom a medidas discipli-

nares se continuar enfrentando as diligências. A obstruçom deveu alcançar certa magnitude, dado que o tema é mesmo tratado na correspondência entre o engenheiro-chefe e o governador civil da província de Lugo para se efectivarem as medidas de força contra a alcaldia. Diz o primeiro a propósito da alcaldia de Láncara e do conflito dessatado nos montes Costal Velho e Serra de Ulhoa que

como quiera que hasta la fecha y a pesar de la insistencia con que se reclamaron las citadas diligencias todavía no las ha remitido a esta jefatura, causando las autoridades locales con esta frecuente actitud, verdaderos trastornos al cometido de este Distrito Forestal; ruego a V.E. que de acuerdo con la Ley de Régimen Local, imponga a dicha alcaldía la sanción a la que se ha hecho acreedora y le ordene sean remitidas a la mayor brevedad las diligencias interesadas.[37.]

Nem sempre as consideraçons som tam duras, mas avondam os casos de má comunicaçom e de pouco entendimento mútuo auspiciadas pola estratégia do despiste municipal. Além de se adiar a entrega das diligências, a alcaldia adoitava recorrer a outras medidas menos explícitas ainda, como nom dar o nome das pessoas que cometiam as infraçons ou nom apresentar dados fundamentais para o desenvolvimento do processo (cantidade de hectares roturadas, por exemplo). Tamém no concelho de Láncara se recebem notícias e queixas por este proceder tam habitual:

Considerando que debido al poco celo demostrado por la alcaldía en cooperar con el guarda a conocer los infractores y superficies ocupadas indujo seguramente a error al denunciante; pero que reconocido el monte posteriormente se ha comprobado que las superficies...[38]

O ocultamento e a nom intervençom nos debates com a administraçom florestal prova que, por vezes, a própria alcaldia refugava o choque e se escudava trás um dissimulo tamém em boa medida equiparável ao que reiteradamente utilizam os sectores mais fracos, carentes de qualquer reconhecimento institucional e estrutura organizativa estável. Sem embargo, mui pontualmente damos com declaraçons explícitas da alcaldia em favor das pessoas denunciadas, todas elas mui indicativas da percepçom do problema por parte da instituiçom municipal e da sua conexom com os interesses da comunidade:

Esta Alcaldía tiene el honor de informar en presente expediente, que los diferentes vecinos que se mencionan, con anterioridad a la intervención de algunos artículos, para sus necesidades hogareñas, muy distintas en el

campo que en la capital, para hacer frente a la manutención de sus ganados único medio para subsistir compraban las cantidades necesarias de centeno y piensos en los Almacenes, que en Puebla de San Julián y Sarria se dedican a ello; y que hoy en día carentes por una parte de estos almacenes de aprovisionamiento, y por otra parte estos que por sus condiciones, así como la necesidad de los menesterosos y el cumplimiento de las consignas de nuestro invicto Caudillo de elevar la producción del campo; obliga en toda aldea a los vecinos en su afán en primer lugar económico y en segundo patriótico a expansionarse (sic) por terrenos que el Estado no explota, a fin de conseguir los productos que le son muy necesarios.

Por todo lo cual estimamos no se debe proceder a la sanción por tal infracción sin prejuicio de mejor criterio.[39]

Em outras ocasions a alcaldia nom se inmiscui no estado da comunidade e procura algum tipo de manobra diversiva para impedir a sançom, afirmando que a infracçom nom é demonstrável:

Que si ciertamente el hecho constituye una infracción, sancionada por el R.D. de 8 de Mayo de 1884, no puede castigarse a persona alguna simplemente por indicios o referencias que no hayan sido probadas; y mucho menos en el presente caso, cuando los presuntos encausados demuestran el uno que se hallaba ausente y el otro que nunca trabajó en dicha cantera de "Trendeira"[40].

Há, ainda, umha outra linha argumental dos concelhos. Afirmando-se conhecer o cerne do problema, pronúncia-se contrário à aplicaçom da lei tal e como a executa o PFE. Dos resultados de tal petiçom dam-nos conta os próprios engenheiros-chefes, que nom duvidam em acusar a alcaldia de deliberado obstrucionismo e dum desconhecimento preocupante da legislaçom de montes.

Erraríamos se pretendêssemos tirar de todo o antes dito a conclusom de os concelhos constituirem um autêntico baluarte contra o desapossamento. Interessa salientar aqui que se trata dum apoio só pontual, maiormente ineficaz, escassamente sistemático e com um ritmo decrescente a medida que se passam os anos. Quando a repovoaçom é um facto –e quando os seus benefícios, suponhemos, deixam sentir os seus efeitos nas arcas municipais– a inibiçom mais completa substitui as antigas escaramuças administrativas em favor da vizinhança. Segundo os dados extrazidos do arquivo, só num 7% dos casos estudados figura algum tipo de apoio activo da instituiçom municipal aos repressaliados, apoio que aliás decai nas décadas de 40 e 50. Graças à fonte oral pudêmos saber da pegada que na memória colectiva ficou deste restrito auxílio institucional:

O alcalde queria defender-nos, pero o ayuntamiento tampouco non ia en contra da forestal (...) e que o ayuntamiento naqueles tempos, o ayuntamiento de aqui de Samos estavam tirados uns cos outros e havia moita política (...) era quem nos tinha que defender. Havia umha política no ayuntamiento que umhos tiravam para um lado e outros tiravam para o outro. O alcalde defendia-nos, pero tinha outros, os conceghales que... o alcalde mismo falou comigo e dixo-me: eu se os coceghales se ponhem em convénio comigo... Pero daquela havia umha política bárbara.[41]

A surdeira do Estado

Se as elites locais e o campesinado se vem forçados a se mover nessa indefiniçom característica dos subordinados sem grandes recursos organizativos e sem capacidade nengumha de pôr desafios abertos a quem detentam o poder, a actuaçom da administraçom florestal apresenta a maior clareza: o desapossamento é necessário para o interesse nacional. Qualquer matiz que se lhe apuger supom boicote deliberado à política florestal e, num sentido amplo, ao projecto de decolagem económica ideado polo *caudilho*. Este discurso oficial –assente numha falácia manifesta como é o teórico apoio franquista ao agro e significativamente ao pequeno proprietário[42]– explicita-se umha e outra vez nos expedientes através dos textos redigidos polos engenheiros nas suas petiçons reiteradas de condena. Som duas linhas fundamentais as seguidas: a necessidade de sançons exemplarizantes face as vozes que pediam certa condescendência, ainda apesar de nom reunir-se provas necessárias para justificar a existência de faltas ou delito, e a negativa a considerar a validade da documentaçom apresentada polas comunidades. O recurso à via legal e chegado o momento ao pleito, com um peso histórico considerável entre todas as formas de resistência que adopta o campesinado galego nom decai em importáncia nesta etapa do contencioso sobre a propriedade dos montes[43]. Se bem as declaraçons das pessoas denunciadas som habituais, só umha minoria insignificante dá batalha nos tribunais apresentando recurso. Nas décadas seguintes esta fará-se umha ferramenta de primeira orde por parte dos despossuídos. A ausência da via do pleito no caso estudado parece explicar-se à luz da absoluta falta de recursos económicos das comunidades e do peculiar contexto sócio-político vivido na altura:

Aqui arreponher-se bravamente nom se arreponhêrom (refere-se à vizinhança); fôrom a advogados. Pero nengum advogado quijo enfrentar-se e defender o monte. Em princípio diziam que tínhamos a lei, que o monte que era nosso. Pero nom se opugêrom por duas questions; primeiro

porque os advogados co regime que havia nom se quijo enfrentar e segundo meios económicos tamém eram mui reduzidos para poder-se enfrentar a um pleito destas envergaduras (...) Quando a gente tem que emigrar por nom poder comer os meios económicos som mínimos.[44]

Achamos casos pontuais nos que a batalha se apresenta no terreno legal, com pequenas vitórias labregas mui excepcionais[45]. Os recursos podem tentar justificar o trabalho no monte por mera necessidade económica, com o que a negativa da administraçom florestal, ou argumentar em favor da propriedade vizinhal:

La prueba de nuestra titularidad dominical está, además de en la posesión inmemorial de tal concepto, en la documentación a la que hicimos referencia en el expediente, y que damos por reproducida aquí (...) Los montes en los cuales hice labores de aprovechamiento tales como pastoreo o roturación, son de propiedad de los vecinos de Montán, que los viene aprovechando con tal titularidad, quieta y pacíficamente, al igual que sus antepasados, desde tiempo inmemorial.[46]

Este tipo de argumentaçons de pouco podiam valer a umha administraçom que em nada valorava o direito consuetudinário e dizia procurar provas mais sólidas. Umha das argumentaçons mais reiteradas pola administraçom florestal ou a advogacia do Estado referia à falta de documentaçom que amparasse as demandas labregas. Acontece no caso de 39 vizinhos e vizinhas de Montám denunciados por roturaçons e que se decidem a apresentar um recurso no concelho. O advogado do Estado, que estuda o recurso, é talhante na sua comunicaçom ao engenheiro-chefe da brigada, afirmando que ainda que se alegue a possessom de documentaçom, de nada vale se esta nom se apresenta. Ainda no momento da verdade tampouco havia um interesse especial por dar validade à documentaçom que algumhas comunidades podiam achegar (com certeza com um grande esforço, designadamente económico). A vizinhança de Sam Cristovo (Samos), parte da qual participou no sonado ataque ao viveiro do PFE, apresentou antes da década de 50 um conjunto de documentos justificativos entre os que se achava umha escritura de 1819, umha relaçom de vizinhos e vizinhas de Sam Cristovo que têm direito a usufrutuar parte dos montes aforados polo convento de Samos, um prorrateo de 1834, e umha certificaçom na que se exclui os montes Oríbio-Branha do catálogo de montes de utilidade pública dos finais do século XIX por nom existirem dados avondo[47]. Apesar desta esforçada tentativa da comunidade por apoiar documentalmente a sua propriedade de facto, em nada muda a posiçom

oficial. A sua cerraçom constitui umha mostra bem significativa do talante com o que o Estado acomente na primeira posguerra o conflito; talante que raramente contempla medidas de consenso e pacto e traslada a própria dureza empregue pola polícia florestal ao campo jurídico. Nem o mínimo signo de indulgência se apresenta nos expedientes consultados, nos que se acumula um importante património documental que o Estado tamém expropriava às comunidades antes de confirmar a sua negativa a qualquer avença. Como acontece em outras comarcas já investigadas por distintos historiadores, tamém aqui a administraçom fica com as provas documentais que a vizinhança apresenta[48].

A blindagem jurídica contra a maior parte das reivindicaçons labregas legalmente sostidas é parte integrante da repressom estatal, que fazia aparecer o poder, em qualquer umha das suas manifestaçons, como um ente alheio e hostil a toda proposta popular, até mesmo se esta nom tinha significaçom explicitamente política. Pouco podiam fazer as comunidades livrando a batalha exclusivamente no terreno do pleito. Cumpria utilizar ferramentas diversas para empecer a consumaçom do processo e ganhar certa margem de tempo antes de se desfazer de parte do seu património ou enviar algum familiar à emigraçom como estratégia de sobrevivência. A perda de populaçom e a passagem a outro modelo agrário nos parámetros produtivistas da revoluçom verde enfraquecerám o velho papel do monte[49].

Atitude ante as denúncias e identidade dos perseguidos/as

Em funçom dumha grande divisom estabelecida quanto ao tipo de infracçons cometidas, podemos distinguir dous tipos diferenciados de atitudes e, se calhar, dous tipos de motivaçons diferentes, se bem ambas nascem da vontade de sobrevivência e da percepçom da posiçom mantida como legítima e necessária. As denúncias causadas polas roturaçons som um exemplo claro de dinámica *aberta*: som perseguidas antes de se iniciarem as repovoaçons, com o que nom som umha reacçom directa contra estas; constituem umha expressom da actividade quotidiana que a administraçom fará logo subversiva; nom se enmascaram, realizam-se à luz do dia e amossam com toda nitidez o sujeito protagonista: a comunidade ou a casa, reunindo-se na maioria dos casos dúzias de pessoas. Em consonáncia com todas estas características, o discurso que justifica esta transgressom assenta na necessidade: a roturaçom leva-se a cabo por direito e por ser imprescindível para a comunidade. Se nom há fontes de sustento e o Estado –a autoridade, em termos mais amplos– se ausenta, a vizinhança tem pleno direito a

fazer uso das terras. O que diferência a roturaçom de outras formas de aproveitamento proibidas é que se alimenta dum discurso público, isto é, dumha declaraçom sincera tam válida para lhe comunicar às autoridades como para comentar de maneira informal na morada ou na taberna[50]. Infinitude de declaraçons, que têm já umha forma-modelo, provam esta estratégia:

Los montes en los cuales hice labores de aprovechamiento (...) son de propiedad de los vecinos de Montán, que los viene aprovechando con tal titularidad, quieta y pacíficamente, al igual que sus antepasados, desde tiempo inmemorial.[51]

O discurso da propriedade inmemorial parece sair sem intermediaçons da comunidade campesina, ainda que seja um advogado quem se encarrega de redigir os recursos nas contadas ocasions em que estes se apresentam. Nele, pouco importa se as catalogaçons fôrom avante ou nom, se se aprovou umha lei de montes em 1885, ou se o concelho pujo a disposiçom do PFE terrenos da vizinhança. O que conta, a efeitos práticos e de legitimidade moral de fundo, é que o direito o impom um trabalho de séculos exercitado nas aldeias e parróquias. Porém, polo peso crescente das argumentaçons estatais, pola intervençom progressiva do aparelho administrativo na quotidianeidade campesina, pola absoluta insolvência da reivindicaçom consuetudinária à hora de se fazer valer nos corredores municipais ou nas audiências, está presente tamém umha linha argumental que intercala a defesa da tradiçom com o recurso a acreditaçons de propriedade. A acçom sostida do Estado a penalizar estas atitudes e a desprezar de maneira reiterada as argumentaçons em defesa do costume ou as tentativas de justificaçom documental tamém fizêrom melha nas pessoas sancionadas. É entom quando a vontade de enfrentamento desaparece e nem tam sequer há lugar para a picardia, o engano e a hipocrisia. Os repressaliados e repressaliadas recorrem entom ao discurso da caridade, mantendo como único princípio legitimador da sua atitude a necessidade de combater a fame:

El recurrente sembró de centeno (...) un pequeño trozo de terreno que restaba de su finca a monte, que posee como partícipe de los montes del pueblo, el cual ya tenía roturado, a fin de aprovecharlo porque el declarante, de condición económica muy precaria, se ve en la suprema necesidad de obtener alguna cosecha de cereal en el monte (...)

Por todo ello, encarece del Sr. Ingeniero Jefe encargado de la policía del monte repoblado le tenga en cuenta estos extremos, así como que el declarante no obró por malicia.[52]

Temos que ir às maioritárias denúncias por pastoreio para ver em toda a sua magnitude umha forma de desobediência claramente desenhada que se exprime em diferentes níveis: na prática, porque além de obedecer a umha necessidade económica de primeira orde, permite umha série de actividades lessivas para a plantaçom que se realizam de maneira deliberada: destruçom dos pequenos pinheiros, queimas pontuais, inutilizaçom da plantaçom tapando os buratos onde se introduziriam as árvores...com o pastoreio, a vizinhança vai ao monte de maneira aparententemente inocente, e nas declaraçons predomina o discurso do despiste, da parvice ou da culpabilizaçom de terceiros. Tamém nom é estranho o caso da pessoa denunciada que nada tivo a ver, de maneira directa, com o pastoreio: ele estava a se dedicar a outras labouras e mandou com o gado o filho, o mais velho da casa ou outro parente, dizendo que desconhece todo sobre a destruçom do arvorado. Esta conduta geral de inibiçom é o correlato dumha maior dureza estatal, que impom mudanças de estratégia:

Debo informar con todo respeto a V.S. que la declaración hecha por M.A.L. en parte son ciertas pero la realidad es que el hijo llamado F.A.M. fue el que lo trabajó y vive con él en la misma casa, pero como es insolvente por eso hacen ese manejo para esquivarse de la multa.[53]

A falta de dados mais concretos, e sempre em funçom do que umha leitura delongada das fontes nos pode transmitir, podemos tirar várias conclusons sobre a atitude das pessoas denunciadas e a sua origem social:

Umha certa desinibiçom e sinceridade com a administraçom florestal muda aginha em ocultamento e reforçamento da acçom *clandestina*, resposta a um Estado surdo e ferramenta mais acaída para acometer a destruçom parcial das plantaçons. A passagem das denúncias por roturaçom às de pastoreio representa a transiçom de umha a outra etapa.

O enfreio da acçom da *forestal* é umha constante que atravessa todo o processo: ausência no momento das declaraçons, tardança no pagamento das multas, nom pagamento e ingresso em prisom...mais de mil vizinhos e vizinhas som repressaliados de umha ou outra maneira desde 1939.

As áreas mais duramente castigadas polo PFE som aquelas com maior dependência do monte, designadamente as da montanha de Samos. Umha agricultura já de por si precária e sobrepovoada é privada dum soporte fundamental. Isto força a umha grande coesom comunitária que deixa de parte contradiçons internas para livrar umha batalha –finalmente perdida– contra um Estado omni-

potente. As pessoas repressaliadas que declaram insistem umha e outra vez na sua penosa condiçom económica, como tamém o fai a alcaldia naqueles momentos pontuais nos que se decide a socorrer a sua vizinhança. Ainda que desconfiarmos das declaraçons –e bem podíamos fazê-lo, ao estarmos estudando discursos camuflados e normalmente tramposos–, as sançons adoitam confirmar esta realidade. Numerosos vizinhos vem como se embarga parte do seu cativo património por nom pagamento e outros, por carecer dele, vam directamente a prisom[54]. O monte era, tamém nesta comarca, um bem de uso de acesso relativamente igualitário que constituia o *socorro de menesterosos* ao que se tem aludido em tantas ocasions. Daí que umha vizinhança desgastada pola pressom estatal nom desista e alcance índices tam altos de reincidência.

Aliás da ubicaçom sócio-económica das pessoas denunciadas, resta por determinar a sua possível relaçom com estruturas associativas ou políticas da preguerra. Os dados cotejados nom nos permitem ser concluintes neste aspecto, mas si podemos aventurar certas sugestons: umha, que o carácter massivo e quase unánime das resistências quotidianas dam a estas umha dimensom que supera com muito qualquer filiaçom societária; e outra, que dada a eclossom agrarista produzida nos anos republicanos, é mais que provável que os que noutrora foram dinamizadores sociais e se salvaram da repressom mais dura agiram agora com um certo protagonismo no combate às medidas da *forestal*. A presença coincidente de alguns nomes pode avalar esta hipótese: José Macía Capón e Manuel Barreal García figuram respectivamente como presidente e tesoureiro da *Sociedad Partido Agrario Radical de Sam Martinho de Lousada* entre 1933 e 1934; os nomes de ambos aparecem tamém citados nos expedientes de denúncia por *usos indevidos* do monte em pleno franquismo[55]. Resta por desvendarmos o cerne de todo este episódio de desobediência colectiva: qual a repressom concreta que enfrentava, que redes o alimentavam, em que discurso assentava, qual era o grau de organizaçom, e qual foi o sucesso mantido no enfrentamento da repressom e pervivência dos modos de uso comunais. Veremo-lo a jeito de conclusom:

Descontentamento e organizaçom. Desobediência ou resistência?

A dinámica das comunidades em defesa do comunal é analisável como umha modalidade de acçom colectiva que podemos considerar contenciosa, porquanto forçosamente recorre a estratégias de enfrentamento velado com um Estado que reprime modos de uso essencialmente contraditórios com a aposta industrialista

do Regime. A histórica incompreensom do Estado liberal para com as propostas campesinas nom podia desembocar em outra soluçom, durante o franquismo, que na repressom na que o novo estado se treina desde as suas origens. Num senso mui amplo, até se pode entender a política económica do primeiro franquismo como umha das partes constituintes dumha engrenagem de enquadramento repressivo global desplegada tamém nas frentes ideológica (unificaçom rigorosa de todas as forças direitistas) e política (Franco como chefe absoluto, tanto do Estado quanto do exército). A economia seria mais um chanço dum processo de *disciplinarizaçom* e enquadramento totalitário que poria todas as capacidades humanas, recursos materiais e ambientais –entre eles o monte– a trabalhar polo mantimento do novo estado[56]. O grande marco condicionante da acçom colectiva que estudamos deve achegar-nos alguns elementos clarificadores: a repressom –entendida como toda medida do Estado que supom custos na acçom do cotendente– nom é umha realidade cingida a determinados âmbitos da sociedade da altura: é um agente de primeira orde que nom deixa lugar para qualquer acçom autónoma e obriga a repensar e reformular todas as estratégias, desde a sobrevivência até a contestaçom, passando por formas de expressom quotidianas noutrora inócuas. Todas as práticas sociais (o que se diz e o que se fai) estám mediadas por um poder que, além dos seus desplegamentos mais espectaculares, se extende quotidianamente no interior da comunidade e nas relaçons entre esta e o exterior. Nom é em absoluto intranscendente esta atençom ao poder micro porque, como veremos logo, da autonomia de certos espaços sociais vai depender a posta em andamento ou nom de estratégias desobedientes ou resistentes. Nom há poder que nom desça até os espaços diários e nom políticos para se aplicar e provar, exercendo a repressom quando alguém o desafiar, e nom há impugnaçom do mesmo que nom comece por estes níveis mais baixos e aparentemente instranscentes, cargados dumha significaçom profunda que só os estudos micro podem desvelar.

A intencionalidade dos comuneiros, que a houvo, foi a que motivou a diligente actuaçom repressiva. Esta começa polo reforçamento da polícia florestal desde o momento em que o distrito se fai de âmbito provincial: aumento do número de guardas, ubicaçom destes nos núcleos de populaçom afectados pola repovoaçom, comunicaçom constante dos agentes com a administraçom florestal através do envio detalhado das diligências com todo tipo de informaçons sobre as infracçons perseguidas[57]. Este controlo minucioso dum território que noutrora foi de domínio pleno para o campesinado foi em si mesmo umha forma de coerçom e umha via

para o conhecimento detalhado das actividades e atitudes labregas, e como tal umha forma de repressom que se complementava com toda a variedade de modalidades de intervençom do novo estado na vida das gentes. Isto motivou grandes tensons, algumha das quais ainda nos pode transmitir a fonte oral:

O guardia incluso vivia aqui no pueblo. Em princípio a situaciom foi incómoda, bastante incómoda, porque claro (...) Daquela houvo bronca gorda. Logo falemos claro: o guardia nom podia ir ao monte. Se chega a ir ao monte ocurririam cousas[58].

Pouco mais podemos saber desta parte oculta da resposta campesina e da repressom informal que provavelmente a acompanhou (ameaças, coacçons, etc.). As fontes manejadas som totalmente parcas neste sentido. A parte mais chamativa da via repressiva fôrom as multas e indemnizaçons que as pessoas afectadas se vírom na obriga de pagar. Como em outros casos, o facto de dispormos de dados quantitativos perfeitamente debulhados inclina a valorizar quase em exclusiva este aspecto; nom por isso queremos deixar de considerar a possível existência de outras formas de repressom informais, exercidas pola polícia florestal, guarda civil ou elites locais, que contribuiria tamém para enfraquecer a decisom labrega de utilizar e gerir os próprios recursos.

Quanto à repressom económica, as cantidades exigidas em conceito de multas pola administraçom florestal som sempre altas e em nengum caso testemunhais, dependendo sempre da valorizaçom dos danos causados à repovoaçom, da extensom de terreno aproveitado ou da vizinhança implicada. Naquelas situaçons nas que a comunidade fai umha demonstraçom de força e desafia a forestal, esta aplica o máximo rigor nas penas. A título de exemplo serve-nos o acontecido em 1955 na parróquia de Sam Martinho da Torre, no Páramo, quando som denunciados mais dum cento de vizinhos e vizinhas no monte Costa do Páramo, acusados de umha roturaçom. A multa exigida é de 10250 pesetas, pagada rigorosamente por todas as pessoas implicadas apesar das petiçons encarecidas do alcalde em favor da absoluçom[59]. Cantidades menores, mas nada desprezáveis, abonam os vizinhos surpreendidos em pleno pastoreio e responsabilizados pola destruçom de pinheiros. Em Sam Cristovo, umha das parróquias mais afectadas da zona montanhosa de Samos, os grupos de mais de dez homens que acudiam com o gado ao comunal tinham que pagar cantidades superiores às 2.000 pesetas. Tampouco nom havia demasiada condescendência para outro tipo de actividades que já analisamos como pouco ou nada lessivas para os interesses directos da admi-

nistraçom florestal. Em 1953, o vizinho de Vilouçám (concelho de Láncara) R.Poy paga 2160 pesetas por extrazer lousa para usos domésticos no monte Meda. Os exemplos, pensamos, som de seu eloquentes para compreendermos que cartas jogava o Estado nos anos mais duros do processo. Apesar desta dureza, e como já vimos, a expulsom das comunidades do monte nom é imediata; terá que consumar-se umha nova vaga migratória e ficarem os habitantes destes lugares totalmente exaustos para o conflito cessar e as reincidências massivas deixarem de ser a nota dominante. Todo o exposto ajudará-nos a situar correctamente o desafio labrego contra a repressom franquista:

Em primeiro lugar, cumpriria salientar que o campesinado é o mestre e principal expoente dumha modalidade de acçom comum a todos os colectivos oprimidos e carentes dos mínimos recursos: a que tem a ver com o emprego das *armas do débil* ou com as formas quotidianas de resistência[60], estratégias de desgastamento constante do adversário que evitam o choque aberto e, ainda, demonstram umha grande viabilidade quanto à consecuçom de objectivos com escassos custes repressivos. Esta investigaçom micro desmente, antes do mais, umha presunta paz social omnipresente na Galiza de posguerra que assentaria na própria conformaçom sociológica do País e na predominância do pequeno proprietário. Se os estudos de história política ponhem de relevo que o 39 nom é ponto e final para dinámicas resistentes, e que subterraneamente pervive umha dinámica contestatária constante no tempo e de grande relevância[61], a história agrária que debruçou nos conflitos por volta da propriedade comunal tirou à superfície umha outra face da luita social. Esta livra-se longe dos esquemas particulares adoito importados da sociedade civil urbana, num contexto no que o processo de politizaçom e ósmose com a cidade é bruscamente gorado e no que ganham peso o *discurso da máscara, o destroço involuntário* e a prática sistemática do engano. Com Hobsbawm, temos que dizer que esta é efectivamente mais umha forma da luita de classes[62].

Aqueles esquemas que estabelecem umha nítida separaçom entre um repertório antigo e um repertório novo de acçom colectiva som de duvidosa aplicaçom em casos como o exposto. A desobediência massiva dos labregos de Sárria nom se acha em nengum deles ou está a cavalo entre ambas. O que manifesta é a existência dumha ampla zona gris no comportamento colectivo e na relaçom dos subordinados com o poder que nom pode ser apreendida em exclusiva à luz dos exemplos mais convencionais. Quem nom disponhem dum ideossistema elaborado em termos de politizaçom contemporánea, de mais recursos organizativos que os que proporciona a comunidade de origem, nem mais canais de expressom que os clandestinos e

nom institucionalizados recorrem a fórmulas descentralizadas de actuaçom nem sempre compreensíveis desde o exterior.

A desobediência ou resistência entendidas como práticas sociais som em si um discurso –têm umha lógica que pretende exprimir descontentamento–, ainda que nom se materialize necessariamente em palavras. Dá pé a compreender a percepçom do mundo e dos direitos reclamados e mostra o construto de toda identidade, no nosso caso o dumha comunidade defensora do igualitarismo parcial assente nos comunais à que nom se permite dizer explicitamente que o Estado rouba e condena à miséria. O falso respeito às autoridades e a aparente aceitaçom da repressom agacha um desafio sostido de centos de maneiras. A justa valorizaçom da acçom colectiva campesina com a que associamos as dinámicas dos labregos de Sárria obrigam a resituar o papel da racionalidade desde a que se julgam os movimentos resistentes; a romper, enfim, com umha teoria restrita e a contemplar trás os panos de fume da aparente ingenuidade a existência de planificaçom, meios e objectivos alicerçados no universo da comunidade[63]. O vigor comunal na Galiza do primeiro franquismo fijo possível, no caso que nos ocupa, a prática unanimidade labrega contra o desapossamento, desplegando em todo o potencial o seu poder de coerçom (ameaças ao guarda, destroços contínuos) e, no extremo contrário, de incentivos selectivos para aquelas pessoas implicadas na luita contra a *forestal*: ajuda económica em situaçons de penúria, ofrecimento de leito ou morada, posta em disposiçom de terras para a laboura. Estas práticas fôrom parte constitutiva do *aparelho de socorro*, vigorante na aldeia galega nos tempos mais ermos da posguerra[64]. Os habitantes dos lugares significados na defesa do comunal nom tinham porque partir necessariamente de nengumha experiência de politizaçom colectiva nem de consciência cívica, para além do compromisso com as elites locais para a soluçom dos problemas do contorno imediato na sua relaçom com o exterior. Mas partiam, o que é especialmente importante, dumha série de valores em comum fondamente compartilhados; de relaçons entre eles directas e múltiplas; dumha reciprocidade geralizada e equilibrada (nom isenta de fundas contradiçons) cujo maior expoente eram os usos colectivos do monte. Neste denso entramado, as possibilidades para o Regime intervir directamente faziam-se menores, e nos espaços escassamente afectados pola pressom estatal é onde se pom em comum o discurso da legitimidade e do combate aos abussos, e onde se desenham, sempre ocultando-se às olhadas alheias, as medidas a tomar para empecer o avanço da *forestal*. Por muito que todo isto nom figure nas fontes, e que as denúncias se registem como produto de múltiplas obsessons individuais de pessoas que se negam a sair

do monte, nom há iniciativa sostida contra as medidas do Estado que nom parta de redes prévias e dum espaço substraído à vigilância completa e o poder. O franquismo, apesar do seu poderio repressivo, foi incapaz de chegar a estabelecer as condiçons para o domínio e a submissom absolutas: a soidade completa na que, como lembram Scott e Foucault[65], toda resistência é impossível. A um conjunto incomunicado e formado por compartimentos estancos de casas ou vizinhos alheios a qualquer sentido de solidariedade, apoio mútuo e capacidade de sançom contra o dissidente só lhe restaria contemplar as repovoaçons e desfazer-se de imediato do gado que já nom se podia manter. Ainda que as discussons meramente terminológicas nom adoitem dizer grande cousa, o certo é que neste caso si se pode falar estritamente de resistência. Resistência que parte dumha extensom massiva de práticas desobedentes, da utilizaçom constante do protesto com a sua lógica expressiva, e da planificaçom de múltiplas estratégias para superar a situaçom imposta. Nom se precisa texto programático nengum, e avonda a reivindicaçom permanente do costume[66]. A expressom *lo hacen por acuerdo de todo el pueblo* inça o epígrafe de *observaçons* dos atestados da polícia rural, eliminando qualquer errada suposiçom que pretendesse associar o fenómeno estudado com simples explosons de ira ou de espontaneísmo individual. Contra aquele lugar comum dos estudos históricos que só concebia umha acçom colectiva labrega a jeito do estoupido pontual que os *letrados* liam no tumulto e no motim, é obrigado assinalar que o campesino tamém conhece as artes da planificaçom, a dosificaçom de recursos e os golpes certeiros[67].

Se fomos prudentes na asseveraçom de que o processo de descontentamento era, na realidade, resistência, nom foi por faltarem indícios que apontassem nesta direcçom, mas pola cautela demonstrada polo colectivo desobedente e o próprio Estado no momento de expor as razons do conflito. Num Regime presuntamente assentado na *soberanía del campesinado* mal se poderia reconhecer que havia milhares de pequenos proprietários *essencialmente conservadores* a resistirem dia si e dia tamém as directrizes da administraçom florestal; no bando dos despossuídos, da eficácia do discurso da distracçom e o engano dependia a própria sobrevivência. Os uns procuravam desenhar harmonias inexistentes e os outros ocultar motivaçons e estruturas que os fariam alvo apetecível da maquinária estatal. Com motivaçons bem distintas, os contendentes coincidírom em transmitir na altura através de senlhos *discursos públicos* um consenso e paz social que ocultavam a vasta balbúrdia que ecoava ao fundo.

Do anterior desprende-se um aspecto relevante: a atitude tipicamente adjudicada ao campesinado galego encarna-se no manejo

habilidoso desta ferramenta tam versátil que é o discurso: respeitoso e até servil cara o exterior, crítico, desinibido e combativo cara o resto da comunidade com a que se compartilham anseios e resistências. Petiçons de indulto, justificaçons no despiste ou chamadas à caridade quando trata com a administraçom franquista; reunions e planificaçom colectiva, deslegitimaçom explícita do Estado, ameaças ou rumores, nos espaços quotidianos e de controlo menos férreo. Insiste Scott[68] que quanto maiores som as barreiras entre o poder e os dominados (o primeiro franquismo é um caso paradigmático de fosso tam profundo entre governantes e governados) mais rico e complexo se fai o discurso oculto, mais grossas som as máscaras da submissom e mais numerosas e variadas as formas desobedentes e resistentes, da brincadeira satírica à sabotagem anó-nima. Afeito a esta realidade, o labrego ou labrega galega rematou tamém por adoptar a partir da sua infrapolítica os riscos da própria máscara que pujo: nom revelar todas as cartas para minimizar a repressom, empregar as armas veladas em segredo ou poder utilizar em proveito próprio a trama clientelar. Umha zona gris mui ampla que desmente aquelas interpretaçons unilaterais que só assóciam o descontentamento com o conflito aberto plasmado em coordenadas políticas, e que vem consenso incontestado onde há um silêncio aparente. Grandes desacordos podem exprimir-se discretamente na quotidianeidade e grandes desafios podem colocar-se sem provocar demasiado ruído para renegociar as relaçons de poder. Foi o próprio franquismo, e nom é por acaso, quem décadas depois reconheceu (ainda numha proposta escassamente prática e cargada de imperfeiçons) a propriedade vizinhal em mao comum. O silêncio surdo da longa ditadura nom equivaleu a parálise e total inibiçom dos tantas vezes esquecidos pola história.

Notas

[1]Fernández Prieto, L., Soto Fernández, D.: *Política forestal e conflitividade nas terras comunais de Galiza durante o franquismo (1939-1975)*, Departamento de História Contemporánea/IDEGA, USC, 2001; Grupo de Estudios da Propiedade Comunal: L*a devolución de la propiedad vecinal en Galicia en el tradofranquismo y la transición. ¿Alternativa productiva o conflicto de propiedad?*, VIIº Simpósio de História Económica, Barcelona, 2002.

[2]Balboa López, X.: *O monte en Galicia*, Xerais, Vigo, 1990.

[3]Eduardo Rico cita esta expressom ao se referir à retórica fascista que o Novo Regime emprega nas suas iniciativas económicas (in Rico Boquete, E.: *Política forestal e repoboacións en Galicia (1941-1971)*, USC, Santiago de Compostela, 1995). Lembremos que a monoespecializaçom madeireira dos montes galegos se contrapunha à plurifuncionalidade que exigia um complexo agrário necessitado de ferti-

lizantes (tojo ou carqueixa), terrenos para o cereal, espaço para o gado ou recursos secundários (lenha, lousa, caça, pesca...)

[4]Deve-se fundamentalmente a J.C. Scott esta achega teórica, sintetizada na expressom as *armas do débil*. Mais adiante veremos o potencial que esta focagem tem para o nosso objecto de estudo.

[5]Rico Boquete, E.: "Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo. 1939-1959", in *Historia Social*, nº 38, Madrid, 2000. Neste artigo damos com algum dos casos mais salientáveis de resistência em distintas comarcas galegas: ocupaçom de terrenos expopriados ou paralisaçom de obras som alguns dos exemplos.

[6]*Censo de la población de España de 1940,* Tomo IX, Barranco, Madrid, 1940. Concelhos como Oíncio ou Paradela tinham na altura um 16% e 15%, respectivamente, do total da sua populaçom emigrada.

[7]Ministerio de Industria y Comercio: *Comisaria de Abastecimientos y Transportes: libro 9*, 1944, partido judicial de Sárria. Esta fonte dá informaçom bastante pormenorizada da composiçom sócio-profissional da comarca, ponhendo de relevo que em concelhos como Oincio a presença de obreiros era quase nula.

[8]Sobre a diferenciaçom, sempre pertinente, entre atraso e imobilismo no que o agro galego diz respeito Beiras Torrado, X.M.: *O atraso económico da Galicia*, Galaxia, Vigo, 1973; Matizando a visom tradicional do atraso galego e questionando de raiz a sua versom simplificadora, Fernández Prieto, L.: *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega. 1885.1936*, Xerais, Vigo, 1992.

[9]As alussons às pessoas denunciadas em nengum caso as vinculam com actividades políticas subversivas na preguerra; o concelho de Paradela, com núcleos esquerdistas mais numerosos e activos antes de 36, tem um protagonismo mui cativo na oposiçom às repovoaçons, enquanto zonas de menor efervescência política apresentam, desde a década de 40, uns altíssimos índices de desobediência à administraçom.

[10]Souto Blanco, M.J.: *La represión franquista en la provincia de Lugo*, Ediciós do Castro, Corunha, 1999, e *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Ediciós do Castro, Corunha, 1999.

[11]Miguel Cabo alude em algum dos seus trabalhos aos condicionamentos sócio-políticos desta área (Cabo Villaverde, M.: *O agrarismo*, ANT, Vigo, 1998).

[12]Se os índices de detençons políticas na altura abraiam nalguns casos por abultados, em outros som quase insignificantes: comparemos se nom os 142 de Sárria ou os 197 de Paradela com os 6 de Páramo ou os 9 de Triacastela (Souto Blanco, M.J.: Op. Cit., 1999).

[13]A cifra dá-no-la de novo M.J. Souto, estabelecendo um quadro comparativo que confirma a excepcionalidade do município no conjunto provincial (Op. Cit., 1999).

[14]Tanto é assi que, ao igual que noutras zonas, o Regime tem que frear o monstro que alimentou, executando algum dos falangistas mais destacados na repressom e em abussos de todo tipo que nem sempre se circunscrevem ao eido político. É o caso de Manuel Zaera, cujo desenvolvimento nos relata M.J. Souto (Souto Blanco, M.J.: Op.

Cit, 1999) e a própria fonte oral. A história ficou gravada na memória colectiva com as habituais deformaçons.

[15]Soutelo Vázquez, R., Varela Sabas, A.: "Variaciones en las formas de represión y resistencia popular en el mundo rural ourensano. 1936-1946", in Trujillano Sánchez, J.M., Gago González, J.M. (coords.): *Actas de Jornadas Historia y Fuentes Orales. Historia y memoria del franquismo. 1936-1978*, UCM, Ávila, 1994.

[16]Bernárez Sobreira e Cabo Villaverde estudárom, para o município de Enfesta, na comarca compostelana, as diferentes estratégias e alcanço das reivindicaçons entre as sociedades mais influenciadas polo marco urbano e contagiadas polo seu discurso classista e político e aquelas com um desenvolvimento organizativo e ideológico precário. (Bernárdez Sobreira, A., Cabo Villaverde, M.: "Poder local e asociacionismo campesiño na IIª República. Unha análise microhistórica", in Fernández Prieto, L., Núñez Seixas, X.M., Artiaga Rego, A., Balboa López, X. (coords.): Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936), Parlamento de Galicia-USC, Santiago de Compostela, 1997.

[17]Fernández Prieto, L.: "Represión franquista y desarticulación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina. 1936-1942", in *Historia Social*, nº 15, Madrid, 1993. Este estudo, cingido à comarca da Corunha, bem pode ilustrar o acontecido no resto do país.

[18]Dados extrazidos do AHP-Lugo, secçom governo civil, fundo de associaçons. Quanto à ubicaçom ideológica das sociedades aludidas, pouco podemos concretizar, além do seu discurso e simbologia, maioritariamente pro-republicanas.

[19]Collarte, A.: *As Hermandades Sindicales no rural ourensán. Economía e sociedade baixo o franquismo (1944-1978)*, trabalho de terceiro ciclo inédito, USC, 2001.

[20]Fernández Leiceaga, X.: *Economía (política) do monte galego*, USC, Santiago de Compostela, 1990.

[21]Medina y Marañón: *Leyes administrativas de España*, Reus, Madrid, 1945.

[22]No Conselho deste organismo, além de três engenheiros de montes, do director geral e dum advogado do Estado achavam-se presentes um delegado de Fazenda e um representante de FET y de las JONS. Sobre estes dous últimos recaeria, com toda certeza, um papel mais político que subordinaria as decisons técnicas.

[23]Medina y Marañón, Op. Cit., 1945.

[24]Rico Boquete, E.: Op. Cit., 1995.

[25]A título de exemplo, levemos em conta que se em 1947 se repovoam 387 hectares, em 1953 passarám a 12496 (recolhido em Beiras Torrado, X.M.: *El problema del desarrollo en la Galicia rural*, Galaxia, Vigo, 1967).

[26]A elaboraçom teórica sobre o monte como parte integrante dum discurso nacionalista espanhol que posteriormente o franquismo assume está exposta com muita claridade em textos de Alberto Sabio (Sabio Alcutén, A.: "Imágenes del monte público, "patriotismo forestal español" y resistencias campesinas", 1855-1930", in *Ayer. Revista de historia contemporánea*, nº 46, Madrid, 2002.

[27]Ver García Delgado, J.L.: "Estancamiento industrial e intervencionismo económico durante el primer franquismo", in Fontana, J.: *España bajo el franquismo*, Crítica, Barcelona, 1986.

[28]Conviria nom esquecer, em qualquer análise que abordar as condutas sócio-políticas do nosso mundo agrário na posguerra, a dimensom e permanência do movimento guerrilheiro, amparado numha mesta rede de apoios rurais sem os quais nom teria passado de fenómeno anedótico. A própria comarca de Sárria foi campo de actuaçom da IIIª Agrupaçom da Federaçom de Guerrilhas de Leom-Galiza e do Exército Guerrilheiro da Galiza. Da comarca eram alguns quadros médios desta segunda guerrilha, caso de José Arias Fernández, Dapenci, ou responsáveis políticos provinciais do PCE como Emilio Golás Villa (Heine, H.: *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Xerais, Vigo, 1980).

[29]Vizinho de Sam Gil de Carvalho, Samos.

[30]Tampouco nom podemos desconsiderar a existência de outras estratégias frente a mesma problemática. A partiçom do monte ante as publificaçons como estratégia adaptativa do campesinado no novo panorama de cerco estatal, por vezes com o apoio da administraçom, é a via contrária à que exprimem as resistências. As fontes, porém, parecem demonstrar que o resistencialismo e a pervivência dos vencelhos comunitaristas eram mais fortes do que a tentaçom individualizadora.

[31]A própria mecánica do processo repovoador obrigava a certas pausas, dado que o labor decidido requeria tempo e meios (Rico Boquete, E.: Op. Cit., 1995).

[32]Métodos que, por outra banda, escasseiam nesta etapa. Som mui pouco habituais os incêndios ou as sabotagens a grande escala, com certeza pola própria repercussom económica e social que teriam para o dia-a –dia da comunidade.

[33]É nestes casos quando damos com expedientes abertos contra grupos de 30, 40 ou até 50 pessoas.

Precisamente con la mirada de una de las víctimas de nuestra historia aquí presentada, con las reflexiones de uno de los hijos de los médicos ourensanos que sufrieron la represión de aquellos años, pero que podríamos hacer extensibles a todos y cada uno de los protagonistas de las líneas que se acaban de exponer. Son frases directas, desde el corazón y desde la memoria emocionada, sentida, dolorida y al tiempo orgullosa:

¿Que crímenes habíamos cometido? En tan poco tiempo cuánto odio. Qué poco tiempo tan largo se hicieron aquellos años de guerra y después... Mi padre optó por el camino que vio que era el suyo y su destino. Sus ideas hasta la muerte fueron leales a sus principios.. Ahora, ya nadie le puede hacer daño. (Francisco Bejarano Galdino, 2000).

Bibliografía

Fuentes primarias y orales:

ARCHIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE

Beneficencia Provincial. Caja 5886 (Correspondencia y Cartas de Pago Hospital 1921-1939). Cajas 5895, 5930, 5931 (Expedientes Ingreso Hospitalario, 1931-1938),

Gobierno Civil. C-5932 (Documentación varia sobre Colegio Profesional Médicos Ourense, 1939-1963)

Fondo Luis Soto: C-14628, 14631, 14635.

Prisión, Osera, 1937. C-13107.

Tribunal Regional Responsabilidades Políticas. Expedientes. Cajas 7194-7, 7201-3, 7185-7.

ARCHIVO DE LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Libro Actas Comisión Provincial, años 1931-1936.

Carpetas Conxo 1890-1969.

ARCHIVO MUNICIPAL DE OURENSE

Caja Sanidad Municipal y Beneficencia. Legajo 48, 1886-1946.

ARCHICO COLEGIO DE MÉDICOS DE OURENSE

Libros de Actas 1936-1943.

Fuentes Orales:

FRANCISCO BEJARANO GALDINO. Cartas con recuerdos sobre de su padre, el Dr.Bejarano. Año 2000.

JOSÉ MANUEL BOUZAS. Comunicación personal, Septiembre-Octubre 2003. Datos acerca de médicos y actividades de apoyo a la guerrilla en la zona de Baños de Molgas (Ourense).

DAVID CORTÓN. Conversación en Diciembre del 2001 y en Febrero 2002 en Ourense, en la que suministra datos acerca de médicos de Castro Caldelas: Dr.Hervella, Dr.David Caneda, Dr.Claudio Movilla...

X.A. DURÁN. Comunicación personal, Septiembre 2003.

BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ. Comunicaciones personales acerca de de sus estudiosde la guerrilla antifranquista en Galicia., años 2002-2003.

CÁNDIDO LOSADA. antiguo guerrillero(y fuxido entre 1936-1952) de ideología socialista. Entrevista en su domicilio de Vilavella-A Mezquita con fecha 2-11-2002, entrevista realizada a medias con Xosé Rodríguez Cruz.

PASTOR FÁBREGA CARBALLO. Entrevista telefónica con fecha 4-11-2002, en la que suministra datos acerca de su familiar Manuel Fábrega.

XAQUÍN VALES RODRÍGUEZ. Entrevista con fecha 1-12-2002, en la que aporta datos y material sobre los médicos Lloria y la poetisa Matilde Lloria.

JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ VERGARA. Comunicación perosnla con datos y documentos acerca de su padre el D.Antonio Fernández Montero. Mayo y Octubre de 2003.

FEDERICO CARDELLE. Comunicación personal. Datos acerca de su padre el Dr.Federico Cardelle y del Dr.Arias Mora, mayo 2003.

Bibliografía secundaria

ALTED VIGIL, A. (2001): "Las clases medias republicanas en el franquismo: represión y control social". *Ayer*, 43, p59-86.

AMOEDO, G.; GIL, R. (2002): *Redondela, crónica de un tempo pasado*, Sada- Coruña: Ed. Do Castro.

BOROBÓ (2003): "O exemplo de Ulpiano Villanueva de Castro", *A Nosa Terra*, nº1091, Do 17 ao 23 de Xullo de 2003.

BROGGI, M. (2001): *Memorias de un cirujano (1908-1945)*, Barcelona. Ediciones Península.

DA CRUZ, B. (2003): *Guerrilheiros antifranquistas en Tras-os-Montes*. Montalegre. Barrosana EM.

DE LA GRANJA, P. (2002): *Represión durante la Guerra Civil y la posguerra en la provincia de Zamora*. Zamora. Instituto de Estudios Zamoranos Florián de Ocampo.

DOMINGO, A. (2002) : *El canto del búho. La vida en el monte de los guerrilleros antifranquistas*. Madrid. Oberon, 2002.

FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1993): "Represión franquista y desatirculación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina. 1936-1942". *Historia Social*, 15, p.49-65.

GARCÍA SABELL (1986), en VV.AA: (1986): *Los médicos y la medicina en la guerra civil española*. Monografías Beecham.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (2002): "Dr. D. Antonio Correa Fernández (1862-1907)". En: CORREA FERNÁNDEZ, A. (2002), (1891 original). *Ensayo de Topografía Médica de la provincia de Lugo*. Santiago de Compostela, Ed. Do Cerne.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E.; SIMÓN LORDA, D. (2001), "Una historia de la psiquiatría gallega en el siglo XX". *Archivos de Psiquiatría*, 64, 2,101-135.

GRANDÍO SEOANE, E. (1999): "Caciquismo e eleccións na Galiza da II República". Vigo: *A Nosa Terra*.

GRANDÍO SEOANE, E. (2000): *Años de Guerra. A Coruña, 1936-1939*, A Coruña: Vía Láctea/Ayuntamiento de La Coruña.

GURRIARÁN RODRÍGUEZ, R. (2003): *Gonzalo Gurriarán Gurriarán (1904-1975). Da frustración científica ás montañas valdeorresas: pasaxes dunha vida marcada pola Guerra Civil. Ciencia, asociacionismo naturalista-deportivo, e dignidade persoal, tres piares para unha biografía de compromiso*. Documento mecanografiado (cedido por el autor). Trabajo ganador del Premio Tertuliano Hervella del Instituto de Estudios Valdeorreses, año 2003. (en prensa).

MORA, M. (2003): "Reyes Mate, filósofo. "Hay que repensar la política, la ética y la historia con la mirada de las víctimas", *El País*, 24-11-2003.

NICOLÁS MARÍN, Mª.E. (1999): "Los poderes locales y la consolidación de la dictadura franquista". En: Sánchez Recio, G.(Ed.)(1999): *El Primer Franquismo: 1936-1959*, Ed. Marcial Pons, Madrid, pp.65-87.

PRADA RODRÍGUEZ, X. (2000): "" ...en defensa de Dios y su patria". A milicia ourensá dos Caballeros de Santiago", *Minius*, VIII, pp.165-187.

PRADA RODRÍGUEZ, J.(2000): "Orden público, represión y terror blanco. Las milicias de 2ª línea y el control de la retaguardia (Ourense, 1936-1939), en : VV.AA. (2000): *El Franquismo: El Régimen y la Oposición: Actas de las IV Jornadas de Castilla -La Mancha sobre Investigación en Archivos*, Toledo: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha/Guadalajara: Anabad Castilla-La Mancha.

REVENTÓS, J.; GARCÍA, A. ; PIQUÉ, C. (1991): *Historia de la medicina catalana durante el franquismo*. Madrid: Ministerio de Sanidad y Consumo.

RODRÍGUEZ TEIJEIRO, D.; PRADA RODRÍGUEZ, J. (2002): "El trabajo os hará libres. Una aproximación a la explotación de la mano de obra penal en el Ourense de guerra y posguerra". *Minius*, 2002, p.209-236.

SIMÓN LORDA, D. (2002): *Médicos ourensáns represaliados na guerra civil e na posguerra. Historias da longa noite de pedra*. Santiago: Fundación Dez de Marzo.

SIMÓN LORDA, D. (2003): "La Guerra Civil española y la posguerra en el norte de Portugal (A propósito de una conferencia de José Dias Baptista en Ourense)", *DEZ/EME (Revista da Fundación Dez de Marzo)*.

SOUTO BLANCO, M.X. (1998). *Los apoyos al régimen de Franco en la provincia de Lugo (1936-1940)*. Sada. Ediciós do Castro.

SOUTO BLANCO, M.X. (1999). *La corrupción y la lucha por el poder*. Ediciós do Castro, Sada.

TÉLLEZ, A. (2000). *A guerrilla antifranquista de Mario de Langullo O Pinche*". Edicións A Nosa Terra, Vigo.

VALCÁRCEL, M. (1998). *Pé das Burgas. Estudios de Historia, Literatura e Xornalismo*. Ed. Fundación Caixa Galicia, Ourense.

Criadores superviventes baixo o franquismo. O caso "Ken keirades"

Xoan Carlos Garrido Couceiro

Manuel García Barros, comezou a usar o pseudónimo Ken Keirades para resumir toda unha longa ringleira deles que viñera usando con desigual sorte co fin de mitigar a persecución polos seus reiterados delictos de "opinión" nos xornais nos que viña colaborando desde os tempos do agrarismo. Represión que non evitaba por moito que mudaba a camuflaxe nominal polo que finalmente optou por manterse nese anonimato célebre que o identificaba.

Nace nunha parroquia do polimorfo rural estradense no 1876. Logo dun percorrido vital semellante aos de moitos "nenos labregos", co ingrediente da preocupación pola "cousa pública" desde moi novo, chega ao período republicano logo de atravesar o ecuador da súa longa vida, consolidándose como escritor maduro con "Contiños da Terra", como un dos autores literarios máis populares e lidos. As súas colaboracións en "El País" de Pontevedra, "El Pueblo Gallego", "El Emigrado" –do que era redactor xefe– e as revistas da emigración, facían deste estradense un intelectual consagrado aínda cun estilo xenuíno e cunha peculiaridade que o facía senlleiro no panorama cultural: a súa ostentación da condición de labrego. E estar orgulloso de ser labrego é tanto como dicir conxugar a conciencia de clase coa conciencia nacional. Naquela altura, de correntes ideolóxicas importadas e reproducidas mimeticamente, os obreiros semellaban mais susceptibles de sentirse apátridas, e os labregos e mariñeiros estaban máis propensos a poñer os pés na terra, afociñando coa cuestión nacional logo das consecuencias que para eles se derivaba das distintas lexislacións globais que non atendían a especificidade galega.

Os seus antecedentes nas "Irmandades da fala" e o seu combate polo Estatuto, fixeron que fose identificado como galeguista, non en tanto militaba na póla autonomista de Izquierda Republicana. Provinte do agrarismo aínda que desenganado do seu pactismo e apoliticismo favorable ao poder, tiña que recoñecerlle a este movemento o mérito de ter erguido aos campesiños a condición de "xente", segundo as súas palabras.

Ex-nacionalista ou proto-nacionalista pero naquel entón non

poderíamos ir máis alá de definilo efectivamente só como galeguista. Certo que sostiña a necesidade de escindirse e constituírse en Esquerda Republicana Galega, unha vez que non se precisase a súa coordinación Estatal para conseguir o Estatuto. Certo que pedía o voto polos candidatos galeguistas. Pero o seu anti-clericalismo a súa implicación laica co movemento de renovación pedagóxica local, e as súas diferencias cos galeguistas estradenses e as súas amizades co grupo republicano local, fixeron que nunca se consumara a súa militancia no PG a diferencia do seu fillo David que foi encamiñado cara ás mocidades, entre outras cousas por ser fillo de quen era.

O caso é que tanto o seu esquerdismo e o seu galeguismo turraban del para unha e outra banda e non remataba por asentar este rebumbio interno reflexo do rebumbio externo, cando se produce o golpe de Estado. Comeza unha longa, definitiva pero interminable fase da súa vida caracterizada pola disidencia e combate á dictadura.

O seu é un exemplo ilustrativo da resistencia ao dominio franquista porque esta tivo moitas formas e múltiples contradiccións que só se poden avaliar se un se sitúa no concreto, mesmo no caso individual. Con dificultades para coordinar unha resposta colectiva e articular unha estructura estable, cada quen pelexaba contra Franco ao seu xeito e desde a súa situación particular. E o curioso é que isto é o que nos permitirá ter unha visión de conxunto porque un anti-franquismo des-localizado e desencarnado, as veces resulta difícil de comprender porque ao levarse á cabo desde a clandestinidade, con todo o que isto arrastra, ás cousas nunca son o que parecen.

No 36 Manuel García Barros, xunto co seu fillo das Mocidades Galeguistas, son sacados da súa casa e logo de varios acenos de execución polo camiño, son levados ao "cuartelillo" onde son humillados xunto con moitos outros militantes republicanos estradenses que obrigados a desfilar, cantar o "Cara ao Sol" e finalmente compartir menú, isto é, engulir o famoso aceite de rícino.

Son castigos menores entre os que cabe sinalar o de borrar coa man e sosa cáustica as pintadas pro-Estatuto do pavimento das rúas locais. E é de subliñar isto porque o seu fillo xunto co seu mestre deste, o profesor galeguista Antonio Fraguas, nunca esquecerán esta vexación.

O caso é que a represión política estábase a converter nun lucrativo negocio: poder secuestrar e pedir un rescate sen ter consecuencias penais é o paraíso de calquera delincuente. Esta práctica non era allea ao consentimento oficial que só cando tocou algún adiñeirado parente de militares foi freada polo propio réxime pois

o incentivo particular debía ser regulado para impedir este tipo de conflictos de intereses.

Mais, secuestrar pobres as veces non cubría os riscos, nalgún caso os perseguidos revirábanse e algún dos cuneteiros remataba perdendo unha perna na refrega como ten ocorrido.

Nese caso os "valentes" eran homenaxeados e recoñecidos por méritos de guerra de xeito que tal como se veu reflicto no devandito caso do zanco ferido: un fuxido disparoulle cando era queimada a súa casa coa súa familia dentro na parroquia estradense da Somoza, o propietario do membro mutilado puido vivir do favor oficial o que lle restou de vida, e mesmo os seus descendentes herdaron ditas honras, co cal a teoría dos facciosos incontrolados non ten máis base que a necesidade posterior de lexitimar o réxime desentendéndose dos "excesos" dos primeiros días.

Non é a orixe dos "paseos" os rancores previos senón que os paseos son efectivamente oportunidade de dirimir disputas anteriores nuns termos antes impensábeis, pero non se aprecia hostilidade persoal anterior en moitos casos e mesmo veñan de outras localidades (Vilagarcía especialmente) para que poidan ter menos miramentos. E, como dixemos, tampouco se debe xulgar a represión desde o exclusivo punto de vista da ganancia económica porque as veces as víctimas non tiñan un can. A represión era un xenocidio político en toda regra: eliminar a un sector ideolóxico da sociedade, e punto.

Por iso foron a por Ken Keirades, polas súas ideas e non polo seu peto, xa que aínda que non era un pobre de solemnidade, non deixaba de ser un mestre con todo o que iso implica a nivel económico naquel entón onde un dito ilustraba a súa situación: "pasa máis fame que un mestre de escola". Nesta persoa evidenciase a persecución ideolóxica pura e dura, fría e calculadora.

A familia non dispoñía da cantidade suficiente coa que subornar aos falanxistas e tampouco Ken Keirades se prestou a delatar a outros ou a de asinar como testemuña falsa nalgún dos moitos cambios de propiedade de terras lindeiras para o cal os falanxistas espoliadores requirían da súa colaboración. A morte parecía certa.

Foron as mulleres da familia as que se tiraron a petar na porta dos coñecidos de outrora das casas máis podentes, quen finalmente, despois dalgún chasco –os amigos coñécense nas ocasións– reuniu a cantidade esixida. Isto é, nada menos que 20.000 pesetas daquela. Nuns tempos nos que a vida estaba tan cara, a morte administrábase con grande xenerosidade.

Esa experiencia marcou a un García Barros que levou moitas

decepcións pero tamén agradables sorpresas. Algún dos que viña de despelexar nas páxinas de "El Emigrado", cuestionando a súa honestidade, como é o caso da corporación municipal, enfróntanse aos militares con lealdade e son fusilados por defender a legalidade vixente. A Valentín Paz Andrade, que o puxera verde na prensa por tránsfuga galeguista, co tempo sería obxecto da súa gabanza e requiriría dos seus servicios.

Outros que avalara coa súa pluma –v.g. Pérez Viondi, o cuñado de Castelao– agora vestían o uniforme militar e desfilaban celebrando cada victoria dos chamados "nacionais".

Con todo, apesares de estar baixo sospeita e ameazado, alberga na súa casa a diversos fuxidos de distinto orixe ideolóxico, contacta coa guerrilla comunista, acolle ao director do xornal radical-socialista Sánchez Brea, e acubilla ao poeta estradense e secretario do PG da Garda, Ramiro Alfonso Castro Dono.

Este último pasa 10 anos no faiado da casa, saíndo as veces disfrazado para botar unha man coas tarefas da casa e para alternar faiados doutros parentes aos que a súa presencia continuada puidera comprometer. Castro Dono, poeta novo e de grande talento, ten a súa obra hoxe atópase case descoñecida, pero é preciso que se saiba que algúns dos versos anónimos de combate que circularon por aqueles anos son da súa autoría como é o caso do "Cara ao Sol fachí" que escribiu na casa de Manuel García Barros. Debe pois corrixir a súa referencia Claudio Rodríguez Fer na súa magnífica obra "A literatura galega durante a Guerra Civil (1936-1939)" pois suxire que pertence ao propio Ken Keirades.

Lembremos o seu texto:

"Car'ó sol coa camisa bermella,
estrela e fouce ó curazón
chimparei ós fachis pol-á orella
da céltiga nazón.

Formarei na troupe libertaria
da rebel Galiza proletaria:
que d' América virá,
pr' acá coa estrela da libertá.

Si che din qu'inda está alí,
sorrí,
que axiña a verán aquí.
Voltarán d' América os fuxidos

ós nosos mártis a vingar
e andarán os fachis encollidos
sin ter pra onde liscar...

Volverá o abrente da fartura
que en chegando os roxos se asegura.
¡En pé galego, érguete xa,
qu'en Galiza alborexando está!"

Este improvisado taller literario tamén tiña moito de seminario de estudios filosóficos. O trunfo da forza bruta foi mal encaixada polos intelectuais. Habería que volver o século das luces, reler a Kant e aos adoradores da razón. Mais estes fuxidos non só lían senón que recollían en cadernos a escolleita de textos de librepensadores e ilustrados para superar a atmosfera inquisitorial. Alí estaba Voltaire, Rousseau, Diderot, Holbach, Mably, Pastor de Pellico, Glootz, Courrier, Garibaldi, Saint Just, Lamartine, Renan... Facíanselle copias en papel de carbón e distribuíase para degustar na intimidade como se fose whisky durante a lei seca norteamericana.

A igrexa toma partido na guerra. O Papa Pío XI dá a luz a encíclica "Divini Redentoris", e o 1 de xullo do 37 os bispos publican unha carta conxunta bendicindo ao bando "nacional", coa excepción do bispo de Victoria e Tarragona que non asinan. O Cardenal Goma bautizará o "movemento" como "Cruzada Nacional".

Co cal os republicanos xa sabían de que lado estaba Deus. Por iso cando o crego da parroquia se consolaba da perda dunha batalla lembrando que "siempre nos quedará Dios". García Barros replicará, "hai que matarlle a Deus".

E matando a Deus aos poucos, ía escribindo diversos ensaios filosóficos que tiñan en común a mesma tese: A verdade imposta pola forza non parece ser verdade. Se fose verdade non precisaría da forza.

En "Sobre lo Discutible e indiscutible" de 1939, García Barros faise a mesma pregunta que os mercadores lle facían a Don Quijote cando os ameazaba coa espada senón afirmaban que "no hay en el mundo todo doncella más hermosa que la emperatriz de la Mancha, la sin par Dulcinea del Toboso". Decían os comerciantes "Señor caballero, nosotros no conocemos quién sea esa buena señora que decís; mostrádnosla: que si ella fuere de tanta hermosura como significáis, de buena gana y sin apremio alguno confesaremos la verdad que por parte vuestra nos es pedida"

Evidente a réplica do Don Quijote non pode ser outra: Que mérito ten recoñecer a verdade cando se ve. É a trampa da loucura, é o trunfo da irracionalidade, é dinamitar a intersubxectivi-

dade, en definitiva, o "asalto á razón" de que nos fala Georg Luckács.

Ademais deste ensaio, ten outro en español titulado "Para el buzón del Padre P."

Este uso do español hai que entendelo no marco dunhas circunstancias nas que para el, neste momento, era máis importante o contido que a forma, trátase de chegar a máis xente e desmontar os argumentos do nacional-catolicismo. Logo, máis adiante, decatarase que a forma tamén é contido, e mesmo chegará a escribir oracións en galego para darlle entrada ao noso idioma nas celebracións sociais (festas patronais), pois chegou a conclusión que de seguir a política franquista de etnocidio, a língua acabaría por extinguirse. Mesmo ideou unha rede clandestina de falantes do galego para conservar o idioma contra toda presión.

No 1940 entra en contacto con Castelao e Otero Pedraio. Consegue dalgún xeito enviarlle algúns orixinais ao exiliado, concretamente unha carta a contrapunto con Otero que se chama "Sonata de Outono". Escrébelle: "Fai tempo que non fago nada disto. A pruma que tanto amei cáiseme agora das mans, e o papel branco que tanto me atraguía repéleme tamén dun xeito invencibre. ¿Por que? Deixemos as interrogacións a unha banda. É a vida algo tan incerto que naide sabe o que os días (cabalos do tempo) lle poden carrexar".

O estado de ánimo da derrota non impide que volva a solidificarse na súa escrita a saiba dunha terra que debaixo das cinzas empurra con novos gromos a desentullarse de tanto chamusco.

A primeira consecuencia do franquismo na creación artística e literaria é a inhibición, Castro Dono queima as súas poesías e deixa de escribir. Mais a segunda, para aqueles que porfían en seguir a crear, é ter que facelo dentro das marxes de manobra que deixa o réxime. Ken Keirades queixase que os mozos galeguistas queiran representar a "Virxe do Cristal" de Curros e replica: hai que representar "O divino sainete". Pero sabe que eso é irrepresentábel. Cando envía os ensaios filosóficos por canles segredos e co pseudónimo "Fulgencio Tizón", comenta que si iso caera en malas mans podería ser fusilado. Por iso dubidaba da idoneidade de facer unha historia de Galiza como a que pretendía Otero se non se podía pronunciar aquelas personalidades e feitos máis relevantes para a autoconciencia do país.

Por outra banda, si un publica dentro desas marxes podería estar a lexitimar un réxime que mostraría unha falsa permisividade. Pero si non se publica, si se opta polo retraemento... sería autodisolverse como escritores e intelectuais.

En García Barros concorren todas estas contradiccións. Primei-

ro tece unha rede de colaboradores, unha ducia de mozos novos que lle pasan os seus textos a máquina, e logo distribúe entre unha serie de lectores escolleitos dun círculo a cada paso máis amplo. Mais é consciente de que as novas xeracións non saberán de quen el foi nin de que este país tivo un esplendor literario. Séntese tentado a colaborar na prensa que require os seus servicios.

Inicialmente négase co argumento de que decidira manterse á marxe mentres as circunstancias políticas non cambiaran. Máis como estas non tiñan trazas de cambiar, animado por outros galeguistas, remata por enviar a "La Noche" unha poesía feita a principios de século, e cun contido costumista.

O uso da súa colaboración como argumento dos falanxistas da vila para vender a súa adhesión ao réxime provocou tal reacción en García Barros que acorda nunca máis publicar nada.

No 1942 remata a obra "As aventuras de Alberte Quiñoi" e tenta editala en Arxentina, alá tamén re-editará os "Contiños da Terra", e continuamente buscará o xeito de enviar ao exilio as súas colaboracións, á BBC de Londres, aos Centros de Emigrados, ata chegar nos anos 60 a colaborar con "Vieiros" de México.

Máis a frustración dun creador neste marco represivo nunca pode ser ben ponderada. Moribundo no seu leito de morte accede a que publiquen a súa novela debidamente podada para permitir que pase a censura. Mais el nunca a chegará a ver cos seus ollos o libro impreso pois o 12 de abril de 1972, uns días antes da saída do prelo, deixará de existir con tempo suficiente para poder ser soterrado o 14 de abril, co fin de aproveitar a data tamén para amolar a unha dictadura, contra a cal, –como dicía a Garda Civil ao seu fillo– "no hace más propaganda porque no puede".

A volta da escuridade na creación terá consecuencias irreversibles. Desde a narrativa de evasión ata a literatura máis panfletaria non deixa de ser un efecto da dictadura. Unha literatura como a galega que tardou séculos en levantar a cabeza, non poderá repoñerse doadamente deste trauma. As xeracións que se perderon eran os cimentos dun prometedor futuro, que polas razóns aquí expostas acabou rematando nun mediocre presente. Aínda non estamos a altura do noso pasado.

Terra queimada: a destrucción do societarismo agrario[1]

Miguel Cabo Villaverde

O desartellamento do entramado societario

A represión levada a cabo a partir do 18 de xullo identifícase ás veces dun xeito un tanto reduccionista coa súa faciana máis brutal e directa: os paseados, os mortos nas cunetas, vidas de personaxes relevantes ou existencias anónimas crebadas por unha violencia que non é "cega" nin "irracional", como se escoita decote, senón sistemática e dirixida a uns fins ben delimitados, convertida en "instrumento regulador de las relaciones sociales"[2]. Outra cousa é que poña ó seu servicio o lado máis escuro do ser humano, o seu potencial para as xenreiras, as envexas, o odio en definitiva, pero o ocorrido na Galicia da retagarda foi calquera cousa menos un estoupido irreflexivo de violencia. A represión foi posta en marcha cunha idea clara de contra que e contra quen dirixila: todo aquilo que puidera constituírse en obstáculo incompatible coa nova orde de cousas que se pretendía implantar, mal definida aínda pero que se debía construír sobre as ruínas de todo o que significara o quinquenio republicano e un avance cara a unha sociedade civil autónoma. Aquí convén salientar un feito que condiciona en Galicia por completo o achegamento ó agro: o novo réxime non conta coa complicidade e o aplauso dunha porción maioritaria das organizacións agrarias, como ocorreu en Alemaña co NSDAP ou na mesma España franquista nas rexións onde os sindicatos da CNCA conservasen o seu predominio ou de forte implantación carlista[3]. Isto explica en boa medida a exhaustividade da represión sobre o societarismo agrario galego, similar a outras áreas de predominio das orientacións progresistas e de esquerda nas organizacións agrarias, como Cataluña[4].

Os sucesivos estudios sobre a represión, do que foi boa mostra o congreso que deu pe a esta publicación, van sacando á luz tódalas súas facetas, que son moitas máis da mencionada. Só así é posible tomar consciencia da profundidade e da permanencia do seu impacto sobre a sociedade galega.

A continuación analizarase o caso concreto do societarismo agrario, que xa asistira a outros episodios represivos (1898, 1903,

1917, 1934), incomparables sen embargo en profundidade, exhaustividade e duración co que se abre en xullo de 1936. Anteriormente a acción represora dirixíase contra determinados focos xeográficos e/ou fraccións dentro do agrarismo consideradas extremistas, tiña polo tanto unha intención limitada, de corrección de rumbo. Da represión franquista saen en cambio trastocadas as mesmas bases sobre as que se construíra o agrarismo nas cinco décadas precedentes. Tampouco se dirixe exclusivamente contra as sociedades das que os directivos ou afiliados se distinguiran na resistencia armada ó golpe militar, que foron as menos. Para unha resistencia efectiva faltaban o armamento e a coordenación, contra as paranoicas teorías conspirativas xustificativas da rebelión militar, e se a meirande parte do societarismo agrario galego era incompatible cos principios defendidos polos vencedores, non fora diseñado para combatir con esas armas.

Plantexaremos o estudio desta cuestión a partir do esquema proposto para a represión en xeral por Xulio Prada (1997), que establece unha tipoloxía con catro categorías, non sucesivas no tempo nin excluíntes, aínda que o seu peso varía nos diferentes momentos segundo a distancia que os separe do verán de 1936. A primeira sería a "represión paralegal", os paseos e sacas, a forma que predomina nas semanas inmediatas ó 18 de xullo. Unha vez consolidada a situación os golpistas dotaríanse dun marco pseudolegal e a represión adquiriría un carácter máis sistemático no marco dun novo marco xurídico que culmina na Ley de Responsabilidades Políticas de febreiro de 1939; é o que este autor denomina "represión institucionalizada". A "represión social", máis a longo prazo e con miras á estabilización e aceptación do Réxime, suporía a imposición dos seus valores e simboloxía e exerceríase a través da Igrexa, do control dos medios de comunicación e do sistema educativo. Por último, a "represión psicolóxica" actuaría a nivel individual, moldeando as súas propias ideas e representacións en función das reaccións inducidas polas outras modalidades represivas". As catro variantes teñen aplicación no caso do agrarismo.

A represión paralegal

A represión paralegal engloba as *sacas, paseos, pacas, claudias...* protagonizadas ben por grupos armados (vencellados á Falanxe, ós Requetes, Guardia Cívica, Caballeros de Santiago) ben por militares e gardas civís. Nesta fase, a máis espontánea, numerosas sociedades agrarias e dirixentes caen baixo o punto de mira dos represores. Aínda que a cuantificación sexa imposible polo de agora e non se poidan tomar en consideración as infindas variables locais, a impresión que se impón é a de que os máis sañudamente

perseguidos son os agrarios vencellados a organizacións de clase, e por suposto aqueles que se distinguiran na resistencia nos primeiros días, cando aínda non estaba decantada a situación en favor dos golpistas, e nos episodios de conflictividade durante o quinquenio republicano, aínda que a correlación non se cumpra en todos os casos. Resulta un exercicio de adiviñación un tanto ocioso, sen embargo, tratar de discernir en que medida a acción dos represores contra unha persoa determinada fora estimulada pola súa condición de líder agrario, de persoa de esquerdas ou por algún factor particular.

Tomemos como exemplo o caso dun de tantos mortos anónimos daquel verán, o mestre da parroquia de Nemenzo, no concello coruñés de Enfesta (hoxe incorporado a Santiago). Nese termo foron paseadas dúas persoas, e o valenciano Eliseo Pinto foi unha delas, a mans dun grupo chegado a estes efectos da zona de Ordes, segundo o habitual expediente de se intercambiar as zonas de actuación para estes macabros fins. Ninguén pode cuantificar en que medida o seu asasinato foi motivado pola súa condición de home de esquerdas (animador sucesivamente das agrupacións locais socialista, radical-socialista e de IR), de directivo agrario (directivo da Sociedade de Agricultores de Enfesta e da Federación Municipal), de mestre identificado co ideario republicano, ou de mediador ante a Administración dos obreiros e campesiños locais (asesoramento á hora de redactar regulamentos e trámites legais, denuncia de actuacións abusivas da alcaldía e a garda civil...)[5]

Os locais dalgunhas sociedades agrarias, as máis significadamente esquerdistas, son rexistrados e saqueados nestas primeiras semanas por grupos *incontrolados*. O resto suspendería por precaución o seu funcionamento en espera de que se clarificase a súa situación, de xeito que o groso das sociedades agrarias vai ser afectado polas medidas gobernativas dictadas dende Burgos a mediados de agosto de 1936. A Federación Agraria de Ortigueira, que tiña como cabeza visible ó ex-ministro Leandro Pita Romero, non resulta tan directamente afectada, por exemplo, pola represión inicial como os sindicatos cenetistas locais[6]. O seu turno chegará xa en forma de disposicións gobernativas (multas, purga das directivas) e unha marcaxe moi de cerca por parte do goberno civil a partir da *normalización* da situación.

Dos líderes agraristas máis significados, entre os que van ser asasinados nesta primeira fase ou ben xa previa condea formal salientan varios nomes. Un caso paradigmático de encarnizamento é o de Benigno Alvarez, veterinario de Maceda, comunista e dinamizador da ourensá Federación Provincial Campesina[7]. Enrique Jaso, un dos líderes históricos do agrarismo tudense, e César López

Otero, presidente da FPA luguesa, ámbolos dous vencellados durante a República á ORGA e a IR[8]. Antón Alonso Ríos, o único deputado agrario da historia de Galicia e que organizara a resistencia ó golpe en Tui, escapa da morte tras unha novelesca peripecia persoal[9]. A lista dos asasinados entre os personaxes relacionados co movemento agrario sería prolixa e de seguro incompleta: Telmo Bernárdez en Redondela, Xoán Xesús González en Santiago, Waldo Gil Sansostegui en Vigo, Bernardo Miño Abelenda en Betanzos, etc.

Con todo, semella que a represión na súa forma máis drástica de paseos e execucións legais alcanzou proporcionalmente con máis intensidade ós elementos obreiros que ós agraristas, sempre tomando esta afirmación con carácter xeral[10]. Entre os obxectivos prioritarios na fase mal chamada incontrolada non se atoparán os agrarios, agás os máis significados dentro das dúas grandes centrais sindicais, ó contrario do que sucederá nas zonas latifundistas, onde as alternativas da Reforma Agraria republicana foran enconando as relacións sociais ata extremos explosivos.

Represión institucionalizada

A mediados de agosto de 1936 a *Junta de Defensa Nacional* (a partir de outubro *Junta Técnica del Estado*) vai emitir unha disposición ordeando a clausura e a incautación dos bens das organizacións de todo tipo de ideoloxía contraria ó *Glorioso Movimiento Nacional*. Un decreto con data 13 de setembro de 1936 ilegalizaba ós partidos e organizacións da FP, a incautación dos seus bens, o sometemento a expedientes de responsabilidades civís a tódolos seus responsables e a depuración do funcionariado público. Outro militarizaba en decembro de 1936, someténdoos ó Código de Xustiza Militar, ós membros das diferentes milicias que colaboraban cos militares, e o Decreto de 10-I-1937 creaba en cada capital de provincia unha *Comisión de incautación de bienes*. A represión vaise dotar dunha apariencia pseudolegal coroada coa Lei de Responsabilidades Políticas pouco antes do remate da guerra.

Resulta difícil calcular que proporción das sociedades agrarias existentes en 1936 foron clausuradas ou mesmo simplemente deixaron de funcionar sen notificalo ó goberno civil. Para a provincia da Coruña, Lourenzo Fernández Prieto calcula esa porcentaxe nun 70%, aínda que a fonte na que se basea presenta diversas deficiencias[11]. Localizamos documentación sobre clausura e confiscacións de bens de sociedades nas catro provincias galegas, pero a dificultade estriba en que se trata de datos parciais, en especial para a de Ourense. A traxectoria do agrarismo nos anos previos a 1936 lévanos a pensar que a porcentaxe de sociedades que

puideron seguir funcionando con posterioridade a esa data tivo que ser baixísima en Pontevedra e Ourense, onde sindicatos católicos e mutuas gandeiras supuñan unha parte moi reducida do total de sociedades. A taxa de supervivencia, por así dicilo, sería moito menor en todo caso que na Coruña e sobre todo en Lugo.

A supervivencia dos sindicatos católicos e as mutuas gandeiras é tolerada, mentres as sociedades non clasificables nunha destas categorías nin ligadas a organizacións da Fronte Popular (polo tanto non disoltas automaticamente) veranse forzadas a unha serie de adaptacións:

- Cambio de denominación, coa supresión de calificativos como republicano, e reforma a de determinados artigos dos regulamentos, todos aqueles que puidesen ser interpretados como un compromiso coa defensa dos valores republicanos, laicos e democráticos[12].
- Refuxio en actividades de perfil baixo, como o mutualismo gandeiro.
- Colaboración de xeito forzoso con subscricións (en favor do Exército, para a doazón do Pazo de Meirás ó Caudillo), nalgúns casos compromentendo seriamente a viabilidade futura da sociedade por falta de recursos[13].
- Cumprimento moito máis estricto que en épocas anteriores dos trámites sinalados pola lei de Asociacións, como o envío da lista nominal de socios, actas de renovación das directivas...
- Aprobación previa das directivas por parte dos gobernos civís, que actuarán de acordo cos informes do posto da garda civil da localidade, a alcaldía, ou *Falange* e o clero locais. A frecuencia coa que se citan antecedentes esquerdistas nos directivos das sociedades supervivintes, e iso tendo en conta que as máis abertamente esquerdistas xa foran disoltas, indica claramente a tonalidade que predominaba no compromiso político do liderazgo das sociedades agrarias antes de 1936, e o desaproveitamento de cadros directivos formados en décadas de experiencia organizativa acumulada por mor do seu forzado relevo en moitos casos[14].

O conxunto das sociedades agrarias reunira ó longo do tempo un patrimonio moi considerable, malia que para moitas delas tomadas individualmente non fose así. Na investigación do seu patrimonio que se fai dende as Comisións Provinciais de Incautación, moitas non pasan dunha modesta cantidade e dalgúns mobles, aínda que hai que ter en conta que nos momentos de confusión dos inicios da guerra algún directivo podería terse levado consigo fondos ou

pertenzas da agraria, ou ben ser saqueada esta polos golpistas. Noutros casos, en cambio, as sociedades dispuñan de cantidades respetables en libretas e contas de aforro en entidades bancarias, de bens e útiles de uso colectivo (maquinaria agrícola, sementais, básculas para o gando, etc.) e dun considerable patrimonio inmobiliario. Un caso coñecido é o da suntuosa sede da *Caja Rural del Lérez*, pero eran moitas as sociedades que posuían o seu propio local. Mentres algunhas celebraban as xuntanzas no domicilio particular dalgún directivo, na igrexa parroquial (caso de moitos sindicatos católicos), na casa-escola ou en calquera outra sede de circunstancias, moitas eran as sociedades que conseguiran construír ou adquirir o seu propio local. Para sufragalo, recorríase a subscricións populares, a doazóns, á axuda quizais dalgunha asociación de emigrados en América, a prestacións voluntarias de traballo por parte dos socios e ó traballo gratuito dos afiliados que desempeñasen traballos manuais cualificados como carpinteiros ou canteiros. O local convertíase así nun novo punto de referencia da comunidade, un novo marco de sociabilidade, e atribuíaselle un sentido de logro colectivo e tamén como unha proba da madurez e da capacidade de acción da sociedade.

Diversas institucións solicitan apropiarse das sedes das sociedades agrarias clausuradas, e por elas compiten o Exército, a Falange e as alcaldías, que usualmente aducen a conveniencia de instalar nelas escolas primarias[15]. No concello pontevedrés de Redondela, por exemplo, cinco das sociedades clausuradas sumaban edificios e solares peritados en máis de 70.000 pesetas[16]. Algo parecido ocorre cos talleres do xornal agrario ourensán La Zarpa, embargado en virtude do expediente aberto contra o seu propietario Basilio Alvarez e desputados entre a Editorial Católica, que edita La Región, e á Falanxe, á que se lle entregaran en depósito e que os utilizaba para sacar á rúa o periódico *Rumbo*[17]. Os mobles e pertenzas varias son vendidos en pública subhasta, e chama a atención o feito de que na documentación consultada concorre a elas sempre un só postor. Indubidablemente, o expolio do patrimonio societario favoreceu ó Estado, pero tamén ofreceu posibilidades de enriquecemento ilícito a particulares que se aproveitaron das moi peculiares circunstancias para facerse con bens por debaixo do seu valor real, ou para apropiarse directamente deles. Na bisbarra de Pontevedra, a represión foi dirixida polo deputado calvosotelista Víctor Lis Quibén á fronte da tristemente célebre Guarda Cívica, e este é un dos casos nos que o elemento civil leva a iniciativa fronte ó militar e á Garda Civil nas tarefas represivas. Con posterioridade á orde de clausura dos centros obreiros en agosto de 1936, Lis (acompañado ás veces do enxeñeiro forestal Rafael Areses) encár-

gase persoalmente da recollida dos fondos e documentación das sociedades, dirixindo as operacións dende os propios cuarteles da Garda Civil e negándose con ameazas a entregar recibos ós dirixentes agrarios que tiñan o atrevemento de solicitárllelo[18].

Represión social

Esta faceta da represión ten unha dimensión primordialmente simbólica e de interpretación da realidade. Ven ser a historia escrita polos vencedores, e actúa sobre os que viviron os feitos pero tamén sobre as seguintes xeracións, xa socializadas no modelo cultural e educativo franquista. Para o caso concreto do agrarismo, terá dúas manifestacións principais. A primeira no terreo dos símbolos, como a mencionada modificación dos nomes das sociedades e dos artigos dos regulamentos que contradicisen os valores da España nacional. A conversión de locais de sociedades agrarias en cuarteis das milicias de FET ou en cuarteis para o Exército satisfacía unha necesidade material inmediata, pero tamén deixaba claro quen impoñía agora as normas de xogo, tratábase da mesma ocupación simbólica do territorio inimigo que a reposición solemne dos crucifixos nas escolas[19]. En Viveiro incluso as sociedades obreiras e agrarias marchan na procesión do Corazón de Xesús dous meses despois do comezo da guerra mostrando "sus enseñas rojas aún [...] precisamente esas banderas con fondo rojo en una manifestación religiosa era símbolo de que al fin terminaran las organizaciones proletarias en conjuntos de idealidad y sana reivindicación aunque se las quiera llevar a la revolución y al materialismo"[20].

O principal efecto, e o máis duradeiro, da violencia simbólica exercida sobre o agrarismo será a verdadeira damnatio memoriae que sufrirá, en primeiro lugar a través do reparto e destrucción do seu patrimonio. Xa no plano da representación da realidade, na prensa franquista, nos congresos agrícolas ou nas obras de propaganda como as de Silva Ferreiro e Moure Mariño, o agrarismo será presentado dun xeito absolutamente distorsionado. Por unha banda remarcaranse os seus aspectos políticos e unha suposta subordinación contra natura ó movemento obreiro. Pola outra, siléncianse por completo as súas actuacións no eido educativo, técnico ou cooperativo, agás puntualmente para sinalar a excepción do sindicalismo agrario confesional. Cando dende o órgano das Hermandades da provincia da Coruña se bote a vista atrás para considerar a divulgación agronómica en Galicia con anterioridade a 1936, este será o cadro que se presente:

"Durante la República, y a la chita callando, para que no creyesen que eran reuniones de 'fascistas', que era el socorrido remoquete con que bautizaban a todos los que se reunían para

defender los intereses dela Patria, se hizo algo de esto por una meritísima organización que funcionaba al amparo de la Junta Central de Acción Católica. Fue lo único"[21].

No seu equivalente en Pontevedra, Agro, as esporádicas mencións ás sociedades agrarias de preguerra fanse para cualificalas de "focos de odios azuzados y avivados por los dirigentes que no buscaban con ello otra cosa que fomentar el clima propicio para sus apetencias políticas"[22]. Os vellos tópicos do individualismo e do egoísmo do campesiñado volven ser invocados como explicación universal de tódolos problemas do agro galego.

Todo debía confluír na visión de Galicia con anterioridade a 1936 como un páramo no que o campesiñado, por descontado incapaz de organizarse autonomamente, só era obxecto da atención das organizacións políticas e obreiras para empregalo de masa de maniobra para os seus propios fins, sen socorrelo xamais nos seus verdadeiros problemas. 1936 convertíase así nun verdadeiro ano cero, cunha idea fundamental: "la del agradecimiento al Caudillo y al Movimiento, que por 1ª vez en la historia, ha dedicado una atención preferente al problema del campo gallego, tan abandonado eternamente"[23]. As sociedades agrarias de preguerra só podían entrar neste esquema como reflexo en negativo das virtudes da organización sindical do agro baixo o franquismo[24].

Represión psicolóxica

O resultado da combinación dos mecanismos enumerados anteriormente é a conformación do que ten chamado "mentalidade autoreprimida" entre os contemporáneos dos sucesos, pero transmitida ás xeracións posteriores, son as "repercusiones non cuantificables" da represión[25]. Os investigadores máis familiarizados coa historia oral son os que teñen conceptuado este fenómeno, gracias á experiencia das entrevistas con víctimas e represores[26]. É o resultado da brutal pedagoxía dos cadáveres deixados nos camiños á vista de todos para que servise de escarmento, das humillacións de todo tipo (purgas con aceite de ricino, varrer a rúa cunha vasoira...) dos que se significaran dalgún xeito social ou politicamente, e da desarticulación de tantas asociacións xa non só agrarias, senón culturais, deportivas, políticas, etc. A moralexa marcada indeleblemente na sensibilidade dos que viviron estes feitos foi a da inconveniencia de organizarse para a defensa dos propios intereses, de expresarse disconforme cos que mandan. O inconformismo exprésase en formas inocuas para o poder, como a emigración, os rumores ou ese estrano mecanismo de compensación que constitúen as lendas sobre o final cruel dos represores, impunes e incluso recompensados socialmente pero que non poden escapar á xustiza final niveladora[27].

Paisaxe despois da batalla. O societarismo entre 1936 e a constitución das Hermandades

A política das novas autoridades con respecto ó societarismo agrario ven marcada polo seu carácter eminentemente destructivo. O obxectivo é o de aniquilar toda forma de asociación hostil ou inasimilable e controlar ferreamente ás sociedades que perviven. Das medidas que se adoptan durante o período bélico evidénciase que máis alá desta vontade de asegurar a retagarda, non se dan pasos cara á construcción dunha estructura que veña sustituír o destruído. Así por exemplo, os locais, maquinaria, existencias... das sociedades clausuradas e das súas seccións cooperativas non se reaproveitan en beneficio de novas cooperativas ou institucións que as reemplazasen polo menos en parte das súas funcións, senón que o legado material do agrarismo se dispersa e se subhasta na procura dunha fonte inmediata de financiamento[28].

A fase de construcción tarda moito en chegar e faino mediante un proceso nada doado e inzado de resistencias, de xeito que non culmina ata a segunda metade dos anos corenta. Unha razón de peso é que a Igrexa non cederá tan facilmente as súas posicións no agro como os escasos reductos que conservaba entre os obreiros (a CESO). O camiño é moito máis lento e problemático que para o sindicalismo obreiro, coa absorción neste caso dos restos do sindicalismo non de clase no sindicalismo vertical en maio de 1938.

Ata rematada a guerra civil non sae á luz a lei de unidade sindical (26-I-1940), desenvolvida a partir dos principios enumerados no Fuero del Trabajo (Unidade, Totalidade e Xerarquía). Ano e medio despois, a lei de 2-IX-1941 derroga a lei de sindicatos de 1906 e incorpora á CNCA e á Liga Nacional de Campesinos de Antonio Monedero á Organización Sindical. Sen embargo, a CNCA vai facer un derradeiro esforzo por manter a súa autonomía fronte ó aparello estatal e o control sobre o seu patrimonio, mediante a conversión dos seus sindicatos en cooperativas, aproveitando a posibilidade aberta pola lei de cooperativas de xaneiro de 1942, de xeito que en maio dese ano se constitúe a *Unión nacional de Cooperativas del Campo*. A construcción xurídica do modelo franquista de sindicalismo agrario, e a unificación nel da totalidade das variantes supervivintes, retárdase deste xeito ata o definitivo decreto de setembro de 1944 sobre as Hermandades e o regulamento de marzo de 1945 que a desenvolve.

En consecuencia, entre a dominación de Galicia polos militares e a implantación definitiva do seu modelo de sindicalismo agrario transcorre un período de tempo considerable, no que o baleiro deixado pola aniquilación da meirande parte das sociedades agra-

rias preexistentes vai ser cuberto, só ata certo punto, por dúas vías, ningunha delas organizada dende o Estado.

Cadro 1: Sociedades constituidas entre o 18-VII-1936 e 1941.

	SOCIEDADES	MUTUAS	TOTAL
Coruña	71	33	104
Lugo	12	0	12
Pontevedra	0	9	9

Fonte: Elaboración propia.

As asociacións que se fundan neste quinquenio son ou ben mutuas gandeiras, ou ben sindicatos católico-agrarios. Os modestos pasos da Central Nacional Sindicalista no agro vanse dar a base de captar algunhas sociedades e mutuas, e nos anos finais da guerra existían algúns núcleos dispersos nos que se conseguira certa implantación a través deses procedementos, como na Estrada ou Foz. Un caso importante de busca de continuidade coa situación de preguerra prodúcese en Ortigueira, onde entre 1940 e 1941 vanse ir incorporando os sindicatos da FAO, depurando tan só os directivos a nivel federativo, non a nivel local[29]. Xogaría aquí o factor da recoñecida eficiencia e tradición destas organizacións, pero tamén demostra que a tolerancia cos simpatizantes de formacións republicano-burguesas era moito máis alta que cos afíns ó socialismo ou ó anarquismo.

O sindicalismo confesional vai recuperar parte do terreo perdido dende principios dos anos vinte, aínda que nin sequera agora era quen de reintroducirse nas dúas provincias meridionais[30]. As Federacións que seguen funcionando durante este período son unicamente as da Coruña e Lugo (que absorbe á de Mondoñedo). A eclosión de sindicatos na Coruña expresa sen dúbida a desaparición da meirande parte daqueles cos que contaba ó inicio da República, mentres a modestia das cifras correspondentes a Lugo indicarían que non foi tan necesaria a creación de novas entidades porque alí sobreviviran mellor os avatares entre 1931 e 1936[31]. A identificación coas autoridades de Burgos proporcionaba un manto protector para o desenvolvemento das súas actividades ós sindicatos, de xeito que hai algún caso de sindicato ó que o comezo da guerra civil sorprendeu no medio do tránsito á súa conversión en sociedade non confesional e que deu apresuradamente marcha atrás[32].

As FCAs galegas, o mesmo que a CNCA no conxunto de España, identificáronse de contado co bando rebelde e presen-

Pero, por otra parte, pocas cosas reflejan mejor el grado de civilización de un país que el trato que se dispensa a los prisioneros y a los refugiados. La historia de la Humanidad es un resumen de guerras, mas la guerra siempre tuvo normas que trataban de limitarla. Los ilustrados del siglo dieciocho también se ocuparon de este tema y a lo largo del diecinueve hubo un esfuerzo por traducir en reglamentos aquellos "usos y costumbres" para que, en vez de estar al albur de la caballerosidad de los contendientes, fueran aprobados en convenciones por los estados y hechos suyos por los ejércitos. Desde la de San Petersburgo de 1868 para prohibir determinados proyectiles, a la de La Haya de 1899, revisada en 1907, sobre leyes y costumbres de la guerra terrestre, o el protocolo de Ginebra de 1925 que prohibía el uso de gases asfixiantes... Para lo que aquí nos interesa, es necesario afirmar que el prisionero también tenía sus derechos: desde 1785 en que Federico "el Grande" de Prusia dispusiera que los prisioneros de guerra deberían ser alimentados y alojados en las mismas condiciones que los soldados del país captor; hasta Francia, siete años más tarde, que estableció mediante decreto que los prisioneros de guerra estaban bajo la salvaguardia de la nación y protegidos por la ley; eran muchos los que se habían preocupado por los derechos de los prisioneros. En 1860 se fundó la Cruz Roja y en los citados convenios de La Haya y en el posterior de Ginebra de 1929, todos ellos firmados por España, se regulaban tanto el trato humano al prisionero, como todo lo relativo a los campos de prisioneros, al trabajo,

a las relaciones con el exterior, etc., etc. Y quedaba establecido, cosa muy importante, que el prisionero lo era del gobierno captor y no de las personas o unidades que le capturaran.

Dicho eso, nos encontramos con la realidad de la guerra de España en la que existe una tendencia, sobre todo, en las unidades mercenarias de choque del ejército nacionalista a no hacer prisioneros y ejecutarlos sobre el terreno. Por otra parte, el propio coronel jefe de la Inspección de Campos de Concentración afirmaba por escrito que "frente al Ejército Nacional no se alza otro Ejército, sino una horda de asesinos y forajidos... "Sombrío panorama el que se les presentaba a los prisioneros republicanos. Quizás por ello la documentación relativa a los campos de concentración franquistas esté aún por investigar, pues gran parte de ella no ha sido desclasificada ni inventariada, ni mucho menos puesta al alcance del público interesado.

Hacia 1997, quiso el azar que pudiera consultar unos legajos y unas memorias relativas a la creación y funcionamiento de esos campos de concentración. Estos documentos se encontraban depositados en el Archivo Militar de Avila. El resultado de la investigación lo publiqué como un capítulo en mi libro "La Libertad es un bien muy preciado". No sé si sería la primera vez o no que se daba a conocer al público una extensa relación de campos de concentración localizados geográficamente. Fue a estos campos de concentración situados en Galicia donde habrían de ser enviados la mayoría de los prisioneros hechos por el ejército nacionalista en Asturias al derrumbarse el Frente Norte.

Alrededor de treinta mercantes y pesqueros fueron apresados por la Marina nacionalista cuando, en los días veinte y veintiuno de Octubre de 1937, trataban de escapar de la zona republicana asturiana y alcanzar los puertos de la costa atlántica francesa. Todos esos barcos iban abarrotados de personal y fueron convoyados hacia Ribadeo, base occidental de los bous nacionalistas. En Ribadeo, se obligó a desembarcar a todos los que ocupaban los barcos más pequeños y más deteriorados. El resto continuó viaje por mar a Ferrol y, posteriormente, a La Coruña. Atracados durante días en el puerto de la ciudad, se les fue tomando la filiación a la mayoría de los prisioneros y se empezaron a formar las primeras expediciones de presos que, tanto por carretera como por mar, partieron con destino a los campos de concentración de Cedeira, de Muros, de Rianxo y de Camposancos, entre otros. A su vez, desde Asturias y ante la imposibilidad material de encontrar más lugares en que poder tenerles recluidos, se enviaban nuevas expediciones de prisioneros hacia Galicia, tanto por ferrocarril como por vía marítima. Téngase en cuenta que en Mayo de 1938 el ejército nacio-

nalista reconocía tener en su poder ciento sesenta mil prisioneros. No es fácil saber si esta elevada cifra era el total de prisioneros en la zona nacionalista o, como yo me inclino a creer, no se incluía a los que ya estaban cumpliendo condena, ni a los presos civiles encerrados en cárceles, cuartelillos de la Guardia Civil y Policía de Asalto, en las "checas" de Falange, en comisarías y en los calabozos de los Ayuntamientos. En páginas aparte se incluye una descripción más amplia de los campos de concentración citados.

En los campos de concentración funcionaba una "Comisión Clasificadora de Prisioneros y Presentados" que procedía a identificar a los prisioneros y clasificarles en grupos según, pudiéramos decir, su mayor o menor compromiso político y militar. De igual modo, en todos los lugares donde había prisioneros republicanos se recibían diariamente las siniestras visitas de grupos de falangistas y derechistas de diferentes ciudades y pueblos que pasaban revista a los prisioneros, uno por uno, a la búsqueda de convecinos a los que denunciar o "pasear". Todas las actas de clasificación de prisioneros eran enviadas a las Auditorías de Guerra para su aprobación o no. Una vez clasificados, y refiriéndonos solamente a los prisioneros procedentes de Asturias, aquellos que se consideraba que debían ser procesados se les enviaba de vuelta a Asturias para ser sometidos a consejo de guerra por los mencionados tribunales militares que actuaban en Gijón y en Oviedo.

Según parece, hubo un momento en que ese procedimiento lo debieron de considerar las autoridades jurídico militares franquistas lento y costoso. Fue entonces cuando decidieron que Tribunal Militar Permanente nº 1, presidido por el comandante de Caballería Luis de Vicente Sasiaín, se trasladase al Campo de Concentración de Camposancos, en el municipio pontevedrés de La Guardia, para celebrar allí los consejos de guerra. Este tribunal era el que venía actuando en Gijón, hasta que el día dieciséis de Mayo de 1938 se trasladó a Galicia. Fue sustituido por el Tribunal Militar Permanente nº 3, que actuaba en Oviedo y estaba presidido por Manuel Herbella Zobel. Este tribunal nº 3 simultaneó desde entonces la celebración de consejos de guerra diarios en las dos ciudades.

El día cuatro de Junio de 1938 se celebraron en el Campo de Concentración de Camposancos los primeros consejos de guerra. Fueron tres los consejos de guerra y sesenta los prisioneros que fueron sentenciados, veinte en cada consejo de guerra. Ese día, el tribunal militar dictó veintiocho condenas a pena de muerte; de ellas, veintiuna fueron ejecutadas y siete conmutadas; diez a reclusión perpetua, diecisiete a veinte años y cinco a penas de prisión de quince años o menos. Solamente uno de los encausados fue

absuelto, lo que no debe de interpretarse como que quedara en libertad.

Hasta ahora he podido documentar la celebración de treinta y un consejos de guerra en ese campo de concentración. La mayoría de esos consejos de guerra se celebraban para tandas de veinte prisioneros y solían durar poco más de una hora. En total, aparecen como encausadas quinientas dieciséis personas, todos hombres, y el resumen de las sentencias dictadas por el citado tribunal militar es el siguiente:

Condenados a pena de muerte:	214
Fusilados:	160
Conmutada:	54
Condenados a reclusión perpetua:	84
Condenados a veinte años:	116
Condenados a quince años:	51
Condenados a penas inferiores:	14
Absueltos:	37

No pueden considerarse como cifras definitivas, aunque sí muy aproximadas y muy indicativas.

Apenas un mes después de celebrado el primer consejo de guerra en el Campo de Concentración de Camposancos, concretamente el día dos de Julio de 1938, fueron fusilados ciento once de los prisioneros que habían sido condenados a muerte. Estos fusilamientos en masa tuvieron lugar en La Guardia, en Tuy, en Vigo y en Pontevedra. Por el testimonio del guardés Juan Noya, que expone en su libro memorialístico "Fuxidos", se conoce una relación de treinta prisioneros de Camposancos que al amanecer de ese día fueron "fusilados en el foso de un pinar al borde de la carretera, en la Cruz de la Sangriña. Sus cadáveres, dejando un reguero de sangre marcado en la carretera, fueron conducidos en camiones al cementerio municipal." En concreto a una zanja abierta en la parte exterior junto al muro del cementerio. No coinciden exactamente ni la lista que da Juan Noya, ni los nombres que figuran en el mausoleo que se levantó en dicho lugar después de la muerte de Franco, con los datos que yo manejo y con las inscripciones del Registro Civil de La Guardia. Pero son nada más que cuatro o cinco nombres de fusilados los que provocan el descuadre.

Los ochenta prisioneros restantes fusilados ese mismo día dos de Julio, fueron pasados por las armas en el castillo del Castro, en Vigo, y en el kilómetro uno de la avenida del Uruguay, en Pontevedra; excepto tres que fueron ejecutados en Tuy. Se les debió de enterrar en fosas comunes en los cementerios municipales respectivos. Así,

por ejemplo, en Pontevedra capital, los soldados del cuartel de Artillería de Figueirido, donde estaba instalada también una prisión provisional, fueron los encargados excavar previamente la zanja destinada a los que iban a ser fusilados. A esa prisión provisional habían sido trasladados muchos prisioneros desde Asturias y desde Camposancos. Tengo noticia de que el diecisiete de Mayo de 1938 llegó a Figueirido una expedición de doscientos cincuenta prisioneros procedentes de Gijón, y el doce de Julio del mismo año otra de noventa y cuatro presos procedentes de Camposancos. Como en Figueirido muchos presos estaban condenados a pena de muerte y no se les comunicó hasta un año después que se la habían conmutado por la de reclusión perpetua, al enterarse por los soldados de que les habían mandado cavar una fosa común, hubo un pánico terrible, pues creían que iba a ser a ellos a los que fusilarían. No fue así, pues Figueirido no sería nunca "cárcel de sangre", sino de cumplimiento; es decir que de allí no sacaban a nadie para fusilar.

Es necesario hacer aquí un paréntesis para destacar, y agradecer públicamente, lo hecho por Juan Noya, por Concha y su marido, Manuel Domínguez y por otros muchos vecinos del pueblo de La Guardia para salvaguardar y dignificar la fosa común de los allí fusilados. Ellos y otros en otras partes de España, como Rafaela Lozana, en Gijón, que con un tesón impropio de sus más de setenta años luchó lo indecible para impedir que en los años cuarenta, los restos de los fusilados en Gijón fueran destruidos. Personas como Juan Noya, como Concha, Manuel y Rafaela fueron los pioneros en la defensa de las grandes fosas comunes de los cementerios españoles y merecen el testimonio del sincero reconocimiento de su labor.

El día veinte de Julio fueron fusiladas treinta y dos personas de las condenadas en Camposancos: nueve las ejecutaron en Tuy, dieciocho en La Guardia, y las cinco restantes en lugar no identificado hasta el momento. El día cinco de Agosto, los siete presos que fueron fusilados habían sido conducidos previamente al Campo de Concentración instalado en lazareto de la isla de San Simón, en la ría de Vigo, y allí fueron ejecutados. El dieciséis de Marzo de 1939 fusilaron a cinco presos en Vigo y, cinco días más tarde, los ejecutados fueron ocho, siete de ellos en Orense, en la explanada del cuartel de San Francisco, y el otro en Celanova. Porque en Celanova, provincia de Orense, en el imponente edificio del monasterio de San Salvador, que fuera convento benedictino afectado por la desamortización, se instaló una cárcel provisional, más tarde habilitada como prisión central. A esta prisión fueron a parar muchos asturianos condenados a penas de años de cárcel.

De las más de quinientas personas que fueron sometidas a consejo de guerra en el Campo de Concentración de Camposancos, no todas eran asturianas. Asturias, en los meses de Septiembre y Octubre de 1937 era el último reducto republicano del norte de España y hacía allí habían huido en busca de refugio hombres, mujeres y niños de todas las provincias cantábricas y de las norteñas de Castilla.

Naturales de Galicia eran estos cuatro hombres, citados a continuación, que se encontraban entre los prisioneros de Camposancos y fueron fusilados: Ramón Gómez Rodríguez, nacido en Ferrol y avecindado en Gijón, donde trabajaba como obrero portuario. Al igual que la inmensa mayoría de los prisioneros, estaba acusado de haber participado en la Revolución del 34 y haber huido a Francia. En los primeros días de la guerra fue jefe de grupo en los ataques a los cuarteles de Gijón. Más tarde, formó en las filas del Batallón "García Quintela" nº 242 y alcanzó la graduación de teniente. Francisco Alvarez Moscoso era natural de Serantes y vecino de Santa Cruz de Mera, en la provincia de La Coruña. Marinero de profesión, se le tenía por militante del PCE y de la CNT, donde ocupó puestos directivos; fue comisario político de un batallón de Sanidad. Minero de Cascallana, en la zona de Valdeorras, era Antonio Pestaña Peral, dirigente de la UGT que se pasó a la zona republicana de Asturias. De un pueblo de la provincia de Lugo, pero avecindado en el asturiano de Somado, era Avelino Rodríguez Couso, miembro de la UGT y del PCE, que formó parte del Comité de Guerra del pueblo donde residía.

De entre todos los prisioneros capturados al ocupar las tropas nacionalistas Asturias y fusilados en Galicia, he considerado oportuno citar a unos cuantos como ejemplo de sus distintas procedencias y militancias.

Fernando Núñez Dacosta era portugués, pero vivía en Toral de los Vados, en León, donde trabajaba como carpintero. Afiliado a la UGT, dirigió un grupo que asaltó el polvorín de la fábrica de cementos "Cosmos" y participó en el ataque al cuartel de la Guardia Civil de Ponferrada, retirándose después hacia Asturias. Es el mismo caso que tantos otros prisioneros de las cuencas mineras leonesas y de los pueblos de la zona norte de la provincia.

Alvaro Nieto San José era un viticultor del pueblo vallisoletano de Cigales. Miembro del partido Unión Republicana, se hizo fuerte junto con otros vecinos del pueblo y se enfrentaron a la Guardia Civil, muriendo un guardia. Consiguieron huir del pueblo y pasar a Vizcaya, donde estuvo de guardia municipal en Bilbao. Fue hecho prisionero cuando intentaba llegar a Francia a bordo del vapor "Gaviota".

Comisario político, asimilado a capitán, militante del PSOE y afiliado al Socorro Rojo era el burgalés Pedro Alvarez Blanco, que trabajaba en Arija como tablajero. También vivía en Arija, aunque era natural del pueblo vizcaíno de Sestao, Celestino Villapul. Celestino era el presidente de la Casa del Pueblo y del Comité de Guerra de Arija, y miembro del Control obrero de la Fábrica de Cristales. Perteneció al Batallón de Zapadores nº 6 hasta que fue declarado "inútil" por un tribunal médico en Gijón.

José Suárez Otero era el presidente del PSOE de Reinosa y había estado condenado a reclusión perpetua por su participación en la Revolución de 1934. Voluntario en el frente y capitán en el Batallón "Ladreda" nº 242. Ascendido a comandante, pasó a mandar el Batallón nº 262. En este mismo batallón, estuvo de cabo Manuel Alonso Fernández, que era natural de Vega del Río Carrión, en Palencia, y vecino de Puente de Arce, en Cantabria. El comienzo de la guerra le cogió en zona nacionalista, a cuyo ejército se incorporó al ser movilizada su quinta. El dos de Noviembre de 1936, estando en el frente de Alava, se pasó a la zona republicana con armamento y munición, y, según se dice en la acusación, previamente inutilizó dos ametralladoras y se llevó fotografías de las posiciones nacionalistas.

Nacido en Madrid, pero vecino de Oviedo, era César Maldonado Sacco, ferroviario y profesor de la Escuela de Artes y Oficios de la capital asturiana, donde presidía la agrupación local de Izquierda Republicana. Consiguió escapar de Oviedo y en Gijón se dedicó a organizar, con la graduación de capitán instructor, el Batallón "Izquierda Republicana". Probablemente dirigió la Academia Militar de Gijón y desempeñó el cargo de delegado de Obras Públicas.

Casildo Rodríguez Alvarez era un veterano dirigente socialista de San Juan de la Arena, pueblecito situado en la desembocadura del río Nalón. Había participado de forma destacada en el alijo de armas del vapor "Turquesa", en la preparación de la Revolución del 34. Precisamente en la desembocadura del Nalón se realizó el alijo de armas, transbordadas a lanchas de pesca que las llevaron río arriba. Prisionero al final de la guerra junto a su hijo José en Camposancos, fue de los pocos que protagonizó una evasión. El día nueve de Febrero de 1938, vestidos de falangistas, siete prisioneros consiguieron franquear la salida en dos grupos. Casildo y su hijo José estaban entre ellos. Los evadidos se separaron para que cada uno corriera su suerte. Casildo y su hijo trataron de cruzar la frontera portuguesa por Orense. No lo lograron. Detenidos los dos, primero el hijo y, poco después, el padre, fueron conducidos a la cárcel de Tuy antes de ser devueltos a Camposancos. Casildo era el único preso de Camposancos que llevaba grilletes en los pies. Él

fue fusilado, pero su hijo José fue condenado a reclusión perpetua y trasladado a Figueirido.

Y para acabar esta breve reseña, citaré en apretado resumen a Hermógenes Díaz Alvarez, que fue el comandante del Batallón nº 270; al vecino de La Felguera y cenetista, José García Sánchez, que organizó y mandó el Batallón "Josepín" nº 214; y a su convecino y compañero de sindicato, Eugenio Rodríguez Martínez, comisario político del mencionado Batallón "Josepín"; al también comisario político del Batallón "Planerías", el gijonés Agustín Suárez Rodríguez, militante del PCE y de la UGT; a otro comisario político más, del Batallón "Daniel Secades" nº 221, que era Marcelo Antonio González Seneque, metalúrgico, natural de Palencia y vecino de Mieres, dirigente de la UGT y de las Juventudes Socialistas; a ese mismo batallón pertenecía el maestro y miembro directivo de la ATEA (Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Asturias), José Mª Fernández Inclán. El socialista Paulino Suárez Cuesta, alcalde y comandante militar de Pola de Laviana, fue comisario político en un batallón de Fortificaciones; Moisés Carballo Abad, socialista, presidente del Sindicato Nacional Ferroviario de la UGT, fue vocal del primer Comité de Guerra de Gijón y teniente de alcalde; el cenetista Ulpiano Sánchez Hevia, gestor del Ayuntamiento de Gijón y comisario político; el minero de Mieres Santiago Belarmino García Martínez, comisario político de la Comandancia Militar de Mieres...

Y tantos y tantos otros, como los hermanos Alfredo y Carlos Casares Delgado, de Gijón, que ya habían estado condenados a pena de muerte por haber desertado del crucero "Libertad" durante la Revolución de Octubre del 34 y que lucharon como tenientes de milicias durante la guerra.

Todos fueron fusilados.

Mi pequeño homenaje, mi pequeña contribución a este congreso son esas listas de los hombres de toda España que por luchar por la Libertad, la Igualdad y la República allí donde el destino les envió, fueron ejecutados en Galicia y borrados de la historia. Nombrando a esos pocos, mi recuerdo es para todos ellos. Poder plantear a este Congreso que adopte una resolución para que allí donde fueron asesinados y donde yacen sus restos un mármol recuerde su nombre y rinda honor a su memoria, eso ya me recompensa de todo y me obliga a quedarles muy agradecido por su atención y amabilidad.

Exterminio de intelectuais e políticos: os exemplos de Xoán Xesús González e Roberto Blanco Torres

Marcos Seixo Pastor

Introdución

No momento de avaliar a temática que pretendía abordar neste congreso surxíronme certas dúbidas sobre se a materia na que quería entrar era a da represión no concello de Cuntis en xeral ou ben a que padeceron en concreto dous destacados intelectuais e políticos cuntienses como foron Blanco Torres e Xoan Xesús, dos que me xa teño ocupado en varios traballos. Finalmente, optei pola segunda alternativa, aínda que, dada a falta de rigorosidade que suporía tratar as personaxes independentemente da súa contorna vital, non podo deixar de facer uns breves apuntamentos ao contexto represivo do 36 en Cuntis, que non é especialmente singular e que precisamente por iso pode resultar de maior interese como modelo paradigmático do que aconteceu noutras vilas do país, e ademais por considerar a oportunidade única que supón esta xuntanza para reproducir os nomes de moitos cuntienses, coñecidos e camaradas dos dous escritores máis senlleiros que enxendrou este concello e que, como eles, padeceron as tráxicas consecuencias da súa coherente lealdade e entrega á causa republicana.

O 36 en Cuntis

O panorama cultural, económico, social e político da vila termal antes do 36 caracterizábase por un bo grao de prosperidade, especialmente durante a II República; prosperidade á que contribuíu en boa medida a eficaz executoria de quen quizais foi o mellor alcalde con que contou Cuntis na súa historia, o canteiro Manuel Rodríguez. No ambiente sociocultural é de destacar ademais dun culto e selecto ambiente organizado en torno ao Hotel Balneario (concorrido por coñecidos escritores, xornalistas, maxistrados, políticos...), o labor dunha activa e combativa xuventude que ademais de chegar a fundar xornais de carácter anticaciquil e promover actividades poéticas e teatrais (especialmente no caso dalgúns mestres

e estudantes), participaban moi activamente no galeguismo, no esquerdismo republicano e no movemento agrario local, enfrontados ao máis recalcitrante caciquismo representado polo Sindicato Católico Agrario, integrado polos máis reaccionarios oligarcas da vila, entre os que non podía faltar o clero, como é o caso de Santiago Abuelo, abade da fegresía de Sta. María de Cuntis, e Xosé Toubes, que aínda que era cuntiense estaba ao cargo da parroquia coruñesa de S. Pedro de Mezonzo, e fora fundador do xornal conservador coruñés *El Ideal Gallego*.

En maior ou menor medida toda esta mocidade da que falábamos sufriu a represión coa sublevación fascista do 18 de xullo: represalias de tipo laboral, especialmente no caso de mestres e funcionarios municipais (que en boa parte dos casos foron inhabilitados); confinamento na illa de San Simón e outros cárceres; o exilio para quen conseguiu fuxir a tempo, como foi o caso do excelente pintor e escultor local Uxío Souto, bo amigo de Xoán Xesús e de Blanco Torres cos que compartía o ideario galeguista e esquerdista. Uxío salvaríase da masacre cruzando os Pirineos e permanecendo durante un penoso período de tempo nun campo de concentración en S. Ciprián de Perpignan (Francia); experiencia que deixou unha fonda pegada na súa obra. Posteriormente conseguiu atravesar o océano e instalarse para o resto dos seus días en México, país no que a súa obra goza dun prestixio que, por motivos que todos nós podemos intuír, non se lle outorga na súa propia terra natal, un feito que pode parecer disparatado, pero que é a tónica dominante en boa parte dos que padeceron as represalias políticas do franquismo.

Coa noticia da sublevación militar, concentráronse na capital do concello campesiños de todas as parroquias para solicitar armas e defender a república, mais fóronlle negadas. Ademais, ao igual que sucedeu noutros lugares, formouse un Comité Revolucionario da Fronte Popular, no que se integraron, entre outros, o alcalde M. Rodríguez, Xosé Pena, Antonio Ríos e Sabino Sueiro, os cais, dado o seu espírito quizais excesivamente humanitario, salváronlle a vida ao cura Toubes proporcionándolle un coche para que fuxira de Cuntis no inicio do enfrontamento. Tamén protexeron ao falanxista e cura párroco, Santiago Abuelo e, por requerimento explícito das propias claustrais, o convento beneditino[1]. Xestos xenerosos que tanto Toubes como Santiago Abuelo non terían moito en conta cando posteriormente, desde os seus despachos, ditaminaban un bo número de paseos.

Con todo, os sectores máis reaccionarios, tanto laicos como relixiosos, unidos aos máis fanáticos militantes da Falanxe axiña comezaron a organizarse a partir do día 21, cando a garda civil sae á rúa

despois duns días de indecisión e remata coa resistencia popular. Se ben en Cuntis os falanxistas locais non sabemos se foron máis aló de detencións e tundas a elementos esquerdistas así como algúns cortes de pelo a mulleres, o que si sabemos é que se desprazaban a concellos próximos, onde chegaron a torturar e asasinar salvaxemente algunhas persoas de coñecida vocación republicana. Elaboraron ademais unha lista negra, na que figuraban Manuel Rodríguez, Serxio González, Sabino Sueiro, Avelino Ares Villaverde, Francisco Lois Couso e Xoán Xesús González, quen a pesar de residir en Compostela estaba moi integreado na dinámica social do concello natal. Os tres primeiros foron condenados a deportación, termo que agochaba o verdadeiro propósito, *o paseo*. Deste xeito Manuel e Serxio foron asasinados despois de entregárense inxenuamente e seren levados á zona de Lalín, de onde non regresaron con vida. O fillo do alcalde Rodríguez foi enviado á fronte a loitar a carón dos *nacionais*, morrendo aló en extrañas circunstancias que fan supor que tamén foi liquidado, pois o seu nome é o único que non figura na fachada da igrexa da súa parroquia xunto aos outros "caidos por la patria", que por suposto eran só os do bando gañador. Pola súa banda, Sabino optou por botarse ao monte, onde sobreviviu durante trinta e tres tortuosos meses. Posteriormente confiando nas falsas promesas do réxime entregouse, sendo encarcerado durante máis de dous anos e chegando a ser condenado a morte, sentencia que non se chegou a executar, pois se lle conmutou pola de cadea perpetua.

No mes de agosto foron detidos moitos republicanos cuntienses, entre eles Avelino Ares Villaverde, Manuel Alonso Rodríguez, Antonio Aboi Torres (que fora militante da Unión Socialista Gallega que fundara o seu amigo Xoán Xesús González), Francisco Porto Touceda, Pablo Baños Mariño, Xosé Pena Sayáns, Ramón Fuentes Sayáns, Ramón Ferreiro Folgar, Manuel Pisos Villar, Xosé Campos Caneda, Secundino Limeres Campos, Maximino Pardal Fabeiro e Edilberto Lois Couso. Foron enviados primeiro á cadea de Caldas de Reis, onde xa estaban retidos o mestre Antonio Ríos Fernández e Pedro Carballo Blanco (sobriño de Roberto Blanco Torres que estivera un tempo agochado na rectoral de Lores protexido polo seu tío o párroco Xermán Blanco), e despois á de Pontevedra e ao antigo lazarerto de S. Simón no que tamén foi confinados os mestres Aurelio Rey García (Unha persoa moi aprezada na vila termal) e Xosé Viéitez de Soto (que exercía na aldea cuntiense de Magán). En S. Simón *desaparecería* Avelino Ares, sen que en principio se soubese o seu paradeiro (en realidade fora *paseado* e enterrado nun cemiterio da zona). Axiña comezaría un sofocante ir e vir para os encausados que permanecían con vida,

pasando en distintas ocasións polo vello instituto de Pontevedra, que se usou como cadea para os presos políticos, polo cárcere da cidade e polo edificio da Deputación, no que, en febreiro do 37, despois de numerosos interrrogatorios e traslados, tivo lugar un xuízo colectivo, cun tribunal no que actuou como relator Rivero de Aguilar (que fora fiscal na causa contra Alexandre Bóveda); como Xuíz, Fco. Sanmantín Carreño e como fiscal, Otero Goyanes. No expediente pedíase a pena de morte ou reclusión a perpetuidade. Algúns dos múltiples encausados foron condenados a cadea perpetua ou a penas que oscilaban entre os 12 e os 20 anos de prisión.

Xoán Xesús González

Naceu en Sevil, aldea da parroquia de Cequeril (Cuntis) en novembro de 1895 no seo dunha familia labrega. Na primeira adolescencia comeza a traballar como peón de canteiro, tarefa que combinaba co traballo no campo, unha actividade na que se iniciara desde neno e á que nunca renunciaría. O contacto directo coa problemática campesiña e do mundo obreiro producirá en Xoán Xesús unha sensibilidade especial, que será a causa dun rexo compromiso social.

Na xuventude marcha para Santiago, onde comezaría a compaxinar o oficio da pedra cos estudos, rematando a carreira de Maxisterio, que exercerá durante pouco tempo, optando por dedicarse ao xornalismo, profesión na que axiña acadará tal prestixio que chegará a ser elixido secretario da Asociación da Prensa de Compostela en agosto de 1925. A súa carreira xornalística iniciáraa na redacción de *El Compostelan*o. Posteriormente escribiría para moitos xornais galegos como o vigués *El Pueblo Gallego*, do que era correspondente en Compostela; o ourensán *La Zarpa*, que fora fundado polo crego e axitador Basilio Álvarez e no que coincidiría co seu veciño Blanco Torres; no tamén vigués *La Concordia*, dirixido entón polo seu amigo Miguel Fernández Lema; así como no xornal galeguista e de esquerdas *Claridad*, que sería antecesor do semanario Ser. Colaborou tamén no combativo xornal *Trabajo* (voceiro da Agrupación Socialista compostelá), no galeguista *A Nosa Terra*, en publicacións agrarias de diversos puntos de Galiza, como *El Emigrado* da Estrada, na prensa madrileña, especialmente en España, e en rotativos da emigración americana: *Raza Celta* de Montevideo, Galicia de *La Habana*, *Céltiga* de Buenos Aires... Tamén chegou a fundar e dirixir dous periódicos de grande prestixio, como foron o semanario santiagués *El País Gallego* e o quincenario *Amañecer*.

Desde a chegada á cidade verase plenamente integrado na loita a prol do galeguismo e o sindicalismo obreiro, converténdose ademais nun dos militantes máis activos do movemento agrario tanto na comarca de Compostela como no seu Cuntis natal, concello co que nunca chegou a perder o contacto, non só por motivos familiares e de amizade senón tamen culturais e sociais.

Contra finais dos anos vinte comeza os estudos na Facultade de Dereito. Aquí entrará en contacto cunha xeración de estudantes galeguistas como Fole, Santiso Girón, Seoane, Bouza Brei, Fernández del Riego... que incentivarán a súa participación nas mobilizacións estudantís da época, nas que terá un papel destacado a FUE (Federación Universitaria Escolar). En 1929 o cuntiense acadará o cargo de vicepresidente da recén creada Asociación de Dereito. Rematados os estudos chegou a exercer como avogado nos bufetes que estableceu en Compostela e na Estrada.

O intento de síntese das doutrinas socialista e nacionalista foi unha teima constante ao longo da súa traxectoria vital, algo no que coincidiu con intelectuais como Quintanilla, Suárez Picallo, X. Vicente Viqueira ou Victoriano Buxán. Así X. Xesús nos inicios da República milita na Agrupación Nazonalista de Compostela, da que el mesmo fora promotor, ao tempo que ocupa o cargo de secretario da Agrupación Socialista de Compostela, desde a que funda a Federación de Entidades Socialistas, Obreras, Agrarias y Marineras de la comarca de Santiago de Compostela. Porén, topámonos con continuas discrepancias coa liña oficial do Partido Socialista ao que increpa polo seu centralismo reseso e retrógrado, feito que producirá varios intentos de escisión. O primeiro deles foi o Partido Laborista Gallego que crea a finais de 1930. Tras de múltiples debates internos, en agosto de 1932 funda o Seminario de Estudios Socialistas que desembocará na constitución dun novo partido, de carácter nacionalista, a Unión Socialista Gallega na que se integraron, entre outros, Indalecio Castro, Antonio Fuentes, X. María Caramés, Ramón Guimil, Manuel Moure e o cuntiense Antonio Aboi Torres. A USG chegou a presentar candidatura nas catro provincias nas eleccións de 1933: Núñez Rodríguez por Ourense, Siervo González por Lugo, Francisco Guimarei por Pontevedra e Xoán Xesús pola Coruña.

A vitoria dos conservadores nas eleccións de 1933 foi o desencadeante da unión de múltiples forzas progresistas para constituír Izquierda Republicana, na que se integrará a USG, sendo designado o cuntiense secretario xeral na agrupación compostelá. Con todo, novas desavinzas producirán a súa expulsión. En agosto de 1935, despois dun fracasado intento de reactivar a USG, crea o VIR (Vanguardia de Izquierda Republicana), no que militarán políticos

como Borobó, Maximino Castiñeiras, Ramón Esturado ou o sindicalista compostelán Xosé Pasín, que exercerá a presidencia.

Ademais dunha intensa actividade xornalística e política legounos unha abondosa obra literaria: múltiples e lúcidos traballos ensaísticos dos que só se consevan tres: *Hacia una morfología de la vida Gallega, En pé campesiños e Regionalismo, nacionalismo, separatismo*; varias obras narrativas como as titulada Ana María, A filla da patrona, A modelo de Paco Asorei e Teresiña Novás. É tamén autor do poemario *Agarimos*, e de ao menos dúas pezas teatrais en galego: Carmiña, que chegou a ser estreada polo grupo teatral La Raza que dirixía o cuntiense Manuel Mesejo Campos (amigo seu desde a infancia), e o drama amoroso titulado *Felisa*. No campo teatral tamén destacou como actor no cadro dramático Universidade que dirixía Cotarelo Valledor.

Co golpe militar, Xoán Xesús colabora co recén constituído Comité da Fronte Popular para loitar pola defensa da República. Encabezou a columna de obreiros e campesiños da zona de Teo, que desfilou polas rúas de Compostela e tomou edificios como o de Correos e Telégrafos. Tamén participou na detención dun tren que viña de Vigo con munición e explosivos para as tropas franquistas, facendo unha barricada con rollas de piñeiro e entrando en combate cos falanxistas e a garda civil. Derrotado o seu pequeño exército, Xoán Xesús andou fuxido algun tempo polos montes de Cuntis, a pesar de que unha persoa con influencias se ofreceu para axudalo a saír do país vía Portugal, este negouse en espera de que o bando leal gañase a guerra e todo voltara á normalidade. Unha imprudente cita nun día de feira na vila da Estrada foi fatídica, pois alí foi detido, trasladado á prisión de Santiago, sometido a consello de guerra e fusilado o 12 de setembro de 1936 xunto con Faustino Líster, Serafín Mariño, Xosé Pose Míguez e Xosé Cousís Castro. Os seus restos repousan baixo unha lousa do cemiterio de Cequeril, despois de seren trasladados alí pola familia en 1941. A día de hoxe, nin unha soa inscrición recorda, para vergonza das nosas autoridades políticas, nin alí nin en ningún outro lugar, que existiu Xoán Xesús González, unha das persoas que máis loitou pola liberación nacional e social da súa terra, poñendo todas as súas capacidades como político, conferenciante, xornalista, ensaísta, e mesmo como actor, dramaturgo, novelista e poeta, ao servicio da rexeneración do seu país, empresa pola que lle foi arrebatada a vida.

Roberto Blanco Torres

A casa dos Blanco Torres foi case unha institución na que se formaron Roberto e os seus irmáns. Os pais eran persoas dun bo

nivel cultural: Carme Torres era mestra e Pedro Blanco fixera estudos eclesiásticos e dedicaba boa parte do seu tempo a actividades xornalísticas e literarias. Os alicerces da súa sólida cultura iranse así ancorando xa na infancia gracias ao disfrute dunha ben surtida biblioteca familiar. Nacera o 18 de marzo de 1891, sendo o máis novo dunha numerosa prole. A morte temperá da súa nai fixo que o pai se entregase especialmente á educación do benxamín da familia, e mesmo que o iniciara no mundo do xornalismo e a literatura. Por estes anos eran moi frecuentes as visitas do xornalista vigués Xaime Solá ao hotel de Cuntis... E precisamente en *El Noticiero* de Vigo, dirixido por Solá, será onde verán a luz os primeiros traballos de Roberto cando apenas contaba doce ou trece anos.

En 1905 morre o seu pai, e ao ano seguinte, con tan só 15 anos, marcha para Cuba. Será frecuente a súa presencia nas tertulias literarias xunto a persoeiros da talla de Curros, Fontenla Leal, Adelardo Novo, Xulio Sigüenza, R. Cabanillas, A. Vilar Ponte... chegando a coñecer en 1913 ao lider agrarista Basilio Álvarez nunha viaxe que este fai a Cuba; unha toma de contacto que marcará definitivamente ao cuntiense. O seu labor xornalístico nesta etapa é intensísimo; artigos, poemas e relatos do xoven escritor impregnan as páxinas de multitude de publicacións non só de Cuba, onde chegou tamén a fundar e dirixir importantes publicacións de tendencia galeguista, senón tamén de distintos países latinoamericanos, así como de Galiza, Madrid e Barcelona. Cando en 1916 regresa á terra virá plenamente predisposto para loitar en dúas frentes: o nacionalismo e o agrarismo.

Coa súa chegada a Cuntis, retoma o contacto coa familia e cos amigos da infancia. Frecuenta as tertulias do Casino e as do salón do Balneario. Comezará unha estimulante relación con mozos de Cuntis que comezan a despuntar en distintos terreos, Manuel Mesejo Campos e Xoán Xesús González, Uxío Souto... Trátase dun tempo en que a vila ten unha intensa actividade cultural, chegando a fundarse varios xornais nalgún dos cais chegou a participar.

Ao pouco da súa chegada incorpórase á actividade xornalística no diario agrarista *Galicia Nueva* de Vilagarcía, en *A Nosa Terra*, *El Ideal Gallego* e *El Noroeste* da Coruña, *El Correo Gallego* de Ferrol, *Progreso* de Pontevedra... E comeza a súa atafegada militancia nas Irmandades da Fala e no agrarismo, exercendo un importante labor teórico e organizativo, ao tempo que desempeña labores de dirección en importantes diarios de carácter progresista, nacionalista, agrarista e anticaciquil como *La Zarpa* de Ourense, o *Galicia, Diario de Vigo* ou *El Pueblo Gallego*, no que permanecerá até novembro de 1927, cando demite ante a pretensión do director e

propietario, Manuel Portela Valladares, de poñer o xornal a disposición do réxime riverista. É condenado, por un delito de inxurias, véndose obrigado a retirarse á aldea natal da súa muller, no concello da Peroxa; retiro que aproveitará para a elaboración da que sería a súa única obra poética publicada: *Orballo da Media Noite*, que se editaría en 1929. A partir de aquí as súas colaboracións tanto na prensa galega e madrileña como en publicacións da emigración continúan sendo moi frecuentes, así como a intervención en distintos postos directivos en xornais como *La República* de Ourense, *El Noroeste* da Coruña ou *El País* de Pontevedra.

Durante a República chegou a ocupar o cargo de Gobernador Civil de Palencia. Nestes anos son numerosos os artigos nos que propugna a necesidade da instauración dunha verdadeira república federal que garanta unha ampla marxe de autogoberno para as distintas nacións do Estado. Unha aspiración que sempre defendeu non só como nacionalista membro das Irmandades da Fala, senón tamén desde a órbita de partidos como a ORGA, a Federación Republicana Galega e, nos últimos tempos, como militante de Izquierda Republicana.

En 1936, despois de tomar posesión da xefatura do gabinete de prensa do Ministerio da Gobernación e participar activamente en Madrid na campaña a favor do Estatuto, regresa na mesma semana en que se celebraba o comicio. O 28 de xuño acode a votar a Pontevedra, onde estaba empadroado, pois nos últimos tempos exercía de Xefe de Redacción no diario republicano pontevedrés *El País*, e despois marcha para A Peroxa para disfrutar dunhas merecidas ferias antes de incorporarse ás novas responsabilidades. Cando se produce a sublevación fascista, o teimudo xornalista desoe os consellos de veciños e amigos que lle din que se agoche, e mesmo lle ofrecen refuxio. A detención, na que participaron, entre outros falanxistas da Peroxa, algúns amigos da familia, produciuse o 22 de xullo, catro días despois do golpe militar. Foi confinado durante máis de dous meses na Prisión Provincial da cidade, e despois trasladado á de Celanova, onde pasa unha noite. O tres de outubro é paseado xunto con Euloxio Vázquez e Rizal Villamarín Iglesias, e o catro aparecían os corpos en San Fiz de Galez (Entrimo). Dúas balas inseridas na caluga (unha *traumática hemorragia interna*, segundo o certificado de defunción) poñían fin a cuarenta e catro intensos anos de ética e combate no plano vital, político e literario.

Tiveron que pasar máis de sesenta anos de silencio e ocultamento até que en 1999 se lle dedicaba o Día das Letras Galegas, comezándose entón a andar o camiño, aínda non acabado, para a recuperación de quen foi o xornalista máis fecundo e o autor dun dos mellores poemarios do seu tempo.

Coda

Todo o esforzo intelectual, social e político dunha xeración nobre, idealista e xenerosa que loitou veementemente pola democracia, o progreso e a liberación do seu país, veríase truncado de forma tráxica tras a sublevación militar, que trouxo consigo a masacre e a desolación. O asasinato converteuse en algo traxicamente cotián, do que non se libraron boa parte dos nosos escritores e xornalistas máis senlleiros: Blanco Torres, Xoán Xesús González, Xacinto Santiago, Lustres Rivas, Xaime Quintanilla, Ánxel Casal, Bóveda, Díaz Baliño, Víctor Casas, Arturo Noguerol, Xosé Xoán Pérez "Caramiñas", Joán Carballeira e unha longa ringleira de persoas imprescindíbeis na construción do país.

Mais aquelas salvaxes represalias son algo máis que historia, pois as vítimas aínda as seguen a sufrir hoxe, despois de mortos, materializadas nun inxusto esquecemento e postergación que conta co silencio cómplice, tácito ou implícito, de moitos investigadores e políticos que en nome do progresismo e a concordia optan, de xeito covarde e inmoral, por non remexer no pasado; unha actitude totalmente contraria á que mantemos os que participamos neste congreso: se hoxe esquecemos ou infravaloramos o labor dos foron ultraxados durante a guerra e a posguerra estamos a ultraxalos nós novamente. Podemos constatar en moitos estudos, especialmente no material didáctico dirixido aos estudantes, que se segue omitindo inxustamente todo tipo de referencia á obra creativa de moitos dos nosos represaliados, poñéndolle unha pesada lousa que impide o seu rescate. Un crime tan execrábel como o que cometeron os sanguinarios verdugos franquistas e unha actitude incomprensibelmente permisiva con aqueles brutais acontecementos e, polo tanto, con todos os que se poidan presentar en calquera período histórico.

Notas

[1]Parte dos datos que forman parte desta introdución foron tomados MAGARIÑOS SUEIRO. A., " Represión e morte en Cuntis durante a guerra civil e a posguerra. O caso do fuxido Sabino Sueiro", A Taboada (Cuntis-Moraña), nº 5, xullo 2002, así como do documento manuscrito Colonia penitenciaria del lazareto de San Simón por Edilberto Lois Couso, preso político de Cuntis, 1936-37-40, que nos foi facilitado por Antonio Lois, o seu fillo. Agradecer ademais a valiosa testemuña oral da familia do alcalde republicano asasinado Manuel Rodríguez.

Traxedia e morte da familia Pita

Francisco Pita Barges

A 5 km. de Cariño hai unha pequena pero fermosísima aldea chamada Landoi. Neste curruncho do Concello de Cariño naceu meu avó Lois Pita.

A idade de 15 anos quedou orfo de nai e pai, con tres irmás mais pequenas que se abrazaban as súas pernas como buscando seguridade, e o cariño e o amor dos pais que lles faltaban. Como conta meu tío Xosé Pita no seu libro "Historia de amor y tragedia", o terceiro día reaccionou e botouse a traballar de pinche na reparación da estrada Mera-Cariño durante catorce horas diarias e sen axuda de ninguén sacou adiante ás súas irmás. Logo traballou na construcción e con moito esforzo e traballo chegou a ser empresario de moita sona, pola súa honradez nos tratos e o bo facer das súas obras.

Casou con Asunción Armada, boa muller, nobre e xenerosa, de gran paciencia e traballadora incansable. Para que na numerosa familia (13 fillos) todo funcionara ben, con orde e respeto, estaba meu avó, home recto e moi serio; pero levar adiante tantos fillos era laboura diaria da miña avoa Asunción. O meu avó tamén tivo fábrica de conservas e salazóns, na que traballaban el e os fillos varóns, e tiñan tamén casa de comidas e hospedaxe que atendían miña avoa Asunción e as fillas. Vivían comodamente pero traballaban todos moito.

Meus tíos e meu pai, dende que empezaron a ter razoamento propio, e a pesares de ser fillos de empresario e vivir comodamente, déronse conta de que había que cambiar a vida de escravitude na que estaba sumida a xente traballadora de Cariño e as súas familias. Pepe de Pita, un dos meus tíos, de moi novo foi a Arxentina e cando voltou de ver como se traballaba e vivía noutras terras, aínda veu mais claro as inxustizas sociais de Cariño. Os seis irmáns puxeran todo o seu afán para intentar cambiar esta situación de explotación do home polo home. Dende ese momento xa tiveron enfronte os caciques; o seu único delito foi querer cambiar o sistema de escravitude e que as xentes de Cariño traballaran en condicións dignas tanto nas normas de traballo como polos xornais

de miseria que se lles pagaba. Aínda que a súa xornada fora de 24 horas, nas peores condicións de seguridade no traballo como de seguridade social, para os caciques locais nunca era dabondo. Isto tiña que reventar pois era coma un cancro que estaba acabando física e anímicamente coa clase traballadora. Os cirurxiáns para esta operación foron os irmáns Pita e algún mais que se entregaron en corpo e alma á defensa dos mais elementais dereitos de xustiza social do asalariado fronte ós insaciables caciques que se crían con dereito de pernada e donos de casa e vida das xentes de Cariño; estes calificativos dígoos no sentido mais literal da palabra. Tiñan ideas medievais.

Os irmáns Pita estiveron nesta loita todos xuntos. A partires do ano 1933 organizouse en Cariño o Sindicato da Industria Pesqueira (S.I.P.), o mais importante da zona. En setembro de 1934 levouse a cabo en Cariño a mais importante folga contra os patróns das empresas pesqueiras, pois reclamaban ademais de melloras salariais traballar mais dignamente, non se podían consenti-los abusos a que estaban sometidos os mariñeiros e traballadores conserveiros. Foron á folga 2000 persoas, paralizouse a pesca e as fábricas de conservas. Neste momento sí que os caciques tiveron no punto de mira tanto os meus tíos os Pita, coma os demais compañeiros do S.I.P. Este sindicato fañou a folga e as xentes mariñeiras e das conservas perderon o medo a sindicarse, e tamén o medo ó señor feudal. O día 19 de setembro durante a folga estalou un petardo (os sindicalistas culparon os caciques para dar motivos de represión) e aplicaron a Lei de Orde Público; foron detidos 2 tíos meus e 7 sindicalistas mais, tamén lles puxeron unha multa de 1000 pesetas a cada un (isto era o que gañaba nun bo ano de pesca un mariñeiro). O S.I.P. de Cariño mobilizouse e con eles solidarizáronse 12 organización sindicais da zona de Ferrol; desde Betanzos e Ferrol ata Cedeira e o Barqueiro perden os empresarios explotadores, e os traballadores conseguiron as súas reivindicacións: sacaron os sindicalistas do cárcere e quitáronlles a multa. Cando a revolución de outubro de 1934, promovida polos socialistas, deteñen entre outros ó meu tío Manuel Pita e tamén ós mariñeiros do barco "Marichu" e son levados ó castelo de San Antón.

No ano 1936 o S.I.P. de Cariño ten 1200 afiliados; é un dos mais importantes da Confederacón Rexional Galaica da C.N.T.

Cando se produce o levantamento subversivo-militar do 1936 liderado por Franco, os sindicalistas de Cariño intentaron defenderse como o intentaron noutros pobos, pero xa todo estaba perdido; entón deciden marcharse nun boniteiro chamado "Arkale". Embarcaron neste vapor 38 persoas, entre elas meu pai e dou tíos meus, Xosé e Manuel Pita; os outros tres, Luis, Francisco e

Antonio Pita, dixeron que eles non abandonaban as súas familias pois non fixeran mal a ninguén. Ó final tiveron que deixas as súas familias pois foron fusilados. Os demais tiveron que fuxir coma se fosen criminais; o seu único delito foi loitar polos obreiros e defendelos ante os caciques usurpadores, e isto non o podían perdoar estas xentes de alma de xeo e corazón de ferro.

Na lista para fusilar estaban os seis, pero como tres escaparon, vingáronse nas outras tres familias. Leváronos nunha camioneta, peor que se foran animais e en Ferrol asasináronos.

Cando os levaban pola rúa, un individuo estaba á porta da súa casa, ríndose cando os tiraban na camioneta, e díxolles ós falanxistas: "*Volvede ás súas casas e levade tamén as crías, que non quede nada*". O mais vello dos meus primos tiña catro anos e eu tres meses. Ó mais puro estilo nazi.

Os fuxidos do "Arkele" foron a Francia e alí pasaron a campos de concentración, onde o pasaron moi mal, hasta que Manuel Barge, irmán da miña nai que estaba en Montevideo, mandoulles os cartos para a pasaxe e poder embarca para Chile no "Winnipeg". Á súa chegada a Chile foron recibidos como heroes, tanto polo pobo chileno como polo goberno. Alí traballaron para o goberno chileno, no que eles mellor sabían, que foi nas conserveiras. Como se unha maldición os perseguira tamén lles tocou sufrir o golpe de Estado de Pinochet e a súa dictadura.

A miña relación con meu pai empeza no momento en que chegan a Chile. Nas súas cartas el sempre me falaba da súa esperanza de atoparnos como se iso fora pasar o mes seguinte; nunca me falou de vinganza para os causantes da morte e espallamento da familia Pita. Este drama de traxedia e morte afectou ás tres familias dos que escaparon, os tres que fusilaron e tamén ó mais novo dos irmáns, Xesús Pita, que por novo se salvou porque foise voluntario para o fronte; como el dicía: "*Prefiro que me maten na guerra e non coma os meus irmáns*". Todos estes sufrimentos pasáronos meus avós Luis e Asunción, que tamén tiveron que fuxir de Cariño para A Coruña, pois facíanlles a vida imposible: insultos, manifestacións á porta da casa, petábanlles na porta, apedreábanlles a casa rompéndolle os cristais e así que os poñían volvíanllos a romper,... acabaron por non poñer mais cristais e pecha-las contras, aquela casa parecía unha sepultura. Durante moito tempo cada pouco poñíanlles unha multa sen saber porqué. Foi tanta a acumulación de sufrimento, e de verse desprazados do seu pobo, que tiveron que malvender a súa casa e fuxir para Coruña. Meu avó non puido soportalo e ese corazón nobre, rexo e xeneroso, un día entrando na casa caeu morto; outro crime mais dos fascistas. Na Coruña puxeron unha casa de comidas e hospedaxe chamada "Hospedaxe María Pita".

Por todo o acontecido na familia Pita fomos todos víctimas, desde meus avós, miñas tías, meus tíos e meu pai, as súas mulleres e nosoutros, os mais novos e mais inocentes; todos fomos víctimas da infernal máquina vingadora e sedenta de sangue guiada por Franco, a Falanxe, a Igrexa e os seus secuaces, os caciques locais.

Na asamblea que se celebrou o día 22 de outubro no Ateneo de Ferrol, na miña pequena intervención subliñei que todo o que eu sabía do comportamento dos crimnais de Cariño para coa miña familia sabíao pola miña nai, que igual que meu pai nunca me falou de vinganza; limitáronse a contarme a triste historia da nosa familia tal e como fora, e para que eu soubera quen eran os nosos inimigos. O que nunca me inculcaron foron desexos de revanchismo pois aínda que o merecían, sería demasiado degradante descender ós seus niveis de inhumanidade. Por iso sempre que puiden combatinos dende asociacións veciñais no grupo municipal socialista de Cariño, no goberno e na oposición.

As cartas que nos escribía meu pai desde Chile a miña nai e a min notábamos que eran escritas con moita prudencia, pois desconfiabamos de que eran abertas antes de chegar ás nosas mans; había indicios de manipulación dos sobres, non sabemos onde, e nosoutros ás veces non botábamos as cartas en Cariño, mandávomolas por unha terceira persoa que as botara fóra de Cariño. Algunhas cartas de Chile para nós como de nós para Chile nunca chegaron, "perdíanse".

Casaron meus pais Vicente Pita e Felicia Barge en decembro do 1935. Eu nacín o 23 de abril de 1936, tiña tres meses cando marchou meu pai. Un día, cando tiña catro anos, unha veciña nosa tamén con familiares castigados por Franco levoume ás escondidas a que me bautizaran e así o fixo o cura, pero a filla do Xefe de Orde Público de Cariño enterouse e preguntoulle á nosa veciña que de onde viña comigo, e ela díxolle que de dar un paseo; a outra díxolle que xa sabía que me viña de bautizar, pero que tivera coidado que podía ter serios problemas.

Tamén naqueles días de sangue e odio contábame miña avoa materna Francisca que estaba un día paseando conmigo e viña pola nosa rúa arriba unha manifestación celebrando a caída de non sei que cidade; miña avoa deu volta conmigo, meteuse na casa e xunto con miña nai escaparon para o faiado. Os manifestantes metéronse na tenda e dando paos no mostrador e nas portas, borrachos de ira berraban: "¡Mueran los rojos! ¡Mueran los fusilados! ¡Abajo la escuadra roja! ¡Viva Franco! ¡Arriba España!" E cantaban o "cara ó sol". Alí estiveron ata que se cansaron e miña nai e miña avoa escondidas teméndose o peor. Na nosa tenda había días que non se despachaba nada, non entraba unha persoa a mercar, unhas por

odio e outras por medo a represalias. Así funcionaba o terror franquista e dos seus caciques nos pobos.

Casei con Carmiña Daporta, de Ortigueira, en xullo de 1966. Xa que casaba quería que meu pai fora o padriño. Fixemos averiguacións e preparamos papeis para que meu pai puidera asistir á miña voda e que non lle pasara nada, e así foi. Daquela para casar tiñamos que confesarnos e tamén os padriños. Fomos á igrexa, meu pai e mais eu obrigados pola situación, e ó chegar o cura D. Xosé non quixo confesar ó meu pai, segundo dixo porque estaba facendo vida matrimonial con miña nai sen estar casados e moi enfadado díxome que buscara outro padriño. Non lle fixen caso pois como quen me casaba era o meu gran amigo Atilano Maciñeira a voda foi en Orgueira e meu pai foi o padriño.

Aínda me esperaba outra moi desagradable sorpresa. O mesmo día da miña voda, estando na miña casa cos invitados tomando un aperitivo angtes de saír para Ortigueira chegou á miña casa un home preguntando polo señor Pita, e díxenlle: "Son eu". Contestoume: "É imposible, busco a outro Pita". Pregunteille que lle quería, e díxome: "Falar con el un momento para facerlle unhas preguntas". Entón pregunteille quen era e foi cando apareceu a sorpresa en forma de carnet da policía secreta da Coruña; pedinlle que o que fora mo dixera a min e eu llo diría ó meu pai, entón díxome que fixera o favor de chamalo e díxenlle que non me parecía normal que viñera precisamente o día da miña voda e que meu pai era o padriño, e que nos deixara disfrutar do día do meu casamento. Chamei a meu pai e cando empezaron a falar resulta que este policía coñecía a miña avoa e ás miñas tías de comer no Hospedaxe María Pita. Pediu disculpas por vir nese día tan especial para todos, non lle preguntou nada, díxolle que dentro duns días fora a Coruña, deulle a súa tarxeta e ós catro ou cinco días presentouse meu pai na Coruña. Alí preguntáronlle que tempo había que non viña a España, se sempre estivera en Chile e canto tempo pensaba estar en España, que perdoara as molestias do día da voda do seu fillo, que iso era un puro trámite e que non pasaba nada.

Casei como dixen no ano 1966 e a situación económica de Cariño non era moi esperanzadora, pois a pesar de ter unha tenda e un forno eran tempos moi difíciles. En maio do 1967 naceu meu fillo e decidimos emigrar a Francia miña muller e mais eu e deixamos o fillo coa miña nai; e como turistas marchamos a París. A miña muller empezou a traballar ó día seguinte, pero eu tíñao mais difícil. Despois de buscar traballo durante dous meses e non atopar nada un amigo meu que nos levou para París faloullo ó patrón donde el traballaba, que era un alto dirixente da banca fran-

cesa, e por mediación deste señor ós poucos días recibín unha carta da Citroen asinada por Andre Citroen. Fun ás oficinas da empresa igual que fora facía case un mes, pero como non tiña papeis non me admitían. Desta vez sí me admitiron, e na mesma mañá fixéronme a solicitude de emprego e a revisión médica e que agardara a que me chamaran nuns dez días (esta tramitación normalmente levaba mais dun mes facela). Pasaron dez e pasaron quince e pasaron vinte días e non me chamaban. Este amigo meu preguntoulle ó seu patrón, e ós dous días díxolle que non podía facer nada por causas políticas. O que pasou foi que da Citroen pediron informes meus a Ortigueira, e como é normal gobernaba un alcalde de dereitas; este pediullos ó Xefe Supremo de Cariño, e aínda que non lin os informes xa me imaxino como serían para que este señor da banca francesa non puidera facer nada co seu amigo da Citroen. Aconteceu na Francia de 1967,terra da Liberdade, Igualdade e Fraternidade. A que extremo de odio chegaron estes criminais, que si eu e a miña familia tiveramos que morrer de fame para eles sería unha victoria mais na súa loita contra a familia Pita, xa que para eles era un apelido maldito que había que borrar da existencia.

En decembro de 1967 e por medio de Valentín Galdo entrei a traballar nunha fábrica de niquelados. A fábrica era moi lonxe e o traballo bastante perigoso, pero facíanme os papeis. Un día fun visitar a Valentín Pérez de Cariño, que con outros dous socios tiñan un restaurante, e desa forma cambiei de traballo. Os tres fuxiran da España de Franco e no campo de concentración de Túnez estiveran con meu pai e meus tíos. Os outros socios eran Ramón e Xosé. Valentín era de Cariño, Ramón de Ourense e Xosé o cociñeiro de Estepona (Málaga). Estes homes foron para min como unha segunda familia sobre todo Xosé o cociñeiro, que foi con quen traballei; neles atopei os verdadeiros valores da Liberdade, Igualdade e Fraternidade, notábase que foran loitadores polas liberdades en España. Xosé foi sobre todo para min coma un irmán maior.

Os poucos días de empezar a traballar no restaurante notei que me seguía un home, comenteillo a un refuxiado de Ferrol e díxome que era policía secreta española destinada en París para controlarnos: "Con mais razón a ti, fillo e sobriño de roxos, e traballas nun restaurante de roxos". Os poucos días acabouse o control.

Tocoume pasar en París o famoso maio do 1968, o que para min foi descubrir algo descoñecido en España como eran as manifestacións e a liberdade de prensa. Alí vin por primeira vez unha manifestación democrática, non como as de España ordenadas, dirixidas e controladas sempre a favor do rexime e de louvanzas a Franco. Era unha manifestación de médicos e persoal de enfer-

mería, todos vestidos de branco, e abría a marcha unha enorme pancarta reivindicativa, e tamén unha bandeira vermella, cantando a Internacional. Como me collía camiña da casa por uns momentos uninme a eles e foi unha sensación de liberdade que nunca vivira.

Volvín a España en xuño de 1978 coa intención de montar unha panadería e abastecer barcos. Solicitei unha parcela cerca do porto, e aquí apareceu a sombra do franquismo, pois cando a outros se lles concedeu sen problemas, a min puxéronme mais inconvintes que se quixera instalarme no centro da Plaza de España de Ferrol; ó final instaleime na miña casa. Seguía a influencia do inquisidor maior, culpable de tódalas desgracias e mortes ocorridas na miña familia.

Todo o que sei da tráxica historia da familia Pita seino por miña nai, por meu pai e por meus tíos Xosé Pita e Manuel Pita, que estaban en Chile con meu pai; tamén polo libro que Xosé Pita escribiu contando o que lles pasara en Cariño, na guerra e no exilio. Contábame miña nai que na miña casa gardáronse moitos documentos do S.I.P. e moitos libros da librería que meu tío Manuel Pita tiña en Cariño. Tamén me ten contado que se escribían con Castelao, Risco e outros galeguistas ilustres daquel tempo; eran íntimos amigos de Xosé Fernandez Oxea (Ben-Cho-Sey), sendo mestre en Cariño. Pero todo iso se foi queimando no forno por medo a que os atoparan os fascistas. Se isto ocorrese non quero pensar o que lle podía ocorrer á miña familia.

Estes son a grandes rasgos os meus coñecementos do franquismo e as súas consecuencias na familia Pita que aínda cando ten ocasión recórdamo un descendente da dereita franquista chamado José María Aznar, cuios antecesores apoiaron o rexime de Franco na súa loita contra a República; este señor fixo e fai a mesma política de Franco e pensa igual. Outro que se autodenomina demócrata, galeguista e defensor de Galicia é Manuel Fraga Iribarne, que pensa igual e que ten as mesmas ideas dictatoriales que o seu difunto xefe, e que se renacer o 1936 el estaría á cabeza. É este o peor inimigo de Galicia e dos galegos, e ten a desfachatez de crear a medalla Castelao, e impoñerlla a algún personaxe que lle debería queimar no peito. Se a este padre do galeguismo o chegara a coller estaría hoxe enterrado anónimamente nalgunha corredoira como están aínda miles de inocentes loitadores por Galicia e pola liberdade.

TERCEIRA SECCIÓN

As zonas

Xosé Manuel Suárez (coordenador)

A represión en Culleredo: unha aproximación inicial

Carlos Pereira Martínez

Panorámica de Culleredo na II República

Os partidos políticos e o asociacionismo

Foi Culleredo un concello fortemente politizado na II[a] República. Inicialmente, toma o poder o comité local da "Organización Republicana Gallega Autónoma" (ORGA), que copa, en maio de 1931, logo dun período de Xestoras, a totalidade da Corporación Municipal, aínda que, co tempo, logo do seu paso polo "Partido Republicano Gallego", membros desta Corporación militarán no "Partido Republicano Radical", outros no "Partido Nacional Republicano" e outros serán republicanos independentes. Funcionarán tamén un "Radio Comunista Comarcal" (Vilaboa-Rutis), con grande influencia no municipio, tres agrupacións parroquiais de "Izquierda Republicana" (Burgo, Celas e Sueiro), unha da "Unión Regional de Derechas" (CEDA) (Burgo), outra das "Juventudes de Acción Popular" (JAP) (Burgo), unha da "Juventud Socialista" (Burgo), unha do "Partido Radical-Socialista" (de ámbito municipal) e dúas do "Partido Agrario Español" (Culleredo e Orro).

Respecto das asociacións culturais, actuarán o "Ateneo de Rutis", a máis importante, o "Club Obrero" (da Corveira, Rutis, vinculado ao PCE), o "Centro Cultural" do Burgo, a "Sociedad Recreativa e Instructiva Liceo de Sésamo", a "Sociedad Recreativa e Instructiva de Culleredo", o Ateneo Libertario "Campo Libre" (Almeiras) e o "Centro Cultural y recreo de la Juventud Católica" de Vilaboa (Rutis).

Existirán sindicatos agrarios da CNT en Culleredo, Almeiras, Castro e Laxe (Rutis), Sésamo, Celas de Peiro, Orro e Sueiro e un sindicato de "Campesinos y Oficios Varios" do Burgo e os seus arredores tamén anarcosindicalista.

Da "Unión Mutualista Campesina" funcionarán seccións en Culleredo, Sésamo e Almeiras; unha agrupación local da "Alianza de Labradores" (Celas), vencellada ao PRR-S), e da UXT dúas sociedades de traballadores da terra en Celas, da UXT.

Con persoas de filiación diversa teríamos "La Mutua Campesina" (Sueiro), "La Unión Agricultora" (Celas), "La Nueva" (Castelo) e "La Unión" (Castelo).

Vencelladas aos conservadores serán as Unións Agrarias de Celas, Orro, Veiga, Sueiro, Ledoño e Culleredo, e outra "Unión Ganadera" de Almeiras.

Na fábrica CROS existirá unha "Hermandad para obreros de la Sociedad Anónima CROS. Fábrica de La Coruña", amarela, e un Sindicato "Unión de Industrias Químicas" (Burgo), do que non sabemos a filiación.

De seguros mutuos de gando serán "La Protectora" (Rutis), "El Progreso" (Rutis), "La Protectora" (Celas) e "La Benéfica" (Culleredo), "Unión Ganadera" (Almeiras). Funcionará igualmente a Asociación de Mutualidad Transportista" (Rutis).

E queda o pintoresco "Comité Regional Gallego para la defensa de la República Española", radicado na Coruña pero co seu presidente e algunha directivas domiciliados en Orro (Pereira Martínez, 1996, 1997a, 1998c, 2001a, 2001b).

O transcorrer da República

Aínda que hai pequenos roces por asuntos relixiosos (incautacións de cemiterios, procesións...) enimizade manifesta entre os cenetistas e o alcalde cullerdense Electo Carballo –personaxe moi interesante–, ou episodios de puntual violencia especialmente durante as folgas xerais (1932, 1933, 1934) coa colocación dalgúns petardos na vía do ferrocarril, ou na igrexa do Burgo) os tempos republicanos van transcorrendo con relativa calma en Culleredo.

A situación volverase máis conflictiva en 1936; así, nas eleccións de febreiro de 1936 se producirán algúns tiroteos (interventores da Fronte Popular, e igual os dos partidos de dereitas, andaban armados), problemas nalgunhas mesas electorais e mesmo, nun encontro coa Garda Civil, morrerán dúas persoas).

Nos meses seguintes queimarase a igrexa de Almeiras, e haberá conflictos con algúns párrocos (Almeiras, Sueiro, Orro, Culleredo, Burgo), incáutanse as rectorais de Vilaboa e Orro. Debemos salientar que algúns destes cregos, como o de Almeiras ou o do Burgo, eran ideoloxicamente de extrema dereita.

Os sucesos de xullo de 1936

Respecto aos acontecemento de xullo de 1936, a prensa informa que durante os primeiros días, a Fronte Popular tivo controlado Culleredo. Puxéronse varias bombas: unha delas na horta da casa de Emiliano Moscoso, con poucos danos, e outra

noutra casa, esnaquizando varias habitacións, aínda que non houbo, en ningún caso, feridos. Tamén se colocaron bombas nas igrexas do Burgo, Culleredo e Sueiro, sufrindo esta última desperfectos, e asaltáronse varias casas, sufrindo ameazas o crego. Producíronse bastantes tiroteos, sobre todo nocturnos. Varias persoas de varias parroquias sufriron agresións, aínda que sen danos. A Garda Civil detivo a varias persoas. Sabemos tamén que o dirixente socialista Ramón Maseda Reinante (que pasaba a tempada estival na súa casa da Corveira), o comunista cullerdense Eladio Freire García, José Muíños Fernández e outras persoas fixeron algunhas viaxes, de ida e volta, dende a rectoral de Vilaboa (convertida en Casa do Pobo) á Coruña.

Un informante díxome que se comentaba que na estación do Burgo había un vagón con armas, e que logo oíron unha enorme explosión.

Os militantes de esquerdas andaron á requisa de armas, indo á casa de Represa, na Laxe, que era militar, e tamén á Barcala. Os falanxistas, días despois, comezaron a facer o mesmo.

Os mineiros de Noia pasaron por Culleredo e logo, debido aos problemas que tiveron en Eirís, volvéronse. Moita xente da Coruña agochábase nos montes da parroquia de Vilaboa.

En Sigrás, un coche do "Castromil", que os da Fronte Popular levaban para recoller mineiros de Noia e Lousame, non foi –como di a versión oficial– incendiado para impedir o paso, senón que o conductor, que era novato, subiu toda a costa de Sigrás en 1ª velocidade, e, ao chegar onde está na actualidade a estación de servicio, ardeu o motor e o tiveron que abandonar, aínda que, loxicamente, o atravesarían, e marcharon polos montes. Isto ocorreu o día 22. Unha sección de Carabineiros, que ían a Carral –porque se pensaba que ía haber un atentado contra a traída de augas–, atopárono, e, como era de noite, regresaron. Ao día seguinte retiraron o autobús e continuaron a Carral.

Pasados estes primeiros días, e unha vez controlada a situación polos militares sublevados na cidade da Coruña, o secretario do Concello de Culleredo, Ernesto Lareo Jiménez, fíxose cargo do mesmo, en colaboración con algúns amigos militares de alto grao, e algúns funcionarios, porque a Garda Civil andaba por Carral e Ordes, aínda que de acordo con eles. Propuxo a Jorge Bermúdez de Castro –irmán da antiga dirixente da CEDA Amparo Bermúdez de Castro–, como Subdelegado Civil de Culleredo. Lareo, nun informe de depuración que se lle fixo a todos os funcionarios (que quedaron libres de culpas) afirmará na súa declaración que el non estivera afiliado a ningún partido, aínda que era amigo do marqués de Figueroa, xefe do Partido Maurista na Provincia e deputado, de

José del Moral Sanjurjo (deputado das dereitas, asasinado en Madrid) e doutros dirixentes das dereitas, entre eles José Calvo Sotelo, que o apoiara para obter a secretaría do Concello de Culleredo en 1925 (ARG, Goberno Civil da Coruña, L-2855).

O día 28 de xullo Bermúdez de Castro tomou posesión como Delegado militar dos servicios municipais en Culleredo, por orde do comandante do posto da Garda Civil de Sigrás, cabo Francisco García Sánchez, o cal destituíu á Comisión Xestora da Fronte Popular que viña funcionando. O día 30, Bermúdez de Castro é nomeado subdelegado de Orde Público. Segundo os nosos informantes, non era mala persoa e non se caracterizou por ter afán de vinganza.

Constituídas as Milicias axiña, en escrito do 8 de setembro de 1936 sabemos que o capitán de Milicias da Coruña pide armas para as milicias do Burgo. Pouco a pouco iranse creando todas as estructuras do novo Estado fascista.

Curiosa é unha acta municipal de 8-10-1936. Nela, o alcalde informa que o secretario non puido recoller as sinaturas de todos os concelleiros da Fronte Popular que asistiron á sesión do 11 de xullo, a derradeira, "porque habiendo estallado la revolución el 18 del mismo mes, unos concejales han desaparecido rápidamente y otros fallecido según averiguaciones practicadas, sin que haya sido posible conseguir que compareciesen a estampar su firma". Sorprende este interese polo formalismo legal.

Respecto dos párrocos as opinións son variadas. Do párroco de Vilaboa, Acuña, a xente non fala mal, e axudou a algúns presos, facendo xestións en favor deles. De feito, nos libros da parroquia, nos que menciona o asunto da incautación da rectoral, a penas fai comentarios. O de Almeiras, Xoán Santos Axeitos, polo contrario, é acusado de axudar aos paseadores. Era un home intolerante, como demostra o que deixou escrito sobre a República nun dos Libros de Fábrica, despois da queima da igrexa. Xa tivera problemas na época da Fronte Popular. O crego de Sueiro, aínda que de dereitas, axudou a algúns fuxidos.

As liortas internas

Os problemas dentro das persoas do novo Réxime comezan axiña. O conflicto xurdido a raíz da petición do traslado da Casa do Concello dende Rutis a Culleredo fará que afloren outra volta os antecedentes de moitas persoas instaladas no novo réxime. O asunto empeza o 15 de outubro de 1936, cando 53 veciños de Culleredo envían un escrito ao gobernador civil, pedindo que a Casa do Concello volva a Tarrío, onde estivera "deste tiempo inmemorial", dicindo que fora levada a Rutis na República, para bene-

ficio do alcalde e secretario". Argumentan que non se cumpriran certos preceptos legais, e que o traslado fora feito con sixilo polo entón alcalde e dous concelleiros, non sabéndoo ninguén máis. Din, por último, que queda moi afastada para moitas parroquias, e que estas suman máis habitantes que O Burgo e Vilaboa. Asinan o escrito os cregos de Culleredo, Sésamo e Orro, Sueiro, Castelo, Celas e Almeiras, os subdelegados de Culleredo e Sésamo, o secretario do Xulgado e algunha xente máis, maioritariamente da parroquia de Culleredo. O 21 de outubro o gobernador envíalle o escrito ao alcalde, para que informe. O 23 de outubro o alcalde, Bermúdez de Castro, envía a documentación oficial do Concello referida ao traslado da Casa Consistorial, manifestando tamén que "la petición tiene un carácter puramente caciquil, notándose en las firmas algunas de autenticidad dudosa y otras de menores de edad". Di tamén "que la parroquia de Culleredo se ha distinguido por sus comités revolucionarios y sus manifestaciones o desfiles públicos de éstos". E conclúe dicindo que a tramitación fora legal, e que, en todo caso, o que terían que pedir era un referendo.

O 24 de outubro, noutro informe, Bermúdez de Castro volve insistir na legalidade do acordo. Di que en Culleredo, Ledoño, etc. celebraban coa compracencia dalgúns dos asinantes reunións semanais dos seus flamantes comités revolucionarios, "y era pintoresco ver los desfiles de las diez de la noche en adelante á los acordes de la Internacional carretera arriba por la Villa de Rutis de los concurrentes á las reuniones de su feudo en Culleredo y Ledoño, Celas, etc., á su regreso de las mismas". Manifesta que en Rutis, os primeiros días do alzamento, o secretario, Lareo, e logo el e outros, "contenimos el movimiento sin desertar un momento de nuestro puesto a pesar de carecer de fuerzas, controlando su desarrollo y haciéndolo fracasar en todas las parroquias, la mayoría de los firmantes caciqueaban en un tira y afloja exigiendo el cumplimiento de sus compromisos a los elementos del Frente Popular, que era el reintegro de la Casa Ayuntamiento a su guarida de Tarrío en Culleredo a cambio del calor y los votos facilitados en las últimas elecciones para Diputados á Cortes para Presidente de la República y para el Estatuto".

O alcalde, en novembro de 1936, pide a substitución de Antonio Sánchez García, secretario xudicial e concelleiro, porque "se dedica en estos últimos tiempos a actividades políticas de tipo caciquil, incompatibles con el actual Régimen"; propón que o substitúa como subdelegado civil de Culleredo Manuel Iglesias Otero, labrego, solvente, afecto ao Movemento. O 22 de novembro de 1936 Antonio Sánchez García, na súa defensa, manda un escrito ao gobernador civil dicindo que sempre foi de dereitas, e que en

Culleredo parece que "personas influyentes en el municipio cuyos destinos vienen rigiendo, que hasta la fecha del movimiento salvador de la Patria, pertenecieron, según rumor público, a partidos del Frente Popular" (como Iglesias Otero). Pola súa parte, un informe do crego de Culleredo, Celestino Rey García, de 22 de novembro de 1936, di que Iglesias Otero fora o presidente da sociedade da CNT, e estivera detido con toda a directiva. O 30 de novembro de 1936 Bermúdez de Castro (que alega que fora enganado polos seus asesores) pide a destitución de Iglesias Otero porque non funcionara ben nun tema e porque "también se ha comprobado que dicho concejal sustentó ideas comunistas"; propón para ocupar o posto a José Vilar García. A Garda Civil, nun informe de 7 de decembro de 1936, di que co nome de José Vilar García hai dúas persoas, unha afecta ao Movemento e outra "extremista". Considera que é mellor poñer no posto a José Pazos Touceda, ou a Sánchez (destituído tempo atrás, pero como consecuencia de que os informes do alcalde non se axustaban á realidade). Noutro informe da mesma data sobre a destitución de Iglesias Otero, o capitán da Garda Civil comunica ao gobernador civil que Iglesias fora proposto por Bermúdez de Castro, e que el creuno; sen embargo, das investigacións practicadas conclúe que "Manuel Iglesias Otero, persona de inmejorable conducta y antecedentes hasta el advenimiento de la República [fora concelleiro na Dictadura primorriverista], posteriormente, al fundar la Sociedad de Labradores de Culleredo, ingresó ésta en la CNT, por presión de los directivos de esta Agrupación sindical y que en los sucesos de diciembre de 1933, dicho señor fué encarcelado por pertenecer a la directiva de la expresada sociedad y que a partir de este momento, el sr. Iglesias ha seguido figurando en los partidos políticos del extinguido Frente Popular; pero sin que su actuación haya sido destacada en contra de personas y propiedades".

Tamén o crego do Burgo, Manuel Covas Carballal –do que os informantes salientan o seu forte carácter– tivera problemas puntuais con algúns republicanos, pero ao final parece que houbo unha certa comprensión. E, a pesar de ser firme defensor do novo Réxime, tivo tamén problemas coa Falanxe, debido a que era carlista tradicionalista de vello. Así, o 10-8-1937 é denunciado polo delegado local falanxista, Rafael Osende, que di na denuncia que dende algún tempo atrás "viene ofendiendo públicamente a nuestra Organización con palabras de mofa y agresivas, en grado inexplicable, en contraposición con el trato respetuoso que con él observan todos nuestros camaradas, que, a mi recomendación, no han querido ver en él mas que al sacerdote, "a pesar de su carácter violento y mundano, y que jamás correspondió a nuestro saludo

levantando su mano, ha hecho objeto de una agresión a dos camaradas de las Sección Femenina de esta Delegación".

O caso foi que, o día 10 de agosto de 1937, unhas falanxistas estaban facendo no adro da igrexa a cuestación pro Auxilio Social, colocándolles insignias á xente que saía da misa. Cobas saíu da igrexa e, de forma descomposta e groseira, botounas do adro, "diciendo que aquello no era una recaudación cristiana y que el lugar era sagrado, rompiéndoles las insignias en la cara si volvían a utilizar aquel sitio para postular. Ante el estupor de todos le manifestó un camarada si no temía que su actitud fuese considerada como falta de patriotismo, contestando él que al que tal dijese le pegaría un tiro".

Continúa dicindo Osende que o escrúpulo que agora sinte Cobas "no lo ha sentido las numerosas veces que, en todas las situaciones políticas, consintió en dicho lugar, con motivo de las fiestas parroquiales, bailes y otros festejos de carácter no religioso por cierto..."

Pídelle ao xefe comarcal da Falanxe que poña isto en coñecemento da autoridade gobernativa, para que lle impoñan unha sanción que, "con su ejemplaridad, traiga el sosiego y la respetuosa cordialidad con que todos nuestros camaradas desean relacionarse con sus párrocos, evitandose así los futuros momentos dificiles que preveo, de continuar este sacerdote con su ememiga contra Falange".

A represión

Os mortos

Rexistro Civil de Culleredo

- 15-8-1936: Ramón Ponte Rivas: 21 anos, solteiro, xornaleiro, da Coruña. Apareceu no "Monte do Foxo" en Castro (Rutis). Hemorraxia interna. Enterro en Rutis (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 155; Pereira Martínez e Romero Masiá, 2003). Fora delegado, no II Congreso Extraordinario da CNT de Zaragoza, de "Empleados y Obreros Municipales" e "Empleados de Comercio", ambos da Coruña. Vicesecretario de "Germinal". Fala en mitin da "Federación Ibérica de Juventudes", en nome da JIL da Coruña, e en mitin pola abolición da pena de morte, derogación da lei de vagos e maleantes e da lei de Asociacións, fomento das organizacións libertarias, etc.
- 16-8-1936: Francisco Gómez Blanco: 23 anos, da Coruña, mestre de 1ª ensinanza, solteiro, apareceu na estrada Coruña-Santiago, km. 8, Hm. 9, na curva de Canabal, hemorraxia

menínxea, enterro en Almeiras. Quizais sexa esta persoa a que viu, aínda agonizando, un dos nosos informantes, con tiros no ventre. Outro informante nos comentou, pola súa parte, que tiña tres disparos na cabeza, e que unha das persoas que foi ver o cadáver foi a esposa do gobernador civil, Juana Capdevielle, que estaba agochada nunha vivenda próxima. Tamén nos comentou que, ao parecer, lle puxeran enriba unha tarxeta co texto "Recuerdo de la primavera", ou algo semellante (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 154).

- 19-9-1936: Antonio Vidal Roel: 56 anos, casado, labrego, natural de Víos (Abegondo) e residente en Lubre (Bergondo). Estaba casado con Elisa Pan Salorio. Apareceu na estrada de Alvedro ao Burgo. A causa da morte foi hemorraxia menínxea, e enterrouse en Almeiras (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 155).
- 23-9-1936: Manuel Abelenda Catoira: 26 anos, da Coruña, solteiro. Era militante das "Juventudes Socialistas Unificadas". Apareceu na estrada Coruña-Santiago (na costa de Canabal), hemorraxia interna. O enterro foi no cemiterio de Rutis (Pereira Martínez, 1998a; Lamela García, 2002: 155).
- 23-9-1936: Juan Otero López: 27 anos, da Coruña, practicante. Practicante da Beneficencia Municipal na Coruña, testemuñas nos comentaron que era quen facía as autopsias en Vilaboa. Apareceu na costa de Canabal, hemorraxia menínxea. Enterro en Rutis. Estaba casado con Elena Ambos Iglesias. Afiliado a "Izquierda Republicana" (Pereira Martínez, 1998a; Lamela García, 2002:155).
- 23-9-1936: Fernando Pombo Segade: 20 anos, hemorraxia menínxea, apareceu no mesmo lugar que os dous anteriores, enterrado no cemiterio de Rutis. Veciño da Coruña, solteiro (Lamela, 2002: 155).
- 25-6-1937: María García Díaz: 50 anos, costureira, da Coruña. Apareceu no camiño público de Peiro de Abaixo, hemorraxia menínxea. Enterro en Veiga (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 155).
- 31-10-1939: Restos humanos (un esquelete). A morte tivera lugar 8 ou 10 meses antes. Apareceu no monte de Castelo, na parroquia de Veiga. Enterro en Ledoño.

TOTAL: 7-8 mortes.

Outras mortes violentas que aparecen no Rexistro Civil de Culleredo

- 4-1-1937: José Castrujo Varela: 69 anos, peritonite séptica, faleceu no monte da Viña, parroquia de Sésamo. Veciño de

Sésamo, labrego, casado con Carmen Méndez Mariño e con 7 fillos (Lamela, 2002: 155)

- 21-2-1937: José Picallo García: 37 anos, inscrición por orde xudicial, veciño de Rutis, xornaleiro, casado con Socorro Díaz López, con 4 fillos (Lamela, 2002: 155). Unha testemuña de Vilaboa dérame o seu apelido, Picallo, como un dos asasinados (Pereira Martínez, 1998a).
- 5-6-1937: Manuel Delgado Novo: 21 anos, shok traumático. Faleceu na estación de Ferrocarril do Burgo, enterrado no Burgo. Veciño da Coruña, solteiro, xornaleiro (Lamela, 2002: 155).
- 7-9-1937: Benito Domínguez Pan: 42 anos, hemorraxia interna. Interveu o xuíz instructor. Veciño de Peiro de Arriba-Celas, labrego, casado con Manuela Carneiro Pardiñas, 3 fillos (Lamela, 2002: 155)
- 6-12-1937: Antonio Sánchez Sánchez: 60 anos, 6-12-1937, asfixia por inmersión, faleceu no río Mero, veciño de Almeiras, casado con Rosa Mosquera Sar, labrego (Lamela, 2002: 155).
- 14-12-1937: José Sánchez Doldán: 38 anos, asfixia por inmersión na ría do Burgo, veciño de Almeiras, xornaleiro, casado con Mercedes Suárez Martínez (Lamela, 2002: 155).

TOTAL: 6 mortes.

Rexistro Civil da Coruña

- Fernando Martínez Baldomir: Disparo de arma de fogo. Veciño de Vilaboa (Lamela, 1998: 183 e 2002: 137; Pereira Martínez, 1998a). Non se sabe a data exacta da morte, pero parece que foi entre o 11 e o 14 de setembro de 1936.
- 25-1-1937: Manuel Ramiro Lorenzo: 20 anos. Pasado polas armas. Veciño de Vilaboa, da familia coñecida popularmente como os "Perniles", prófugo en 25 de febreiro de 1937 (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 1998: 183 e 2002: 139; AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal). Fora procesado no Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36, con Manuel Morano Pose, Pastor Dopazo Varela, Federico Rodríguez Ponte e Jesús Varela Manteiga (Dato facilitado por Eliseo Fernández).
- 27-2-1937: José Novo Paz: 57 anos. Peritonite de orixe traumática. Veciño de Veiga (Culleredo) e socio de Germinal (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 1998: 184 e 2002: 140).
- 15-3-1937: Antonio Ramallo Gómez: 46 anos. Pasado polas armas. Veciño de Castro (Rutis). Tiña unha tenda e era o propietario do antigo local da escola de Castro-Laxe (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 1998a: 184 e 2002: 140).

- 29-4-1937: Manuel Bestilleiro Galán: 29 anos. Pasado polas armas. Veciño de Culleredo, casado. (Lamela, 2002: 140).
- 8-5-1937: José Gómez Sánchez: 41 anos. Inhibición nervosa consecutiva e queimaduras internas. Veciño do Portádego. Casado con María Naveira, con 2 fillos. Interveu o Xuíz Instructor (Lamela, 2002: 140)
- 9-10-1937: Manuel Bergantiños Pose: Fusilado. 21 anos. Solteiro e natural de Rutis. Era da CNT. Prófugo en 25 de febreiro de 1937, fora capturado en marzo de 1937 na fuxida do monte de San Pedro, na Coruña (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 1998: 180 e 2002: 143; AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal; El Ideal Gallego, 9-3-1937).
- 9-10-1937: Manuel Baldomir Vázquez: 27 anos. Fusilado. Solteiro e natural de Rutis-Vilaboa, veciño do Portádego, zapateiro de profesión. Fora capturado na fuxida do monte de San Pedro (A Coruña), en marzo de 1937 (Pereira Martínez, 1998ª; Lamela, 1998: 186 e 2002: 143; El Ideal Gallego, 9-3-1937).
- 9-10-1937: José Rodríguez Serantes: Fora detido na fuxidado monte de San Pedro (A Coruña) en marzo de 1937. No xornal aparece como solteiro, 29 anos, limpiabotas, natural de Avilés e veciño do Burgo. Sen embargo, cando é fusilado, aparece como natural da Coruña, casado e de 32 anos (Lamela, 2002: 65, 143, 174; El Ideal Gallego, 9-3-1937).

TOTAL: 9 mortes.

Rexistro Civil de Carral:

- 3-9-1936: Juan Díaz Loureda: 28 anos. Paseado. Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre as 2 da madrugada e foi enterrado no cemiterio desa parroquia. Veciño de Rutis-Culleredo, de profesión xornaleiro (Lamela, 2002: 153).
- José Manuel Moledo Rodríguez: Naceu en Vilaboa en 1905, fillo de José e Peregrina. Era auxiliar dunha Farmacia localizada en San Andrés, 177 baixo, e domiciliado en Curro, 24-5º. Socio do Casino Republicano, estaba casado coa mestra de Corcubión Josefina Trapote Paz. Foi o representante de "Socorro Rojo Internacional" nun acto celebrado o 14 de abril de 1934. Os informes policiais o cualifican de comunista. Tentaron detelo uns falanxistas na farmacia na que traballaba, pero desapareceu e nunca máis se soubo del. Pensouse que conseguira fuxir a Lugo. A súa esposa vestiu loito despois de coñecer por referencias que aparecera morto en Herves (Veira-Carral). Un informe policial de anos despois vén dicir o

mesmo. Pode ser, logo, un dos descoñecidos aparecidos en Herves (Lamela, 1998: 109, 110, 112 e 2002: 24, 43, 46, 78, 183)

TOTAL: 2 mortes.

Outros rexistros:

- Luis Carro Aradas: Axustizado. Veciño de Almeiras, da CNT. É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de ter que ver coa queima da igrexa de Almeiras, de impedir o seu desescombro, de ser autor "de grandes fechorías", de que fora dun "centro comunista" e de que levara ao crego de Almeiras ante o alcalde de Culleredo para que o detivese. Non se sabe onde o mataron (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 182, 202-204). Lantes formou parte da primeira Corporación Municipal franquista de Culleredo, sendo subdelegado civil de Almeiras (AMC, Libros de Actas, 3-9-1936).
- José Manuel Iglesias Bartomé: Axustizado. Veciño de Almeiras, da CNT. É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de ter que ver coa queima da igrexa de Almeiras, de impedir o seu desescombro, de ser autor "de grandes fechorías", de que fora dun "centro comunista" e de levar ao crego de Almeiras ante o alcalde de Culleredo para que o detivese. Non se sabe onde o mataron (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 182, 183, 202-204).
- José Muíños Fernández: Veciño de Vilaboa (Culleredo). Propietario dunha pequena empresa de autobuses, vivía frente ao "Salón Fina Sport". Preso varias veces, ao final o pasearon, aparecendo morto en Guitiriz, desfeito. Din os veciños que o denunciou Manuel García Debén, un falanxista que tamén tiña autobuses, coas cocheiras onde hoxe está a igrexa nova de Vilaboa, denunciado constantemente en Solidaridad Obrera como transportista de esquirois (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 184).

TOTAL: 3 mortes.

Outros asasinados segundo diversas testemuñas:

- Bartolo: Vivía fronte á igrexa de Vilaboa. Paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Santiago e Enrique: Eran irmáns, veciños do Burgo, tíos de José Pereira. Eran os da taberna "O Castaño". Os levaron e os pasearon na Costa da Sal (Pereira Martínez, 1998a). Esta

taberna aparece mencionada, como lugar de contactos, no denominado "Informe Brandariz", no que un "toupo" contribuirá a desarticular parte da rede de fuxidas que dirixía Jaime Baella, en 1937 (Grandío, 2001: 110, 115). Segundo os nosos informantes, o pai de Santiago e Enrique tamén estivo preso.

- Doldán: Veciño do Burgo. A el, e ao seu fillo, os pasearon (Pereira Martínez, 1998a).
- Prego: Veciño do Burgo, paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Baldomero: Veciño de Almeiras, paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Emilio Prego: Veciño de Sueiro. Estando agochado, foi ferido. Cando se entregou, foi paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Carril: Era natural do concello de Culleredo. Foi fusilado con Ramón Figueroa Vilachá (Pereira Martínez, 1998a).
- "Meirama": Alcume dun veciño de Vilaboa. Paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Barral: Un membro desta familia foi paseado.
- Zapateiro do Burgo: Era do PCE. Rumoréase que o denunciou o crego de Almeiras, Santos Ageitos, un verdadeiro fanático que, segundo as testemuñas orais, denunciou a máis persoas para que as pasearan.
- Manuel Sabio: Segundo testemuñas orais, foi paseado porque lle alugara ao PSOE un piso nunha casa que tiña no Burgo. Foi denunciado, ao parecer, por un irmán falanxista (Pereira Martínez, 1998a).
- Ramón Fernandez N. (Naya): 20 anos, acusado de tenza de armas, paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Ramón Figueroa Vilachá: Fora mestre en Sésamo, e era natural do concello de Carral. Depurado (LVG, 28-2-1937), sería fusilado a comezos dos 40 (Pereira Martínez, 1998a; 1998b).

TOTAL: 14 mortes. Total parcial: 42 mortes

Soldados cullerdenses do exército franquista mortos durante a Guerra Civil

(Os seus nomes figuran na Cruz dos Caídos de Sésamo, inaugurada en 1941): Manuel Iglesias Ramos; Jesús Pan Mosquera; Pedro Núñez Castiñeiras; Manuel Lorenzo Galán; Ángel Buján Ramos; Manuel García Núñez; José Abella Santos; Claudio Rey Pose; Pedro Grela Castro; (roto) Manteiga Álvarez; (roto) García Vázquez; (roto) toa Pereiro; (roto) [Igles]ias García; (roto) Rey Lousa; (roto) Castro Ponte; (roto) Rodríguez Veira; (roto) Rey

Núñez; Ignacio Rodríguez García; Ricardo González Barbeito; Manuel Castro González; Andrés Martínez Iglesias; Francisco Trigo Reboredo; José Souto Pose; Emilio Couceiro García; Eduardo Patiño Pedreira; Manuel Sande García; Antonio Boedo Rodríguez; Horacio Patiño Patiño; Reinaldo Barral Lozano; Rosendo Catrufo Bermúdez; Enrique Mantiñán Barral; Ramón Vilar Martínez; Ramón Insua Martínez; Manuel Núñez Arenas; Antonio García Taibo; José López Gómez; Manuel Sande Viñas; José López Carro; José Pedreira García; Rosendo García Cajide; Manuel García Rey; Manuel Gago Hermidas; Manuel García Vázquez; Francisco Jaspe Loureda; Julio Ramallo Carbón; José María Pulián; Enrique Bregua Trigo; Antonio Veira Naya; Manuel García Trillo; Manuel Canosa Rioboo; José Gómez García; Antonio Ramallo Bregua; Benito Seoane Otero; Sergio Vázquez García; Manuel Castelo Pedreira; Silvestre García Candamio; Ramón Naya Seoane; Francisco Míguez Larrosa; Ernesto Santiso Rodríguez; Florencio Sende García; Francisco Patiño Méndez; César Edreira García; Ricardo Caamaño Mallo; Manuel Bermúdez Domínguez; José Martínez García; Jesús García Díaz; Fabián Ramos Barbeito.

TOTAL PARCIAL: 69 mortos.
TOTAL MORTES CULLEREDO: 111 mortes.

Fusilados ou paseados con relación con Culleredo:

- Juana Capdevielle: Esposa do governador civil, Francisco Pérez Carballo. Apareceu morta en Rábade (Fernández Santander, 2000: 94; Lamela, 2002: 35, 50, 106, 282). Testemuñas da época nos contaron que estivo agochada na casa que o deputado de Izquierda Republicana, Victoriano Veiga, tiña en Vilaboa. Visitouna alí o cónsul de Francia na Coruña, pero lavouse as mans. Mandóuselle un oficio para que abandonase Vilaboa, e alí a foron buscar os gardas civís para levala á Coruña.

Algúns dos fusilados na Coruña tiñan relación con Vilaboa, como o alcalde, Alfredo Suárez Ferrín (a familia tiña unha finca na Corveira, a de "Ferrin", e no Burgo antes), e Ramón Maseda Reinante, presidente da Agrupación Socialista da Coruña, que pasaba os veráns na súa casa da Corveira (Rutis), na que residía no momento da sublevación militar (Pereira Martínez, 2002a).

Fuxidos, agochados, perseguidos, presos, exilados

- Pastor Dopazo Varela: Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36. Procesado con Manuel Morano Pose, Federico Rodríguez Ponte, Manuel Ramiro Lorenzo e Jesús Varela

Manteiga, ainda que non sei se eran tamén de Culleredo. En maio de 1938 un grupiño de presos do Penal de San Cristóbal (Pamplona) amotinároonse para tentaren fuxir cara Francia en maio de 1938, e aproveitando a ocasión, case 700 presos saíron do penal en dirección á fronteira francesa; no camiño foron asasinados 185, mentres que 565 foron capturados vivos e só dous ou tres chegaron realmente a Francia. Entre os que fuxiron e despois foron capturados vivos, estaba Pastor, natural de Culleredo, xornaleiro de 24 anos, condenado na Coruña a 30 anos o 11-01-37 por rebelión militar (Dato facilitado por Eliseo Fernández).

‣ Manuel Morano Pose: Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36. Procesado con Federico Rodríguez Ponte, Pastor Dopazo Varela, Manuel Ramiro Lorenzo e Jesús Varela Manteiga (Dato facilitado por Eliseo Fernández).

‣ Federico Rodríguez Ponte: Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36. Procesado con Manuel Morano Pose, Pastor Dopazo Varela, Manuel Ramiro Lorenzo e Jesús Varela Manteiga (Dato facilitado por Eliseo Fernández).

‣ Jesús Varela Manteiga: Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36. Procesado con Pastor Dopazo Varela, Manuel Morano Pose, Federico Rodríguez Ponte e Manuel Ramiro Lorenzo (Dato facilitado por Eliseo Fernández).

‣ Antonio Estraviz Fariña: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ Arturo García Rodríguez: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ Manuel González Varela: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ Manuel Pedreira Rumbo: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ José Rodríguez: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ Julio Sánchez Boedo: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ José Touriñán Mateo: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

- Manuel Vázquez González: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).
- Ramón García Folgar: O alcalde de Culleredo interésase, o 18-2-1938, pola busca e captura deste desertor, para poñelo a disposición da autoridade militar (ARG, GC, L-4914).
- Josefa González Mosteiro: De Cordeda (Rutis), foi encarcerada e rapada ao cero porque o seu irmán Xosé, destinado a un pelotón de fusilamento en Ferrol, fuxiu a Francia; eran orixinarios da Xira (Sigrás).
- José Castro Seijo: De Almeiras. Da CNT. É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de que fora dun "centro comunista" e de que anotaba nunha libreta aos que non os acompañaban para impedir traballar no desescombro da igrexa de Almeiras, recén queimada. No momento da denuncia estaba fuxido (Lamela, 2002: 203).
- José María Galán Becerra: De Almeiras. Da CNT, fora presidente do Ateneo Libertario "Campo Libre" desa parroquia (Pereira Martínez, 1996). É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de ter que ver coa queima da igrexa de Almeiras, de impedir o seu desescombro, de levar ao crego de Almeiras ante o alcalde de Culleredo, para que o detivese, de que fora dun "centro comunista" e lembrando que aparecera na prensa reclamado pola sustracción de armas no Pazo de Xustiza. No momento da denuncia estaba fuxido (Lamela, 2002: 202-203).
- Nicolás Uzal Campos: Veciño do Casal (Sésamo). Fora concelleiro na 1ª Corporación Municipal, pola ORGA, pertencendo posteriormente ao Partido Republicano Radical. Canteiro de profesión, estaba afiliado á CNT coruñesa. Estivo agochado os primeiros días. Capturado, levárono para matar nun camión, pero en Sigrás o capitán da Garda Civil, que era da familia dos Toubes, avisou ao crego Toubes (tristemente célebre pola súa implicación na represión) e este mandou que o ceibaran; eran os dous de Cuntis. O falanxista Emiliano Martís colleulle unha pistola que tiña agochada. Este falanxista requisoulle unha vaca, pero logo Luis Botana, o xefe das Milicias de Falanxe de Sueiro fixo que lla devolveran (Uzal foi falar con el). Na casa de Uzal, estando el fuxido, estivo tamén agochado o crego de Sueiro nos primeiros días, por medo a represalias dos republicanos (Pereira Martínez, 1996, 1997ª, 1998c).

- Fernando Barbeito "O Piollo": De Sésamo-Sueiro, foi perseguido polos milicianos (Pereira Martínez, 1997a).
- Manuel Fariña Campelo: De Vinseira Pequena (Celas), fora concelleiro na época da Fronte Popular, directivo a finais dos anos 20 da sociedade "Pro Cultura" de Celas e directivo da "Alianza de Labradores de Culleredo", vencellada ao "Partido Radical Socialista". Déronlle unha malleira enorme, da que nunca se recuperou ben. Multado en varias ocasións Pereira Martínez, 1996).
- Enrique Iglesias Rodríguez: Mestre de Celas, fora directivo da "Alianza de Labradores" (Pereira Martínez, 1996). Foi depurado. Traballou despachando viño, xunto coa súa muller, na taberna do pai de González Dopeso (os fillos deste eran da Falanxe). O protexeron porque era de Ourense, como o pai de González Dopeso, e os fillos.
- Eustaquio: Veciño de Sueiro ou Sésamo (non podemos precisar). Era de "Izquierda Republicana". Queríano matar, polo que andou agochado.
- Antonio Andrade: Era veciño de Goiente (Sueiro). Estivo preso no castelo de San Antón (Pereira Martínez, 1997a).
- Perfecto Iglesias: Era de Sueiro. Estivo fuxido. Foi ferido nunha emboscada realizada por milicianos de Vilaboa e Culleredo. Quixérono levar a pasear en varias ocasións. Salvouno un maxistrado da Coruña, Marcial del Río, ao cal a súa muller lle lavaba a roupa. Estivo preso en San Antón, pero despois o liberaron sen causa contra el (Pereira Martínez, 1997a).
- Manuel Candamio Fernández: Veciño da Laxe (Rutis). Fora concelleiro pola ORGA e logo militou no "Partido Republicano Radical". Directivo de varias asociacións de Rutis. Estivo encarcerado en dúas ocasións (Pereira Martínez, 1996).
- Jesús Candamio García: Fillo do anterior, e veciño do mesmo lugar. Estivo encarcerado en dúas ocasións.
- Andrés Candamio García: Irmán do anterior e fillo de Manuel. Movilizado, conseguiu pasarse ao bando republicano durante a guerra, polo cal foi detido o seu pai e o seu irmán. Cando regresou da guerra, estivo preso en San Antón. Fora directivo do sindicato agrario da CNT de Castro-Laxe (Rutis).
- Victoriano Veiga González: Deputado de "Izquierda Republicana" en 1936, pola provincia da Coruña, agochou na súa casa de Vilaboa á muller do gobernador civil, Juana Capdevielle. Fóronlle incautados os bens que tiña na parroquia.

Mortos no Exército Nacional: 36 (17 non figuran na lápida da Igrexa parroquial, posto que se consideraron desaparecidos cuxos restos nunca se atoparon; neste caso, as familias non cobraron ningunha pensión de viudedade ou compensación por parte dos vencedores).

Mortos no Exército Republicano: 22. Filiacións coñecidas: 13 CNT, 1 PSOE, ¿1 PCE?, 7 non consta.

Asasinados ou fusilados polos franquistas: 18. Filiacións coñecidas: 7 PSOE e UGT, 6 CNT, 1 Izquierda Republicana, ¿1 PCE?, 3 non consta.

Forzas represivas: Falange, Cívicos de Víctor Lis Quibén, Falange feminina, Garda Civil.

Persoas sinaladas pola súa participación nos asasinatos e maltratos ou como instigadores dos mesmos: Manuel Gutiérrez Torres (xefe da Falange, inspector farmacéutico e boticario de Soutelo de Montes; alcalde de Cerdedo nos anos 40 e 50), Francisco Nieto (transportista; falanxista), Enrique, Jesús e Antonio Troitiño (comerciantes e transportistas; cívicos), Bernardino Torres "O Ferrador", Antonio e José Sieiro Giadás, Secundino Couceiro "O Lapote" (marxinal), Secundino Jorge (mestre nacional; delegado gobernativo a comezos dos anos 40; acusado de "blando" por Carmen Díaz), Totó e Manuel Peleteiro, Comandante Ríos (mando da Garda Civil destinado en Cerdedo), Constantino Alonso (de Castro), Ramón Bao (de Quireza, xornaleiro), Figueroa (canteiro de Serrapio), "Chan da Vela" (xornaleiro de San Isidro), José Barros (canteiro de Pedre), Laurentino Barros (sen oficio, fillo do anterior), Paulina e Rogelio, matrimonio que levaba a taberna-tenda do Outeiro (Quireza), Manuel López Vizcaino, párroco de San Martiño de Figueroa (instigador; requeté), A. Rodríguez Anllo, párroco de Castro (instigador), Carmen Díaz Gutiérrez (instigadora; Falange feminina).

Escenarios de paseos ou de torturas e maltratos: A Ponte do Barco e A Abelera, ambos lugares na antiga estrada Pontevedra-O Carballiño, entre Pedre e Dorna. A Ponte do Cando, no vial que une Castro con Quireza. A Abelera foi un lugar utilizado

decote polos Cívicos de Víctor Lis Quibén, e alí se produciron asasinatos de persoas de diversos Concellos. Cuartel da Garda Civil de Cerdedo. Taberna-tenda do Outeiro (Quireza), utilizada como "checa" polos falanxistas da zona (Alonso, Bao, Rogelio e Paulina).

A lista moura

Falecidos polas represalias durante a guerra ou na inmediata posguerra

- Francisco Arca Valiñas (Figueroa). Paseado na Ponte do Barco. Dirixente da "Sociedad El Trabajo" de Figueroa, integrada na "Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo" (CNT). 13 de agosto de 1936.
- Secundino Bugallo Iglesias (Figueroa). Paseado na Ponte do Barco. Dirixente da "Sociedad El Trabajo", integrada na "Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo" (CNT). 13 de agosto de 1936.
- Gerardo Bugallo Lois, fillo do anterior (Figueroa), mobilizado no exército nacional e pasado polas armas en Teruel polos mesmos que asasinaron ao seu pai. "Sociedad El Trabajo", integrada na "Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo" (CNT). 1938.
- José Torres Paz (Cerdedo). Paseado na estrada Pontevedra-Santiago. Cadro sinalado do PSOE. 11 de agosto de 1936.
- José Cortizo González (Barro-Arén). Paseado na estrada Pontevedra-Santiago. PSOE. 11 de agosto de 1936.
- Martín Ferreiro Álvarez (A Botica-Quireza). Concelleiro de Obras do Axuntamento de A Coruña. Agachado en Quireza ao comezo da guerra, pasou a Portugal e logo a Francia e á zona republicana, onde loitou. Internado no campo de Argelés, no Mediodía francés, ao rematar a Guerra Civil. Apresado polos alemáns que o internan no campo de concentración de Mauthausen, onde morre 15 días antes de ser liberado polas tropas americanas. Izquierda Republicana. 1945.
- Manuel Tato Cadórniga (Loureiro). Tenente do Exército Republicano na zona de Madrid, falecido polos malos tratos na cadea de Lugo ao finalizar a guerra. "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Nadal de 1939.
- Darío Tato Fernández (Loureiro). Primo do anterior. Finalizada a guerra na que participou no bando republicano en Madrid, foi detido en Cerdedo, enviado a Madrid e alí fusilado. "Sindi-

cato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT). 1939.

- Plata (de As Quintas-Codeseda, pero casado en Laxoso). Loitou no Exército Republicano. Fusilado tras a Guerra Civil. 1939.
- Perfecto Ventín Barreiro (Tres Aldeas). Paseado na canteira do Suspiro, no Padornelo, cerca de A Gudiña. Traballador do camiño de ferro Zamora-Ourense. PSOE e UGT de A Gudiña. Nadal de 1936.
- Manuel Ventín Picallo, sobriño de Perfecto, (Tres Aldeas-As Quintas). Paseado na canteira do Suspiro, no Padornelo, cerca de A Gudiña. Traballador do camiño de ferro Zamora-Ourense. PSOE e UGT de A Gudiña. Nadal de 1936.
- Olegario Ventín Picallo, sobriño de Perfecto, (Tres Aldeas-As Quintas). Paseado na canteira do Suspiro, no Padornelo, cerca de A Gudiña. Traballador do camiño de ferro Zamora-Ourense. PSOE e UGT de A Gudiña. Nadal 1936.
- Erundino Ventín Picallo, sobriño de Perfecto, (Tres Aldeas-As Quintas). Paseado na canteira do Suspiro, no Padornelo, cerca de A Gudiña. Traballador do camiño de ferro Zamora-Ourense. PSOE e UGT de A Gudiña. Nadal de 1936
- Ramiro Lois Ventín, primo dos anteriores (Piñeiro). Paseado na canteira do Suspiro, Padornelo, cerca de A Gudiña. Nadal de 1936.
- Francisco Varela Garrido, "Pancho", (Cerdedo), secretario do Concello de Cerdedo. PSOE. Fusilado en Monteporreiro (Pontevedra) o 27 de xullo de 1937.
- José Paz Cachafeiro. Secretario no ano 1933 da "Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo" (CNT). Fusilado en Santiago, onde traballaba na construcción dun pantano no Tambre. 1936.
- Benjamín Troitiño Beiro. Fusilado en Santiago, onde traballaba na construcción dun pantano no Tambre. 1936.
- Eulogio Mosquera Vázquez (Limeres): Residía fora de Cerdedo. Detido por "comunistoide", foi ingresado na cadea de Burgos, dende onde mantivo correspondencia coa familia de Limeres ata 1939. Logo, deixou de enviala e, seica, morreu de enfermidade ou malos tratos na cadea.
- Manuel Garrido (Fondós), "O Negro" ou "O Resucitado", foi dado por morto cun tiro no peito na noite do 11 de agosto de 1936, cando en compañía de José Torres Paz e José Cortizo González, José Mª Taberneiro (antigo concelleiro do PCE en Forcarei, de alcume "O Rolo" de Vilapouca) e Jesús González

(de Soutelo de Montes) foi transladado á estrada Pontevedra-Santiago para ser asasinados. Debeu andar polo monte e entobado na casa ata o remate da Guerra Civil, para que non remataran a faena os franquistas. Nese período, a súa muller recibiu malleiras para que o delatara. Era militante destacado do PSOE.

Falecidos formando parte do Exército Republicano durante a Guerra Civil

- José Simal Penelas (Figueroa). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo", integrada na "Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo" (CNT).
- Eladio Simal Penelas (Figueroa). Idem.
- Agustín Simal Penelas (Figueroa). Idem.
- José García Bugallo (Figueroa). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- Manuel Arca Gamallo (Figueroa).
- Secundino Obelleiro Costa (Figueroa). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- Manuel Otero ¿Pardo? (Castro). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e Federación de Cerdedo (CNT).
- Julio Espiñeira Iglesias (Castro do Medio). Membro destacado do PSOE.
- Antonio Quibén Simal (Loureiro). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- Perpetuo Sieiro Torres (Loureiro).
- Benigno Tato Cadórniga (Loureiro). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- Jesús Corral (Loureiro).
- Higinio Portela (Loureiro). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e cadro sinalado da "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- Raimundo Pereira Fuentes (Laxoso). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e Federación de Cerdedo (CNT).
- José Pose Pérez (Laxoso).
- Francisco Álvarez Rodríguez (Laxoso). Foi Comisario Político ¿PCE?

- José Otero Peleteiro (Piñeiro). "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad La Alianza" de Quireza, integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- Manuel Varela Piñeiro (Vilarchán).
- Ramiro Umia (Serrapio).

Falecidos a maioría deles na defensa de Madrid. Outros nas frontes de Extremadura,Talavera, Guadalajara ou en Asturias.

Falecidos do bando republicano na inmediata posguerra a causa das feridas de guerra ou das mutilacións

- Manuel Simal Penelas (Figueroa), "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Preso ao rematar a guerra, morreu aos poucos na súa localidade natal debido ás feridas de guerra.
- Agustín Obelleiro Gamallo (Figueroa), "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e cadro sinalado da "Sociedad El Trabajo", integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Suicidouse na súa localidade natal, desesperado debido á minusvalía provocada polas mutilacións que lle imposibilitaban para o traballo sen recibir ningunha pensión.
- Severo Rodríguez (Vilar), preso ao finalizar a contenda e liberado por estar en estado terminal, morreu na súa localidade natal.

Algúns asasinados de outros concellos na Abelera durante a Guerra Civil

Un pintor, cuxo nome descoñecemos, que traballaba no "Gran Taller de Mecánico de Carrocerías Avelino Piñeiro" de O Carballiño. 1936.

Asasinados na posguerra vencellados á guerrilla

- 2 homes novos, asasinados entre 1947 e 1950 pola Garda Civil no monte de Porriñeiras (Figueroa), logo de apresalos entre A Baiúca e A Portela (fronteira entre A Estrada e Forcarei), lugar de paso dos guerrilleiros. Viñan fuxindo dende a zona de Vigo.
- Outros feitos relacionados coa guerrilla: Don Lisardino, crego de Castro a fins do anos 40 e tío de Ramiro Lois Ventín, foi considerado sospeitoso de axudar á guerrilla e recibir aos guerrilleiros na súa rectoral, de maneira que esta foi rexistrada pola Garda Civil en varias ocasións naqueles anos.

Encadeados, perseguidos e exilados: notas para unha primeira achega

- Francisco Varela Buesa, "Don Paco", mestre nacional en Cerdedo e o militante máis destacado do PSOE cerdedense, da FETE-UGT. Condenado a morte en 1936, logo conmutada por trinta anos. Expulsado do seu emprego en 1940, puxo escola en 1944 para os fillos dos carrilanos en Campobecerros (A Gudiña).
- Benigno Simal Penelas, cadro sinalado da "Sociedad de Agricultores y Obreros El Trabajo", de Figueroa, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Detido con Francisco Arca Valiñas e Secundino Bugallo Iglesias nun primeiro intre, logrou fuxir salvándose dunha morte segura. Exilado no Río da Plata, Arxentina, onde morreu.
- Luciano García Ventín, PSOE, fuxido nos primeiros meses da contenda, cando era un dos máis buscados polos falanxistas para asasinalo. Logo, estivo preso varios meses e sofreu, segundo Antonio Rodríguez Fraiz, "moitas persecuciós e aldraxes" por parte dos elementos franquistas.
- Aniceto Obelleiro. Dirixente da "Sociedad El Trabajo" de Figueroa, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Preso nun primeiro intre en Cerdedo, salvouse dunha morte segura por un parente falanxista que conseguiu que o desterraran a Burgos.
- Severino Bugallo Valiñas, Cerdedo, tesoureiro do Concello, Secretario de Izquierda Republicana en Cerdedo. Preso nun primeiro intre, foi enviado por mandato do Tenente Coronel Rogina (xefe da Comandancia da Garda Civil en Pontevedra) dirixido aos falanxistas de Cerdedo, ao cuartelillo de Pontevedra xunto con Torres, Taberneiro, Cortizo, Garrido e González, para ser asasinados o 11 de agosto de 1936. Salvouse polo seu cuñado Vicente "O da Carteira", xefe de Falanxe en Soutelo, que fixo que alguén o reclamase pouco antes de darlles o paseo, meténdoo nunha fonda aconsellándolle non saír para evitar que lle asasinaran. Logo dun tempo fuxido na Chamadoira e no Monte do Seixo, consigue embarcarse co seu irmán Sabino a Cuba por Vilagarcía, pasando logo aos EEUU. Voltou á zona republicana coas Brigadas Internacionales e estivo destinado en Salou (Tarragona). Rematada a guerra, foi internado no campo de Argelés, en Francia, de onde fuxe a Bordeaux e participa na resistencia contra os alemáns. Preso e deportado a España, salva do fusilamento mercé a un irmán falanxista. Pasa arredor de sete anos en diversos internados, entre eles San Simón.

- Sabino Bugallo Valiñas, de Castro, comerciante, do PSOE. Dirixente da "Sociedad de Agricultores y Canteros" de Castro. Fuxido no monte dende o primeiro intre. Fuxe co seu irmán a Cuba dende o porto de Vilagarcía. Logo se translada a Buenos Aires, onde morreu.
- Amancio Simal Sieiro (Castro do Cabo). Tenente do Exército Republicano. Ferido nunha perna e prisioneiro ao rematar a guerra, zafou por pouco da morte xa que ao ser feito prisioneiro queríano botar por un barranco. Salvado por un veciño Nilo Sieiro Sieiro, de Castro, que era falanxista e Alférez Provisional.
- Laudelino Bugallo, (Os Castros-Quireza), canteiro, "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid e membro sinalado da Federación de Cerdedo (CNT). Preso logo de rematar a guerra que fixo no Exército Republicano en Madrid, perseguido e maltratado polo falanxista Ramón Bao cando voltou a Cerdedo.
- Rogelio Arca Rivas, "Sindicato Único del Ramo de la Construcción" de Madrid (CNT) e "Sociedad El Trabajo" de Figueroa, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Fixo a guerra no Exército Republicano; ao rematar estivo varios meses preso nun campo de concentración en Teruel e nunha Compañía de Revisión. Logo, obtivo a liberdade condicional e debeu presentarse a diario no cuartelillo da Garda Civil. Daquela, segundo as súas lembranzas, aos que loitaran no bando republicano "non se lles tiña en conta para nada, non eran ninguén...".
- Francisco Bugallo, de Loureiro, idem.
- José Diz, de Figueroa, idem.
- Manuel Diz, de Figueroa, idem.
- José Mª Vilas, de Figueroa, idem.
- Xosé Otero Espasandín, de Castro. Profesor e escritor, residente durante a IIª República en Madrid, onde dirixiu a revista P.A.N. Simpatizante do PCE. Participou na guerra no bando republicano e formou parte da Alianza de Intelectuales Antifascistas. Pasou polo campo de concentración de Argelés, no Mediodía francés, e logo estivo exilado en Gran Bretaña, Arxentina e EEUU, onde faleceu tras realizar un meritorio labor cultural.
- Manuel Espasandín, de Quireza?, exilado en Francia, logo de loitar no Exército Republicano. Estivo no campo de concentración de Argelés e foi internado polos alemáns en Mauthausen, logrando sobrevivir. Morre no exilio.
- Jesús Bugallo Merza, de Deán, tío de Francisco Bugallo, membro sinalado da "Sociedad El Trabajo" de Figueroa, exilado en Arxentina.

- Manuel Bugallo Merza, de Deán, irmán do anterior, dono dun serradoiro na Barciela (Castrelo-Forcarei) que foi incautado. A súa muller maltratada polos falanxistas. Tivo que se exiliar a Arxentina.
- Francisco Obelleiro, Os Castros-Quireza, entobado na súa casa durante a Guerra Civil durante moito tempo. Constantes malleiras á súa muller para que o delatara.
- Constantino Simal Simal, mestre nacional na Botica-Quireza, membro destacado da "Sociedad de Agricultores y Obreros La Alianza" de Quireza. Foi perseguido, apaleado en Sabucedo e a piques estiveron de darlle o paseo. Salváronno o primeiro alcalde franquista, Gerardo Lorenzo, de Quireza e o párroco. O seu pai, José Simal, tivo que se agachar nunha palleira e nun muíño no Castro do Medio logo de unha tentativa de asalto á sua casa de Castro.
- José Carballo Quintillán, mestre nacional en Tomonde e dirixente da "Sociedad de Trabajadores y Oficios Varios". Depurado do seu cargo e internado varios anos no penal da Illa de San Simón. Negouse a recuperar a súa escola cando, anos despois, llo ofertaron.
- Daniel Obelleiro, mestre nacional, depurado do seu cargo?
- José Alonso Arenas, mestre nacional en Folgoso, suspendido e expulsado do seu cargo en 1940.
- Carolina Camiña, mestra nacional en Barro, suspendida do seu cargo en setembro 1936.
- David Fernández, mestre nacional en Serrapio, suspendido do seu cargo en setembro 1936.
- Angel Lino Rodríguez?, mestre nacional en Bugarín, suspendido do seu cargo en setembro 1936.
- Claudino Vidal, mestre nacional en Pedre, suspendido do seu cargo en setembro de 1936.
- Luis Toimil, mestre en Cerdedo, perseguido e exilado.
- Manuel Sueiro Iglesias, de Pedre, carpinteiro e logo mestre radicado dende 1919 en Verín e, logo, en Ourense, onde dirixiu un centro privado de ensino laico, a coñecida "Academia General". Militante do Partido Radical Socialista e membro da progresista "Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense" (ATEO), tivo que se agachar en Limeres tras o alzamento militar, para evitar o seu asasinato. Logo dun tempo protexido polos veciños, entregouse e pasou un período na cadea de Ourense, sendo sometido posteriormente a expediente de depuación e inhabilitado para a docencia.
- Xosé Regueiro Otero, de Tomonde, xastre, do PSOE. Condenado a morte por desertar do exército nacional. Conseguiu

salvar a vida por intermediación do crego Antonio Rodríguez Fraíz.

- Moreiras, de Tomonde, sofreu numerosas malleiras logo do 18 de Xullo.
- Teófilo Otero Valiñas, de Castro, concelleiro na Fronte Popular, obxecto de responsabilidades políticas en 1940, estivo na Illa de San Simón.
- Severino Simal Iglesias, de Filgueira, obxecto de responsabilidades políticas en 1940.
- Manuel García Fondós, de Vilalén, foi obxecto de responsabilidades políticas en 1940. Tras o golpe militar, pasou á zona republicana por Portugal dende o tramo do camiño de ferro de Lubián (Zamora), onde traballaba. Foi oficial do Exército republicano e sofreu incautación do seu patrimonio.
- José Rodríguez Quintillán, de Tomonde, internado un ano na Illa de San Simón.
- ¿? García, de Quireza, cuñado de Martín Ferreiro, axudóulle a fuxir a Portugal, polo que foi detido e internado un tempo no penal de a Illa de San Simón.
- Julio López Fondós, canteiro, dirixente da "Sociedad de Agricultores y Canteros" de Castro, PSOE. Fixo a guerra no exército republicano. Internado nun campo de concentración en Francia, voltou a España voluntariamente, pasando a outro campo de internamento (¿Miranda de Ebro?). Os familiares tentaron sacalo mediante unha carta do crego de Castro, que, en realidade, presentábao como un orador e activista político destacado. Saíu do campo mercé un aval do Alcalde franquista, Gerardo Lorenzo.
- Manuel Nieto Castro, dirixente da "Sociedad La Luz" de Bugarín, andivo fuxido moito tempo no monte. Moi perseguido por Bao e Alonso, confiscáronlle o automóvil.
- Avelino Fraga Alonso, directivo da "Sociedad Agraria y Obreira La Alianza" de Quireza, antigo concelleiro, andivo fuxido moito tempo.
- Avelino Alonso Rivas, de A Devesa, estivo varios anos na cadea.
- Cesáreo Álvarez Fortes, albanel de Cerdedo, PSOE, emigrado en Asturias durante a IIª República. Condenado a 20 anos de prisión e internado no campo de concentración de Camposancos.
- Antonio Mariño, A Insua, canteiro, participou na Guerra Civil no Exército Republicano, preso ao remate da contenda na cadea de Lugo.
- Julio Otero, de Tomonde, estivo no Exército Republicano na zona de Castellón. Logo da contenda, pasou un tempo nun Batallón Disciplinario.

- Laureano Troitiño, de Cerdedo, idem.
- O ferreiro de Carballás: Mallado polos falanxistas de Cerdedo.
- Andrés do Rato ¿?: Mallado polos falanxistas de Cerdedo.
- Sieiro : de Deán, mallado por Bernardino Torres "o ferrador".
- Antonio e Agustín Carballal: irmáns, de Serrapio, se enrolaron no exército republicano en Madrid e despois da derrota estiveron presos na cadea de Lugo, de onde se fugaron. Logo, estiveron moi perseguidos.
- "O Gaiteiro" de Abelaindo (¿José da Gaiteira?): Queimáronlle a casa.
- Armando Barros Barros: de Pedre, canteiro, ideas espiritistas e concelleiro en 1936. Perseguido.
- Fernando Gandos: de Pedre, ferreiro, recibiu a visita dos falanxistas para ser paseado, pero escapou ao monte onde botou tempo agachado. A súa fragua rexistrada para a procura de armas.
- Os da Carme de Gomallal: pai e fillo, de Pedre. Seica eran masóns, foron perseguidos e o fillo tivo que fuxir a Brasil con papeis falsificados.
- Isolino Raposeiras: de Vilalén, canteiro, fundador da "Soc. de Trabajadores y O.V." de Tomonde, concelleiro entre 1931 e 1936, perseguido.
- Manuel Monteagudo : de Castro, procesado en Ferrol (onde facía a mili por Mariña), Causa 207/36, por facer garda no Concello de Fene. Logo se agachou en Castro ata que o alcalde Gerardo Lorenzo dóulle un certificado de boa conducta, reincorporándose ao Exército.

A modo de conclusións

1º) Pouco se ten dito, até agora, do custo humán sofrido en determinadas zonas de Galiza (aquelas onde boa parte da poboación masculina desenvolvía oficios itinerantes, de maneira que o comezo da guerra colleu a estas capas en territorio leal á República[1], respecto dos veciños falecidos tras participar na Guerra Civil no bando republicano. A importancia numérica das defuncións e as rabexadas represivas posteriores á Guerra Civil, fican ben ás claras nos apuntamentos anteriores, e ben puidera aplicarse o "modelo cerdedense" a outras zonas do país nas que coincidiron unhas circunstancias semellantes.

2º) A represión mortal, fora de casos singularizados, foi selectiva e acadou a súa máxima brutalidade nos cidadáns máis comprometidos e conscentes: os dirixentes das sociedades agrarias

e obreiras integradas na cenetista "Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo", os combatentes máis destacados no bando republicano procedentes da devandita Federación, as autoridades republicanas pertencentes aos grupos municipais presentes na Corporación, e os militantes máis activos e capacitados do PSOE. Como caso singular, cabe subliñar o cruel episodio da familia Ventín, cuxo asasinato foi xustificado pola súa hipotética e destacada participación nos enfrontamentos acontecidos na Gudiña entre os traballadores da vía férrea coa Garda Civil e o Exército faccioso[2]. Cos asasinatos e persecucións, os novos detentadores do poder procuraron reducir á categoría de súbditos á cidadanía máis consciente, e que ese carácter exemplarizador da represión perdurara (como así aconteceu) no futuro. Nas lembranzas dos habitantes de Pedre e Figueroa, transmitidas ás agachadas de pais a fillos, aínda aboia o terror que causaron os berros de Francisco Arca e Secundino Bugallo, cando eran bárbaramente torturados na Ponte do Barco antes de morrer[3]. E se as mortes non foron máis, non se debeu a outra cousa que a "disfuncións" na eficacia letal das partidas de asasinos.

3º) A nivel territorial, houbo unha zona especialmente castigada, os lugares de Figueroa e Loureiro, moi próximos entre si e pertencentes á parroquia de San Martiño de Figueroa. As razóns fican expostas na Nota 3; non obstante, debemos enfatizar encol da importancia que sobre a maior ou menor intensidade e brutalidade da represión, exerceu o posicionamento dos cregos. Alí onde asumiron un papel comprometido coa barbarie, caso de Castro e San Martiño de Figueroa, esta resultou dunha intensidade aterradora. Non obstante, onde empregaron a súa autoridade moral para impedir as represalias, caso dos párrocos de Pedre e Quireza, estas tiveron un xorne máis livián.

4º) Aínda que a represión cebóuse na poboación masculina[4] por ser a monopolizadora do activismo sociopolítico no concello, non podemos dicir o mesmo respecto do papel dalgunhas falanxistas da vila de Cerdedo, máis tamén de Quireza, moi activas no seu papel de instigadoras dos abusos e represalias[5].

5º) Cumpriría botar máis luz sobre o acontecido no sinistro lugar da Abelera, onde segundo certos indicios pode haber fosas comúns onde fican represaliados dados por desaparecidos, xa que todo apunta a que alí tiveron lugar asasinatos de persoas provenientes doutros concellos pontevedreses e ourensáns. Polo que sabemos, as partidas do sanguinario Víctor Lis Quibén frecuentaron A Abelera, xa que era unha zona que ben puideramos denominar "terra de ninguén", onde nin a Garda Civil dos postos de Cerdedo e de San Xurxo querían saber nada do que alí acontecía.

6º) Podemos enxergar a partir das cifras aportadas o custo que tivo a Guerra Civil, tanto no senso cuantitativo como no cualitativo, para un pequeno concello rural como era Cerdedo: máis de 70 mortos en ambos bandos, e unha morea de represaliados con penas de cadea, malos tratos, expulsión dos seus traballos (no caso significativo dos mestres), exilio, incautacións de bens ou persecucións varias; eiquí tan só desvelamos a punta do "iceberg", posto que, de seguro, foron moitos máis. Ao cabo, debemos sinalar que tamén no bando nacional houbo xente inxustamente esquecida: os 17 soldados do exército franquista dados por desaparecidos e que non figuran na placa que aínda hoxe está pendurada da parroquial de Cerdedo; daquela, as súas familias non cobraron unha chica do novo Estado redentor.

Notas

[1]É o caso dos canteiros e albaneis da Terra de Montes (Cerdedo, Forcarei, Beariz), Cuntis, A Estrada e Cotobade; dos afiadores e paragueiros da bisbarra ourensán de Esgos e Nogueira de Ramuín; dos pescadores afincados de xeito temporal no País Vasco e Asturias; dos mariñeiros dos barcos de cabotaxe, maiormente de Noia, San Cibrao ou Corme; dos xornaleiros e seitureiros do interior de Lugo e Ourense,... Tamén, aínda que non eran un oficio itinerante, cabe lembrar as colonias de mineiros procedentes do Leste das provincias devanditas, empregados nas minas de León e Asturias.

[2] En concreto, aos Ventín se lles acusaba de participar na voadura dunha ponte entre A Gudiña e as Vendas da Barreira e ter sacado os santos dunha igrexa, para logo realizar alí xuntanzas. A propia Falange de Verín, unha das máis sanguinarias de Galiza, tivo o protagonismo do axuste de contas, se ben coa participación de varios cívicos de Cerdedo, que prenderon a aqueles militantes socialistas na capital municipal e logo os transladaron a Ourense.

[3]Estes dous dirixentes da cenetista "Sociedad de Agricultores y Obreros El Trabajo", representaban a unha comunidade especialmente rebelde, a de Figueroa (chamada significativamente "A Rusia pequena"), debido á súas experiencias de participación na loita de clases desenvolvida no ramo da construcción madrileño, onde moitos dos varóns en idade laboral traballaban todos os anos dende o mes de Marzo até Nadal. En concreto, esta rebeldía tiña reflexo nas tensas relacións coa Igrexa Católica, rexentada naquela parroquia por un crego especialmente reaccionario que, segundo os testemuños dalgúns dos nosos informantes, non deixou de xogar un rol de instigador na paixón e morte daqueles traballadores conscientes dos seus dereitos.

[4]Coñecemos, non obstante, as represalias sofridas por algunha mestra (caso, por exemplo dunha veciña de Castro chamada Teresa, que foi multada polo falanxista Bao con 250 pesetas, sen motivo aparente) e temos testemuñas de maltratos e aldraxes a algunhas das mulleres dos cidadáns que non tiveron outra saída que escapar ao monte.

[5]Sabemos, ademáis, doutro caso significado na veciña localidade de Soutelo de Montes: A Ramona, propietaria dunha taberna-tenda.

Bibliografía

ARCA RIVAS, R. *Año 1936-1939. Guerra Civil Española*. Madrid. Diario. Manuscrito, Figueroa-Cerdedo.

CID FERNÁNDEZ, X.M. *Educación e ideoloxía en Ourense na IIª República*, Universidade de Santiago de Compostela, 1989.

DASAIRAS, X. "Mestres ourensáns represaliados polo franquismo", in *A Trabe de Ouro*, nº 14, Abril-Xuño 1993, Ed. Sotelo Blanca, Santiago.

DE LA GRANJA FERNÁNDEZ, P. *Represión durante la Guerra Civil y la posguerra en la provincia de Zamora*. Zamora: Instituto de Estudios Zamoranos "Florian de Ocampo", 2002.

HEINE, H. *A guerrilla antifranquista en Galicia.* Vigo: Edicións Xerais, 1980

LAMELA, L. A Coruña, 1936: *Memoria convulsa de una represión.* Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2002.

PEREIRA, D. *O agrarismo en Cerdedo: unha fe de vida*. Boletín "Verbo Xido", nº 2, Setembro 2002, Soutelo de Montes.

PEREIRA, D. *Forcarei visto a través do periódico "Acción Social"*. Boletín "Verbo Xido", nº3, Decembro 2002, Soutelo de Montes.

PEREIRA, D. *Os represaliados na Guerra Civil en Cerdedo*. Boletín "Verbo Xido" nº 4, Maio 2003, Soutelo de Montes.

PEREIRA, D. *Xosé Otero Espasandín: Vida e pensamento dun cerdedense desterrado,* "Verbo Xido", Soutelo de Montes, 2004.

PORTO UCHA, A. S. *O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo.* Alén Miño Edicións, Ponteareas, 2003.

RODRÍGUEZ FRAIZ, A. *Canteiros e artistas de Terra de Montes e Ribeiras do Lérez.* Pontevedra: Comisión de Cultura da Deputación de Pontevedra e Concellos de Cerdedo e Forcarei, 1982.

SILVA FERREIRO, M. *Galicia y el Movimiento Nacional*. Santiago: Seminario Conciliar, 1938.

Xornais

Galicia Libre, voceiro da "Federación de Agrupaciones de Gallegos Libertarios", Madrid-Valencia, 1937-39.

Faro de Vigo, ano 1940.

Entrevistas

D. Rogelio Arca, Figueroa.
D. Agustín Domínguez, Tres Aldeas.
D. José Bugallo, Os Castros-Quireza.
D. Manuel Monteagudo, Castro.
D. Severino Rascado, Mamoalba.
D. Lino Lema Bouzas, Santiago.

Dña. Remigia Moa, Piñeiro.
D. José Cadavid, Cerdedo.
D. Julio López, Castro.
D. Vicente Bugallo, Cerdedo.
Dña. Mª del Carmen Obelleiro, Figueroa.
D. Adolfo Regueiro, Tomonde.
D. Miguel Pose, Pedre.
D. J. Ricoy, Limeres.
D. Bonifacio Ferrón, Castro/Prede.

Asasinados por pensar e desexar para todos un mundo mellor: A represión franquista na Comarca de Deza

Manuel Igrexas Rodríguez

Introducción

A Comarca de Deza, na Galicia interior, é eminentemente agraria; a súa historia política no primeiro tercio do XX está marcada polo do caciquismo, baixo o dominio do Marques de Riestra e con Antonio Crespo, alcalde de Lalín (1904-1923) como fiel apoio.

A loita anticaciquil, impulsada polas sociedades de emigrados, obtivo algúns trunfos, pero o movemento agrarista, a pesar da súa fortaleza organizativa (temos contabilizadas máis de 20 sociedades agrarias), non logrou unha influencia política decisiva.

Será a construcción do ferrocarril Zamora-A Coruña, que comeza en 1929 as obras na Comarca, o que aportará un novo pulo social e dará lugar á expansión do movemento obreiro que marcará a República e a represión.

A II República

Podemos resumir o desenvolvemento político da II República nos Concellos de Deza dicindo que seguiu nos seus gobernos municipais os mesmos cambios que os acontecidos nos gabinetes da República: logo da repetición das eleccións a finais de maio do 1931 as corporación son de maioría republicana, dominadas e controladas pola ORGA ou no caso de Rodeiro por AR. Tralas eleccións de 1933, vaise producindo a destitución dos mandatarios locais por outros afíns ao Partido Radical, de tal xeito que en setembro do 34 todos os concellos de Deza son Radicais. Coa subida ao poder de Portela Valladares a fins de 1935, o Goberno civil destitúe aos Radicais impoñendo novos edís afíns ao portelismo que deberían servir para preparar as eleccións de febreiro do 36. Co triunfo da FP repóñense as corporacións de elección popular, aínda que non na súa totalidade, sendo substituídos algúns concelleiros por dirixentes obreiros.

A crise do 29 pecha o fluxo migratorio e os xiros que chegaban de América, esto xera un maior malestar social, que a actuación dos

gobernos republicanos no é que de paliar. Xusto con iso, destacar o protagonismo que adquire o movemento obreiro especialmente nos concellos de Lalín e Silleda, polos que atravesa a liña ferroviaria, e en Carbia co Sindicato mineiro de Fontao[1]. Durante toda a época republicana sucédense os conflictos sociais motivados polas duras condicións laborais do traballo na construcción e tamén polas sucesivas paralizacións das obras que deixaban nunha situación moi precaria aos traballadores. No resto dos concellos (Agolada, Rodeiro e Dozón) esta influencia deixouse notar, aínda que dun xeito máis leve.

As forzas políticas

No verán de 1936, as organizacións políticas con presencia na Comarca son:

Falange Española tiña constituído un grupo en Lalín desde outubro de 1935, dirixido por Mario Fernández Crespo e Amancio Moure Carrero, que logo terían gran protagonismo na represión. A afiliación irá medrando a partir de febreiro do 36, ata chegar aos 30 militantes en xullo. Os dirixentes xunto con algúns militantes estiveron detidos a principios de maio do 36 na Cadea de Lalín por provocar incidentes e tamén participaron no intento de tomar Pontevedra o 20 deste mes. Existía tamén outro pequeno núcleo en Silleda liderado por José Ares Arceo que se destacou na Campaña do Estatuto destruíndo a propaganda a favor do si e promovendo disturbios nos mitins.

Acción Popular co seu presidente Benjamín González Fidalgo é o partido máis importante da dereita. Conta con organizacións en todos os Concellos e as súas xuventudes, as JAP que teñen unha considerable implantación, irán derivando cara posicións máis extremistas a partir de febreiro. Hai tamén un pequeno grupo do Bloque Nacional de Calvo Sotelo, constituído en maio de 1935 a partir dunha escisión da CEDA.

O Partido Radical desaparece practicamente a principios de 1936, aínda que foi un grupo importante, sobre todo no Bienio Negro, cando controlaba os gobernos municipais,.

O Partido Galeguista comeza a organizarse en 1932 en Bandeira e adquire o impulso definitivo co nomeamento de Ramón de Valenzuela como Delegado da Zona en 1935. A súa presencia é moi importante, sobre todo en Lalín, onde o líder local Xesús Golmar se converte en Alcalde en abril de 1936.

Izquierda Republicana é o partido maioritario da esquerda; ten organizacións e controla os gobernos municipais de todos os Concellos. A maioría dos seus membros proveñen da antiga ORGA

e outros de AR cos que esta estivera enfrontada entre 1932 e 1934. Unión Republicana tamén conta con algúns efectivos en Silleda e Lalín.

O PSOE, que ten forte presencia a través das sociedades obreiras do ferrocarril, na súa maioría afiliadas á UGT, e do que temos noticias da constitución das agrupacións de Lalín a finais de 1935; tamén existían activos das JJSS. O grupo de Rodeiro créase en abril do 36.

O PC existe desde 1933 en Lalín, Silleda e Ventosa (Agolada), participando un labrego lalinense, José Villar Pájaro na candidatura ás eleccións de novembro (logran mesmo facer un mitin na vila de Lalín). A súa influencia é tamén importante a través dos obreiros ferroviarios.

Temos que sinalar a unidade de acción dos partidos de esquerdas na Comarca, xa formalizada en xuño de 1935 coa constitución dun Bloque Antifascista en Lalín no que están representados IR, UR, PG, PSOE e PC. Estes grupos deciden unir esforzos para combater á dereita reuníndose nunha sede social única: A Casa da República, inaugurada en decembro. Neste local pretenden organizar un Centro Cultural para conferencias e abrir unha biblioteca.

O 18 de xullo

As novas do Alzamento chegan ao Deza por radio o mesmo día 18. Esa noite achéganse a Lalín grupos de obreiros de Prado e Bendoiro á procura de noticias. Ao día seguinte desprázase a Pontevedra unha delegación cos Alcaldes de Silleda e Carbia e o secretario do Concello de Lalín Manuel Ferreiro acompañados de dirixentes políticos do FP e líderes sindicais. Alí entrevístanse co Gobernador civil. Ao regreso ordenan a requisa de armas a todos os recoñecidos dereitistas para o que se organizan patrullas en todos os concellos mobilizándose os gardas municipais e dirixentes obreiros. Aínda que o cóengo Silva Ferreiro fala da formación de Comités de Defensa, non temos ningunha constancia de que tales Comités se chegaran a constituír nesta comarca. A autoridade estivo sempre en mans dos Alcaldes.

En Lalín mobilízanse as sociedades obreiras e varios grupos achéganse á vila para poñerse ás ordes das autoridades republicanas. Sen embargo, a Garda civil vixía e impide as concentracións. Declarase a folga xeral o 20 de xullo, pechando o comercio. Ordénase a requisa de armas, as polvoreiras das obras do ferrocarril permanecen custodiadas por elementos da FP. Ferreiro, o dirixente da Frente Popular, convoca pola mañá aos presidentes das principais sociedades obreiras para dispor a defensa da República.

O alcalde da instruccións para que a Garda civil reparta as armas do Cuartel entre os obreiros, pero o sarxento comandante négase alegando que só obedece ás autoridades militares.

En Silleda tamén se convoca a folga xeral e os membros da FP proceden á requisa de armas. Na vila de Cruces, a capital do Concello de Carbia, desde onde o día anterior partiu a Garda civil cara Silleda, os dirixentes da FP dispoñen patrullas e vixían as estradas que levan á vila, que estivo baixo o seu mando ata a maña do día 21.

Hai que sinalar que non existiu ningún enfrontamento, agresión nin detención dos elementos de dereitas. As atribucións das autoridades republicanas da Comarca limitáronse ao control da orde pública.

Na tarde do día 20 organízase en Lalín unha columna formada polos obreiros que foran chegando ao logo da mañá á vila mobilizados polas sociedades. Uns douscentos milicianos, con poucas armas, parten en seis camións previamente requisados cara Pontevedra en apoio á República. Á cabeza desta expedición van Manuel Ferreiro e os dirixentes obreiros José Fondevila e José Crespo. Ao seu paso por Silleda únenselles outros elementos da FP en turismos e camionetas.

Cando chegan á capital, xa fora declarado o estado de Guerra e a cidade está baixo o control do Exercito. Os de Deza regresan, algúns deles a pe. En Silleda xa os esperan forzas da Garda Civil, que secundou en todo momento a sublevación, e un grupo de falanxistas e gardas cívicos. Cachéanos e desármanos practicamente sen resistencia, aínda que se produce algún incidente co disparo de armas, sen ningunha consecuencia. Curiosamente non se produce ningunha detención e a maioría regresan ás súas casas.

Os alcaldes e máximos responsables políticos, máis conscientes da nova situación, agóchanse: Manuel Ferreiro, o alcalde de Lalín e Primo López o dirixente de IR de Carbia, marchan a Compostela, aínda que serán detidos en agosto e xulgados; Emilio Alonso Paz o alcalde de Silleda inicia unha pelegrinaxe polos montes do Candán que o levará definitivamente a Portugal, onde é capturado pola policía portuguesa e entregado ás autoridades franquistas; máis sorte terá Marcelino García o dirixente de IR e primeiro presidente da Casa da República lalinense que fuxe tamén cara aos montes do Candán, iniciando unha vida clandestina que non volverá á normalidade ata 1965; o alcalde de Cruces Benjamín Salgado, fuxe a Arzúa onde permanece acubillado ata que en 1945 se presenta acolléndose ao decreto de amnistía para os declarados en rebeldía sen delictos. Este é tamén o caso de Manuel Parga Díaz, mozo dirixente comunista de Silleda, que escondido

primeiro en Compostela e logo na Coruña, onde finalmente se presenta.

Outros lograron permanecer ocultos como José Moreira Espiño o 1º Tenente Alcalde de Silleda, que pasou catro anos nun caseto perto da súa casa ou Manuel Gil Amigo, o que fora presidente da *Unión Obrera de Ponte* e membro de IR de Silleda, a quen finalmente descubren e deteñen en outubro de 1939.

A represión

A partir do día 21, toda a zona está baixo o control da Garda Civil. Desde o Goberno civil empezan a recibir as primeiras ordes para efectuar a represión. En Lalín deteñen a Manuel Guillán Abalo, un mestre de Pontevedra afiliado ao PC de vacacións na Comarca, que aproveitaba para facer propaganda. En Cruces, a Garda civil regresa de Silleda para dar conta da declaración do Estado de guerra e colocar o bando e prodúcense as primeiras detencións: un grupo da FP, os irmáns Villar Cimadevila e o seu cuñado Manuel Blanco, que intentaba deter aos fascistas que se dirixían a Lalín para liberar aos detidos da falanxe da prisión do partido. Proceden ao rexistro dos locais dos Comité de IR que serve como sede do Frente Popular, e aínda que a documentación fora depositada en mans dun dos militantes, logran dar con ela sen que lle dea tempo a destruíla. En Silleda apresan a Miguel Nicolás Esperante.

O día 22 apresan a José Crespo Torres. O 25 un grupo de falanxistas e gardas civís cercan na súa casa de Bermés ao dirixente obreiro José Fondevila que consegue escapar, aínda que ferido, ocultándose en casas de veciños durante algúns meses; finalmente marcha a Portugal, consegue sortear á policía e embarca para Francia desde onde pasa á zona republicana combatindo no exercito leal.

Ordénase a destitución das corporacións republicanas: O 24 de xullo depoñen ao Alcalde de Lalín, ao día seguinte aos de Silleda e Carbia. O 28 tócalle a quenda ao de Rodeiro. A principios de agosto os de Agolada e Dozón. Son substituídos por Alcaldes Delegados de orde pública, coñecidos militantes da dereita, que en moitos casos xa exerceran como alcaldes previamente á proclamación da República ou mesmo durante o bienio negro. A súa misión será fundamentalmente o control e vixilancia da orde e a emisión de informes que serán os que xunto aos da Grada civil propician as condenas dos xulgados en Consellos de Guerra.

En agosto ponse en funcionamento a maquinaria do terror: seguindo ordes das autoridades militares, a Garda civil comeza os

encarceramentos en masa e as torturas nos Cuartelillos. Deteñen ás víctimas nas rúas ou nas súas casas, por ser "significados esquerdistas", por participar nos "sucesos revolucionarios do día 20 de xullo", por opoñerse ao "glorioso movemento nacional". Os primeiros apresados serán os lideres obreiros: os presidentes das sociedades Severino Failde, Ramiro Granja e Luis Varela, aos que tamén se lles incauta a documentación dos sindicatos, que serve para inician novos atestados. Son torturados no cuartel da Garda Civil e obrigados a firmar declaracións redactadas polos gardas que son enviados ao Goberno Militar da capital, onde se inician os Consellos de Guerra.

Así nos relatou un dos detidos o seu paso pola prisión de Lalín:

"Collíanos e levábanos para a carcel e despois tomábanlle declaración e claro, cada un desculpábase o máis que podía, pero non valía. "¡Ti pertences a unha sociedade obreira!": se pertencías mallábante e se non pertencías mallábante igual.

Eu estiven 24 horas no Cuartel, pero foron ben amargas. Eu pensar pensei que me mataban a hostias, porque me deron tantas e tantas e tantas me deron. Eu estaba sentado nunha silla e cando me levantei caín coma un sapo de tantas que me deron na cabeza"[2].

Enchese a prisión municipal de Lalín onde chegaron a estar 70 presos nuns locais onde a penas caben 10, e vense obrigados a habilitar como prisión o edificio do Hospitalillo (unha escola construída polos emigrantes bonaerenses) que previamente fora ocupado para instalar nel o cuartel de Falange. Tamén na Prisión de Silleda se van amoreando os detidos. Alí permanecen ata que son trasladados á prisión de Pontevedra para ser xulgados ou ata que os falanxistas fagan a súa escolla para darlle o paseo ao amencer.

Os paseos

O 16 de agosto aparece no Monte Candán o corpo mutilado de José Rilo, militante galeguista e membro da Sociedade de Traballadores de Bandeira. Días despois, un grupo de falanxistas prepara unha emboscada para asasinar a Luís Muíños, o sindicalista de Ponte (Silleda); Muíños, malferido, logra chegar á súa casa a onde volven buscalo co pretexto de prestar declaración e paséano o 29 de outubro.

Foron poucos os que sufriron inmediatamente o paseo; en xeral, as víctimas son previamente detidas, aínda que moitos son aniquilados antes de ter lugar o xuízo:

O primeiro foi José Fares, o líder sindical da Unión Obreira de Ponte, a quen lle aplican a tristemente famosa "lei de fugas" entre Pontevedra e Caldas o 5 de setembro, coa desculpa dun traslado de

prisión. Días máis tarde, o 9 de outubro, Victorino Areán Diéguez, de Rodeiro, sufre a mesma sorte. Esa madrugada, un grupo de falanxistas sacan da cadea de Lalín a Manuel Guillán e Jesús Froiz, recollen na de Silleda a Ramón Muíños e diríxense a Pontevedra; ao chegar preto da Estrada executános. Na mesma mañá asasinan, tamén nas inmediacións da Estrada, ao practicante de Rodeiro Severino García Teijeiro, que fora xulgado e absolto "por falta de proba" do delicto de auxilio á rebelión en xuízo sumarísimio celebrado en Pontevedra dous días antes.

Xusto un mes despois sacan da Cadea de Pontevedra para darlle o paseo en Tenorio aos lalinenses Luis Frade, José López Bermúdez, Ramiro Granja, Luis Varela Sobrado, José Montouto Rodríguez e Eliseo Garra Lalín, aínda pendentes de xuízo. O 4 de xaneiro de 1937 aplícanlle a lei de fugas a Benito Fernández Balboa, que fora garda municipal en Lalín, a quen sacan da Illa de San Simón onde cumpría a sentencia de cadea perpetua que lle fora imposta en Consello de Guerra o 20 de novembro.

Tamén foron asasinados sen xuízo algúns dos alistados no exército como Eligio Quintá, morto en Ferrol o 6 de outubro ou José Fernández Dobalo, a quen os informes enviados desde Lalín á fronte condenaron á execución. Hai máis casos nesta situación, aínda que non puidemos confirmar os seus nomes.

Aínda que os paseados da comarca van morrer lonxe, o terror matelialízase tamén aqui: outros cadáveres de represaliados dos concellos limítrofes van aparecendo nas cunetas das estradas do Deza nos primeiros meses tralo alzamento: Descobren o corpo de Jesús González Yañez, de Monforte, en Trabancas (Agolada) o 28 de agosto; segundo nos relataron testemuñas orais, foi exposto no balcón dunha casa preto do Concello de Lalín. A Manuel Pardo Corredoira de Santiago e outro sen identificar atópanos mortos en Ponte Sanxusto (Vila de Cruces) o 2 de setembro. Sergio González Paz, o alcalde de Cuntis e outro son recollidos en Pazos (Silleda) o 15 de setembro. Outro cadáver descoñecido aparece en Trabancas o 19 de novembro.

Os xuízos

Os detidos son xulgados en Consellos de guerra sumarísimos, en aplicación dunha curiosa xustiza ao revés que condena por rebelión a aqueles que se mantiveron fieis ao goberno lexítimo.

Os Consellos de guerra constitúen unha farsa xurídica que encubre simples represalias políticas. A maioría dos que temos consultado foron colectivos, en base a sumarios instruídos mediante a aplicación da tortura e firmados polos acusados nunha situación

deplorable e desesperada. Non se desenvolvía ningún tipo de labor probatoria, os informes negativos dos Alcaldes e Comandantes da Garda civil considerábanse incuestionables. O desenvolvemento dos xuízos era un esperpento, un mero trámite para a eliminación física, sen aportación de probas (as testemuñas solicitadas polos acusados non poden asistir ao xuízo, e cando o fan non son tidas en conta; as da acusación en cambio son consideradas irrefutables por provir de persoas de dereitas e mesmo falanxistas), non se fai ningún esforzo por esclarecer os feitos e o apoio do defensor limítase a solicitar a rebaixa da condena.

As sentencias xa estaban dictadas de antemán e o resultado son condenas a morte ou prisión perpetua segundo se considere o grao de perigo dos xulgados, no que se desvela cara onde van encamiñadas as directrices da represión: a imposición de castigos exemplares aos líderes políticos e obreiros.

O primeiro fusilado por sentencia foi Emilio Areán Moure o 24 de xullo. Séguelle Manuel Ferreiro, o ex-alcalde de Lalín o 27 de agosto. En outubro executan ao líder obreiro de Silleda Arturo Pérez Lazara e en decembro ao sindicalista lalinense José Crespo Torres.

O 27 de xaneiro de 1937 morren ante o pelotón de fusilamento os dirixente da FP de Carbia Primo López Rivadulla, Manuel Sarmiento Debén, Eduardo Brea Cajide e Antonio Gómez López. O 16 de marzo tócalle ao alcalde de Silleda Emilio Alonso Paz e ao lider obreiro lalinense José Donsión Muiños. Os silledenses Constantino Conde Penido e Antonio Vázquez Varela foron axusticiados o 30 de xuño.

O cumprimento das sentencias apareceu publicado como noticia nos periódicos, co que se conseguía que a poboación os percibise como advertencia.

Aínda que como xa vimos, o feito de estar prestando servicio no exército sublevado non sempre foi garantía para escapar á represión, outros si salvaron a vida por esta circunstancia, como Germán Areán Diéguez, que non puido ser xulgado xa que estaba desaparecido, aínda que anos despois, en 1956, xa vivindo en Barcelona, cando necesita dunha certificación oficial, descobren os seus antecedentes e reábrese o seu caso, pero alega ter servido en Infantería de Marina e resulta amnistiado. José Manuel Vázquez Castro, militante de IR, alístase como voluntario nos Flechas Negras, e logra tamén salvarse das represalias. Un dos casos máis coñecidos por ser relatado na súa novela *Non agardei por ninguén* é o do dirixente galeguista Ramón de Valenzuela, que logo de pasar un tempo en prisión e saír gracias á axuda dun familiar militar, vese obrigado a alistarse e cando topa a oportunidade pásase na fronte ao bando leal.

Días máis tarde, en concreto o 20 de abril de 1938, correuse a voz de que andaba polo Balteiro (Xerdiz) Alejandro Temblás, que estaba como tolo, debido ao estado febril, causado polas feridas. Axiña se personaron no lugar dous falanxistas, un de Xerdiz e outro de Viveiro, así como outros dous viciños armados que lle dispararon repetidamente, pero sen alcanzalo. Finalmente chegou un soldado, quen o matou dun tiro na cabeza. Unha vez morto, concentráronse no lugar distintos falanxistas de Merille e, ante as preguntas do sacristán de Xerdiz para saber onde enterralo, un deles chegou a contestarlle "tírenno anque seña nunha silveira". Deseguido, levárönno nunha escada até o cimiterio de Xerdiz e enterránono nunha sepultura no chán que xa estaba aberta, gracias ao consentimento do crego Cándido Fraga de Vila. A morte de Alejandro Temblás tería importantes consecuencias, sobre todo, a raíz da reincorporación do seu irmán José, á guerrilla.

Relación de víctimas da represión

Fusilados

Balbino Cerdeiras Rei (12-5-37), alcalde, galeguista, fusilado en Lugo; Victoriano Xabier Soto Valenzuela (17-12-36), tenente de alcalde, republicano (IR), fusilado en Lugo; Ángel Fraga Orosa (17-12-36), concellal republicano (IR), fusilado en Lugo; César Parapar Sueiras (17-12-36), concellal, galeguista, fusilado en Lugo; Segundo Arias Pérez (17-12-36), obreiro, fusilado en Lugo; Manuel Guerreiro Rivera (17-12-36), mineiro, fusilado en Lugo; Ángel Varela Freixeiro (17-12-36), mineiro, fusilado na Coruña; Avelino Casteleiro Fontán (3-9-36); Manuel Herrero Rapa (6-9-36); Francisco Díaz Quelle (5-10-36), militar de Marina, Ferrol; Manuel Timiraos Cervo (10-11-36), mariño mercante, UGT, fusilado en Lugo; Benito Colín Veiga (10-12-36), alcalde republicano,UR de Cervo, fusilado en Lugo; José Correa Miranda (10-12-36), republicano, secretario do Xulgado de Cervo, fusilado en Lugo; Antonio Trujillo Rodero (24-10-36), carabineiro, fusilado en Lugo; Agustín Rouco Vilar (14-1-37), mariñeiro,

fusilado en Lugo; Antonio Lafuente Jiménez (29-1-37), mestre de Muras, PSOE, fusilado en Lugo; Andrés García Ferreiro(15-3-37), natural de Foz, fundador do PSOE de Viveiro, abogado e secretario do concello de Vimianzo-A Coruña, fusilado na Coruña, Emilio Timiraos Cervo (24-3-37), secretario da UGT e do Radio Comunista de Viveiro, fusilado en Lugo; Eloy Prieto Fernández (17-4-37), ferrador, fusilado en Lugo; Marcelino Albo Meitín, axente fiscal, fusilado en Lugo (29-4-37); José Vázquez Lid, obreiro, PSOE, fusilado en Lugo (12-5-37); Jesús Bellas Cao, dirixente da CNT, fusilado en Lugo (17-6-37); José Fernández Fernández, carpinteiro, PSOE, Ourol, fusilado en Lugo (9-7-37); Germán Cervo Maseda, mariñeiro (Ferrol, 16-4-37); Jesús Castaño Galdo, alcalde do Barqueiro, pertencente a Izquierda Republicana, masón, fusilado o 16-4-37, Jesús Verdeal Maseda, xornaleiro, fusilado no Ferrol o 16-4-37, Jesús María Fernández Fernández, mariñeiro do Barqueiro, fusilado en Ferrol o 16-4-37, José Rivera Rieros, membro da CNT do Barqueiro, fusilado en Ferrol o 16-4-37, Manuel Ventosinos Pereira, carabineiro do Barqueiro, fusilado en Ferrol o 16-4-37, Feliciano Pereira Real, de Mañón, 22-9-36, Emilio Pardo Otero, de 44 anos, de Burela, fusilado o 27-9-36, Juan Martínez Corral, "Valcarría", mineiro, fusilado na Coruña; Avelino Casteleiro Fontán, obreiro da naval, socialista de Viveiro, fusilado o día 2-9-36, Amador Ortega Sánchez fusilado en Asturias, o 6-7-38, , Aquilino Parapar Franco, fusilado na Coruña en novembro de 1937, Agapito García Atadell, dirixente estatal da UGT e Pedro de Penabad, abogado, agarrotados en Sevilla (17-7-37); Felipe del Olmo Montesinos, tenente do exército republicano, detido en Ourol e agarrotado o 6-4-40 en Guadalajara.

Paseados e mortos violentamente

José María Almoina Chao (6-8-36), mineiro do PC; Santiago Fariñas Reinante, ebanista, de Ribadeo, (7-8-36); Marcelino Álvarez López, xornaleiro de Ribadeo, (7-8-36); Domingo Galán Jambrina (20-9-36), mineiro; Carlos Morris Serrano (24-8-36), axudante de Marina, Unión Republicana; José Vidal Urrutia (23-9-36), camiñeiro; Luis García Blanco (23-9-36), concellal PSOE; Luis Sánchez Mendezona (25-9-36), vista de Aduanas, Unión Republicana José Novás Soto (mestre, morto nun monte de Serantes, perto de Ferrol, o 27 de agosto de 1936); Ramón Fondevila Martínez "Viano" do Barqueiro, morto o 22 de setembro de 1936, en Serantes-Ferrol; Manuel Yánez Rey, "Manuel de Ubaldina, do Barqueiro-Mañón, 5 ou 6 de setembro de 1936, ; Andrés Vale Blanco, "O Moreno de Covas", presidente da CNT; detido en Ribadeo, paseado a principios de agosto, Pedro López Fernández; mineiro da CNT; Jesús Chao García, directivo do sindicato agrícola La Defensa de Xeriz-

Ourol; María Josefa Casabella Fernández (16-0-38) Felicitas Casabella Fernández(16-4-38); Encarnación Casabella (16-4-38); Alejandro Temblás Paz, presidente da agrupación socialista de Merille-Ourol; Celestino Pérez Bermúdez; membro do comité de Agitpro do P.C., José Antonio Rey Rodríguez (28-2-50).

Mortos no cárcere

José López Martínez, presidente do PSOE local, falecido o 3 de decembro de 1936, no Hospital de Sta. María en Lugo; Carlos Pérez Fachal, Escollera-Ferrol, 19 agosto-36; José Hermida Rubal (Penal de Pamplona, 3-3-1937); Alberto Lamelas Fernández (27-7-38); Jesús Carrodéguas Franco (14-6-1939); Jesús Pérez Bermúdez; José Costa Pardo, mestre de Cervo; Ignacio Rivera Quintana; Ángel Castro Rábade, galeguista (22-9-41).

Mortos en campos de traballo ou concentración

Vicente Serra, Peñaranda de Bracamonte; Manuel Lamelas (5-5-45), campo de Mauthausen; Francisco Ruíz García, mariñeiro, afiliado á CNT, falecido nun campo de traballo da URSS.

Mortos no frente republicano

José Gómez Lamelas (21-2-37), Grado-Asturias; Manuel Rodríquez Lago (1937) Escamplero-Asturias, directivo CNT; Claudio Quelle Cociña, Frente de Irún, CNT.

Soldados pasados ao bando republicano ou que loitaron nel

Tomás Álvarez Insua, "O Bulto"; Antonio López Ferreiro, "O Revoltoso"; Segundo Pérez Gómez, de Celeiro, o 21 de febreiro de 1936 preso no campo de prisioneiros republicanos de Santander, Tomás Martínez Peña, desertor en Asturias,o 15 de xuño de 1938, cara ao bando republicano, Francisco Casabella, fogoneiro, Xixón, 15 xuño de 1938; Nicasio Fernández Seara, pertencente á Armada do Ferrol, en xullo de 1939, no campo de Argeles Sur Mer; Rogelio Abella Montenegro, en xullo de 1939 no campo de Barcarés; Ernesto Vázquez, en Francia; José Neira Río, da CNT; Xosé Sampedro Galdo, inspector de traballo, PG; logo da guerra pasou a Francia, estando internado no campo de prisioneiros de Argeles Sur Mer, Xoán Xosé Pla, dirixente do PG; en Francia xogou un destacado rol dentro do chamado Bloque Republicano Nacional Gallego, Lois Tobío Fernández, diplomático, tte.de artillería, e membro do PG; exiliado en Uruguay, Francisco Ruíz García, CNT, mariñeiro, preso en Karaganda; Cecilio Bedia Carballeira, xeneral de Artillería, exiliado en Francia e finalmente na Argentina; José Trasancos Lage, de Viveiro, da UGT, fogoneiro, no Bon. Asturias nº 19, antes Galicia;

José Fernández Sánchez, de Viveiro, mariñeiro, Bon Asturias nº 19, antes Galicia; Hilario López Sánchez, de Celeiro, lider da CNT de Candás-Asturias, exiliado en Francia, pasou por campos de concentración como: Béziers, Argelès, Barcarès, Chateauroux...participando na loita contra os nazis e posteriormente na reorganización da CNT de Lozére e Saint Chély d´Apcher.

Outros Exiliados

Alfonso Quintana Pena, de Viveiro, ex-deputado polo PSOE en Ferrol, exiliado en Puebla-México; José Castro Sanjurjo, exiliado en Argentina; José Seco Catá, exilado en Uruguay e Arxentina; Benigno Álvarez Parapar, fundador e ex-secretario da CNT, exilado en Brasil; Ramón Gómez Díaz, de Chavín, condenado en Alicante a 6 anos de prisión e 1 día, por excitación á rebelión; o cabo de carabineiros Ferro, de Covas, pasou á zona republicana, pola fronteira de Portugal; Ramón Rodríguez Prieto, presidente de Izquierda Republicana de Viveiro e masón; Maruja Mallo, pintora, exilada en Arxentina.

O día 20 de decembro de 1946 aínda chegarían a Bayonne (Francia), os últimos exilados procedentes da guerrilla viveiresa: Eusebio González Pedreira, Francisco Gómez "Troski", Vicente Lage, José Antonio Franco, Domingo Villar, Chaves, Ramón Domínguez, Evaristo Candela, Antonio Molins e Antonio Paleo Saavedra, xunto cos tripulantes da boniteira Santa Teresa.

Mortos no monte

Severino Bouza Pardo (8-11-36); Balbino Gómez Rodríguez (marzo do 37), obreiro, CNT; Cándido Soto Gómez (1937), mariñeiro, CNT; José Fernández Picos, PSOE; José Fernández Rolle; "O Caramelo", morto no Bico do Nabo, o día 20 de agosto de 1937, Emilio Río Martínez, morto no Bico do Nabo, o día 20 de agosto de 1937, Manuel Valle; Angel Cal Díaz, Ourol; José Fernández Formoso (8-2-43); José Neira Fernández, CNT; Amandino Neira Fernández (1-6-39); Modesto Vilar Insua, concellal do Partido Galeguista (1-6-39); Ceferino Fernández Formoso (29-12-40); Jesús Iglesias Vázquez; Luis Ribera; Benedicto Fuentes Díaz (1-2-46), PC; Marcelino A. Rodríguez Fernández (26-6-46), PC; Manuel Gato Ramudo (20-2-47); José Vázquez Gómez (12-11-47), Xerdiz-Ourol; Luis Trigo Chao (25-6-48), PSOE; Antonia Díaz Pérez (25-6-48); Leonardo Gómez Pérez (1948), PC, Benedicto Escourido Cobo (2-10-48); José Porto Lestegás (2-10-48), Venancio Seoane Rouso (23-10-48); Francisco Insua Mariño (26-10-48), PSOE; José López Chao (26-10-48), CNT; Francisco Núñez Rodríguez (14-5-49); Perfecto Castro Martínez (16-4-49); José Felpeto Gómez (16-4-49); José Pedreira de la Iglesia (21-6-49), PC; Juan Pérez Dopico (21-6-49), PC; Juan Gallego Abeledo (21-

6-49), PC; Josefa Escourido Cobo (21-6-49); Celia González Pernas (21-6-49); Tomás Malleiro García (23-10-49); Vicente Vidal Pardo (23-10-49); José Temblás Paz (30-10-49), PC; José Chao Rouco (30-10-49); Antonio López (30-10-49); Alberto Teodoro Franco Lamelas.

Notas

[1]LEAL INSUA, FRANCISCO, "Elegía a Salvador Pérez-Labarta", *El Progreso*, 25-VIII-1939; nº 13.474.

[2]*Libro de Actas do Concello de Viveiro*, Sesión Municipal do 7 de marzo de 1938.

[3]GREGORIO SANZ, *Uno de tantos. Cinco años a la sombra*. Ediciós do Castro, 1986.

[4]*Ibidem*

[5]*Ibidem.*

[6]*Ibidem.*

[7]*Ibidem.*

[8]C/212/1936.

[9]GREGORIO SANZ. *Uno de tantos. Cinco años a la sombra*. Ediciós do Castro, 1986

[10]Libro de Entrada de Correspondencia, ano 1938. AMV.

[11]Sesión da Comisión Xestora de Viveiro, 2 outubro de 1936

[12]Libro de Actas do Concello. Sesión Municipal do 1 xaneiro de 1938

[13]C/949/36.

[14]*El Progreso*, 10-9-1936.

[15]*Ibidem.*

[16]A.H.P.L. Sección Goberno Civil-Corporacións, legaxo 185. notas da visita realizada polo gobernador civil.

[17]Loxia "Hijos de Irma nº 17", Archivo Histórico de Salamanca (Sección Guerra Civil), Exp. 9 A. Legaxo 761 A.

[18]Debo a presente información ao profesor vilalbés Manuel Roca Cendán.

[19]Libro de Entrada de Correspondencia do Concello de Viveiro, 23-1-1939.

[20]Mª JESÚS SOUTO BLANCO. *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940).* AHPL, Sección Goberno Civil, Corporacións, legaxo, 185; páx.: 62.

[21]Carta manuscrita de Antonio Paleo Saavedra, dende Hericourt(Francia) ao autor desta ponencia.

Cobiza de lobos. A falange en Lugo

María Jesús Souto Blanco

A violencia[1], e a corrupción[2] cimentaron o réxime de Franco na provincia lucense, polo menos nos primeiros anos.

Esa violencia regulada polas leis do Estado de guerra, era exercida formalmente polos que tiñan o monopolio da violencia estatal: militares, xuíces, persoal de prisións, garda civil e policía. Pero, ademais desta violencia "legal", aínda que ilexítima, existía outra, extraoficial, que era exercida fundamentalmente por Falange.

Tamén foron as autoridades de Falange as máis frecuentemente implicadas en prácticas corruptas, nunha sociedade como a do primeiro franquismo na que a corrupción era moeda común.

Diste modo, nos primeiros anos da Guerra o réxime franquista[3]:

- Permitiu a violencia de Falange como instrumento da represión, que estivo protagonizada e dirixida fundamentalmente, polo menos en Lugo, non por neofalangistas, senón precisamente por "camisas viejas".
- Permitiu a corrupción das xerarquías de Falange como recompensa pola súa implicación nesa política de terror necesaria para o sometemento da poboación e implantación do réxime.
- Instrumentalizou a legalidade e a xustiza encargada de controlar e xulgar esa violencia e corrupción, para someter calquera ameaza ó poder ascendente de Franco. Para o franquismo o uso ilexítimo da violencia e da corrupción exercida por Falange, non supoñía un verdadeiro problema, nin xurídico, nin político. Isto é así, debido sobre todo, ó feito de que o respeto a legalidade, mesmo á imposta polo propio réxime, non era un valor a salvagardar.

En definitiva, perante o primeiro franquismo os lucenses foron obxecto de inxustiza na súa forma mais arbitraria, xa que o estado de superioridade dos gobernantes era tal, que si estes incorrían en comportamentos ilícitos (uso da violencia política e da corrupción), os cidadáns non podían esperar que fosen sancionados.

Aínda que son numerosos os exemplos que sustentan estas hipóteses por razóns de tempo e espacio exporemos a continuación un estudio de caso exemplar, centrado no que foi xefe territorial de FE-JONS de Galicia nos primeiros meses despois da sublevación do 36, Mario González Zaera (en adiante MGZ), un dos falangistas condenados por hedillismo a raíz do Decreto de Unificación.

A nosa argumentación basease fundamentalmente en dous sumarios militares por traizón instruídos contra MGZ e outros falangistas[4]. Ademais manexamos outras fontes complementarias: hemerográficas, xudiciais civís (expedientes de responsabilidades políticas), gobernativas, penitenciarias, etc.

Breve caracterización de MGZ

Mario Benito Nicolás González Zaera, naceu en Sarria[5], provincia de Lugo, o 17 de decembro de 1900 e faleceu no mesmo municipio o 3 de outubro de 1980. Unha descrición deste home, figura no libro Testimonio de Hedilla, escrito por Mariano García Venero a instancias e baixo o control do propio Hedilla[6]:

Este Zaera –uno de los tres hombres de singular volumen físico que militaron en la Falange, par de Agustín Aznar y Emilio Alvargonzález– recuerda por la entonación y el ademán a un tribuno gallego de la especie cantoniana. Es el tipo –raro– del gallego extrovertido, pero que en sus arrebatos y gesticulación tiene alguna dosis de cautela céltica. Estaba en los años de la treintena, y sentía, en verdad, sincero disgusto por las mezquindades caciquiles de su país[7].

Este posicionamento de MGZ contra os caciques non impediu que, xa dende tempos da República, se asociase nunha comunidade de intereses políticos e económicos con Manuel Saco Rivera, conspicuo representante do caciquismo.

Manuel Saco contribuíu persoal e materialmente á preparación da sublevación militar[8]. Foi secretario de Nicolás Franco cando este ocupou a Secretaría Xeral do Xefe do Estado e en agosto de 1938, foi asasinado en Sarria por un falangista dunha facción contraria á de Zaera.

Á falta de coherencia entre a proclamada actitude anticaciquil de Zaera e a rede de alianzas na que se envolveu, podemos engadir outra contradicción, a súa pública e reiterada profesión de hedillismo fronte á forma en que renegou de tal lealdade ante as autoridades militares. Así, no sumario 1/38 preguntado sobre si afirmou que Hedilla volvería a ser Xefe de Falange, MGZ respondeu:

...no es cierto que el deponente hiciese semejante manifestación, máxime teniendo en cuenta que el referido Hedilla está expulsado del Movimiento y sometido a procedimiento, y además que el deponente acata la persona del Generalísimo y todas las disposiciones del mismo como lo puede probar el hecho de que en conversación mantenida con el señor Sangróniz, con anterioridad al Decreto de Unificación le manifestó el deponente la falta de capacidad que notaba en Hedilla para seguir ejerciendo un cargo como el que en aquella época tenía, al propio tiempo que le expresó la incondicional adhesión del deponente a la persona del Generalísimo, hasta el extremo de que en diferentes ocasiones en que conversó con el Señor Sangróniz, y este señor puede atestiguarlo, le habló de la necesidad, el declarante, de actuar de una manera enérgica en contra de la orientación que a la Organización daba Hedilla[9]

No libro antes citado sobre a vida de Hedilla, este aprobou a inclusión de numerosos testemuños de MGZ[10], proba de que confiaba na súa lealdade e de que descoñecía a declaración que acabamos de citar. Resulta rechamante despois do lido que incluso o diario de Lugo El Progreso, ó dar no seu día a nova do falecemento de MGZ resaltara o seu hedillismo e pedira ós lectores unha oración polo eterno descanso do home que [c. c.] "contra viento y marea, fue siempre fiel a sus ideales. Y eso, en estos tiempos, es algo que vale la pena poner de manifiesto[11]" [f.c.].

MGZ non era un advenedizo de última hora, era un camisa vieja. Así sobre a súa militancia fascista, o propio MGZ testemuña:

[c. c.] A principios del año 1933, fundé en el partido judicial de Sarria (Lugo) una sección de El Fascio Español (...). Entonces yo era propietario de los laboratorios de especialidades farmacéuticas "Kober"[12], pero lo abandoné todo por servir[13] [f. c.].

Abundando no talante corrupto e caciquil de MGZ, a verdade foi ben diferente, abandonou o negocio das especialidades farmacéuticas Kober por tratarse dunha estafa (anterior a unha quebra fraudulenta) pola que MGZ foi investigado.

A actividad de MGZ en falange

Como dirixente de Falange, Zaera foi tamén protagonista de todo tipo de incidentes armados meses antes da sublevación militar do 36.

A súa actividade sendo xefe provincial de Falange de Lugo e despois xefe territorial de Galicia, aparece descrita de forma pormenorizada na causa militar 1176/36. Nese sumario depuxeron

aproximadamente 136 testemuñas, todos con declaracións desfavorables, excepto as dos mandos e afiliados da Falange local (7), que só recoñeceron a existencia de certa desorganización en FE-JONS de Sarria. Como acabamos de dicir, declararon en contra de MGZ e do seu subordinado, Eduardo Gómez Requejo, todas as autoridades locais e prebostes de Sarria directamente relacionados cos feitos.

No resumen das actuacións o xuíz declara que chegou:

...a adquirir la opinión recta, serena y segura de que la comarca de Sarria estaba bajo el dominio y la tiranía de Falange Española, que la tenía sojuzgada y sometida (...) ; sus dirigentes abusando de sus cargos y respaldados por la masa y fuerza de su gente, que los apoyaba inconscientemente y por obediencia debida, realizaron toda clase de atropellos, vejaciones y desmanes llegando a conseguir, y ejercer, un poder omnímodo, pues eran amos, dueños y señores de aquel territorio, que regían como Cantón independiente, sobre el que ejercían, en forma despótica, desusada e inmoral un pleno y absoluto dominio, que pretendía desconocer a la Autoridad legal y que se había impuesto por el terror...[14]

Da proba levada a cabo na instrucción o xuíz deduce o seguinte:

1. Polos dirixentes de Falange Española de Sarria impoñeranse fortes multas en metálico a:

–Persoas e familias de marcada significación de esquerdas:

- ás tías do alcalde ca F. P. de Izquierda Republicana (Antonio Páramo Sánchez, fuxido, o seu tío xa fora fusilado), ás que mediante a violencia fóronlles esixidas en total 25.000 pts.
- A Dositeo Piñeiro, xestor municipal ca F. P. a quen tiñan preso no concello, esixíronlle 15.000 ptas., para poñelo en liberdade.
- A Avelino López Quintana (votante da F.P.) esixíronlle 1000 ptas. para poñer en liberdade á súa muller que estaba detida.
- A Valentín López López, para poñer en liberdade á súa esposa esixíronlle 11.000 ptas.

–Ás sucursais do Banco Pastor e de La Coruña, facendo figurar as cantidades requisadas como donativo á Falange Española. Así, no Banco Pastor presentáronse 10 ou 12 falangistas, armados con fusiles, que esixiron o pago de 5.000 ptas. como donativo a FE-JONS, como o director se negara a pagalas, o xefe do grupo colleu o diñeiro. Algo similar e con igual cantidade ocorreu no Banco de La Coruña.

2. Os procesados impuxeron unha subscrición, aumentando a contía progresivamente, e que era xestionada por unha comisión composta polo alcalde, o xuíz municipal e un importante propietario. Aquí se percibe unha irregularidade no sumario, xa que escrito a man se inserta entre liñas que os fondos recadáronse "para Falange de Sarria según manifiestan los señores que componían la comisión y otros testigos"[16]. Unicamente os integrantes da comisión declararon neste sentido, mentres que as testemuñas que contribuíron á subscrición, algúns de gran relevancia social, afirman que o fixeron crendo que era para o Exército Nacional[17].
Establecer no resumen das actuacións xudiciais que o fin da subscrición era recadar fondos para Falange, e non ter en conta os relevantes testemuños que afirmaban que se pedía para a Subscrición Patriótica, significaba exonerar a Falange da gravísima responsabilidade de apropiarse deses fondos.

3. FE-JONS de Sarria patrocinou unha subscrición de víveres para as forzas que loitaban nos frontes de combate[18] e tamén iniciou unha subscrición en ouro, anunciada como "Recaudación de oro para el Tesoro Nacional"[19], ámbalas dúas, según os autos, co obxectivo de apropiarse do diñeiro da súa venda.

O certo, como consta en informes acadados polo Gobernador civil e militar de Lugo[20], é que nada do obtido nestas subscricións foi entregado ás oficinas recadadoras da Subscrición Patriótica e que, tanto MGZ como Requejo, detraeron importantes cantidades de diñeiro da tesourería de Falange, sen comprobante algún[21].

Os feitos delictuosos non se limitaron o ámbito económico, aínda que o xuíz non fai referencia a eles nas conclusións, no sumario aparecen sólidos testemuños referidos a extorsións, violencia física e incluso asasinatos perpetrados por Falange, tamén contra autoridades militares e relixiosas, con todo o que esto implicaba en aquel momento[22].

Por razóns de tempo e espacio non podemos presentar tódolos excesos e tropelías que figuran no sumario, nin facer patente a solidez dos testemuños, creemos, no obstante, que o exposto é suficiente para xustificar a nosa perplexidade ante a decisión do Auditor de Guerra no sentido de recomendar o sobresemento provisional da causa (como así ocorreu), co argumento acomodaticio de que:

...los hechos de autos por afectar al desenvolvimiento de actividades ligadas estrechamente al movimiento nacional, revisten una peculiar

modalidad, de la que es necesario hacer muy particular estimación al enjuiciar el tema procesal propuesto y planteado, por referirse a un período en que las necesidades supremas imponían cierto grado de confusión en el desarrollo de ideas y consiguiente organización de servicios y cometidos al margen de toda norma clara y precisa, sin reglamentación específica que permita una puntual exigencia de deberes y obligaciones y por rozar la investigación las consecuencias de acciones represivas que inspiradas en un sentido nuevo, enérgico y eficaz de una justicia beligerante contra los enemigos solapados de España en plena realidad bélica, pudieron desenvolverse con mayor o menor acierto, ecuanimidad y pureza (...)

...habida cuenta de las circunstancias dichas no se encuentra relieve ni concreción delictiva suficiente en los hechos investigados, que afectan más propiamente al régimen de la organización y que por ende pueden dentro de ella ser ponderados, sancionados o enmendados con mayor sentido de justicia y eficacia.[23]

A única medida que tomou Falange contra MGZ foi cesalo como xefe territorial de Galicia, nomeándoo Delegado da Xunta de mando para as Illas Canarias, función que desempeñou durante un mes, transcorrido o cal foi trasladado a Salamanca como encargado de recruta e propaganda.[24]

Queda claro, pois, que o réxime consentiu a violencia e corrupción de Falange, verificándose as nosas dúas primeiras hipóteses.

Respecto á terceira, á de que o réxime instrumentalizou a xustiza, para someter calquera ameaza ó poder ascendente de Franco, a comparación do sumario xa visto con outro incoado contra MGZ e dous falangistas mais, é moi elocuente. Este segundo sumario fundamentábase nunha presunta actividade conspiradora dos denunciados contra Franco, co obxectivo de minar a autoridade deste e incluso atentar contra a súa persoa para, diste modo, conseguir a hexemonía de Hedilla.

Despois dunha detida análise desta segunda causa, verificamos que, deixando a un lado a acusación de conspiración, o resto das imputacións coinciden punto por punto coas que anteriormente foran sobresidas.

Os argumentos manexados para sobreser o primeiro sumario, utilízanse agora para todo o contrario. Así, na sentencia do Consello de Guerra manifestase que aquela conducta nos primeiros días do "Glorioso Alzamiento Nacional" é agora:

Merecedora del más duro y ejemplar de los castigos y en cualquier momento en que aquello se realizara, en los momentos históricos en que fueron ejecutados y por los que atravesó nuestra Patria, requerían e imponían una mayor atención y rectitud en la conducta de todos los coope-

rantes al triunfo de España, principio éste sentado taxativamente en el preámbulo del Bando de declaración de guerra de la Junta de Defensa Nacional de España indicando "Que las circunstancias por las que atraviesa España, exigen a todo ciudadano español el cumplimiento extricto (sic) de las leyes..." llegando en su consecuencia a imponer mayor severidad a los infractores de las leyes (...) valiéndose de la misión que les incumbía realizar y del cargo que Falange les había investido, y amparandose (sic) en las tinieblas del momento, llegaron con sus actos a traicionar, no solo la gloriosa historia y el magnífico espíritu de la Falange, sino también a su misma Patria y al Glorioso Alzamiento Nacional, el cual como ha dicho nuestro Caudillo tiene una ética y una moral."[25]

Como vemos, as circunstancias do momento que no anterior sumario eran consideradas un atenuante, son agora consideradas agravante, permitindo configurar un perfil criminal dos encausados, que serviría para considerar probada, por contigüidade, a acusación máis grave, a de conspiración contra Franco, para a cal non existían probas. Diste modo MGZ e Eduardo Gómez Requejo foron condenados a morte, se ben, ambas sentencias foron conmutadas polas de reclusión a perpetuidade.

Finalmente dicir, que MGZ permaneceu pouco máis de dous anos encarcerado cumprindo a sentencia, sendo finalmente indultado.

A opacidade imposta polo réxime franquista sobre as verdadeiras actividades da Falange, permitiron que a imaxe honesta e aguerrida que pretendían transmitir de esta organización perdurase, incluso ata datas moi recentes, como se pode comprobar na necrolóxica publicada polo diario El Progreso a raíz do falecemento en 1980 de MGZ e a que xa nos referimos. O panexírico que se lle dedica e as pompas fúnebres seguro reavivaron os sentimentos de aqueles que directa ou indirectamente foron víctimas das súas actuacións e que aínda non obtiveron a reparación que merecen.

Notas

[1]Respecto á violencia (política) referímonos a: "Toda forma de coacción física, incluída a ameaza de tal, orientada á consecución de obxectivos políticos" [Joaquín Romero Maura, *La romana del diablo. Ensayos sobre la violencia política en España (1900-1950)*, Madrid, Marcial Pons, 2000, p. 154].

[2]Respecto á corrupción referímonos á "práctica dunha discriminación contraria ás leis ou ao seu espírito (...) con frecuente desviación indebida de recursos e decisións." [Joaquín Romero Maura, opus cit., p. 159].

[3]Consideramos que o sistema político franquista comeza a funcionar o 1 de outubro de 1936, xa que a partir desta data Franco consegue unha extraordinaria

concentración de poder na súa persoa (xefe do Goberno e xeneralísimo dos exércitos), e en marzo de 1937, había indicios claros de que Franco decidira quedarse no poder non unicamente mentres durase a guerra; polo que procedeu á unificación de ideas, autoproclamándose xefe do novo partido único.

[4]Ambos atópanse no Tribunal Militar Territorial Cuarto en A Coruña. A primeira causa é a 1176/36 por traizón que se lle incoou xunto a Eduardo Gómez Rodríguez, coñecido por Requejo, xefe comarcal de FE-JONS de Sarria e a segunda é a 1/38 incoada tamén xunto ó citado Gómez Requejo, aínda que ámbolos dous xa non eran xefes de Falange e a Luis López López, ex xefe local de Falange de Paradela.

[5]Municipio da provincia de Lugo, capital do seu partido xudicial, formado ademais polos municipios de Incio, Láncara, Paradela, Páramo e Samos. Era unha das zoas mellor comunicadas da provincia.

[6]Na introducción do libro citado dise que Hedilla foi o que dirixiu e sinalou feitos e personaxes, cronoloxía, arquivos, xornais, etc., e que incluso corrixiu a obra.

[7]*Opus cit*., p. 134.

[8]Ver LUIS MOURE MARIÑO, *La generación del 36. memorias de Salamanca y Burgos*, Sada (A Coruña), 1989, p. 131.

[9]A cursiva é miña. Fol. 41 vº.

[10]Concretamente nas páxinas 131, 132, 134, 135, 287, 328, 346, 516 e 560.

[11]*El Progreso*, sábado 4 de outubro de 1980, p. 12.

[12]Na causa 1/38, fol. 135 e 135 vº acusase a MGZ de levar a cabo "otro negocio que corre parejo en turbiedad con el de la quiebra [refírese a unha quebra fraudulenta que lle atribúen por valor de millón e medio de ptas.] fue el de un específico a cuya producción se dedicaron, haciéndolo figurar como medicamento para los reumáticos, a base de ajo, que bautizaron con el nombre de Ajolín y productos 'Kobber' figurando procedente de una casa alemana. El valor intrínseco de cada paquete era de una peseta aproximadamente, y le asignaron el precio de diez y seis; y como era necesario una gran propaganda para la venta del producto, asociaron al negocio a un oficial de correos afecto a la administración de Sarria, el cual solicitaba de los oficiales, administradores, carteros y peatones de correos relaciones de los reumáticos de las localidades respectivas, nombrando a tales funcionarios representantes del negocio, y remitiéndoles por correo en paquetes postales, los artículos para su destino, como dirigidos a empleados de correos, con lo cual se ahorra los sellos de franqueo, defraudándose de tal modo al Tesoro. Así mismo defraudaban al Estado en la contribución industrial referente a tal negocio, tratando de coaccionar a dos inspectores de Hacienda, desplazados a Sarria, cosa que no les dio resultado, en vista de lo que, hicieron una denuncia falsa contra uno de ellos. También hicieron otra denuncia falsa contra el Secretario del Ayuntamiento, que no se prestó a dar por retrasada la fecha de alta presentada [Ernesto López Martínez, sospeitosamente detido o 3 de agosto do 36 en Sarria, cando Zaera era xefe provincial de FE–JONS e o seu lugartenente e procesado con el, Eduardo Gómez Requejo xefe comarcal de Sarria, saíndo dous días despois en liberdade] y que además intervino como letrado por los acreedores de la quiebra."

[13]Maximiano García Venero, *opus cit.*, p. 131.

[14]Fol. 591.

[15]Os documentos encontrados no rexistro que se verificou nos locais de FE-JONS de Sarria (unidos á causa) probaban que polos dirixentes se impoñían multas.

[16]Fol. 591 vº.

[17]Cabe destacar a testemuña de José Pérez Batallón López (gran propietario, que fora directivo de Unión Patriótica con Primo de Rivera), quen declarou que recibira unha carta dos presidentes da Deputación Provincial, da Cámara de Comercio e da Asociación Patronal de Lugo, que lle rogaban iniciase e organizase no partido xudicial de Sarria a Subscrición Patriótica e Nacional. Ó expoñer ó alcalde a carta anterior, este díxolle que co mesmo obxecto xa funcionaba unha comisión, a referida, e que polo tanto non debía constituírse unha segunda comisión. En consecuencia, o presidente da Deputación relevouno da petición anterior (aporta as dúas cartas). Declarou tamén que os integrantes da comisión antedita lle solicitaran 100 ptas. "para nutrir la suscripción para el Ejército y para el Movimiento Nacional" [Fol.s. 389 y vº].

[18]Cando os falangistas asumiron a súa xestión, acumuláronse as irregularidades, ate o punto de que o xuíz instructor considera imposible establecer no sumario a enorme contía do subtraído polos falangistas para o seu consumo ou para vendelo a terceiros. Destas ventas hai constancia pola declaración dos propios compradores e pola existencia de talóns de ingreso en tesourería de Falange. Dos ingresos de Falange dispoñían, sen ter que dar ningunha xustificación, tanto MGZ como Requejo. Para calar o descontento por esta apropiación e porque as listas de subscritores non aparecían na prensa, Requejo publicou unha nota nos xornais de contido claramente ameazador.

[19]O producto da venda deste ouro, realizada en Portugal, foi entregado por Requejo a lo menos aparentemente (o recibo expedido polo secretario de Nicolás Franco, Manuel Saco, non ten aparencia de documento oficial, foi escrito nun papel con cabeceira do hotel no que se aloxaba e presenta por detrás unhas anotacións a man do empregado do hotel a quen se lle encomendou a entrega de dito recibo) á Xunta Nacional de Burgos en Lisboa.

[20]Fols. 408 e 546.

[21]É importante consignar, por exemplo, que MGZ detraeu 15.000 ptas. o 14 de setembro de 1936 (mes no que foi nomeado xefe territorial de FE-JONS, "para Manuel Hedilla, Jefe de la Junta de mando", sen comprobante. [Fol. 590 vº].

[22]Así, na súa declaración o alcalde provisional de Sarria, fala dun "suceso desgraciado que costó la vida a dos soldados por haber disparado sobre ellos una pareja de falangistas", e tamén de que elementos falangistas "emplearon la violencia en el domicilio de éste [señor cura de Reiriz], sacándole todas las existencias que tenía en la tienda de su casa" [fols. 2vº-3]. Pola súa parte o brigada retirado da guarda civil e xefe de liña de Sarria en setembro do 36, denunciou, ademais de múltiples extorsións dirixidas contra familiares de individuos de esquerdas paseados, outras contra sacerdotes os que esixiron importantes cantidades de diñeiro, chegando en ocasións a roubarllo. Tamén declara que: "una pareja de falangistas de servicio

hicieron fuego sobre una camioneta ocupada por parejas de la Guardia Civil y soldados (...) ocasionaron con los disparos tres heridos, dos de ellos fallecidos". [Fols: 3vº-5vº]. Outros testemuños igualmente inculpatorios figuran nos fols. 5vº, 19 vº, 29 vº, 415-417.

[23]A cursiva é miña. Fol. 596-vº

[24]Estas circunstancias aparecen referidas no expediente instruído en indagación de irregularidades cometidas por MGZ polo Xulgado Militar Eventual de Lugo en xuño de 1937, fol. 4-vº. O expediente atopase no Tribunal Militar Territorial Cuarto de A Coruña.

[25]A cursiva é miña. Fol. 182-vº.

Escenarios dun drama; as paisaxes da represión na bisbarra de Vigo

X. C. Abad Gallego

Introducción

Dous homes atopábanse inclinados sobre a mesa do cuarto de bandeiras na que descansaban varios documentos, entre eles e visiblemente destacando sobre os demáis, varios exemplares do "Bando de Guerra" que o día anterior tivéranse impreso na pequena imprenta que o mando militar tiña instalado nos baixos do Pazo de Xustiza de Vigo; local este que compartía instalacións co cárcere da vila, coas dependencias da policía municipal e coa sede do 2º batallón do Rexemento de Infantería de Mérida, de aí que o Pazo fora tamén coñecido como o "Cuartel do Cárcere". O máis alto, que lucía na súa bocamanga a estrela que o distinguía como capitán, algo groso e de mirada firme e decidida, non facía máis que golpear co dedo índice a mesa mentras que, cun certo acaloramento expoñía diferentes razonamentos ó seu pequeno contertulio o cal, nerviosamente, tentaba apartar a vista da intensa mirada do capitán a pesares de que el, o Tenente Coronel Felipe Sánchez, era, en teoría a lo menos, a máxima autoridade militar da praza de Vigo. As argumentacións dadas polo capitán ó seu superior en tan pouco comedido ton e a manifesta incomodidade deste foron de súpeto interrumpidas polo forte timbrazo do teléfono; o tenente coronel colleu sobresaltado o auricular e sostivo unha moi breve conversa na que apenas falou máis cunhas breves palabras xa que era o seu lonxano interlocutor o que levaba a voz cantante; a conversa rematou cando o Tenente Coronel posto en pe, o cal delataba máis aínda a súa ridícula estatura, cadrándose despediuse cun *A súas ordes meu coronel*.

Eran as once e media da mañá do día 20 de xullo de 1936, e esa chamada era o pulo que faltaba para que os mandos militares da praza de Vigo sumáranse á sedición; a decisión estaba tomada, o timorato comandante militar da praza, dubitativo ata ese mesmo momento deulle, por fin, a orde tan esperada polo seu capitán:

—*Señor Carreró proceda, saque a forza á rúa e proclame o "Estado de Guerra"*.

A sorte estaba decidida; seguramente pola cabeza do comandante militar nin siquera pasou nese momento o recordo de cando, apenas cinco meses antes, fora enviado a Vigo polas novas autoridades xurdidas tralas eleccións de febreiro que confiaban nel para asegurar a praza de Vigo dentro da lexitimidade republicana, pois así o parecía presumir o republicanismo teórico do que tiña feito gala este mando.

Tampouco debeu pasar pola cabeza do capitán Antonio Carreró –dobremente emocionado, tanto pola delicada misión que se lle encomendaba como polo orgullo de saberse responsable de ser o artífice de acabar coas prevencións que tiña ó seu superior para dar a tan desexada orde– a lembranza daquela xornada dun non tan lonxano 25 de abril do ano 1931 cando, no patio de armas do veciño castelo de San Sebastián xunto ós seus compañeiros de armas, fixo o seu solemne acto de promesa de acatamento, fidelidade e defensa da Republica. El era un home que non se arredraba diante o risco que podería entrañar saír a declarar o bando nunha cidade como Vigo, onde gran parte do elemento obreiro estaba moi sensibilizado coa defensa da libertade e da república democrática, encadrado en moi diversas organizacións políticas e sindicais; non en balde o capitán tivera xa participado en accións de guerra en Marrocos (nos combates sostidos nos arredores de Xauen ou na defensa do asediado blocao de Zarca) onde xa vira morrer xente e onde non dubidara ó ter que dar a orde de abrir lume contra o inimigo, e mesmo gracias a estas accións colleitara os meles da gloria materializados nalgunha das condecoracións que xa ostentaba. Ademais o posible perigo ía estar minimizado xa que pensaba saír preparado contra calqueira contratempo ; así a sección de Infantería que sairía con el ás rúas –precedida de cornetas e tambores como era de rigor– iría provisto do cargador de munición real colocado no fusil e a baioneta calada, para poder solventar calqueira tipo de risco que puidera sobrevir.

Apenas unha hora despois da conversa mantida entre os dous oficiais a cercana e céntrica praza da Porta do Sol de Vigo sería sacudida por varias descargas de fusilería e vería como os seus adoquíns quedaban tinguidos de sangue; a sangue de moitos dos seus conveciños que recibiron o chumbo das balas fronte a súa protesta. Deste xeito comezaría a escribirse en Vigo o drama dunha terrible guerra civil; a decisión destes dous homes xunto coas decisións tomadas en todo o territorio nacional por homes coma eles involucrarían a España no maior drama de toda a súa Historia. Tres anos de fraticida contenda na que moi pronto sairían a relucir os máis baixos instintos da especie humana. O precio da decisión traidora deses homes sería de enormes consecuencias; nunca se pagou

en España tanto precio de sangue. Centos de miles de persoas anónimas (aquelas que foron logo popularizadas na literatura co expresivo, aínda que inexacto título, do "millón de mortos") morreron por culpa de ideais de moi variado sino, ensarillados nunha longuísima espiral de odios e vinganzas.

De todo este caudal de morte que sacudiu a España enteira tamén tocoulle pagar a súa parte do precio á cidade de Vigo, e este non foi, nin por asomo, un precio de saldo. De boas a primeiras e apenas apagados os ecos dos disparos na Porta de Sol, que tiñan anunciado o triunfo na plaza do "Glorioso Movemento", soaron novos claríns chamando a filas ós soldados para loitar pola "causa nacional"; en tandas consecutivas preto de sete mil homes, pouco máis que rapaces na súa maioría, foron chamados e prontamente enviados ós campos de batalla; a morrer por uns ideais que na súa meirande parte nin siquera chegaban a profesar. Moitos deles non voltarían vivos, o seu número moi difícil hoxe en día de cuantificar parece que superou os 700 (o cal supón unha porcentaxe que ronda o dez por cen do total dos movilizados) mentros que moitos outros voltarían estragados para sempre, con secuelas da guerra nos seus corpos e nos seus corazóns.

Xunto con eses mortos, que pronto foron denominados os "Caídos por Deus e por España", houbo outra contabilidade de sangue tan copiosa coma aquela e que tamén fíxoselle pagar á comarca de Vigo; esta foi o sangue de aqueles –que pronto foron chamados pola prensa "nacional" os da "antiEspaña", ou os "sen Deus"– que foron culpabilizados de todos os males reais ou imaxinarios que sufrira España nos últimos anos, polo que decidiuse que tiveran que pagar con sangue os seus "delitos" para que redimiran co seu sufrimento os males de España. Deste grupo de "inimigos da patria" é do que pretende tratar, aínda que sexa moi escuetamente, a seguinte ponencia.

O problema das fontes

Saber o número de represaliados que houbo durante a guera civil española é profundamente complexo; ata fai moi poucos anos non se puido nin siquera comezar a analizar este problema pola dificultade que entrañaba a investigación en si mesmo e polas trabas que lle iban poñendo as diversas administracións do Estado que podían aportar os datos necesarios. A pesar do moito que tense avanzado nos últimos anos mesmo hoxe en día o tema está moi lonxe de quedar completamente zanxado. En Galicia, en concreto, gracias ós teimudos empeños de diferentes investigadores, estase comezando a pergueñar a nivel local o mapa do horror que supuso

a represión franquista (territorio o galego onde, debemos lembrar, o Movemento fascista triunfou con relativa facilidade e onde non chegaron a existir verdadeiras frontes de combate).

Para tentar facer un cálculo o máis completo posible do que supuso a represión na bisbarra de Vigo estivemos obrigados a facer un seguemento diario dos Rexistros de Defuncións dos tres Xulgados Civís que existían neses momentos en Vigo (Bouzas, Vigo e Lavadores) que obviamente contabilizaron o número de mortos, sempre que estes foran legalmente inscritos; pero un seguemento preciso nesa contabilidade permitiunos comprobar que neles podían observarse a presencia dalgúns erros e imprecisións debido a que, como puidemos comprobar, foron levadas a cabo algunhas inhumacións ilegais que non chegaron a ser debidamente inscritas nos Rexistros Civís correspondentes ; outro problema constatable é que aparecen importantes erros nos datos dalgúns dos inscritos e tamén que moitos deles presentan en branco datos de suma importancia. O problema principal que supón facer listas de represaliados a partires dos datos dos Rexistros Civís está en que non sempre constan neles, de xeito claro, os motivos de defunción, xa que mentras nalgúns casos estos aparecen moi claramente detallados –xa que como causa de morte aparecen explicacións tan determinantes como *destrucción cranial por impacto de bala* ou "morto por múltiples feridas de arma de lume"–noutros aparecen termos moito máis ambiguos (supoño que esto debeu variar segundo quen fora o funcionario de turno que tivera que cumplimentar os datos, ou mesmo que estaría en función de que a información que lle pasaran fora máis ou menos detallada) e que invitan ó confusionismo ó aparecer descripcións tales como *traumatismo cranioencefálico* ou *hemorraxias internas* o cal obriga a ter que buscar outro tipo de datos que poidan permitir confirmar que a morte foi levada polos represores e non por mor dun simple accidente ou por causas netamente naturais. Eses datos complementarios tamén poden ser extraídos das propias follas do Rexistro Civil e poden vir tanto da constatación do lugar onde apareceu morto o individuo, a coincidencia de que varias persoas foran atopadas mortas no mesmo lugar, a hora da defunción –sobre todo cando esta é especialmente intempestiva–, as indicacións de que tipo de xurisdicción xudicial é encargada da investigación, a presencia ou non de testigos do suceso, etc.

Para que a análise de cada caso investigado fora o máis completa posible estes datos tiveron que ser chequeados cos aportados por outro tipo de fontes diferentes como foron o "Rexistro Municipal de Inhumacións" do concello de Vigo (hai que sinalar que os dous principais cemiterios que funcionaban nese momento en Vigo, os

de Pereiró e o de Puxeiros, eran de titularidade municipal), ou os "Rexistros de Inhumacións" dos propios cemiterios de Vigo, tanto parroquiais como municipais, o "Rexistro Xeral de Sumarios dos Xulgados de 1ª Instancia e Instrucción de Vigo" –que eran os denominados número 1 e número 2– nos que aparece referencia de tódolos delitos cometidos, incluidas as mortes violentas, onde, curiosamente, non aparecen referencias ás mortes asociadas á represión, confirmando así a existencia dun muro de silencio sobre o tema e a constatación de que estas mortes non eran froito dun delito senón consecuencia dunha "xustiza" impartida doutro xeito. Tamén tivéronse que ter en conta as informacións aportadas polas testemuñas orais ofrecidas polos protagonistas dos feitos, así como polas procedentes das fontes escritas (tanto as periodísticas do momento, extremadamente parcas debido a grande censura existente, como as aportacións bibliográficas posteriores). Por último e non por eso menos importante están as informacións aportadas polos "Sumarios Xudiciais" que foron incoados polas Xurisdiccións Militares, tanto a correspondente ó Exército como á da Mariña, que aínda que moi fragmentarias axudan a poder compoñer o fresco da represión na bisbarra de Vigo.

Os cálculos

A partires desas informacións obtidas, nun cálculo inicial podemos sinalar que na semana seguinte á proclamación do bando militar en Vigo e nos acontecementos asociados ós enfrentamentos que houbo entre os obreiros e as forzas militares houbo, a lo menos, coarenta mortos. Este número que tenta ser o máis axustado posible en realidade reune tanto ós que morreron acribillados a balazos durante a lectura do bando de Guerra na Porta do Sol[1],así como nos habidos nos disturbios posteriores como foron os mortos producidos nos tiroteos desenvolvidos nas barricadas do Calvario, Seixo, Pardavila e Cabral (todos eles en Lavadores) na que interveu o pobo coa vana intención de frear ás forzas militares, poñendo nelo moita máis ilusión que armas e municións; tamén contabilizamos aquí os mortos provocados polo bombardeo dun hidroavión da Base Naval de Marín efectuado nas estribacións do monte da Madroa cando localizou a un grupo de obreiros que fuxían dende as barricadas a esconderse no monte ; así incluímos tamén aqueles que, segundo parece, foron executados no acto nas proximidades das barricadas tras ser detidos portando armas (ou polo menos eso é o que parece indicar a existencia dun certo número de mortos nos que se lle apreciaron certeiros disparos na caluga) en aplicación inmediata do contemplado no bando de guerra.

A ese grupo inicial de víctimas habería que sumar un total de algo máis de 170 mortos que corresponderían ós que ó longo dos tres anos de guerra morreron como consecuencia do que podemos definir, como fai así algún autor, como a "represión institucionalizada", expresión empregada para diferenciala da levada a cabo fora dos conductos oficiais ou "represión paralegal"[2]; ou sexa os que como consecuencia da realización dos xuízos sumarísimos que foron levados a cabo sufriron a aplicación das condenas a morte dictadas a continuación. Dentro deste capítulo de "fusilados" podemos, a súa vez, distinguir dous grandes grupos; por unha banda está o de aqueles veciños de Vigo e da súa bisbarra que foron xulgados aquí en Vigo ou nas vilas próximas onde se organizaron Xulgados Militares (no sur de Pontevedra foron os de Tui e A Guarda) e que foron traídos para levar a cabo a execución na praza de Vigo; pero por outra banda hai que sinalar a existencia dun continxente de cáseque 50 "asturianos" (eran chamados comunmente así aínda que algúns non o foran en realidade pois procedían de localidades da Meseta Norte –sobre todo da provincia de León– ou do País Vasco, pero por proceder do sector da Fronte de guerra do Norte, a famosa "Fronte de Asturias", recibiron ese xentilicio) na súa maioría detidos trala caída da Fronte Norte cando os barcos nos que tentaban fuxir cara Francia foron detidos e enviados como prisioneiros a Galicia, dun xeito especial cara ó expresamente creado para eles "Campo de Concentración de Camposancos", onde logo foron xulgados e, as máis das veces, condenados a morte, en tal número que para levar a cabo o seu fusilamento houbo que ir repartíndoos por diversos lugares tocándolle a ese importante continxente a "sorte" de seren enviados a Vigo a sufriren a execución.

Aparte deste grupo anterior, que sería o dos asasinados con tódolos parabéns e bendicións legais, hai que contabilizar logo un grupo moito máis grande conformado por cáseque 300 persoas que morreron asasinadas antes de que finalizara a guerra (o número segue crecendo, aínda que a un ritmo moito máis lento, se seguimos contabilizando datos ata finais da década dos 40) tanto como consecuencia dos enfrentamentos armados tidos coas forzas da "Orde Pública", como polo resultado da aplicación da tristemente coñecida "lei de fugas " (non sendo sempre fácil distinguir cando se trata de mortos froito dun verdadeiro enfrentamento coas forzas da orde ou detidos asasinados friamente co fin de acelerar as xestións e evitar dilacións burocráticas na aplicación da "xustiza"); tamén temos que incluir aquí algunha estrañas mortes violentas que non quedaron suficientemente aclaradas pola xustiza polo que non se chegou a saber se foron resultado de simples actos delictivos

ou se tiñan detrás un transfondo político; pero o grupo que, con moito, era numericamente máis abondoso corresponde o daqueles mortos que o foron como resultado das continuas "sacas de presos" efectuadas a nivel privado por falanxistas, gardas cívicos e gardas civís pero contando co consentimento expreso das autoridades que debían de ver nelas unha vía expeditiva, e moito máis rápida, de limpar as cadeas que a aplicación do moito máis lento mecanismo xudicial.

Os "crímes legalizados"

Ó tempo que a maquinaria militar de Vigo preparábase para enviar continxentes de soldados ós frentes de combate que se estaban formando, non por elo foi esquecida a preparación dunha importante maquinaria xudicial coa que a xurisdicción militar pretendía erradicar as raíces daquel cancro que, pretendidamente, era a culpable de ter arruinada á "patria"; para elo debían perseguir con saña a todos aqueles responsables de enfrentarse ou opoñerse ó "Glorioso Movemento Nacional". Pronto vai xurdir unha ben engrasada maquinaria xudicial composta polas autoridades militares e secundada, de xeito moi efectivo, polas forzas policiais –coa Garda Civil en destacado lugar– e por falanxistas, gardas cívicos e as milicias da J.A.P. contando coa estimable e desinteresada axuda dun importante corifeo de delatores e voluntarias testemuñas acusatorias; máquina xudicial que cun ritmo frenético irá creando centos de expedientes sumariais, investigando todo tipo de feitos e responsibilidades, analizando a verosimilitude de cento e unha delacións, poñendo ó tempo a bo recaudo ós culpables do que se catalogou como "Delito de Rebelión Militar"; foi tal o empeño que puxeron que, ós poucos días, ó cárcere de Vigo quedou pequeno e houbo que habilitar novos locais que pronto quedarán, tamén, pequenos; primeiro os sotos do recinto militar do monte do Castro, logo as cadras que o cuartel da Garda Civil tiña na rúa Magallanes, inmediatamente despois o Frontón da rúa María Berdiales e, apenas un par de meses despois, o antiguo lazareto de San Simón ubicado nunha illa ó fondo da Ría.

O triste privilexio de ser o primeiro fusilado polas autoridades militares viguesas correspondeulle a Manuel Vázquez del Río[3], presidente do, resolutivo, sindicato de Tranviarios de Vigo e activo militante comunista; a súa peripecia procesal pode servir como exemplo doutros moitos casos semellantes para comprender o mecanismo de traballo e a celeridade do funcionamento da maquinaria represiva legal posta en pe a toda presa. O referido Manuel

Vázquez fuxiu da súa casa o 20 de xullo trala ocupación das rúas polas forzas do exército, temeroso de que puidera ser perseguido polas novas autoridades militares debido ós seus precedentes políticos; durante pouco máis dunha semana andivo polos montes próximos a Vigo sen saber que facer e a donde ir, compartindo o drama, eses mesmos días, con varios centos de vigueses máis. O 30 de xullo, gracias a unha delación recibida no cuarteliño, unha partida de gardas civís do posto de Redondela capturárono nunha taberna da parroquia de Nespereira (Redondela); levado ata a comandancia de Redondela alí é identificado e logo interrogado con intensidade por varios membros do posto (de tal xeito debeu de ser interrogado que o detido logo, cando estivo diante do xuíz, queixarase de ter sido non só ameazado senón tamén golpeado, pedindo para corroboralo a presencia dun médico para que lle sexan recoñecidas as feridas, parece que sen resultado, pois non consta que ningún médico aparecera pola cadea).

Levado ese mesmo día a Vigo pronto sufre varios interrogatorios seguidos e coa información aportada neles prepáraselle con gran celeridade unha acusación, que foi instruida como causa 224/36; de tal xeito foi rápida a preparación do proceso que o xuízo levarase a cabo o día 3 de agosto (¡ós catro días da detención!) ás tres da tarde na sala de Bandeiras do Cuartel de San Sebastián. Alí faráselle formalmente a acusación de "Rebelión Militar" reflexionando o Fiscal acusador de que tal acusación era lóxica xa que... *como consecuencia de un movimiento militar de carácter nacional iniciado el 17 de julio último por las fuerzas militares de Marruecos y prontamente secundados por la inmensa mayoría de las guarniciones de las plazas españolas se constituyó en Burgos el día 24 de julio una Junta de Defensa Nacional que asumió todos los poderes del Estado y es el único gobierno legítimo de España...*[4] de tal xeito que calquera que se opusera a ese goberno "lexítimo" instaurado polos militares sería, no colmo da perversidade legal, considerado conseguintemente como reo de "rebelión militar". Ademais, no seu caso, contabilizáronse como agravantes o seu cargo sindical e a súa longa traxectoria dentro do movemento obreiro –de xeito especial a súa participación na folga xeral de outubro de 1934 e a participación nunha comisión de obreiros españois que viaxou á URSS coa intención de coñecer de primeira man a realidade no *paraíso do proletariado*–, así como os seus precedentes políticos; do mesmo xeito o feito definitivo que provocará a súa condena é a acusación de que cando foi detido ocupouselle unha arma, polo que foi condenado á pena de morte esa mesma tarde.

O seu caso seguirá a partir dese momento os pasos establecidos nese tipo de situacións e a sentencia será enviada ó Xuíz Auditor de Guerra da VIII Rexión Militar con sede na Coruña, o cal

o seguinte día, 4 de agosto, firma a súa conformidade coa sentencia e a tramita para que se cumpla a sentencia, aínda que esta terá que esperar o visto bó da Xunta de Defensa Nacional con sede en Burgos; visto bó que chega a Vigo o día seguinte, o día 5, de tal xeito que o comandante militar da praza, Felipe Sánchez, firmará esa mesma tarde as ordes necesarias para que sexa levada a cabo a execución ; esta será levada a cabo ás cinco da mañá do día seguinte nunha explanada exterior ós muros das instalacións militares do castelo do Castro[5]. A comunicación da sentencia ó reo faise ás dúas da madrugada cumplimentando tódolos formalismos esixidos ó respecto (presencia de testigos que den fe do acto, sinatura do documento de comunicación de sentencia por parte do reo, presencia dun director espiritual) ingresando inmediatamente en "capela" ata pouco antes das cinco da madrugada, momento no que é levado diante un piquete formado por soldados do 2º Batallón do Rexemento de Infantería que deu cumplimento á sentencia.[6]

Segundo algunhas informacións recollidas nesas datas e publicadas pouco despois no exilio, ese mesmo día en que foi executado Manuel del Río sería fusilado con el outro mozo de Tui[7], dato que non se puido corroborar xa que só consta nos rexistros a execución dun empregado vigués de 24 anos chamado Feliciano Abella Cobián do que o único que sabemos é que foi fusilado, non diante dos muros do castelo do Castro como o anterior, senón que para o seu caso foron escollidas as tapias exteriores do cemiterio de Pereiró, necrópolis na que posteriormente sería enterrado; este cambio de localización á hora de establecer o lugar de execucións volverá a acontecer poucas semanas despois como resultado da aplicación de novas máximas penas.

A pesares de que durante esas semanas seguen instruíndose novos sumarios polas autoridades –a maquinaria xudicial seguía co seu frenetico ritmo– durante varias semanas non haberá novas execucións ata o día 27 de agosto no que, de novo, é aplicada a "xustiza" das autoridades da "Nova Orde"; neste caso dirixida contra persoeiros moi sinalados da vida política viguesa e importantes membros da Fronte Popular ós que se lle acusaba, básicamente, da súa intervención activa contra ó Alzamento e dun posible reparto de armas –non demostrado– entre as masas para que tentasen frenar nas rúas ós militares. Estes condenados eran o alcalde de Vigo Emilio Martínez Garrido, o alcalde de Lavadores José Antela Conde e varios concelleiros, deputados e cargos políticos de relevo como Ramón González Brunet, os irmáns Demetrio e Antonino Bilbatúa Zubeldia, Enrique Heraclio Botana Pérez, Apolinar Torres López e Ubaldo Gil Santóstegui; xunto con eles foi enviado ó paredón un delincuente habitual chamado Manuel Rey

Gómez que fora o principal testigo da acusación contra os anteriores. Non sabemos as motivacións concretas pero o caso é que foron levados a fusilar ata as tapias do cemiterio de Pereiró (a reiteración que podemos observar de empregar este tipo de muros como lugares de morte tal vez veña motivado pola posterior facilidade de enterrar ós mortos, pois moitas veces muros de cemiterios foron empregados como paredóns) para o cal foron trasladados dende ó cárcere de Vigo nun dos ómnibus que facían o servicio de viaxeiros de San Miguel de Oia ata Vigo, sendo encargado do pelotón de execución o propio capitán Carreró[8]. Tras establecer un cinturón de seguridade para evitar o achegamento de curiosos, as catro e media da madrugada dese día 27 de agosto eran masacrados contra os muros do cemiterio que lles serviría, máis tarde, de lugar de descanso.

Coa excepción dunha nova execución levada a cabo un mes despois, a do albanel de Lavadores de 21 anos Antonio Díaz Suárez, que volveu a ser executado de novo diante dos muros de Pereiró[9], a partires dese momento, e salvo contadas e chamativas excepcións, voltará a aproveitarse o recinto militar do castelo de O Castro para que sexan levadas a cabo. De xeito periódico e insistente novos xuízos rematarán coa aplicación de novas condenas a morte, novos "rebeldes" volverán a ser despertados de madrugada para escoitar a confirmación da pena e saber que só lles quedan de vida tres horas de agonía (o que se chamaba estar en "capela"). Dentro dese rosario de execucións que viron como escenario os muros do Castro compre sinalar algunhas datas especialmente significadas pola gran cantidade de presos executados; así na mañanciña do día 21 de outubro do ano 36 caen abatidos diante do piquete 5 veciños de Mondariz responsables de *terse armado coa intención de frenar as tropas e mesmo de participar na defensa das barricadas de Lavadores*[10]. O día 10 de decembro dese mesmo ano son doce os fusilados, neste caso todos veciños de Lavadores e acusados, mesmamente, de ter feito fronte ás tropas nas barricadas do seu concello. O día 24 de febreiro do ano seguinte cae de novo un importante grupo, neste caso son 10 e proceden todos eles da zona de Salvaterra do Miño; pero con todo aínda non se tiña chegado ás maiores carnicerías, a principal vaise producir o día 2 de xullo do ano 38, nesa data teranse que empregar varios piquetes e ademais en varias tandas xa que o número de reos que van a sufrir o fusilamento no Castro é de ¡31! Pertencentes, todos eles, ó grupo de "asturianos" que en xuízos masivos, levados a cabo nos meses anteriores no campo de Concentración de Camposancos, son condenados a morte e logo repartidos entre as guarnicións de A Guarda, Pontevedra e Vigo para poder levar a cabo os fusilamentos

masivos. Sinalar, por último, que o 16 de marzo do ano 39, cando a guerra estaba a piques de rematar, unha nova tanda de "asturianos", neste caso 10, caerán fusilados nos muros do recinto do Castro.

A pesares de que a maioría das instruccións xudiciais en Vigo eran levadas pola Xurisdicción do Exército a Xurisdicción da Mariña de Guerra tamén levou a cabo algunhas, as máis delas asociadas a mariñeiros que tentaron pasar cos seus barcos cara ó bando republicano polo que a acusación contra eles soía ser a de "sedición". Dos diversos xuízos levados a cabo pola Comandancia de Mariña houbo varios que remataron tamén coa condena á morte e para levalas a cabo, debido a que a xurisición era diferente, a pesares de que estaban presos nos mesmos calabozos do Frontón ou do cárcere da rúa do Príncipe, o lugar de execución fixado tamén sería distinto; nestos casos será empregado como patíbulo un muro ubicado dentro da Base Naval de Ríos situada na parroquia de Teis. O día 26 de novembro do ano 36 foron executados os tres primeiros, Santiago Mediero Flores, Francisco Sánchez López y Andrés Coira Lorenzo, e posteriormente no mesmo lugar Secundino González Querol –5 de xaneiro do 37–, Alfonso Santos Cabaleiro –23 de abril do 37– e Ignacio Iglesias del Río –21 de abril do ano 38–.

Aparte dos lugares citados anteriormente que parecen indicar unha institucionalización por parte das autoridades do Castro e da Base Naval de Ríos como lugares de execución –salvo, claro está, o caso xa mencionado das dúas veces nas que foi empregado como tal o cemiterio de Pereiró– hai un par de ocasións nos que se buscaron diferentes emplazamentos e aínda que foron casos excepcionais penso que, polas connotacións que tiñan, debemos sinalar.

Temos que sinalar que, sen coñecer os motivos exactos de tal decisión salvo que fora unha especie de ameaza velada ó resto dos reclusos, o día 5 de agosto de 1938 un grupo de 7 "asturianos" será levado ata o penal situado na illa de San Simón e alí foron executados, sendo –tamén de xeito moi excepcional– enterrados no pequeno cemiterio existente no illote e que non era empregado dende que a illa fora utilizada como lazareto facía xa bastantes anos. Aparte deste tamén coñecemos dous casos máis nos que foi cambiado o lugar de execución e penso que se fixo cunha intención claramente "pedagóxica", de aviso ós veciños dos lugares onde foron levadas a cabo.

O primeiro caso é o de Manuel Prado Pereira veciño de Panxón, onde era máis coñecido polo alcume de "Lolito", que nos primeiros momentos do golpe de Estado foi un dos principias organizadores da defensa na zona do Val Miñor sendo visto portando armas e explosivos para repartilos entre os veciños; tralo triunfo do exército

andivo fuxido polos montes formando unha pequena partida coa que levou a cabo algunhas actuacións a base de roubos a mano armada e acoso ós delatores ; detido a finais do ano 1938 será condenado a morte sendo levado o día 5 de marzo de 1939 ata unha cuneta da parroquia de Priegue, moi próxima ó seu domicilio, e alí mesmo fusilado.

O último caso que quero sinalar, porque tal vez sexa aínda máis sintomático dos motivos que levaron ás autoridades a cambiar o lugar de execución, obrígame a trascender os límites cronolóxicos que me tiña imposto no traballo e avanzar ata momentos posteriores ó final da guerra. Dende mediados do ano 1939 e ó longo do ano 1940 polos montes veciños a Vigo andaba unha partida de "fuxidos" especialmente activa ("bandoleiros" no argot da Garda Civil) que levaron a cabo unha gran cantidade de asaltos pola zona de Lavadores, Mos, Porriño, Redondela e dalgún outro concello próximo. A Garda Civil andaba na súa percura sen obter resultados (o que provocará varias recriminacións por parte dos seus superiores) gracias, sobre todo, ó apoio que tiñan entre as xentes de Lavadores de onde eran todos eles. Por fin e por mor dunha delación de varios membros do grupo, que confíaban recibir con elo a amnistía, caeu o grupo principal da banda; José Almeida Otero, Antonio Rodríguez Posada, Enrique Cameselle García, Luciano Janeiro Valente, Jesús Lago Petrillas e Manuel Rodríguez Fernández son condenados a morte establecéndose que, debido a que todos eran de Lavadores e era alí onde atopaban axuda e lugar de ocultamento, a execución fora levada diante dos muros do cemiterio de Puxeiros (Lavadores) nas primeiras horas da madrugada do 25 de outubro do ano 1940. Como dato curioso debemos destacar que xusto no momento en que o oficial retirábase de xunto do grupo de reos que encadeados esperaban a descarga, un deles –Manuel Rodríguez Fernández– conseguiu fuxir do grupo, sen chegar a ser alcanzado pola forza que saíu na súa persecución; a pesar do incidente a execución do resto dos presos foi levada a cabo como xa tiño sido prevista. Como colofón a esta historia dicir que ano e medio despois o devandito Manuel Rodríguez Fernández foi localizado en Portugal pola policía lusa e entregado ás autoridades españolas; tras ser certificada a súa identidade foi levado diante o piquete de execución o 8 de abril de 1942; evidentemente o lugar onde foi levada esta foi ¡diante dos muros do cemiterio de Puxeiros!, pero esta vez, ben aprestada a forza, no puido haber fuxida.

Do mesmo xeito que en Vigo foron fusilados veciños doutras localidades, algunhas delas moi lonxanas, como xa temos visto co caso dos "asturianos", sabemos que tamén algúns vigueses

sufriron a morte noutros lugares; por exemplo está o caso de Tui onde constatamos que tres veciños de Vigo foron executados ó estar involucrados nos combates pola defensa desa vila tralo Alzamento; así o día 16 de setembro de 1936 nas inmediacións do paseo da "Corredera", moi próximo ó casco urbano, cae fusilado José Fernández Novoa; o 5 de novembro é Antonio Pérez López e o 24 de abril do ano seguinte será executada nese mesmo lugar Evangelina Jaso González.

Aínda que nos primeiros momentos algúns dos presos foran encadeados no propio castelo do Castro, moi preto dos muros onde ía ser abatido algún deles, pronto o Castro deixou de funcionar como lugar de detención e a maioría dos detidos esperarán o xuízo nas instalación do cárcere da rúa do Príncipe ou do penal situado na illa de San Simón e, moitas menos veces, nas do Frontón da rúa María Berdiales –que como xa dixemos fora habilitada como lugar de detención–. Por regla xeral e a tenor do que sabemos cando no xuízo eran condenados a morte quedaban ingresados, na espera do cumplimento da sentencia, sempre nos centros penitenciarios oficiais; ou sexa no cárcere de Vigo ou no Penal de San Simón, que tiñan establecidas máis medidas de seguridade, á espera da confirmación da condena e a posterior chamada a entrar en " capela"; esto plantexaba un importante problema loxístico como era ter que trasladar ó detido cara ó lugar de execución só un par de horas antes de que esta fora levada a cabo. A espera dese fatídico momento era un castigo máis que lle caía ós condenados, pois non tiñan a certeza de cando podería acontecer e cada noite calquera ruido de portas que se abrían, chirrido de neumáticos que anunciaba a parada de coches nas portas do penal ou o ruído de cerroxos das celas abríndose, nesas longas horas de terrorífico insomnio, parecían presaxiar que chegara xa o momento; e este refinado e cruel castigo podía extenderse por semanas ata que por fin a apertura da porta da súa cela por varios funcionarios confirmara que o tempo xa tiña chegado.

Para os funcionarios do cárcere de Vigo o traslado dos presos nesta a súa última viaxe era moito máis doada de levar a cabo xa que a escasa distancia que separaba este lugar dos muros da execución cumpría simplemente dun vehículo que rápidamente cubría a distancia nuns poucos minutos a traveso das solitarias rúas na madrugada viguesa; aínda que non por elo se evitaban algúns momentos de grande dramatismo como cando se conta que :

unha madrugada sacaron da cadea para o fusilar un pobre home empregado do xulgado de Vigo... custodiado por uns gardas, foi transladado en automóvil ao lugar da execución. Era pleno verán e a fúnebre

comitiva atravesou onde os vendedores estaban a colocar os seus postos, o reo, co desespero da morte, gritáballes:

—¡Lévanme a matar! ¡Lévanme a matar!

Pasou o auto onde ía o condenado xunto ao posto dunha vella vendedora do mercado, que ao oír os berros de angustia e desepero do infortunado ergueu as mans cara o ceo, e respondeu, conmovida:

—¡Adeus, meu fillo! ¡Adeus! ¡Lévante a matar!¡Que Deus vaia contigo!

Mentres se cumpría a sentencia, os falanxistas arrancaban a vella do seu miserable comercio e metíana na cadea onde había de purgar o crime de volver a cara a un condenado á morte e dicirlle adeus...[11]

En cambio o protocolo de actuación complicábase cando os presos que ían ser executados estaban confinados na illa de San Simón, xa que tanto a distancia como os varios medios de transporte necesarios complicaban o labor :

—*... llegaba esta en una lancha motora... al poco tiempo dejaba de trepidar aquel. Era que la embarcación había atracado en el muelle... y en seguida un ruido de pisadas en la escalera... vuelta de llaves, descorrer de cerrojos... el Director... leía una lista que llevaba en la mano... iban saliendo los infelices... Al poco, volvía a oirse el ruido de la motora alejándose para llevar su humana carga a Vigo, en cuya fortaleza del Castro... hacían su entrada en la Eternidad...*[12]

Os crimes extraxudiciais

Prácticamente dende o mesmo momento no que se proclamou o bando de guerra nas rúas de Vigo procedeuse, por parte dos "garantes da nova orde" establecida pola forza, á detención de todos aqueles que se tiñan oposto ó "golpe de estado", así como tamén á de todos aqueles cuxa traxectoria política podería ser un perigo para o novo Estado, comezando unha auténtica caza do home. Grupos de gardas civís, gardas de asalto, soldados e, sobre todo, voluntarios da Falanxe e das J.A.P. pescudaron por casas, campos e montes na percura dos tan odiados "rojos". Foi tal o empeño con que realizaron a misión encomendada que pronto habería tantos detidos que non había onde metelos; o cárcere de Vigo situada na rúa do Príncipe víuse desbordada ós poucos días polo que houbo que habilitar, con premura, novos lugares de reclusión e detención : o cuartel do Castro, o Frontón da rúa María Berdiales, as cabalerizas do cuartel da Garda Civil na rúa Magallanes, o colexio de Monxas do Seixo e o antigo lazareto da illa de San Simón, etc. (polo que parece o cárcere de Vigo e, a partir de finais de

ano, a illa de San Simón eran os únicos espacios penitenciarios oficiais, os outros non pasaban de ser simples centros de internamento temporal mentras que non rematasen as pescudas indagatorias comezadas que podían rematar, tras semanas de incertidume, na liberdade sen máis explicacións do detido; en que fora incoado contra el un expedente xudicial se eran observada a presencia de indicios delictivos –tralo que, normalmente, era enviado ó cárcere de Vigo ou á illa de San Simón–; ou, senón, que o detido rematase unha madrugada tirado nunha cuneta solitaria cun tiro no cranio).

Todo o espacio habilitado era pouco cando non só había que ingresar neles ós detidos dentro dos límites do concello Vigo senón que tamén comezaron a chegar moitos procedentes das vilas e aldeas próximas, xa que alí non existían lugares adecuados onde retelos e, ademais, era preciso centralizar os lugares de investigación para o cal estabanse creando en Vigo varios Xulgados Extraordinarios de Instrucción Militar.

O número de detidos que encheron as cadeas de Vigo nesas primeiras semanas non se pode precisar polo miúdo, xa que a moitos deles nin tan siquera lle foron debidamente cubertas as fichas de ingreso no cárcere, ó ser a súa detención completamente irregular xa que a miudo eran levados, simplemente, debido á meros rumores ou a delacións anónimas e, polo tanto, eran mantidos en cautividade mentras eses extremos non foran suficientemente aclarados. Por eso o dato que nos pode aproximar á magnitude do número de persoas detidas sería o aportado polos "Expedientes Carcelarios" referidos a contabilidade dos ingresos levados a cabo no cárcere de Vigo –e nas instalacións habilitadas dependentes dela– ; segundo estes datos consta que dende o 19 de xullo ata o fin dese mesmo ano foron expedidas en torno a 640 fichas de ingreso (aínda que temos que lamentar que moitas delas téñense perdido si podemos obter este cálculo aproximado pola numeración que levan, e así sabemos que englobaría as fichas cos números de expediente comprendidos entre o 382, que corresponde ó 19 de xullo, e o 1.025 que é o último que se conserva de dito ano[13]) que corresponderían básicamente ós presos ingresados por motivacións políticos xa que cáseque non consta ningún expediente correspondente a delincuentes comúns. Aparte deste dato que nos aproxima algo á magnitude da represión policial posuimos outros datos que abondan en que o número tivo que ser sensiblemente maior que o insinuado polos "Expedientes Carcelarios"; así sabemos que ademais dos presos que xa enchían o cárcere de Vigo, os patios do cuartel do Castro e algúns dos cuartelillos da Garda Civil o 30 de xullo son enviados máis de cincocentos presos ó local recén habilitado como espacio de internamiento no Frontón da rúa

María Berdiales e que, ademais, a finais do mes de outubro xa tiñan sido enviados máis de 1.000 detidos ata o penal da illa de San Simón, procendentes moitos deles das instalacións carcelarias cheas ata rebosar de Vigo.[14]

Moitos deses detidos non chegarían a saber nunca cal era o motivo exacto da súa detención, xa que nunca se lles chegou a facer unha acusación formal polo que foron sacados da cadea e morreron masacrados sen que chegase a constar cal era o motivo da súa culpa. Cando nos atopamos diante destes casos soemos empregar o termo de "paseados" para diferencialos daqueles outros que foron asasinados tras a celebración dun xuízo sumarísimo, grupo que denominamos *fusilados*, pero a diferencia establecida entre ambos grupos débese máis a criterios clasificatorios dos que estudiamos o tema da represión que algo que realmente precisaran distinguir neses momentos tanto as víctimas como os verdugos. Se para os reprimidos a diferencia de matiz non era importante –ó fin e o cabo pouca diferencia había en que se fixera unha farsa de xuízo sen ningún tipo de garantía procesal e que tras uns cantos días de espera ser colocado diante dun piquete de homes uniformados, ou que a morte lle acontecera na soidade dunha cuneta onde se recibiría un tiro nos miolos da man dun falanxista ou dun garda civil– por eso moitas veces cando entrevistamos a familiares de asasinados empregan indistintamente o termo de "fusilados" para referirse ós seus parentes mortos nas cunetas.

Pero nin tan siquera quedaba clara a diferencia entre os asasinatos "legais" e os "paseos" para as propias autoridades represoras, xa que ás veces podemos comprobar documentalmente un certo confusionismo cando falaban deles, mixturando ambas clasificacións; vaian como exemplo un par de referencias neste sentido. Durante as indagacións levadas a cabo para solventar as responsabilidades nas que puidera ter incurrido durante os primeiros momentos do golpe de Estado o secretario do concello de Lavadores, José Jiménez de Blas, este nun dos interrogatorios a que foi sometido, cando estaba contando de cómo actuou o día do golpe de estado fai unha referencia dun dos concelleiros chamado Eugenio González Alonso, e para referirse a el menciona textualmente que xa fora "fusilado", cando realmente sabemos que este concelleiro, carpinteiro de profesión na súa vida privada, aparecera morto na mañanciña do día 15 de xaneiro do ano 1937 coa caluga desfeita por un par de disparos diante das tapias do cemiterio de Bembrive na compaña dos corpos dun par de compañeiros. Outro claro exemplo deste confusionismo oficial no emprego de ambas fórmulas clasificatorias pode atoparse na ficha policial que se lle abre a unha veciña de Moledo chamada Flora Rodríguez Comesaña,

unha vez que foi detida acusada de axudar a uns "fuxidos" ós que lle dera cobixo; na ficha desta muller faise referencia a que un fillo seu fora "fusilado" xa ó principio do Movemento, acusado da "súa importante significación marxista" así como por ter participado na defensa das barricadas de Lavadores diante do exército[15] (realmente esta afirmación está trabucada xa que nela se está a referir ó xoven de 18 anos, Fernando Rodríguez Comesaña, que fora asasinado o día 19 de marzo de 1937 sendo abandonado o seu cadáver diante das portas do cemiterio de Pereiró).

Os primeiros asasinatos "paralegais" dos que temos constancia certa aconteceron o 31 de xullo de 1936, aínda que neste caso non podemos falar exactamente de "paseados", xa que a súa morte ten asociadas unhas circunstancias moi peculiares; neses primeiros momentos, como xa diximos, o cuartel do Castro tamén funcionaba como lugar de detención para un certo número de persoas que estaban sendo investigadas; entre estas estaban dous xóvenes veciños de A Bagunda-Lavadores, Jacinto Gallego Martínez e Severino Fontán Quintela, detidos varios días antes sorprendidos por unha patrulla militar tralo toque de queda cando ían na percura do pai do primeiro que non puidera chegar a tempo á a súa casa. Cando tras unha serie de xestións comezadas pola familia destes entre algúns militares coñecidos, parecía que os rapaces ían ser liberados coincidiu que esa tarde estaba de garda no depósito do cuartel un fillo do industrial de Lavadores asasinado varios días antes nas barricadas de Lavadores, Estanislao Núñez; enterado aquel de que os dous xóvenes eran de Lavadores, e cheo como estaba de rabexa contra os posibles asasinos do seu pai, coa súa propia pistola estampoulle sendos tiros na cabeza, deixándoos alí no patio do recinto militar mortos xuntos nun postreiro abrazo (curiosamente, e tal vez para acalar a descarada toma de vinganza deste individuo, no Rexistro Civil do Xulgado de Vigo foron inscritas as súas mortes como acontecidas no Hospital Militar, onde logo foron levados, a causa dunha "fractura de cránio por arma de lume").

Aparte deste primeiro caso de asasinato pronto empezamos a comprobar como nunha cadencia continuada van sendo sacados das celas diferentes detidos e asasinados en lugares do máis diverso. O primeiro detido sacado dos recintos militares para o seu asasinato será un tal Manuel Costas Fernández sendo escollido para levar a cabo a execución a veciña praia de San Sebastián; curiosamente pronto se diversificará ó lugar escollido como destiño para levar a cabo as execucións e comezamos así a observar como se suceden, de xeito alternante, lugares que non quedaban moi lonxe dos centros de retención (o cemiterio de Pereiró, o cemi-

terio de Puxeiros, as praias de Alcabre e Samil, etc) con outros que estaban xa fora dos límites do concello de Vigo ou de Lavadores (este era un antigo concello veciño que hoxe forma xa parte do concello de Vigo), algúns deles aínda relativamente próximos (o Alto da Encarnación, a curva das Concheiras, o cemiterio de Mos), namentras que noutros casos a distancia a recorrer era excepcionalmente longa polo que o traxecto para chegar a eles sería moi longo e excepcionalmente dramático para as víctimas, xa que o seu calvario iríase alongando por moito tempo ata dar co descampado desexado (o Pinal do Foxo, as Gándaras de Budiño, o Monte Candeira, a Ponte dos Ríos).

Queda no recordo dos que conseguiron sobrevivir á cadea que ás veces eran sacados os presos nun número importante e que eran logo metidos en varios camións que ían facendo paradas cada certo tempo, nas que aproveitaban para liquidar a uns cantos, para seguir inmediatamente a viaxe ata a seguinte parada na que se voltaba a facer o mesmo : *...unha madrugada sacaron das cadeas até corenta e dous homes, que meteron en dous camións e desde a saída de Vigo até Porriño foron deixando a estrada ciscada de cadáveres. Cada quilómetro, máis ou menos, facían un alto, asasinaban dous ou tres e seguían...*[16]; a pesares de que aseveracións como a anterior non se puideron constatar documentalmente o que si parece certo e que nalgunha ocasión, saíron varias expedicións de presos nunha mesma noite –non podéndose precisar se nun ou en varios vehículos– e que posteriormente houbo varios lugares onde apareceron mortos. Fixándonos nestes lugares e a súa relación coa rede viaria do momento podemos supoñer que si, que realmente houbo algunha destas caravanas que ían deixando cadáveres tras de sí; como exemplo desto podemos indicar a "saca" levada a cabo na madrugada do día 14 de setembro de 1936 na que ademais dos mortos –non está claro polas datas que constan nas inhumación no Rexistro do Cemiterio se sete ou nove– deixados preto do cemiterio de Puxeiros, os dous localizados preto do cemiterio de Ponteareas e o outro abandonado xunto a cuneta da estrada que vai de Redondela ata Reboreda (que debido a súa dispersión ó mellor non tiñan relación aparente entre sí) apareceron catro mortos máis en sitios moi próximos entre si en estradas veciñas; así aparece un corpo no lugar de Pasaxe en Vincios, uns cantos quilómetros máis adiante apareceu outro, no lugar de Carballal sito na parroquia de Camos, e, por último, dous máis que foron asasinados no alto de Monteferro en Panxón; se nos fixamos ben nos lugares onde apareceron comprobaremos que con estes últimos asasinados en Monteferro pecharíase un circuito que saíndo de Vigo pola estrada de Gondomar e logo pola que se dirixe ata Sabarís e Panxón voltaría logo cara Vigo pola estrada de Baiona.

Non sabemos cales serían as motivacións que levarían ós verdugos a decidirse por un sitio ou por outro á hora de escoller o lugar onde levar a cabo os asasinatos, pero se nos fixamos con atención podemos comprobar como os lugares escollidos eran sempre sitios deshabitados, bastante alonxados dos lugares onde houbera vivendas; semellando con esto querer evitar a presencia de testigos molestos que, máis que confirmar o que alí se facía –que era de dominio público–, puideran dar detalles de como e, sobre todo, quenes eran os que facían as matanzas (de feito algún grupo de "fuxidos" da zona tomou venganza cando estiveron a tiro dalgún dos responsables deses asasinatos). Estes deberían de ser os únicos motivos da busca de paraxes solitarios e non o medo a que os denunciasen por estes feitos, xa que eles sabíanse inmunes diante as autoridades civís; tal debeu ser así que, coidamos, que nalgunhas ocasións serían eles mesmos os que informarían ás autoridades do lugar onde foron abandonados os mortos, o cal pódese deducir diante a rapidez existente entre o momento no que se levou a cabo a execución e a presencia dos funcionarios do xulgado que levantaron o atestado.

Outra das ventaxas que presentaban os lugares escollidos para asasinar era que en tódolos casos tratábase de sitios bastante ben comunicados asociados ás principais estradas comarcais da área de Vigo. Na estrada "Vigo-Ourense" está o cemiterio de Puxeiros ou o Pinal do Foxo ; xusto na estrada "Vigo –Pontevedra" están o "Alto da Encarnación", a "curva das Concheiras" e Soutoxusto do Viso; na de "Vigo– Tui" por Porriño está o lugar de "As Gándaras de Budiño"; na de "Vigo –Tui" por Gondomar está o cemiterio de Pereiró, o lugar de Paxase, a "Ponte dos Ríos" ou o "Monte Candeira"; na de "Redondela– Porriño" o cemiterio de Mos, etc; polo que tiñan un bo e rápido acceso tanto para levar os presos como para que posteriormente foran recollidos os corpos. Ademais esa vinculación con vías de comunicación importantes e ben transitadas facía que estes lugares cumpliran mellor coa misión "pedagóxica" de ensinar ós que pasaban polos arredores cales eran os riscos de ter manifestado ideoloxías contrarios ás oficiais, por eso cantas máis persoas viran ós mortos nas cunetas dos camiños (hai referencias de que, ás veces, os que transitaban en vehículos tiñan que parar e baixar deles para retirar os cadáveres que impedían o paso) máis se trasmitiría a mensaxe entre os seus coñecidos difundindo o terror conseguinte.

Como vimos, nalgúns casos, escóllese como lugar de execución as proximidades dun cemiterio (Pereiró, Puxeiros, Mos) o cal seguramente faise para facilitar o labor posterior do enterro dos mortos e, ademais, dalle un toque máis macabro a cerimonia de

acabar cos detidos. A sona sinistra que acadaban este tipo de lugares era tal que cando os presos nos traslados ordinarios pasaban preto deles tiñan unha prevención especial, non carente evidentemente de fundamento, que lles facía pensar no peor. Así lembran, por exemplo, uns que foran detidos en Nigrán como foi o seu traslado en varios camións cara ó penal da illa de San Simón

...era que ó chegar ó cemiterio de Teis, recordo que o noso coche parou... O cemiterio de Teis está a esquerda, e parou xustamente cando empeza o muro, porque ten un muro... unha entrada central. Alí parou o noso coche porque os outros xa pararan antes e algúns viñan detrás. Claro... chegar aí... que che pare, que che pare na porta dun cemiterio, aquela noite, a aquelas horas, naquela época, sabendo o que xa sabías...[17]

Por regla xeral sabemos que cando estes executores atopaban un lugar que lles parecía axeitado este soía ser de novo empregado en ocasións posteriores (por exemplo o "Pinal do Foxo" foi empregado ata en cinco ocasións diferentes) o cal tamén pode confirmar a coincidencia dos mesmos asasinos nas diversas ocasións ou que as bondades dos lugares escollidos foran comunicadas entre eles. Estes lugares de execución ás veces tiñan que abandonarse e atopar outros por cuestións completamente alleas ós seus intereses; valga como exemplo desto o caso dun lugar onde se tiñan levado a cabo varias execucións durante o verán e principios do outono do ano 36 e aínda que non estaba moi ben comunicado, pois había que desviarse da estrada principal, tiña a vantaxe de ser un lugar completamente solitario; era este lugar o alto de Monteferro; aconteceu que cando uns falanxistas levaban a asasinar en dito lugar a un grupo composto por 5 persoas (sabemos que unha era a veciña de A Bagunda-Lavadores Carmen Gomez Domínguez e os outros catro, aínda que non foron recoñecidos por ningúen diante o xuíz de Nigrán, parece que eran veciños do mesmo lugar de Lavadores), estando xa a baixar do automóvil ós detidos presentáronselle alí un soldados de garda que formaban parte da guarnición que tiña sido recentemente establecida para habilitar no lugar unha batería de artillería de costa, impedíndolles que levaran a cabo o asasinato e mandándolles dar a volta; en vista do fracaso os falanxistas desandaron o andado e tiveron que escoller outro lugar; por fin se decidiron e decidiron a matalos xunto a veciña praia do Monte Lourido[18] onde o día seguinte apareceron os seus corpos.

Xa anoitecido era o momento máis temido polos detidos –e mesmo polos que aínda non o foran e estaban na súa casa temerosos de que por ter sido considerados "roxos" puidesen ter problemas

coas autoridades, xa que, aínda que non era moi habitual na bisbarra de Vigo, algunha vez tíñanse cobrado as "pezas" nas propias casas, de onde eran sacados co pretexto de que os levaban para ser interrogados, cando na realidade ían directamente á morte– ; era ese o momento no que aparecían no cárcere os encargados de levar a cabo os "paseos". Moitas veces eran estes homes da Falanxe ou das J.A.P. (aínda se recordan hoxe en día os nomes dalgúns destes verdugos como : Guillermo Oya, Joaquín Yánez, Enrique Rodríguez Cantero, Julio Vieira, un tal Erasmo de Bouzas, Feliciano Maceiras, Fernando Mariño e outros moitos) pero tampouco era estraño que o papel de executor correspondéralle a membros da Garda Civil que coa súa presencia oficializaban formalmente as matanzas, sendo un dos gardas que en diversas ocasións participou como executor o comandante accidental da Benemérita en Vigo o tenente Francisco González Rodríguez, máis coñecido polo seu alcume de "O Rabioso".

Segundo lembran moitas testimuñas este garda civil soía chegar ó Frontón (de onde eran "sacados" principalmente os detidos para o seu "paseo") provisto dunha lista na man; mandando poñer diante del a tódolos presos, comezaba lenta e ceremoniosamente a lectura dos nomes que nela aparecían, recreándose de cando en vez nos rostros demudados dos que tiñan escoitado o seu nome. Ás veces, facendo gala dun brutal sentido do humor, achegábase xunto a algún dos presos e unha vez escoitado o nome do infeliz púñase a ler a lista de novo con moita parsimonia para comprobar se estaba incluido nela; logo, esbozando un cínico sorriso, decíalle a este que era un home con sorte que nesa ocasión non aparecía o seu nome pero que non se confiara que logo aparecería.

Os recordos dos presos falan de que os verdugos sempre viñan cunha lista confeccionada na man, logo, non escollían alí ós candidatos ó paredón ó chou. Según parece nestas listas simplemente mencionábase o nome de diversas persoas que tiñan que ser entregadas polos responsables do presidio á forza armada que portaba a mesma. Normalmente estas listas eran documentos oficiais lexítimos e sempre ían asinados por responsables políticos ou militares con autoridade recoñecida; sabemos que nos primeiros meses da guerra, e gracias ás listas de presos que conseguimos atopar, ían asinadas persoalmente polo Inspector Provincial de Institucións Penitenciarias Fernando Lago Búa. A pesar de que a orde indicaba só o traslado de presos a outras instalacións penitenciarias todo o mundo sabía o que se quería dicir estar incluido nunha delas. Era unha auténtica sentencia de morte extraxudicial.

Un asunto non plenamente aclarado é o de cómo se seleccionaban ós presos que tiñan que ser executados en cada ocasión; non están clarificados cales eran os criterios establecidos que provo-

caban aparecer nuha delas; ¿era esto froito do azar ó seren escollidos ó chou, ou tal vez a súa inclusión era froito dunha concienzuda selección na que o perfil dos presos era profundamente investigada para calibrar a súa posible peligrosidade ou, pola contra, era simplemente consecuencia da vinganza persoal dun falanxista que quería axustar as contas de antigos conflictos agora que se sentía arropado pola razón da forza?. E ademais, ¿quen era o encargado de confeccionar as listas arrogándose o dereito sobre a vida ou a morte dos seus semellantes?. Son estas preguntas de difícil resposta aínda que, neste sentido, podemos dicir que se teñen sinalado testemuñas que falaban da existencia dunha especie de "tribunais paralelos" que actuaban de xeito alleo ó dos da Xustiza Militar; e que eran eles os que se encargaban de confeccionar as listas daquelas persoas que se decidira, pola súa presunta peligrosidade social, eliminar de xeito rápido, debido a que a falta de probas inculpatorias dificultaba a presentación dunha acusación firme que permitira, nun xuízo, a súa condena a morte. Mesmo hai quen lembra que un destes tribunais estaría funcionando no antigo colexio dos Xesuítas de Teis, e que estaría composto por varios civís, contando coa colaboración inestimable dun xesuita que lles axudaba na recolleita de informes así como nas deliberacións que estes levaban a cabo. Este rumor da posible existencia deses "tribunais paralelos" parece ser confirmada tamén por algúns documentos incluidos nunha causa xudicial levada a cabo contra uns funcionarios de prisións, nos que se fala da existencia destes tribunais que eran os que decidían quen debería aparecer nestas listas para ser incluido nas "sacas" nocturnas de presos, sinalándose que nese organismo o funcionario detido, Fernando Lago Búa, exInspector Provincial de Prisións, debía de ter un papel importante[19].

As listas confeccionadas por estes individuos non serían con todo listas pechadas, xa que mediante pagos poderíase, nalgúns casos, deixar de estar incluidos nelas (polo menos esa era a técnica indicada polo citado funcionario como método para conseguir cartos) e ademais, nas poucas listas de saca de presos que conservamos, atopamos como posteriormente a súa confección aparecen nomes tachados ou aparecen inscritos á marxe e a man algúns novos sen que poidamos coñecer as motivacións deses cambios de última hora[20]. Se analizamos en detalle as circuntancias personais dos "paseados" pode constatarse de que non tiñan que ser escollidos ó chou, xa que moitas veces había entre eles algúns tipos de relacións; unhas veces as relacións documentadas podían ser de tipo familiar (como exemplo indicar que o día 5 de octubro de 1936 entre os oito cadáveres que apareceron ciscados preto de "As Gándaras de Budiño" había tres que eran da mesma familia: dous

primos, José Otero Montes e Emilio Rodríguez Portela, e o terceiro o seu tío Angel Soto Rodríguez; ou que o 17 de marzo do ano 1937 a forza armada, trala localización no barrio da Bouciña dunha cova onde se ocultaban "fuxidos" decidiu eliminar a cáseque toda a familia que vivía nas dúas casas de onde saía o túnel, así deixará tirados á porta do cemiterio de Puxeiros os corpos de Alfredo Fernández Gonzáles, Alfonso Fernández Posada, Matilde González Rodríguez, Manuela Posada González e Paulino Posada González, todos eles familia, rematando a fazaña o día nove do mes seguinte matando a un dos que lle faltaba: Paulino Posada González). Outras veces a relación entre os mortos era de proximidade xeográfica, non sendo extraño que moitas veces foran nun mesmo lote de "paseados" xente da veciñanza (aínda que non sempre é doado averigualo por non constar detalles precisos do domicilio podemos poñer exemplos como que, dos 15 mortos aparecidos na praia de Alcabre o día de noiteboa do ano 1936 deles 9 eran da zona de Lavadores; ou que os tres que apareceron no cemiterio de Bembrive o 15 de xaneiro do 37 eran de Pardavila-Lavadores). Pero, sobre todo, o que si se pode observar con claridade é a relación profesional entre moitos deles. A relación existente entre grupos de "paseados" e a súa actividade profesional xa foi constatada no seu momento polos contemporáneos ós sucesos, entendendo que esa relación non era casual, senón resultado dunha refinada técnica para castigar así a aqueles colectivos que foran máis críticos e combativos e que non tiveran aceptado ó golpe de Estado : *...os asasinatos de traballadores foron decretados friamente para escarmentar ós que aínda andaban reacios a someterse e así deuse o caso de que nos primeiros tempos os asasinatos dos presos que se sacaban de madrugada das cadeas "para dar un paseo", se fixeron ordenada e sistemáticamente por gremios. Matábanos de cinco en cinco e cada grupo estaba formado por individuos dun mesmo oficio..."*[21]. Esta afirmación a podemos comprobar fácilmente en moitos casos; valga como por exemplo o de que dos mortos aparecidos en varios lugares o día 23 de decembro do 36 9 eran tranviarios, e o día seguinte eran 8 tranviarios máis os aparecidos mortos, pasando de varias ducias se contamos ós dos tranviarios aparecidos mortos tanto nos meses previos como nos seguintes; algo parecido pode observarse na concentración de albaneis, mariñeiros ou obreiros do metal en sacas semellantes.

Trala lectura e identificación dos presos designados estos eran encadeados e introducidos nun vehículo (ou varios xa que nalgunhas ocasións o número era tan grande que debían de empregarse varios, acompañados sempre das forzas de protección necesarias) e levados cara ós lugares que xa tiñan sido escollidos previa-

mente polos seus executores. Unhas veces o recorrido que lles esperaba era curto; outras moito máis longo, parecendo cáseque eterno xa que os minutos alongábanse extraordinariamente no maxín dos condenados; cando chegaban ó lugar axeitado eran obrigados a baixar e á luz dos faros dos vehículos eran asasinados; unhas veces postos en ringleira íaselles dando un tiro na caluga, outras en cambio postos contra un muro eran acribillados polos impactos das armas conxuntas dos asasinos imitando semellar un piquete de execución.

A oscuridade e o feito de buscar sitios alonxados para cometeren tales tropelías foi ás veces utilizado polos detidos para tentar a fuxida; un dos casos dos que temos referencia foi o dun panadeiro de Cabral chamado Higinio, que foi levado xunto con outros a seren asasinado nunha cuneta próxima ó cemiterio de Puxeiros; cando o ían sacar do automóbil deu un empellón ós que o axudaban a baixar, botando a correr e perdéndose na escuridade da noite conseguindo salvarse dese xeito, pero non lles aconteceu o mesmo ós presos os que con el ían no vehículo. Tamén se coñece o caso dun mozo de Lavadores o que colleron preto da casa da súa nai, decidindo os captores asasinalo alí mesmo diante da súa nai; el, con choros e súplicas, conseguiu convencelos para que o levaran algo máis lonxe, nun lugar apartado xunto un maizal; cando chegaron alí e mandaronlle dar uns pasos adiante, o rapaz tirouse contra o millo e botou a correr entre as canas, conseguindo fuxir entre as tebras da noite, mentras escoitaba as súas costas os disparos dos falanxistas.[22]

Os asasinos tampouco se tomaban grandes coidados á hora de matar, xa que moitas veces nen tan siquera esperaban a comprobar se necesitaba ou non o condenado o tiro de gracia. Son varias as testemuñas recollidas que afondan nesta terrible cuestión; de feito contábanme fai pouco os empregados do cemiterio de Pereiró que o antigo enterrador, contemporáneo cos feitos narrados, lembraba ós seus compañeiros máis novos, como cando tiña que levar na carretilla ós corpos deixados xunto as portas do cemiterio algúns aínda mantiñan os últimos hálitos de vida. Tamén un caso dramático foi o acontecido co veciño de Cabral Amante Caride Rodríguez, que foi sacado da cadea e levado a dar o "paseo" na noite do día 14 de setembro de 1936 xunto co seu veciño Cándido Veiga Rodrígez e un de Mondaríz chamado Emilio Táboas; a súa viaxe rematou no alto de Monteferro en Panxón e acribillado a tiros ; a impericia, a presa ou o que fora fixo que deixaran a Amante Caride aínda con vida, e cando estes marcharon foi arrastrándose monte abaixo, nunha lenta agonía, ata ser recollido por uns veciños da zona que o levaron ata o pequeno hospital de Baiona, onde morreu ás poucas horas.

Da "saca" de presos de cada noite os seus familiares non se enteraban ata o día seguinte; por regla xeral a nova que recibían cando estes lle viñan a traer a comida e algo de roupa era que durante a noite fora "trasladado" a outro centro penitenciario, ou mesmo que non se preocuparan que xa fora liberado no día anterior. Esta nova arrepiante por temida facía esperar sempre o peor; ás veces algún carceleiro "compasivo" evitáballes ós familiares o trance de ter que andar na percura de novas sobre onde tiñan aparecido mortos –para certificar se era ou non o seu deudo–, mandándolles directamente ó lugar onde tiña sido asasinado. Enterados do lugar onde foran abandonados só lles quedaba ir a recoñecelos, chorar xunto a eles e..., pouco máis, xa que os cadáveres, unha vez recoñecidos e levantada a acta pola autoridade xudicial do lugar, eran levados ás zonas públicas dos cemiterios máis próximos sendo enterrados, as veces, todos xuntos nunha mesma fosa; as máis das veces sen a protección dunha caixa de madeira porque a presa non permitira conseguilas a tempo.

Aínda que na maior parte das veces a dor pola morte destes homes e mulleres era unha dor que tiña que quedar oculta na alma dos seus familiares e non trascendía moito cara afora, houbo un caso que presentou caracteres completamente distintos e que cobrou tan grande sona a nivel local que obrigou ás autoridades militares a tomar cartas no asunto. O feito aconteceu na madrugada do día 15 de setembro de 1936; esta vez o grupo de asasinos non foi en busca de anónimos xornaleiros, tranviarios ou labradores; esta vez o grupo, de falanxistas parece ser, levaba unha petición de entrega para recoller a sete destacadas personalidades da vida política e social da cidade, xente coñecida que tiña, incluso, nalgúns casos boa relación con persoas que encarnaban o novo réxime (ían na lista os famosos médicos Adolfo Morgade Pazos e Eugenio Arbones Castellanzuelo, o oficial de Telégrafos Luis Bibatúa Zubeldía, o propietario Segundo Echegaray García, o líder sindical Marcial Araujo Conde, o industrial Inocencio Taboada e o oficial de prisións Abrahan Muñoz Arconada). O pretexto aducido para ser sacados, pouco máis tarde da medianoite, era o seu traslado a Tui para que foran alí levadas unhas dilixencias xudiciais. Os corpos dos infortunados apareceron tirados na cuneta da estrada Vigo-Madrid moi cerca do cemiterio de Puxeiros, sendo descubertos polos campesinos que, de mañanciña, acudían por ela ós mercados de Vigo. Coñecida a nova pronto se extendeu por todo Vigo porque a notoriedade dos mortos era moita. Os rumores que circularon sobre este asasinato múltiple a sangue fría foron tales e impactaron tanto na sociedade viguesa que a autoridade militar tivo que tomar cartas no asunto e, para gardar as apariencias e

tentar acalar os comentarios, sacou unha nota dirixida ó xuíz instructor que xa comezara a iniciar proceso formal contra algúns dos agora asasinados; esa nota non ten perda pola fraudulenta secuenciación dos feitos que narra:

En virtud de la orden del señor inspector provincial de prisiones por el que suscribe y fuerza de esta cabecera fueron retirados de la cárcel de esta ciudad para ser trasladados a la de Tuy los presos Luis Bilbatúa, Adolfo Morgade (procesados), Segundo Echegaray, Abraham Muñoz, Inocencio Taboada, Eugenio Arbones y Marcial Araujo Conde y al llegar al término de Lavadores, sobre las veinticuatro horas de ayer, desde una curva de la carretera se nos hizo una descarga de la cual los dos detenidos mencionados al principio resultaron muertos; seguidamente dispuse que la fuerza se preparase a la defensiva por temer intentasen libertar a los conducidos, generalizándose nutrido tiroteo entre la fuerza y los agresores pero al ver que los restantes conducidos emprendían veloz carrera, sin precisar si lo hacían por miedo a ser muertos, como los primeros, o lo hacían para evadirse aprovechando las circunstancias de que la fuerza repelía la agresión, se les dio el alto y como lejos de obedecer continuaba aquella, ordené hicieran fuego sobre ellos siendo muertos los cinco restantes por la misma. Se dio una batida por aquellos alrededores sin resultado favorable pues los agresores, sin duda, creyeron se habían fugado los detenidos y desaparecieron amparados en la oscuridad de la noche. De lo ocurrido se dio cuenta a las autoridades de esta ciudad que se presentaron en el lugar del suceso procediendo a levantar los cadáveres de los conducidos que trasladaron al depósito del cementerio de esta ciudad. De la agresión solamente hubo que lamentar que el garda segundo José Sáenz Castro que fue alcanzado de rasponazo por un proyectil que le interesó la piel del antebrazo, cara exterior derecho, según manifestó el médico que le asistió, sin importancia ninguna. Lo que tengo el honor de participar a V.S. para su conocimiento...[23]

Durante os tres anos de guerra, de xeito cada vez máis espaciado, continuaron tinguíndose de sangue as cunetas das estradas e as tapias dos cemiterios, nin tan siquera o fin da guerra eliminou definitivamente a sangría; o único que provocou o remate da guerra foi que a carta branca que tiñan as bandas de falanxista fora revocada e que, a partir de agora, as únicas execucións serán as que leven a cabo as autoridades militares que aínda seguirán practicando, por algúns anos máis, esta dinámica criminal. A todos estes mortos haberá que sumar, aínda, os provocados pola resistencia nos montes dos últimos defensores da República, os "fuxidos" ou "maquis" que en loita desigual seguiron enfrentándose ás forzas policiais e dando golpes de man de carácter político e social. Moitos

deles morrerán en enfrentamento coas forzas da "orde pública", cando non tras rendirse e deixar as armas, ó serlle aplicada a "lei de fugas"; outros caerán prisioneiros e serán logo fusilados, mentras que dos poucos que restaban apenas se soubo nada máis pois a súa pegada irase perdéndo entre as brétemas do tempo.

Fai anos, de rapaz, indo co meu pai ó cemiterio de Puxeiros, este mostroume nun esquinal da vella tapia exterior da fachada principal unha serie de desconchóns apenas cubertos dunha delgada capa de musgo e informoume que eran o resultado dos impactos das balas que probaban que alí mesmo foran asasinados, facía xa moitos anos, uns homes acusados do horrible crime de seren "roxos" (concepto que daquela para min non tiña un significado moi claro). Fai un par de anos voltei a ese cemiterio a consultar os Rexistros de Inhumacións que alí se conservan e acheguеime ó mesmo lugar do muro e xa non conseguín atopar ninguna pegada daqueles impactos; unha boa capa de encalado e varias mans de pintura ocre dadas con esmero por una cuadrilla de operarios municipais, coa intención de adecentar o exterior do recinto funerario, ocultaron para sempre os vestixios das matanzas que alí foron levadas. Do mesmo xeito que apenas queda hoxe en día recordo de todos aqueles mortos, dos seus nomes, dos seus rostros, así tamén os lugares onde se levou a cabo o seu dramático pasamento vanse esvaéndo da memoria colectiva ó tempo que o crecemento continuado das cidades vai transformando, cando non facendo desaparecer baixo capas de formigón e alquitrán, a súa orixinal fisonomía. Este cambio chega a ser tan radical que cando contemplamos hoxe en día eses lugares (Alto da Encarnación, Praia de Alcabre, curva das Concheiras,...) enos imposible imaxinar que naqueles tempos eses lugares foron mudas testemuñas dos increíbles actos de barbarie e crueldade levados a cabo por unha pandilla de energúmenos –que se dicían defensores da Patria e das virtudes cristianas– e de que foron o lugar onde se perderon para sempre, non só as vidas daqueles pobres infelices, senón tamén as esperanzas e ilusións de varias xeneracións de galegos que viron como se enterraba neste país por catro décadas o espíritu da liberdade.

Notas

[1]Noticia da que apenas se publicitou correndo pronto tal tupido velo que curiosamente varias semanas despois dos sucesos, en concreto o día 2 de agosto, aparece unha necrolóxica dun destes mortos, Manuel Gómez Verdes, no que se ocultan completamente as circunstancias da súa morte xa que dí así: "Días pasados, la fatalidad trajo el luto a un respetado hogar vigués, arrebatando al cariño de los suyos imprevistamente a nuestro querido convecino, el ayudante de Caja del Banco de

España en nuestra ciudad, don Manuel Gómez Verdes...” en *El Pueblo Gallego* do día 2 de agosto de 1936, páxina 2.

[2]Prada Rodríguez, J. “As modalidades represivas no primeiro franquismo. Unha proposta de sistematización” Revista MINIUS VI páxs. 104-108, Sada 1997.

[3]Ese é o nome, e non Manuel del Río Pampín que é como se recolle nalgunha obra por exemplo en Fernández Santander, C. “Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)” Edicións do Castro Tomo I, páxina 325, Sada 2000.

[4]Sentencia da Causa 224/36 contra Manuel del Río Vázquez , Arquivo Intermedio Militar do Noroeste, Cuartel do Baluarte, Ferrol.

[5]Algún autor sitúa de xeito erróneo o lugar de execución do castelo de San Sebastián dándolle, ademais, a data do 5 de agosto, por exemplo Giráldez Lomba, A. e Vázquez López, M. J. “Apuntes para unha historia oral da Guerra Civil en Vigo: despois do alzamento” Revista de Estudios Provinciais PONTEVEDRA nº 8-9 páxina 102, Pontevedra 1992.

[6]Segundo informaba nunha escueta noticia periodística ó día seguinte no que se informaba do cumplimento da sentencia “...se negó a recibir los auxilios de la Religión y fue acompañado por los familiares y defensor alférez de complemento José Queizán Hermida. En sus últimos momentos, la familia pidió y obtuvo la entrega del cadáver...” en *El Pueblo Gallego* do día 7 de agosto de 1936 na súa páxina 2.

[7]Anónimo “O que fixeron en Galicia; 1936” en O FARDEL DA MEMORIA Edición de Carlos Pereira Martínez páxina 30, Vigo 1998.

[8]Anónimo “Op. Cit.” páxina 33.

[9]Abad Gallego, X. C. “Morir en Lavadores (1936-1939)” en GLAUCOPIS nº 6 Boletín do Instituto de Estudios Vigueses páxina 131, Vigo 2000.

[10]Causa nº 761/36 contra varios veciños de Mondariz polo delito de “Rebelión Militar”, Arquivo Intermedio Militar do Noroeste, Cuartel do Baluarte, Ferrol.

[11]Anónimo “Op. Cit.” páxina 68.

[12]San José, D. “De cárcere en cárcere” Edicións do Castro páxinas 194 e seguintes, Sada 1988.

[13]En expedientes correspondentes ó ano 1936 conservados no Arquivo Documental do Centro Penitenciario de A Lama.

[14]Abad Gallego, X. C. “La isla de los muertos (Vida y muerte en la colonia penitenciaria de San Simón)” GALUCOPIS nº 7 Boletín del Instituto de Estudios Vigueses páxinas 141-142, Vigo 2001.

[15]Ficha incluida na Causa 81/39 instruida contra Luis Quintas Figueroa e outros polos delitos de Asalto a mano armada e Rebelión Militar, Arquivo Intermedio da Rexión Militar do Noroeste, Cuartel do Baluarte - Ferrol.

[16]Anónimo “Op. Cit” páxina 39.

[17]Caeiro, A., González, J.A e Saá. C.L. de "Aillados; a memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón" Editorial Ir Indo páxina 16, Vigo 1995.

[18]González, J. A. "Nigrán; Memoria dunha guerra 1936-1939" Edicións do Cumio páxina 56, Vigo 1998.

[19]Causa 1219/36 insturida contra Fernando Lago Bua , Francisco Bustelo Bustelo e Cándido Barros Martínez, Arquivo Intermedio da Rexión Militar do Noroeste, Cuartel do Baluarte - Ferrol.

[20]Abad Gallego, X. C. "Una semblanza del teniente de la Guardia Civil Francisco González "El Rabioso" GLAUCOPIS nº 8 Boletín del Instituto de Estudios Vigueses páxina 71 e seguintes, Vigo 2002.

[21]Anónimo "Op. cit." páxina 38.

[22]Anónimo "Op. cit." páxina 41.

[23]Informe dirixido ó xuíz instructor Luis de Vicente Sasiaín polo Comandante militar de Vigo Felipe Sánchez en Abad Gallego, X. C. "Una semblanza del Teniente de la Guardia Civil Francisco González "El Rabioso", páxina 64, Vigo 2002.

Entre brandas e inverneiras: refuxiados e guerra civil na fronteira entre Ourense e Portugal

Ángel Rodríguez Gallardo
IES Pazo de Mercé

Contexto xeográfico

O noso interés céntrase no movemento de refuxiados españois nunha zona depauperada e illada configurada polas serras portuguesas fronteirizas de Laboreiro, Peneda e Soajo, que pertenecen aos concellos de Melgaço e Arcos de Valdevez, e que rodean a vila de Castro Laboreiro. O hábitat rural desta *freguesía*, sumamente disperso, con numerosas pequenas aldeas, algunhas delas establecidas nas vertentes altas das serras e outras nos vales, permitiu o desenvolvemento dun sistema económico agro-pastoril arraizado ao longo dos séculos, sustentado no pastoreo das *vezeiras* de ovellas, cabras e vacas. Durante o inverno, o gando, tras enviarse ós prados das aldeas, regresaba todos os días ás cortes; na primavera e no verán, permanecían na serra, obrigando ós vezeiros a subir e baixar os montes para asegurar o pastoreo e a defensa dos animais contra os lobos. Estes movementos de gando articularán as formas de poboamento e ocupación do chan, determinando a configuración das *inverneiras* e *brandas* nas freguesías de Castro Laboreiro, Gavieira e Soajo[1].

Na freguesía de Castro Laboreiro existen 44 poboacións, entre *inverneiras, brandas* e *lugares fixos*. As *brandas*[2] sitúanse nas altas planicies do norte, entre 1100 e 1150 metros de altitude: son serras altas de monte baixo onde se cultiva o centeo e a pataca en leiras con valados de pedras soltas. Ao longo do curso medio dos ríos atópanse os *lugares fixos*[3], con abundancia de pastos, entre os 950 e os 1050 metros. Máis abaixo, nos vales, en zonas moi irregulares, entre 700 e 800 metros, están as *inverneiras*[4], pequenos terreos con plantacións de leguminosas e millo, abundantes en pastos, carballos e álamos.

Aínda hoxe existen brandas e inverneiras e as migracións entre ambos poboados séguense producindo. Ata hai pouco estes movementos envolvían a todas as familias e a totalidade dos seus membros, pero na actualidade as *inverneiras* progresivamente veñen perdendo a súa importancia en favor das *brandas* como

lugares de permanencia máis duradeira. Estes desprazamentos de poboación foron aproveitados polos fuxidos da guerra civil para librarense da presión policial.

A guerra civil e Portugal

Como resposta inmediata á sublevación dos militares asentados en territorio galego en apoio do xeneral Franco o 20 de xullo de 1936, moitos galegos decidiron fuxir a Portugal, pero coa vista posta en regresar ós seus lugares de orixe, pois consideraban que a situación era puramente transitoria. Entre eles, eran maioritarios os militantes antifascistas que escapaban da onda represiva que Tuñón de Lara denominara *fascismo agrario*; outros, sen embargo, desertaron directamente do recrutamento militar obrigatorio que os empurraba a un enfrentamento bélico que rexeitaban. As comarcas portuguesas limítrofes con Ourense acolleron a boa parte destes refuxiados galegos, e, de feito, de Ourense desertaría un número significativo de soldados do frente franquista[5]. A meirande parte destes fuxidos son homes aillados, que, aínda que trataron de facer vida normal, víronse a maioría na obriga de manterse na clandestinidade ante a presión das forzas represivas, representadas polas forzas policiais, a Falanxe e o baixo clero. Ó non producirse unha saída racional e pacífica, o número de fuxidos foi cuantitativamente moi alto.

Emilio Grandío (2002: 1000-1002) establece catro vías de fuxida para os cidadáns galegos progresistas:

- Agacharse nos seus domicilios ou noutros espacios, desprazándose de casa en casa ata conseguir unha saída segura.
- Esconderse no monte.
- Integrarse na Falanxe ou no exército, nalgúns casos reconvertíndose en perseguidores ou delatores.
- Fuxir por vía terrestre cara a Asturias-Lugo ou Portugal, ou por vía marítima a Portugal ou Francia.

Moitos galegos, especialmente do sur, encontraron en Portugal a salvación ao terror desatado en Galicia, pero tamén un paso intermedio para marchar ó exilio –tras pasar por Porto ou Lisboa– cara ós países latinoamericanos. A situación no país veciño, sen embargo, non era fácil para os que fuxían da violencia franquista, xa que, dado o agrado co que o réxime político salazarista contemplou o derrumbamento da República española, aqueles víronse sometidos a presión da policía portuguesa que empezou axiña a entregar os refuxiados españois ás autoridades franquistas. Por iso,

Portugal funcionou na práctica como o mellor aliado dos sublevados, mesmo entre xullo e decembro de 1936, malia que a indefinición do conflicto non permitía aventurar vaticinios respecto do seu futuro[6]. En realidade, Salazar e a dereita radical que integraba o grupo de apoio á dictadura fomentaron un clima de histeria antivermella que agravou a represión interna contra a oposición, e contra o PCP en particular, reflectida no aumento do número de encarceramentos por motivos políticos no periodo da guerra civil española[7].

Á crispación xeral do Estado Novo portugués que acompaña ó inicio da guerra civil española, únese a lamentable situación económica que vive a poboación no norte de Portugal e o efecto sociopolítico que provocara o triunfo nas eleccións españolas de febreiro de 1936 da Fronte Popular. Así, gobernador civil de Viana do Castelo, en oficio urxente, diríxese ó comandante da Policia de Segurança Publica desa cidade para que realice as investigacións pertinentes sobre os rumores que corren sobre algúns socios do Viana Taurino-Club que "permitiram entregar-se a ruidosas manifestações de carácter politico a proposito das recentes eleições espanholas, por ventura com desagrado se não com reprovação doutros dignos socios que frequentam a mesma agremiação estrictamente dentro dos fins para que foi creada"[8]. Un par de meses despois, o gobernador do mesmo distrito envía un oficio ó Ministro do Interior con información sobre a revolta de "alguns millares de pessoas" ocurrida en certos pobos de algunhas freguesías de Valença do Minho[9], contra a fiscalización que ía exercer un axente da Comissão de Viticultura do Ministerio da Agricultura[10]. A revolta foi reprimida "com decisão e energia", xa que as autoridades portuguesas eran conscientes de que o momento e as circunstancias así o esixían, ao comprobar os comentarios que se facían "nas regiões fronteiriças espanholas" de "que êstes tumultos eram o início duma convulsão social no nosso paiz".

A preocupación das autoridades do Ministerio do Interior portugués[11] coa situación bélica española, a través dos gobernadores civís, fai que se poña en marcha un máis férreo control do sistema de rexistro de estranxeiros destinando un libro exclusivamente para esa fin, baixo un modelo establecido[12], xa que "a gravidade do momento actual, que exige de tôdas las autoridades do país uma íntima colaboração, principalmente no que respeita à vigilância a exercer sobre todos os elementos estrangeiros que procuren aceitar-se em Portugal e aquí desenvolver a sua acção perturbadora". Trátase con esta acción de cambiar unha inercia que preocupaba ás autoridades e que permitía que os estranxeiros circulasen libremente polo país, sen manter un control sobre os

residentes nos concellos, para o cal as Brigadas Móviles da PVDE foron percorrendo concello a concello, desde decembro de 1936, para asegurarse de que se ía executando este rexistro ou para orientar sobre o seu correcto cumprimento. Pero por abril de 1937 as autoridades constatan, a traves dos informes desas Brigadas, "o estado caótico en que na maioria das Administrações se encontrou êste serviço, e em muitos, os registos são feitos en folhas soltas de papel almaço, em ordem de espécie alguma. Uma perfeita confusão, e o que é mais grave, uma ausencia completa de fiscalização". Esa preocupación responde á coxuntura internacional e interna, "em que se torna necessário conjugar todos os esforços para evitar o alastramento do mal que, infelismente, conturba os nossos vizinhos e nos é dado presenciar bem de parte". A composición dese libro, que en última instancia quedaba baixo a responsabilidade dos regedores das freguesías, buscaba, pois, realizar unha vixilancia efectiva sobre tódolos estranxeiros, residentes ou de paso en cada concello, co control detallado das autorizacións de residencia concedidas[13].

Sen embargo, malia as dificultades que o avance da guerra civil en España supoñía para a entrada de refuxiados políticos en Portugal, en ocasións esa norma ten que saltarse por razóns de máis peso. Así, o 24 de agosto de 1936, un mes despois de iniciada a guerra –aínda que tamén ocurrirá en anos posteriores–, un oficio do administrador do concello de Arcos de Valdevez solicita ó gobernador de Viana de Castelo que deixen entrar polos postos fronteirizos de Lindoso e Monção ás mulleres que van á romería de Nosa Senhora da Peneda que se celebra o 8 de setembro, porque tenden a deixar esmolas que permiten manter o asilo de inválidos de Nosa Senhora da Peneda[14].

En realidade, xa antes de iniciada a guerra civil española, complicárase o paso polos postos fronteirizos, facendo que os administradores dos concellos se dirixiran ó Ministro do Interior na procura de solucións axeitadas á situación, xa que resultaba necesario aquel tránsito continuo entre galegos e portugueses que posuían propiedades indistintamente en ámbolos dous países, e que precisaban proceder ó arranxo das mesmas ou apacentar o gando en calquera dos dous territorios. Así mesmo, ó igual que moitos portugueses traballaban os campos españois como xornaleiros durante gran parte do ano, o que lles permitía mellorar as súas economías, moitos españois acudían ás feiras portuguesas co que supoñía de vantaxe para o comercio portugués. Ademais, as peixeiras portuguesas acudían ás lonxas galegas a comprar o peixe, que constituía un dos alimentos básicos das mesas dos fogares destes territorios fronteirizos. As dificultades para pasar a fronteira

colocaba a toda esta xente en circunstancias lamentables, xa que non podían continuar realizando a súa actividade profesional e, por tanto, non podían manter os seus habituais modos de vida. Tanto é así, que o *administrador do concelho* de Melgaço expón ó Ministro do Interior que resulta "de extrema necessidade, manter-se o intercambio entre os povos raianos", polo que parece natural que lle sexa permitida "a passagem de fronteira a todas as pessoas que, sendo conhecidas, se verifique não advir dessa permissão qualquer inconveniente"[15]. Sen embargo, finalizada a guerra civil española, o gobernador civil de Viana do Castelo aínda amosa a súa preocupación ante a presencia de vendedores ambulantes españois, polo que regulará a concesión de licencias que atenúe a súa concorrencia[16].

Se ben en boa parte da fronteira galego-portuguesa tíñanse establecido postos de vixilancia internacional da PVDE, tratando de evitar que os grupos de oposición ó Goberno de Salazar tiveran puntos de apoio, este corpo de seguridade tivo que loitar cunha evidente escaseza de medios humanos, á que sumaban frecuentes carencias loxísticas, técnicas e operativas. A estes problemas engadíanse deficiencias nos métodos de traballo, que non se basaban moitas veces en investigacións sistematicamente conducidas, senón máis ben na "intuición" de cada xefe de posto. Así, no referido á entrada ós estranxeiros no país, as sospeitas basadas en impresións persoais podían motivar tanto a retirada do pasaporte como o acceso o seu lugar de destino. Nos postos fronteirizos, as listas que se realizaban sobre persoas ou automóbiles posuían un carácter penal e nunca político, centradas en estranxeiros expulsados, pero en ningún caso controlaban aqueles que, esgrimindo ou aparentando unha boa posición social –turistas, comerciantes, industriais, homes de negocios ou outros profesionais–, podían sortear "legalmente" o control da policía de fronteira. Sen embargo, a guerra civil española provocou a mellora do Servicio de Fiscalización e Fronteiras, conseguindo evitar a infiltración dun gran número de estranxeiros que buscaban refuxio político en Portugal.

De feito, a PVDE, a través do Servicio de Catastro de Estranxeiros, recibirá a facultade de emitir pasaportes e visados. A súa sección Internacional fiscalizará as entradas e saídas nas fronteiras, e controlará os movimentos e as actividades dos estranxeiros, tanto en tránsito como autorizados a residir en territorio portugués, especialmente a partir da guerra civil española, procurando conseguir datos sobre o paradoiro e as ocupacións dos estranxeiros residentes, cun obxectivo claramente político.

A rede rexional e local da PVDE era débil e incapaz de proporcionar un control amplo e permanente en todo o territorio nacional.

En 1933, no norte, na área de comunicación con Galicia, os postos eran numerosos e próximos entre sí –frente a outras áreas máis extensas–, asegurando unha boa cobertura[17], o que se relacionaría, polo menos en parte, coa preocupación de evitar que os *revirallistas portugueses* tiveran naquela rexión española un punto de apoio para os seus movimentos. No período entre 1936 e 1939 a rede policial aumentou, pero, en xeral, a rede rexional e local era diminuta e manifestamente insuficiente para una vixilancia continua en todo o país, así como o número de axentes efectivos era igualmente limitado. De feito, había núcleos cun só axente, caso do subpostos de Peso, ou doutros postos como Monção. O posto de Valença, un dos máis importantes, estaba garnecido con catro axentes. Pero as constantes alusións á falta de persoal e as permanentes recomendacións ós axentes para que esperen no anterior posto á chegada do seu sustituto permiten supoñer que o número medio de axentes destacados para cada posto foi sempre bastante baixo, non excedendo en ningún caso de tres o catro axentes.

Ás carencias de persoal sumábanselles as limitacións técnicas e loxísticas: escaseaban vehículos motorizados, e as comunicacións entre os postos, e destes coa sede, eran lentas e irregulares. Moitos dos postos non contaban con algo tan indispensable como un teléfono, excepción feita de Lisboa e Porto, provocando que a área de instalación da PVDE estivera ó descuberto. Esta situación explica que resultase necesaria a intervención doutras forzas policiais, a colaboración das autoridades administrativas e do concello ou da propia Legión Portuguesa. Ademais, a policía política desenvolveu desde sempre unha rede informal amplia de informadores[18].

Esta desigual e irregular situación da PVDE converteuse nunha posibilidade de salvación que utilizaron os republicanos fuxidos e os prófugos para evitar o control na fronteira, tanto das policías portuguesas como das autoridades golpistas. Se ben foron moitas as persoas que se esconderon en territorio portugués e moitas delas foron entregadas os primeiros días pola PVDE á Policía Internacional Española, ocasionando un efecto disuasor daqueles que pretendían salvarse da represión levantada en territorio español desde os primeiros días de agosto do 36, tamén é certo que o desigual control fronteirizo permitiu as saídas clandestinas por diversos ocos, empuxados a meirande parte dos fuxidos pola desesperación, o cansancio e a barbarie.

Fuxidos sen sona

A dinámica represiva que se espallou por toda Galicia unha vez extendida a sublevación militar chegou tamén ó país veciño.

As normas das autoridades españolas enviadas aos postos da PVDE e da Alfândega recordaban que:

"a fin de evitar que las fuerzas encargadas del servicio de fronteras sean distraidas de su cometido, por individuos que simulan huidas, para entretenerlas en su persecución, protegiendo así la realización de algún hecho por otros elementos, se recordará por los Delegados de Frontera a los Jefes de los diferentes destacamentos que cuando la Frontera sea pasada por alguna persona, si emprendiese la huida se le dará la voz de "Alto", efectuando si insistiese en no obedecer tal voz, algún disparo para que sirva de aviso y si hecho al aire, continuasen la persona o personas sin detenerse, harán fuego sobre ellas. Se procurará dar publicidad a cuanto antecede, sobre todo en los pueblos fronterizos y se pondrá a ser posible en conocimiento de las Autoridades Portuguesas de la Frontera para que sirva de advertencia y llegue a conocimiento de los súbditos de la vecina nación"[19].

A garda fiscal portuguesa estableceu o control dos postos de sección fronteirizos para informar e neutralizar a "calquer fuxido da Revolución espanhola"[20]. As ordes pretendían deter os fuxidos, desarmalos, e poñelos en poder da PVDE, que se encargaría do seu confinamento. De feito, a PVDE, de acordo co Ministerio de Negocios Estrangeiros portugués, cursou circulares dirixidas ó gobernador civil de Viana do Castelo para que se sometera a un estricto control ós españois legalmente documentados antes de xullo de 1936, a través da regularización dos seus visados, e que puxera en coñecemento da policía os españois que entrasen en Portugal despois desa data e que estivesen afectados pola lei militar. Ademais, as circulares sinalaban que non se concedese residencia ós españois indocumentados declarados refuxiados políticos, informando o máis rapidamente posible da súa identidade, data e lugar de entrada en Portugal[21]. En última instancia, eran os administradores dos concellos portugueses e os regedores das freguesías os encargados do cumprimento desta normativa[22], evitando que os españois conseguiran estatuto de refuxiado e obrigándoos a unha continua situación de clandestinidade[23].

Ó ser detidos en chan portugués e carecer de documentación, os refuxiados españois eran expulsados do país e entregados á policía española que optaba por encarcelalos, eliminalos ou envialos ó frente de guerra. Xunto os indocumentados, moitos españois atravesaron a fronteira con documentación, pero a maioría fíxoo con nomes falsos[24].

Aínda que nos boletíns da PVDE se recollen as entregas de españois por parte das autoridades portuguesas, moitas entregas non se rexistraron porque se realizaron de xeito oficioso[25]. As

primeiras entregas por parte da policía portuguesa producíronse rapidamente. O 25 de xullo de 1936, o comandante do posto de Castro Laboreiro entrega, xa no posto da PVDE de San Gregorio, a cinco refuxiados españois. A policía portuguesa utilizou a táctica de conceder rápidas autorizacións de permanencia no país a algúns refuxiados coa exclusiva intención de controlar as súas relacións e conviccións políticas, para, unha vez confirmada a súa militancia antifranquista, finalmente capturalos. Sen embargo, moitos refuxiados xamais serían apresados, pois lograron embarcar nos portos portugueses camiño de América ou Europa[26], ou mesmo chegaron a instalarse en territorio portugués con carácter estable.

Irene Rodríguez García[27], coñecida como *A Pasionaria* de Ferreiros, no concello de Entrimo, presa no cárcere de Bande máis de catorce meses, lembra que a represión foi terrible, porque na súa aldea había moita xente de esquerdas. O feito de que o seu irmán José desertase e fuxira a Portugal contribuiu o seu encarceramento, por ser o familiar "máis caracterizado", segundo as disposicións establecidas polos militares golpistas. O alcalde republicano de Entrimo, Ubaldo González González, viuse na obriga de escapar á aldea portuguesa do Ribeiro, o mesmo que o seu irmán Ricardo, dependente de comercio en Bande, se ben este chegou a ser detido durante os primeiros días do alzamento. Posto en liberdade, un falanxista de Valoiro ofreceuse a levalo a Entrimo, posiblemente para acabar coa súa vida durante o camiño, aínda que aquel, avisado, eludiu a proposición. A policía portuguesa solicitou información sobre a actuación política dos dous irmáns, coñecidos por "Os Cabriteiros", ás autoridades do concello de Entrimo[28], xa que sabían que se introduciran clandestinamente en Portugal coa intención de chegar a Lisboa e saír posteriormente a Francia.

Algúns dos fuxidos do concello de Entrimo e dos concellos limítrofes foron asesinados preto da Pena de Anamán[29], un morro de pedra cargado de lendas e historia que xa utilizaran como tobeira ó principio do século XIX unha cuadrilla de bandoleiros capitaneada por Tomás das Congostras. Tras pasar a aldea montañosa de Queguas está A Chan, unha chaira por riba dos mil metros de altitude transitada daquela por pastores galegos e portugueses. Nese enclave atópase un dolmen coñecido como a "Casa da Moura". Tanto na Chan como na Casa da Moura os falanxistas mantiveron postos de control para evitar o paso de españois ás *brandas* portuguesas.

A mobilidade era fundamental para que os refuxios resultasen seguros, pero os refuxiados mantiñan lugares de referencia onde regresar se se alixeiraba a presión policial. No *lugar fixo* de Ribeiro de Cima concentráronse boa parte dos fuxidos do concello ourensán

de Entrimo. Alí foron a parar, como xa dixemos, o exalcalde Ubaldo González González e o seu irmán, Ricardo, quen fora xuíz municipal, xa que o comercio e a fonda que rexentaron procuroulles unha extensa rede de coñecidos no país veciño –moitos dos cales lles debían cartos, dado o réxime de fiado que tiñan establecido–, especialmente na capital da freguesía, Castro Laboreiro, pero tamén nas *inverneiras* (Ameijoeira, Cainheiras,), nalgúns *lugares fixos* (Ribeiro de Cima e de Baixo, Portelinha) ou nas *brandas* (Seara, Portos) veciñas. Aproveitando a migración anual dos habitantes das *brandas* e inverneiras, os fuxidos favorecéronse dos lugares que quedaban abandonados tras esa marcha. Outros preferiron como refuxio as illadas aldeas galegas do mesmo concello de Entrimo, como José González, concelleiro na última corporación republicana, que se agachou en varios lugares da aldea de Queguas.

A raia, a fronteira galego-portuguesa, terminou por desaparecer baixo da vixilancia exercida polas diversas policías. Nese territorio operaron desde o principio da guerra grupos de fuxidos e contrabandistas, axudados polos habitantes das *brandas* e *inverneiras*, que estableceron unha rede de axuda humanitaria, pero tamén económica, cos refuxiados, ós que lles recibían correspondencia, protexíannos do acoso policial ou, como tamén ocurriu, denunciábanos, colaborando así coa represión das forzas policiais.

Os refuxiados españois, conscientes de que a súa permanencia podía alongarse máis do esperable, optaron en territorio portugués por cinco formas de vida:

- A vida campesiña, misturándose coa poboación local para a que realizaban traballos agrícolas ou gandeiros
- O contrabando
- Agacharse no monte cerca dos núcleos de poboación, trasladándose continuamente e compaxinando algúns dos dous modos de vida anteriores
- Agacharse mesturados coa poboación local, sobrevivindo gracias ós cartos propios
- Participar da rede de confidentes ou informadores das diferentes policías portuguesas

No primeiro semestre de guerra civil, o número de refuxiados españois na freguesía de Castro Laboreiro, se ben de xeito non estable, acadou, según testemuñas orais, unha cifra entre catrocentas ou oitocentas persoas, cifra que debeu convertirse nunha preocupación, especialmente para os falanxistas da zona que coñecían á perfección o territorio e mantiñan vínculos de intimidade con moitas das familias dos refuxiados, preocupación que final-

mente acabarían asumindo as forzas represivas portuguesas, moi especialmente a PVDE.

Axiña comenzarían as batidas polas serras, polas brandas e polas inverneiras, na procura dos refuxiados. Os comandantes dos postos, especialmente o de Castro Laboreiro, reciben periodicamente ordes de manter unha rigorosa e persistente vixilancia. Algúns días despois amplíanse as ordes, que sinalan que se faga unha limpeza completa de tódolos estranxeiros indocumentados, malia que o número de fuxidos vai medrando ós poucos.

A PVDE sabe da presencia en Castro Laboreiro de varios refuxiados na inverneira de Cainheiras, no lugar fixo de Portelinhas, etc. Os falanxistas españois introducíronse en territorio portugués con asiduidade desde as primeiras datas da sublevación, mesmo obrigando a intervención da Comandancia Militar de Ourense que se viu na necesidade de castigar preventivamente a eses elementos incontrolados[30].

Son moitas as notificacións das policías portuguesas sobre a presencia de "refuxiados comunistas espanhois" entre a fronteira de Ameijoeira e Castro Laboreiro: o grupo formado por Manolo *O do Dente de Ouro*[31] e o expolicía da Generalitat de Cataluña Ramón Yañez Pereira *O Médico*[32], que se movían por toda a freguesía de Castro Laboreiro, xunto coa amante deste último, Rosa Alves *A Africana*, veciña de Ribeiro de Abaixo, e nai de catro contrabandistas; fuxidos perseguidos insistentemente pola policía portuguesa e considerados peligrosos como o comunista de Bande Felisindo Lopez Pazos[33] e José Alemany; outros fuxidos menos significados como José de Sousa, "O Gaiteiro", natural de Pereira (Entrimo), etc. Naquela extensa área que vai desde Alcobaça ata Ribeiro de Baixo estableceuse unha persistente vixilancia, que, sen embargo, resultaba demasiado ampla e difícil de controlar polos obstáculos naturais e a facilidade de refuxios, a meirande deles furnas ou grutas, que topaban os fuxidos na serra cando eran perseguidos.

Desde os postos de Portelinha e Castro Laboreiro tratouse de localizar e capturar ó refuxiado Pepe Trabazos, protexido por unha cidadá portuguesa residente na *branda* de Queimadelo, quen coa chegada do inverno trasládase a inverneira no val de Pereira, mentres o seu protexido mantense arriba na *branda*. A policía portuguesa sigue organizando batidas, algúns dos refuxiados preocupan máis ca outros. Ás veces son grupos de sete ou oito policías. Os primeiros días de decembro de 1936 o tenente de infantería Fernando José Lopes destina un grupo de homes ós postos da serra e a Ribeiro de Abaixo para averiguar sobre a "capitana dos refuxiados españois" daquela poboación, a devandita Rosa Alves. Nos

dous Ribeiros, de Cima e de Baixo, lugares fixos, lévase tempo notando a presión policial. A PVDE captura a Rosa Alves *A Africana* o 26 de outubro de 1937, moi popular no val de Pereira e con familia na aldea arraiana galega de Olelas, fronte do *lugar fixo* da Várzea. A comunicación secular entre os dous Ribeiros e as aldeas entrimeñas de Bouzadrago e Pereira tiñan fomentado a creación de roteiros vinculados ó contrabando, empregados polos familiares dos escapados para abastecelos de comida e roupa, evitando ser controlados polos carabineiros españois ou pola garda fiscal portuguesa.

En Lamas de Mouro a policía ten constancia tamén da presencia de refuxiados antifranquistas. Algúns deles optan por vestir elegantemente porque lles permite alixeirar certa presión das forzas represivas, aínda que prefiren ir armados por se se ven na obriga de defenderse.

Na *branda* de Seara, doutro lado da Pena de Anamán, hai varios refuxiados espanhois, entre eles Manuel Fernández González *O Curto*, acollido na casa da súa amante. Sospeitando da presión das forzas represivas, pernocta nunhas fragas próximas. Algúns habitantes destas serras son reincidentes en agachar refuxiados españois na serra, polo que se ven sometidos frecuentemente a rexistros nas súas vivendas. Nesa mesma branda está agachada unha familia enteira. Como todos, esperan documentación para internarse ó centro do país, pero resúltalles complexo porque Eudosia Lorenzo Diz, de vintecinco anos, quen antes do golpe militar era mestra en San Ginés no concello limítrofe de Lobeira, ten un fillo. Para non levantar sospeitas viste o traxe típico de castrexa. Ademais, móvese cos seus pais: Agustín Lorenzo, un home de cincuenta anos, que sofre as inclemencias dunha hernia, e Basilisa Diz, cinco anos máis nova e que ten un sinal característico na faciana. Outras testemuñas, conseguidas pola policía tras interrogar os veciños, sitúaos na *inverneira* de Entalada ou na *branda* de Rodeiro; outras din que están nos *lugares fixos* dos Ribeiro, quizais na *inverneira* de Alagoa ou nas brandas dos Portos. En realidade, ó integrarse coa poboación local acompáñanos nas súas migracións anuais, e as veces, ante a abafante presión policial e dos confidentes, saltan a algunha aldea galega, como Cabanelas, onde tamén consiguen acocho.

No labor de control da fronteira, a Garda Fiscal de Melgaço e Ponte da Barca encárganse de reforzar os postos da Peneda e Ameijoeira para evitar que os refuxiados na serra da Peneda cruzen a fronteira ou escapen para o sur. Saben que se esconden en cavernas e o aumento no número obrígalles a realizar expedicións periódicas moitas delas pola noite para empregar o factor sorpresa.

Vista a temperá interrelación entre contrabandistas e refuxiados españois[34], a policía portuguesa preocupouse da represión violenta dos primeiros para evitar que os segundos andivesen libremente polo monte e puidesen internarse en Portugal, esixindo ós comandantes dos carabineiros e os seus subordinados que disparasen contra os individuos que intentasen atravesar a fronteira[35]. Algúns refuxiados acabaron coñecendo perfectamente as rutas alternativas pola fronteira, ían armados sempre con carácter defensivo e nalgún casos cometeron actos de represalia de tipo económico que lles levou a misturarse coas redes de contrabandistas, que terminaron por percatarse do valor estratéxico dun continxente moi elevado para a importancia socio-económica que adquiriu daquela o contrabando. Esas dúas redes de tránsito pola fronteira obrigou, por tanto, a extrema a vixilancia da mesma[36].

O final da guerra

Á colaboración fronteiriza dos dous Estados, intensificada cando Salazar recoñece á España de Franco na primavera de 1938, e revelada na práctica coa frecuente incursión de grupos de falanxistas en terras portuguesas, amparados pola indiferencia das autoridades militares portuguesas[37], enfrontouse o elevado contixente de fuxidos que chegou a realizar actividades contra o réxime portugués e contra os destacamentos do bando nacional[38], e a evidente pero discreta actitude do nativo portugués que procedeu a desenvolver unha conducta na súa maioría de colaboración e complicidade militante co refuxiado, quen esperará o momento axeitado para marchar ó exilio, dentro dunha rede de obtención de documentos que permitirá ós refuxiados españois nas montañas de Castro Laboreiro obter certificacións de nacimento en Arxentina, e desta maneira poder legalizarse documentalmente en Portugal[39].

O réxime buscou outros medios para modificar a situación deses refuxiados. Un bando firmado o 6 de setembro de 1938 por Germán Gil Yuste, xeneral de división e xefe da Oitava Rexión Militar indicaba que se concedía “un plazo improrrogable de 15 días a partir de la fecha de este para cuantos individuos de los que tomaron parte más o menos activa en la revolución marxista, y se hallen todavía huidos en alguna de las zonas montañosas de la Región, puedan presentarse en la seguridad de que no recibirán daño alguno si no han cometido delito por lo que tengan que responder ante nuestros Tribunales de Justicia, que jamás se ensañan con los que han de juzgar, limitándose en su función al estricto cumplimiento de la Ley”. Ademais, os familiares deses fuxidos ou calquera outra persoa que lles axudase, facilitándolles

alimentos, roupas ou novas dos movementos das forzas encargadas da súa persecución, serían severamente sancionados[40]. Esta estratexia debeu ter efecto entre as filas do continxente de refuxiados porque algúns preferiron entregarse pola presión que exerceron sobre os seus familiares[41].

Co remate da guerra as condicións para introducirse en territorio portugués endurécense. Así, para entrar en Portugal se lle solicita ós estranxeiros pasaporte (con selo da PVDE), título de residencia, billete de identidade visado anualmente ou certificación de inscripción consular para o caso dos españois.

En abril de 1940 aínda a Embaixada española en Lisboa mostra a súa preocupación sobre algúns refuxiados españois que están a cometer roubos a man armada e que, unha vez cometidos os delictos, se internan en Portugal. Nese mesmo mes refórzase tanto do lado portugués como do lado galego a presencia de tropas para vixilar e perseguir ós fuxidos españois. No concello de Entrimo establécese unha compañía enteira de infantería con pequenos destacamentos comandados por sarxentos nas pequenas poboacións da fronteira.

Aínda en setembro de 1940 vaise organizar un operativo desde o posto fiscal de Castro Laboreiro para proceder á captura dos refuxiados españois que, nos Ribeiros, se encontran armados, sabendo que é empresa moi complicada e que sería preciso unha forza de dezaséis homes[42] para reducir a un grupo de seis refuxiados españois que se encontran armados[43].

En realidade, ata o finais da década dos cuarenta a presencia de fuxidos españois nas serras ó redor de Castro Laboreiro é moi evidente, amparándose, como afirmaba o xefe dun destacamento da Garda Nacional Republicana portuguesa recrutado para acabar coa presencia de refuxiados na freguesía de Castro Laboreiro:

"Uma batida completa á serra, dada a imensidade desta, esixiría milhares de homens e, em virtude da carência de estradas e caminhos capazes e da falta de recursos, julgo-a impracticável. Enquanto aquela região, pela ausência quasi completa de vias de comunicacão, estiver, como está, isolada do resto do País, será sempre un possível refúgio, á que dá imensas facilidades a natureza montanhosa do terreno, formado por enormes montanhas, sulcado de ravinas (barrancos) que são verdadeiros precipicios, frequentemente coberto de gigantescos penedos de caprichosos recortes, e, em muitos sitios, coberto de carvalheiras, giestais de tres e catro metros de altura, urzes, e outra vegetacão selvagem. A população vive a vida mais miserável que é possivel imaginar-se; as habitações são choças imundas onde as pessoas vivem na máis repugnante promiscuidade com os animais. As culturas, de centeio e a batata, unicas que ali se fazem, não

chegam para o consumo dos habitantes, e desenvolvem-se lentamente e com dificuldade. Até há pouco tempo, os homens emigravam em grande quantidade para España e França, e, com o produto do seu trabalho nesses países, sustentavam as suas familias; mas, desde que começou a guerra de Espanha, essa emigração acabou, o que veio agravar extraordináriamente a situação daquela gente. Pelo atrazo em que a população se encontra, pode afirmar-se que fazer unma viagem a Castro Laboreiro corresponde a recuar alguns séculos no tempo. Afirma o abade da freguesía que quasi todos os seus habitantes são comunistas, porque não frequentam a igreja. O que êles são, con certeza, é miseráveis e analfabetos; mas a irrelixiosidade daquela gente já era un facto quando ainda se não falava em comunistas. O auxilio que os habitantes tenham prestado aos refugiados explica-se talvez melhor pelo facto de, dado o isolamento em que a freguesía está do resto do País e até do concelho, as súas relações normais serem feitas desde longa data com os espanhois."[44]

Agradezo as suxerencias realizadas a este traballo polo profesor e compañeiro Xosé Ramón Quintana Garrido.

Notas

[1]No concello de Arcos de Valdevez, Gavieira conta con oito *brandas* (Sto António, Aveleira, Bouça de Homens, S. Bento do Cando, Bosgalinhos, Junqueira, Gorbelas, Rouças) e Soajo con tres (Bordença, Assureira y Murço).

[2]Son *brandas* Rodeiro, Antões, Outeiro, A-do Freire, Queimadelo, Falagueiras, Portela, Formarigo, Teso, Campelo Curral de Gonçalo, Portos de Baixo, Portos de Cima, Eiras, Padrosouro e Seara.

[3]Ribeiro de Cima, Ribeiro de Abaixo, Portelinha, Vido, Várzea, Coriscadas, Covelo e Picotim.

[4]Varziela, Cainheiras, Bico, Curveira, Laceiras, Ramisqueira, João Alvo, Barreiro, Ponte do Barreiro, Podre, Assureira, Bago de Cima, Bago de Baixo, Alagoa, Dorna, Entalada, Pontes, Ameijoeira, Mareco.

[5]Soto (1983): 37.

[6]Grandío (2002): 1002.

[7]Brito Freire (1998): 177-180.

[8]*AGCVC, Serie Correspondência Confidencial Expedida do Serviço de Gabinete do Governador Civil de Viana do Castelo, Col. Copias (Oficios expedidos), 1.23.6.7.1., 1934-1937*. Oficio urgente nº 9 enviado ao Ex.Sr. Comandante da Policia da Segurança Publica, 21-2-1936.

[9]Concretamente en S. Pedro de Torre, Vila Meã, Campos, Cerdal e Arão.

[10]*AGCVC, Correspondência Confidencial Expedida do Serviço de Gabinete do Governador Civil de Viana do Castelo, Col. Copias (Oficios expedidos), 1.23. 7.4-3., 20-2-1935 a 3-11-1937.* Oficio nº 21 enviado ao Ministro do Interior, 17-4-1936.

[11]Nos primeros meses de 1938 recibíronse ordes da superioridade para extremar a vixilancia nas diferentes áreas da Sección de Melgaço por sospeitarse que ía producirse un movimento revolucionario en Lisboa, Porto, Badajoz e Galicia (*ACMM, Livro de registos da Guarda Fiscal Batalhão, nº8*).

[12]*AGCVC, 1ª Secção, Correspondência Confidencial Expedida do Serviço de Gabinete do Governador Civil de Viana do Castelo. Copia da circular enviada por oficio nº 557 a tôdos los administradores do Concelho, 23-4-1937, cota en organização.*

[13]Por exemplo, en Monçao figura un importante número de oficios coa remisión de documentos á pvde de Lisboa de españois que van residir nese concello portugués. (ACMM, *Administraçao do Concelho, Copiador de correspondencia expedida a diversas autoridades [1905-39]*). Pola contra, a Dirección da PVDE e o Goberno Civil de Viana do Castelo establecen un acordo para o transporte en ferrocarril tanto dos indixentes como dos refuxiados repatriados a España.

[14]*AGCVC, Correspondência recibida por o Governador Civil de Viana do Castelo. Cota sen organização.*

[15]*AGCVC, oficio nº 454 do Concelho de Melgaço enviado polo Governador de Viana do Castelo ao Ministro do Interior, 11-7-1936. Cota sen organização (primitivas caixas de madeira).*

[16]*AGCVC, Circular expedida polo Govenador Civil de Viana do Castelo, 14-4-1939.*

[17]Existían postos en Valença, Vila Nova de Cerveira, Monção, Caminha, Peso (subposto), Melgaço e S. Gregorio, localidades pouco alonxadas entre sí.

[18]Brito Freire, (2000): 91-114.

[19]*AGCVC, 1ª Secção, Circular expedida do Governo Civil de Viana do Castelo ós Presidentes da Comissão Administrativa das Camaras Municipais, nº 683, 19-5-1937, cota sen organización.*

[20]*ACMM, Livro de registros, Guarda Fiscal Batalhão, nº 8, Ordes ós Postos da sección da Garda Fiscal, Depósito 1, Estante 13, Prateleira 3, Número 2*. As ordes comenzan o 1-8-1936, pero, dado que as primeras follas están claramente estragadas, deberon comenzar co inicio da guerra.

[21]*AGCVC, 2ª Secção, Serie Correspondência respeitante a estrangeiros e aos anos 1929-1942, cota 1.19.4.7-5.* Circular do 30 de decembro de 1937 polo subdirector da PVDE.

[22]AGCVC, *2ª Secção, Serie Correspondência respeitante a estrangeiros e aos anos 1929-1942, cota 1.19.4.7-5*. Circular do 3 de xaneiro de 1938 polo gobernador civil de Viana do Castelo.

[23]García Mañá, 1988: 156.

[24]*Por exemplo, no ACMM aparecen moitos españois documentados, cos mesmo lugares de residencia: Quinta do Hospital da freguesía de Ceivães, Hotel Internacional de Mónção,*

Pensão Internacional de Monçao, etc. o que proba que había unha boa rede de enlaces en territorio portugués para aqueles españois que ían perfectamente documentados con "papeis falsos".

[25]*PVDE Ordens de serviço, IANTT.* Vid. tamén García Mañá (1988: 156) e Fernández Alves (1981: 16).

[26]García Mañá, 1988: 156.

[27]Entrevista realizada en marzo de 2002.

[28]*Arquivo do Concello de Entrimo. La Dirección General de Seguridad. División de Fronteras. Zona Norte de Portugal. Núm. 264.* (5-9-1937). Firmada polo axente encargado en Ponte Barxas, Eduardo González, solicítase, no caso de que sexa posible, fotografías dos mesmos.

[29]Fai fronteira (marco 47) entre Galicia e Portugal ó norte da aldea de Queguas, no concello ourensán de Entrimo, no mesmo corazón da serra do Laboreiro. Varias testemuñas orais manifestan que naquelas serras foron asesinados varios fuxidos, mesmo en territorio portugués, traídos posteriormente ó territorio galego, ou abandonados a súa sorte naqueles inhóspitos lugares.

[30]Grandío (2002: 1002).

[31]Posiblemente Manolo González ou Fernández, natural de Canle, na parroquia de San Ginés, carpinteiro e un chisco tatexo. Foi abatido por un garda fiscal en Castro Laboreiro.

[32]Foi morto pola policía española en Ansemil-Celanova en 1943.

[33]*AHPO. Fondo de Responsabilidades Políticas. Expedientes. Caixa 7182.*

[34]Reigosa (1993: 102).

[35]*AGCVC, 2ª Secção, Circular expedida polo Governo Civil de Viana do Castelo, nº 1008, 20-8-1938.* Cota sen organización.

[36]*ACMM, Livro de registos da Guarda Fiscal nº 8, circular dirigida aos Comandantes dos Postos Fiscais da Secçao, 1-5-1938.* Nesta circular se notifica que detectouse o paso ilegal de productos farmacéuticos.

[37]En xeral, moitos documentos demostran a presencia de maneira continuada de falanxistas e milicianos nos postos fronteirizos. AME, 1938, LEGAJO 2. *Cuerpo de Carabineros-Comandancia de Zamora-Provincia de Orense-1ª Compañía. 3ª Sección-Puesto de Entrimo. Relación del suministro de pan, efectuado por el Ayuntamiento de Entrimo a los Falangistas que prestan servicio de fronteras en ese puesto, durante el presente mes, con expresión de los nombres de los perceptores y raciones que a cada uno les ha correspondido. (31 octubre de 1938). Brigada Comandante del Puesto: Antonio Sánchez Avilés.* Ademais de falanxistas había milicianos no servicio de fronteiras do posto de Entrimo, que tamén recibían subministros do concello de Entrimo e dos veciños. Así, nun documento da 16ª Comandancia de Carabineros Provincial de Orense-1ª Compañía-3ª Sección- Puesto de Illa con data de 31 de octubre de 1938, aparece o estado demostrativo das racións de pan gañada polo persoal de milicianos e

soldados destacados neste posto, durante o mes de outubro de 1938. Noutro documento do AME. *1938/legajo 3*, do 28 de outubro de 1938, dirixido ó Alcalde de Entrimo a través do teniente xefe da 3ª sección e do comandante xefe de servicio da provincia pídese que se lle facilite a ración de pan, en especie o en metálico a tódolos falanxistas tradicionalistas afectos á Bandeira de Fronteiras. Pásase un vale diario ós concellos e se remitían ó Parque de Intendencia de A Coruña, que abonaba ós alcaldes o importe desas racións. Propónse que se entreguen xuntos os vales diarios.

[38]Grandío (2002: 1019).

[39]Grandío (2002: 1020). No AME hai unha información da Gardia Civil de Bande na que se manifesta que moitos súbditos españois teñen conseguido pasaportes de nacionalidade estranxeira e prégase que se deteña ós prófugos (27-4-1937).

[40]AME, 1938, legajo 3.

[41]*AME, Solicitud de información económica de los familiares de los pueblos que se indican, padres de soldados o reclutas prófugos o desaparecidos o en Portugal internados, se les considera desafectos al movimiento (1939).*

[42]*ACMM, Livro de registros da Guarda Fiscal Batalhão nº 8, 12-9-1940.*

[43]*ACMM, Livro de registros da Guarda Fiscal Batalhão nº 8, 16-9-1940.*

[44]*IANTT, Ministerio do Interior. Gabinete do Ministro. Liv.º 2. Sect PV. Fol V. Nº 3. Iniciado em 20-6-1938. Serviços de exploração da Serra de Peneda, com o fim de capturar emigrados espanhois.*

Bibliografía

BRITO FREIRE, JOÃO (1998): "O Partido Comunista Português e a Guerra Civil de Espanha" en Rosas, Fernando (coord.): P*ortugal e a Guerra Civil de Espanha*, Ed. Colibri, Instituto de História Contemporânea da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa, pp.177-196.

COSTA CLAVELL, XAVIER (1977): *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*. Madrid, Editorial Cambio 16.

ESPINOSA, FRANCISCO (2003): *La columna de la muerte. El avance el ejército franquista de Sevilla a Badajoz*, Crítica, Barcelona.

FREIXANES, VÍCTOR F. (19843): *"O Fresco". Memoria dun fuxido*, Xerais, Vigo.

GARCÍA MAÑÁ, LUIS MANUEL (1988): *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense*, Boletín Auriense, Anexo 11, Museo Arqueológico Provincial, Ourense.

GRANDÍO SEOANE, EMILIO (2002): "A ribeira que deixou de selo. A fronteira galego-portuguesa tras o golpe de xullo de 1936", Balboa López, X. & Pernas Oroza, H. (ed.), *Entre nós. Estudios de Arte, Xeografía e Historia en homenaxe ó profesor José Manuel Pose*

Antelo, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

HEINE, HARTMUT (1980): *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Xerais, Vigo.

PRADA RODRÍGUEZ, XULIO (1997): "As modalidades represivas no primeiro franquismo. Unha proposta de sistematización", *Minius, VI*, pp. 99-115.

_____ (2000): "Asociacionismo Agrario e Mobilización política na Baixa Limia (1934-1936)", *Lethes 2, Cadernos Culturais do Limia, Centro de Cultura Popular do Limia*, Xinzo da Limia, pp. 21-31.

(2002a): "A cultura da violencia no Ourense republicano", en Xavier Castro e Jesús de Juana (dir.), *XI Jornadas de Historia en Galicia, Historia da Cultura en Galicia*, pp. 79-130.

(2002b): "A Depuración da Xustiza Municipal nas Terras da Limia", *Lethes 4, Cadernos Culturais do Limia, Centro de Cultura Popular do Limia*, Xinzo da Limia, pp. 39-49.

(2002c): "Matadlos a todos, que Dios distinguirá a los suyos. Iglesia, guerra y represión (Ourense, 1936-39)", *Iglesia y religiosidad en España, historia y archivos: actas de las V Jornadas de Castilla-La Mancha sobre investigación en Archivos*, Archivo Histórico de Guadalajara, 8-11 de marzo 2001, Guadalajara, Asociación Nacional de Arqueólogos, Bibliotecarios, Archiveros y Documentalistas, Castilla-La Mancha, pp. 1907-1933.

REIGOSA, CARLOS G., "Maquis na raia galaico-portuguesa", *A Trabe de Ouro*, 16, 1993, IV, pp. 100-111.

RIBEIRO, MARIA DA CONCEIÇÃO (2000): *A Policía Política no Estado Novo 1926-1945*, Editorial Estampa, Lisboa.

SANTIDRIÁN, VÍCTOR MANUEL (2002): *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Edición do Castro, Sada-A Coruña.

SOTO, LUIS (1983): *Castelao, a UPG e outras memorias*, Xerais, Vigo.

Arquivos consultados

ACMM. Arquivo da Câmara Municipal de Melgaço, Portugal

ACMMO. Arquivo da Câmara Municipal de Mónaco, Portugal.

AGCVC. Arquivo do Governo Civil de Viana do Castelo, Portugal

AHPO. Arquivo Histórico Provincial de Ourense

AME. Arquivo Municipal de Entrimo, Ourense

AMP. Arquivo Municipal de Ponteareas, Pontevedra

IANTT. Instituto dos Arquivos Nacionais/Torre do Tombo, Lisboa, Portugal.

Siglas

ADP. Alianza Democrática de Portugal
FNTT. Federación Nacional de Trabajadores de la Tierra
PCE. Partido Comunista de España
PCP. Partido Comunista Português
PIDE. Policia Internacional e de Defêsa do Estado
PVDE. Policia de Vigilancia e Defêsa do Estado
UGT. Unión General de Trabajadores

A resistencia e a represión na zona de Verín

Xerardo Dasairas Valsa

Ainda que o concello de Verín só contaba nestas datas con 6.500 habitantes, a comarca alcanzaba xa os 40.000, a maioría deles adicados a agricultura e a gandería. Non existía ningún tipo de industria tendo certa presencia o comercio de todo tipo e algúns hoteis e pensións que acollían aos viaxantes de productos e aos agüistas na tempada estival dos balnearios. A proximidade da fronteira con Portugal non só aportaría algúns beneficios económicos do estraperlo senón tamén numerosos postos de carabineiros, Guarda Civil, policía e funcionarios de aduana. O resto de veciños, algúns funcionarios do Concello, empregábanse no comercio, traballaban nos balnearios e nos hoteis a tempo parcial, nos fornos ou como pedreiros. Tamén eran bastantes os autónomos adicados a oficios corno barbeiro, zapateiro, guarnicioneiro, transportista... Mais a inmensa rnaioría vivían da terra e exercían de asalariados para os terratenentes da zona que posuían grandes extensións de praderías, viñedo, patacas, tabaco ou froitas.

Non obstante e xa desde varios anos antes da República, as obras do trazado do ferrocarril tiñan revolucionado a comarca aportando rnan de obra a milleiros de labregos e traballadores especializados. A mellora nas condicións de traballo e salariais, daría lugar ao nacemento de organizacións sindicais cuias reivindicacións conmocionaban de cando en vez á pacífica e tranquila vila verinense, capital administrativa e xudicial da comarca.

Por esta zona e outras limítrofes non houbo lectura de bandos de guerra locais, tomando como referéncia do comezo do soerguemento fascista, o dictado en Ourense o día vinte de xullo. Cara Maceda, onde existia unha importante forza de filiados ao P.C.E., ás sociedades agrárias e aos sindicatos de traballadores do ferrocarril, houbo unha certa oposición contra as forzas franquistas que concorreron naquel ponto para apagar toda resisténcia. Benigno Alvarez e Enriqueta Iglesias "La Camarada" foron quen organizaran a resisténcia en Vilar de Bárrio, voando a ponte nova de Maceda e facéndose fortes no balneário. O día 21 unha colunna mixta de falanxistas e Garda Civil enfréntase a eles perto do

santuário dos Milagres, facendo fuxir aos republicanos cara Verín e levando cara Ourense a algúns prisioneiros e armas.

En Verín, que contaba con bastantes militantes da C.N.T. e da U.G.T. e co governo municipal de esquerdas (Izquierda Republicana e PSOE), téntase organizar a resisténcia xa desde o dia 20. Ás forzas frentepopulistas da Vila únenselle os procedentes da escaramuza dos Milagres entanto agardaban a chegada dun forte continxente de obreiros do ferrocarril. Estes non chegarian pois foran repartidos en diferentes pobos para contribuiren á resisténcia. Ramón Fuentes Canal (irmán de Emilio e Manuel, destacados membros do P.S.O.E. ourensano), Sérgio Romero e outros, tentarían organizar a resisténcia con elementos chegados da Gudiña, Correchouso, Veiga das Meás, Vilardevós... Fernando Cordón, administrador da Aduana e concelleiro en Verín estaba en Ourense co Governador ao se declarar o Estado de Guerra e xunto con Manuel Gómez del Valle pararían un coche a ponta de pistola no cruzamento de Celanova coa intención de avisar da situación aos povos do camiño e chegar a Verín para contribuiren a organizar a resisténcia.

Entanto, a situación en Verín era tensa pois os elementos dereitistas e falanxistas da Vila eran abondosos. Silva Ferreiro, crego adito ao levantamento, cita no seu libro entre os máis destacados a Fernando Salgueiro, Juan Otero, Enrique Pazos e José Taboada. Segundo a mesma fonte eran ao redor de trescentos os republicanos concentrados en Verin que se debatian entre tomar o cuartel da Garda Civil ou agardar acontecimentos, ao tempo que tentaban atraer á forza de Carabineiros, máis leais ao Governo democrático republicano e que en número de oitenta se achaban concentrados na Vila. Tamén segundo o mesmo autor (quen por certo anos máis tarde e antes de morrer se retractaría de botar tanta leña ao lume contra os republicanos), os *rojos* verinenses tiñan elaborada unha lista negra con setenta e catro elementos que habia que depurar, estando entre eles os membros das comunidades de relixiosos Mercedários e os de La Salle que segundo testemuñas, xa viñan recibindo anteriormente continuas amea.zas. Por outra parte, o sarxento do posto da Garda Civil, enteirado dos plans dos republicanos, solicitaría axuda a Ourense e o dia 23 chega a Verín unha forza de ao redor de setenta homes mandada polo Capitán Ros. Despois de parlamentaren cos resistentes e coa colaboración do Comandante Ayala de Carabineiros, detido en Ourense e leal á República, conseguen que os republicanos verinenses depoñan as armas.

Este relato de Silva Ferreiro, ao menos no que se refire á "resisténcia" verinense, foi esaxerado aposta coa intención de magnificar os feitos e resaltar o heroismo, o patriotismo e a eficácia dos sublevados.

O certo é que en Verín fixéronse intentos de organizar a resisténcia por parte do alcalde e dos membros de esquerdas da Corporación que contaban tamén co apoio dos sindicatos. Certo é que por orde do alcalde e unha vez comprobado o cariz que tomaban as cousas, procedeuse á recolección de todo tipo de armas na Casa do Concello mais ao saberse que os obreiros do ferrocarril non acudirian a Verín e ante a negativa do alcalde Caamaño a entregarlle as armas aos republicanos, a maioria destes decidiron sair da vila para organizaren a resisténcia noutros lugares. Esta decisión do alcalde evitou a todas luces, un cruento enfrentamento coas forzas que viñan de Ourense e que se limitaron a percorrer as rúas de Verín repartindo porrazos a destro e sinistro, sen distinción de ideoloxias, conminando aos viandantes a se refuxiaren nas súas casas ou nos establecimentos públicos (cafés e bares sobretodo) que a esa hora, sobre as catro da tarde, se encontraban abertos. A ridícula garda con escopetas, apenas útiles, que os republicanos mantiñan no Concello e en Correos e Telégrafos, foi igualmente disolta sen resisténcia. Logo viñeron os encarceramentos e a represión sobre os elementos afins á República: En Verín son detidas quince persoas e levadas ao cárcere de Ourense onde agardarian dispares destinos, mentres que na zona do ferrocarril desatariase unha forte represión. Agardando que se solucionase esta confusa situación, xá algúns dos republicanos optaran por fuxir cara os montes da contorna ao tempo que outros acudiran á Gudiña para facérense fortes alí onde habia máis resistentes obreiros do ferrocarril.

A partir da claudicación, os elementos ultradereitistas de Verín fanse cargo da situación e segundo Silva Ferreiro, a quen citamos textualmente:

La Falange, respondiendo al entusiasmo de Celso Conde y Senén González Valillas, inicia una era de esplendor que aumenta día a día: de Ricardo Cid Toubes que obtiene resonantes triunfos en la formación y recluta de requetés; de la milicia "Caballeros de Santiago" bajo la jefatura del notario de la villa Luis Conde que bien pronto adquiere patente de modelo indiscutible de patriotismo y disciplina y de las señoritas Mercedes García Velasco y Dolores Cid Toubes que consagran sus desvelos a la formación de Margaritas, llamadas a prestar grandes servicios en la gloriosa cruzada de salvación de la Patria.

Tamén funcionaron logo en Verín uns talleres de intendéncia chamados *Mujeres al servicio de España*, onde se facian roupas e se recadaban víveres para a frente de guerra. A falta de espácios onde ubicalos, usáronse os salóns do Hotel Salgado converténdose o Hotel de Cabreiroá en hospital (dirixido polo xefe falanxista doutor Sanguino, máis sanguinario logo en San Simón), ofrecidos para

este fin polos seus donos. A numerosa presência feminina, maioritariamente rapazas novas, o traballo continuado ata horas nocturnas e a abundáncia de camas nestes establecimentos que servian como unha espécie de centro de relaxación dos falanxistas, deron moito que falar en referéncia a abusos e excesos destes coas operárias (maiormente *modistillas*) que "voluntariamente" acudian a traballar nestes talleres patrióticos.

Na Gudiña vaise dar a última resisténcia republicana da província. A presência do ex-alcalde republicano Felicísimo Pérez Ortega, do sarxento de Carabineiros (apoiado polos guardas dos postos da Mezquita, Barxa, Cádavos, Castromil...) e dos numerosos obreiros das obras do camiño de ferro, retrae uns dias a intervención das forzas sublevadas, preocupadas polo rumor de que foran entrenadas polo chefe dos carabineiros e ainda máis *polo ímpetu revolucionário que demostraban na súa atitude*. A voadura da ponte de San Lourenzo e o ataque dos republicanos contra os que tentaban reparala, contribuiria tamén bastante no retardamento da operación.

Finalmente, o dia 25, unha columna de Guarda Civil e Asalto, xunto con Carabineiros e falanxistas de Verín, preséntase na Gudiña mandada polo capitán Ros. Despois dun curto tiroteo e escasa resisténcia, os rebeldes antigovernamentais entran na vila e apresan a Francisco Dominguez, José Novilla Lorenzo e Joaquín Salgado López que serian fusilados posteriormente e que xunto con outros encherian a nómina de "claudeados" que aparecian nas cunetas das estradas facendo que algunhas delas se fixeran cunha fama macabra como lle aconteceu á curva das Esfarrapas nas Estivadas (concello de Monterrei). Os republicanos concentrados na Gudiña foxen cara a Vilavella, Viana e Ponferrada, refuxiándose nos montes non sen antes destruiren Correos, Teléfonos e Telégrafos e inutilizaren a estrada entre a Vilavella e o Pereiro. O capitán Ros, despois de distribuir forzas en Viana, Vilavella, A Mezquita e outros poyos, retorna a Verín con armas, bombas e dinamita incautadas no Concello e na Casa do Povo da Gudiña. Este capitán segue ainda na zona o dia 30 sendo tirotedo o seu destacamento na Canda. Unha vez "pacificadas" e controladas as vilas da Mezquita, da Vilavella, de Viana e da Gudiña, retorna a Verín. Moitos republicanos que fuxiran cara Portugal nestes dias, concentrábanse xa en número de 130 no cuartel de Bragança coñecido como "O Trinta". Alí sobrevivirían coa axuda das xentes portuguesas que lles suministraban comida e roupas. Despois de seren retidos con numerosos atrancos burocráticos, unha mudanza de postura do goberno de Salazar posibilitou o seu embarque no porto de Lisboa nun barco da República que os levou a Cartaxena para incorporánrense ás forzas republicanas.

O dia 27 de xullo xá se inician os xuizos sumarísimos en Ourense, sendo os primeiros encausados oito obreiros do ferrocarril dos que un é fusilado e os restantes son condenados a cadea perpetua. O 3 de agosto comeza a represión contra os docentes que escalonadamente íalle afectar a máis de 270 mestres. En Verín, António Fernández, mestre da promoción da República e recoñecido escritor, foxe da represión a Portugal e cara o Brasil e á Arxentina despois. O dia 5 é suspendido de funcións, baixo a acusación de abandono do cargo, o cabo de municipais José Perdiz, afecto á CNT. O dia 8, o capitán Juan Ros Hernández faise cargo do Governo Militar da praza de Verín, suspendendo á recén nomeada Corporación. Isto xeraria certa tensión pois todos creron na falácia militar de que era só un *golpe de timón* dentro da orde constitucional republicana (mesmo seguiu ondeando a bandeira tricolor) pero o novo rexedor militar apela á orde gobernativa enviada o 27 de xullo ao secretário do Concello na que se recollia tal medida militarizadora. Nestas mesmas datas (dia 3 de agosto) Fernando Cordón del Valle e o poeta Manuel Gómez del Valle e a súa nai, son condenados a mofle e fusilados o dia 11 do mesmo mes. Dous capitáns actúan como fiscal e acusador respeitivamente: o capitán acusador era Rodríguez Reigada, o famoso capitán Reigada que logo seria un dos dirixentes da represión na província. "La Región", recolle non sen certa saña e falsidade, que Gómez del Valle, destacado comunista, negárase a recibir os sacramentos e que morrera desesperado (sóubose que fora asistido relixiosamente por unha alta xerarquia da igrexa ourensá), mentres que Cordón *confesou e comulgou e morren feliz e resignado*. Outros mortos xustificábanse mediante os manidos, reiterativos e numerosos, partes de *ofreció resisléncia ou se abalanzó sobre los guardias* que encubrian así o vil asasinato escudándose na chamada Ley de Fugas. Os escuetos partes só recollen frases como: o 29 de xullo, tres "insurgentes" caen mortos nun tiroteo en Verín ou en agosto seis "rojos" son abatidos en Campobecerros, Castro de Laza e A Gudiña por ofreceren resisténcia. Emilio e Manuel Fuentes Canal foron "paseados" despois de estaren presos en Celanova e o seu irmán Ramón, presidente das "Juventudes Socialistas" foi capturado o 4 de agosto (ao dia seguinte de condenaren en consello de guerra a Cordón e a Gómez del Valle) en Montederramo por un guarda forestal. Condenado a mofle en consello de guerra o 21 de outubro foi máis tarde fusilado. As famosas e temíbeis "claudeas" ou "claudias" (levar a un ás claudias en xiria falanxista) repetianse a cotio e as gáveas das estradas comezaban a se encher de mortos. Neste sentido, un coñecido grupo de fascistas locais vai alcanzar moita sona nos mentideiros populares da Vila polas numerosas "execu-

cións" e a acumulación de mortos non só na mencionada e tristemente célebre curva das Esfarrapas senón en moitos outros lugares incluso fóra de Galiza.

O dia primeiro de setembro chega ao Hotel Salgado de Verín o xeneral Millán Astray. Despois dun pequeno descanso foi cumprimentado polas autoridades militares de Ourense que chegaron a Verín a iso das nove da noite. Acompañado da banda de música local, das autoridades militares, das homólogas relixiosas e das da Falange da Vila, dirixiuse á praza de Garcia Barbón onde pronunciou un flamixero discurso desde o balcón da Telefónica. O numeroso público, enfervorizado, rematou cantando o hino de *Falange* co saúdo á romana (brazo estendido). O dia cinco deste mesmo mes procédese a restituir o crucifixo nas escolas tendo lugar ese dia un acto de desagrávio ao mesmo na igrexa parroquial. Foi organizado polas Milicias Ciudadanas e Falange e ao seu remate desfilaron polas ruas verinenses forzas armadas e os nenos das escolas. Xa na praza Maior, en acto simbólico, a mestra Blanca Sanz procedeu a *entronizar* o crucifixo na súa escola.

O 11 de setembro é detido en Verín o ex-ministro de indústria e comércio e deputado republicano (da FRG-IR) Laureano Gómez Paratcha (adoitaba veranear en Cabreiroá) e trasladado ao cárcere de Ourense (Reigosa, que quizáis o confunde con Paradela, di que este fora rociado con gasolina e queimado). Benigno Alvarez, xefe do P.C.E., Leandro Cano e outros andiveron fuxidos polos montes de Maceda, aparecendo ao pouco tempo o Benigno morto nunha cuneta. Atopado por un falanxista, este deulle dous tiros ao cadáver e atribuiuse a fazaña, exibíndoo polos povos ata Ourense. Logo, o forense ditaminaria que xa morrera tempo antes dos disparos do fascista. Os seus irmáns foron tamén asasinados e a súa muller foi apaleada parindo morto o fillo que levaba. Seguindo coa selvaxe e experimentada prática do rociado con gasolina é asasinado Paradela, axente da Ford de Ourense. Nun xuizo sumarísimo e moi coñecido por ter o número 1.001 foron condenados a morte e logo fusilados, o industrial Lino García Vazquez, o seu contábel António Alvarez, o alcalde verinense Carlos Reino Caamaño, Sixto Fariña de Pazos, Ernesto Ramos "Caravel" e outros. Algúns membros da última corporación republicana como Manuel Cadavid e Ricardo González foron condenados a morte pero por estaren casados con mulleres cubanas foron reclamados pola embaixada deste país salvando a vida. De Verin concorreron várias testemuñas de cargo cuxos nomes non merecen un recordatório histórico e outras de descargo como o párroco don Santiago (a quen o tribunal cualificou de Xudas por tal motivo) ou Pelaez de quen se di que foi multado por defender a don Lino. As peripécias

para conseguir o indulto para don Lino (que tamén supuña aplicarllo aos demais acusados) ficaron na memória histórica de xentes de Verín que lle atribúen a coñecidos elementos falanxistas da Vila o retardamento do mesmo, apesar de telo conseguido unha filla del que era relixiosa e contaba con grandes influéncias en Madrid.

Outros condenados a cárcere (case todos a 30 anos) foron os tamén ediles Fernándo Suárez (cumpriu condena en Oseira) e Manuel Losada (en Celanova) e militantes de esquerda, sindicalistas e simpatizantes como Celso Blanco, Pepe do Bar Novo, José Pérez (Arranca), Luis Alvarez, Luis Pallín, Adolfo (Tito) que morreu no cárcere de Ourense... O presidente de Izquierda Republicana, Indalécio Pazos, foi tamén detido pero non chegou a pasar polo consello de guerra ao contar cun bo aval, igual que algúns outros concelleiros e militantes de esquerda que contaban con familiares falanxistas. Os mestres, como dixemos, xeralmente eran conducidos ao cárcere de Celanova e alí ingresaron Eloi Justo, Manolo Justo, Pedro Justo e outros que se ben se salvaron das contínuas e numerosas claudeas diárias, sofreron logo destitucións e desterros. Xacinto Santiago e don Eloy o farmacéutico, estes dous de Vilardevós foron fusilados ou vilmente asasinados como lle ocorreu a José Perdiz, cabo de municipais verinense e sindicalista da CNT cuxo cadáver apareceu na Fontela, como lle pasou a Julio Del Río (concelleiro verinés natural de Vilardevós) ou como lle aconteceu a Alvarito o taxista (de quen lucia o seu reloxo un coñecido falanxista verinense), ou ao mestre de Flariz quen logo de morto foi queimado... Outros membros da Izquierda Republicana local como J.A. Rodríguez e un compañeiro, ambos da Rasela, apareceron mortos na ponte de Oimbra e dirixentes dos sindicatos locais sofreron penas de prisión, logrando salvarse algúns do paredón e da claudea. Mais, tras disto, estaba tamén o terror, as vexacións e chantaxes dos carceleiros e verdugos, os rexistros, as requisas, as incautacións, as subhastas de capitais e as cuantiosas multas que os axentes do novo Réxime (como o famoso garda "Catalina") impuñan un dia si e o outro tamén.

As mulleres por seren de esquerdas ou casadas con militantes deste signo, tamén sofreron vexacións e aldraxes procedéndose en moitos casos a raparlles os cabelos (Olímpia, Teolinda, Claveira, Irene, Concha, María e outras) para estigmatizar negativamente e escarmentar nelas a súa condición feminina e republicana. Na forte represión fascista que asolou a comarca, desde a Canda ás chairas limiás, sona insistentemente o nome de Fernando Salgueiro, cabecilla da falanxe verinense e neto do prócer local García Barbón, quen despois de rematada a guerra e repudiado polos novos franquistas, retírase a Vigo. No ano 1945 ao ter noticia da morte pola

guerrilla do seu colega "O Churro" de Vilaza, declaroulle en Vigo a uns de Verín que ian ao futbol que non tiña medo de que viñesen por el e que antes de prendelo habia matarse el mesmo. Tamén aseverou, non sen certa decepción, que el non fora máis que un *brazo executor incitado por xente verinense de prestixio que agora, na paz do franquismo, disfrutan de boa fama e posición social e cuxos nomes se reservaba polo momento*.

A multipresência e a fortaleza política que mostraban os fascistas verinenses daria pé para que algunhas destacadas figuras da política galega fosen desterrados nesta vila. O advogado moañés Roberto González Pastoriza e Valentín Paz Andrade (amigos e colaboradores de Castelao e Bóveda), os dous militantes do Partido Galeguista, pasaron un tempo (desde o 13 de setembro) baixo vida vixiada, producíndose o intento de asasinato de Paz Andrade no Casino verinense segundo o relato persoal gravado por el mesmo na súa casa dias antes de falecer. Parece ser, segundo fontes orais, que os seus agresores foran dous fillos de Millán Astray e outros dous acompañantes andaluces que se atopaban en Verín e dirixian os grupos fascistas executores e represores. Arturo Benito Silva, antes compañeiro de Becerra e agora articulista laudatório do novo réxime, seria o seu valedor e protector na súa estadia verinense. Manuel García Becerra (importante cargo republicano casado en Verín) que se atopaba en Madrid, vai rematar os seus dias, igual que outros moitos, exiliado en América ou en Portugal como Manolo (Tito) ou Avelino Sola (concelleiro socialista) respeitivamente. As peripécias do exílio sufridas polo mestre de Rabal António Fernández e de Silvio Santiago (militante cenetista na Coruña), do seu irmán Xacinto Santiago, mestre radical-socialista e director de "La República" (fusilado xunto co Governador Civil e outros) ou do mestre Primo del Rio, son de todos coñecidas através dos relatos novelados que nos legaron os primeiros. O alcalde da Gudiña, Felicísimo Perez, foxe primeiro a Portugal e logo establécese na Arxentina. Jesús Reverter, destacado republicano de Ourense, primeiro preso en León e logo fuxido a Arxentina seguiu o mesmo periplo portugués que Sílvio Santiago, sendo acollidos e agachados estes e outros moitos menos coñecidos, na casa da família Varge Maldonado (Travancas-Portugal) desde a que se organizaba a súa saida de Portugal con pasaportes sulamericanos falsificados (moitos cubanos) ou pertencentes a falecidos. Tamén o xeneral Caminero, leal republicano, estivo acollido durante un tempo na zona da Mezquita. A solidariedade das xentes portuguesas da raia cos fuxidos (desertores das reclutas para a frente de guerra e refuxiados políticos) non só se mostraría en feitos coma estes, senón tamén no forte apoio que recibirian as partidas guerri-

lleiras antifascistas que operaban por estas zonas. A represión cebouse de xeito especial cos mestres e aqueles que non eran inmediatamente fusilados ían sendo recluidos (aplicando o plan das Xuntas de Depuración) no cárcere sito no convento de Celanova cuxa dureza testemuñou Celso Emílio Ferreiro. Moitos deles tiveron triste final, fusilados ou "claudeados" nas nocturnas soedades do alto do Furriolo.

Voltando á situación en Verín, o capitán Ros controlaba a situación como Comandante Militar da Praia, axudado polos carabineiros ao mando do capitán Landazábal e polas Milicias Armadas ao mando do Capitán Reigada que ademais era o xefe da intelixéncia franquista na província. A Garda Civil, entanto, andaba a busca e captura das partidas guerrilleiras organizadas en resisténcia armada nos montes dos contornos. O dia 12 de agosto e cando se procede ao izado da bandeira bicolor no Governo Civil de Ourense (paradoxicamente, ás sete da mañá deste dia, eran fusilados en Ourense Gómez del Valle e Fernando Cordón), tén lugar tamén en Verín un acto solene e cheo de parafrenália militar con motivo da reposición da placa da rúa (avenida de Portugal hoxe) adicada ao fascista e ditador, presidente do governo portugués, General Carmona, que fora rachada polos republicanos.

A comarca verinense aportaria 35 homes para o frente do Guadarrama ao mando do médico do balneário de Cabreiroá, Antonio Sanguino, que foron despedidos da vila en entusiástico acto público. Logo, senón todos, ao menos algúns escollidos, serian destinados á zona de Ponferrada, concretamente a Fabero, lugares estes onde ainda constatamos nos máis vellos da zona unha forte aversión ao nome de Verín. Estes falanxistas verinenses, capitaneados polo doutor Sanguino van incorporarse á Centuria Falangista chamada "Los Caballeros de la Muerte" de guarnición na cidade leonesa e cometeren alí toda clase de tropelías e asasinatos indiscriminados. Nos anos seguintes a represión vai acentuarse e para combater aos fuxidos, refuxiados nos montes e en Portugal, son traídas da frente forzas militares que colaborarán coa Guarda Civil na súa captura. A colaboración coa PIDE e as denúncias de axentes portugueses e españois en Portugal van conseguir a detención e entrega de moitos fuxidos republicanos que se tiñan refuxiado na raia portuguesa á espera da solución dos acontecimentos ou dunha saida do país. Oficialmente foron perto de seiscentos os entregados pola Policia de Vixilância e Defeza do Estado, ademais das "entregas" particulares por parte de simpatizantes fascistas portugueses.

O control da raia fronteiriza vai estar centralizado en Ourense no Govemo Militar, mais é en Verín onde o capitán José Rodríguez Reigada (Carabineiros) se encarga de recibir e contrastar toda a

información que os postos de Carabineiros, Guarda Civil, PIDE e confidentes portugueses envian a cotio á Delegación da Inspección de Fronteiras. A Falange vai contar co seu própio Servizo de Información e ainda que colabora a veces co organismo de fronteiras, este, vai estar máis preocupado en investigar aos seus militantes e en captar elementos que poidan nutrir as súas fileiras. Encárganse tamén estes das depuracións de republicanos e da investigación de elementos "impuros" infiltrados na Falange que mediante o estraperlo alcanzaban un rápido enriquecimento. Aparte dos axentes civis portugueses que envian información desde os poyos próximos á raia tamén existen outros que actúan desde diversos hoteis de Porto e Lisboa apoiando o Alzamento e denunciando a presência de cuanto español pernocte neles. O "Suizo Atlántico", "Hotel Miramar" ou o "Monte Estoril - Grande Hotel", todos de Lisboa e o "Atlantic Hotel" do Porto eran algúns dos centros desde onde se enviaba información a Verín. Durante estes anos da guerra, os asuntos que máis lle preocupan a esta "intelixéncia" Nacional son o control e persecución dos fuxidos e o estraperlo de diversos productos grandemente cotizados por mor da guerra. O paso de diñeiro através de Portugal é especialmente seguido pola policia portuguesa pois supoñen que vai parar ao bando republicano segundo informa a Secção Internacional da Policia de Vixilância e Defeza do Estado Portugués. Con este motivo son seguidas e investigadas diversas persoas que habitualmente cruzaban a fronteira: comerciantes de material cirúrxico, gandeiros, xoieiros, axentes de pezas de automóbil... As comisións que se perciben nestas operacións son altas e moitas veces contan co aval de membros da Falange, entregando bos donativos para a organización ou para o hospital que mantiñan en Ourense. O control do correo era un dos pontos fundamentais da "intelixéncia" de retaguarda. Non só se incautaban das cartas dos familiares de fuxidos republicanos ou dos sospeitosos de estraperlo (a Falange mesmo segue a un dos seus membros de Monforte que actúa desde Oimbra) senón a probos profesionais e notórios comerciantes verinenses. Segundo temos constáncia escrita, moitas das cartas que lle enviaban as mulleres aos seus maridos e familiares fuxidos en Portugal nunca lles chegarian ao seren interceptadas pola policia: Jesús de Dios, Serafin Feijoo Fernández ou Evaristo do Marco todos de Sandiás, xamais as recibirian, pois xunto con outras persoas cualificadas todas de comunistas e mesmo os própios familiares, estaban nas listas do Capitán Reigada. Existian igualmente na sede policial verinense, denúncias contra os camareiros *comunistas* do restaurante "León de Oro" da rúa do Príncipe en Vigo e contra o Agente de Vixilância e Defeza do Estado Portugués, Manuel

Dominguez, que foi surprendido cunha maleta con roupa cuxo destinatário era o fuxido e concelleiro republicano de Verín, Avelino Sola.

As denúncias dos confidentes portugueses que operaban nos povos pequenos da raia, levaron á detención de numerosos fuxidos, de desertores e das súas famílias. Os lugares de paso, o como, o cando e onde serian acollidos, eran as informacións máis frecuentes que moitas veces incluian planos dos traxectos e casas de agachamento. A mediados do 1937, a policia portuguesa acorda comezar a detención dos máis de catrocentos fuxidos que se agachan nos montes ou se esconden en diversas casas do Partido de Montalegre. Igual medida seria tomada para os de Chaves, Vinhais e da fronteira do Miño. Outros preferirian botarse ao monte e o resto dos refüxiados, detidos en masa, foron entregados por Verín onde se procedeu ao seu interrogatório antes de levalos para o cárcere de Ourense.

Extractado de:

DASAIRAS VALSA, XERARDO. *Crónicas rexiomontanas. Mancomunidade de Verín*. Vigo 1999

Cronoloxía da represión en Cangas do Morrazo

Xerardo Dasairas Valsa

O presente e o futuro non se poden construir cun pasado sen pechar

A represión en Cangas do Morrazo, un concello con case 13.000 habitantes, foi a todas luces desorbitada con respecto a outras zonas de Galiza con semellante poboación. Non só se deben considerar os perto de cincuenta asasinatos contabilizados, senón tamén a inxente e intensa represión directa e indirecta sobre os veciños e veciñas e a saña e premeditación con que foron cometidos. O relatorio dos feitos nestes primeiros días do Alzamiento inclúe os asasinatos a sangue fría, a ignominiosa prisión en encascadores de redes, esperpénticos consellos de guerra, vexacións ás mulleres e aos homes e un senfín de ominosos feitos dos que xamáis deberiamos esquecernos.

Todo comezou o día 20 ás once da noite cando o tenente de carabineiros con forzas dese corpo, gardas civís e os gardas municipais, procederon á lectura do bando de guerra a favor dos sublevados. Xa nese mesmo día, estas forzas tiñan efectuado algunhas detencións de significados militantes de esquerdas. No día seguinte, as forzas da Guarda Civil e carabineiros comezarían o rexistro e a desfeita material das sociedades obreiras e dos domicilios dos líderes e militantes das organizacións de esquerda. Tamén se iniciarían as detencións discriminadas por parte dos fascistas e as precipitadas fuxidas dalgúns esquerdistas da atroz represión e acoso que se estaba a desencadear. E outra vez o terror de auga fría que dixo Celso Emilio, andaría polos tellados de Cangas e aqueles cidadáns qu*e habían sabido conservar su fe en Dios y su amor a España*, segundo Silva Ferreiro, colaborarían activamente nas batidas de homes, nas detencións, nos paseos e nos numerosos asasinatos que tinguían a cotío de sangue os recunchos e as cunetas do Morrazo. A partir tamén deste día, a escola de dona Anita (nenas n° 2) situada á beira do cuartel da Guarda Civil, habería de servir de improvisado centro de reclusión preventiva antes de ingresar os presos nos cárceres provisorios ubicados nos baixos da Escola Normal ou no Instituto de Ensino Medio (por saturación da Normal) de Ponteve-

dra, funestas antesalas dos parciais tribunais militares. O destino final adoitaría ser o pelotón de fusilamento na Caeira, a reclusión (de incerta duración) en San Simón ou no frontón de Vigo, a aplicación pola Guarda Civil da novidosa e interesada Leí de Fugas ou o paseo (claudea) nocturno e alevoso da man de grupos de fascistas sen escrúpulos que regarían de sangue todos os recunchos de Galiza. Como mal menor ficaría a reclusión en San Simón (onde a cotío se reproducían os linchamentos e paseos), no penal de Burgos, de Pamplona, de Santander ou de Astorga onde os falanxistas escollían indiscriminadamente a súa ración de sangue diaria. A gavilla canguesa, facinerosa e nocturna, apoderaríase das rúa e pecharía ao chou os establecementos, montaría tétricas manifestación con antorchas, saquearía bares ou racharía, en farturenta borracheira nocturna, os santos da fachada da Colexiata. Impuñan o toque de queda indiscriminadamente e as ventás e balcóns das casas humildes de Cangas permanecían en obrigada clausura mentres no seu interior se vivía a anguria dos que non retornaban ao fogar ese día: Durante as innumerables madrugadas de anguria e temor seguían chegando, clandestinas e incríbles, as malas novas de novos asasinatos e persecucións...

De noite andaban a roubar nas tascas e incluso algunha tivo que pechar porque consumían o que querían dicíndolle logo ao dono: Que che pague Rusia. A Barreiro entráronlle no café e beberon o que quixeron e o que non beberon rompérono, incluso lle picaron unha mesa de billar... Empezaron a sacar xente das casas... a Durán, Teixeira, Salvador, Clemente, Gelito...

As cazatas polos montes na procura dos fuxidos converteríanse en algo habitual. Os fascistas locais, borrachos de sangue e alcohol, non distinguían xa as súas presas e mesmo aniquilaban a xente sen filiación política algunha como fixeron co pedreiro José Saa Martínez. Mais esperpéntica ainda, cóntase a morte de Saturnino Blanco, empresario do cine de Cangas quen sería asasinado (nun marco de borracheira e escuridade) polos seus propios compañeiros de Falange que montaban guarda na fonte da Colexiata. A orxía represiva tomaba por veces tintes de macabra representación pública a conta da máis premeditada denigración do ser humano.

Ao socialista Palacios, membro da banda de música, tivérono tocando para eles o seu instrumento ata que lle rebentaron os labios e a Alejandro torturárono canto poideron e como macabro colofón cortáronlle os xenitais e metéronllos na boca. As mulleres que participaran nos actos do Primeiro

de Maio portando as bandeiras ou que estaban afiliadas aos sindicatos, non só foron rapadas no local da Falange, senón que a algunhas como a Carracelas paseárona burlonamente por Cangas cun ridículo frequiño que lle deixaran adrede e cunha fouce e un martelo pintados na frente. A súa irmá Laura, a Paracha, irmá de Eugenio (executado no Anguieiro), a Patoula e outras moitas, tamén sofreron as ignominias e vexacións dos fascistas locais. Os barbeiros de Cangas, obrigados a traballar gratis, non daban a eito con tanto traballo. A unha muller moi maior, de máis de sesenta anos, fixérona exhibirse en público co pelo cortado para maior escarnio. As máis novas, para avergoñalas, facíanlle barrer a terra da Alameda durante todo o día. A Dolores (detida na noite do 11 de agosto), presidenta das atadeiras, levárona para matar pero un garda civil tivo mágoa dela e deulle un tiro nun brazo, deixándoa fuxir. Andivo 18 días polo monte e apareceu na parroquia de Coiro. De alí foi para a súa casa onde a someteron a unha forte vixilancia deténdoa despois (coincidiría co seu home xa na prisión de Pontevedra) e xulgándoa en consello de guerra do que sairía condenada a pena de morte para un penal no País Basco.

Na parroquia de Aldán, onde había moitos reaccionarios, xa sabes, andaban grupos de homes e mozos armados con fouciños e coite/os que buscaban aos republicanos de esquerdas e aos sindica/istas para mata/os segundo as ameazas que lles dictan a quen lle preguntaban... Algúns destes grupos tamén foron á parroquia do Hío coas mesmas intencións...

Os falanxistas de Aldán tiñan ubicado o seu cuartel xeral nunha casa á dereita da curva que hai mesmo se entra indo de Cangas. Alí, pola parte de atrás, facían prácticas de tiro cara o monte. Outro lugar de reunión era o local do Pósito e mesmo a escola foi usada para raparlle o cabelo ás mulleres, a maioría atadeiras, relacionadas con partidos e sindicatos que integraban a Frente Popular. Os fascistas andaban a dar tiros a destro e sinistro, sedentos de sangue pero bébedos de alcohol. O piñeiral de Feniños era o lugar escolleito para o asasinato dos republicanos e dos afiliados aos sindicatos en Aldán e no Hío, ainda que en Udra tamén se cometeron moitas atrocidades.

Moitos fuxiran para os montes cheos de medo polas ameazas e represalias dos falanxistas pero estes ían directos a cazalos onde se agachaban pois dicíase que o cura Valentín Graña sonsacáballe o seu acobillo ás súas mulleres e familiares a través da confesión. A Rial que era da Sociedade de Mariñeiros, os fascistas (dirixidos polo "Come Galiñas") déronlle unha paliza tan grande que case o deixan morto e a outros tres traballadores leváronos e matáronos en Castiñeiras segundo se soubo despois.

Tamén os camisas azuis de Cangas, en alarde de cruel incongruencia, mesmo aludían ao seu sangue azul para xustificaren a cor dos uniformes que vestían e as súas accións frente ao que eles consideraban nas súas propias palabras, chusma obreira e intelectuais colaboracionistas. O recurso difamatorio estaba á orde do día e para cubrir a legalidade dos seus actos os fascistas inventaban argucias incribles nas que chegaron a imaxinar un arsenal de bombas agachado polos sindicalistas da Alianza Mariñeira no cemiterio para arrasar, segundo xustificaban, a casa de Correos que estaba á beira do camposanto.

O día 20 tamén serían detidos Miranda Cabral e outros mariñeiros coma el. Os catro gardas municipais que xa colaboraran na promulgación do bando de guerra, ían declarar nesta data contra o alcalde e os seus compañeiros de corporación, acusándoos de teren armacenadas moitas armas e bombas no Concello.

Xa que logo, o día 23 deterían, tomando un café, ao alcalde Echeverri; o 24 ao concelleiro socialista Corbacho tamén na hora do café; o 25 aos mestres Victor Sánchez (detido pola G. C. na estrada en San Adrián) e Vicente Sáez (este no seu domicilio); o 26 ao barbeiro socialista Fernández del Río (na súa barbería) e ao mariñeiro Rodal Lanzós cando estaba noutra barbería; o 31 ao secretario Búa cando se atopaba no Concello e a Barreiro e Chapela nos seus respectivos domicilios. Despois de pasaren por un infame interrogatorio no cuartel da Guarda Civil, os detidos ingresaban incomunicados na escola de dona Anita perto do cuartel.

Mais adiante xa sería o xuiz Del Río quen lles tomase no Concello as primeiras declaracións aos novos detidos.

As comidas que nos levaban os nosos familiares á escola eran rexistradas e mangoneadas polos falanxistas que facían garda de nós. As nosas necesidades corporais tiñamos que facelas nun caldeiro e cando tiñamos que baleirar este recipente iamos escoltados por dous falanxistas. Nunha ocasión en que estabamos a realizar este labor un dos falanxistas, chamado Daniel Eiroa, díxonos que estaba sendo moi benevolente connosco. Unha noite, mentres nos vixilaba un falanxista portugués, díxonos que para a próxima guarda traería unhsa lata de gasolina e prenderíanos lume para que morrésemos como ratas. O falanxista Oliveira andaba coas balas e o fusil ao lombo pegando tiros... Viña xunto os presos da escola e remexía as balas no bolsillo dicíndonos que ían ser para nós... Outra noite sentimos berrar a unha persoa que reclamaba auxilio polos golpes que lle daban cos fusís e digo que eran fusís porque sentiamos os chasquidos destes. Un dos asasinos dicía: Deixádemo a min, me cago en tal...: A pobre víctima era Emilio Rodal. A mesma sorte sufriu Angelito da Alianza a quen Moldes lle pegou un tiro frente ao cuartel e matouno.

Estes Moldes: Alfredo, Marcelino, Antonio... parecían os doce apóstoles; repartíronse polo Morrazo dando leña en todas partes... Cangas, Bueu, Aldán, Coiro, Vilaboa... E logo cada vez que os rebeldes franquistas collían unha posición, ainda que fose unha aldea pequena, veña a celebralo polas rúas de Cangas cos seus uniformes, correaxes e pistolas, obrigando a todos a erguer o brazo ao seu paso...

O 29 de xullo e segundo as noticias oficiais, xa eran doce (algúns da Xestora Municipal e outros) os individuos presos comunistas perigosos, levantandoselles actas polos delictos cometidos e acusándoos de posesión de armas e fabricación de bombas que segundo as testemuñas de cargo denunciantes estaban gardadas no Concello e no local de I.R. Ao día seguinte serían oficialmente cesados polo Directorio Militar de Cangas, todos os membros da Xestora Municipal, ordenándose a captura de José Piñeiro Camiña que se achaba en paradeiro descoñecido. O primeiro de agosto sería detido na Lanzada o dirixente socialista Rufilanchas a quen a rebelión fascista collera en Cangas onde veraneaba desde o día 15 coa súa muller e fillos.

Durante o tempo que pasamos na escola fomos sorprendidos de repente por un grupo de falanxistas forasteiros acompañados polo seu camarada de Cangas Alfredo Moldes. Estes mandáronnos facer unha rolda de presos e un dos que mandaba comezou a interrogarnos polas nosas profesións. Ao rematar estas preguntas e dirixíndose aos mestres de escola presentes, sentenciou: Así estaba envenenado el magisterio con tanto marxismo; de modo que intelectuales (os mestres) en medio de bandidos (os traballadores).

Un dos que veu a vernos cando estabamos presos era un xefe da Guardia Cívica, un alemán residente en Marín chamado Brun... ou Bruno. Ao entrar, puxémonos deseguida en pé e pensando que eramos dos deles dixo: Cuanta gente tienen, que jóvenes, que buena gente. Mais ao dicirlle que eramos presos de esquerdas, terciou: ¡Hui que cara, a estos un tirito en la cabeza y a la cuneta!

Na represión participaron moitos dos ricos e tamén dos que non tiñan nada pois estes aproveitaban para comer e beber gratis. A maioría eran vagos que nunca traballaran... Logo os mariñeiros tiñan que lles levar por turnos o quiñón ás súas casas.

Algúns destes fascistas formaron parte máis tarde do Grupo Amanecer que andaba a asasinar aos que fuxían pola zona de Tui.

Algúns conserveiros de Cangas como Cervera, Bolívar, Massó, Paganini, Montemer/o... tamén apoiaron e consentiron a represión que foi

executada ou participada sen tatexar polos Moldes, Andreita, os Pesqueites, Mariños, Bobiño, Sildito, Corneta, Levita, Petouto, A. Cordeiro, Rascallú, Solano, O Felecho, Carballo, o carteiro Alejandro (Peteiro) e o seu xefe Bernardo, Rodal, Gil, Oliveira, Caramelero, A Morronga, Toucedo, Fernández, Chapela, Lastra, Chingolo, Crisanto, Lainero, Legarda, Soguilla..., e outros. Moitos destes solucionaron así os problemas de cartos... ou libraron da mobilización ao frente de guerra. Outros non tiñan que solucionar nada económico pois gozaban de boa posición económica, o que pasa é que xa eran fascistas ideoloxicamente. Guido Paganini e Montemerlo que mesmo alardeaban de fascistas italianos (o primeiro era agregado consular de Mussolini en Vigo) xa tiñan organizado anteriormente en Cangas un grupo de camisas viejas que adoitaban reunirse na casa do primeiro e coa axuda de Petouto andaban a recruta de mozos novos que gostaban de lucir os uniformes paramilitares.

E o terror e o medo ían aposentándose pouco a pouco en moitas casas de Cangas e as mulleres, fillos e familiares sufrían a cotío presións, golpes e torturas dos fascistas que sedentos de sangue, andaban na procura dos fuxitivos. Dalgunhas tabernas como a de San Pedro tamén sairían sustanciosas informacións que posibilitarían a captura de moitos militantes de esquerdas.

O día 4, segundo recollen os xornais, non seria posible a detención do mestre Gastiasoro por non coñecerse o seu paradoiro. O Directorio Militar que dirixía agora o Concello, ao mando do tenente da comandancia Dativo Córdoba, mandaría investigar a conducta dos tripulantes do vapor Jesusa. Dos vintesete detidos na escola, oito (entre eles o alcalde Echeverri) serían trasladados a Pontevedra, ficando na mesma dazanove.

O día seis sería trasladado a Pontevedra para ser xulgado o secretario do Concello, Bua Carou. No día dez produciríase a detención de Millán Costas presidente do sindicato de mariñeiros de Aldán. Ao tempo, o que fora secretario en funcións do Concello, Jesús Cordeiro, veríase suspendido de emprego e soldo pola autoridade militar.

O día once Piñeiro Pastoriza (fillo do secretario do xulgado e sobriño do médico municipal) e Millán Costas presidente do sindicato mariñeiro de Aldán, serían acribillados pola Guarda Civil en exercicio da Lei de Fugas cando pretendían fuxir, segundo consta no informe oficial. Ao se enteiraren deste feito, algunhas mulleres daquelas atadeiras e traballadoras da conserva a quen Piñeiro tiña organizado e sindicado, vestirían con lazos negros en sinal de duelo. Ao se atoparen os fascistas con algunha delas, sometíanas a vexacións e insultos, chegando mesmo a lles requisar pola forza as cadeas, medallas e obxectos de valor que portasen en aplicación da

campaña de doación de xoias instaurada para axudar ao exército franquista.

O día doce, nove presos máis serían trasladados a Pontevedra e o Directorio Militar interesaría da empresa Vapores de Pasaje y Turismo informes sobre a conducta dos empregados Díaz Villaverde e Barcia Bamio. A promulgación dun bando polo Gobernador propiciaría que moitos dos que andaban escapados polos montes se entregasen. Os que o fixeron serían detidos de inmediato e levados primeiro á escola-prisión de Cangas e despois a Pontevedra para seren xulgados.

Houbo quen fuxiu de Cangas para o extranxeiro, quen se agachou na casa, quen foi denunciado polos veciños e quen foi axiidado... mesmo houbo quen ao ser descuberto fuxiu vestido de muller.

O Carabe/o estivo metido no oco dunha dobre parede... O cura de Coiro foille tirar a agravante de perversidade ao Pequecho (mira que se metera ben con el nas coplas) e o ex-párroco de Cangas don Valentín escondeu a Varela e criticou os actos dos fa/anxistas. Logo morreu... se estivese el de párroco en Cangas ao mellor os mortos eran menos como sucedeu en Coiro onde o cura apoiou a moitos... O que realmente pasou é difícil de contar, os fascistas de Cangas só querían sangue: A Petiscado matárono diante do cuartel sobre as tres ou catro da tarde, a plena luz do día, vímolo todos os que estabamos presos e mesmo quen foi o autor. A Piñeiro Pastoriza fiéronlle o mesmo, no mesmo día e lugar... era de noite, de madrugada... si, aquel Moldes... ¿Que lle fixemos nós?...

O día catorce, xa era tal o número de presos de esquerdas que a autoridade militar da praza de Cangas consideraría necesario o seu traslado a Pontevedra pois nen o local da escola, nen os galpóns da encascadora de enfrente, habilitados como prisión, non ofrecían xa suficientes garantías de seguridade. Neste día recibiríase o informe das pescudas feitas sobre os funcionarios do Concello por se houbese que depurar responsabilidades e tamén os informes sobre os mestres que *non fixeron ben as súas cousas* (sic) procedendo a denuncialos ao Rector de Santiago. Asimesmo procederiase á requisa de vehículos para uso da Falange local e á investigación da conducta dos tripulantes dos vapores, especialmente dos denominados Curros Enríquez e Azaña.

O día 19 constituiríase consello de guerra ordinario para instruir un proceso sumarísimo contra Echeverri, Francisco Búa, Lorenzo Corbacho, Víctor Sánchez, José Rodal, Angel Fernández, Manuel Sotelo e Jesús Barreiro. Serían acusados de que o 17 de xullo e unha vez declarado o estado de guerra polas autoridades

militares, aqueles alzáranse en armas e formaran partidas que hostilizaron ás tropas. Tamén serían acusados de dirixir o alzamento rebelde (?), de organizar a rebelión, de requisar as armas que en Cangas tiñan os elementos de dereitas (niso non se equivocaran) e de repartilas entre os paisanos afectos ao movemento faccioso (?). Outra acusación sería a de organizaren un grupo que fora en defensa do Goberno Civil de Pontevedra (goberno democrático e legal emanado das eleccións), animados e arengados desde o balcón do Concello por Corbacho e Víctor Sánchez. En exclusiva, acusaríase ao alcalde Echeverri de requisar automóbiles e de declarar a folga xeral revolucionaria e a Corbacho, propagandista condenado nos sucesos de outubro, de construir as bombas que apareceron no Concello. O mestre Victor Sánchez sería acusado de utilizar a escola para difundir as súas venenosas doctrinas e producir fondos estragos na moral das xentes.

Mentres acontecía isto, o párroco de Coiro Manuel Vivero García faría público na prensa un efusivo e patriótico panexírico sobre a figura do mártir Calvo Sotelo con motivo do funeral que lle dispensarían en Cangas ao día seguinte. Este día, vinte de agosto, a Colexiata encheríase de numerosos fieis de dereitas e de membros das Milicias Falanxistas de Cangas, de Pontevedra, Marín, Vigo e Moaña. O acto estivo presidido polo tenente de navío Alfonso Temes, xefe da base naval de Marín e da Falanxe do Morrazo. Ao remate do mesmo, as Milicias coa banda, desfilarían polas rúas de Cangas entre ovacións, saúdos fascistas, bandeiras bicolores nos balcóns e o soar das sereas dos barcos pesqueiros surtos no porto. Ao remate destes actos, o comandante de cabaleria Oscar Boán dirixiríalle unha patriótica alocución aos presentes, solicitando a contribución dos veciños para o sustento da guerra. Despois de resaltar a importancia de entregar xoias, ouro, prata e cartos pero tamén ovos, patacas, polos, ma.zás, roupa... anunciaría que se había de proceder tamén a unha requisa de vehículos. Para a recollida dos cartos, das xoias e outros obxectos de valor sinalaríase a oficina do Banco Pastor de Cangas mais como esta entrega era anónima, a maioría dos patriotas optarían por facelo no cuartel da Guarda Civil ou na farmacia do fascista Valentín Graña segundo se anunciaba na prensa. Nestes lugares tomábase nota dos doantes cuios nomes se vían reflectidos logo nos xornais para ledicia de uns e o alivio de outros que se vían descartados da represión por este motivo.

O día 24, o cura Manuel Vivero continuaría coa celebración de funerais a Calvo Sotelo, esta vez na súa parroquia de Coiro. Ao remate do acto desfilaría unha escuadra da Falange Española de Cangas e unha sección de Balillas (nenos falanxistas), encargán-

dose novamente o comandante Oscar Boán de revistar esta tropa. O día 26 comezarían as detencións clandestinas de militantes de esquerdas aos que a xustiza militar ordinaria ainda non tiña molestado. Aos vinteseis que había presos sumaríanselle moitos máis pola noite e meteríanos no encascador que había perto da escola, á beira do local da falange. Os falanxistas, considerando que eran perigosos moitos esquerdistas e sindicalistas, aproveitarían o estado de excepción para tomaren vinganza pola súa man e pasearían a uns vintecinco homes en Cangas.

Os once de Anguieiro

De entre todos os que foran prendidos con premeditación, nocturnidade e aleivosía sobre as dúas da madrugada do día 26, e despois de facelos pasar dous días na checa do encascador, seleccionarían a once que serían levados ao lugar de Anguieiro, na Magdalena, onde dúas horas despois habían ser fusilados aleivosamente por un piquete fascista formado por un guarda civil vestido cunha funda de traballo e catro falanxistas. Mais un dos axusticiados, Lao Ferreiro, só ficaría ferido e conseguiría botarse da camioneta e fuxir, iniciándose entón unha persecución selvaxe por terra e por mar ata que os fascistas conseguiron rematalo en Cabo Home. Logo, desde unha motora propiedade de Cervera, os cadáveres serían fondeados na Ría atados coas parrillas que se usaban na conserveira e alí ficarían bastantes días ata que por unha manobra casual dun barco, cinco daqueles volverían do mar para testemuñar a voráxine fascista que envolvía Cangas nestas datas. Ao estupor inicial do macabro achado seguiríanlle numerosas mostras de dor dos familiares que procuraban ser consolados polo numeroso xentío que se concentrara no lugar baixo a atenta mirada dos carabineiros. Os mortos foron logo cargados nun camión dun veciño e soterrados no cemiterio cangués.

Continúa a represión e os asasinatos

Ao tempo, as cazatas fascistas polos montes na procura de fuxidos, semellaban un macabro divertimento cotián de corte medieval que mesmo acabarían estendéndose ás Cíes onde se tiñan refuxiado militantes esquerdistas e sindicalistas das poboacións da Ría, entre eles sete de Cangas. Coincidindo co achado dos mortos de Anguieiro, Bernardo Lemos sería asasinado aleivosamente nas illas. Ao retornaren os falanxistas a Cangas e saberen do achado dos fondeados e da concentración de xente no lugar, amedoñarían á poboación dicindo que de estaren eles presentes os mortos habían ser máis.

Mataron e martirizaron a moitos, andaban á caza dos que se escaparan para o monte e para as Cíes. Cando collían a algún andaban con el a rastras polas rúas. Ao Petiscado cando o levaban xa ía medio morto. Era unha persoa maior e berraba: ¡Ai, pobo de Cangas, mirade o que lle fan a un vello! Entón pegábanlle para que se calase e non se oísen as súas voces. Co Luis e co Charrúa fixeron o mesmo, torturándoos nas partes. Unha noite sacaron da escola a Corbacho e a Antonio Fernández e cando retornaron viñan tan flaxelados e coas costas tan sanguiñentas que non se lles podía tocar Outros aparecían mortos xunto o cemiterio... O sangue aparecía salpicado nas fachadas. Nós nunca lle pegamos a ninguén e eles fixeron o que quixeron connosco...

Unha vez, de noite, entre sete ou oito facinerosos roubaron cartos no vapor de Raúl e botáronlle as culpas a un rateiriño chamado O Orella. ¡Que tunda lle deron! Tivérono así catro ou cinco días ata que se descubriu que non fora el... En agosto, moitos fascistas andaban tras dos cartos das sociedades, o guarda Bernal non paraba de preguntar onde andaban as oitocentas ou novecentas pesetas da Sociedade de Canteiros..., romperon todo, levaron bancos e mesas, racharon a bandeira...

Desde comezos de setembro comezarían a aparecer na prensa noticias da frente de Asturias na que se encontraban moitos voluntarios de Cangas como o presbítero José Acuña. As noticias das mortes en combate tamén comezarían a chegar, destacando a de Manuel Chapela que combatía na columna de Gómez Iglesias. A dobre linguaxe informativa faríase tamén cada vez máis patente e sutil, cualificando de heroes e asasinados polas hordas rojas a uns e de axusticiados aos que eran víctimas da represión fascista. Outro dos actos mortuorios de grande relevancia en Cangas sería o do funeral e enterro de Graña Rodal ao que asistiron os curas de Cangas e de Coiro e as milicias falanxistas de Cangas, Vigo e Moaña que acompañarían o cadaleito en formación. Xa no día 21 deste mes e baixo a presidencia do tenente Dativo Córdoba, procederíase a nomear unha xestora que puidese xustificar a existencia dun poder municipal civil ainda que en realidade seguisen sendo os militares e falanxistas quen realmente tivesen a tixola polo mango. Este mesmo día, Echeverri, Sánchez e Corbacho serían condenados a pena de morte (os dous primeiros foron fusilados o 28 de setembro e Corbacho o 23), a Bua e Rodal Lanzós caeríalles cadea perpetua, a Fernandez del Río e Barreiro tocaríanlle quince anos e Manuel Sotelo Suárez, por demostrar que estaba embarcado, sería posto en liberdade. Cabe tamén suliñar no macabro anecdotario fascista que o irmán de Echeverri, médico tamén, chegaría anos despois a rector da Universidade de Santiago, impóndolle o título de doutor honoris causa ao mesmo Franco.

Este feito sería moi criticado nos círculos de familiares e amigos do que fora presidente da Xestora frentepopulista de Cangas.

O día 29 os nove presos que ficaban na escola de Cangas serían levados para Pontevedra. Despois tocaríalle o turno da represión aos mestres e así nolo indica un informe sobre o docente Mosquera no que se recolle que «es de buena conducta y atento a su profesión aunque se sospecha que fuese simpatizante del Frente Popular». Outro sobre o tamén docente Bernárdez Gómez indicaba que «es de tendencias extremistas y deja bastante que desear» e outro sobre Angelina González di que «su actuación en la escuela era laica y es simpatizante del Frente Popular». Como se ve, a actividade do Directorio Militar e dos falanxistas locais non cesaba no seu exercicio represor e informador, sendo numerosísimos os datos que a diario se recababan de mariñeiros, obreiros, directivas dos sindicatos, militantes políticos, mestres, pequenos industriais... O xuíz Del Río que se trasladaba a cotío a Cangas, seguía a presidir as sesións dos interrogatorios oficiais aos detidos. Algúns funcionarios do Concello (pois a maioría foran cesados) prestarianse a colaborar eos represores, facendo os partes de denuncias no cuartel, no local da Falange ou no mesmo Concello, lugares estes por onde os detidos ían pasando lentamente nunha rea para daren a súa filiación completa e firmaren declaracións cuios datos non se axustaban á realidade.

Levároronnos á Normal de Pontevedra que facía de prisión. Estaba a tope. Nos consellos de guerra había xuices militares que só querían sangue. Os defensores, tamén militares, tiñan medo de exercitar unha defensa seria pois podían envialos ao frente de guerra, segundo nos contaban. Cando solicitabas testemuñas de descargo entre os dereitistas de Cangas, estes pasaban a testemuñas de cargo ao formularen máis aeusacións contra nós...

O luns, 27 deste mes de setembro, o comandante de cabalería Oscar Boán y Callejas sustituiría ao tenente (antes alférez) de carabineiros Dativo Córdoba como alcalde e delegado de Orde Pública.

O día tres de outubro, o nacional-catolicismo imperante, faría un descanso na súa macabra función represora e festexaría cunha misa de campaña, celebrada polo párroco Sanmartín, a entrega dunha bandeira bicolor á Falange Española y de las JONS de Cangas.

Neste día, un/sa manifestación fascista, composta na súa maioría por muileres fanáticas, achegouse ata a escola-cárcere ondefomos insultados e apedrexados por estas cos adoquíns dunhas obras que se estaban a facer alí. Menos mal que os gardas puderon conter entón a aque/a avalancha de chusma incontrolada que viña por nós... Algunhas mulleres, señoritangas,

facían manifestacións e viñan xunta os que estabamos presos a apedrexarnos. A/gunhas como a Morronga e a Chata mesmo exhibían decote o uniforme de falanxe... tamén ían moito a Pontevedra ás manifestacións e actos que chamaban patrióticos onde lucían a mesma facha.

O día cinco continuaría o trasego de presos e outros dez máis serían enviados a Pontevedra. A maquinaria represora ía pechando cada vez máis o seu círculo e moitos mariñeiros eran detidos segundo ían chegando os barcos das campañas pesqueiras. Cara o día once de novembro, a vella máquina Underwood do Concello como xa renqueease saturada de escribir tantas letras de sangue, tería que ser reforzada na súa macabra misión polo auxilio da nova Mercedes de compra ainda recente. Ambas apurarían día a día a morte e o presidio, pulsadas polas daquela escasas mans expertas capaces de dar máis de cen puñaladas por minuto. Cara o día vinte, todos os alcaldes de barrio serían cesados, procedendo o novo alcalde ao nomeamento de outros. Por se ficase alguén ainda sen deter, o Delegado de Orde Pública (léase o alcalde) reclamaría o listado de todas as directivas das sociedades de Cangas que estiveran exercendo a o 16 de febreiro do 1936, é dicir, desde o mesmo día do trunfo da Frente Popular. Durante o que restaba do ano e alá polo cinco de decembro, o mariñeiro Rufino Miranda Cabral sería asasinado en Cesantes despois de fugarse (¿) de San Simón e o mestre Vicente Sáez, tamén preso no lazareto, aparecería morto nunha cuneta de Marcón.

A sombra azulada da morte seguiría estendendo o seu fúnebre manto durante todo o ano 1937 baixo a coartada da inefable Lei de Fugas. O 7 de abril tocaríalle a Rodal Blanco que estaba facendo o servizo militar na zona republicana. Acolléndose a unhas supostas medidas de gracia dictadas polos franquistas, entregaríase, ingresando preso en Vigo. Aos poucos días sería paseado, aparecendo o seu corpo en Ponteareas onde o cura se negaría a enterralo tendo que ser trasladado a tal fin a Cangas. O 12 de maio serían condenados á pena de morte en consello de guerra por rebelión militar, Antonio Fernández Fernández, José Gallego Nogueira, José Mejuto Bernárdez e José Meis Martínez, mestre en Marín. Desde a súa detención no 36, algúns habían permanecer presos en San Simón ata a data da súa execución. Como non lles chegase ben coa morte destes, o tribunal sentenciaría aos familiares dos tres primeiros a multas de cen pesetas e de dúas mil aos do último. No mesmo consello de guerra sería condenado á pena de morte Agustín Sanjuán, pena que logo lle había de ser conmutada pola de cadea perpetua. Outros encausados neste xuízo foron, o mestre Gastiasoro, Joaquín Nores, Serafin Gómez e Germán Chapela que

serían condenados a cadea perpetua e multas. A Ismael Costas caeríalle condena de vinte anos e un día e a Albino Varela, José Otero, Manuel Sotelo, González Dantas, Díaz Carballo, Piñeiro Avendaño, Villar Soliño e Valladares penas de doce anos e un día. Mesmo Evaristo Dobarro, un rapazolo ainda, sería condenado a seis anos e un día por ter como atenuante o ser menor de idade. O balance da represión fascista no Concello de Cangas concretaríase finalmente co tríste haber de numerosos presos políticos e perto de cincuenta mortos.

Bibliografía

DASAIRAS VALSA, XERARDO. *Memorias da II República en Cangas*. Ed. do Castro. A Coruña 2002.

Mortos, presos, fuxidos e desertores en Cangas (Pontevedra) na retagarda

Antonio Nores Soliño
Iago Santos Castroviejo

Resumo:
Faise a lista completa das persoas mortas "na retagarda" da guerra civil en Cangas: 46 persoas e recompílase, analísase e selecciónase a documentación conseguida sobre cada unhas desas matanzas, con algunhas excepcións das que non foi posible obter moito.
Recorremos algúns rexistros civís, sen embargo nestes hai moitas persoas ausentes, especialmente os desaparecidos sen deixaren cadaver. Temos poucos e insuficientes datos sobre sentencias –que foron apenas o 20%– e recorremos bastante ás entrevistas orais a persoas próximas ós acontecimentos.
Recollemos tamén as traxectorias de prisión, fuxidas, desercións, cambios de bando e exilio.

O que teño que levar é valor para morrer
Johan Carballeira, ó saír do Lazareto

A sublevación militar franquista e a defensa popular da República

A sublevación do exército contra o réxime republicano prodúcese na provincia de Pontevedra inicialmente na base naval de Marín e na praza de Vigo. Na realidade, case todo o exército, ou máis ben, case tódolos mandos do exército eran desafectos á república. Alí onde a sublevación non se produciu foi moito máis pola presión popular, as milicias populares e as tomas das prazas militares polos sindicatos, os mandos baixos, os mariñeiros e os soldados, que moitas veces arrestaron ou mataron ós militares de gradación e tomaron eles directamente o mando, exercéndoo de forma máis democrática. Prazas e barcos da armada foron tomados polas súas dotacións, que se fixeron co mando e así se presentaron ó Presidente do goberno.

Na cidade de Pontevedra tarda en producirse o pronunciamento das forzas militares, e mesmo se pensa que non se producirá. As forzas da Fronte Popular están moi activas: acuden a

Pontevedra coches, camións e grupos da provincia a defende-la República. O Gobernador (Acosta Pan) autoriza as requisas de armas e a entrega ó pobo disposto a evitar o trunfo do exército. O exército non se atreve a pronunciarse.

As forzas da Fronte popular en Marín que viñan despregando unha actividade extraordinaria dende o día 18[1] *declaran a folga xeral revolucionaria mediante o toque extraordinario das sereas dos barcos pesqueiros surtos no porto, ordenado polo Comité*[2] *á 1 da tarde do día 20.*

Ó toque das sereas segue a concentración de gran número de obreiros e campesiños de tódolos arredores de Marín, que chegan á vila ostentando moitos deles distintivos roxos e saudando todos ó estilo comunista.

No faiado da casa do Concello trabállase afanosamente na preparación de bombas e outros explosivos, repártense armas e municións ós elementos máis destacados; efectúanse rexistros domiciliarios e corre insistentemente o rumor, que chega ata o Polígono (base naval) de que as masas van proceder ó asalto deste" (*Silva, 1938*).

No alto da Portela, alomenos, dirixentes obreiros e democráticos, seguramente acampados no monte, vixiaban as comunicacións con Cangas.

Eu fun a recoller unha arma, para ir a Pontevedra. Estaba o cuñado do Charrúa, o que mataron no Lazareto, Rufino Miranda (...) *Déronme unha escopeta de caza.*

—¿e a munición?

—A munición hánvola dar arriba.

—Pa un pau non vou a ningún sitio. Non fun.

Viñeron p'acá. Dispois á noite, cando viña eu da... moza, díxome Pitiscado (*Rafael*)*: "Tomás, colleron os militares o Ayuntamiento. Vamos a Anguieiro, que vai... está o irmán da túa moza, José, e... ¿Vamos! Vamos con un que lle chaman Franco, que era canteiro... "Ter cuidado, aí, ter cuidado... Chamar de lexos" ¡Joséee! Eu son Tomás, o mozo da túa irmán* (*300*) *Tira, tira, tira, tira... cando miramos... pinos atravesados... por aí non podemos pasar... Viñeron dous ou tres ou catro por atrás e dispois outro por diante: "que... deixar iso que... o Ayuntamento xa colleu o militar."* (*TR*)

Viña eu de botar a hora e díxome o Pitiscado: "Tomás: fíxose cargo o militar, do Ayuntamento. Vamos a Anguieiro... está José, están varios e..." un de Cimadevila, tamén, que era dos Landíns... os Pavitos, de Darbo... había...eu non sei... habería máis de dez ou doce. Pero díxome ese Aniceto: "Ter cuidado... chamar antes de..." "José... eu son Tomás, o mozo da túa irmán... Baixaron, baixaron (eu non os mirei baixar, eh) dos árboles... e de repente por atrás uns e un por diante outro "Mirar: fixéronse cargo o militar, do Ayuntamiento. Baixar todos" e baixaron todos.

Estaban facendo guardia para... se viña a Guardia Civil non sei, botarlle bombas... (*TR*)

De Cangas partiron para Pontevedra dous ou tres camións cheos de xente para poñérense ó dispor do Gobernador na defensa da república, Rufino Miranda repartía armas e seguramente ía ó mando dun camión. Tamén foi moi decidido Lao Graña (OCh)

Iba un coche co eses pistolas... carabinas de cazar, que anduveron a requisar na dos Cerveras... Eu tamén, se che digo a verdá. Ahora xa non me fan nada. Eu tamén quería ir a Pontevedra. E, cando vexo Rufino Miranda, que era quen distribuía:

—Toma

—¿e a munición?

—Hánvola dar no camiño.

—Entón levo un pau. Non quero nada.

Ese, o irmán do Cabezo..: —"Non vaias Tomás, non vaias"

—¿Por qué?

—danche unha escopeta sen munición nin sin nada... ¿para que che sirve iso? Se me veñen, non me podo defender. Non vou.

E fixéronos dar volta"(*TR*)

(*450*) *Cada un viñera para as súas casas* (*o reparto de armas*) *foi no Ayuntamiento, antes de ir ó coche p´arriba, antes de ir eu buscar as armas... 3 ou 4 días antes. Estaban os Moldes presos abaixo... inda mandaba Corbacho... Estaba o Hazaña...* (*...*)(*529*) *No coche inda irían 15 ou 20 personas. Ó chegar a Marín xa... Rufino foi.* (*TR*)

Eu parece que aínda os estou mirando no camión, que eu viña de lavar a roupa. Había un camión cheo, debaixo da casa mismo da de Judas.

—¿non vas mirar? Han de estar os teus irmáns.

—¿onde están os meus irmáns? Han de estar no taller...

Entón eu arriei a tina e () *Non fixen caso de nada. E dime ese Bernardo Lemos:*

—Vamos a defender nós...

Ían dereitos a Marín e estaban as tropas na calle" (*RNR*)

Conducíu o camión Agustín Sanjuán, mecánico da empresa de transportes. Madamita, o changador?, tirouse diante do camión para que non foran. Apartárono. Os camións foron parados en Marín por mandos da Escola Naval ás 3 da tarde do día 20:

seco estoupido dunha detonación, que chegou procedente, ó parecer, da parte alta da estrada Cangas-Pontevedra, inmediata ó Polígono. Deste saíron, naquela dirección, oito homes primeiro e logo unha sección de 36, que cortaron a marcha a dous camións e un coche lixeiro que ía en direc-

ción a Pontevedra cargado de escopeteiros, que dende aquil momento deixaron de selo, non sendo que poidan tamén levar ese nome os que, privados da escopeta, teñen que se armar de paciencia.

Contra a detención e desarme das flamantes[3] *milicias marxistas de Cangas e Bueu reclamou ben pronto o Gobernador de Pontevedra, que telefónicamente ordenou ó Polígono que "devolvesen as armas recollidas".*

—Mañán as devolveremos Sr. Gobernador –contestáronlle.

—¿Con que dereito desarmaron vostedes a isa xente?

—Tamén mañán veremos iso" (*Silva, 1938*)

Algúns dos seus ocupantes foron detidos (entre eles Rufino Miranda Cabral) e ós outros (entre eles Manuel Miranda Cabral, cremos que no 2º camión) requisáronlle as "armas" e volveron para Cangas.

Manuel Parcero Bernárdez foi un dos que saíu desta vila con armas para Pontevedra, sendo detido en Marín en unión doutros e facéndolles regresar a esta localidade" (*AMC, 29.3.38*).

En Vigo lese o bando proclamando a sublevación militar e o estado de guerra o 20 ás 11.30, e a resistencia no Calvario dura ata o 23. Moi decisivo para o Morrazo e para a provincia foi a base naval de Marín: alí os mandos están moi aconchavados e á espera do pronunciamento das forzas de Pontevedra. Por fin se deciden a pronunciárense eles o día 20 ás 6 da tarde. Aínda que a resistencia estaba organizada, a proclamación do estado de guerra non tivo, ó parecer, incidentes. Pero dentro da propia base aínda ían topar resistencia:

O día 22 de xullo, cando xa toda Galicia estaba en pé de guerra contra o conglomerado de antipatriotas que viñan desangrando España, intentaron estes facer en Marín o que en moitos barcos de guerra fixeran outros camaradas: asasinaren xefes e oficiais e apoderárense do Polígono.

A trama fora fraguada por auxiliares de distintos corpos e o seu desenvolvemento estaba concertado para as nove da mañán do devandito día 22. Quixo a providencia que se malograse ó ser descuberta na forma que segue:

Debían saír de Marín para Vigo dous pequenos gardacostas co obxecto de transportar a aquela praza forzas de asalto. Chegada a hora de partir, os maquinistas negáronse a obedecer, dándose conta diso o Comandante do Polígono.

Enterado este, chamou ó segundo, D. Pedro Fontenla. Conferenciaron ambos e acordan convocar a tódolos auxiliares para que o comandante lles falase.

Destacado con algúns individuos de tropa no monte "Gorila" próximo ó Polígono estaba un dos convocados, auxiliar de Artillería D. José Pérez, que para acudir á citación do comandante deixou no seu posto ó cabo carteiro Juan Martínez Rey. Martínez Rey estaba enterado do complot: sabía que o Auxiliar Pérez era un dos elementos principais da conxuración, e tan pronto como se viu libre da presencia do traidor, foi a correr ó Polígono a contar ós seus xefes todo o ocorrido.

Foi así como estes se enteraron de cómo o tal Pérez propuxera á xente que tiña ó seu mando a conveniencia e necesidade de desfacérense duns xefes "que lles estaban a enganar, asasinando a estes e a tódolos oficiais (Silva, 1938).

E así facilitouse o aplastamento da resistencia dentro do exército. Dende ese momento os barcos, tropas e hidroavións da Base Naval de Marín van ser moi activos na sublevación contra o réxime republicano.

En Bueu os días 18 e 19 os dirixentes das sociedades e o alcalde requisan armas e municións e reclutan homes. Sae unha primeira expedición a Pontevedra de dous camións ó mando de Francisco Piñeiro, 1º tenente alcalde, e pouco dispois unha segunda, composta de 3 grandes coches que foron detidos en Marín con enganos. Aínda así, ata o día 24 permanece en Bueu a única autoridade visible. O 23 xa fuxen ó monte os máis deles, intentando voar antes a ponte de Lapamán, e o 24 toman Bueu forzas militares da Base Naval de Marín.

"Os fuxitivos de Bueu refuxiáronse nos montes "Castrillón" e "Outeiros" onde polo menos en dúas ocasións fóronos visitar algúns dos que, enmascarados aínda, vivían tranquilamente na planicie, para recibiren orientacións e consellos de aqueles. Estes elementos celebraron unha reunión no monte Outeiros e outra en Castrillón á que concorreron uns 150 homes, acordándose non reanuda-lo traballo e se os mariñeiros saían ó mar obrigados, volveren sen pesca" (*Silva, 1938*).

En Cangas estaban os mariñeiros en folga, cando

O día 18 obsérvase, non sen extraneza e certa preocupación nas persoas de orde, que as comunicacións con Cangas estaban cortadas. Uns atribúeno a avarías no tendido, mentres outros, máis sensibles ó ambente dos tempos, xulgaban que algo anormal sucedía.

O día 19 pola tarde a actitude expectativa que os folguistas observaran nos anteriores transfórmase en efervescente actividade, que se manifesta no crecemento de grupos, requisa de armas e vehículos ordenada polo alcalde e berros máis ou menos revolucionarios. Este mesmo día

chega a Cangas a noticia do erguemento das tropas en África e soubo entón quen o ignoraba, por que o día anterior foran cortadas as comunicacións.

Toda a mañán do día 20 estiveron os elementos revolucionarios da vila en contacto contínuo co gobernador da provincia e obedecendo acaso ordes do mesmo saíron á unha e media da tarde con rumbo a Pontevedra dous camións cargados de homes e escaso número de municións e armas na súa maior parte inutilizadas, pois previsoramente a garda civil aconsellara ós posuidores de escopetas que lles tiraran os punzóns antes de entregalas ós encargados da requisa.

Os devanditos camións, ó igual que a carga que levaban, non chegarían a Pontevedra! En Marín cortáronlles o paso e... alí quedaron, coma noutro lugar dixemos, armas e municións regresando a Cangas, maltreitos e muiños (...).

Entramentres, no cuartel da garda civil –onde dende o día 14 se concentrara o posto de Bueu formando un total de 14 homes– nada se sabía da actitude das forzas da capital nin das das outras prazas.

Permaneceron á expectativa Garda Civil e Carabineiros, que se uniran, sen seren molestados polos diversos grupos que se unían e berraban sen cesar, ata que, ás nove da noite, comunícalles o xefe da Benemérita dende Pontevedra o trunfo do movemento español naquila capital e ordena que sexa proclamado en Cangas o Estado de Guerra.

Efectivamente, serían as once da noite cando os pacíficos moradores da vila entéranse de que hai en Cangas unha forza, que acaba de impoñerse (...).

Posteriormente, tal vez aquila mesma noite, os roxos intentaron destruír e facer desaparece-lo bando colocado pola autoridade militar. Non o realizaron, sen embargo, a pesar de que o pobo estaba completamente a escuras por ter sido cortada a luz poucos momentos dispois de ter sido proclamado o Estado de Guerra.

Transcorreu a noite do 20 sen outro suceso digno de mencionarse e parecía estar xa todo tranquilo cando outra noite, aproveitando a escuridade producida tamén por outro acto de sabotaxe no tendido eléctrico paquearon a casa cuartel da garda civil sendo este, por dicilo así, o último acto de presencia que en Cangas fixeron os revoltosos.

Xa o día 21 empezan os rexistros de sociedades obreiras e domicilios dos elementos máis significados da revolta. Algúns deles foron detidos e moitos fuxiron debido á confusión dos primeiros momentos.

Posteriormente déronse diversas batidas polos arredores do pobo nas que, a parte da garda civil e carabineiros, tomaron parte moitos cibdadáns que, nos tempos de persecución, souberan conserva-la súa fe en Deus e o seu amor a España" (*Silva, 1938*).

Foi declarado o Estado de Guerra ás 11 da noite do 20 de xullo de 1936 polo tenente de carabineiros don Dativo Córdoba Córdoba ó mando

de 14 gardas civís (7 do posto de Cangas e 7 do posto de Bueu) 6 carabineiros e 4 gardas municipais armados, entre eles o que facilitou esta información, que actualmente conta 86 anos cunha memoria prodixio.

Non ocorreu absolutamente nada durante a proclamación do estado de guerra. Leuse a proclama por tres veces: fronte ó edificio do Concello, na Alameda e ó inicio do Molle. Estaba Cangas deserto e ninguén circulaba polas rúas" (*Miranda, recollido por Angel Fernández del Río, s.d*)

Perdida xa a esperanza da resistencia á imposición do exército e as institucións reaccionarias, estaban os barcos listos para ir ó bonito. O Marrixo (José Rodal Lanzós) exprésalle ó Alcalde, don Agustín:

Porque cando empezou o Movimiento, aquí na provincia de Pontevedra inda botou uns cantos días sen... En xullo os barcos que había en Cangas, todos a vapor, estaban preparados para ir ó bonito...

—¿Marchamos..?

E dixo el (*Echeverri*)*: Imos ver. ¿Que nos van facer? Veñen aquí. Levantan acta e... temos todo claro.*

E dicíalle papá: Mira que ti non sabes ben quen é esta xente, eh Jorge.

—¿Pero que nos van facer? ¿vannos matar, Rodal? (*LRB*)

Estas expectativas e conversas tivérannas dende logo na Alianza: O Maneghra cando menos xa fora da opinión de marcharen nos barcos. Pero

P. ¿Xa se sabía que parte dos militares estaban a favor da dereita?

MSA. Si, xa había rumores, pero non se contaba con iso, non se contaba con tanto (*MSA*)

Polo tanto, a resistencia ó golpe militar debeu consistir en:

- Os debates, asembleas e reorganización polas sociedades da sociedade civil, todos en estado de alerta. A declaración de folga xeral revolucionaria.
- As requisas de armas polo Concello e o "estado maior" alí instalado[4]. Estas armas serviron para armar ós voluntarios das camionetas que foron a Pontevedra para poñerse ó dispor do Gobernador republicano e organizar algúns destacamentos en certos puntos, cando menos no alto da Portela.
- Os paqueos e atentados dos primeiros días (acaso 20, 21...)
- A retirada ó monte de dirixentes e outros membros dos movementos democráticos, que pasan aí dende unha situación de alerta a outra de resistentes e fuxidos.

A resistencia ó golpe militar terminou ós moi poucos días da proclamación do estado de guerra. Moitos dirixentes e persoas destacadas fuxiron ó monte (o monte dos Remedios, por exemplo, apareceu cheo de xente, e unha mañán con toda a herba revolta), escondéronse nas súas casas ou quedaron vivindo normalmente.

O inicio da represión

A represión empezou coa prisión de persoas, que son ingresadas en lugares habilitados para cárcere: o "Instituto" (Instituto Local de Hixiente, onde é hoxe a casa do mar); os locais da falanxe (un fronte ó "Instituto" e outro na casa de Cheré en República esquina Estrela, fronte ó Concello vello).

Outros cárceres inmediatos foron os baixos dos xulgados, a "Normal" de Pontevedra e o "Lazareto"[5] (Illa de San Simón).

Os primeiros detidos foron os que ían abordo da primeira camioneta. Nela ía Rufino Miranda, Lao Graña e outros. Estes foron presos en Pontevedra primeiro, e dispois moitos deles enviados ó Lazareto, habilitado entón para cárcere. Rufino Miranda estaba xa en poder da garda civil de Pontevedra, foi entregado na prisión de Pontevedra o 21 de xullo e ingresou no Lazareto o 26 de outubro.

O segundo grupo de detidos foron os membros da comisión xestora municipal, detidos[6] entre o 23 e o 31 de xullo do 36. O 31.7 tamén prenden a Germán Chapela Leiro, que ingresa na prisión de Cangas e o 19.9. trasládano á de Pontevedra, onde asiste (non como procesado) ó Consello de Guerra da Xestora. O 17.10 ingresa no Lazareto, o 20.5.37 condénao un Consello de guerra a prisión perpetua por rebelión militar e o 2.3.39 trasládano á prisión de Burgos.

Dispois van prendendo dirixentes sindicais, políticos, interventores da Fronte Popular, mestres democráticos e todos os que foron considerando: a lista de presos é interminable: Camilo Rodal Rodal O Pitiscado, Antonio Fernández Fernández Pavito...

MSA. Levàronos para alí onde hoxe está a casa do mar. Había alí unha escola, onde meteron os primeiros. Había unha chea deles, 14 ou 15. O 26 de agosto foi cando caín preso.

P. ¿Vostedes foron os segundos en caír ou houbo algunha redada no medio?

MSA. Primeiro foron os presos do Concello e logo os que tiñan cargos nas sociedades. Alí estabamos todos (...) *Comigo prenderon a 26, eu fun dos últimos porque me colleron regando o millo na veiga. Prendéronme o día 26 ás 7 da mañán.*

P. ¿Con vostede eran 26 ou 27?

MSA. 27 eramos no encascador, alí ó lado... o encascador dos aparellos de Antolina (...) *fronte á casa do mar.*

P. ¿A vostede de que o acusaban?

MSA. A min queríanme coller os cartos pois eu fora contador da Sociedade de Canteiros no ano 34 (*MSA*).

Moitos fuxiron. Algúns resistiron máis tempo no monte e outros menos.

"Escapamos polo monte 1 mes faltando na casa" (*JNR*).

Joaquín andou un mes escapado polo monte; dispois ingresou na prisión de Cangas, no "Instituto"; dispois ingresou no cárcere de Pontevedra (na "Normal") e dispois no Lazareto.

Quen me tomou declaración foi Eiroa (*Francisco Eiroa Hermo*), *estaba escribindo a máquina. Cando acabou díxenlle que me deixara ler o que escribira. Non mo deixou ler.*

—a saberás en Pontevedra.

—Pois eu non firmo.

—Se non firmas é peor (*JNR*).

A continuación xa se vai facendo unha represión sistemática, basada nas listas dos interventores da Fronte Popular nas eleccións de febreiro, nas acusacións, nos datos, etc etc. Os presos son ingresados en primeiro lugar nas prisións de Cangas (primeiro no "Instituto", dispois nos locales da Falanxe)

Temos descricións das condicións de encarcelamento como a de Angel Fernández del Río (1940): condicións hixiénicas e vitais estreitas, humillacións, insultos, avalouros das manifestacións católico-patrióticas das fanáticas mulleres, malos tratos:

Unha noite sentimos berrar a unha persoa que reclamaba auxilio ante os golpes que lle daban cos fusís (...) *Esta víctima era* (*Camilo*) *Rodal, Pitiscado.*

Unha noite chamaron para declarar a Lorenzo Corbacho e Antonio Fernández, e cando estes regresaron estaban tan flaxelados que as tres cuartas partes das súas costas eran feridas sanguentas e non se podían tocar os seus corpos.

Tamén:

cando estaban presos no aquel (...) *non me deiaban levar auga* (*moi fresca*). *Tiña que enchela no cuartel, que estaba quente. E revolvíanme a comida"* (*LRB*).

O terror e o xenocidio

Tanto como custa criar un fillo e que cho maten, así, a bocajarro.

Pouco dispois empezaron as mortes. O primeiro asasinio foi o de Manuel Piñeiro Pastoriza. Prendérono os falanxistas. Dispois dun intento bastante atroz diante do Concello, foi finalmente matado a tiros con ensañamento no traslado a Pontevedra, diante do cimeterio de Marín, por falanxistas, en agosto do 36: a cuestión consistía en cambialo de cárcere, e no camiño "aplicarlle a lei de fugas". Manuel Piñeiro era no 36 presidente da Alianza e fundador/secretario de "La Reivindicadora", sociedade de atadeiras e fabricantas. Era ademais da élite local: fillo do secretario do xulgado, sobriño do médico don José Piñeiro, cuñado de José Azpeitia. Viñera non había moito de Bos Aires. A tradición oral conservou unha versión aínda máis cruel: arrestado polas rúas e disparando sobre il sen piedade,

pegoulle catro tiros, frente ó Ayuntamiento, no medio da calle" (*JNR*).

MSA. Era un mozo. Tiña 25 anos. Era sobriño de D. José Piñeiro. Cuñado de Azpeitia. Este foi buscalo a onde estaba escondido. Truioio para Cangas e ó momento xa o mataron (*MSA*).

Camilo Rodal Rodal "O Pitiscado", cenetista, dirixente histórico da Alianza, foi espantosamente maltratado na prisión e sacado do cárcere para matalo na Borna, en Meira. Ó parecer, cando sacaron ó Pitiscado do "Instituto" para matalo, co lombo e o corpo cheo de hematomas e descarnado, dicía a berros, desesperado "venganza, compañeiros, xustiza"... Estes asasinios empezaron a ser xa sistemáticos, requintados, feitos por persoas que ocuparon lugares destacados na Falanxe, entre os que se destacaron case todos os irmáns Moldes e os Pesqueites. O Petiscado

J. Era do mellor. Ese matouno Caraancha. Eso podo dicilo eu, e mais Pesqueite. Ese machacárono, mesmo na Falange. Levábano no coche. Pedíu "¡adiós! Compañeiros" Nos oiamos todo. Levantabamos a cabeza e "... que... nada... meus fillos... vengarse... e foi cando os mataron e tiraron con eles na Borna.

P. A eles a quen?

J. A Petiscado e mais a outro, que non sei quen era. Quen... Pitiscado era Caraancha. Descubría todo Caraancha o Pitiscado. Petiscado descubría todo. E como nosoutros estabamos alí naquela escueliña, entendedes, era de ladrillo o tabique, entón a Falange estaba ó lado, que era onde estaba esto oiamolo todo. Todo, mecá. Acórdome ben Sr. Agustín Sanjuan, ese que é

de... o xefe dos talleres... mecajo en dies. O home loqueado cun pañuelo de vinagre todo por aquí. Don Agustín... esto lo pagarán... pero... hostias..." (*JNR*).

MSA. A estes o que lle fixeron foi horrible. Anduveron con eles polas rúas de Cangas como anduveron con Xesús Cristo para Nazaret.

P. ¿Vivos aínda?

MSA. Si, anduveron con eles polas rúas ata "escajallalos" dixéronnos a nós (*MSA*).

Na execución sistemática destes exterminios destacouse un alemán, do que sabemos pouco: Bruno (ver tamén, para Moaña, González e Villaverde, 1999, pp.227-230). Este está presente en case todos os asasinios chamados de "lei de fugas", e organizaba e impoñía a disciplina ós outros falanxistas.

—Díxolle o alemán (*a Caraancha*)*: e se non vas connosco xa te mato a ti aquí*

—O alemán ¿qué alemán?

—Foron buscar un alemán para facer o escarnio que fixeron. E dous Boreiros que eran de aí de San Pedro... parece que os estou mirando traballar aí" (*RNR*).

Sendo un alemán chamado don Bruno o xefe que ordenaba as execucións, que actuou na represión da península do Morrazo" (*Miranda, en Angel Fernández*).

Por orde cronolóxica seguiu o xa espantoso asasinio colectivo de Anguieiro, o 28 do 8 do 36.

O 27 de agosto do 36 viñeron buscar un irmán (*Antonio Blanco Rodal*) *que viñera do mar, e ó chegar o barco a terra xa o colleron. Levárono para o cuartel da garda civil de Cangas e aquela mesma noite xa o mataron, xa os levaron aí ó alto da Portela a un quilómetro, máis ou menos, de Cangas (...) a el e mais a once, once xustos"* (*Teresa Blanco, en Aillados, 1995, p.17*).

O 9 de novembro de 1936 veñen a terra 5[7] de anguieiro: fondearan os cadavres no mar fronte á fábrica de Cervera, e cando un barco ergueu o rizón levantou os cadáveres. A xente foi masivamente á ribeira a velos vir e a ver se os identificaban. Viñeron a terra e recoñecéronse os cadáveres. Os familiares dos outros 6 tamén foron recoñecer os cadáveres dos seus, que non estaban.

Non temos certeza das razóns deste crime. Deberon levalos a Anguieiro para reconstruír os detalles da resistencia. Guillermo

Fernández Fernández era boxeador e José Martínez Pazó excepcionalmente forte. Algo se ten dito do temor que lle tiñan.

A crueldade e asañamento[8] deste crime colectivo foi atroz. Contamos con este escrito do Boreiro que narra parte dos acontecimentos de Anguieiro.

Francisco Ferreiro Budiño detalla la muerte de sus hijos Antonio y Ladislao.

La muerte de Antonio y Ladislao que fueron afusilados el dia 28 de agosto de 1936, fueron presos el dia 26 a las dos de la mañana por un guardia civil vestido con un mono y cuatro falangistas que uno de Moldes otro Gumersindo Iglesias, o sea "pan e porco" otros dos no los he conocido, fueron fusilados en Anguieiro en viernes a las cuatro de la mañana y los sepultaron en la mar llevados por un motor del fabricante Cervera y permanecieron en el agua 40 días, y a los 40 días vinieron a tierra cinco de ellos porque fueron once los fusilados los otros que faltaban salieron mas tarde pero en el mismo dia al anochecer pero los falangistas con los carabineros los cogieron y los fondearon mas a fuera para que estos no volviesen a tierra, de estos once hubo uno que se llamaba Lao Ferreiro que se escapó herido de entre los muertos de la camioneta que los llevaba y fue a parar a Aldán a casa de un tío mio pero ese tio se temió a recogerlo y el pobre del herido se marchó al monte de Subrido del Hío pero después al otro día fueron 14 falangistas 7 de ellos por tierra y otros 7 por mar recorriendo la costa en el motor de Modesto Valladares pues lo cogieron en Subrido y lo llevaron a cerca de la casa de señales, a los barcos que allí //¿aciste?// pues allí lo mataron a bayoneta, teniendo a menos de gastar pólvora, pues el pobre muchacho le pedía por todos los seres que ellos más querían que lo degasen o que le dieran un tiro y ellos riéndose de la barbarie le dicen que para los de las ideas rojas no había perdón y que todo era poco, luego que lo espedasaron lo tiraron entre las peñas de la costa, donde bañaba el cadáver el agua del mar. Es decir que fueron aparecidos del agua, los tirados el 28 de agosto aparecieron el dia 16 de octubre en viernes, sepultados en viernes los aparecidos. El día 4 de octubre del mismo año hicieron un homenaje militar en donde habló Moldes y Mixixí diciendo que se matasen todos los hombres y mujeres que fuesen de ideas de los rojos, el día 5 hablaba Baldomero Carrasqueiro y Almiña en el establecimiento del primero que no estaban conformes con rapar a las mujeres que había que castigar o matar y esto que lo llevaban a la reunión del Fascio. El día 8 de noviembre del mismo año pensaban festejar la toma de Madrid pero se equivocaron y en ese día pedían por la calle para hacerle un homenaje a Franco, y en ese día O Cateiro o Borralla do Outeiro y Chiripa insultaban a José González diciéndole que era rojo.

El día 3 de Marzo de 1938 hicieron una rogativa de Cangas por las aldeas visitando todos los cruces de caminos y la Canexa, Laura y la hija de Ramiro pusieron un cristo de madera en San Pedro muy adornado.

Celébrase o Consello de Guerra contra a Xestora Municipal o 19 de setembro de 1936. A sentencia é do 22 e a execución da sentencia ós tres condenados a morte é o 23 de setembro do 36: fusilan a Lorenzo Corbacho, Echeverri e don Víctor Sánchez Mártil. A causa (790 do ano 1936 contra Agustín Jorge Etcheverri e sete máis) é polo delicto de "auxilio á rebelión militar" (a rebelión militar fora a dos acusadores, mentres os acusados, ó contrario, puxéranse ó dispor do réxime lexítimo) Dí a sentencia:

RESULTANDO que contra este Goberno lexítimo ((*o formado polos golpistas*)) *erguéronse en armas os elementos que constitúen a Fronte Popular, quen formando partidas militarmente organizadas en distintas partes do territorio hostilizaron, e de feito hostilizan aínda, as tropas antes e dispois da declaración do Estado de Guerra, estado de excepción no que polo que se refire ós territorios que integran a Oitava División Orgánica, foi declarado o día vinte de xullo.= RESULTANDO que neste erguemento rebelde tomaron parte as forzas políticas da Fronte Popular da vila de Cangas e que á fronte delas en concepto de Directores e como organizadores do movemento interviñeron os procesados Agustín Jorge, Alcalde da Vila; Francisco Búa Carou, Secretario do Concello; Lorenzo Corbacho Rodal, significado socialista; Víctor Sánchez Mártil, Mestre comunista; e José Rodal Lanzós, xestor daquela corporación.= RESULTANDO que para levar a cabo tal rebelión procedeuse por orde do Alcalde a facer requisa das armas que naquela Vila tiñan os elementos de dereitas, armas que dispois e no mesmo edificio do Concello, e con intervención dos procesados citados no anterior "resultando", habían ser repartidas entre os grupos de paisanos afectos ó movemento faccioso.= RESULTANDO que tamén por orde do Alcalde se formou un grupo, organizado con intervención dos cinco procesados a que nos estamos a referir, ó que se armou convenientemente e nun camión envioúse a Pontevedra con obxecto de que interviñese na Defensa do Goberno Civil e en contra das forzas do Exército, non sen que antes de saíren foran arengados e animados os seus componentes dende o balcón do Concello polo Corbacho e o Víctor Sánchez.= RESULTANDO que o Alcalde ordenou así mesmo a requisa de automóbiles e a declaración da folga xeral revolucionaria, e que o Lorenzo Corbacho, de pésimos antecedentes revolucionarios, propagandista de acción encargado da distribución do periódico "Socialista" en Cangas, procesado xa nos sucesos revolucionarios de Outubro de 1934, é sinalado como o que construíu bombas que apareceron no edificio do Concello de Cangas, así coma o Víctor Sánchez, tamén procesado polos sucesos de Outubro, utilizou a escola onde era mestre para, coas súas veleñosas doutrinas, producir fondos estragos na moral das xentes sobre as que exercía influencia, propagando a doutrina comunista na que era militante, chegando a constituír un grupo propagandista encargado de alentar a revolución, e polo advenimento dela*

laborou sempre na súa actividade profesional.= RESULTANDO *que os procesados Angel Fernández del Río e Jesús Barreiro Martínez auxiliaron ós anteriores na preparación da rebelión e na consumación da mesma, aínda que non de maneira directa de colaboración, senón máis facilitando o labor daqueles coa súa presencia no Concello durante o reparto de armas e organización de grupos como pertencentes ó partido de Esquerda Republicana, e nese local construíronse tamén bombas e esa construcción foi facilitada polos membros do partido, que así o consentiron.=* RESULTANDO *que o procesado Manuel Sotelo Suárez é o certo, segundo se desprende do actuado, e principalmente da proba verificada ante o Consello, que estivo embarcado e nas faenas do mar ata o día vinte ó mediodía no que chegou a Cangas, sen que a súa presencia no Concello nin a súa intervención en ningún concepto nos sucesos revolucionarios sexa sinalada por ningún testigo.=* FEITOS PROBADOS: CONSIDERANDO: *Que os feitos relatados son constitutivos de rebelión militar, delicto definido (...) do que son responsables en concepto de autores os procesados paisanos Agustín Jorge Etcheverri, Francisco Búa Carou, Lorenzo Corbacho Rodal, Víctor Sánchez Mártil e José Rodal Lanzós, xa que a actividade delictiva a eles imputada encerra unha plena adhesión e colaboración á rebelión militar consumada en España pola Fronte Popular* (...) *maior perversidade nos procesados Agustín Jorge, Lorenzo Corbacho e Víctor Sánchez poñen de manifesto os seus antecedentes, actividades, propaganda por eles efectuada e intervención continua na vida política e social con tendencia revolucionaria de desorde, como elementos principais e destacados nas organizacións da Fronte Popular da Comarca de Cangas (...).=* FALLAMOS *que debemos condenar e condenamos ós procesados paisanos Agustín Jorge Etcheverri, Lorenzo Corbacho Rodal e Víctor Sánchez Mártil á pena de morte; ós procesados Francisco Búa Carou e José Rodal Lanzós á pena de reclusión perpetua, coas accesorias de interdicción civil durante a condena e inhabilitación absoluta; ós procesados Angel Fernández del Río e Jesús Barreiro Martínez á de quince anos de reclusión temporal (...) = Así mesmo absolvemos libremente a Manuel Sotelo Suárez por non ter cometido ningún delicto (...).*

Á espera da execución da condena os presos desespéranse pola situación das súas familias. Lorenzo Corbacho, de tradición atea dende o berce, busca a protección do cura de Darbo para os seus pedindo os sacramentos:

Teño o honor de comunicar a VS que na mañán de hoxe o detido e sentenciado a morte, Lorenzo Corbacho Rodal, solicitou permiso para recaba-la presencia, nesta Prisión Provisoia, do Sr. Cura de Darbo (Cangas) acompañado da esposa e fillos do dito detido, a fin de proceder a subministrarlles o Sacramento do Bautismo" 22.9.36; "Teño o honor de

poñer en coñecimento de VS que o Sr. Cura Párroco de Darbo (Cangas) procedeu na tarde de hoxe a unir polo Sacramento do Matrimonio, nesta Prisión Provisoria, ó recluso Lorenzo Corbacho Rodal con Concepción Iglesias Portela. Serviron como testigos D. Amancio Caamaño Cimadevila e D. Manuel Gamallo 22.9.36.

No *Faro de Vigo* notician:

Un acto conmovedor na prisión preventiva. Ás catro da tarde de onte presentouse na prisión preventiva desta capital (edificio da Normal de Maxisterio) a esposa do condenado a morte Lorenzo Corbacho Rodal. Á muller acompañábano sete fillos e o señor cura párroco de Darbo, parroquia á que pertence o reo e os seus, para celebra-lo matrimonio canónico que o Corbacho tiña solicitado. Os cónxuxes celebraran unicamente o matrimonio civil.

O expresado párroco bendeciu a unión, entregando antes un crucifixo ós desposados, que bicaron coa maior unción e recollemento. Na cerimonia actuaron coma testigos o doutor Caamaño e o practicante da prisión señor Franco Ares.

O señor cura pronunciou dispois unhas elocuentes e emocionadas palabras ensalzando a significación do acto e ofrecéndose para conducir ós fillos do axustizado polo camiño da igrexa, que conduce ó traballo e ó ben. O acto produciu fondísima emoción entre os presentes. A continuación recibiron as augas rexeneradoras do bautismo os sete fillos do matrimonio.

O marido outorgou testamento perante o notario señor Del Río, facendo o Lorenzo, unha vez máis, afirmación de fé católica que aconsellou que seguisen a súa esposa e fillos.

O párroco saíu pouco dispois para Darbo, acompañado dos familiares do reo, que deixou como albacea testamentario ó expresado párroco.

O inspector da prisión, señor Lago, deu todo xénero de facilidades para a celebración dos actos sinalados, contribuíndo coa súa xestión a que outros condenados a graves penas recibiran con gran fervor os auxilios da sacrosanta Relixión Católica" (*Aillados, 1995, p. 135-137*).

E don Víctor tremía polo futuro dos seus

Disque diciálle... estaba co meu pai condenado a morte... ¿qué Víctor? –Ai, Rodal, Rodal. Pobres de mis hijos... Tan solos y..." (*LRB*)

Os paseos e a indefensión dos demócratas é contínuo. Dolores Blanco Montes sobreviviu a un paseo:

Porque nós cando me levaron á miña nai da casa, que a sacaron da casa, meu pai estaba no mar. Meu irmán estaba no servicio. Meu pai e meu

irmán estaban no mar, andaban á ardora. E estabamos mamá e nós solos aquí. E petáronnos á porta. Era en tempo de verán. Miña nai tiña un camisón e puxo un mandilón por encima, así. Descalza.

—¿Es aquí la casa de Lola?

—Si.

—¿Usted es esta señora?

—Si.

—Acompáñenos.

E dí ela:

—Por favor, ¿podría ponerme...?

—No, no, no no.

Que tiña que ir sen roupa, sen nada.

—Veña firmar unha declaración.

Cando eran as dúas e media da mañán. No mes de Agosto. Como de aquela estaba o toque de queda. Non podías saír á calle. Non podías andar pola calle hasta que o Sol aparecera. E nós, eu con 15 anos e miña irmá con 13 quedamos na cama. Cando nos levantamos, ó mirar que mamá non volvía, empezamos a chorar. Viu unha veciña de aí de enfrente (...) *calade, filliñas,* (...) *Chega meu irmán do mar... Quería ir ó cuartel...*

Á miña nai levárona de aquí. E cando chegou frente á Plaza que había un kiosko alí (...) *había un coche. E nese coche había unha chavala, dentro.*

E cando a levaron, deixárona aí ó lado dese coche. E eles foron (...) *no cuartel había uns focos que cegaban de noite* (...) *Mamá choraba. E claro, ó mirar que papá estaba alí preso... E dicíalle ela: cale, señora, non chore. Non chore. Eu son de Marín, son de Marín. ¿como?*

—Dixéronme que viñan buscar unha persoa aquí a Cangas

—¿E que lle fixeron?

—Non me fixeron nada, pero amenazáronme moito

Levárona ese () *e o* ()*, e dixéronlle:*

—¡Hala! Métanse en ese coche.

E metérona no coche. Claro, miña nai iba nerviosa. E ese ()*, ese* ()*, a mofar dela. Ela tiña corenta e pico de anos. E dicíalle cada porquería... mil detalles. E chegan alá a Aguete, á playa de Aguete, que había un cruce alí. Mandáronas desembarcar. E iba tamén un tal... un garda civil alto, que a raíz deso xa non quixo ser máis Garda Civil.*

Desembarcaron unha hacia a dereita e outra hacia a esquerda. A mamá tocoulle ir hacia a esquerda. Camine, camine. Ela sentiu o tiro da outra antes. Iba co camisón psoto e unha bata así por encima.

Antes de darlle o tiro a ela sentiu o tiro da outra rapaza ó outro lado. Pero ela claro, caiu, e cando volveu en si viu que un brazo lle chorreaba sangre. E colleu a bata que levaba, parte da bata, envolveu o brazo... e nós vamos ó...

E o Bernardino viña de levar á miña nai. E nós claro... Meu irmán (*Angel*) *que daquela tería 17 anos, Claro, viñamos a preguntar:*

—Mire que a mi madre la trajeron esta noche para dar una declaración.

—Aquí no sabemos nada. No tenemos conocimiento de eso aquí.

—Pero...

—La llevarían a Pontevedra...

—Volvemos. Espera, espera, espera...

E dixéronnos:

—Á túa nai levárona, pero levárona nun coche.

(*volvemos e díxonos*)

—Oiga usted: ¿Pero para que queremos a su madre nosotros? ¿para hacer una tortilla con ella?

E nós fomos carretera arriba. E chegamos a Bueu ó depósito de cadáveres.

—Mire: aquí en el depósito de cadáveres hay un cadáver...

Era esa tal pobriña. Estaba alí tapada, no depósito.

Eles ó mirar que mataron a dúas persoas e que solo apareceu unha, mobilizaron cielos y tierra. Hasta saíron marinos da Base Naval. Coches, persoas... El demonio. Nós, claro, ó mirarnos así, pois...

Colleu monte arriba, colleu hacia Marín. Foi todo, todo, todo, todo polo monte. Mira que sangraba, descalza, cunha fiebre terrible e claro foi a... Ela foi a casa dunha parienta de noite. Alí frente ó matadero de Marín. E claro... Daquela se tiñas unha persona na casa, matábanche un fillo, ¡eh! Tiñas unha persoa albergada... Non podías ter a nadie... nin un fillo.

—Ai filliña... ai dios mío miña primiña, mira que tal... un pouco de auga, e tal. Entonces, xa ó vir o día, unha fulana mirouna:

—¡Ai señora, ai! Non quero, non quero...

—Mire ¿no hay por aquí una fábrica?

Miña nai tiña ido a Pontevedra, cando ó meu pai lle operaran dúas hernias (...) *Iban a andar. Entonces conocíana* (*a fábrica de gaseosas*). *Sabía que había alí unha fábrica de gaseosas, que viñan traer gaseosas a Cangas nun coche en cabalo. Un carricoche. Chamábano o Peneireiro. E ela sabía que era nesa dirección. E miña nai tiña un pariente na calle real. Frente ó supermercado Juanito. Tiñamos un primo aí que estaba nunha tenda. Recoñeceu ó señor. E díxolle: Mire, eu aquí non a podo ter. Pero no obstante, veña. Entón levouna arriba no monte que tiña unha filla alí casada. O marido andaba ó mar, andaba ó Gran Sol, e tiña unha meniña pequeniña. E díxolle: mire, mire, por favor, se vai a Cangas, dígalle a fulano de tal, meu pariente de aquí.*

Como ignorando que vía o que estaba sucedendo en España, entonces, aquela muller deulle un vasiño de leite recién ordeñado, meteuna na cama, bañouna, botoulle aguardiente... Púxolle unhas medias, unhas zapatillas... tranquiliña, tranquiliña e tal. E el viu a Cangas a propósito, eh. A dicirlle ó meu primo que efectivamente, que estaba en tal sitio.

E fomos a buscala. Chegamos xa non estaba. Porque a rapaza, por o río a cabalo, por un riachuelo que había alí, e xa lle comentaron o asunto

que andaban os falangistas por alí a preguntar se aparecera unha señora... si había una fugitiva por el monte. E esa muller... non, filla, non. Ai dios mío.

Ó anoitecer saíu e viu. colleu rumbo a Cangas.Viu desde Marín hasta Coiro, todo andando polos montes. (*LRBa*)

Á prisión do Lazareto van polas noites os falanxistas sacar presos, que lle din que van trasladar de cárcel, e aparecen logo mortos polas cunetas. Chámanlles as "raposas do lazareto" e xustifícanse pola "lei de fugas". Mataron nas raposas do Lazareto, de Cangas, a Eduardo García (Bartolo o Pequeno), Aniceto Franco (24.XI.36), Angel Rial Vidal, Vicente Sáez Ruíz e Adonis Teixeira Alonso. Clemente Carracelas Castro sobreviviu ó fusilamento nunha raposa, foise esconder na casa, pero temeroso dunha das ameazas de os falanxistas vingárense na familia se non se entregaba, saíu do seu escondite, entregouse e foise enrolar na lexión. Morreu na Lexión, ó parecer, sen que se saiba como.

MSA. Si, pois eran do pobo e queríanos matar. Mataban á xente por matar. Ían ó Lazareto e dicíanlle a Búa "Queremos a fulano de tal". E íano buscar ó Lazareto para Redondela ou Pontevedra. Collíannos e en Redondela xa os mataban" (*MSA*).

Rufino Miranda Cabral intentou unha fuga do Lazareto xunto con Manuel Sayar Orallán, de Corrubedo. Rufino fora dos primeiros en ser detidos, cos do primeiro camión que acudira con xente "armada" para a defensa da República

Piñeiro. Estabamos todos paseando e chamáronos a reconto.
¡Ei! ¿Qué pasa aí? ¡Falta xente do cárcere!
¿Cómo é iso? ¿cómo pode faltar xente do cárcere? ¿onde se meteron?
E veña, a recontar, veña, veña, faltan dous homes...
Joaquín. Dous mozos tiráronse ó mar de noite; mentres estabamos na cea, aproveitaron a cea para tirárense ó mar. E colleunos un que se chamaba Domingos, que era o boteiro dalí de Cesantes, e entregounos. A un, o outro morreu nas augas. Un era de Cangas, Rufino Miranda, e o outro era de Mugardos." (*Aillados, 1995, p. 46-47*).

Rufino foi fusilado dispois de pasar un mes no calabozo[9]. O 17.12 apareceu o cadáver de Manuel. Manuel era da FAI, e posiblemente Rufino tamén.

J. No, se... non sei. Da Fai non sei se sería Rufino Miranda, o que mataron en San Simón. Ese era porque sempre se levaba na Isla con outro

da Fai. Acórdome ben. De Mugardos, que foron os dous que escaparon da Isla.

Falando así como compañeiros, o Miranda foi un covarde. Miranda dunha vez que saiu que... tiráronse os dous, porque eles tiráronse dispois de comer, que fo... Desde aquela, a comida...

Chegáronse ó anoitecer de todo, e ó chegar o anoitecer de todo xa era para escapar eu e mais o finado do Bartolo, que xa tiñamos un sitio buscado. Pero el e ese de Mugardos lanzáronse coa comida... tiráronse coa maré chea, que con maré chea non se marcha, porque aínda é larga, a viaxe. Se se lanzaran con maré baixa, entonces dun zapatazo xa estaban na praia. Entón, ó mirar que o outro quedara atrás, o home perdeu todos os... Dispois contounos el. Estaba preso no calabozo e eu fun xunto a el e pregunteille ¿pero como fixeche, mecago en tal?

E foise meter mismo ó botero, o botero xa lle puxo a pistola. Que a (*muller?*) *que era Botero, o Angel, hala, pa Isla outra vez."*(*JNR*).

Na prisión de Vigo tamén mataron en 1937 a Angel Rodal Blanco, fillo de José Rodal e Dolores Blanco, de 19 anos, ben inocente, acaso para castigaren aínda máis á súa familia.

Nas Cíes refuxiouse un grupo de persoas, os máis deles caracterizados cenetistas. Alí os debía recoller un barco para levalos a Francia. Está sen confirmar que fora o *Penta*, de Joaquín Blanco. O barco non saiu, e en Cíes estiveron ata ben entrado o 37 cando menos Antonio *O Carabelo*, o *Amaro*, Bernardo Lemos, Manolo *Carolitos*... o sogro do *Amaro* (Arcadio Villar, xastre, requeté, do Somatén e cobrador de arbitrios) oíu que ían buscar ós das Cíes e foron sacar ó *Carabelo* e ó *Amaro*. Estes dous andaron fuxidos polo monte e dispois nas casas. Fixéronlles os zulos os *Carrasqueiros* e por veces, nos traslados, disfrazados de muller. Amaro entregouse e estivo 2 anos no Lazareto. *O Carabelo* entregouse xa dispois da guerra, cando viu o gobernador Gómez Cantos. A Bernardo Lemos e Manuel Soliño (Manolo *Carolitos*) matáronos nas Cíes:

E nas cíes había 7 ou 8 escapados... claro daquela as Cíes non... Antes ¿quen ía hasta alí? Ian os catro mariñeiros.

E eles os coñecían e... Escaparon palá. E claro: ían hoxe un barco, mañán outro... a rodear a illa... ¡ah! Pero un día dicían: ¿Que hermano? ¿marchamos?

Fondearon unha ensenada onde non os miraran... embarcaron. Miráronos saír.

A un xa o mataron alí. O outro ferírono e escapou... (*LRBa*).

Manolo Carolitos, si, ese era o que estaba en... Antonio o Carabelo e ese Lemos, Bernardo Lemos. Eses estaban alá escondidos (...) *Era mari-*

ñeiro e era delicado... era guapo... Manolo Carolitos. Él coa súa enfermidade.

Os outros viñéronse como puderon e metéronse na casa (*...tería...*) *30 anos, non sei. Eu parece que inda os estou mirando no camión, que eu viña de lavar a roupa"* (*RNR*)

As mortes continúan no 37: Algunhas persoas escóndense onde poden, e logran sobrevivir. Deles, algúns consiguen sobrevivir, como o Maneghra, José Molanes Blanco, narrado literariamente pola súa bisneta Beatriz Dacosta en "Casca de noz", Indalecio Cruz "O Ferreiro", Antonio Ferrari Rodal, "O Carabelo", entre dúas paredes da súa casa; Antonio Fernández Ferrari "O Amaro" estivo na Illa e avisouno o sogro, como xa se dixo, dunha inminente batida e axudou a traelo e escondelo. Rafael González Rodal, do Mau-Mau, á sazón médico en Combarro, deu fuxido coa familia[10] para Santo Domingo onde morreu polo 42 nun accidente da ambulancia. A familia dispois marchou a México. Rafael o Pitiscado (Rafael Rodal) andou escondido polo monte e facíalle visitas á moza. Conseguiu marchar para a Arxentina, onde os Pitiscados fillos viviron e atenderon moito ós emigrados de Cangas. Antonio Varela, Morros escondeuse na casa de don Valentín Losada, en Santiago. Cando morreu o cura tívose que entregar, xa polo 37. Foi xulgado en Consello de Guerra. Outros non: os falanxistas espreitan polos seus escondrixos e chegan a topalos: O Charrúa escondeuse polos montes de Aldán. Unha señora (Elisa Soliño Bastos) recollíalle roupa suxa, laváballa e deixáballe algo de alimentos.

Elisa Soliño era tratanta. Compraba e vendía polas aldeas galiñas, ovellas, ovos... como andaba polo monte, o taxista que andaba escapado, irmán de Cándida e Virtudes as Charrúas, deixaba a roupa suxa nun embrullo nun certo sitio. Ela collíalla, laváballa e deixaba o embrullo no mesmo sitio. Él dispois recollíao" (*María Martínez Mota. Testemuña*).

Pero dunha vez que a muller, Nieves Miranda, estaba enferma.

Estivo cerca dun ano escapado, pero cando a súa muller Nieves Miranda Cabral púxose enferma avisárono e acercouse á casa, desde este momento non quixo volver a escapar. Quedou escondido na casa e durmía no fallo.

O coche de José Barreiro destrozárono os Moldes.

Nunha ocasión Rufino Miranda Lagoa (*sogro*) *avisoulle a Santiago Felecho que lle fora arreglar unha pingueira do tellado. Este mirou o metálico arrimado á parede, polo que desconfiou que alí durmía o*

Charrúa. Nunca pensou Rufino que o Felecho delatara o escondite de José Barreiro.

O pai de Barbazul fixo guardia na fachada da casa do Charrúa días e noites enteiras.

A noite do día 12 ou 13 de abril de 1937 ás 2 horas da mañán, rodearon a casa súa na esquina Lirio e Benigno Soage, chamaron á porta, abre a porta Papá Rufino e encáranse con el o Gil, Bobiño, Corneta e Lastre. Péganlle a Rufino (*pai*) *e o tiran ó chan. A súa neta, Nieves Barreiro Miranda, acude a agarrarse ó seu avó entre choros. Fóra na calle, rodeando a casa, esperaban 40 ou 50 falanxistas.*

Nieves Miranda Cabral díxolle ós que entraran a buscar ó seu marido José o Charrúa que estiveran moitas veces na casa sentados orredor da mesa con José, polo que non entendía o que pretendían.

Manolo Miranda Cabral cuñado de José o Charrúa intentou axudalo a fuxir polo tellado, pero José desistiu de fuxir por medo a represalias dos falanxistas coa súa familia. Polo acontecido a Manolo déronlle unha paliza de morte, tiveran que acudir a rescatalo totalmente inchado, amoratado e destrozado da paliza. O autor (...) *da brutal paliza foi o Gil.* (...)

Levárono os falanxistas á súa sede na rúa real (...) *preso en compañía do Sr. Manolo das Paxulas* (...) *A filla de José, Nieves, acercábase tódolos días a levarlle a comida ó seu pai, en un momento sentouna nas súas rodillas dicíndolle que pronto estaría na casa, que mirara pola nai e polo seu irmán José.*

O día 15 de abril foi levarlle o desaiuno e o pai non estaba. Levárano a Pontevedra. Matárano en Cangas o 15 de abril de 1937 ós 32 anos de idade. Naceu o 4/12/1905. Era fillo de Tomasa Prol Miranda e de José María Barreiro, irmán de Baldomero.(...)

Saturno Blanco, dono do cine vello, foi visitar a José e ó saír do local da falanxe, confundírono co Charrúa, que pretendía escapar e matárono os falanxistas no adro da Igrexa" Nieves Barreiro Prol a Malliño.

Ese día, ó parecer, mataron a case todos os que alí había. Ó Charrúa matárono o 15 de abril do 37. O seu corpo apareceu por Pontevedra. Enterrárono no cimeterio de Pontevedra, onde algunha persoa cedeu lugares para os enterramentos.

Joaquín Fernández Rodas, que vivía na praza do Arco, vivía nun zulo. Por algunha razón o descubriron. Levárono preso e foi xulgado e condenado a morte en Consello de Guerra en Pontevedra. Fusilárono a fins do 38 ou comezos do 39.

José Gallego Nogueira, "O Neno da Camiña" de Aldán, traballaba no Concello de Vigo, como garda de arbitrios. Foi condenado a morte en Consello de Guerra o 27 de xulio do 37.

Eu seino que a un que mataron na Caeira en Pontevedra, que era o Neno da Camiña, que señora María andabamos a atar xuntas, que foi un

cura a confesalos. Dispois matáronos, en Pontevedra. Pero non os matarían na cárcel; levaríanos afora a matalos ¿non? E foi o cura a ver se se querían confesar. E díxolle o Neno da Camiña (...) "a quen hai que confesar é a usté" dicía a señora María sempre: "o meu home díxolle: a quen hai que confesar é a usté, pero non eu (*G*).

No mesmo Consello de Guerra condenaron a morte a Antonio o Pavito, Mejuto e Meis de Marín

P. ¿E de que os acusaron no xuízo?

MSA. O xuízo aquel foi de medo. Fomos 21 ó Consello de Guerra. Eran (*6*) *de Aldán* (...) *todos mariñeiros non sendo o que traballaba na lonxa de Vigo* (*José Gallego*) *e 21 de Cangas* (...) *Había que nomear a un defensor pero o defensor poñíano eles dunha lista que tiñan eles. Non se podía elixir.*

Todo aquel que non tiña a man manchada de sangue, iso era o que dicía Franco, para a rúa, pero había quen non tiña delictos de sangue e mais matábannos. No noso Consello de Guerra mataron a catro. Mataron a Mejuto, Gallego, Meis e Antonio Fernández. O quinto era Agustín Sanjuán, pero conmutáronlle a pena" (*MSA*).

A muller de José Mejuto foille suplicar a Marcelino Moldes, o seu cuñado, que salvara ó seu home. Estaban enfadados por causa dun capital dos pais ou... A pesar de todo ela foille suplicar de rodillas que salvara ó seu home ¡teño 3 filliños! ¿qué vou facer sen el?

Marcelino Moldes cuspíulle na cara a ela.

E Vicente, o cura, que era irmán dela, tampouco fixo nada por salvalo" (*María Martínez Mota. Testemuña*).

Lao Graña foi executado noutro Consello de Guerra

MSA. Houbo outro Consello de Guerra con xente de Cangas, o da Mouchiña[11] *que era parente de Camiña* (...) *Foi dispois do noso. Nese Consello de Guerra estaba Lao Graña, Perrachica e Luís"* (*MSA*).

Ó Tellada (Alexandre Avendaño) levárono da casa e nunca máis apareceu, así como Jesús de Coiro. José de Coiro, presidente dos mariñeiros de Aldán, foi condenado a morte en Consello de Guerra[12].

Daniel Antonio Núñez, "Chichito o da Petoula" mátano o 28.8.37. Vivía escondido na casa da nai, na Fonte do Galo. Os falanxistas xa lle foran rexistrar a casa varias veces. Pero unha vez, dispois do rexistro, a nai díxolle (estaba escondido nun zulo, por baixo da casa) "Sai, que xa marcharon. Ven comer". Alejandro Rodal[13], o de Correos, a guichar, enterouse. Sacárono. Levárono

polas rúas, de noite. A nai atrás deles, a berrar... ¿quen ía saír da casa a acudirlle? Disparáronlle un tiro diante do cimeterio esa mesma noite.

O que matou a aquel chaval que vivía na Fonte do Galo. Metíase abaixo da casa. Andaba escapado, e andaban encima del, encima del, encima del, encima del. No pillaban... Porque se metía abaixo. Tiña un sótano debaixo da casa. Unha noite rexistrárono. Total, marcharon tres e quedaron dous. Ó marcharen, naquel silencio na Fonte do Galo... vente, meu fillo, vente... a nai del diciálle. Veña que aí fai frio. Veñen eles... ¡ala!, que no estaba aí o pájaro. Venga. Así conforme estaba desnudo, así o levaron. Con roupa de estar na cama. Levárono, a nai a... Pero ¿quen saía á calle? ¿quen saía á calle a defender...? Nadia. A nai chorando... no cemiterio. E ese Alejandro...

—Ai, Alejandro, por dios, Alejandro, por dios... Non lle me fagas daño ningún.

Botouna a patadas.

—Ai por dios, Pídocho por Dios

—Aquí no hay más dios que eu –contestoulle el.

Deixouno na porta do cemeterio, ó chegar a aquil cruceiro que hai alí. Pegoulle tres tiros e deixouno alí.

Home era un rapaz destacado un pouco no sindicato, pero non era ningún extremista nin era nada. (...) *Pero chegou así en menos dunha hora lle pegou tres tiros e... E marcharon tranquilos pola carretera arriba coma se nada* (*LRBa*).

A Emilio Nores Rodríguez sacárono do cárcere de Pontevedra para matalo. Estivo enterrado no cimeterio de Pontevedra? Ata que o fillo o truio para o de Cangas, xa moitísimos anos máis tarde,

O meu irmán Emilio estaba na Normal abaixo. Sacárono e o foron matar a Sampaio. Sacárono e levárono para o cimeterio. Sen xuízo.

Emilio era do Partido Comunista e mais do Socorro Rojo Internacional, co finado do Mejuto. Ese si era comunista. Foron os que formaron a célula comunista en Cangas: Emilio, o Hazaña, (...) *Soliño e mais Estanislao Graña, do Forte. Eses eran do Partido. Chichito no. Soliño era un representante da clase obrera, dos mariñeiros. E era do PC. Era da directiva da Alianza, Luís Soliño* (*JNR*).

Luís Soliño Acuña estaba escondido na súa casa da praza do Siñal, cos seus pais. Velliños, o seu pai cego.

Como a casa tiña area por baixo, fixeron un buraco e el metíase alí. Foron varias veces, cachearon, non toparon. En frente vivía Angel Moldes (*LR*).

Un día notaron algo, rexistraron a casa e levárono. Matárono na Borna. Luís Soliño fora sancristán con Valentín Losada e era un gran devoto das imaxes de semana santa. Estaba na célula do Partido Comunista, con Lao Graña, co Hazaña, con Antonio Blanco, Emilio Nores e José Mejuto. Deles apenas se salvaría o Hazaña. O tamén comunista Manuel Núñez "Perrachica" conseguiría sobrevivir, pero estivo preso. Ós mestres comunistas don Vicente e don Víctor matáronos tamén.

Mortes de persoas de Cangas por razóns da represión e de Guerra Civil do lado republicano

Nome	ANOS	VECIÑANDA	LUGAR DA MORTE	DATA	MORTE POR
Alejandro Avendaño Ares"Tellada"	31				Fórono buscar á súa casa de noite e nunca máis apareceu
José Barreiro Prol "Charrúa"	32		Pontevedra	15-4-37	Sacárono da prisión da Falanxe e apareceu morto por Pontevedra. As cinzas están no cimeterio de Pontevedra.
Eugenio Bastos Fernández "Jatón"	18	Cangas	Anguieiro	28-8-36	Asasinio colectivo por falanxistas e Garda Civil
Francisco Bastos Fdez.	19				No frente. Fusilado.
Saturnino Blanco Abal	37	Cangas	Cangas	17-4-37	Disparos pola espalda dos falanxistas
Bernardo Blanco Rodal	21	Cangas	Cartagena. Buque "Libertad"	1938	Guerra.
Antonio Blanco Rodal	26	Cangas	Anguieiro	28-8-36	Asasinio colectivo polos falanxistas e Garda Civil
Manuel Botello Barros	22	Madrid	Batalla de Teruel	1937	Guerra
Francisco Búa Carou	48	Cangas	Pamplona	25.3.42	Cárcel
Clemente Carracelas Castro	22	San Pedro	Tercio		Raposa do Lazareto, sobreviviu e logo morreu na Lexión.
Lorenzo Corbacho Rodal	45	San Roque	Pontevedra	24-9-36	Consello de Guerra
Antonio Fernández Fernández "Pavito"	32	Balea	Pontevedra	27-7-37	Consello de Guerra
Guillermo Fernández Fernández "Pavito"	27	Seixo	Anguieiro	28-8-36	Asasinio colectivo polos falanxistas e Garda Civil.
Joaquín Fdez. Rodas	31	Cangas			Consello de Guerra
Antonio Ferreiro Núñez "O Borerio"	32	San Pedro	Anguieiro	28-8-36	Asasinio colectivo polos falanxistas e Garda Civil.
Estanislao Ferreiro Núñez "O Boreiro"	18	San Pedro	Anguieiro	29-8-36	Asasinio colectivo polos falanxistas e Garda Civil.
Aniceto Franco Durán	42	San Pedro		24-11-36	Raposa do Lazareto

Nome	ANOS	VECIÑANDA	LUGAR DA MORTE	DATA	MORTE POR
José Gallego Nogueira "O Neno da Camiña"	37	Aldán	Pontevedra	27-7-37	Consello de Guerra.
Eduardo García Santos "Bartolo O Pequeno"	17	Cangas	Anguieiro	28-8-36	Raposa do Lazareto.
Daniel González Graña	22				Asasinio colectivo polos falanxistas e Garda Civil.
Estanislao Graña Soliño "Lao"	26	Forte	Pontevedra	12-7-37	Consello de Guerra.
Agustín Jorge Echeverri	33	Cangas	Pontevedra	24-9-36	Consello de Guerra.
Bernardo Lemos González	32	Cangas	Cíes	Antes de xuño do 37	Asasinado en Cies.
Alejandro Martínez Pazó	19	San Pedro	Anguieiro	28-8-36	Asasinio colectivo polos falanxistas e Garda Civil.
José Martínez Pazó	26		Anguieiro	28-8-36	Asasinio colectivo polos falanxistas e Garda Civil.
Silviano Martínez Pazó					Collérono cando ía á fronte republicana e matárono.
Manuel Martínez Piñó	35	Hío			Cárcere.
José Mejuto Bernárdez	30	Forte	Pontevedra	27-7-37	Consello De Guerra.
José Millán Costas "José De Coiro"	31	Aldán			Consello De Guerra.
Jesús Millán Costas "Jesús De Coiro"		Aldán			Levárono Cando Ía Para Vigo E Xa Non Apareceu Máis.
Rufino Miranda Cabral	21	Cangas	Illa De San Simón	11-12-36	Fusilado No Lazareto.
Emilio Nores Rodríguez	31	Cangas			“Lei De Fugas”.
José Nores Rodríguez	16	Cangas	Anguieiro	28-8-36	Asasinio Colectivo Polos Falanxistas E Garda Civil
Normandino Núñez Martínez	46	Cangas	Anguieiro	28-8-36	Asasinio Colectivo Polos Falanxistas E Garda Civil.
Daniel Antonio Nuñez "Chichito O Da Petoula"	27	Cangas	Cangas	28-8-37	Asasinio Por Falanxistas, Na Rúa.
Manuel Piñeiro Pastoriza	32	Cangas	Marín.	VIII 1936	"Lei De Fugas".
Angel Rial Vidal	24	San Pedro			Raposa Do Lazareto.
Camilo Rodal Rodal "O Pitiscado"	50	Cangas	A Borna (Moaña)	VIII 1936	Asasinio Por Falanxistas.
Angel Rodal Blanco	19	Cangas	Vigo	7-4-37	Matárono No Cárcere.
Secundino Ruibal Villar			Anguieiro	28-8-37	Asasinio Colectivo Polos Falanxistas E Garda Civil
José Benito Saa Martínez	37	San Pedro	Xesteiro (Darbo)	1936	Matárono No Monte.

NOME	ANOS	VECIÑANDA	LUGAR DA MORTE	DATA	MORTE POR
Vicente Sáez Ruíz	32	Coiro	Parra (Marcón)	5-12-36	Raposa Do Lazareto
Víctor Sánchez Mártil	38	Forte	Pontevedra	24-9-36	Consello De Guerra
Luís Soliño Acuña "O Sancristán"	35	Cangas			"Lei De Fugas".
Manolo Soliño Soliño "Carolitos"	24	Fonte Ferreira	Cíes	Antes de xuño do 37	Asasinado En Cíes.
Adonis Teixeira Alonso		San Pedro			Raposa Do Lazareto

Outras persoas foron ingresadas nas prisións de Pontevedra (instaladas unha onde é hoxe a Delegación de Educación e daquela Escola Normal e a outra nos baixos dos xulgados) e mais na Illa de San Simón, (O Lazareto). As condicións da prisión do Lazareto están ben descritas no libro de A. Caeiro, J.A. González e C.M. de Saa (1995). Á prisión do Lazareto acudían polas noites os falanxistas para sacar algúns presos e matalos. Chamábanlle a estas visitas "as raposas" porque eran matanzas que viñan de noite e sen avisar. Ás mortes chamáronselle "paseos" ou ben "lei de fugas"[14]. Morreron dista maneira, no Lazareto, Eduardo García, Aniceto Franco, Angel Rial, Vicente Saez e Adonis Teixeira. Clemente Carracelas foi fusilado tamén, pero sobreviviu e fuxiu. Escondeuse na súa casa e dispois, teméndose represalias da súa familia, entregouse e ingresou na Lexión, onde morreu.

O (Clemente) Carracelas, que sacaron da Isla de San Simón e mais Aniceto Franco e Adonis Teixeira. E mais o maestro da Escuela de Coiro, don Vicente Saenz, alicantino. Deixoulle un anillo a Ismael Camaño.

Aquello foi o terror. Aquello era... cinco... cinco... dez... tódolos días. Tiñamos que estar: ahora tócame a min ¿me comprendes? Ahora tócalle a outro... Acórdame a min, que teño na memoria sempre un señor que se chamaba Manuel Nores, que viñera cun Cargamento de... de presos pa isla. E claro, viña durmir. Díxenlle: usté ven cansadiño. Durma aí. E claro, viña durmir. Dicía ¿Cómo se chama? –Manuel Nores. Digo eu Joaquín Nores. Coño eu recordo a un señor de Cangas, que tiña unha taberna (sería meu irmán Manolo) Mira que susto levaría eu. Ó pouco tempo, eran as 12 da noite, acórdome ben.

Estaba o Marrixo, estaban todos. Xa levaran ó Bartolo, xa levaran a outros. E..: Nores, ás oficinas. E niso digo eu... E dime o Marrixo: Outro Nores a... E dime o Director: no,no,no... Es Manuel Nores... será meu

irmán. E dime "Compañeiro: se chegas a vivir, teño unha filla. Son de Bouzas. E son de Bueu, son da Portela. Se un caso mírame pola filla. (*JNR*).

A Clemente Carracelas,

pegáronlle un tiro e veuse curar á casa (*...non o curou un médico...*) *curouno un veciño de alí que se chama Abelardo* (*MSA*).

Eduardo García. Un chaval que traballaba na de Cervera. Tamén era das milicias comunistas. Das Xuventudes Unificadas. Que eramos nosoutros. Era Dobarro, Evaristo Dobarro, os Boreiros –os dous fillos de... que mataron. Todos eses (*JNR*).

Noutras prisións, de enfermidades e malos tratos morreron: Manuel Martínez Piñó (Non sabemos a ciencia certa como: de enfermidade pero non sabemos data nin circunstancias) e Francisco Búa Carou, no penal de Pamplona o 25 de marzo do 42.

Ó cambiaren de bando, no frente, morreron Francisco Bastos Fernández (irmán do Jatón) e mais Silviano Martínez Pazó (irmán de José e Alexandro).

D*ispois había outros irmáns. Francisco, que matárono tamén, pero a ese matárono no frente por detrás. Cando o levaron, xa por detrás xa o liquidaron. Eso tenmo contado a nai a min* (*JNR*).

De Silviano

Iba pa bota-la hora. Cando viu o Movimiento matáronlle dous irmáns (*...*) *á miña muller. Eu iba palá. E a un fusilárono alá, disque, tres. Fusilárono alá, disque. Il era zapador. Quíxose pasar palá, e quivocouse e foi parar a...*

—¡Alto!

Dispois fusilárono. No frente, claro (*TR*)

Morreron na guerra, do lado republicano, Manuel Botello Barros na Batalla de Teruel e Bernardo Blanco Rodal, na Armada republicana, no buque Libertad. Bernardo Blanco ingresara na Mariña con 14 anos, no buque escola Galatea. Morreu en Cartaxena no 38. Glosa así a súa morte Francisco Mosqueira en La Armada:

Nuestros héroes. ¡Ha muerto Rodal!

Ha muerto Rodal. Bernardo Blanco Rodal. Un héroe más de nuestra España. Su impulso generoso lo llevó a dar su vida en aras del bien común. Su muerte ha sido como su vida entera; no podía ser de otra manera. Era

todo arrojo, todo corazón. No se paró a pensar los resultados de su generosidad. No estaba de guardia ni el accidente había sido en su sección; pero no importa; se trataba de algo que podía costar la vida a cientos de seres y reportar a la República una pérdida muy grande.

Y él no pensó. Había que salvar al "Libertad" y hasta evitar trabajos inútiles: inundaciones innecesarias. Y bregó, trabajó dándose entero, con despreocupación absoluta de si mismo.

Era de los cabos de antes del 18 de julio y recientemente ascendido a oficial. Se había dudado de los cabos y se podía dudar de los nuevos oficiales. En cierta ocasión me había dicho, recién embarcado: "Sé que embarco en un buque fogueado, un barco que ha dado gloria a la Marina y sé que se duda de nosostros y que aquí hai que ganarse un puesto a pulso". Tenía ganas de hacer algo grande. Le parecía poco lo que había hecho por la Causa y por la Marina y en su haber hay un historial como pocos podrían lucirlo. Su inteligencia, su valor y su caballerosidad se destacaron en el "Cervantes" al principio de la guerra y más tarde en la columna que fue a Almería, de la cual él fue el alma. Su espíritu no se avenía a esta calma aparente. ¡"Si me cogiera un bombardeo a bordo"! Era un predestinado...

Rodal, tus compañeros te saludan. Para España, para la Marina has sido un héroe más; para los que te conocíamos y nos honrábamos con tu amistad, el gesto de tu generosidad y de tu hombría quedará como prenda de orgullo que podremos lucir cual ninguna otra.

Hasta luego, Rodal. Tú, que has sido siempre espléndido y magnánimo, y que tu desprendimiento te hacía darlo todo, hasta la vida, no puedes esperar de mi más que una cosa: un simple saludo. ¡Hasta luego, Rodal!" (*La Armada. Non distinguimos data. Debe ser 1938*).

A José Saa e a Saturno Blanco matáronos por razóns ou de forma confusa:

MSA. José Saa Martínez era un canteiro que viña de traballar do monte e matárono no Xesteiro.

P. ¿Era socialista?

MSA. Non. Este era de dereitas.

P. ¿Por qué o mataron?

MSA. Matárono porque non sabían quen era. Mirárono vir e pegáronlle un tiro. Estaba casado cunha curmá miña.

P. ¿Por qué se equivocaron?

MSA. Por equivocación, por gusto de matar, pois andaban atrás do ferreiro. Unha vez que o mataron truérono para o cimeterio de Cangas.

P. ¿Cando foi, no mesmo mes?

MSA. Foi no mes ese cando andaban atrás da xente, no mes de agosto (*dispois de Anguieiro*) (*MSA*).

De Saturno, como xa diximos, díxose que o mataron cando saía do cárcere, de visitar ó Charrúa, e confundido con el. Estas mortes non sabemos como puideron suceder nin as razóns dadas convencen moito. Si sabemos que dentro da Falanxe tamén había tensións mortais. Lucas (Jesús Santos Sequeiros), quen fora das mocedades galeguistas e nun mitin de José Antonio se sentiu atraído pola Falanxe, tivo un enfrontamento; dixo que mentres el estivera de garda dos presos non consentía que ninguén os tocara. A raíz disto tiña xa practicamente a ameaza de morte. Polas súas influencias deron mobilizado a José María Massó (de Bueu) e por este ó xefe do Polígono de Marín, que dixeron que a única solución que topaban para fuxir ó asasinio sería incorporarse inmediatamente ó frente. Incorporouse e foi morrer o 10 de xullo do 38 en Castellón.

Na guerra, polo lado franquista morreron 103[15] persoas. Delas, moitas foron á guerra por convicción e mesmo por iniciativa. Pero moitos máis foron obrigados, mesmo sendo a súa ideoloxía e a súa circunstancia persoal arraigadamente antifranquista.

A represión consistiu tamén noutros procesos: presos, torturas, exilios, escondidos, maltratos, vinganzas, saqueo de bens e patrimonio, indefensión xurídica, etc. Os presos foron moitos[16] e da vida das prisións xa temos dito algo,

A Normal era unha casa na Alameda de Pontevedra na que daban clases. Estabamos metidos no baixo e máis arriba nós estabamos no fondo de todo e había unhas ventaniñas baixas polas que se miraba o día. Estabamos enterrados. Estivemos alí ata que fomos para o Lazareto (*MSA*).

Eu non me acordo, cando xulgaron á miña nai e non sei como lle chamaban a aquil xuíz. Viña do frente de Asturias e morréralle un irmán no frente. E viña rabioso. Tan pronto como... Na, na... Catro palabras e... ¡Pena de muerte para esa mujer! Sin... sin oír... Porque alí facían catro xuízos cada mañán. Xa non che preguntaban. E cando estuvo miña nai presa alí.

Meu pai na celda con pena de morte e miña nai neste outro lado. No aquel das mulleres. E chegaban alí. O palacio de Xustiza era alí, onde está a Audiencia, era alí. Era a cárcel alí.

Chegabas a Pontevedra ás 3 da mañán, Antes, no mes de xuño ás 4 e media da mañán xa raiaba o día. E saías coas estrelas, pa andar. E dispois de volta. E chegabas alí e mirabas aquela xentiña, que viña de Agolada, de Silleda, de... de todo por aí arriba a levarlles... Estaba atestada, a cárcel atestada de xente. Porque prenderon sen ton nin son. E dispois tuveron que metelos na Normal, á mitá deles. Porque non cabían alí. E mirar aquila xentiña, a xente vella... tiñan un fillo, un hermano, tiña un novio.

Esperando a que lle abriran a cárcel pa levarlle... Porque tiña que levarlle roupa pa mudarse. Espera que te espera, unha hora, outra hora.

Cando abrían...

—¡Familia de fulano de Tal!

Dábaslle a bolsa e dábanche outra bolsa.

Tanta xente non sabía... Dicíanche Ai, de Pontevedra quitaron a tantos esta noite. Ai disque en Campolongo apareceron tantos mortos de...

Claro, andabas co... nun puño.

Chegabas alí. Era por miralos. Subíante e poñíante. Bueno, naqueles pasillos anchos. Poñíanche a persoa a catro ou cinco metros. Porque inda tablón por aquí. Un guardia por aquí. Claro, todo o mundo a falar naquelas rejas. ¿Que entendías do que che dicían? – sólo por miralos. E así veña,e un día, e outro día, e outro día, e...

Aquela fame, aqueles tempos de fame onde non había nada. Porque durante a guerra inda non houbo moita fame, porque había provincias onde había aceite. Andalucía andaba por estes... Había falta de roupa (*non estaba por Franco*)*; aceite e pan non pasabas... Pero de pan, Castilla estaba por estes, había pan... A fame viu canda 2ª guerra mundial. De Argentina viñan alimentos* (*... na 2ªGM Franco mandou todo palá...*). *A fame, en España, dende o 41 para diante.*

Meu pai, en Pamplona (*no cárcere*) *unha nochebuena que non puideron subir os camións do suministro, comeron* (*...mondas de patata da basura...*). *Cando viñeron as monxas, dispois xa non...*

Fixeron unha fuga do penal de Pamplona (*...*) *mataron a todos... de noite. Planearon a fuga cando saíron ó patio. Eran 2000 homes, eh! E había cabida para 600 homes. ¿como podían vivir?* (*...*) *E metelos no patio a oír a misa horas e horas... E os falangistas a..."*(*LRBa*)

Houbo maltratos por moi diversas razóns: mulleres[17] que lles cortaron o pelo e en moitos casos as facían quedar na porta da casa para que a xente as mirara así ó pasar; a parentes de escapados para que lle dixeran o que sabían deles. Moitos estiveron fuxidos moito tempo.

Chuco o Tirano estivo todo o tempo en Coiro. (*Guillermo*) *Moldes mirouno cruzar unha carretera. Foron o Corneta, Gil, Lastra, un sobriño de Corbacho (fillo dunha irmán de Corbacho). Andaba errante e de noite víñase acoller a unha casiña que había... escóndense nun canello, oíndo todo... un (Modesto Gil) "nós non nos vamos. Pero a ese non o imos matar dun tiro, eh. A ese levámolo a patadas para Cangas...* (*LR*).

E dispois da guerra, o exilio: José Rodal Blanco

andou todo o tempo embarcado, embarcárono nos barcos e marcháronse e leváronos ó deserto de... cerca de Túnez. E de aí as peripecias do

mundo, de aí... el botou toda a guerra (...) *E da que chegaron alí, como os alemáns avanzaban como tolos por todo, os italianos, os alemáns* (...) *puxéronos, eran setecentos e pico de homes, ou oitocentos, a facer estradas, trincheiras polo deserto, todo; cheos de fame, cheos de piollos, cheos de non sei qué. Cincuenta veces bombardeados, porque non os querían, que eran roxos, claro, porque os alemáns e os italianos andaban polo deserto para... saían de Italia, atravesaban o mar e xa se caían alí, e bombardeábannos. E dispois, cando terminou a guerra europea, veu para Túnez e foi para un hotel, pero pasou mil peripecias, veu para un hotel, tiña moita confianza, un ano, outro, outro e que foi de xefe de cociña no hotel, que a el dábaselle moi ben a cociña, e coñeceu unha italiana* (...) *casou e dispois de estaren uns anos en Túnez, subiu a Francia, a unha vila interior. Agora están cerca de Marsella, están en Aviñón.*

Estivo no bombardeo do Baleares, no estreito (...) *o que é a guerra. Aqueles homes polo aire. Pero eles tiñan que facer o que lles mandaban"* (*LRB, 99*).

José Rodal Blanco xa non quixo pisar Cangas máis ca unha vez, dispois da transición, para ver ó seu pai[18]. José Molanes Mallo, tamén destacado, estaba na armada no 36 e estivo toda a guerra en Ferrol. Dispois (no 42/44) foi a Arxentina, casou e quedou alí. Volveu un par de veces. José Molanes Blanco Maneghra na guerra estivo escondido na súa casa primeiro, nun zulo, que varias veces petaron nel os falanxistas nos seus rexistros, pero no toparon. Aínda estivo escondido noutras dúas casas. Ó final da guerra presentouse –no 1942– Presentáronse tamén o Carabelo, o ferreiro –Indalecio Cruz, que tiña a fragua no forte–. Américo foi a Pontevedra co pai e mais co Carabelo a presentarse ó gobernador civil en 1942, canda amnistía limitada. O Pequecho estivo escondido na Igrexa de Coiro, na "cova", debaixo do altar maior. Andaba escapado polo monte Rafael Rodal Rodríguez O Pitiscado (fillo de Camilo).

Houbo algúns suicidios de xente significativa, volveuse tolo Francisco Secundino Rodríguez Martínez no Lazareto o 17 de xaneiro do 37. Morreu ó pouco tempo

Evaristo Dobarro, que loqueou. Cando saiu da cárcel, veu mal e loqueou. E estivo alí en Conxo e mais en que sitio máis. Rapaz intelixentísimo, de Cimadevila. Dos Dobarro (*JNR*).

Producíronse varias formas de saqueo de bens e patrimonio:

Botáronme 30 anos. E dispois de 30 anos, responsabilidades políticas. E téñoo aí. E non quixen pagalos. E José (*Baleiro/*) *pagounas. 500. E*

outros, para iren traballar tiñan que pagalas, se non non podían ir traballar aí á de Massó ou a calquera empresa. Pero eu no. Eu dixen ó do xulgado que non pagaba. Que prefería ir a San Simón outra vez. Era requisado. No, y no, y no. Traballo por min. E traballei por min. Sobrábame onde traballar (*JNR*).

Sentencias condenándoos a multas e responsabilidades, obrigas de pagamentos en relación con pretextos, indefensión xurídica fronte ás apetencias de falanxistas ou do Estado.

Os bens das sociedades obreiras son saqueados con total desvergonza: o local da Alianza[19], as tesourerías tamén, polo que andan detrás dos tesoureiros, secretarios e depositarios para que lles fagan entrega dos cartos[20], os bens mobles[21] ¡Que dor ter visto o esforzo, a perseverancia, a solidariedade extendida sobre toda a clase obreira, dende Cangas a Huelva, Barcelona ou San Sebastián, para subscribir os gastos da construcción da casa do pobo, para ver vir agora ó exército e a falanxe a saqueárenlla!

A sentencia nº 533/940, de 5.11.1940, do Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas da Coruña, modelo de delincuencia dos tribunais e de indefensión dos familiares e das víctimas: non respecta ós mortos, saquea ós herdeiros, pon as multas co criterio, non do delicto imputado, senón da riqueza ou maior facilidade para incautarse (o pago é maior se ten conta bancaria ca inmoble) así ponlle a Meis 2000 pts (que ten nunha conta compartida) e ós outros mortos 100, etc. Eis a sentencia en cuestión:

SENTENCIA nº 533/940.= Señores del Tribunal: Presidente: Ilmo Sr. D. Eduardo Martínez Nieto. Vocales: //¿D. Marcial?// Del Río y Díaz. –D. José Quiroga y Martínez de Pisón.– En la ciudad de La Coruña a cinco de Noviembre de mil novecientos cuarenta. Visto por este Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas el expediente de su competencia seguido contra el fallecido ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, de ¿3 años, casado, albañil, hijo de Francisca, natural y vecino de Cangas; AGUSTÍN SANJUAN SANSINENA, de 43 años de edad, casado, mecánico, natural de Santander y vecino de Cangas; el fallecido JOSÉ GALLEGO NOGUEIRA, de trenta y siete años, casado, empleado, natural y vecino de Cangas; el fallecido JOSÉ MEJUTO BERNÁRDEZ, de treinta años, casado, mecánico, hijo de Manuel y de Josefa, natural y vecino de Cangas; el fallecido JOSÉ MEIS MARTÍNEZ, de cuarenta y dos años, soltero, maestro nacional, hijo de Andrés y Constanza, natural de Sangenjo y vecino de Marín; GUMERSINDO GASTIOSORO Y RUIZ DE ARZUA, de sesenta y dos años, casado, maestro nacional, hijo de Pedro y Toribia, natural de Heredia de la provincia de Alava y vecino de Cangas; JOAQUÍN TORRES //sic. NORES// RODRÍGUEZ, de veintidos años. Soltero, hojalatero, hijo de Faustino y de

Griselda, natural y vecino de Cangas; Serafín Gómez González, de veintiocho años, soltero, marinero, natural y vecino de Aldán en el término municipal de Cangas; Germán Chapela Leiro, de treinta y cuatro años, casado, pescador, natural y vecino de Cangas; Ismael Costas Caamaño, de treinta y cuatro años, soltero, músico, natural y vecino de Coiro, término municipal de Cangas; Albino Varela Sotelo, de veintiocho años, casado, marinero, natural de Aldán y vecino de Espiñeiro, ambos de Cangas; José Otero (sin segundo) de treinta y nueve años, casado, marinero, natural y vecino del referido Aldán; Manuel Sotelo Alonso, de veinticuatro años, soltero, cantero, hijo de Manuel y Virginia, natural y vecino de Darbo en el término municipal de Cangas; Manuel González Dantas soltero, herrero, hijo de Antonio y María Jesusa, natural y vecino de Cangas; Manuel Diz Carballo, de veintitres años, soltero, marinero, natural y vecino de Aldán; Antonio Piñeiro Avendaño, de veintidós años, soltero, marinero, de la misma naturaleza y vecindad que el anterior; Valentín Villar Soliño, de veintitres años, soltero, albañil, hijo de Manuel y Serafina, natural y vecino de Darbo; Juan Valladares Taboada, de veititres años, soltero, marinero, natural y vecino de Aldán y Evaristo Dobarro Landín, de diecinueve años, soltero, aserrador, hijo de Evaristo y //¿Anunciación?//, natural y vecino de Darbo, en el referido término municipal de Cangas de Morrazo instruído por el juéz de la jurisdicción en la provincia de Pontevedra y

Resultando que por sentencia de doce de mayo de mil novecientos treinta y siete del Consejo de Guerra Ordinario celebrado en Pontevedra fueron condenados por el delito de rebelión militar los inculpados, Antonio Fernández Fernández, Agustín Sanjuan Sansinena; José Gallego Nogueira, José Mejuto Bernardez y José Meis Martínez a la pena de muerte que les fue conmutada al Agustín Sanjuan por la de reclusión perpetua y accesorias y cumplida en los otros cuatro el 27 de julio del referido año mil novecientos treinta y siete; Gumersindo Gastiosoro y Ruiz de Arzua, Joaquín Nores Rodríguez, Serafín Gómez González y Germán Chapela Leiro a la de reclusión perpetua y accesorias y los otros inculpados por el de auxilio a dicha rebelión, Ismael Costas Caamaño a la de varios años de reclusión temporal y accesorias, Albino Varela Sotelo, José Otero, Manuel Sotelo Alonso, Manuel González Dantas, Manuel Díaz Carballo, Antonio Piñeiro Avendaño, Valentín Villar Soliño y Juan Valladares Taboada a la de doce años y un dia de igual pena con accesorias y Evaristo Dobarro Landín a la de seis años y un dia de prisión mayor con accesorias correspondientes; hechos que se declaran probados y se estiman como graves, estando tambien probado que el Antonio Fernández dejó una finca que se valora en los informes en mil pesetas, que José Meis Martínez tenía cuenta corriente con otros dos en el Banco Hispano Americano de Pontevedra, dicha cuenta en caja de Ahorros que en once de

abril de mil novecientos treinta y ocho tenía un saldo favorable de OCHO MIL DOSCIENTAS CINCUENTA Y CINCO PESETAS Y UN CÉNTIMO, *que José Mejuto poseía en Coya una casa que no se valora y que no se concreta si era suya o de la de hoy, su viuda, careciendo todos los demás de bienes de fortuna y habiendo dejado como cargas familiares el Antonio Fernández vuida y tres hijos, José Gallego, mujer y un hijo; José Mejuto, mujer y cuatro hijos, y ninguna carga el José Meis; que Agustín Sanjuán tiene, como cargas, mujer y seis hijos; Gumersindo Gastiosoro solo mujer; German Chapela mujer y un hijo, lo mismo que Albino Varela; José Otero, mujer y tres hijos, careciendo todos los demás de cargas familiares;*

RESULTANDO *que instruído el expediente por acuerdo de este Tribunal en virtud de antecedentes que remitió la Comisión Provincial de Incautación de Bienes de Pontevedra, entre ellos el testimonio de la sentencia que queda indicada, el inspector recibió informes, aportó las certificaciones de defunción de los inculpados fallecidos, hizo las advertencias legales a los demás que presentaron declaración jurada y termino con el resumen da lo actuado cumpliendose la prueba practicada por acuerdo de este Tribunal y ya después se pusieron los autos de manifiesto a las viudas de Antonio Fernandez,* JOSEFA MARIÑO GAMALLO; *José Gallego Nogueira,* MARÍA LEMOS PÉREZ; *y José Mejuto,* ALEJANDRA NOGUEIRA LAGOS *y a un hermano del otro fallecido José Meis Martínez y a todos los demás inculpados sin que nadie hubiese alegado cosa alguna dentro del plazo concedido y quedando tal expediente para sentencia con fecha tres del actual;*

CONSIDERANDO *que los hechos probados y que se estiman como graves son constitutivos de la infracción comprendida en el apartado a) del artículo 4º de la Ley pues todos los inculpados fueron condenados por la jurisdicción militar por delitos de los comprendidos en tal apartado;*

CONSIDERANDO *que es consecuencia declarar a los mismos incursos en responsabilidad política por lo preceptuado en dicho artículo 4º y sujetos solo a sanción económica por lo que dispone el último párrafo del artículo 10;*

CONSIDERANDO *que habiendo realizado los hechos y recaída la sentencia, cuando el inculpado Evaristo Dobarro Landin era menor de dieciocho años, hay que apreciar a su favor la atenuante primera del artículo 6º de la Ley;*

CONSIDERANDO *que para fijar la //?// económica hay que atenerse a lo que ordena el último párrafo del artículo 13 y tener en cuenta lo que dispone el artículo 15 en cuanto a los responsables fallecidos.*

VISTOS *los preceptos citados y demás de aplicación,*

FALLAMOS, *que debemos declarar y declaramos incursos en responsabilidad política a los inculpados fallecidos* ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ GALLEGO NOGUEIRA, JOSÉ MEJUTO BERNARDEZ *y* JOSÉ MEIS MARTÍNEZ *y les imponemos como sanción a los tres primeros el pago*

de CIEN PESETAS, a cada uno, y al Meis el de DOS MIL, cantidades que habrán de hacerse efectivas con cargo a los caudales hereditarios respectivos; a AGUSTÍN SANJUAN y EVARISTO DOBARRO el pago de CINCUENTA PESETAS, también a cada uno de ellos, y a los GUMERSINDO GASTIOSORO, JOAQUÍN NORES, SERAFÍN GÓMEZ, GERMÁN CHAPELA, ISMAEL COSTAS, ALBINO VARELA, JOSÉ OTERO, MANUEL SOTELO, MANUEL GONZÁLEZ DANTAS, MANUEL DÍAZ CARBALLO, ANTONIO PIÑEIRO, VALENTÍN VILLAR SOLIÑO Y JUAN VALLADARES TABOADA, el pago a cada uno de los mismos de CIEN PESETAS//¿Ref?// por esta nuestra sentencia.– Lo pronunciamos, mandamos y firmamos.– Eduardo Martínez Nieto.– Marcial del Rio Díaz.– José Antonio Quiroga y Martínez de Pisón.– Todos Rubricados.– //????//.– Vicente San???– Rubricado. Hay un sello ¿??? Regional.

Foron condenados polos falanxistas a pagar 500 pts os que foran edís do Concello en 1933, cando o andacio de tuberculose de Cangas, por se teren excedido nos presupostos da beneficiencia (lembremos que en 1933 Taratola fai unha moción para que o Concello aumentara os presupostos para atender as necesidades sanitarias da tuberculose endémica, xa que os enfermos non tiñan diñeiro e o Concello esgotara ese renglón presupostario). Ante esta requisa os Concelleiros non tiveron defensa posible, os da dereita salváronse máis, como Luís Bolíbar Massó, que non foi nin condenado "porque ía moi pouco polo Concello", e algúns con máis recursos xurídicos, como Xesús Cordeiro, asinaron de primeiros (habería que saber por que). O caso é que os outros tiveron que pagar tamén.

J. Estes foron castigados por unha moción que fixeran no Concello, Sr. Xelo tamén, concelleiro; Montesano, o de Coiro –boa persoa– eran conservadores... e outro de Aldán.

Dixeron vamos a firmar... unha moción aumentaron as medicinas ós pobres. E ó aumentar as medicinas tuveron que pagar. E meu tío (José da Vicenta) tuvo que vender unha veiga

P. ¿Unha veiga?

J. Coño ¿quen lle daba os cartos pa pagar? Taratola tuvo que ir preso, pero José Vicenta tiña, que tuvo que vender unha veiga que era do meu abuelo JNR.

Pagaron tamén Manuel Nores Sotelo (Taratola), que foi preso e non o soltaron ata que pagou a multa, José Montes Germade, os de Aldán e mais os de Hío. Herminio tuvo que vender un nícharo... toda a corporación do 33

Por supera-lo presuposto municipal (*debido á gran epidemia de tuberculose do 1933*)*, terrible en Cangas, na rúa Ramón Franco vivían 3*

por riba da cama e 3 por baixo da cama. Diante do Delegado Gobernativo fixéronlles firmar un compromiso de débeda de sobre 500 pts a cada concelleiro activo no 33. Luís Bolívar e Xelo tiveron a culpa, porque firmaron. O delegado Gobernativo e... ameazábanche co Lazareto se non firmabas.

En cambio, os alcaldes franquistas non se cortaron un pelo: Os gastos de farmacia eran os gastos máis importantes do Concello. A marxe dos gaños para o farmacéutico eran do 40%. Por iso se pensou na República en poñer unha farmacia municipal para aforrar[22]*. Pepito Tesorier, sendo alcalde de Cangas, nas campañas de "Navidades Humildes" dábanselle os pobres uns vales. Liquidaban por vales despachados. Os despachados eran moitos menos cós presentados ó cobro, e entón, entre alcalde e o parente Farmacéutico aproveitábanse do diñeiro dos pobres.*

A terceira forma de saqueo de bens foron os procedementos cos que os falanxistas e outros homes de orde, de honor e de profundos sentimentos católicos, se apropiaron de inmobles das víctimas por varias argucias xurídicas, coa indefensión destas (como nesta familia "había demasiada carne" (é dicir: represión), non se atrevían a defenderse de certas formas de obrigar a vender a baixo prezo...

Outras formas foron, por exemplo, o dominio das redes comerciais e outros recursos: así o Caraancha (Alfredo Moldes) fíxose coa distribución do marisco de Darbo, ameazando polos métodos máis violentos se fixera falta a calquera posible competidor. Fíxose célebre, por exemplo, a súa coacción e a posterior vinganza do Peixe.

As indefensións xurídicas chegan ó eido laboral: Os traballadores quedan moito máis a mercede dos patronos: foi desfeito todo o "capital social" que representaban as sociedades operarias, e agora nada pon un límite ó poder patronal, como non sexa o sindicato vertical. Coacciónase ós traballadores por conta allea tanto a pagar multas e exaccións como poñendo o pre-requisito de presentar o previo certificado de boa conducta. Dende os poderes locais se limita aínda máis o xa limitado dereito ó traballo. Os presos son reducidos a unha práctica esclavitude que se chamou a "redención de penas polo traballo", invento do xesuíta José Pérez del Pulgar (Torres, 2000).

No ano 40 fun para Potes, Santander, a traballar nunha ponte e dalí xa viñen para a casa

P. ¿Por qué non cumpriron a totalidade da pena? ¿saíu un novo decreto?

MSA. Houbo unha revisión da causa na que non nos atoparon nada. Xulgáronnos sen causa algunha.

P. ¿Tardaron 4 anos a facela?

MSA. Claro que si. Andaban a modo, non se aplicaban moito pois querían que traballaramos na carretera, pois eles eran todos uns vagos. Tiveron que soltar os presos para facer os traballos ¿quen traballaba deles? Íaslle dicir ti ós Moldes que traballaran, que fixeran un camiño ou calquera cousa. Todos eles eran uns vagos e uns maleantes" (*MSA*).

Por exemplo, para acusar a Manuel Miranda Cabral desígnanse como acusadores a varios falanxistas:

2063. Como interesado en su escrito fecha 30 de julio pasado, tengo el honor de participara V. Que he tenido a bien, de acuerdo con el jefe local de FET y de las JONS, designar a José Graña Rodal, Serafín González Núñez y Joaquín Gargamala, para prestar la declaración que interesa, relativa a Manuel Miranda Cabral, de esta villa. Dios salve a España y guarde a V. Muchos años. Cangas 10 de agosto de 1940. El Alcalde. Sr. Juez municipal de Cangas.

O estado de asoballamento e soxulgamento chega mesmo ós nomes das persoas e embarcacións que non concordan ben co púdico franquismo: son obrigados a cambiarse de nome varias persoas e na Axudantía tamén cambian de oficio nomes de barcos, como Pablo Iglesias, que lle poñen arriba españa entre dous grupos de tres exclamacións.

A Guerra

Non é a nosa misión describir a evolución da guerra civil. Trataremos apenas de tracexar como se foi vivindo a guerra na vida local. Por un lado, viviuse un clima de terror e de inseguranza total nas persoas e familias comprometidas cos movementos obreiros, democráticos e republicanos. Polo outro, dunha situación de dominio mesto da vida local.

O poder local é detentado por unha élite de falanxistas, entre os que destacan fabricantes, un núcleo de comerciantes, un núcleo de armadores... Un sector bastante lumpen préstalles o seu auxilio en controlar relacións veciñais. A persecución dos "roxos" é continua; as vixianzas de casas sospeitosas, as prisións e os asasinios, os Consellos de Guerra con condenas a fusilamento, as violacións de correspondencia... Os familiares dos presos están completamente absorbidos polas atencións ós seus: mándanlles alimentos, van visitalos recorrendo longas distancias a pé (ás prisións de Cangas, Pontevedra, ó Lazareto, etc), visitas a Astorga, a Pamplona... para falarlles e levarlles os alimentos. Ós cárceres máis distantes

mándanlles comida e roupa por correo, pero moitas veces non chegan ó seu destino: son saqueados, mesmo na oficina de Cangas.

Os trunfos do exército franquista son celebrados con manifestacións, nas que moitas veces se obriga a algún "esquerdista" a cantar "cara al sol", erguer a man ó estilo fascista e a ir así, agarrados, cos manifestantes.

Pero aínda hai algunha posibilidade de rexoubeo, por pouco tempo: o 8 de marzo de 1937 unhas cantas mulleres "provistas de caldeiros e envases de folla de lata intentaron soar na vía pública de forma escandalosa e cantaren o himno da falanxe de forma pouco correcta", polo que son denunciadas e ingresan no depósito municipal (AMC).

As mortes na guerra polo lado "nacional" son celebradas con actos relixiosos. O acontecemento máis tráxico para Cangas foi o afundimento do Baleares pola Armada e a aviación republicana: no naufraxio do Baleares (10/11 de marzo de 1938) morreron 3 falanxistas destacados: Humberto Fernández (Cervera), Antonio Camiña e José Cordeiro. O naufraxio do Baleares ocupou moito tempo a prensa[23], sen embargo deixar bastante confusos os feitos. No Baleares morreron moitos mariños, e a Armada inglesa recolleu tamén moitos náufragos. Cremos que gran parte da dotación do Baleares era voluntaria.

Sen embargo, os máis dos soldados reclutados en Cangas foron destinados ó exército de terra. Moitos morreron na fronte de Aragón.

Requiríronse para as tropas franquistas os xoves útiles; sen embargo levábanos mais ben ó exército de terra, acaso porque tiñan medo á rebelión das dotacións, xa que os máis dos mariñeiros eran desafectos ó franquismo e protagonizaron moitas sublevacións nas que se alzaron cos buques e os cuarteles da Armada xa dende o inicio do pronunciamento. Moitas persoas de esquerda foron obrigados a incorporárense ó exército franquista. Outros toparon no exército unha protección contra a persecución política, que era a morte: Clemente Carracelas, dispois de ser afusilado nunha raposa do Lazareto viviu escondido. Cando apareceu a ameaza de que os familiares dos fuxidos serían fusilados se non os entregaban, entregouse e ingresou na lexión. José Molanes Mallo, fillo do Maneghra e tamén destacado na Alianza, preso no 34, tivo en plena guerra un intento frustrado de sublevar á tripulación dun bou armado para a guerra do Cantábrico. Ó parecer tamén tivera que ver en botar a pique outro. Fórono buscar os falanxistas de Cangas a Ferrol, pero o xefe correspondente non o quixo entregar.

Déronse situacións como esta: os falanxistas e a garda civil entraron na casa de Faustino e Griselda para requirir para o exér-

cito franquista a José, asasinado en Anguieiro. A familia respondeu: "preguntaille a (tal e tal persoa) por il. Eles levárono e non volvemos saber".

Mentres algúns tiñan un irmán preso no Lazareto, ou un pai fuxido ou agachado nas peores condicións, eran obrigados a formar no exército franquista, como Ernesto e Félix, irmáns de Ángel Fernández. Ernesto morreu na guerra, do lado franquista. Outros ían voluntarios e enardecidos

Ese andaba máis metido na casa do cura, de requetés e todas esas cousas (...) *Deses cando marcharon pra guerra, que saíu a condesa á ventana, e nós estabamos na catequese:*
—Marchad, valientes, a defender España
dicíalles a condesa" (G)

Os intentos de incorporarse á fronte republicana non sempre daban fruto. José Acuña García desertou dun barco pesqueiro e logrou pasarse á zona roxa. Os intentos de pasarse por Portugal non prosperaron case nunca[24] pola alianza activa de Salazar con Franco.

Houbo cambios de bando. Varios mozos de Cangas que facían o servicio militar na Armada, fixeron a guerra na Armada republicana. Moitos máis foron requiridos polo bando franquista. Algúns conseguiron cambiar de bando, como Manuel Miranda Cabral, e así pasaron tamén do exército de terra á Armada[25]. Tamén á inversa: Así creo que na fronte do Ebro un de Coiro pásase dun ó outro lado: –Alto, ¿quién vive? –Son fulano, de Coiro" e así pasou a incorporarse ó exército franquista.

Xa cando a guerra termina, a Armada Republicana fixo a súa "retirada" ás costas de África, en marzo do 39. Alí ían cando menos José Rodal Blanco, Angel e José Graña Rodal, José Oliveira, Manuel Miranda, ¿Valentín Ferrari?... (Santiago, Lloris e Barrera, 1981).

A destrucción da vida social e a imposición do nacional-catolicismo

Aquela idiota que iba co netiño ó lombo, ¡Viva la Muerte! ¡Viva la muerte! ¡Viva la muerte!
Eu dixen: mamá ¿ti ves á Sra. Francisca?
E ela así ¡Viva la muerte!
Ramona Nores

O trunfo do franquismo representa o retorno ás 5 características do estado español da monarquía: centralista, católico, militarista, oligárquico e caciquil. Ademais, fascista

Dispois da república xa non houbo ideales máis ca "Franco, Franco, Franco (*TR*).

O rasgo máis novo é que o Estado pasa a ser un estado forte e omnipresente (cando o Estado monárquico era débil e fráxil), e ademais dictatorial. A relixión católica é imposta como relixión de estado e os seus ritos son obrigatorios. Nas prisións obrígase ós presos a iren a misa e asistiren ás pláticas pastorais dos curas. Un dos casos máis terribles foi o espantoso fusilamento de 29 presos no cárcere de Castellón[26] en 1945, por non se axeonllaren na misa.

A presencia activa da Igrexa no xenocidio foi moi mesta: nas prisións, nas execucións, nas delacións, nas xustificacións doctrinais e pastorais, consolo de víctimas e enardecimento das masas.

Algún cura algunha vez protexeu esquerdistas (a Morros deulle acobillo na súa casa de Santiago Valentín Losada; don Manueliño tamén protexeu a algúns; O Pesqueites do Hío (don Antonio) non permitiu na súa parroquia as correrías sanguinarias do seu irmán Valentín, e así no Hío non houbo demasiada persecución; pero o seu outro irmán de Aldán (don José) foi máis activo persecutor. Deulle, ó parecer, a algunha viúva o seguinte argumento de consolo: "hai que sacar a herba mala para que así medre ben a cosecha".

No Lazareto e "exercendo o seu labor de apostolado nas prisións viguesas" fíxose célebre o xesuíta "Padre Nieto"

Barros. O primeiro día que eu coñecín ó Padre Nieto veu á fronte dunha gornición de falanxistas e gardas civís a trasladar do "Frontón" unha cantidade de presos á illa de San Simón. Entón alí o Padre Nieto deunos un discurso dicindo que na illa de San Simón que había que ir á misa. Que o que non fora á misa que llo dixera porque a el o mesmo lle daba matar un ca cen, sacando a pistola nese momento, porque –dicía el– "cuantos más mate más honores tengo"

Piñeiro. ¿Aquel home era catolicismo? ¡Aquel home era salvaxismo" nada máis. ¡Aquel home babeaba que parecía un animal co sol que había! E levamos alí quince días que ter que aturalo ¡quince días!, para unha confesión que houbo. E foi cando foi a revolta. E dispois alí a xente negouse a ir á confesión. Entón veu alí un oficial, que estaba mirando a cerimonia e dixo: "–no, no, no, a mi la religión católica no la admito de esa manera. Aquí es voluntaria. El que quiera ir que vaya y el que no quiera ir que no vaya" (...)

Caja. A entrada dil foi: –¡Parece que están moi ridentes hoxe! ¡Están satisfeitos! ¿Qué se chegaron a figurar, pois? ¿Qué non podía falar diso? Pois si, casualmente pódolles falar do quinto mandamento, porque o mesmo que o labrador fai a escarda da mala herba ¡eh! Cristo tamén

permite que todos aqueles que... tal, se extirpe para que haxa unha boa colleita. De modo que están vostedes nun erro. O que se fai é limpar a sociedade de xente maligna, indesexable (*Aillados, 1995, pp. 48-49*).

A igrexa católica empeñouse en facer ver que durante a 2ª república sofriu persecución relixiosa. Isto é moi difícil de probar: todo o máis que se pode ver é, por un lado, a resistencia agresiva da igrexa á separación igrexa / Estado; e polo outro, algunhas agresións puntuais (máis ou menos graves, pero puntuais) á igrexa católica (en bastantes casos, motivadas pola propia impostura das xerarquías católicas). En cambio, a igrexa católica non quixo nunca ver que durante toda a historia moderna e contemporánea de España exerceu ferrea e desapiadamente unha mesta persecución relixiosa e humana ós non católicos.

Entre os primeiros decretos franquistas está a obrigatoriedade de poñeren nomes de santos ós fillos e só se admiten as formas casteláns destes nomes. Nos consellos de guerra as acusacións relativas á vida relixiosa dos acusados, así como as testemuñas dos curas teñen un valor fundamental. Decrétase a obrigatoriedade do bautismo, o matrimonio eclesiástico, o enterro pola igrexa... O catolicismo do réxime atinxe tamén ó realce do poder económico e social dos curas: restáurase o financiamento estadual da igrexa católica, esíxese o informe de boa conducta expedido polo párroco para tramitacións diversas –mesmo laborais– xunto co do alcalde ou da garda civil...

A guerra fora provocada no nome de dous principios: deus e a patria española. Logo, a eses dous principios se consagrou formalmente o xenocidio.

Así se re-implantou e se impuxo a relixión católica como única e verdadeira.

Os poderes locais son fortísimos, controlan case todas as relacións sociais e persoais: quedan apenas as relacións íntimas familiares, as conversas entre amigos e pouco máis fóra do seu control. Non se admiten grupos de máis de tres pola rúa. Poden impoñer pola forza ata os comportamentos máis caprichosos[27]. Acaso o momento da confrontación entre poderes locais o teñamos cando a élite local conservadora se presenta como testigo de cargo no xuízo contra a xestora municipal, nun Consello de Guerra onde, practicamente indefensos, se lles pedían 6 penas de morte:

O noso defensor (...) *chamounos para dicirnos se contabamos con persoas que se comprometeran a declarar como testemuñas de descargo, procurando que foran persoas de dereitas, como Indalecio García, José Solla e Leopoldo Montes. Estes señores foron chamados polo noso defensor e este*

chamounos a nós de novo para informarnos que renunciaba a ditas testemiñas porque serían testemuñas de cargo (...) *Unha testemuña de cargo e funcionario do Concello, Jesús Cordeiro, acusoume de que eu estaba na Casa do Concello en camisa* (...) *Tamén declarou como testemuña de cargo un sarxento da garda civil, Ildefonso. Esta testemuña acusounos de todo o que lle viña á memoria e só lle faltou dicir que eramos fillos de moitos pais. Ante toda clase de acusacións dille o relator: "Oiga, testigo, ¿usted conoce al procesado Angel Fernández del Río, que está en el banquillo de los acusados?*

Ante esta pregunta do relator terminou por dicir que non coñecía ó procesado" Angel Fernández (*1940*).

Houbo algún movemento de defensa entre a élite falanxista gobernante, pero máis ben tímidos. Manuel Boullosa del Río, primo de Angel

tivo a valentía de declarar no Consello de Guerra que todos os que estabamos no banco dos acusados eramos persoas apreciadas na vila de Cangas. Esta declaración custoulle ser detido e incomunicado por varias horas (*Angel Fernández, 1940*).

Tamén certas diferencias e a solidariedade popular conseguen frustrar algunha que outra masacre:

Dispois de transcorridos varios meses soubemos que o balandro Anacoreta estaba comprometido a levarnos a Vigo e no noso translado acabarían por deixarnos no medio da ría... O non levar á realidade esta manobra débese a que un dos tripulantes de dito barco, Modesto Monroy, sospeitou ó recibir a orde de que un dos tripulantes estivera a bordo do balandro para facer unha viaxe pola noite a Vigo. Rapidamente este tripulante informou ós nosos familiares do sospeitoso da viaxe e estes, sen perda de tempo, presentáronse ó xefe da falanxe, que era fillo de Carnero e a outras xerarquías, entre elas o meu primo Manuel Boullosa del Río, os cales lles dixeron ós nosos familiares que estiveran tranquilos, que esa viaxe non se realizaría, como así sucedeu" (*Angel Fernández, 1940*).

Coa "Depuración do Maxisterio" liquidáronse os mestres e os ideais dunha escola libre e plural e da pedagoxía que defendían: os mestres comprometidos con estas concepcións sufriron a represión máis brutal: a escola franquista foi desempeñada por uns mestres limitados e fanáticos. Retornou o apotegma "a letra con sangue entra". Un cristo nú clavado nunha cruz volveu presidir castigos físicos desproporcionados ós nenos: pegábaselles, insultábaselles, obrigábaselles...

Dos mestres de Cangas mataron a Víctor Sánchez (do Forte) en Consello de Guerra; a Vicente Sáez, de Coiro, nunha raposa do Lazareto. Don Agustín Gastiosoro (de Cimadevila) foi preso. De Quinteiro de Aldán sabemos pouco: foi para Canarias xa antes da guerra. Hai algunha testemuña –non confirmada– de que se fixo da falanxe. A Bernardino Graña desposuírono en Ribadavia. Don Enrique Vidal de Bustamante, mestre do Pósito de Tirán e dispois da escola preparatoria do Instituto de Vigo, foi preso e inhabilitado ata o decreto de recuperación de 1959, no que foi destinado á escola de nenos de Desteriz, unha zona rural e apartada. Da escola de pesca de Cangas apenas quedou unha ensinanza vespertina e bastante ful, desempeñada por un mestre sen moita formación. Sen embargo a sociedade española xa era outra: a educación foi moito máis valorada e a escolarización xeral obrigatoria continuou a súa expansión baixo o réxime franquista. Ademais a poboación valorou moito máis a educación formal.

Resúltanos menos doado seguir o que pasou cos proxectos de reorganización sanitaria que tiña en marcha a sociedade e o goberno republicano. Moitos deles quedaron interrompidos, e os médicos víctimas da guerra ou aplastados vitalmente sabemos que foron moitos: mataron a don Agustín; Martínez Piñó foi encarcelado e morreu alí de efermidade; don Amancio Caamaño foi fusilado, con outros e tamén en Vigo fusilaron varios médicos destacados. Don Celestino Poza Cobas estivo no Lazareto. Matáronlle un fillo. Don José Piñeiro nunca pudo perdonar o asasinio do sobriño do seu corazón. A falta de médicos foi suplida en moitos casos por médicos "de carreira curta", é dicir: que lle computaron anos de guerra por anos de carreira. Castigouse á corporación do 33 por ter adicado "demasiados" medios a asistir ós tuberculosos do andacio daquil ano. Moitos proxectos republicanos quedaron interrompidos, e o Instituto Local de Hixiene topáronlle mellor función como cárcere. Certo que Martínez Anido quíxolle dar impulso a programas antituberculosos, polo que algún médico se salvou das exaccións infames de algúns fascistas. Poucos anos dispois descubriríase o remedio definitivo para a tuberculose. A seguranza social e os réximes de xubilación tiveron continuación no franquismo: aquí xa non apareceu tanta racanería como antes por parte da patronal.

O control dos traballadores fíxose omnipotente: para traballar por conta allea pedíanse informes do alcalde (xefe local da Falanxe), do cura, etc. Moitos dos presos que quedaban en liberdade e retornaban a Cangas (de onde non podían saír sen permiso) non se lles admitía no traballo: o Axudante de Mariña non lles franqueaba a cartilla de mar, moitos armadores non os admitían nos seus barcos, o

alcalde expedíalles un certificado negativo da súa conducta... Un día o Marrixo e outros varios fóronse presentar ó Gobernador co problema de que non os deixaban traballar. O Gobernador dixo que il non sabía nada diso e que arranxaría o asunto, como efectivamente o arranxou: era cousa do poder local de Cangas. Pero noutros casos non se arranxou tan facilmente: Manuel Miranda ó retornar do campo de concentración de Rota e da prisión foi obrigado a facer "o que lle quedaba" do servicio militar. Pero xa algun tempo máis tarde volvérono coller en Cangas e reclamáronlle outra vez o cumprimento do servicio. Finalmente decidíu emigrar a Canarias... Os arquivos municipais de Cangas están inzados de informes que necesitaban os traballadores para calquera cuestión laboral, civil ou política.

Os foros, que foran xa practicamente abolidos, reclámanse de novo e en moitos casos cobráronse. Anque xa están na agonía.

As familias dos dirixentes obreiros e democráticos, especialmente dos mortos, non puideron erguer cabeza durante moito tempo: eran marxinadas, tiñan dificultades para traballar; non se lles daba traballo facilmente, pasaron moita fame, moita necesidade, moita humillación. Non se lles recoñecían dereitos... A muller de Corbacho ten dito:

Eu poderíalles perdonar que mataran ó meu home, pero o que nunca lles poderei perdonar é o que fixeron cos fillos.

Tivo que recorrer ás axudas das persoas, traballou no que puido; os fillos pasárona moi, moi mal... A muller de don Víctor púxose a servir; venderan para viren a Cangas as súas terras de Cáceres e quedaron sen medio de vida... As mulleres dos mortos desaparecidos nunca tiveron recoñecemento de viuvedade

A elas me parece que non eran viúvas. Que non lles fixeron o certificado de viúvas; á Sra Lola da Asunción e á Sra María da () *Ah, pero a esas si. Esas déronlle o certificado de viúvas porque eses morreron na cárcel en Pontevedra. A quen non lle darían... Ah, pero á do Tellada non. Ó Tellada non porque a ese levárono de noite e xa non apareceu* (G).

No decenio 1940-50 a poboación de Cangas decrece por primeira vez en todo o século XX: posiblemente a desfeita demográfica da guerra teña parte da culpa, pero sobre todo a emigración, o exilio e a desolada vida local, onde se amontonan os rancores, a culpabilidade, a incapacidade de acción social e a continua humillación dos vencidos.

Emigrouse á Arxentina, ás Canarias, a Santo Domingo, a Porto Rico, a México. José Rodal Blanco a Francia e a Túnez; Angel Graña

Rodal "O Hazaña" a París. A muller e fillos de Mejuto foron a América; a familia de Angel Botello estiveron en varios sitios, e por fin en Porto Rico, onde foi tamén Bastián González García-Paz, o fillo de Bernardino González Paz, arqueólogo destacado nas excavacións do Tecla e que fora secretario das xuventudes galeguistas e profesor da Universidade de Santiago. Na Arxentina, algunhas casas como a dos Pitiscados (fillos) axudaban e recibían emigrados de Cangas. Emigrouse para fuxir (exilio), para terminar dunha vez por todas coa persecución persoal ou laboral, con frecuencia arbitraria e fronte á que se estaba inerme, para alonxárense dun mundo social que destruíra as vidas persoais, para fuxir ós tempos da fame, para buscar mellores condicións económicas ou por mera aspiración a emigrar. O caso é que a poboación de Cangas pasou de 15.836 habitantes en 1940 a 15.334 en 1950.

Notas

[1]A casa do Concello tiña instalado no salón de sesións un aparato de radio por orde do alcalde Antonio Blanco Solla. Estivo aberta noite e día dende que se coñeceu a noticia do erguemento de Africa. Levaron alí na noite do 19 ó 20 armas e outros utensilios de resistencia.

[2]Formaban o comité revolucionario en Marín: Alcalde Antonio Blanco Solla, Santiago Ramos Ramos, Andrés Santos "Rachón", Bernardino de la Torre, Rafael Jaén e Francisco Crespo "Cativo".

[3]Poidéramos tamén chamalas marciais... pola cara de mes de marzo que puxeron ó se veren interrompidas na súa marcha trunfal.

[4]O 19 de xullo requísanse armas por orde da Alcaldía (AMC, entradas, 608); o 20 a Garda Civil entrégaas na Alcaldía (id, 612) e requírese ó representante da Campsa para que facilite gasolina ás camionetas requisadas pola Alcaldía (Id, 614), ordénase á Garda Civil que se poña ó dispor do Alcalde (Id, 615) e detense a varios individuos (id, 616). Previamente xa os falanxistas deberan andar tramando algo. De feito, o 13 de xullo xa se requirira a algúns irmáns Moldes, detidos no depósito municipal (Alfredo e Remigio) e denunciados polo Gobernador Civil (AMC, 581/23.7.36). O propio 20 búscase a algúns dereitistas ("desapareceu da casa do seu pai José Gómez de 20 anos dende hai dúas noites e segundo noticias atópase na casa do cura de Aldán ou no do Hío" AMC, 617/20.7.36)

[5]O Lazareto da Illa de San Simón foi Lazareto (é dicir, lugar para a cuarentena dos barcos e tripulacións) no século XIX. Dispois non tivo misión concreta ata que polo ano 1932 o ISM quixo establecer unha institución para orfos de mariñeiros. Pero isto non chegou a realizarse, aínda que si se fixo unha pre-inauguración. Durante a Guerra Civil e algúns anos dispois foi prisión, máis viciña dun campo de concentración.

[6]A Garda Civil prende ó alcalde, don Agustín, o 23 de xullo. Pasa ó cuartel e á prisión de Cangas. O 12.9 ingresa na prisión de Pontevedra para Consello de Guerra. O 24.7 prenden a Lorenzo Corbacho, que ingresa na prisión de Cangas e é trasladado á de Pontevedra o 12.9. O 25.7 prenden a Vicente Sáez. Ingresa no

cuartel e na prisión de Cangas. O 19.9. ingresa na prisión de Pontevedra (asiste, non sabemos a título de que, ó Consello de Guerra da xestora); o 23.10 ingresa no Lazareto e o 4.12 lévano na raposa. O 5.12.36 "Aparece (morto) o mestre de Cangas na estrada da Parra (Marcón) e os outros en varias carreteras" (Diario de Bienvenido Lago Cid, en Aillados (1995), p. 161). Tamén o 25.7 prenden en Santradan de Cobres a don Víctor Sánchez, ingresado na prisión de Cangas e trasladado á de Pontevedra o 12.9 para ser condenado a morte no Consello de Guerra. O 26.7. prenden a José Rodal Lanzós, que está na prisión de Cangas ata o 12.9. É condenado a prisión perpetua en Consello de Guerra, e o 23.10 ingresa no Lazareto. O 14.V.37 trasládano á prisión Central de Pamplona. O 31.7 prenden a Francisco Búa, trasladado á de Pontevedra o 12.9. para o Consello de Guerra. A Jesús Barreiro préndeno tamén o 31.7; está preso en Cangas ata o 12.9, procesado no Consello de guerra contra a xestora e condenado a 15 anos. O 14.10 ingresa no Lazareto, o 22.3.39 trasládano á de Astorga e o 4.5.43 a pena queda conmutada a 3 anos de prisión menor. O 26 de xullo un garda civil prende a Angel Fernández del Río. Interróganno e detéñenno cos outros.

[7]Están inscritos no Rexistro Civil de Cangas, folios 24 a 28, Antonio Ferreiro Núñez, Normandino Núñez Martínez, Daniel González Graña, Antonio Blanco Rodal e José Martínez Pazó.

[8]Algúns falanxistas dispois do de Anguieiro "Eu isto non resisto. Eu voume apuntar á bandeira da Falange". Iban á de Pereira e tomaban unha borrachera e dispois non sabían o que facían. E dispois mataban a diestro e sinistro. Se botou a chorar ó mirar os cadáveres. Sería dos que os mataron" (TR).

[9]Era irmán de Manuel, Agustín, Nieves. Nieves, a muller de José Barreiro Prol Charrúa; Manuel foi mobilizado en xuño para o frente de Zaragoza. En agosto pasouse á Zona Roxa (¿Caspe?). Agustín era da quinta "do biberón". Pasouse á zona roxa de (...) xa a fins do 38.
Manuel foi xulgado dispois da guerra por desertor, estivo na prisión militar de San Fernando, logo no cárcere de Torrero (Zaragoza) ¿desertara dun batallón de ¿Teruel?

[10]Angelina Caamaño e fillos.

[11]Sra. Bríxida Rodas. Condenaron a morte ó seu fillo Joaquín e a prisión a -----.

[12]Os Consellos de guerra e causas relacionadas con Cangas que temos identificadas son: 1) Consello de guerra Causa 790/1936. 19 set. 36 En Pontevedra. Contra a xestora municipal. 2) Consello de Guerra. Sentencia 12 de maio 1937. Pontevedra. Contra (Manuel Sotelo Alonso) xunto coa Sentencia nº 533 / 940. Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas de A Coruña. 3) Xuízo a Joaquín Fernández Rodas (o da Mouchiña) e outros. Executaron a Joaquín. 4) Xuízo a Lao Graña. Fusilárono. 5) Xuízo de Manolo Nuñez, Varí (Evaristo), Francisco Carolitos. 6) Consello de Guerra contra José Millán, de Aldan, presidente dos mariñeiros de Aldán. Fusilárono. 7) Consello de Guerra contra Guillermo Chapela e Angel Chapela. 8) Consello de Guerra contra Dolores Blanco Montes.

[13]Alejandro Rodal era fillo de Alejandro Rodal Monroy e irmán de Benigna Rodal Fernández A Peteira. A tradición oral teno por moi sañudo e desapiadado e mesmo lle foi rapar o pelo á súa propia irmán.

[14]O termo lei de fugas é impropio, xa que nin hipócritamente se podía dicir que fuxiran da prisión nin no traslado. De todos modos, como a lei de fugas permitiu a

total arbitrariedade para os asasinos do exército, garda civil e funcionarios de prisións xa dende 1916, popularizouse este nome para toda forma de asasinio feito polo poder. O autor da "lei de fugas" foi Bugallal, o cacique de Ponteareas, no segundo decenio do século; e un dos seus máis sinistros executores na Barcelona de fins dos anos dez e primeiros vintes Martínez Anido, ministro con Primo de Ribera e con Franco.

[15]Segundo consta nas inscricións nas Igrexas, xa borrados excepto na de Cangas: 34 na de Cangas, 22 na de Coiro, 15 na de Darbo, 18 na de Aldán e 14 na do Hío.

[16]Jesús Barreiro Martínez. De 51 anos. Cangas, Pontevedra, Lazareto e Astorga. Condenado en Consello de Guerra contra a xestora municipal. Aquilino Blanco Rodal. De 17 anos no Lazareto. Joaquín Blanco Montes, de 55 anos. Dolores Blanco Montes, 50 anos, en Cangas, dispois en Pontevedra. Xulgada en Consello de Guerra e condenada. Estivo en _____ (Donostia) ata ____. María Broullón Rolet, de 26 anos, Detida ó dispor do delegado provincial da orde pública (AMC 24.3.38). Rotilio Castro Rodríguez, detido o 19.9.37, preso no depósito municipal ó dispor do Delegado Provincial da orde pública (AMC, 7.3.38) e obrigado a presentarse diariamente no cuartel da garda civil ás 21 horas. Guillermo Chapela Fernández, de 28 anos, Cangas, r/Luna. CG a 30 anos. Expte nº 19 do 38 Comisión Provincial de incautación de bens e Xulgado 1ª instancia e Instrucción de Pontevedra. Angel Chapela Fernández, de 22 anos, r/ Luna, CG, pescador, CNT. Germán Chapela Leiro de 30 anos, Cangas, preso o 30.7.36. Cangas, Pontevedra, Lazareto, Burgos. CGO 12.5.37 a prisión perpetua. Jesús Chapela Tievo de 31 anos En Cangas, pero veciño de Teis) fogoneiro. Pena de 2 meses arresto maior e multa de 250 pts por delicto de coacción e accesorias, xulgado de Pontevedra (AMC 28.1.38). Ismael Costas Camaño, O Pequecho, 30 anos. Parada (Coiro) CGO 12.5.37. Lazareto. Manuel Díaz Carballo, de 18 anos, de Aldán. CGO 12.5.37 a 12 anos. Evaristo Dobarro Landín, de 17 anos, de Balea. 12.5.37 CGO a 6 anos. Estivo en Vitoria. No 40 liberdade condicional. Angel Fernández del Río (Lazareto). 32 anos. 4 anos no Lazareto. Soltárono o 15.7.40. Gumersindo Gastiosoro e Ruiz de Arzúa, de 59 anos, mestre en Cimadevila, de Heredia (Avila), 12.5.37 CGO a prisión perpetua. Manuel Fernández Rodas, de 27 anos, tallista, r/ Arco. Serafín Gómez González, de 25 anos, Piñeiro, Aldán. CGO 12.5.37. Manuel González Dantas. De 20 anos, ferreiro, San Roque. CGO 12.5.37 a 12 anos. Manuel Salustiano Jorge Franco, mestre en Coiro. Lazareto. Francisco Secundino Martínez Rodríguez, de 51 anos, carpinterio de ribeira no Forte. Toleou no Lazareto o 17 de xaneiro, foi a Conxo e morreu ó pouco tempo. Agustín Miranda Cabral, preso 4 anos por desertar do exército franquista e pasarse ós roxos. Rota, San Fernando, Zaragoza. Manuel Miranda Cabral, preso 4 anos por desertar do exército franquista e pasarse ós roxos. Rota, San Fernando, Zaragoza. Joaquín Nores Rodríguez (Lazareto), de 19 anos. Das Xuventudes unificadas. Cangas, Pontevedra e Lazareto ata o –CGO o 23.4.37 a reclusión perpetua. Manuel Nores Sotelo (Taratola), de 58 anos, detido na casa o 10.4.37 á 1 da mañán. Estivo preso no local da Falanxe na rúa real. O 14.4.37 levárono para Pontevedra. O 16.5.37 pagaron por il unha multa de 500 pts por edil da república, relativo a se ter pasado do presuposto no andacio de tuberculose do 34. Soltárono o 25.5.37. Manuel Núñez Rodríguez (Perrachica), de 29 anos. José Otero, de 36 anos, de Espiñeira, Aldán. 12.5.37 a 12 anos. Antonio Piñeiro Avendaño, de 18 anos, Espiñeira (Aldán) Lazareto. 21.11.38 a Vitoria. CGO 12.5.37 a 12 anos. José Rodal Lanzós (Marrixo), 52 anos, Cangas, Pontevedra, Lazareto ata o 14.5.37 e Pamplona ata-. Alejandro Rodal Monroy, de 59 (62) anos, mariñeiro, rúa Faixa, en Pontevedra. E. Nº 155 j.e.p. 15/2/39. Pai de Benigna. Benigna Rodal Fernández Expte nº 155 xulgado especial de Pontevedra, 15/2/39. Agustín Sanjuán Sansinencia, de 40 anos, Consello de

guerra o 12.5.37. Conmutáronlle a pena de morte por prisión perpétua. Celanova e Pamplona. 8 anos e medio preso. Manuel Sotelo Alonso (Jabacho), de 25 anos, CGO o 12.5.37. Cangas, Pontevedra, Lazareto, Potes. Traballos forzados. Soltárono o 14.8.40. Juan Valladares Taboada, de 19 anos, Espiñeira, Aldán. 12.5.37 CGO a 12 anos. Albino Varela Sotelo, de 24 anos, de Espiñeiro (Aldán). 12.5.37 cgo. Valentín Villar Soliño, de 19 anos, Darbo, CGO 12.5.37 a 12 anos.

[17]Carme e Laura Carracelas, Esperanza Paracha, María Nuñez Martínez A Petoula, irmá de Normandino o de Anguieiro e nai do seu Chichito, Daniel Núñez; Benigna Rodal Fernández A Peteira, Leonor Rodríguez Marzoa, tía dos Nores, María Gamallo. A Josefa Mariño Gamallo, a muller de Antonio Fernández, cortáronlle o pelo e obrigárona a fregar o local da falanxe dúas veces, á Carraxona, á Pitiscada, Mercedes da Illa, Remigia a Peteira. A muller de Corbacho, Concepción Iglesias Portela, sufriu un verdadeiro calvario para criar os fillos

[18]José Rodal Blanco acaba de morrer a fins de agosto do 2003 en Francia.

[19]De Burgos o 10.1.39 a Comisión Central Administradora de Bienes Incautados por el Estado" (saída nº 1476) oficia ó alcalde de Cangas (AMC) para que describa o inmoble. Consta no Rexistro da Propiedade de Cangas (Finca nº 3.059)como comprada pola Alianza Mariñeira o 18.7.1922, edificada polas tres sociedades –Alianza, Canteiros e Oficios Varios– outorgada en escritura de 32.12.1932. Tiran a Lei 13.IX.36, de incautacións, e a Comisión Central de Incautacións acorda inscribila a favor do Estado o 14.XII.38, o que se executa o 11.III.39. Dispois (o 20.III.42) declárase propiedade da Falanxe e o 30.V.68 mércalla o Concello.

[20]"Logo cando veu o Movimiento foi cando me prenderon. O primeiro que me dixeron ¿onde están os cartos da sociedade? (...) eu díxenlles que non sabía nada deses cartos pois acabo de vir da mili e fun contador no ano 34 mais cando fun á mili tiven que deixalo e senón pregúntenlle ó presidente que era Aniceto Franco Durán. Este era o presidente da sociedade de canteiros, e foi cando Aniceto, que estaba alí preso, lles dixo que eu non era, que fun pero o actual contador era Gelito o Carrasqueiro, que tamén se apelidaba Sotelo. A este non o prenderon e foron joder 800 pesetas que había na sociedade. Eles so querían cartos. Dalí xa non me soltaron e ó outro non o prenderon. Nunca me soltaron. O 26 de agosto prendéronme. Na noite do 27 ó 28 sacaron a 11 e matáronos en Anguieiro, 11" (MSA).

[21]Entrouse nas sociedades, apropiáronse dos bens mobles que se puido, que se levaron ó cuartel e logo a outros lados. Posiblemente non sempre toparían documentación e libros de actas. Queimaron as bibliotecas en pira pública... así lles sucedeu ós tres pósitos clausurados (o de Aldán, formado por persoas de orde, non o clausuraron), ás catro sociedades obreiras, cremos que á Unión do Hío, etc. Non temos documentación nin testemuñas. Supoñemos que serían do estilo: "Unha tarde do mes de agosto fomos sorprendidos en Moaña coa chegada de certo número de falanxistas e un destacamento de mariños, con dúas pezas de artillería, forza procedente de Marín que viña mandada por un tenente de navío. Nada máis chegar, dirixíronse ó local da disolta Solidariedade Obreira, onde entraron de forma violenta. Logo, dispois de ve-lo que había dentro e de face-lo correspondente inventario, saíron e preguntaron polo local do Pósito, pois o tenente que mandaba a forza tiña malos informes desta asociación" Costa, 2000, p. 160.

[22]A cuestión da farmacia, se se lembra, era unha reivindicación contínua da esquerda e da democracia: mentres os medicamentos eran carísimos e moitos

enfermos non os podían comprar, ou comprábanos con moito esforzo económico, os farmacéuticos tirábanlle unhas marxes descomunais.

[23]FV 17.3.38, p. 8 O bispo concede indulxencias polas víctimas do Baleares: "Comandante xeral dpto a Excmo Sr. Bispo Tui.– Suplico VE conceda indulxencias víctimas Baleares.– Bica anel Pastoral" ó que responde o bispo: "Concedo indulxencias solicitadas víctimas Baleares con sentidísimo pésame ¡Viva España e os seus herois!. –Arcebispo electo de Valladolid, administrador apostólico de Tui"

[24]Rafael Mau-Mau, a muller, Angelina Caamaño, Alonso Ríos e outros deron fuxido por Portugal

[25]Estiveron no exército republicano, que se saiba: Angel Graña Rodal (O Hazaña), José Graña Rodal (O Cocheno, irmán do anterior) "Republicano español internado en Hadjerat M'Guil", ¿campo de concentración? de África (Lucio Santiago, Gerónimo Llovis e Rafael Barrera. 1981), José Oliveira Avendaño, Bernardo Blanco Rodal, José Rodal Blanco, José Acuña García, ¿Valentín Ferrari Rodal? na Armada; Antonio Barreiro Soto en Aviación; Angel e mais Manuel Botello Barros no exército de Lister; Angel serveu 3 anos dirixindo unha unidade de cartografía, no Estado Maior do xeneral Líster. Pintor prominente. Agustín Miranda Cabral no exército de Terra. Non sabemos en que corpo: Manuel Barreiro Fernández e José Brujo Iglesias. O (home de Obdulia), Martínez ____, ____ de Aldán; Apolinar Sotelo Coya, do Hío "simpatizante da esquerda, fixo propaganda no 36, no Alzamento foi sorprendido na zona roxa". Manuel Miranda Cabral estivo en Cangas ata xuño do 37. Foi preso algunha vez, por pouco tempo, no local da Falanxe. En xuño do 37 é mobilizado. En agosto vai á fronte de Zaragoza e en outubro do 37 pásase á fronte republicana. Vai, coa Mariña (conseguiu un uniforme da Mariña) a Túnez. De alí retorna (pola promesa de amnistía franquista para quen non tivera delictos de sangue). É internado no campo de concentración de Rota e dispois xulgado por desertor, preso en San Fernando e dispois en Zaragoza, xa que desertara dun batallón de terra. Agustín Miranda Cabral era da quinta "do biberón". Pasouse á zona roxa "de trinchera a trinchera" xa a fins do 38. Estivo tamén preso en San Fernando e dispois en Zaragoza.

[26]O 24.4.45 fusilan no patio da prisión de Castellón a Manuel Recareus, quen fora un dos firmantes dunha solicitude para que se lles dispensase –por non seren crentes– de iren á misa diaria obrigatoria. Como a dirección da prisión non llo permitise, os presos non se axeonllaron cando o rito o tiña establecido. Entón cura e funcionarios botáronnos a golpes para as celas. Para escaramento, fusilaron a Recareu en presencia dun representante de cada cela. Como ó cura e ó subdirector non lles pareceu bastante, solicitaron unha comisión da Dirección Xeral de Prisións, que decidiu "executar" outros 28 presos, en presencia tamén dun representante de cada cela. Os cadavres dos reclusos permaneceron durante dous días no recinto da Prisión Provincial onde quedaron á intemperie e completamente abandonados (La Campana, 4.10.99).

[27]A garda civil pasea polo areeiro e uns mariñeiros están alí a traballar. Dinlles: digan "Arriba España" e pretenden obrigar baixo ameaza de fusil. Isto pasada xa a guerra. Ou os falanxistas obrigan a saudar ó estilo fascista, canta-los seus himnos, etc.

Fontes e bibliografía

Libros

ÁLVAREZ PÉREZ, JOSÉ RAMÓN E MILLÁN OTERO, XOSÉ M. 1997. A sociedade de agricultores. *El Progreso* de Beluso (1931-1936). Beluso: Asociación de Veciños.

ANÓNIMO. S.D. *Lo que han hecho en Galicia. Episodios de terror blanco en las provincias gallegas contados por quienes lo han vivido.* París: Editorial España.

BOSSAN, MARIE PIERRE. 1998. *Emergence d'une memorie de la guerre civile en Galice. Le cas de Pontevedra*. Grenoble: Septentrion Presses Universitaires. (These doctorat 17.I.1998).

CAEIRO, ANTONIO; GONZÁLEZ, JUAN A. e DE SAA, CLARA Mª. 1995. *Aillados. A memoriados presos de 1936 na Illa de San Simón.* Vigo: Ir Indo.

CASTROVIEJO BLANCO-CICERÓN, CONCHA. Víspera del odio. Madrid.

COSTA ALONSO, JOSÉ. 2000. *Memorias da miña vida societaria.* Santiago: Xunta de Galicia.

DASAIRAS VALSA, XERARDO. 2002. *Memorias da II república en Cangas.* Sada: O Castro.

Dacosta Molanes, Beatriz. *Cascas de noz*.

DURÁN, J.A. 1986. *Crónicas IV*. Madrid: Akal.

FERNÁNDEZ, CARLOS. *La guerra civil en Galicia.* A Coruña: 1988.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, XOÁN MIGUEL e VILLAVERDE ROMÁN, XOSÉ CARLOS. 1999. *Moaña nos anos vermellos. Conflictividade social e política nun Concello agrario e mariñeiro*. Sada: O Castro.

GONZÁLEZ LAMELA, MARÍA DEL PILAR. 1999. *El exilio artístico español en el Caribe: Cuba, Santo Domingo y Puerto Rico*.

GONZÁLEZ LÓPEZ, EMILIO. 1990. *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española (1936-1939)*. Sada: O Castro.

LAMELA GARCÍA, LUÍS. 1993. *Inmolados gallegos.* Sada: O Castro.

LUCIO SANTIAGO, GERÓNIMO LLOVIS e RAFAEL BARRERA. 1981. *Internamiento y resistencia de los republicanos españoles en África del Norte durante la segunda guerra mundial.* San Cugat del Vallés: El Pot Cooperativa.

MARTÍN NÁJERA, AURELIO. 2000. *El grupo parlamentario socialista en la segunda república: estructura y funcionamiento*. Madrid: Pablo Iglesias. 2 volumes.

MINTZ, FRANK. 1977. *La autogestión en la España revolucionaria.* Madrid: La piqueta.

MIRANDA, MANUEL. "Jatos-ó-lombo". Datos sobre a guerra civil española (1936-1939) referidos ó concello de Cangas (Pontevedra) facilitados polo sr. Miranda*, exgarda municipal que asistiu á declaración do estado de guerra naquela vila.

NORES SOTELO, MANUEL. 2003. *Historia dos feitos e sacrificios que realicei e sufrín*. Cangas: Colectivo pola recuperación da memoria.

OLIVEIRA AVENDAÑO, JOSÉ. 1993. *Relatos de mi vida*. Cangas: edición do autor.

PEREIRA, DIONISIO (Coord.). 1992. *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*. Vigo: A Nosa Terra.

PEREIRA, DIONISIO. 1998. *Sindicalistas e rebeldes*. Vigo: A Nosa Terra.

PORTELA VALLADARES. 1988. *Dietario entre dos guerras (1936-1950)*. Sada: O Castro. Edición de José Antonio Durán.

SILVA FERREIRO, M. 1938. *Galicia y el Movimiento nacional* Santiago:?

TABOADA MOURE, PABLO. 1987. *Las élites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra (1836-1923)*. Pontevedra: Deputación.

TORRES, RAFAEL. 2000. *Los esclavos de Franco.* Madrid: Oberol.

Periódicos

Faro de Vigo.

El Pueblo Gallego.

Nova Galiza (Edición facsimilar en Edicións do Castro, 1990).

Vida Gallega.

CNT. Diario da CNT. Dende 14.11.32. Baleirado feito por Eliseo Fernández e editado polo Ateneo Libertario Ricardo Mella.

La Campana.

Documentación recoñecida

José Costa Alonso, *Correspondencia*, 1921-1960.

Rexistro Civil de Cangas.

(AMC), Arquivo Municipal de Cangas: Libros de actas, de saída de correspondencia, censos de poboación e documentación varia.

Capitanía do Porto de Cangas: libros de rexistro de buques.

Exposición "Os mártires de Anguieiro". Cangas. Agosto 1996.

Xornadas sobre a república en Cangas, 11 ó 14 de abril de 2003.

Xornadas en lembranza dos mortos de Anguieiro. 27 e 28 de agosto de 2003.

ANGEL FERNÁNDEZ DEL RÍO. "Unha traxedia española. Memorias dun supervivente da Guerra". En Antonio Caeiro e outros (1995). *Aillados*, pp. 111 – 125.

Sentencia Consello de Guerra celebrado en Pontevedra o 19 de setembro de 1936 (Causa 790/1936). En Antonio Caeiro e outros (1995). *Aillados*, pp. 103-110.

Bienvenido Lago Cid. Diario de Bienvenido Lago Cid (dende o 20 de xullo de 1936 ata o 12 de marzo de 1937). En Caeiro e outros (1995), pp. 141 – 174.

Sentencia nº 533 / 940. Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas de A Coruña.

Relación nominal de las personas de este término municipal que fueron Interventores de los partidos del Frente Popular

Lista dos que mataron en Sampedro a la ley de Fuga, por Manuel Sotelo Alonso.

Francisco Ferreiro Budiño detalla la muerte de sus hijos Antonio y Ladislao.

Veiga: memorias.

Sequeiros González, Eugenia. Diario íntimo 1938-1960.

Entrevistas e fontes orais

Lola Rodal Blanco. Entrevista febreiro 1999.

Manuel Sotelo Alonso (jabacho), Entrevista en marzo de 1999 e mais en maio de 1999.

Acuña. Entrevista marzo 1999.

Antonio Malvido ¿Cruz? (Sr. Antonio do Bolo), Entrevista marzo 1999.

Gago. Entrevista agosto 1999.

Obdulia Chapela. Entrevista 20.IV.2003.

Américo Molanes Mallo. Entrevista 29.XII.2000.

Euxenio Santos Sequeiros. Entrevista 10.V.1999.

Nieves Barreiro Miranda. Entrevista agosto 2003.

Ramona Nores Rodríguez. Entrevista 17.V.1999.

Manuel Miranda Cabral. Entrevista 3.VIII.2001.

Manuel Vidal, "Manuel o Mariñeiro". Entrevista 15.II.2001.

Virtuosa Rodas. Entrevista 1999.

Tomás Rodal Graña. Entrevista 20.VII.2000.

Flora Saa Alonso. Entrevista 9.IV.2000.

José Oliveira Avendaño. Entrevista 29.IV.2000.

Aboi Corbacho. Entrevista 4.VII.1999.

Cecilio Fonseca Brun. Entrevista 4.7.2000.

José Carballo Menduíña, "O Caseiro". Entrevista o 27.3.2000, na súa casa.

Eugenio Eiroa Hermo. Entrevistas varias, sen gravar.

Xuízos

Consello de guerra Causa 790/1936. 19 set. 36 En Pontevedra. Contra a xestora municipal.

Consello de Guerra. Sentencia 12 de maio 1937. Pontevedra. Contra (Manuel Sotelo Alonso)

Sentencia nº 533 / 940. Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas de A Coruña.

Xuízo Joaquín Fernández Rodas.

Xuízo a Lao Graña. Fusilárono.

Xuízo de Manolo Nuñez, Varí (Evaristo), Francisco Soliño Soliño (Carolitos).

Consello de Guerra contra José Millán, de Aldan, presidente dos mariñeiros de Aldán. Fusilárono.

Consello de Guerra contra Guillermo Chapela e Angel Chapela.

Consello de guerra contra Dolores Blanco Montes, dirixenta da Reivindicadora.

A represión franquista na provincia de A Coruña

Xosé Manuel Suárez Martínez

O diccionario define "xenocidio" como a "matanza sistemática dunha colectividade humana por motivos de raza, relixiosos ou políticos". O que se produciu en Galicia ó pouco de triunfar a sublevación militar de xullo do 36 foi un xenocidio por motivacións políticas, e sistemático, porque contou cun sistema de organización, no que existían persoas responsables de levalo a cabo e un aparello de propaganda para xustificalo diante da opinión pública. O obxectivo era, primeiro, a consolidación dun pronunciamento militar e a súa victoria sobre os oponentes, para logo ser instrumento de mantemento dun réxime político autoritario. O proceso inclúe a deshumanización da víctima, á cualificación de "rojo" engádense adxectivos negativos: revoltoso, revolucionario, violento... Asimílase a identidade ideolóxica coa pertenza a unha raza especial que hai que eliminar, por ser un perigo social e moral. Desta maneira o represaliado vese descualificado eticamente e como merecedor do castigo recibido. A represión violenta é posible porque no home hai unha tendencia natural á violencia que en ocasións vese lexitimada polo poder político como un medio para a transformación social, para a actividade política. Hai unha aceptación social de que a violencia constitúe un medio de actuación política, porque hai unha tradición neste aspecto; en España o Estado practicou a violencia na guerra de Marrocos, na represión de folgas e manifestacións, no uso da tortura e dos malos tratos, na lei da fugas; pero non é só o Estado o que practica a violencia, desde o outro lado, os que pretenden un cambio revolucionario da sociedade tamén teñen a violencia como medio; o terrorismo anarquista anterior á II República axudou a considerar a violencia como un medio lexítimo, eficaz, de acción política. Ademais a intervención do Exército na vida política da 2ª República o 18 de xullo de 1936 non era algo novidoso, atrás quedara a dictadura do xeneral Primo de Rivera, o intento revolucionario dos capitáns García e Galán en 1930, xa na República a sublevación do xeneral Sanjurjo en 1932 e a represión de outubro de 1934 (sobre todo en Asturias, dirixida polo xeneral Franco),

cuns métodos que son un claro antecedente do proceso represivo de 1936. En realidade, os militares non deixaran de aparecer na política española no primeiro tercio de século, polo que non sorprendeu que se sublevaran, outra vez, no verán do 36, pero si que se desenvolveran con estrema violencia.

As víctimas da represión violenta de 1936 tiñan diversas ideoloxías, ían desde os pertencentes a unha clase media urbana, de ideais liberais e republicanos, ata ós membros de partidos e sindicatos revolucionarios defensores da clase obreira, pero estaban unidos pola defensa dunha constitución que permitira o libre xogo político e a participación cidadá nun réxime parlamentario, inda que algúns pretendían superar este marco cara a un proxecto revolucionario socialista.

Neste estudio pretendemos achegarnos ó coñecemento dos represaliados e tamén do propio proceso represivo na provincia da Coruña, en canto ós métodos utilizados, pero non nos é posible determinar o número, nin siquera aproximado, de falecidos a consecuencia dese proceso, porque non todos foron inscritos nos libros dos rexistros civís, nin temos datos, polo de agora, de todo o territorio provincial. A represión tivo moitas consecuencias, non só sobre os propios represaliados, afectou ademais fondamente á vida dos familiares, das viúvas (viúvos nalgúns casos), dos fillos que quedaron orfos, e afectou socialmente, porque un feito de tan profunda repercusión demográfica incidiu tamén na sociedade a varios niveis, desde o económico ó das mentalidades.

Este estudio demostra que os rexistros civís son fontes uteis, inda que non únicos, na investigación da represión franquista en Galicia. Esta funcionalidade está condicionada ó emprego de fontes complementarias de documentación (sumarios dos consellos de guerra, prensa, fontes orais) e a súa importancia queda matizada segundo a zona; os libros de defuncións de Ferrol, A Coruña e Santiago, ofrecen diferencias en canto á posibilidade de que se rexistraran os paseos, sendo Ferrol e comarca onde máis claramente quedaron inscritas esas execucións non legais, expresada en términos ("por disparos de la fuerza pública al huir", por exemplo) que non daban lugar a dúbidas, lonxe dos recursos agachadores ("hemorragia interna", "hemorragia cerebral"...) empregados nos rexistros de Coruña e Santiago.

A sublevación militar do venres 17 de xullo de 1936, iniciada no norte de África, estendeuse desde o 18, polas principais cidades españolas; en Galicia, sen embargo, a rebelión non estalou ata o 20, polas dúbidas do xeneral Salcedo Molinuevo, xefe da VIII División Militar, con sé en Coruña, en secunda-lo

golpe, inda que foi requerido para que se erguese por chamadas de teléfono do xeneral Mola, Sanjurjo e outros. É o luns 20, cando Galicia inicia o seu alzamento, primeiro na cidade coruñesa, dando o sinal para o resto das prazas militares galegas; agardouse a que na xefatura da División se tomara a decisión de sumarse ás guarnicións levantadas na Península: Madrid, Barcelona, Sevilla, Córdoba, Pamplona, Zaragoza, Valla-dolid, Burgos, Málaga, Cádiz, Palencia, Logroño, Vitoria...; A Coruña é a última cabeceira de división militar que se suma ó alzamento provocando o retraso en toda Galicia. A demora está causada pola negativa do xeneral Salcedo Molinuevo, apoiado polo xeneral de Brigada Caridad Pita, a declarar o estado de guerra. En Ferrol non se suma ó sublevamento, inda que non se opón activamente a el, o contralmirante e exministro Azarola, xefe do Arsenal. Os tres xefes militares serán fusilados en Ferrol antes de que remate o ano, son os tres de maior gradación dos pasados polas armas en Galicia.

Pódese afirmar que a guerra civil, oficialmente rematada en 1939, continúa presente en Galicia máis alá desa data. A característica principal da guerra en Galicia, a súa manifestación máis sobresainte, a represión violenta, a represión como proceso xenocida, prosegue en Galicia durante a década dos corenta, agora ben, os represaliados nesta etapa xa responden tamén con violencia e organización, son grupos guerrilleiros armados, con disciplina militar, que levan uniforme e executan ós antigos represores.

A Coruña: a iniciativa en Galicia do alzamento

Ó Goberno Civil da cidade herculina chegan as primeiras noticias da rebelión de forzas do Tercio e Regulares na zona marroquí na tarde do 17 de xullo do 36. Francisco Pérez Carballo, un gobernador de 25 anos, que estrea cargo, convoca ós líderes políticos e sindicais da cidade e, a través de telegramas, ós alcaldes co obxecto de organizar medidas preventivas, que consistirán na detención de persoas vencelladas a partidos de dereitas e falanxistas (a primeira orde con este fin é do mesmo día 17), a requisa de armas (o día 18, pola tarde recíbense instruccións de Madrid para que se requisen armas e se repartan ás masas) e tamén de vehículos.

Tanto na Coruña como nos pobos e vilas fórmanse comités de defensa, nos que se integran representantes de partidos da Fronte Popular e dos sindicatos UGT e CNT. O da cidade herculina está integrado por:

- O gobernador Pérez Carballo (de Izquierda Republicana

–IR–, fusilado).

- O alcalde Suárez Ferrín (de Unión Republicana –UR–, fusilado).
- Ramón Maseda (presidente da Agrupación Socialista, fusilado).
- José García (de JSU, logra escapar á represión na que caen tres irmáns).
- José Moreno (secretario da Confederación Rexional Galaica, CNT).
- Francisco Mazariegos (de UGT, fusilado; a súa muller paseada).
- Eladio Muíños (CNT).
- Jacinto Méndez (de FAI, paseado).
- Manuel Fernández (Partido Sindicalista).
- Nicolás Torres (P. Comunista).
- Plácido R. Castro (PG).
- Guzmán García (de IR, fusilado).
- Luis Vidal (das xuventudes de IR).

Pero tódalas accións serán insuficientes para deter un movemento rebelde con importantes efectivos militares. O pobo non dispuña de armas dabondo, nin en número nin en calidade, moitas das empregadas para a defensa da República eran armas de caza, pistolas, con escasa munición, e isto será decisivo para explicar o triunfo dos sublevados. O 20 de xullo, xa pola mañá, os oficiais da Coruña deteñen ós xenerais Salcedo e Caridad Pita. A axuda de mineiros e obreiros ós gardas de Asalto para defender un fortificado edificio do goberno civil non impide que caia. Ás 14 horas do luns 20 de xullo un grupo de soldados do rexemento de infantería Zamora ó mando dun capitán proclaman na praza de María Pita o bando declaratorio do estado de guerra; media hora despois comezan os disparos de artillería e de ametralladora sobre o pazo do Goberno Civil. O gobernador civil ordena rendir a súa sé tras recibi-lo terceiro tiro de canón, inda que nas rúas segue a resistencia.

Na mañá do 20 de xullo, unha vez deposto o xeneral Salcedo, o seu sustituto, o coronel Cánovas, diríxese ás prazas militares galegas como novo xefe da 8ª División e ordena a declaración do estado de guerra: en Vigo faise ó mediodía, en Ourense ás dúas da tarde, en Lugo ás tres, en Ferrol ás seis...

Como consecuencia dos enfrontamentos prodúcense 31 falecidos entre o 20 e 22 de xullo por feridas de arma de fogo, isto quere dicir que houbo resistencia ó golpe, a pesares da falla de armas, pero inda o 31 de xullo se rexistra a morte dun sarxento de Asalto,

a consecuencia das feridas producidas na ponte do Pasaxe, "que le causaron los revoltosos al ir con la columna que se dirigía a Asturias", segundo se expresa na inscrición da defunción, o que significa que aínda a finais de xullo había resistencia armada á sublevación militar na provincia coruñesa. Preto do día de Santiago comeza a represión. O cadro 1 resume datos do rexistro civil coruñés, faltan os paseados fóra deste concello, os que foron eliminados, tras ser sacados da prisión provincial, en Arteixo, Cambre, Carballo, Betanzos.

Cadro 1. Falecidos pola represión violenta en A Coruña (entre parénteses os fusilados por consello de guerra, e diferencias co total= nº de paseados):

	1936	1937	1938
	125 (60, +65)	83 (58, +25)	28 (27, +1)
Xaneiro		8 (4)	6 (6)
Febreiro		2 (2)	
Marzo		9 (8)	16 (16)
Abril		5 (5)	1 (1)
Maio		3 (3)	3 (3)
Xuño		3 (3)	
Xullo	8 (7)	28 (12)	
Agosto	58 (12)	11 (1)	
Setembro	9 (1)	3 (3)	
Outubro	14 (14)	18 (18)	1
Novembro	16 (9)		1 (1)
Decembro	20 (17)	3	

Do total contabilizado (237 execucións e homicidios), 146 con condena a morte tras xuizo militar, e só dúas mulleres (sen sentencia). En agosto do 36 as mortes totais por acción represiva doblan en número ás realizadas tras sentencia, en 1937 esta diferencia disminúe claramente, o que quere dicir que a represión vaise encauzando polo método legal, o dos códigos militares. Por orixes predomina a domiciliación na cidade, coa presencia de coruñeses (da provincia) de concellos próximos, destacando nestes Culleredo. Hai casos procedentes de Irixoa, Cée, Cambre, Ordes, Fisterra, Corcubión, Lousame, Ortigueira, Noia, A Capela...; no listado (anexo 1) están identificados os alcaldes de Sada e de Betanzos, algúns militares, dirixentes políticos (de Izquierda Republicana, de Unión Republicana, PSOE, PCE, Partido Sindicalista, Partido Galeguista) e sindicais (de UGT e

CNT).

O gráfico de execucións políticas na capital provincial amosa un cume elevado en agosto de 1936, e logo catro subidas (en decembro do 36, en xullo e outubro de 1937, en marzo de 1938) debidas a fusilamentos de grupos por sentencia. Non hai datos de execucións máis alá de outubro de 1938.

Cadro 2. Orixes domiciliarias dos executados en A Coruña. 1936-1938.

Orixe	Nº	Porcentaxe
A Coruña ou concellos do contorno	139	59
Cée	8	3,4
Culleredo	7	3
Betanzos	5	2
Asturias	5	2
Irixoa	5	2
Cambre	3	1,3
Oleiros	2	0,8
Lugo	2	0,8
Vigo	2	0,8
A Capela	1	0,4
A Pobra do Caramiñal	1	0,4
Arteixo	1	0,4
Ávila	1	0,4
Barcelona	1	0,4
Carballo	1	0,4
Corme (Ponteceso)	1	0,4
Corcubión	1	0,4
Fisterra	1	0,4
Lousame	1	0,4
Madrid	1	0,4
Marín	1	0,4
Noia	1	0,4
Ordes	1	0,4
Ortigueira	1	0,4
Ponte do Porto (Camariñas)	1	0,4
Sada	1	0,4
Salamanca	1	0,4
Santander	1	0,4
Tordoia	1	0,4
Vimianzo	1	0,4
Non determinada	37	15,7

Os falecidos por mor da represión na cidade coruñesa eran na

súa maior parte (o 70%) procedentes do núcleo urbano ou dos concellos do seu redor.

Represión en Ferrol

A sublevación dos oficiais do Exército e da Armada en Ferrol ten o seu nacemento a primeiras horas da tarde do 20 de xullo, sobre as 15.15.

A sorte do alzamento en Ferrol decidiuse no Arsenal o mércores 22, trala rendición duns buques que non se achaban nas mellores condicións para o combate: o cruceiro "Cervera", en dique seco, e o acoirazado "España", prácticamente desarmado e sen líder, o derradeiro en rendirse. Un día antes entréganse os pechados no Concello (o alcalde Santamaría –do PSOE–, o presidente da xestora da Deputación, José López Bouza –de IR–, concelleiros, policías municipais, mariñeiros do "Cervera") e na Casa do Pobo, sen resistencia destacable, xa que non estaban preparados para facer fronte ás tropas de artillería. O feito de que os obreiros dos asteleiros non contasen con armas suficientes, e ademais que os grupos que se xuntaron nas portas do Arsenal reclamando fusís foron disoltos con disparos dos militares, que os mariñeiros dos navíos de guerra non lograron saír do Arsenal en masa para unirse á resistencia civil, e que zarparan antes da sublevación os navíos en mellores condicións para o combate foron factores decisivos á hora de perde-la base naval ferrolá para o bando republicano, esencial para manter Galicia e todo o norte para a República.

O alzamento produce en Ferrol máis de trinta mortos nos enfrontamentos e máis dun cento de feridos. Entre xullo de 1936 e decembro de 1939, prodúcense na cidade 254 execucións por fusilamento, pero o total de víctimas pola represión violenta sobrepasa os setecentos (710, número mínimo comprobado). Na cidade xúlgase a mariños amotinados contra os oficiais en xullo do 36, a tripulantes de barcos de guerra, mercantes e de pesca ó servizo da República apresados. Dos oito xenerais que fusilan os nacionalistas de Franco en España dous son fusilados en San Felipe, no castelo que gardaba desde o XVIII a entrada da ría ferrolá, e dos tres almirantes pasados polas armas polo nacionalistas un era o xefe do Arsenal da cidade.

No aspecto territorial os xuizos celebrados en Ferrol afectaron a cidadáns da comarca, da provincia, de Galicia, doutras comunidades e incluso do estranxeiro. Ningunha outra cidade en todo o norte tivo tan triste repercusión.

Vemos os datos profesionais dos 254 fusilados tras sentencia de consello de guerra na cidade-base naval:

Táboa 2. Clasificación profesional dos executados con sentencia en

Ferrol (1936-1939).

Ocupación/Cargo	Nº	%	% (Estamento)
Almirantes-Contralmirantes	1	0,39	0,65 (M)
Xenerais	2	0,79	1,31 (M)
Comandante (de carabineiros)	1	0,39	0,65 (M)
Capitáns navío	1	0,39	0,65 (M)
Tenentes navío	1	0,39	0,65 (M)
Alféreces e outros oficiais	1	0,39	0,65 (M)
Sarxentos	5	1,97	3,27 (M)
Auxiliares Armada	18	7,09	11,76 (M)
Cabos	34	13,39	22,22 (M)
Maquinistas Armada	7	2,75	4,57 (M)
Mariñeiros/fogueiros	60	23,62	39,21 (M)
Soldados (artilleiros)	7	2,75	4,57 (M)
Carabineiros	6	2,36	3,92 (M)
Operarios técnicos Armada	4	1,58	2,61 (M)
Militares retirados	5	1,97	3,27 (M)
Obreiros/traballadores	24	9,48	23,76 (C)
Mariñeiros (pesca)	16	6,30	15,84 (C)
Labregos	7	2,75	6,93 (C)
Funcionarios	7	2,75	6,93 (C)
Empregados/dependentes	4	1,58	3,96 (C)
Comerciantes/industriais	2	0,79	1,98 (C)
Axentes comerciais	2	0,79	1,98 (C)
Médicos	1	0,39	0,99 (C)
Avogados	1	0,39	0,99 (C)
Gardas municipais	1	0,39	0,99 (C)
Mariños barcos apresados	27	10,63	26,73 (C)
Indefinidos (civís)	9	3,54	8,91 (C)
Total	254	100	—
Total militares	153	58,82	—
Total civís	101	37,64	—

(M= do estamento militar; C= civil). Dentro do estamento militar incluimos ós retirados. No grupo de "obreiros/traballadores" englóbanse ós de asteleiros, electricistas, albaneis, ferreiros, carpinteiros, choferes, barbeiros... A categoría de "mariños barcos apresados" refírese ós tripulantes de buques republicanos mercantes. Os militares ó servicio do Goberno da zona republicana apresados encádranse co seu grao oficial (mariñeiros, cabos, auxiliares...).

Fonte: Suárez (tese doutoral, 2000).

Nos militares (153 fusilados) destaca en primeiro lugar o grupo

de mariñeiros/fogueiros, a clase máis baixa da Armada, cun 39%, que unida a cabos (22%), carabineiros e soldados, sería un 70% de condenados a morte pertencentes ás clases inferiores. Non é desprezable cualitativamente o número de oficiais fusilados por sentencia: sete, nos que están representados o Exército (dous xenerais e un alférez de artillería), a Armada (un contraalmirante, un capitán e un tenente de navío) e o corpo de carabineiros (un comandante). Víctimas con grao de suboficiais foron vintetrés (cinco sarxentos e dezaoito auxiliares navais), o que completa o abano de graduacións.

O delicto que máis veces serviu como excusa legal do fusilamento foi o de rebelión militar (68 por cen dos casos), curiosamente eran os sublevados contra o Goberno e a Constitución de 1931 os que condeaban ós defensores destes, civís e militares, como rebeldes, por sedición (o 17%, só militares), por traición (6%) ou por auxilio á rebelión (6%, só civís).

Entre os civís fusilados (101) sobresaen dúas categorías: os obreiros e os tripulantes de barcos mercantes apresados, que significan o 50%. Destacan en segundo lugar os fusilados que traballaban en pesqueiros, sendo case o 16%. Sobre o 17% en conxunto, estarían grupos profesionais urbanos: funcionarios, empregados, dependentes, comerciantes, industriais....

No seguinte cadro resumimos o informe sobre a orixe domiciliaria:

Cadro 3. Procedencia dos fusilados xudiciais en Ferrol (1936-1939).

Domicilio	Nº de casos	Porcentaxe
Ferrol-Serantes	86	33'86
Comarca	67	26'37
Resto Galicia	44	17'32
Resto España	48	18'90
Estranxeiros	7	2'75
Indefinido	2	0'79
Totais	254	99'99

Pero o método máis empregado na represión en Galicia, sobre todo se falamos do período entre agosto e outubro de 1936 en Ferrol, é o paseo, de maneira que o 65% das execucións en Ferrol e bisbarra durante a guerra civil son paseos. De forma legalizada ou sen sentencia xudicial estase levando a cabo un xenocidio, un proceso de eliminación consciente sobre os republicanos, que afecta a tódalas clases sociais, pero en maior medida, en contías absolutas, incide sobre a clase traballadora e sobre membros das

clases inferiores do estamento militar.

Táboa 3. Clasificación profesional dos falecidos pola represión na comarca ferrolá (1936-1939) e tipo de execución.

Militares en activo(*)	186	148	38
Grupo profesional	Nº de víctimas	Consello de guerra	Sen sentencia
Obreiros e traballadores manuais (**)	141	24	117
Tripulantes barcos republicanos	88	27	61
Funcionarios, empregados e dependentes	73	11	62
Labregos	38	7	31
Mariñeiros (pesca)	22	16	6
Comerciantes, industriais	18	2	16
Militares retirados	11	5	6
Médicos	5	1	4
Axentes comerciais	4	2	2
Propietarios	2	0	2
Outros (***)	5	2	3
Sen determinar	117	9	108
TOTAL	710	254	456

* Da Armada, Exército e Carabineros. ** Da construcción naval, pintores, albaneis, ferreiros, carpinteiros, camareiros, barbeiros... ***1 sacerdote, 1 avogado, 1 procurador, 1 garda municipa1, 1 estudiante.

O efecto demográfico do autodenominado "movimiento militar, nacional y patriótico" na comarca ferrolá foi a eliminación nesta zona de máis de 700 persoas durante os tres anos do conflicto civil, dos que máis de cincocentos eran veciños da comarca ferrolá. A incidencia da represión elevou en algo máis de catro puntos a taxa de mortalidade dos municipios de Ferrol-Serantes, Fene e Mugardos en 1936, os máis castigados na zona polo proceso represivo violento. O aumento medio da mortalidade na comarca, tendo en conta só ás víctimas residentes, foi de 2'2 puntos en 1936, de maneira que a represión violenta foi primeira causa de mortalidade en 1936 na comarca.

A represión afectou a tódolos sectores sociais, pero fíxoo en maior proporción sobre asalariados –obreiros da construcción naval, traballadores do mar e da terra– e militares –sobre todo da Armada, maiormente mariñeiros ou fogueiros, cabos e suboficiais, por esta orde–. Traballadores e militares aportan máis da mitade do total de executados. Sobre sexos, hai que dicir que a maioría dos fusilados e paseados son homes, pero tamén houbo mulleres (11 paseadas e 1 fusilada).

Os meses de agosto e setembro de 1936 son os de maior

dureza represiva, cun total de 384 execucións políticas, a maior parte extralegais; a violencia represiva desatada entón produce máis mortes que no resto do período de 1936 a 1939. Seguen en contía outubro e decembro do 36. Desde xaneiro de 1937 só en tres ocasións a cantidade mensual de executados achégase a 25, a cifra do mes máis baixo en número de represaliados de 1936. Na maior parte dos meses entre 1937 e 1939 a cifra de víctimas non supera as cinco.

Sobre a orixe xeográfica dos represaliados Galicia representa o 84%, sendo a provincia coruñesa, co 75% do total a que aporta o maior número desa porcentaxe. Con domicilio en Ferrol estaba a terceira parte do número de executados, e os domiciliados na comarca chegan ó 73% nun cálculo estimado. Sen embargo, dada a situación estratéxica de Ferrol como base naval desde a que se dominaba o Cantábrico, os executados con orixe no norte de España (Asturias, Cantabria e o País Vasco), representan o 8% do total, sendo tamén procesadas persoas procedentes doutros portos españois e doutros países (México, Bulgaria, Cuba e EE.UU.)

Táboa 4. Víctimas da represión en Ferrol e comarca (1936-1939). Orixes.

País/ rexión/ provincia	Nº de víctimas (con sentencia)	Porcentaxe
A Coruña	534 (172)	75
Asturias	32 (16)	4,5
Pontevedra	17 (2)	2,4
Bizcaia	17 (11)	2,4
Murcia	14 (12)	2
Ourense	11 (10)	1,5
Barcelona	9 (2)	1,2
Cantabria	8 (2)	1,1
Valencia	5 (2)	0,7
Lugo	4 (1)	0,5
MÉXICO	4 (4)	0,5
Sevilla	4 (4)	0,5
Madrid	3 (1)	0,4
Castellón	2 (2)	0,3
Alicante	1 (1)	0,14
BULGARIA	1 (1)	0,14
Burgos	1 (1)	0,14
CUBA	1 (1)	0,14
EE.UU.	1 (1)	0,14
Las Palmas	1 (1)	0,14

León	1 (0)	0,14
Mallorca	1 (0)	0,14
Navarra	1 (1)	0,14
Sta. Cruz de Tenerife	1 (1)	0,14
Valladolid	1 (0)	0,14
Zaragoza	1 (0)	0,14
Galicia (indeterminado)	29 (3)	4,1
Indeterminada	3 (2)	0,4
TOTAIS	710 (254)	99,18

Fontes: sumarios, rexistros civís, rexistro do cemiterio de Canido, parroquiais, fontes orais e prensa.

A táboa 4 reflicte unha conclusión: o proceso de eliminación sen sentencia previa afectou máis á poboación residente na bisbarra ferrolá que á procedente do exterior, polo que supoñemos que a meirande parte deses 29 contabilizados como orixinarios de Galicia (con domicilio non determinado) corresponden a paseados desa comarca. En canto á adscrición ideolóxica identificamos a unha cantidade maior de socialistas que doutros partidos da FP, non só polo alto número de militantes de PSOE e de JS na zona ferrolá, senón tamén por contar con fontes documentais deses partidos que non temos doutros.

Táboa 5. Clasificación ideolóxica das víctimas da represión violenta (Ferrol, 1936-1939).

Filiación	Nº de víctimas	% respecto ó total
PSOE-JS-UGT	99	45
CNT-FAI-JJ.LL.-P. Sindicalista	45	20,4
Izquierda Republicana -PRRS	31	14
Partido Comunista-CGTU	27	12,3
Unión Republicana	11	5
Partido Galeguista	4	1,8
Agrarios (de Pita Romero)	2	0,9
Partido Federal	1	0,4
TOTAL	220	99,8

Os afiliados a partidos obreiros (socialista e comunista) e ós seus sindicatos (UGT, CGTU) significan máis do 57 por cen dos represaliados de militancia coñecida, os anotados en sindicatos cenetistas aportan o 20 por cen, mentras os grupos republicanos centristas (IR, UR e PG) representan outro tanto, o 21 por cen.

Dos dez compoñentes do comité da Fronte Popular de Ferrol,

formado en marzo do 36, caeron na represión seis (os sinalados con*):

Presidente: Fernando Carballo*, de UR.
Vicepresidente: Manuel Morgado*, PSOE.
Secretario xeral: Luis Paz, de IR.
Secretario de actas: José Ramón Eiroa*, de UR.
Tesoureiro: Miguel Mendiguchía*, de IR.
Vocais: Domingo Pombo e Félix Álvarez (do PG).
Guillermo Cedrón* e Luis González (PCE).
Francisco Jiménez* (PSOE).

Igual sucedeu cos dirixentes fronte populistas e sindicais das vilas da bisbarra.

En 1937 saen do porto ferrolán en vapores con destino a dous penais de Cádiz 209 condenados, como consecuencia dos xuizos sumarísimos de Mariña resoltos entre xullo de 1936 e outubro de 1937 en Ferrol. A primeira saída (109 homes, case todos da Armada: auxiliares, cabos, mariñeiros, fogueiros) tivo lugar en febreiro cara ó presidio militar de Cuatro Torres. A segunda viaxe (con cen condenados) sae en novembro ó penal de Caserío de Ossío. Os reos levan castigos por rebelión militar, sedición ou adhesión á rebelión; máis da metade, o 62 por cen, teñen condena de reclusión perpetua. Ferrol exporta reos, mentras, España vai camiño de convertirse nun enorme campo de concentración, no que (tamén) carecen de liberdade os que están máis alá dos muros dos cárceres.

Represión en Santiago de Compostela

Nos libros de defuncións do rexistro civil santiagués atopamos as inscricións de 74 fusilados tras sentencia na cidade do Sar, as de 4 paseados e a de 1 desaparecido (ata 1940). O número de executados sen sentencia debería ser maior, pero este tipo de represión realizouse trasladando ás víctimas fóra do concello (a Teo, sen ir máis lonxe), polo que non foron inscritos nese rexistro.

Santiago, nos anos trinta, era unha cidade con ambiente vilego. Tiña, como hoxe, dous elementos específicos: o universitario e o eclesiástico, sen que o comercio estívese nesa época moi desenvolvido, e non dispuña de fábricas e industrias de importancia, polo que a clase obreira era reducida, a destacar nela os carpinteiros, albaneis e curtidores; en outubro de 1934 só a construcción seguira a folga declarada en Galicia, co apoio das JJSS e do Partido Sindicalista. En xullo de 1936, o alcalde é o galeguista Anxel Casal,

que dimite o día 8, deixando o cargo en mans do 1º tenente de alcalde, José Germán Fernández. O 18 fórmase un comité de defensa da República no concello, integrado (entre outros) polo socialista Barcia, o republicano federal Alcalde, C. García (CNT), Rastrollo (troskista, Unión Obreira), Frade (Izquierda Republicana), Modesto Pasín (comunista), Francisco Fernández del Riego (PG), Marcial Villamor (Partido Sindicalista)... A forza militar está representada polo rexemento de artillería nº 16, que na noite do 20 de xullo sae ás rúas compostelás, onde reciben a adhesión de gardas civís, e toman o concello, radio Galicia, as oficinas de teléfonos e telégrafos... Non hai resistencia, os militares aproveitan a saída dos mineiros de Noia cara a Coruña, para tomar Santiago sen disparar un tiro.

A primeiros de agosto é detido en Arzúa o exalcalde Casal, que aparece morto en Cacheiras (Teo), o 19. O 14 achan en Palas de Rei o cadáver do seu amigo Camilo Díaz Baliño, pintor, deseñador dos carteis do referendo do estatuto de autonomía, que traballaba como delineante no concello, xunto ó de Sixto Aguirre, un estudiante de medicina de Rianxo. O 13 Camilo Díaz fora sacado do cárcere co engano de que ía ser liberado.

A lista de fusilados tras sentencia dun tribunal militar en Santiago, a maioría probablemente polo delicto de rebelión, pódese ver no anexo 3. Nunha primeira ollada destaca nesa relación que os executados forman grupos segundo a procedencia, de maneira que en días diferentes son pasados polas armas xentes de Santiago, Ordes, Ribeira, Boiro, Padrón, Pobra do Caramiñal, Teo, Curtis..., débese isto a que os da mesma localidade foron procesados en grupo na mesma causa, trátase das persoas que representaron á legalidade republicana diante dos sublevados, eran os dirixentes políticos e sindicais que formaban parte de xestoras dos concellos e/ou de comités de defensa. Son localidades que rodean, como centro comarcal, ó concello santiagués. Entre os represaliados atopamos dirixentes políticos, como os que forman a xestora municipal de Santiago e o comité de defensa desta cidade: José Germán Fernández, Rastrollo, Modesto Pasín, Rafael Frade..., que representan ós partidos da FP e ós sindicatos comprometidos coa defensa do Goberno da República.

Ó lado de membros da clase media urbana ou vilega (avogados, médicos, mestres, funcionarios) aparecen labregos, mineiros, obreiros, ferroviarios, barbeiros, conductores, mariñeiros. A diferencia de Ferrol, entre os fusilados por consello de guerra en Santiago non hai ningunha muller.

Cadro 4. Procedencias dos fusilados e paseados en Santiago (1936-1940).

Orixe (concello)	Nº	Porcentaxe
Santiago de Compostela	19	24,4
Ordes	11	14,1
Padrón	10	12,8
Boiro	8	10,3
A Pobra do Caramiñal	6	7,7
Ribeira	5	6,4
Negreira	4	5,1
A Baña	3	3,8
Noia	2	2,5
Curtis	2	2,5
Teo	2	2,5
Ames	2	2,5
Frades	1	1,3
Cesuras	1	1,3
Non consta	2	2,5
Total	78	

Fonte: Rexistro Civil de Santiago, libros de defuncións de 1936 a 1940.

A carta parte dos caídos pola represión (a maior parte legalizada pola xustiza militar) residían en Santiago. Seguen en contía absoluta Ordes e Padrón (entre os dous case o 27 por cen), pero se as cifras poñémolas en relación coa poboación dos seus concellos, veremos a importancia relativa da represión nesas localidades. Outra carta parte procede dos concellos da península de Barbanza. En relación cos lugares de onde proceden os fusilados temos as ocupacións que desenvolvían. De cidades e vilas proceden obreiros, albaneis, barbeiros, empregados, carpinteiros, mariñeiros, mestres, médicos e avogados. De concellos interiores labregos e xornaleiros.

Cadro 5. Profesións dos fusilados e paseados en Santiago (1936-1940).

Ocupación	Nº	Porcentaxe
Xornaleiro	11	14,1
Labrego	8	10,2
Mariñeiro	5	6,4
Albanel	4	5,1
Obreiro	4	5,1
Médico	3	3,8
Mestre	3	3,8

Empregado	3	3,8
Ferroviario	3	3,8
Barbeiro	2	2,5
Carpinteiro	2	2,5
Chófer	2	2,5
Avogado	1	1,3
Carteiro	1	1,3
Fotógrafo	1	1,3
Profesor	1	1,3
Tapiceiro	1	1,3
Viaxante	1	1,3
Non consta	22	28,3
Total	78	

Conclusións

Son tres os principais centros represivos na provincia: Ferrol, A Coruña e Santiago, por orde de importancia cuantitativa. Ferrol sobrancea polo alto número de falecidos, pero ademais pola súa repercusión militar e territorial: é un centro represivo no só de nivel rexional, senón de todo o norte, como consecuencia da importancia da súa base naval. Os concellos afectados pola represión centralizada na cidade da Coruña foron os da capital, os do seu contorno (Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada...), ata Irixoa –polo leste– e Cée e Fisterra polo Oeste, con casos illados de concellos do norte e do sur, mentres a Santiago correspondeulle ó territorio da mitade sur da provincia, desde Ribeira, seguindo unha liña recta, ata Curtis, pasando pola cidade do Sar, e o proceso desenvolto en Ferrol afectou a maior territorio provincial, o do seu contorno, ata Betanzos e A Coruña, e na zona costeira sur, por ser base naval, ás vilas mariñeiras. De maneira, que entre os tres núcleos urbanos abrangueron case todo o territorio provincial. Por outro lado, atendendo ó estamento do que proceden os represaliados, destaca que en Ferrol un cento e medio de militares véronse afectados polas condenas de consellos de guerra, e outro grupo, menos numeroso (uns corenta), polas execucións sen sentencia previa. En A Coruña e en Santiago foron os civís, na maioría dos casos, os procesados nas causas e condenados en virtude de leis militares, e tamén os represaliados sen proceso previo.

No estudio da represion non queremos ser simples contables, detrás dos números descubrimos persoas, identificámo-las víctimas e recuperámolas para a memoria, son obreiros, labregos, mariñeiros, mestres de escola, empregados de correos, militares, a maior parte domiciliados en Galicia, inda que aparecen tamén xentes procedentes de Asturias, Pais Vasco, Cantabria, Murcia,

Barcelona, case todos descoñecidos, pero aparecen con eles personalidades senlleiras, obxecto de eliminacións sen o trámite do xuizo sumarísimo. O método do paseo foi predominante en Galicia nos primeiros meses da guerra civil, entre xullo e outubro de 1936.

Táboa 6. Falecidos pola represión violenta na provincia de A Coruña. 1936-1939.

Zona	Por sentencia	Sen xuizo	Total	Porcentaxe
FERROL	254	456	710	67,5
A CORUÑA	146	91	237	22,4
SANTIAGO	74	4	78	7,4
Outros lugares	0	28	28	2,6
Sumas	474	579	1053	99,9

Fonte: rexistros civís, sumarios e bibliografía.

Dos datos da táboa 6 podemos concluir que os correspondentes ós producidos por sentencias de consellos de guerra son os que máis se aproximan á realidade en canto a contabilidade de baixas, pero non sucede así co número de paseados, agás o caso de Ferrol, onde se estudiou en profundidade toda a bisbarra.

Táboa 7. Idades dos executados en Ferrol – e comarca-, A Coruña e Santiago (1936-1939).

Grupos de idades	Número de víctimas	Porcentaxe
Ata 20 anos	72	6,8
De 21 a 30 anos	399	38
De 31 a 40 anos	254	24
De 41 a 50 anos	121	11,5
De 51 a 60 anos	42	4
Maiores de 60 anos	11	1
Idade non determinada	154	14,5
TOTAL	1053	99,8

Fontes: rexistros civís de Ferrol e bisbarra, A Coruña e Santiago, e sumarios consellos de guerra.

O estudio das idades reflicte a relativa mocidade da maioría dos executados (o 45 por cen tiña menos de 31 anos), feito do que deriva como consecuencia un retroceso demográfico e productivo de

Galicia na posguerra: os mellores efectivos poboacionais foron masacrados na guerra civil. O proceso represivo tivo unha dobre utilidade, eliminaba oponentes políticos e lexitimaba o levantamento militar.

A represión foi un instrumento de consolidación da sublevación e por iso dependeu dos dirixentes civís e militares, e serviu como elemento mantedor do réxime político que nacía en xullo do 36, unha actividade política que continuó na posguerra e durante toda a vida do réxime, na que interviñan mandos de todo o escalafón xerárquico no apartado da orde pública, desde delegados, xefes de policía ou comandantes de postos da GC ata a máxima autoridade do Estado.

A represión afectou a tódolos sectores sociais, pero fíxoo en maior proporción sobre asalariados –obreiros, traballadores do mar e da terra– e militares –na súa maior parte mariñeiros e fogueiros da Armada, soldados, cabos e suboficiais, por esta orde–. Se o perfil profesional dos represaliados mostra un amplio abano social, no que achamos individuos de estamentos de clase media e de clases populares, quere dicir que a represión foi global, afectou dalgún ou doutro xeito a toda a sociedade, pero foi consecuencia dunha loita de clases: por un lado a clase privilexiada de propietarios da producción, aliada cos oficiais do Exército e da Armada, e por outro as clases populares masivamente obxecto da represión xunto a clases medias (funcionarios, profesionais urbanos, e tamén militares) comprometidos co liberalismo. Os traballadores, militares, profesionais, comerciantes, tódalas víctimas da represión formaban parte dun grupo social, dunha clase identificada por uns intereses comúns, estes intereses eran políticos e estaban sinalados polo desexo de vivir nun sistema de respecto ás liberdades e ós dereitos individuais, que atendera as necesidades dos máis desfavorecidos, é dicir nun réxime liberal de vocación social.

A represión tivo tres métodos de eliminación física: os consellos de guerra, a aplicación directa do fusilamento en aplicación dos bandos militares, e os homicidios (os chamados paseos).

Os xuizos militares, celebrados nas urbes da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, representaron a forma legalizada da represión, aplicando leis do século XIX: o Código de Xustiza Militar (1890) e o Código Penal da Mariña de Guerra (1888), en virtude dunha preeminencia da xurisdicción militar sobre da civil, ó estar en efecto a declaración de estado de guerra, o que permitiu condenar a civís e a militares por delitos contra da seguridade do Estado, polos que en principio se rebelaran contra este. O retorcemento do Dereito levaba a que foran acusadores e xulgadores os rebeldes, sediciosos e traidores, condenando ós defensores do Goberno e da Constitución de 1931 por eses delictos.

CUARTA SECCIÓN

O estado da investigación

Manuela Santalla López (coordenadora)

As causas xudiciais seguidas pola xurisdicción militar: unha fonte para o estudio da represión

Eliseo Fernández Fernández

Na Galiza a guerra civil non existiu como tal, senón que ficou reducida a un golpe de estado, alongado nalgunhas zonas até finais de xulio de 1936 pola resistencia popular. É por elo que a documentación xudicial militar acada unha gran importancia, xa que abrangue información sobre boa parte das accións represivas que o novo réxime dictatorial aplicou sobre a poboación.

Ainda que a documentación obrante nas causas xudicias seguidas pola xurisdiccion militar é unha fonte moi utilizada nalgúns dos últimos traballos publicados sobre a represión na Galiza, ainda existe pouca información sobre o conxunto deste fondo documental e a súa utilidade cara á recuperación da nosa memoria histórica.

Neste traballo desexo abordar unha información inicial e urxente sobre o conxunto dos fondos das causas xudiciais seguidas nos anos da guerra civil no territorio galego. Un traballo que pretende achegar ao público esta documentación e aspira a informarlle da posibilidade de acceso ao fondo, así como algunha información da documentación que pode atopar nel. Un traballo máis pormenorizado do fondo de arquivo debería corresponder ás institucións que teñen encomendada a súa conservación, que ademáis de poder traballar con facilidade o fondo documental, teñen a obriga legal de facilitar o acceso á documentación e de contribuir á difusión da mesma.

Orixe do fondo documental

A xurisdicción militar tiña os seus propios tribunais que, xa nos tempos anteriores á guerra civil, xulgaban os delitos cometidos por militares, contra militares, contra instalacións militares, ou aqueles que os xuices consideraban como incluidos na súa xurisdicción. Na Galiza de 1936 funcionaba unha xurisdicción de mariña, que tiña o seu xulgado en Ferrol, e unha xurisdicción de terra, que tiña xulgados militares en A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A partir de 1936 a xurisdicción militar extendeu o seu campo de acción ao tempo que a a xurisdicción ordinaria veía moi mermadas as súas competencias coa aparición do novo réxime froito do golpe militar. A amplitude das causas levadas pola xurisdicción militar fixo que abranguera tamén as tentativas da oposición ao réxime de artellar estructuras sindicais, políticas ou guerrilleiras. Como exemplo da abusiva extensión da xurisdicción militar hai que sinalar a importante causa instruida na xurisdiccion de mariña contra os traballadores militarizados do Consejo Ordenador de Construcciones Navales Militares (hoxe IZAR), pola "folga do aceite" de 1946. Ainda así, pode atoparse algunha documentación complementaria á documentación xudicial militar nos arquivos de xulgados, audiencias provinciais (conservados nos Arquivos Históricos Provinciais e, no seu caso, no Arquivo do Reino de Galicia), ou Tribunal Supremo.

A xurisdicción de mariña xulgaba todolos delitos cometidos sobre forzas de mariña, incluida a civil, ás relativas ao persoal da Armada e instalacións militares da mesma. A partir do 18 de xulio a súa actividade centrouse, por exemplo, nos consellos de guerra contra o persoal da Armada que se mantivo fiel ao goberno da República, contra os civís que atacaron ou defenderon instalacións e buques da mariña, contra os inscriptos de mariña que non se presentaron nos seus chamamentos correspondentes, os desertores, e contra as persoas implicadas nas abundantes fuxidas por mar nos anos da guerra.

Canto á xurisdicción de terra, cumpre sinalar que non se atopan causas contra desertores do exército de terra, polo que supoñemos que estas causas se levarían adiante noutra instancia xudicial. As causas de terra forman parte do conxunto documental integrado por todolos xulgados militares da 8ª Región Militar, que abranguía tamén as antigas rexións de Asturias, León, Castilla-La Vieja, País Vasco e Navarra. Era a autoridade da 8ª Región a que sinalaba aos xuices militares dos diferentes xulgados os números correlativos das causas (por exemplo Causa Número 234 - Ano de 1936 - Xulgado de Ferrol - Xurisdicción de Terra, á que podería seguir a causa 235 - Ano de 1936 - Xulgado de León - Xurisdicción de Terra). Polo tanto, non se pode falar de valeiros na numeración correlativa e polo tanto desaparición dalgunha causa, sen ter en conta o conxunto do fondo documental (tarefa esta que sería altamente complicada).

Cumpre sinalar tamén, que ademáis das propias causas, existían as chamadas "Diligencias Previas", que eran informacións practicadas polos xulgados en averigüación de feitos que poderían constituir delitos da súa xurisdicción e que, se non orixinaban a formación dunha causa, quedaron arquivados baixo ese epígrafe.

Situación do Fondo do Tribunal Militar Territorial IV

O fondo documental das causas xudiciais mantén a súa clasificación orixinaria, en atención ao xulgado de procedencia, ainda que a ubicación de cada unha das series documentais integrantes no Fondo non se corresponde coas localidades nas que estaban establecidos os diferentes xulgados. Así, podemos facer un pequeno cadro resumo da distribución das diferentes series:

Ferrol	Mariña	Arquivo da Zona Marítima do Cantábrico - Ferrol
A Coruña	Terra	Arquivo da Zona Marítima do Cantábrico - Ferrol
Santiago	Terra	Tribunal Militar Territorial IV - A Coruña
Ferrol	Terra	Tribunal Militar Territorial IV - A Coruña
Lugo	Terra	Delegación de Defensa en Lugo
Ourense	Terra	Archivo Regional del Noroeste - Ferrol
Pontevedra	Terra	Archivo Regional del Noroeste - Ferrol
Vigo	Terra	Archivo Regional del Noroeste - Ferrol

A custodia de toda a documentación corresponde ao Tribunal Militar Territorial IV, que é a instancia á que hai que dirixir as solicitudes de consulta e a quen corresponde autorizalas. Convén precisar que esta documentación xudicial ainda ten certo volume de consultas administrativas, xa que é unha fonte que permite acreditar as indemnizacións orixinadas pola estancia na cadea nos anos da dictadura franquista ou as pensións orixinadas pola morte violenta de familiares. Por este motivo, é posible que algunha das causas non se atope co conxunto da serie á que pertence senón que poida estar temporalmente no Tribunal Militar Territorial IV na Coruña, ao que se trasladan en ocasións, como instancia encargada de acreditar estes datos.

Atendendo á súa distribución, existe unha gran variedade de instrumentos de descripción das series, que podemos resumir brevemente no seguinte cadro:

Ferrol	Mariña	Archivo da Z.M.C. - Ferrol	Ficheiro manual
A Coruña	Terra	Archivo da Z.M.C. - Ferrol	Base de datos
Santiago	Terra	Trib. Militar Territorial IV - A Coruña	Base de datos
Ferrol	Terra	Trib. Militar Territorial IV - A Coruña	Base de datos
Lugo	Terra	Delegación de Defensa en Lugo	Libro rexistro
Ourense	Terra	Arch. Regional del Noroeste - Ferrol	Base de datos
Pontevedra	Terra	Arch. Regional del Noroeste - Ferrol	Base de datos
Vigo	Terra	Arch. Regional del Noroeste - Ferrol	Base de datos

En canto aos instrumentos de descripción hai que sinalar os problemas que causa que os instrumentos de descripción da serie

de Causas de Terra instruidas en A Coruña esté localizado no Tribunal Militar Territorial IV, en A Coruña, mentres que a serie atópase instalada no Archivo da Zona Marítima do Cantábrico en Ferrol. Esta disfunción causa non poucos problemas aos investigadores e ao propio persoal do arquivo.

Hai que sinalar tamén que o nivel de descripción acadado para cada unha das series é diferente, polo cal o acceso ás causas ten maiores dificultades nalgúns arquivos e moito menor noutros. Velaí un cadro dos diferentes niveis descriptivos:

Ferrol	Mariña	Archivo da Z. M.C - Ferrol	Feito causante
A Coruña	Terra	Archivo da Z. M.C - Ferrol	Delito - Encausados
Santiago	Terra	Trib. Militar Territorial IV - A Coruña	Delito - Encausados
Ferrol	Terra	Trib. Militar Territorial IV - A Coruña	Delito - Encausados
Lugo	Terra	Delegación de Defensa en Lugo	Delito - Encausados
Ourense	Terra	Arch. Regional del Noroeste - Ferrol	Encausados
Pontevedra	Terra	Arch. Regional del Noroeste - Ferrol	Delito - 1º encausado
Vigo	Terra	Arch. Regional del Noroeste - Ferrol	Delito - 1º encausado

Atendendo aos instrumentos de descripción existentes e ao nivel de descripción acadado para cada unha das series, podemos resaltar a dificultade de consulta das causas instruidas en Ferrol pola xurisdicción de Mariña, que hai que tentar atopar nun ficheiro manual e no cal non figura o nome dos encausados (só está cando hai un único encausado, como por exemplo nas desercións de inscriptos de mariña); tamén as causas instruidas en Lugo pola xurisdicción de Terra teñen un maior nivel de dificultade por non estar informatizado o libro de rexistro, e incluso as causas instruidas en Pontevedra e Vigo presentan certa dificultade de consulta ao reflectir únicamente o nome do primeiro encausado, polo que pode resultar difícil atopar a causa se é que só se coñece a algún dos outros encausados (en ocasións varias decenas de persoas).

Ademáis dos instrumentos de descripción de cada un das series, hai tamén unha fonte de información común para o conxunto documental da documentación do Fondo do Tribunal Militar Territorial IV, que é a base de datos de solicitudes de documentación que leva este Tribunal. Nesta base de datos rexistranse as peticións de persoas implicadas nas causas e dos seus familiares, referidas xeralmente a amnistías; é así como ás veces, sen necesidade de desprazarnos ao arquivo que custodia unha causa e o seu instrumento de descripción, podemos averiguar se existen causas relacionadas con determinadas persoas elevando unha consulta ao Tribunal Militar Territorial IV.

No tocante á conservación material dos fondos pode decirse que é boa, xa que están instalados en locais habilitados específicamente como arquivos. A práctica totalidade deles están instalados en estanterías metálicas, e agrupados en caixas ou legaxos, dependendo de cada un dos arquivos. Ainda así, hai que sinalar que non en toda a súa vida documental, as causas estiveron en boas condicións de conservación, polo que hai algunhas causas dañadas por humidade ou fungos, sen que conste a existencia de tratamentos específicos para esta documentación.

Acceso á documentación

Como xa comentaba anteriormente, a instancia a quen se deben dirixir as solicitudes de consulta é o Tribunal Militar Territorial IV, competente á súa vez para autorizar a consulta. A maioría das consultas se producen para a investigación histórica ou para acreditar pensións; en tempos, cando ainda vivían un gran número de protagonistas das causas, había tamén moito movemento para a petición de indultos e amnistías; e ultimamente hai tamén un certo número de consultas motivadas pola búsqueda de información por parte de familiares das persoas encausadas.

Ainda que nos arquivos nos que están depositados os fondos documentais non se ofrece información por escrito sobre as normas reguladoras do dereito de acceso a esta documentación, hai que sinalar que a norma básica pola que se rixe é a Constitución Española (CE), que no seu artigo 105.b) recolle: “A lei regulará…b) O acceso dos cidadáns aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do estado, a averiguación dos delitos e a intimidade das persoas”.

Este precepto constitucional foi desenvolvido posteriormente pola Ley de Régimen Jurídico de las Administracións Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRPAC), que dí no seu artigo 35.h): “Os cidadáns, nas súas relacións coas administracións públicas, teñen os seguintes dereitos…h) Ao acceso aos arquivos e rexistros das administracións públicas nos termos previstos na Constitución e nesta ou noutras leis”.

E no seu artigo 37.1: “Os cidadáns teñen dereito a acceder aos rexistros e aos documentos que, formando parte dun expediente, obren nos arquivos adminstrativos, calquera que sexa a forma de expresión, gráfica, sonora ou en imaxe ou o soporte material no que figuren, sempre que tais expedientes corespondan a procedementos terminados na data de solicitude”.

Existe unha serie de limitacións ao dereito de acceso a arquivos e rexistros, que viña sinalado no artigo 105.b) da CE, como no artigos

37.2 da LRPAC: "o acceso aos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas estará reservada a éstas"; complementado polo 37.3 da LRPAC: "o acceso aos documentos de carácter nominativo que sen incluir outros datos pertencentes á intimidade das persoas figuren nos procedementos de aplicación do dereito, salvo os de carácter sancionador ou disciplinario, e que, en consideración ao seu contenido, podidan facerse valer para o exercicio dos dereitos dos cidadáns, poderá ser exercido, ademáis de polos seus titulares, por terceiros que acrediten un interese lexítimo e directo".

Mais é a Ley de Patrimonio Histórico Español a que regula o acceso aos fondos documentais históricos, como o que nos ocupa. E a LPHE ven a recoller no seu artigo 59.1.c) que "cando os documentos conteñan datos de carácter policial, clínico ou de calquer outra índole que poidan afectar á seguridade das persoas ou ao seu honor, á intimidade da súa vida privada e familiar e a súa propia imaxen, non poderán ser públicamente consultados sen consentimento expreso dos afectados, ou até que transcorran vintecinco anos da súa morte, se a súa data é coñecida, ou de cincuenta anos a partir da data do documento, nos demáis casos".

Polo tanto, podemos considerar que o acceso ás causas xudiciais anteriores a 1953 son hoxe mesmo de consulta libre para a investigación como o son en calquera archivo histórico ou administrativo. E pode entenderse tamén que a consulta das causas xudiciais de anos posteriores podería ser libre no caso de que os implicados no proceso morreran antes de 1978, ou de que estiveran ainda vivos e consentiran a consulta da causa xudicial.

Que se saiba, só os investigadores que comezaron a traballar con estes fondos para a investigación histórica, atoparon pechadas as portas para a consulta e reproducción das causas xudiciais. Sen dúbida, a administración militar ainda mantiña os modos preconstitucionais, e consideraba que os arquivos existían para satisfacer as necesidades da administración, mais non dos cidadáns nin da sociedade no seu conxunto.

En canto á reproducción da documentación non está regulada ningunha limitación unha vez que se produciu o acceso, e só debería de efectuarse contra o pago das taxas establecidas legalmente. E neste caso sí que existen máis dificultades, xa que nalgúns dos arquivos nos que están depositadas as causas se esixe unha autorización expresa para facer fotocopias ainda que se accedera libremente á consulta das mesmas. Por outra banda, as deficiencias das fotocopiadoras e a ausencia de persoal adicado á reprografía motiva que en moitas ocasións sexa o usuario quen teña que facer as fotocopias; e as taxas pola reproducción semella que non están reguladas, o que produce unha certa inseguridade ao investigador.

Por último, hai que sinalar que o requisito de autorización previa á consulta polo Tribunal Militar Territorial IV é un anacronismo no referente ao acceso aos documentos depositados en arquivos legalmente constituidos, que deberían de poder servir a documentación baixo os seus propios criterios (atendendo á regulación legal do acceso), sen necesidade de autorización expresa do Tribunal Militar Territorial IV. Resulta lóxico pensar que se o Tribunal Militar Territorial IV transfire unha documentación a un arquivo, como pode ser o Archivo General de la Zona Marítima del Cantábrico ou o Archivo Regional del Noroeste, a responsabilidade para permitir o acceso á documentación debería de ser regulado polos propios arquivos. Persoalmente, teño consultado causas xudiciais do fondo da Audiencia Territorial da Coruña, depositadas no Arquivo do Reino de Galicia, sen necesidade de facer unha petición ao xulgado de orixe.

Esta cuestión non é banal, xa que o sistema actual pode retardar entre un e dous meses o acceso a unha documentación que, doutro xeito, podería consultarse directamente no arquivo o primeiro día que se acudira ao mesmo. Se un investigador solicita a consulta dunha causa xudicial e, dous meses despois, accede á mesma, e atopa outra causa xudicial relacionada, tería que pedir unha nova autorización e voltar dous meses despois. Incluso pode ser que despois de dous meses de espera, a causa xudicial que se desexa consultar poida non corresponder á persoa pola que se procura senón a unha persoa co mesmo nome, ou o que é peor, pode resultar que non se atope no arquivo ao que se dirixiu ao investigador.

Volume de documentación conservada

No relativo á cantidade de causas relativas á Galiza depositadas nos diferentes arquivos é difícil cuantificar o número de causas conservadas nos diferentes depósitos. No relativo ás causas de mariña resulta difícil facer unha cuantificación das causas sustanciadas na Galiza, xa que a numeración é correlativa e semella abranguera a todalos Departamentos Marítimos existentes en 1936. En canto ás causas de terra sí que temos unha información aproximada que pode sernos de utilidade para evaluar o conxunto dos fondos, referido sempre ao conxunto da 8ª Región Militar.

Ano	Nº aproximado de causas
1936	1.400
1937	1.600
1938	930
1939	1.140
Total	5.070

Para facernos unha idea aproximada do fondo relativo a Galiza temos que ter en conta que este volume de causas abranguía a outras zonas como as antigas rexións de Asturias, León, Castilla-La Vieja, País Vasco e Navarra,.

Temos ademáis algúns datos máis concretos referentes aos tribunais militares de terra de Ferrol e A Coruña que, con cautelas, poden extrapolarse ao resto da Galiza (non en termos absolutos no referido ao número de causas, xa que a represión foi moi forte na Coruña e Ferrol, senón na súa evolución temporal).

	Causas 1936	Causas 1937	Causas 1938	Causas 1939	Total
A Coruña	109	186	109	103	507
Ferrol	38	57	31	32	158
Total	147	243	140	135	665

	Implicados 1936	Implicados 1937	Implicados 1938	Implicados 1939	Total
A Coruña	386	526	226	97	1235
Ferrol	195	214	49	34	492
Total	581	740	275	131	1727

Estes datos indican claramente a progresión da xustiza militar nas prazas de Ferrol e A Coruña, que comeza con forza en 1936 (hai que ter en conta que as causas deste ano refirense aos sete primeiros meses do ano, de relativa tranquilidade, e os cinco seguintes, de furiosa represión), crece ainda en 1937, para reducirse sensiblemente en 1938 e 1939.

Resulta curioso sinalar tamén a diferencia de ratio causa/acusados entre A Coruña e Ferrol, xa que mentres na Coruña hai unha media aproximada de dous encausados por causa, en Ferrol a media é de tres encausados por causa. Mais significativa é ainda esta relación se a valoramos en función do ano, xa que en 1936 e 1937 a media era de 4 e 5 encausados por causa, en 1938 e 1939 a relación era de 2 e 1 respectivamente. Esto implica ben ás claras unha xustiza máis selectiva nos anos 1938 e 1939 diante da abusiva e xeneralizada represión de 1936 e 1937.

Non consta a desaparición definitiva de documentación xudicial referida a represión franquista, ainda que sí hai causas "temporalmente desaparecidas", polo tráfico da documentación entre os diferentes depósitos e o Tribunal Militar Territorial IV, que ás veces impide a localización de determinadas causas. Noutras ocasións, as causas están mal ordeadas no depósito e por elo as peticións dos

investigadores e familiares non son atendidas debidamente; este caso é máis corrente na Delegación de Defensa de Lugo, onde semella haber un evidente descontrol da documentación arquivada: nunha consulta que realicei no verán do 2003, unha de cada tres peticións non foi atendida ao non atoparse a causa, sen unha explicación coherente dos problemas de localización da mesma.

Ainda así, é importante non esquecer que moitos galegos escaparon fora da Galiza e foron xulgados posteriormente en sitios como Asturias, Euzkadi, Catalunya ou Madrid, dependendo o lugar onde foran detidos. Algunhas destas causas xudicias poden estar depositadas en Ferrol (se foron sustanciadas noutros xulgados da VIII Región Militar) ou noutros arquivos militares.

A información suministrada polas causas xudiciais: entre a fantasía e a realidade

Se ao consultar unha causa xudicial de calquera época hai que ter en conta que moitos dos seus contidos están sesgados en función das posibles consecuencias penais e económicas do proceso, neste caso hai que manter ainda máis cautelas; porque non só nos atopamos coa natural necesidade dos reos de evitar unha condena, senón que o resto dos actores do proceso (forzas e corpos da seguridade do estado, fiscais, testemuñas, xuices e mesmo algún abogado) traballan para condenar aos reos en base a delictos que na maior parte das ocasións eran ficticios, ou polo menos de escasa entidade.

Ademáis nas causas non figuran toda unha serie de feitos importantes que poden coñecerse por outras fontes importantes, dentro das cais hai que destacar a memoria oral. En moitas ocasións as lembranzas dalgúns protagonistas dos feitos ou dos seus familiares poden explicar de xeito sinxelo cousas que aparecen nas causas e semellan inexplicabeis sen a apoiatura da memoria oral. Hai toda unha serie de feitos e relacións (enemistades persoais, relacións familiares ou sentimentais, antiga militancia compartida, etc.), que só se poden albiscar na documentación contida nas causas xudiciais.

Sendo así, resulta unha delicada misión trascender a montaxe xudicial e discernir entre o marasmo de declaracións e informes policiais aquelo que pasou realmente e aquelo que serviu para artellar unha condena ou, en poucas ocasións, para zafar dela.

O mecanismo polo que se iniciaban as causas era ben atípico: ainda que algunhas veces o inicio das mesmas respondía a unha denuncia ou á investigación dun delicto, a maior parte das veces non era así; o primeiro era a detención dunha persoa e logo artellá-

base o expediente buscando os delictos polos que había que xulgalos. Nos primeiros tempos foi corrente incluso que, cando non se atopaba o delicto ou éste non tiña entidade, a causa era sobreseida e o reo pasaba a disposición do Delegado de Orden Público. En moitas ocasións, a custodia polo devandito delegado era sinónimo dunha execución irregular: o "paseo". Ese foi o caso, por exemplo, do ex-crego e militante republicán Matías Usero, o profesor racionalista Francisco Iturralde, o militante galeguista Arturo Noguerol, todos eles en Ferrol e a súa bisbarra, ou o antigo sindicalista Eduardo Puente, en Compostela.

Por todo elo convén precisar que só unha parte da represión está documentada nestas causas xudiciais; moitas mortes e outras formas de represión non seguiron o cauce legal senón que se produciron por fora do mesmo. Ás veces só algunha parte do proceso represivo se levou pola vía xudicial, mentres que outras o foron extraxudicialmente. Así, podemos saber de moitos casos de persoas asasinadas sen que conste nin unha única liña sobre eles na documentación xudicial. Un caso claro é o do sindicalista pesqueiro Manuel Montes Don e o seu fillo Carlos Montes Babío, asasinados polo reartellamento das redes clandestinas da CNT a finais de 1937 e comezos de 1938, sen que, a pesar do avanzado da data, conste a existencia de ningún sumario contra eles. Casos como os seus foron frecuentes en toda Galiza e por bastante tempo.

Diante da existencia dunha persoa detida, unha das primeiras medidas que adoptaban os instructores era a de tomar declaración aos imputados e aos testigos ou supostos testigos dos feitos dos que se lle acusou. Posteriormente era común reclamar informes das súas actividades anteriores ao golpe militar e cando este se produciu. Aquí entraban en xogo dende alcaldes a curas, pasando por falanxistas, garda civil, e servicios de investigación da policía ou das forzas armadas.

Despois é corrente que o instructor do caso elevara un resumo dos feitos ao tribunal para que este decidira se xulgaba xa os feitos ou proseguía con outros actos de instrucción. En ocasións os sumarios alongabanse por máis dun ano, agardando informes e declaracións, ou modificandose a medida que ían sendo detidas novas persoas implicadas nos sucesos. Finalmente celebrabase o consello de guerra, que remataba sendo un simulacro de xustiza na que os abogados defensores eran case sempre convidados de pedra. En raras ocasións os acusados podían presentar testigos ao seu favor e mesmo cando esto sucedía estos testigos eran ameazados, recriminados ou multados polas súas declaracións a favor dos reos.

Ao longo de todo este proceso ían aparecendo unha serie de informacións que hoxe poden resultar de utilidade para coñecer a historia da nosa terra na primeira mitade do século XX.

Información sobre os anos anteriores á guerra civil

En ocasións, as causas xudiciais ofrecen importante información do que era a actividade sindical e política en toda Galiza nos anos anteriores á guerra civil; a investigación das persoas xulgadas nas causas recollen moitas informacións e documentos difíciles de atopar noutros arquivos. Dende documentación incautada a sociedades sindicais, agrarias ou partidos políticos, até os informes das novas autoridades relativas aos encausados: e aquí incluimos os informes elaborados pola policía, servicios de información, garda civil, alcaldes, Falange e mesmo curas.

Cando as referencias proveñen de documentación incautada poden considerarse bastante fiables, mais cando veñen de informes policiais ou parapoliciais, xa hai que ter máis precaucion á hora de valoralos, xa que poden estar moi sesgadas. Ademáis no relativo á adscripción política dos encausados é frecuente a confusión entre as diferentes organizacións sindicais e políticas da esquerda ou a simplificación coas denominacións de "marxista", "rojo" ou "comunista".

Información sobre o levantamento militar de 1936 na Galiza

Unha gran cantidade de causas tiñan como feitos de referencia o movemento rebelde dos militares e a resistencia popular diante da intentona facciosa. Logo poderíamos pensar que é posible atopar unha cumprida información sobre estes feitos, que motivaron centenares de condenas a morte e milleiros de persoas encarceradas. Mais ás veces as arbres non deixan ver o bosque e resulta extremadamente dificultoso o recoller visións xerais sobre o que aconteceu en cada unha das prazas. Se nos fiaramos pola xustiza dos sublevados, a escasa semán que durou o movemento rebelde e na que apenas morreron medio cento de golpistas, semellaría unha tremenda loita de varios meses entre dous exércitos regulares.

Hai nas causas unha tremenda esaxeración do que foron os intentos de organizar a resistencia ao golpe e dos escasos éxitos que logrou; ao tempo houbo unha glorificación esaxerada das heroicidades dos militares golpistas diante dun exército enemigo de obreiros e labregos sen armamento nin organización mlitar. A final o que remata quedando bastante ben ilustrado nas causas xudiciais é como un vergoñento e abusivo golpe de estado militar remata

convertindose por obra e gracia da propaganda no "glorioso movemento nacional".

Información sobre a represión xudicial

Neste campo pisamos xa terra firme. Porque a represión xudicial que hai nas causas é a que efectivamente foi naquelas datas. Nin máis nin menos. As condenas a morte, cadea perpetua e longas penas de cárcere por delitos de escasa entidade foron moeda común naqueles anos. Ainda que non hai ningún traballo de conxunto sobre a repercusión que tivo sobre a poboación galega este tremendo movemento represivo protagonizado pola xustiza militar, sería moi significativo ver a tremenda cantidade de persoas que padeceron condenas de cárcere ou morte nos primeiros tempos da sublevación militar.

Ademáis desta visión dos efectos da represión xudicial, podese albiscar tamén moito do método da represión xudicial como complementaria á represión extraxudicial da policía, garda civil e dos milicianos da Falange. Hai varios casos nos que esa complementariedade queda palmariamente demostrada, ao figurar certificados dos paseos contra persoas que foran absoltas ou ás que se sobreseera as súas causas na xurisdicción militar, sen que eso promovera ningunha protesta nin a adopción de medidas de carácter xudicial.

Pola contra, si que figuran nas causas as ameazas ás persoas que declaran a favor dos reos, ao longo da instrucción e mesmo nas actas dos consellos de guerra, que podían rematar co inicio de dilixencias contra algúns testigos por suposto perxurio, ou por calquera outro motivo que lle cadrara aos xuices ou fiscales.

Información sobre a represión extraxudicial

Xa comentei no referente á represión xudicial como nas causas figuran reflectidos algúns paseos contra persoas que foran absoltas en causas xudiciais. Tamén hai moitos casos de causas xudiciais nos que aparecen informes da policía ou garda civil referidos aos supostos autores dos delitos como "morto nos sucesos de xulio", "morto ao tentar escapar", "morto en enfrontamento coas forzas de seguridade". Noutros casos, figura a súa detención mais se perden os seus datos no marasmo xudicial para rematar enterandonos por outra fonte que foi asasinado vilmente sen siquera ser xulgado.

Tamén as declaracións de moitos dos detidos están cheos de relatos de feitos de represión extraxudicial contra persoas agachadas nas súas casas, contra xente escapada nos montes ou que tentaba fuxir

á zona republicana; mais, por suposto, ningunha destas denuncias deu pé a calquer tipo de dilixencia por parte das novas autoridades.

Información de carácter biográfico

Á hora de achegarnos á traxectoria persoal de moitas persoas sinaladas no eido político ou sindical, as causas xudiciais resultan ser unha boa fonte de información. En ocasións os documentos incautados permiten recompoñer as actividades das persoas. Noutras ocasións os informes policiais ou parapoliciais se remontan incluso aos comezos do século XX e recollen os fitos máis significativos das persoas encausadas.

Tamén as declaracións dos encausados e dos testigos poden axudar a recompoñer a traxectoria vital de moitas persoas destacadas nos movementos sociais da Galiza do primeiro tercio do século XX.

Información sobre as persoas e institucións responsabeis da represión

Nas causas podemos tamén atopar informacións biográficas interesantes sobre persoaxes destacados do réxime franquista a través da súa participación en consellos de guerra, xa fora como testigos, como fiscais, abogados defensores, xuices, ou integrantes das forzas de seguridade e das milicias falanxistas.

En cada unha das prazas hai unha serie de nomes de persoaxes que destacaron na represión que saen continuamente mencionados nas causas e que mesmo foron os autores de centos e centos de sentencias xudiciais contra persoas de esquerda. Gracias a esta fonte pode lembrarse aos integrantes das forzas armadas que actuaron con xustiza e dentro da legalidade e os que se prestaron á farsa xudicial que se estaba desenvolvendo.

Información sobre o sistema carcelario e represivo en xeral

Ademáis de informarnos sobre a represión xudicial, as causas xudiciais proporcionan interesante información sobre o sistema carcelario establecido na Galiza e fora dela nos anos mouros da represión. A información do cárcere e dos campos de concentración ven tanto dos momentos previos á sentencia como dos momentos que seguiron ás condenas de cárcere. Así podemos atopar información sobre os campos de concentración e as condicións de vida neles, ou sobre as comisións de clasificación dos prisioneiros, nas que se mantiña presas ás persoas capturadas na zona republicana

até conseguir os seus antecendentes para deixalos en libertade ou sometelos a consello de guerra.

Ademáis, a documentación que segue á execución das sentencias inclúe a aplicación de indultos ás persoas presas e permite coñecer como foi evolucionando o réxime represivo instaurado na nosa terra a finais de xulio de 1936. En moitas causas figura o roteiro carcelario dalgún dos presos, os indultos que se lle aplicaron e, nalgunhas ocasións, a reducción deses beneficios cando as persoas voltaban a caer presas por realizar algunha actividade de oposición ao réxime.

Tamén hai que sinalar que en ocasións aparecen recollidas nas causas sucesos acaecidos dentro das cárceres, como intentos de fuga, motins ou revoltas. Entre elas, por afectar a un bo número de presos galegos, hai que destacar a fuga do penal de San Cristóbal en Pamplona en maio de 1938. En moitas das causas de orixe dos implicados na fuga veñen referencias á súa participación na mesma, sobre todo cando se lle quixo aplicar algún indulto parcial a presos que había tempo que morreran xa na fuga do Penal de San Cristóbal.

Información sobre a oposicion clandestina: organizacións político-sindicais e guerrilla

Outro tipo de información interesante é aquela que atinxe aos intentos de reconstrucción das estructuras organizativas de partidos políticos e sindicatos nos anos que seguiron ao golpe militar de 1936. Entre eles están as actividades clandestinas e guerrilleiras que foron sucedendose nos anos do franquismo. Tendo en conta que as causas xudiciais ían parellas ás investigacións policiais sobre estas actividades, resulta de suma importancia a información contida nestas causas, que pode axudar a explicar algúns feitos relacionados coas actividades guerrilleiras e clandestinas.

Tamén nestas causas figuran documentos relativos a estas actividades, incautados no transcurso das investigacións: e aquí atopamos dende documentación interna dos grupos guerrilleiros, partidos, sindicatos e organizacións unitarias (UNE e ANFD), básicamente, até prensa clandestina. Incluso nalgunha das causas conservanse como probas algúns efectos incautados como bandeiras, listas de nomes en clave ou mesmo municións incautadas ás partidas guerrilleiras.

Conclusión

A importancia da documentación do Fondo do Tribunal Militar Territorial IV ven dada pola escasez de documentación

sobre o período 1931-1975 noutros ámbitos arquivísticos. A destrucción da maior parte da documentación correspondente a aquelas épocas (xa fora da man das novas autoridades e dos propios posuidores para a documentación privada, por mala conservación ou por expurgos irregulares na documentación pública) ou a dificultade de acceso a outras fontes (policía, garda civil, institucións penitenciarias) fai que a documentación das causas xudiciais se convirta nunha ferramenta indispensable para o estudio dos anos da II República e do período de represión que lle seguiu.

Ainda así convén lembrar novamente as cautelas que hai que adoptar diante da documentación das causas xudiciais e discernir entre a información que ten validez por sí mesma (a que atinxe ao método e á cuantificación da represión legal) e aquela outra que hai que poñer en relación con outras fontes históricas (memoria oral ou escrita, documentación doutros arquivos, publicacións periódicas, etc) para valorar correctamente a súa validez.

Fuentes documentales de la represión y el control político e ideológico franquista en el archivo general de la administración

Evelia Vega González

Introducción

Esta comunicación tiene como objetivo presentar los fondos que custodia el Archivo General de la Administración, centrados en el control político-ideológico y la represión de la Dictadura del régimen de Franco, y cumplir de esta manera la misión última que tiene un archivero de difundir y dar a conocer la documentación conservada en los archivos.

Para ello es necesario primeramente acotar el contexto histórico que da lugar a dichas fuentes.

Realizado el alzamiento Nacional en el año 1936, Franco a lo largo del periodo de la Guerra Civil Española consigue ser nombrado Generalísimo, unificando bajo sus órdenes a todo el estamento Militar. Al ser nombrado Jefe del Gobierno del Estado tendrá en su persona el poder político-administrativo. Con la creación del Movimiento Nacional, aúna políticamente los elementos que se sublevaron contra el poder soberano elegido democráticamente por el pueblo en la República, haciéndose Jefe y cabeza visible de todos ellos. A todo esto le debemos unir un factor, pues al estar en estado de guerra durante tiempo tan prolongado le permitió permanecer amparado y dejar hacer desmanes[1] antes de establecer y asentar una larguísima Dictadura.

Consolida su poder personal con una legislación basada en cuatro grandes apartados:

- El Control del Estamento Militar bajo su caudillaje.
- Creación de Jurisdicciones Especiales.
- Creación de Instituciones Político-Administrativas que consoliden el Régimen de la Dictadura.
- Supresión de Derechos y Libertades[2].

En su persona se unificarán el Ejecutivo y la capacidad de Legislar, a lo que hay que añadir que en el poder Judicial, como ha dicho Miguel Angel Jaramillo[3], al crearse jurisdicciones especiales,

se ligaba el nombramiento y funcionamiento de los mismos al poder político y por tanto al mismísimo Franco.

La legislación incide de manera directísima en la organización y actuación de la administración, repercutiendo de manera inmediata en sus estructuras, y dejando el reflejo de sus actuaciones en la documentación producida por la misma.

Gran parte de la documentación producida por la Administración Central durante toda la Dictadura se custodia en el Archivo General de la Administración de Alcalá de Henares, y de toda ella vamos a intentar exponer en esta comunicación, qué fondos son los más interesantes para el estudio de la represión y el control en el régimen de Franco, haciendo hincapié en lo posible, en su incidencia en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Carecemos de información tan relevante en el periodo de la contienda, como quiénes participaron en los enjuiciamientos sumarios (jurisdicción militarizada), o dónde están las fosas comunes de los fusilamientos, pero pretendemos dar a conocer de qué mecanismos se sirvió el régimen Franquista para desterrar, excluir, eliminar y apartar en definitiva a cualquiera que no comulgara con la ideología de su caudillaje, sancionando a quien divergiera de dicho sentir en lo jurídico, en lo administrativo, en lo económico, en lo social, y hasta en la capacidad de creatividad.

Estos efectos han persistido más allá de la muerte de Franco, al diluir el personal que trabajó en sus instituciones más represivas y controladoras en otras y en los nuevos organismos de la Democracia, como se manifiesta en el RDL 23/77 de 1 de abril, por el que se reestructura el Movimiento Nacional, y en el que se establece en su artículo 4º "que los funcionarios de carrera de los cuerpos de la Administración del Movimiento, se incorporan a la Administración Civil del Estado". Se puede concretar también en la Ley 46/77 de 15 de octubre de Amnistía pues en su artículo segundo amnistiaba a los reprimidos por el franquismo, pero también lo hacía a los represores en su apartado d) "Los delitos y faltas que pudieran haber cometido las autoridades, funcionarios y agentes del orden público, con motivo u ocasión de la investigación y persecución de los actos incluidos en esta Ley", y apartado f) "los delitos cometidos por los funcionarios del orden público contra el ejercicio de los derechos de las personas".

El Archivo General de la Administración, (en adelante A.G.A.)

Fue creado por Decreto 914/69 de 8 de mayo; esta norma supone además la institucionalización definitiva de la red de Archivos de la Administración Central Española y la regulación del flujo documental de la misma[4]. La función esencial del A.G.A.

consiste en recibir mediante transferencias regulares la documentación producida por los diferentes organismos que, tras permanecer en sus respectivos archivos centrales el tiempo necesario para su tratamiento, haya perdido la suficiente utilidad administrativa como para que su consulta sea solamente esporádica[5].

Los cambios Políticos y Administrativos ocurridos sobre todo entre 1975 y 1985, implicaron que se recibieran en el A.G.A. cantidades ingentes de documentación con procedencias tan variadas que han incidido en la complejidad del Cuadro de Clasificación, y que continúa ampliándose en la medida que se incrementan los fondos del Archivo.

La presentación de la comunicación seguirá el esquema de dicho Cuadro de Clasificación de Fondos para que la exposición sea lo más clara posible, intentando resaltar lo más relevante de cada uno de ellos en sus disposiciones legales de creación, organización o supresión, su desarrollo como organismo, lo que consideramos destacable con relación a la Represión, sus fechas extremas y el volumen documental.

Poder Judicial

Ámbito Provincial

Audiencia Provincial de Madrid

Consideramos que parte de la documentación generada por este organismo es susceptible de consulta y estudio, ya que la Ley de 19 de febrero de 1942 de Responsabilidades Políticas establece que las funciones de los Tribunales de Responsabilidades Políticas fueran ejercidas en adelante por las Audiencias Provinciales, y por tanto transfiere las competencias en materia de represión a dichas instituciones.

Así mismo el RDL 2/77 al suprimir el Tribunal de Orden Público le da las funciones de continuar y ultimar las causas pendientes y que se hallasen en trámite de aquel, así como sus archivos, llevando a cabo por tanto sus competencias, con los cambios pertinentes en materia legislativa que traería la Democracia.

Por último la Sección segunda tramitará los expedientes de amnistía que concedía la ley 46/77 de 15 de octubre, entre ellos los actos de intencionalidad política, rebelión y sedición, objeción de conciencia, expresión de opinión en prensa e imprenta, etc.

Las fechas extremas de la documentación son 1885-1988, con 8957 unidades de instalación.

Ámbito de Partido Judicial

Juzgados de Instrucción

Se menciona este fondo al existir sentencias dadas por estos juzgados en dos tipos de actuación.

En 1942 (Ley 19 de febrero) se establece que las funciones atribuidas a los Juzgados Instructores Provinciales de Responsabilidades Políticas, serán en adelante ejercidas por los Juzgados de Instrucción.

El RDL 2/77 crea los Juzgados de Instrucción números 21 y 22 de Madrid adscritos a la Audiencia Provincial, pues al ser suprimidos los Juzgados de Orden Público (1 y 2), y revertir la tipología de los delitos tratados por ellos a los juzgados comunes del orden judicial penal, continuarán la tramitación de los procedimientos que se hallen en curso, y serán los competentes para ultimar la instrucción, conocimiento y fallo de las causas que no tuvieran sentencia todavía. Así mismo se le transfieren sus archivos. Fechas extremas 1973/1978, con cerca de 4400 unidades de instalación.

Juzgados de Primera Instancia

Es destacable de este fondo que asumió las funciones de los Juzgados Civiles Especiales de Responsabilidades Políticas a partir de 1942. Por tanto es susceptible su estudio para los procesos tramitados en ellos.

Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

Existen conservados entre ellos expedientes del Juzgado Especial de Propaganda Ilegal. Así mismo juzgarán los delitos de Prensa e Imprenta a partir de la Ley de 1966, fechas 1966-1979, con 20 unidades de instalación.

Igualmente se pueden localizar expedientes que atacaban la moral y el comportamiento.

Jurisdicciones Especiales

Juzgado Especial de Delitos Monetarios

Los delitos relacionados con la falsificación de moneda y tráfico monetario, eran vistos en este Juzgado que tenía jurisdicción especial administrativa, incorporándose a la jurisdicción ordinaria al crearse la Audiencia Nacional en 1977. Las fechas extremas para esta documentación son 1939-1976, con un volumen de 1515 unidades de instalación.

Las fechas que comprenden estos expedientes (evasión de capitales etc.) son 1939- 1976, con un volumen de 1500 unidades de instalación.

Tribunal y Juzgados de Orden Público

Fueron creados en 1963 por la Ley 154 de 2 de diciembre y Decreto 1314 de 1972 de 13 de abril, sustituyendo al tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo, para juzgar a los que atentaran contra el orden público, y en especial contra "la unidad espiritual, nacional, política y social de España". Por Real Decreto-Ley de 4 de enero de 1977, número 2/77 de la Jefatura del Estado, se suprimen, y crea en Madrid dos Juzgados de Instrucción, a los que se les dan los números 21 y 22 que asumirán la instrucción, conocimiento y fallo de las causas por los delitos que venían atribuidos a los órganos judiciales que se suprimían.

Se establece así mismo, que los Archivos y asuntos pendientes del Tribunal de Orden Público pasen a la Audiencia Territorial de Madrid.

Las fechas extremas de la documentación del Tribunal en el AGA son 1964-1977, con un volumen de 2041 unidades de instalación.

De los Juzgados de Orden Público números1 y 2 de Madrid custodiados en el AGA las fechas extremas son 1972/1977, y tienen un volumen total de 226 unidades de instalación.

Tribunales Nacional y Regional de Madrid de Responsabilidades Políticas

El 9 de febrero de 1939, con la Ley de Responsabilidades Políticas se establece que cualquier persona física o jurídica que se hubiera opuesto al Movimiento Nacional debería ser juzgada por estos órganos, con sanciones de inhabilitación, limitación de lugar de residencia, bienes, e incluso nacionalidad. Esta jurisdicción se suprimió en D. 13 de abril de 1945.

Es importantísimo este fondo ya que nos presenta a los encausados en un proceso político, que derivaría en perjuicios tanto económicos como personales; Entre los delitos que se tratan están los de Rebelión y Sedición; Denegación de Auxilio a la Justicia cuando tenía carácter político, etc.

Las actuaciones de este Tribunal eran ejercidas por las Comisiones Provinciales de Incautación de Bienes, Juzgados Civiles Especiales de Responsabilidades Políticas; la documentación más abundante en el AGA son expedientes de créditos intervenidos, devolución de bienes, sentencias dictadas, recursos de revisión e incautación de bienes (para ello contamos con un IDD por provincias y cronológico, el cual nos puede servir para de manera dinámica extraer la información de lo que afecta a la Comunidad autónoma de Galicia) De la Comisión Liquidadora de Responsabi-lidades Políticas, destacan las series de expedientes

personales de indultos, sobreseimientos, absoluciones o prescripciones (contando el AGA con un IDD Alfabético-Onomástico)

Es posible encontrar material tan variado como: Incautaciones, Frente Popular, Oficios e informes sobre Catedráticos de Universidad separados del servicio por su conducta político-social 1939-1941, Personal del Tribunal de Garantías Constitucionales 1936-1938, Actividades y Grupos fuera de la Ley, Juzgados Militares, Juzgado Especial de Incautaciones, Entidades Marxistas y Sindicales, Izquierda Republicana, Sociedad Cooperativa de Obreros Zalameños, Colectivos Campesinos, Partido Nacionalista Vasco, UGT, Gobierno de Euskadi, Bibliotecas Incautadas, otorgamiento de poderes de Españoles en el Extranjero, Procedimientos sumarios, Casas del Pueblo, Carabineros, afiliados al Partido Comunista, Periódico *El Pueblo Gallego*. Sus fechas son de 1936-1945 con un volumen de 1444 unidades de instalación entre ambos.

Juzgados de Peligrosidad y Rehabilitación Social

Interesante documentación de la que cabe destacar expedientes contra homosexuales. Sus fechas extremas son 1935-1985, con un volumen de 1701 unidades de instalación.

Tribunal Central de Espionaje y Alta Traición

Pendiente de estudio por el personal del AGA, pues es sólo una unidad de instalación de 1938.

Tribunal Especial de Represión de la Masonería

Sus fechas extremas son 1940-1945 con tres unidades de instalación. Para la consulta de dicha institución es aconsejable ver el Tribunal de Responsabilidades Políticas, y así mismo os remitimos al Archivo de la Guerra Civil en Salamanca.

Juzgado Especial de Emigración Clandestina

En Estudio

Poder ejecutivo

Junta Delegada de Defensa de Madrid. Guerra Civil "Archivo Rojo"

Se conserva documentación de la Delegación de Propaganda y Prensa. Mencionamos este fondo de instituciones de la República ya que conserva fotografías de figuras destacadas de personalidades de la misma, algunos de ellos exiliados a posteriori. Mencionamos entre otros: Bergamín, Casares Quiroga, Alcalá-Zamora, Dolores Ibarruri, M. Azaña, Durruti, Ramón Valle-Inclán,

Indalecio Prieto etc. Abarca un periodo de 1930 a 1939, con un volumen de 37 unidades de instalación.

Ministerio de Asuntos Exteriores

Hay que destacar el fondo del servicio exterior en varios países, en los que dentro de la sección Política, se realizaban informes que se tramitaban al Ministerio y al propio Jefe del Estado. Además en este fondo se pueden encontrar materias tan interesantes como: Gobierno Vasco en el exilio, Indultos y regreso a España de Exiliados Políticos, Unión Republicana, Partidos políticos, Prisioneros Españoles, Repatriación de Rusia, Refugiados Españoles, Exiliados políticos, Republicanos, Constitución del Gobierno de la República en el exilio, Unión Republicana, Campos de Trabajo, Comunistas, "Separatismo Gallego".

Debe tenerse en cuenta la importancia de este fondo dada la gran cantidad de Españoles que tuvieron que exiliarse tras la contienda, o que si salian de viaje tenían un seguimiento especial, así pues se puede localizar documentación de expedientes de Españoles como Jiménez de Assua, El Doctor Río Hortega, etc.

En efecto, son moitas as recreacións poéticas ou mesmo narrativas nas que Rodríguez Fer parte de feitos, lugares ou persoas da historia da represión franquista en Galicia ou, máis en xeral, da historia das loitas pola liberdade. Tal é o caso do poema "Luis Pimentel", ou sobre todo "O último diagnóstico", ambos da sección "Sempre Lugo" do poemario de 1987 *Lugo Blues*. Igualmente, no número 3 da revista *Xistral* (2000) o texto "Memorial dos foxos de Lugo", de título ben significativo, regresa sobre a mesma temática. Nunha liña moito máis experimental e interartística, a composición "Home de Zazuar", pertencente ós

Fotopoemas publicados polo autor no número 1 da revista *Unión Libre*, incide na figura do doutor Vega Barrera. Finalmente, tamén poderiamos incluír dentro desta temática o relato "A magdalena de Proust", do libro *Metarrelatos* (1988)[1], e mais o texto "Historia judicial y observaciones", de *Rastros de vida y poesía* (Rodríguez Fer & Fernández Granell, 2000).

Todos estes textos, xunto con moitos outros, son exemplos do compromiso do autor, que vai trenzando sobre a pel do poema unha implacable corda historiada con nomes, feitos, datas e ideas procedentes conxuntamente da memoria persoal –memoria afectiva e intelectual– e da memoria histórica, foxo común de refugallos da oficialidade política e social; reivindicación e denuncia son, así, en Rodríguez Fer, dúas caras da mesma moeda.

Pódese dicir que hai un procedemento habitual no achegamento do autor ó mundo dos silenciados, o emprego reiterado de iconas ou signos, moitas veces incluso cun valor taumatúrxico ou máxico, de invocación, e que se concretan, fundamentalmente, nos nomes e nas imaxes: paisaxes –escuras e grises case sempre– con figuras soas. Uns e outras serven para evocar ou invocar, para actualizar a vixencia do personaxe nomeado ou retratado. Son, así, as persoas, as que protagonizan, por enriba das ideas políticas, o proceso de recuperación, de exhumación poderiamos dicir incluso. Ben é certo que existen unha serie de ideas globais que resumen ou integran a actitude dos personaxes retratados, como poden ser as de liberdade ou compromiso ético (cfr. Regueiro, 1998: 32), que resultan ser as que, por suposto, os converten na actualidade en obxecto de atención e os fixeron, no pasado, obxecto de represión. Á marxe, pois, de calquera dogmatismo político ou ideolóxico, a invocación de nomes de homes e mulleres que fai Rodríguez Fer ten como denominador común o humanismo que caracterizara as súas existencias e o seu pensamento.

Hai moitas figuras destacadas nese universo da represión reconstruído por Rodríguez Fer. Resaltan de xeito peculiar por ser as únicas nomeadas ou aludidas no contexto agrisado e anónimo que as rodea. Entre elas, é o nome e a figura do doutor Rafael de Vega Barrera o que con máis frecuencia aparece representado nos textos do autor lugués, probablemente por constituírse nunha imaxe prototípica da época, por gardar moitos trazos etolóxicos e ideolóxicos en común co propio autor e tamén, sen dúbida, por se ter constituído como un referente insigne na memoria histórica colectiva dos lucenses das inxustizas da represión franquista en Lugo.

Vega Barrera nacera na localidade burgalesa de Zazuar en 1889, pero comezara a exercer a medicina en Lugo, concretamente no Hospital de Santa María, onde actuaba como director na data da

sublevación militar iniciada do 18 de xullo de 1936. Asemade, formara parte, tamén, da vida política local, ó ter militado en diversas formacións da etapa republicana, como foron, sucesivamente, a Organización Republicana Lucense, a Organización Republicana Gallega Autónoma, ou a Alianza Republicana do Partido Republicano Radical, coa que foi deputado en 1931, todos eles inscritos nunha liña ideolóxica e tamén de tendencia republicana. Todos estes datos, así como moitos outros de interese –como por exemplo a súa pertenza á loxia masónica Lucus nº 5– son recollidos por María Xesús Souto no seu estudio sobre o proceso militar a Vega Barrera (Souto, 1997), onde se reconstrúe o itinerario do médico dende que fora detido o 24 de xullo de 1936 ata que foi fusilado na tapia do cuartel da Garda Civil, anexa ó antigo cemiterio municipal de Lugo, o día 21 de outubro do mesmo ano. Este estudio pon de relevo toda unha serie de malquerencias e intereses persoais que levaron a Vega Barrera á morte, acusado do delicto de traizón en concepto de autor, por ter, como reza a sentencia, entorpecido as operacións do Exército e facilitar as do inimigo, con agravantes de perversidade polos seus antecedentes revolucionarios. En concreto, os feitos que o tribunal militar lle considerou probados foron os de ter acollido, dado alimento e cama no Hospital de Santa María que el dirixía a unha partida armada que chegaba dende Ponferrada, Vilaodrid e o sur da provincia de Lugo para facer fronte á sublevación na capital. Asemade, engadíronse no sumario certas referencias non comprobadas á súa suposta adscrición a ideoloxías revolucionarias, así como ó emprego do Hospital como baluarte defensivo para efectuar dende el disparos. Pese a que se evidencia que as acusacións son de todo punto de vista falsas, a sentencia acaba por executarse.

De todo este itinerario vital, Rodríguez Fer selecciona unha serie de feitos relevantes, como son, en primeiro lugar, o acto mesmo do fusilamento do doutor, que aparece recollido no poema "O último diagnóstico", poema da primeira parte do libro *Lugo Blues* (Rodríguez Fer, 1987: 37-38), que constitúe unha evocación do momento da execución do médico e, ó mesmo tempo, unha análise –neste caso a do poeta, co que o título do poema cobra así un dobre sentido– da sociedade e a época que permitiron e realizaron un acto que o poeta cualifica de "sevicia". Enmarcado polas referencias ó odio latente, ós disparos, ó adormecemento moral e ético da cidade e á podremia crónica que sucedeu a todo esto, o corpo central do poema constrúese sobre unha anécdota, elevada ó nivel abstracto do símbolo e case tamén do mito, sobre o fusilamento de De Vega; supostamente, o fusilado tería trazado na area do chan, xusto no momento de ter caído e con todas as aparencias de voluntariedade,

un estraño signo que o poeta interpreta como o derradeiro diagnóstico do médico. O xesto resulta ser así signo, comunicación segreda no momento en que a comunicación tradicional estaba imposibilitada, ou ben cando non había xa nada que dicir; signo en estado puro, desvinculado da lóxica da designación sígnica, illado de todo código preestablecido e carente de clave concreta para decodificalo. O sentido máxico dese tipo de escritura efémera afástaa da dimensión puramente comunicativa da mesma, e evita, asemade, que a súa función básica sexa a de salvar a evanescencia ou inconsistencia física da comunicación oral. Rodríguez Fer destaca o paradoxo desta grafía trazada sobre area, que logo é borrada polas pisadas dos "recolledores de cadáveres", pero que tamén, polo seu carácter máxico e simbólico, é capaz de sobrevivir e prolongarse sempre á marxe dos sistemas tradicionais contra os que esta mesma reacciona; daquela, entendemos que o poeta aclare entre parénteses no medio do poema "(Eu sempre reparo / nos debuxos abandonados / porque sei que algún deles / coincidirá co seu)." (37). Destaca, así, a contestación e a protesta, así como a continuidade da memoria dos agraviados, neste caso de Vega Barrera[2].

No relato "A magdalena de Proust" o autor, neste caso xa dentro do xénero narrativo, volve a retomar o mesmo tema, o da memoria, a súa recuperación ou a súa perduración, aínda que con algúns matices. O conto reflexiona sobre as causas que desatan as lembranzas, reflexionando sobre o famoso procedemento asociativo que emprega, a xeito de escusa literaria, Marcel Proust na súa *Á percura do tempo perdido*, o do sabor da magdalena mollada en tila que lle lembra as que tomaba na súa infancia. No caso do personaxe creado por Rodríguez Fer, é o asubío do tren na estación, escoitado "nun día de inverno do ano 1975", o que lle fai retomar un feito localizado trinta e nove anos atrás, é dicir, en 1936. A figura central, neste caso, é a dun vello maquinista ferroviario vinculado ós movementos obreiros das primeiras décadas do século XX, que chegaba á estación e que camiñaba co neno protagonista. O momento evocado polo asubío é, unha vez máis, o do descubrimento da morte, cando se atopa ó vello maquinista asasinado, atado á locomotora que el guiaba e levado de estación en estación como escarmento dirixido ós ferroviarios. Unha vez máis, o descubrimento do odio agochado entre a néboa que cubría a cidade convértese en tema central do texto. Por outra banda, tanto neste relato como na evocación do fusilamento de Vega Barrera do poema tratado anteriormente, existe un dato que se pode considerar de capital importancia, por resultar extrapolable a tódolos procesos e procedementos represivos. Referímonos ó feito de que o

personaxe represaliado atópase sempre só fronte a un grupo máis ou menos amplo, o pelotón de fusilamento ou a partida de falanxistas, ou mesmo a cidade, no sentido humano do termo, na súa totalidade. Ademais de tratarse dunha representación verídica do xeito de actuar das forzas represivas, a indicación desta circunstancia serve para individualizar e destacar ó personaxe sobre a masa anónima, gris e uniforme do odio, confundida e moitas veces identificada coa néboa que poboaba e dominaba a cidade. Deste xeito, a expresión anonadada do protagonista do conto "Non puiden comprender. Unicamente entendía que el estaba só e que os outros viñan xuntos" (Rodríguez Fer, 1988: 33), así como a referencia elíptica ós asasinos, "matárono un grupo deles" (*ibid.*), serve para reivindicar as figuras asoballadas e para sumir no anonimato ós asasinos, precisamente porque a memoria é selectiva e só rescata, neste caso o insigne e nunca o vulgar e o mediocre.

Idéntico sentido reivindicativo ten o poema "Memorial dos foxos de Lugo" (Rodríguez Fer, 2000), datado no cincuentenario do inicio da represión franquista. Neste caso, o termo "memorial" ten un sentido múltiple, posto que alude, por unha banda, a unha actitude ideolóxica e ética de recuperación da memoria dos mortos e diseminados polas estradas, pero pode lerse, tamén, nun sentido metaliterario ou metapoético, ó recuperar de maneira intertextual outros poemas, propios ou alleos, que aluden, de maneira directa ou indirecta, á mesma temática. Pero, ó mesmo tempo é preciso atender a este texto como se se tratara dun obxecto físico visible, dun obelisco ou lápida conmemorativa. En efecto, aparece intertextualizado dentro do poema o texto "Cunetas", de Luis Pimentel, empregando como palabra clave o de cuneta, que se reitera marteleante, xunto con outros como "metralla", ó longo de todo o texto. Esta alusión ás cunetas e, polo tanto, ás estradas, lévanos a unha especie de viaxe en espiral marcada pola presencia da morte –moitas veces con nome propio– en tódalas vías de comunicación que saen de Lugo en tódalas direccións: morte radial, morte centrípeta que expulsa ós seus mortos e tamén centrífuga que atrae ós alleos, morte, en definitiva, onde incluso o lugar da mesma é incapaz de darlle calquera sentido. A morte, daquela, atópase en todos os lugares, todas as cunetas aparecen convertidas en foxos, nos foxos de Lugo, anónimos e esquecidos, foxos sen propietario coñecido. Daquela, o poema é tamén un monumento memorial que se sitúa en ningures e, ó mesmo tempo, en tódolos posibles emprazamentos da iniquidade asasina, un monumento que, por certo, compensa nalgunha medida o esquecemento co que se castiga reiteradamente ós desaparecidos na represión e resulta, polo seu carácter lingüístico e pola materia da que está feito –a memoria– inaprensible para os represores.

Por outra banda, como xa mencionabamos anteriormente, o poema fai referencia directa a algúns asasinados e abandonados en Lugo. Apoiándose nesto, Rodríguez Fer dá nome a algunhas cunetas, como poden ser as de "*A cuneta* Camilo Díaz Baliño / segundo se vén de Santiago. / *A cuneta* Juana Capdevielle / segundo se vén dende A Coruña", pero tamén deixa espacio para todos os corpos esquecidos e non identificados que igualmente ocuparon a súa posición ó longo das estradas luguesas: "*A cuneta* do paseado anónimo / saíndo de Lugo a todas partes". O primeiro dos nomes citados, Camilo Díaz Baliño, fora un grande pintor e escenógrafo, que logo de ter sido detido en Santiago no cárcere de Boisaca foi "paseado" e atopado morto polo seu fillo, Isaac Díaz Pardo, encargado de recoñecer o corpo, preto da vila luguesa de Palas de Rei. Pola súa banda, Juana Capdevielle fora esposa do gobernador civil da Coruña, detida naquela cidade e atopada morta na vila de Rábade, segundo as indicacións que Rodríguez Fer fai no poema[3]. O acto de nomear estas persoas concretas, así como o conxunto abstracto dos detidos e asasinados anónimos é un intento de rescatar do esquecemento as persoas e os feitos. Por outra banda, a alusión a estas dúas persoas evidencia unha defensa por parte do autor do mundo da cultura e a arte en xeral, da identidade galega e das liberdades e os dereitos sociais, conceptos cos que se asocian estas persoas.

Tamén apoiándose na figura emblemática do poeta Luis Pimentel, Rodríguez Fer escribe o texto epónimo "Luis Pimentel", publicado na sección primeira "Sempre Lugo" de *Lugo Blues*. Neste caso, tratáse dunha invocación, unha lectura e un diálogo a unha banda ou interrompido pola distancia, a ausencia e a morte, pero fomentado pola afinidade estética e ideolóxica entre Rodríguez Fer e o poeta evocado, Pimentel, e mais tamén polo feito de compartir un idéntico espacio vital, a cidade de Lugo. A reflexión, nesta ocasión, céntrase na temática da estranxeiría ou, por mellor dicir, da cuestión da alteridade e a identidade, en tanto que se considera que é a alienación persoal e social a que conduce ó confrontamento social; neste sentido, resultan máis facilmente comprensibles os versos que apuntan á soidade do represaliado: "Con ninguén podías trocar o teu sorriso / e todos os rostros resultaban forasteiros" (32). O illamento do perseguido, pois, é unha constante. Ó mesmo tempo, este texto tamén alude a unha perversión da orde natural a través da idea do suco aberto na terra que se abre só para ser enchido de cadáveres –"e os sulcos se abrían aos cadáveres / que enchían de metralla as vísceras da terra"–, de maneira que a terra que fóra fértil convértese agora en cuneta, en sementeira da morte, o que fora medio de vida é transformado en cuberta aparente que disimula a presencia dos silenciados.

O procedemento de referencia a través dos nomes ó que aludiamos anteriormente resulta parecido ó que se basea na representación iconográfica a través de fotografías, tal e como o atopamos na composición "Fotopoemas" (Rodríguez Fer, 1996), que consiste nunha secuencia de fotografías de distintas persoas dos máis diversos ámbitos, organizadas en varias seccións temáticas. Concretamente na titulada "Realidade ou ficción. 1. Homes", atopamos catro fotografías, dúas de actores, Nicolai Tcherkasov e Gregory Peck, e outras dúas de persoeiros lucenses, o escritor Ánxel Fole e o doutor Vega Barrera. A diloxía entre realidade e ficción que propón o título da sección pode ter, así, varios significados: a realidade e ficción do actor e do personaxe, a do autor e a súa obra e, quizais, no caso de Vega Barrera, a do home e o seu destino ou a súa historia. É posible que o autor apunte, neste caso, á presencia constante, dun xeito case mítico e, por ende, literario, do doutor asasinado na memoria colectiva dos lucenses, pero tamén, sen dúbida, á esencial unidade que se dá entre a obra e a vida, entre a ficción e a realidade.

Xa para rematar, outro dos textos imprescindibles no relativo á recuperación da memoria silenciada é o que se atopa no libro *Rastros de vida y poesía* (Rodríguez Fer & Fernández Granell, 2000), sen título, pero baixo o epígrafe "Historia judicial y observaciones" da folla xudicial orixinal sobre a que foi manuscrito e que é reproducida no volume. Neste texto datado nos anos setenta insístese na sensación de inquietude que produce o feito de saberse rodeado polos asasinos, como xa viamos no caso de "A magdalena de Proust" ou tamén en "Luis Pimentel". De xeito explícito, o autor declara que, unha vez constatado o pasado e os procedementos dos asasinos, el é "militante da memoria", é dicir, resistente ó esquecemento pretendidamente inventado polas armas e logo polos cartos, que nunca poderá chegar: "Eu medrei rodeado por feixes de asasinos que acabaron por comprar a impunidade cando non puideron garantila a tiros".

Como vimos de ver, a memoria poética, xorde dun paradoxo, xa que resulta arbitraria, ó nacer dun momento ou dun signo pasado, irrecuperable no presente salvo coa propia forma da memoria; por outra banda, é precisamente esa "irrecuperabilidade" da súa natureza a que protexe os seus contidos, como se dun fanal se tratase, da confusión, destrucción, sustracción ou distracción: non se poden matar os signos da memoria. A memoria, incluso, resulta máis forte e implacable cando xurde do silencio, da ausencia ou dun resto a penas visible dun signo derradeiro deixado por alguén na area ou no lugar menos esperable. O exemplo de Rodríguez Fer deixanos ver ata que ponto a palabra de raíz, a

verdadeira palabra, non pode ser subornada ou torcida, porque sempre acaba por lembrar a voz que a entonara, e tampouco pode ser borrada, por moito que se repase a area na que quedara o derradeiro signo misterioso.

Asegura o protagonista de *La invención de Morel*, de Adolfo Bioy Casares, que o erro humano na teima pola súa salvación é o de pretender unha salvación total e íntegra, en lugar de buscar a salvagarda das partes máis importantes. Esencializado o seu contido, ése é precisamente o xeito de operar que ten a memoria, capaz de comprimir nun signo abstracto a lonxitude total da persoa que o trazara, convertido ese signo en aleph ou signo de signos que, incluso, pode aparecer reproducido en calquera parte ou en calquera momento.

Notas

[1]Non debemos esquecer que tamén dende un punto de vista científico a traxectoria investigadora de Rodríguez Fer no campo da historia a da crítica literarias deu lugar a importantes obras, como pode ser A literatura galega durante a guerra civil, que fora a súa Tese de Doutoramento e que se concretou en variadas publicacións sobre esta temática.

[2]Este mesmo poemario, Lugo Blues, contén algunhas outras referencias á represión, neste caso xa nun sentido máis xeral, pero non máis abstracto, e, ó mesmo tempo, tamén fala de alternativas, de loitas exemplares pola liberdade. Así ocorre co texto "Abril 1846", a propósito do levantamento liberal e progresista ocorrido na cidade de Lugo e liderado por Miguel Solís. Igualmente, o poema "Zagreb" significa un salto universalista e apóiase na historia dunha mestra levada polos nazis a Mauthausen e asasinada posteriormente.

[3]O suceso da morte e achádego de Díaz Baliño e Capdevielle é relatado por Carlos Fernández no seu libro Alzamiento y guerra civil en Galicia (2000).

Bibliografía

DURÁN, JOSÉ ANTONIO (2003): *Camilo Díaz Baliño: crónica de outro olvido inexplicable*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, Documentos para a historia contemporánea de Galicia.

FERNÁNDEZ SANTANDER, CARLOS (2000): *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)*, Sada-A coruña, Ediciós do Castro, Documentos para a historia contemporánea de Galicia.

REGUEIRO, NATALIA (1998): *Os mundos de Claudio Rodríguez Fer*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro.

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (1987): *Lugo Blues*, Lugo, Concello de Lugo. Inclúe fotografías de Eduardo Rodríguez Ochoa.

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (1988): *Metarrelatos*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia. Inclúe fotografías de Eduardo Rodríguez Ochoa.

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (2000): "Memorial dos foxos de Lugo", en *Xistral. Revista lucense de creación poética*, nº 3, pp. 49-51.

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (1996): "Home de Zazuar" de Fotopoemas, en *Unión Libre. Cadernos de Vida e Culturas*, nº 1, p. 164.

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO e FERNÁNDEZ GRANELL, EUGENIO (2000): *Rastros de vida y poesía*, Valladolid, El gato gris, Manuscritos de poesía. Contén textos de Claudio Rodríguez Fer e litografías orixinais de Eugenio Fernández Granell.

SOUTO BLANCO, MARÍA JESÚS (1997): "Proceso Vega Barrera. Consejo de Guerra y antecedentes", en *Unión Libre. Cadernos de Vida e Culturas*, nº 2, pp. 197-236.

Poemas da memoria antifascista

Claudio Rodríguez Fer
Universidade de Santiago de Compostela

Memorial dos Foxos de Lugo

Teñen que se encher aínda
as cunetas
con sangue de mestres e de obreiros.
(Dun poema apócrifo atribuído a Luís Pimentel)

O poeta ergueuse unha mañán
e non a viu.
Saíu á rúa
e non a viu.
Fuxiu ao monte
e non o viu.
Volveu a casa
e non a viu.
E non tivo por onde camiñar
que non fosen cunetas e cunetas.

Mirou o caderno dos poemas
e non había ringleiras
senón soamente cunetas.

Abriu os libros de poesía
e non había verso ningún
que non fose escrito entre cunetas.

"Por iso fun tantos homes
como mulleres tiven":
Cunetas.
"Tantos monstros sós por sempre nosos":
Cunetas.
"Cal brazos que te abracen
como tigres de tenrura":
Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Cada verso era a beira dun suco
ao que tan só lle compría outro verso
para converterse en cuneta.
"Morderás esta lingua como o crótalo
e son o amor o amante e máis o amado":
Cunetas.
"A túa boca violeta boreal e venérea":
Cunetas.
"O destino quizais tracexará no tempo
unha historia de amor ocorrida en lituania..."
Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Antes dos poemas de amor sen morte:
Cunetas.
Antes dos tigres de tenrura:
Cunetas.
Antes do celuloide en cinepoemas:
Cunetas.
Antes de todas as historias da lúa:
Cunetas.
Antes da túa boca violeta:
Cunetas.
Antes do son de Lugo Blues:
Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Porque onde estivo un corpo
estivo a vida
e onde estivo a vida
están os versos
para sempre
convertidos en cunetas.

Acaso non se fixo a cuneta para a auga
senón a auga para a cuneta.
Acaso non se fixo a cuneta para o home
senón o home para a cuneta.
Acaso non se fixo a cuneta para a muller
senón a muller para a cuneta.
Acaso non se fixo a cuneta para o silencio
senón o silencio para a cuneta.
Acaso non se fixo a cuneta para a morte
senón a morte para a cuneta.

No lugar onde medran as silveiras
e discorre a auga pola estrada
houbo antes un suco de sangue
inzando de nomes as cunetas:
A cuneta Camilo Díaz Baliño
segundo se vén de Santiago.
A cuneta Juana Capdevielle
segundo se vén dende A Coruña.
A cuneta do paseado anónimo
saíndo de Lugo a todas partes.

Así se fixo o Plan Nacional de Estradas
de mil novecentos trinta e seis:
Onde a silva medraba con máis arte,
metralla.
Onde o amor era libre polas curvas,
metralla.
Onde a verba se elevaba na rasante,
metralla, metralla, metralla.

Deixando a vida polos sucos
sementáchedes tramo a tramo toda gavia
ata encher de esperanza cada foxo.
Que queimen o meu corpo cando morra:
que espareixen as cinzas por todas as cunetas:
que volvamos á vida todos xuntos:
aínda que sexa en verso compañeiros:
que volva pacer a dignidade en Lugo.
Que volva pacer a dignidade ao mundo.

O último diagnóstico

Que ninguén me diga que estes signos
non conteñen unha mensaxe.
(Thomas Mann)

En memoria do doutor
Rafael de Vega Barrera,
fusilado en Lugo en 1936.

Soamente un virus de sevicia
puido traer a súa morte a estas murallas.

O son dos tiros
percutiu en todas as tempas.
(A cidade flotaba como nunha nube
de cloroformo gris.)

Dise que co pé
tracexou no último momento
unhas raias na area que o agardaba.
Quizais fixou alí
a súa última mensaxe
aínda que ninguén comprendera
a súa letra de médico.

Os corpos abatidos
e os recolledores de cadáveres
borraron de inmediato os símbolos finais.

Pero a chuvia e o vento que virían
dispuxérono todo
tal como el tracexara.
(Eu sempre reparo
nos debuxos abandonados
porque sei que algún deles
coincidirá co seu.)

Que ninguén me diga
que aqueles signos efémeros
non contiñan un último diagnóstico
borrado polas balas da vesania.

Despois foi todo demasiado tarde.
Lugo padeceu dunha podremia crónica
que só podía curar o doutor Vega.

A loita continúa

A meu pai

I. Dende a memoria do mundo

Dende o cerebro do primeiro homínido
Que tivo conciencia solidaria
Cando viu en perigo a outro ser vivo

E tratou de socorrelo,
A loita continúa.

Dende o pensamento dos antigos
Que imaxinaron mundos liberados
E soñaron paraísos sen explotación
Nin xerarquías de clases,
A loita continúa.

Dende a organización igualitaria
De xuntanzas fraternas
Para combater a opresión e o abuso
Dos nosos irmandiños,
A loita continúa.

Dende o avance da ciencia
E a liberación do pensamento
Que ilustraron o progreso
Dun mundo mellorado,
A loita continúa.

Dende a lembranza dos terrores
Impostos polos poderes dos estados,
Das ditaduras, dos imperios, das cruzadas,
Dos xenocidios e de todas as guerras padecidas,
A loita continúa.

Dende a teoría e a práctica
Dunha revolución profunda
Que non practique métodos
Iguais aos que combate,
Pola esperanza,
A loita continúa.

II. Dende 1936

Dende a memoria da licenciada e arquiveira
Juana Capdevielle, esposa do gobernador
Republicano Francisco Pérez Carballo,
E da mestra Mercedes Romero Abella,
Esposa do socialista Francisco Mazariegos,
Que en 1936 foron secuestradas na Coruña,
Tras ser fusilados os seus homes,

E apareceron torturadas, violadas e asasinadas
Acaso cos peitos curtados e as bragas na boca
En senllas cunetas da España de Franco,
Contra a barbarie,
A loita continúa,

Dende a memoria do editor Ánxel Casal,
Alcalde galeguista de Santiago de Compostela,
Detido nunha aldea de Arzúa
E paseado nunha virada de Cacheiras,
Que algún día florecerá cos libros
Queimados e nonnatos,
Contra a incultura,
A loita continúa.

Dende a memoria da familia socialista Bilbatúa
E da familia comunista Araújo Conde
(Un membro da cal apareceu paseado
Coa lingua curtada e metida nun peto),
Dezmadas nos masacres de Vigo
Que inzaron de sangue o Cabo Silleiro,
O cemiterio de Cabral e a curva de Puxeiros,
Contra a intolerancia,
A loita continúa.

Dende a memoria de Alexandre Bóveda,
Fusilado no alto da fraga da Caeira,
E que antes de morrer escribiu
Que soamente "Quixen facer ben,
Traballei por Pontevedra, por Galicia e pola República"
E que o condenaba "o trabucado xuízo dos homes
(Que eu perdoo e todos debedes perdoar)",
Contra a violencia,
A loita continúa.

Dende a memoria da familia exterminada
Do comunista Benigno Álvarez,
Ou da conciencia de Marcial Valente,
Un dereitista cristián que se negou
A participar nas sacas e paseos de Ourense,
Polo que foi detivo e arrestado,
Pero a quen nunca se puido encarcerar
A xerminal poesía da dignidade
Que había de agromar nun fillo seu,

Contra a represión,
A loita continúa.

Dende a memoria do albanel anarquista
Luís Souto Neira,
Mutilado e asasinado en Lugo,
Ou do médico masón Rafael de Vega Barrera,
Acusado pola envexa
E fusilado polo terrorismo de estado,
Contra a insidia,
A loita continúa.

Dende a memoria das mulleres e homes
Asasinados na matanza de Montecubeiro
E nos masacres da Guarda e de Tui,
Que encheron de sangue toda a terra
Entre a montaña e o mar,
Ou na redada Brandariz, tramada para acabar
Cos círculos ácratas da Galicia libertaria,
Contra o odio,
A loita continúa.

Dende a memoria dos fuxidos
Polos montes e polos mares
E dos agachados
Nos tobos clandestinos
Que se opuxeron á tiranía,
E que caeron acosados,
Contra a opresión,
A loita continúa.

Dende a memoria dos obreiros
Amador Rey e Daniel Niebla,
Abatidos a balazos
Pola policía franquista
Cando reclamaban melloras salariais
No Ferrol do patrón da patronal,
Contra a inxustiza,
A loita continúa.

Dende a memoria de cada acto
De guerra e de posguerra,
De tortura, de censura,
De depuración, de exilio,

De humillación e de esquecemento
Padecidos polos que sufriron,
Sufrimos e sufrirán aínda o mal
De mil novecentos trinta e seis,
A loita continúa.

III. Dende a solidariedade

Dende o corazón amoroso
Dun mozo e dunha moza
Que non poden amarse felices
Sen facer algo por aqueles
Que sofren a tortura e o cárcere
Tan só pola cor das súas ideas,
Porque non queren sentir mentres se bican
Abrindo a boca con furia como outros
A están abrindo en tantos sitios
Para berrar de dor con igual furia,
E que deciden coas mans collidas
Militar nunha loita solidaria
Co fin de que a forza deste amor
Que lles transformou a vida
Sirva tamén para cambiar o mundo,
Aínda que sexa un pouco,
A loita continúa.

Dende o corazón aberto
Da moza que deu clase gratuíta
Aos inmigrantes africanos
Aos que ninguén quería alugar vivenda
E que se horrorizou cando soubo
Que antes do confinamento na fronteira
E de ver morrer amigos e parentes
No naufraxio interminable das pateras
Algún bebera mexos sedento no deserto,
Para sempre, en mestizaxe,
A loita continúa.

Dende o corazón ferido
Da nena que non se viu discriminada,
Pero que viu discriminar a outras,
Da muller que loitou polos dereitos
Que ela tivo para outras,

Da feminista primeiro incomprendida,
Logo mal asumida pero ben utilizada
Por outros e por outras que non loitan,
Pese á guerra doméstica e sen regras
Que mata máis mulleres que outras guerras
Regradas polas convencións dos homes,
Da sabia que sabe que o abuso patriarcal
Non remata coa lei e que por iso
A loita continúa.

Dende o corazón puro e micetal
Do amigo das algas e dos fentos
Que medrou sentindo o bosque no seu peito
E a quen se lle queiman os pulmóns
Cada vez que arde unha fraga,
Que recicla, clasifica e reutiliza
Como unha formiga horrorizada
Pola agresión constante ao medio ambiente
E polo maltrato a tantos seres vivos,
Contra toda ambición antiecolóxica,
Contra todo divertimento cruel ou ecocida,
A formiga verde vai cambiando
O mundo pouco a pouco porque sempre,
Como a chuvia, implacable para ela
A loita continúa.

Dende o corazón nómade e viaxeiro
Sobre a traza da auga e do desexo
Contra a espada das estirpes,
Que procura un lugar de lingua libre
Na que o corpo sexa a medida xusta
De todas as cousas sedentarias,
Porque avoa e neta fixeron para sempre
O palleiro sen lindes polo eirado no vento
Que tirou cancelas e rompeu fallebas
Ata acadar o lugar sen lugar dos sen poder,
Dos que aman e non herdan,
Dos que viaxan pola vida liberada
Máis alá de fronteiras e de estados,
A loita continúa.

Dende o corazón xeneroso
Dos que saben que non hai máis vieiros
Para a paz que os da paz mesma

E que cómpre exercer con valor
A non violencia ante toda diferenza
De ideas, de raza, de clase, de sexo
E mesmo de reino natural ou de universo,
Porque a paz só pola paz é posible,
Pero precisamente para lograla,
Máis que nunca,
A loita continúa.

IV. Dende a conciencia

Dende o arrepentimento
Do asasino católico e fascista
Que escoita cada día as súplicas
Das víctimas da súa vesania homicida
Durante corenta anos tristemente
Triunfais e confesa con horror
Os crimes cometidos e vota
Cando chega a democracia
Polo bando dos vencidos,
Pola rehumanización,
A loita continúa.

Dende a dúbida da burócrata
Que sempre estivo ao servizo do poder
Sen preguntarse nada
E que un día vacila porque pensou
Por vez primeira ou coñeceu a alguén,
E comeza a interrogarse sobre o que sentiría
Se non colaborase coa corrupción reinante
E gañase persoal e limpamente
O seu dereito a vivir,
Pola dignidade,
A loita continúa.

Dende a ruptura do descendente
Dos opresores ou dos explotadores,
Que quere ser por ser el mesmo
E ser fillo tan só da súa conciencia,
E sen renunciar a afectos naturais
Oponse ao mundo dado e o denuncia
Porque sabe que os seus seres queridos
Son tamén escravos do poder que detentan,

Pola verdade,
A loita continúa.

Dende a toma de conciencia
Da adolescencia insolidaria
Que non lle afecta o mundo
E que non pensa, egoísta
Que cre que só interesa
O que cre que lle interesa,
Pero que unha noite se decata
Do que pasou e pasa na súa casa,
E no país e no mundo,
E deixa de ignoralo todo
E de ver e xulgar aos outros
En función dos seus intereses
Primarios e inmediatos,
E aínda que decide durmir
E non madurar polo momento,
Non sabe que xustamente nos soños,
Polo humanismo,
A loita continúa.

V. Dende min

Dende a memoria do meu pai,
O meu mellor amigo e camarada,
Amasado na bondade natural dos inocentes
E no máis xeneroso humanismo proletario
Forxado nos malditos cárceres de Franco
E na firme dignidade de vivir incorruptible
Noventa e catro anos dende a mesma fronte,
Por suposto popular.
Querendo saber ser o seu fillo
Xa dende a libre republiquiña da infancia
Que foi a nosa casa resistente,
A loita continúa.

Dende o meu compromiso adolescente,
Dende aquela loitiña clandestina,
Dende esta mesma caluga aporreada,
Dende todas as folgas malgastadas,
Dende tanta manifestación desfeita,
Dende aquelas pancartas mal aviadas,
Dende os meus escritos censurados,

Dende aquela xuventude derramada
Coa que sigo concordando como sempre,
A loita continúa.

Dende o desencanto e do rexeitamento
Das prácticas innobres comisarias,
Das listas de compañeiros fusilables,
Da violencia latente e aflorada,
Das nóminas de afectos e excluídos,
Da corrupción dos sempre aproveitados,
Dos cínicos servíndose a si mesmos,
Dos hipócritas que finxiron e non foron,
Dos que non querían máis que un poderciño,
Coa mesma decepción, pero con outra luz
Aínda máis lúcida,
A loita continúa.

Dende a poesía para a vida,
Dende o estudo polo coñecemento,
Dende a memoria contra a morte,
Dende o triplo compromiso do erotismo,
Da investigación e da lembranza,
Presente, futuro e mais pasado
No que entreguei e entrego o meu corpo
Pensante e a paixón da miña mente,
Sempre, polos tres amores,
A loita continúa.

Dende a libre unión en unión libre
Por un mundo integral e multiétnico
En avanzada aberta, radical e libertaria,
Con raíces, porque as temos,
Pero sen fronteiras, porque non as queremos,
E polo diálogo das persoas e das ideas,
Das artes e das ciencias de vangarda,
Da recuperación viva da memoria morta,
Coa paz como único camiño e co amor
Como único vehículo, se non cambiando o mundo,
Impedindo polo menos que o mundo que non cambia
Non nos cambie a nós a vidiña liberada,
A loita continúa.

Porque dende o libre amor que vos teño
A loita continúa, compañeiras, a loita continúa,

E dende o libre amor que vos desexo,
A loita continúa, compañeiros, a loita continúa.
Porque precisamente LEMBRAMOS,
A loita continúa.

QUINTA SECCIÓN

Miscelánea

A la memoria de D. Carlos Allegue Caruncho

José Luis Tojeiro Canitrot

Estos son los recuerdos de un niño de 10 a 14 años mientras trasncurrieron los hechos que a continuación se relatan; quedan para los historiadores que quieran profundizar en el personaje su actuación durante los años de "fuxido" que yo desconozco y que seguramente se encuentran en los Archivos Policiales de aquellos años.

Corrían los años duros de la posguerra 1943-44: D. Carlos Allegue Caruncho, había sido Contramaestre de la Armada expulsado por su fidelidad a la República, y se ganaba la vida impartiendo clases en su domicilio de la calle María y alternando con representaciones; era íntimo amigo de mi padre que vivíamos unas casas más allá, próximos a la plaza de Amboage del Ferrol.

Mi padre que era sastre, enfermó del pulmón y tuvo que dejar su profesión por consejo médico, con lo cual atravesamos una situación económicamente difícil, debido a la cual, mi hermano mayor y yo tuvimos que dejar de ir al colegio de D. Manuel Masdías al cual asistíamos con Carlos el hijo mayor de D. Carlos que era unos años mayor quu nosotros; entonces D. Carlos, le dijo a su amigo, mi padre, que no se preocupase por nuestra educación, que él se encargaría de impartirla gratuitamente.

Pasaron unos años, y un mal día nos enteramos que D. Carlos se había "echado al monte" como se decía en aquellos años, puess parece ser que recogía ayudas para el "Socorro Rojo" y la policía iba a detenerlo, cuando recibió un aviso previo, con horas de antelación y puso tierra por medio.

Mis padres, a raiz de su huída, se relacionaban regularmente con su esposa que padecía del corazón, y nosotros, mi hermano y yo salíamos con Carlos hijo que por aquellas fechas comenzó a trabajar como administrativo y era él, con su sueldo, el que sustentaba a la familia durante los años que su padre anduvo "escapado".

Mi familia, mientras tanto después de haber estado un tiempo en Vigo, volvimos a Ferrol y nos instalamos en la calle Méndez Núñez y mi padre comenzó a trabajar en la Constructora (BAZAN).

Una tarde, mi padre estaba en la cama guardando reposo por su enfermedad, llamaron a la puerta y ante nuestra sorpresa se presentó D. Carlos con barba de varios días y en un estado de agitación, pasó a la habitación de mi padre y le contó que estaba desesperado, que estaba dispuesto a irse para su casa pasara lo que pasara, pues su esposa lo necesitaba pues su padecimiento del corazón se había agravado; le pidió a mi madre un abrigo, una pañoleta, medias y tacones y dirigiendose a mi, me dijo:

—"Pequeniño" (que era como solía llamarme), tú me vas a llevar hasta mi casa.

Efectivamente, él disfrazado totalmente de mujer, con una pañoleta que le cubría casi todo el rostro, con un bolso de mi madre y con la mano dentro del bolso empuñando una pistola, me dio instrucciones de que caminara diez pasos delante de él, hata su casa, que pasase de largo sin pararme a mirar y si durante el trayecto encontrasemos a algún policía levantase el brazo como para rascarme la cabeza, que era la señal para avisarlo; efectivamente en la esquina de la calle del Sol donde estaba la antigua tintorería "Amigo" encontré una pareja de la Policía Armada; yo entonces tenía 11 años, hice la señal convenida y pensé que se iba a entablar un tiroteo que acabaría con todos nosotros, pero afortunadamente los policías estaban de charla y no repararon en aquella "señora" de andares tan extraños; pero aquellos momentos no se me olvidarán jamás. Dejé a D. Carlos en su casa sin más incidentes.

Pasaron unos meses con D. Carlos refugiado en su casa, y un día nos enteramos de la muerte de su mujer, como consecuencia de su padecimiento del corazón y la tensión emocional a la que estaba expuesta; mis padres acudieron al velatorio acompañando a sus hijos junto con algún familiare que eran totalmente ignorantes de que el marido durante el velatorio de la mujer, estaba escondido en su casa en un escondrijo, que había construido debajo de una cama cubierto totalmente con tablas y una alfombra, sólo mis padres y sus hijos lo sabían.

Transcurrieron unos meses; durante ese tiempo D. Carlos se levantaba por las noches a preparar la comida de suss hijos y durante el día lo pasaba recluido en su escondrijo, per un día un vecino lo vió a través del patio interior y denunció el caso a la Guardia Civil.

Recuerdo el día siguiente de forma imborrable, pues mi madre vio un despliegue inusitado de fuerzas de la Guardia Civil que rodearon toda la manzana de las calles María y Dolores y toda sobresaltada avisó a mi padre diciendo:

—¡Descubrieron a Carlos!

Efectivamente, la Guardia Civil, a primera hora de la mañana, pues Carlos el hijo mayor desafortunadamente aún no había salido a trabajar, llamaron a la puerta de casa, Carlos hijo salió a abrir y al ver a la Guardia Civil dió media vuelta corriendo y gritando:

—¡Papá!

La Guardia Civil abrió fuego atravesandole los pulmones y dejandole muerto ene le acto; D. Carlos demostrando la fortaleza de su carácter y haciendo honor a lo que había comentado varias veces a mi padre, de que nunca le cogerían vivo, para evitar la tortura y ante ella la posibilidad de denunciar a sus compañeros, al oir los disparos, dentro del escondrijo donde se encontraba, se disparó un tiro en la boca muriendo instantaneamente y quedó de esta familia un niño, el menor, sobrecogido por el terror de lo que estaba pasando.

Mi padre fue arrestado al día siguiente, pasó un año en la cárcel y fue expulsado de BAZAN por no haber denunciado a su íntimo amigo.

A los amigos de la calle María de Carlos hijo se nos prohibió taxativamente acompañar al cadáver y darle sepultura.

Estas es la historia de forma sucinta, que yo recuerdo, de un HOMBRE anónimo, que sacrificó su vida y la de su mujer e hijo, por unos ideales democráticos que tan difícil nos resulta entender en una sociedad tan materialista como la actual, que nadie se mueve si no es por intereses, sobre todo muchos de nuestros politicos actuales; y que fueron él, D. Carlos Allegue Caruncho y muchos como él, héroes anónimos que hicieron posible con su sacrificio la España actual y democrática que disfrutamos.

Conclusións

O primeiro Congreso da Memoria “A represión franquista en Galicia”, celebrado en Narón os días 4, 5 3 6 de decembro, de 2003, aprobou as seguintes conclusións:

1. Dirixirse á FEGAMP e ás Deputacións para que estimulen no conxunto dos concellos galegos a recuperación da memoria histórica democrática para saldar a débeda coas víctimas do franquismo e con tódolos homes e mulleres que mantiveron en condicións extremadamente adversas a bandeira da liberdade e da democracia.

2. Incluir nesta petición a incorporación nos rueiros, prazas, parques e monumentos, dos nomes das devanditas persoas e simultaneamente, procedera á retirada da simboloxía franquista.

3. Devolución do patrimonio ás entidades afectadas polo golpe militar de 1936.

4. Dirixirse ó Parlamento de Galicia para que sexan rehabilitados moral e políticamente, e sexan compensados económicamente, todolos represaliados da dictadura franquista.

5. Instar ó Goberno da Xunta de Galicia e ó conxunto dos poderes públicos para dispor de fondos económicos que permitan o financiamento dos traballos de investigación e recuperación da nosa historia, do noso patrimonio artístico e literario silenciado, e transmitilo ás novas xeracións e tamén para o correcto enterramento das víctimas que hoxendía están enterradas nas fosas comúns.

6. Favorecer a apertura da totalidade dos arquivos para a investigación.

7. Dirixirse á Igrexa Católica para que faga unha análise autocrítica do seu papel colaboracionista na represión desenvolvida pola dictadura franquista.

8. Extender as conclusións deste Congreso ó conxunto da sociedade galega, para que esta coñeza a extensión real e as consecuencias da violencia represiva en todalas súas manifestacións.

9. Que rematen as trabas administrativas para a legalización das entidades que traballan neste eido.

10. Amosar públicamente o apoio do Congreso á solicitude presentada e debatida no Parlamento español, no pasado setembro, a prol da anulación dos xuizos sumarísimos realizados no franquismo.

Narón, 6 de decembro de 2003

Índice



NARÓN

DEPUTACION DE A CORUÑA

Memoria Histórica Democrática